PUBLICACIÓNS DO CENTRO
RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Narrativa Recuperada

Obra narrativa en galego de

Heraclio Pérez Placer

XUNTA DE GALICIA

Obra narrativa en galego de

Heraclio Pérez Placer

Edita
Xunta de Galicia
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coordinador Científico
Constantino García

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Deseño
José Luis Teofilo • Comunicación

I.S.B.N
84-453-2236-2

Dep. Legal
C-1239-1998

Imprime
LITONOR

Director do Proxecto
Modesto Hermida García

Edición, Introducción e Notas
Mª Isabel Soto López

Presentación

Dando continuidade ó proxecto "Narrativa Recuperada" dirixido por Modesto Hermida García no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, do que xa se levan publicado tres títulos, e co afán de seguir recuperando obras narrativas de finais do século XIX e principios do XX, preséntase un novo título desta colección.

Este volume que agora sae á luz cunha intención divulgativa recolle a narrativa galega de Heraclio Pérez Placer, unha das figuras máis importantes dentro do panorama literario galego do chamado tempo do Rexurdimento. A súa ampla e interesante producción narrativa publicada en forma de libro e dispersa tamén nas diversas revistas do século pasado gozou dunha considerable fortuna no seu tempo, aínda que ninguén ata o de agora acometeu a tarefa de reeditala. A escaseza de traballos referidos ó autor fai que esta edición de parte da súa extensa obra, así como os diferentes puntos de análise que se presentan na introducción do libro, teña un considerable interese e constitúa unha contribución ó estudio e á difusión do primeiro desenvolvemento da prosa en galego.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Introducción

Apuntamentos para unha biobibliografía

Este esbozo biobibliográfico de Heraclio Pérez Placer ten como obxectivo primordial achegármonos ó estudio da súa obra e rescatar do esquecemento, por así dicilo, a un escritor que non foi obxecto de ningún traballo de investigación ata o de agora[1], a pesar de ter presencia nas páxinas dalgunhas das publicacións periódicas máis salientables da Galicia finisecular, de ter publicado numerosas obras de distinta fasquía ó longo da súa vida, tanto en galego coma en castelán, e de ter polemizado sobre temas relacionados coa literatura galega.

Sorprende, por todas estas razóns, o baleiro de datos e, sobre todo, as confusións relativas á súa vida e á súa obra, moito máis se temos en conta que Pérez Placer, xunto con Francisco Álvarez de Nóvoa, mostrou na súa escrita unha clara intención de afastarse do ruralismo e do costumismo imperantes noutros narradores da época, dando paso, dentro das súas posibilidades, a todo un conxunto de innovacións no xeito de entende-la literatura galega.

Nos tratados historiográficos de literatura galega non existen biografías extensas de Heraclio Pérez Placer. Na maioría deles atopámo-las mesmas noticias sobre a súa actividade literaria como poeta e narrador en galego e castelán, as súas colaboracións na prensa da época, algún dato biográfico, referencias ó seu título de médico e á nómina, sempre incompleta, das súas obras. Sen dúbida, algún criterio non literario influíu no escurecemento ó que se

---

[1] Este achegamento a Heraclio Pérez Placer é unha síntese da Memoria de Licenciatura dirixida polo profesor Anxo Tarrío Varela e lida na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, o 27 de febreiro de 1998 co título "Heraclio Pérez Placer e a súa obra narrativa en galego". O único estudio que existía ata ese momento con noticias, tanto biográficas coma literarias, sobre este autor non está dedicado a el, senón ó seu amigo Francisco Álvarez de Nóvoa. Trátase do que precede á edición facsimilar dunha obra deste: *Beira o Barbaña. Paisaxes*, edición e introducción de Jorge Martínez Jiménez, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Serie Documentos, nº 105, 1993.

veu sometida a súa producción e fixo que só aparecesen en pequenas fichas semblanzas breves ou anotacións a pé de páxina. Quizais argumentos como as acusacións de escritor "naturalista", atrevido ou irreverente ou, tal vez, as comparacións con Álvarez de Nóvoa, cunha prosa normalmente considerada máis coidada e elegante, axudaron a este esquecemento[2].

O propósito da nosa investigación foi poñer algo de luz na biobibliografía deste autor, reunindo as informacións espalladas en lugares diversos e aportando algúns datos novos que conseguimos averiguar, ben a través da súa familia política en Oviedo, ben gracias a algúns dos seus veciños do Concello de Ames[3], que conservan aínda a memoria deste personaxe e datos apócrifos que aumentan o misterio que existe ó redor de aspectos concretos da vida do escritor ourensán.

A partir destes recordos, a idea que resulta da personalidade do tío Heraclio ou de D. Heraclio, dependendo das fontes, leva a imaxinar a un home de difícil trato, cun carácter impulsivo, ás veces incluso irreflexivo en canto ós seus comportamentos e ás súas accións[4]. Seméllanos un home lixeiramente bohemio, mordaz como

---

[2] Vid. Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia, 3ª ed., 1981, p. 493; Carré Aldao, *Literatura Gallega*, Barcelona: Maucci, 1911, p. 85; Couceiro Freijomil, *El Idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*, Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, 1935, p. 366.

[3] Queremos agradece-la colaboración de Encarnación García Gutierrez, a filla dos caseiros de Heraclio e Carmen, por proporcionárno-las pistas iniciais e mesmo mostrarnos algúns recordos materiais que aínda conserva.

[4] Unha das anécdotas máis lembradas polos seus veciños foi a sonada construcción dos muros que rodean a casa de Ventosa. Contan que unha noite D. Heraclio convenceu a uns cantos homes para "amplia-la" extensión da finca sen ter en conta que as terras colindantes non lle pertencían. A mesma anécdota recóllea Jorge Martínez Jiménez en "O escritor e a antigua Granxa de Ventosa", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), "O 70 cabodano de Pérez Placer", 26 de novembro de 1996, p. 40: "Os muros que circundan Villa-Placer deberon ser motivo de non poucas liortas; don Heraclio gustaba de que esas tapias fosen altas, altas, e algo debeu pasar con elas porque nos primeiros anos do noso século houbo quen quixo furar

xornalista e ó mesmo tempo, se atendemos a algúns dos seus escritos, cun fondo de íntima bondade, de comprensión cara ó débil ou cara ó que sofre e, por encima de todo, cunha sensibilidade moi particular. En todo caso, isto é só unha imaxe nosa que pode non responder á realidade e que, dende hoxe, é difícil perfilar con exactitude.

Naceu Heraclio Pérez Placer en Ourense, á unha da tarde do día 8 de novembro de 1866[5] na casa familiar, situada no número 3 da daquela chamada "Plazuela del Olmo" —hoxe Saco y Arce—, do barrio da Trinidade. Foi bautizado cos nomes de Heraclio Manuel Antonio Salustiano polo cura párroco José Rodríguez, o 17 de novembro dese mesmo ano. A súa familia paterna era natural de Ourense e desta mesma parroquia e, segundo as nosas noticias, gozaba dunha posición acomodada. Mesmo entre os seus devanceiros figuraba algún título de renome[6]. O seu avó paterno, Antonio Pérez, figura como Licenciado, o mesmo que o seu avó materno, Bernardo Placer. Seu pai, Salustiano Pérez Miranda, dedicábase á avogacía. A nai, Manuela Placer Rodríguez, procedía de Reboredo, unha parroquia próxima a Ourense. Sabemos tamén que era o único fillo varón de Manuela e Salustiano, que tiveron ademais dúas fillas, Matilde e Sofía[7].

---

nelas poñéndolles dous cartuchos de dinamita, e iso que non foi conto porque o estoupido chegou, como noticia, ás páxinas da prensa local".

[5] Así consta no Libro nº 9, folio 39 v. pertencente á parroquia da Santísima Trinidade do Arciprestazgo de Ourense. Rectificámo-la data que aparece en Couceiro Freijomil (*El idioma gallego*, cit., p. 366) e no prólogo de *Beira do Lar*, asinado por "Los editores", onde se di que "Heraclio Pérez Placer nació en Orense el 69", (en *Beira do lar*, Santiago: José Galí, 1901, p. XVIII).

[6] Jorge Martínez Jiménez, "O escritor colle o tren", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), "O 70 cabodano de Pérez Placer", 27 de novembro de 1996, p. 40: "Descendente dunha moi coñecida familia da burguesía media ourensá -da que un dos seus vástagos emparentaba cun título..."

[7] Sobre Matilde Pérez Placer non temos ningunha información pero si sobre Sofía. O seu irmán Heraclio dedícalle algúns dos seus versos e relatos, por exemplo o poema "Noitébrega" (no que se recolle a morte da nai), ó que aludiremos máis

Ourense, en xeral, e en concreto o barrio da Trinidade, onde resulta fácil imaxinar ó noso escritor cando neno, foi para Pérez Placer, segundo se desprende dos seus escritos, o lugar que representa a felicidade da infancia, o símbolo da alegría, da pureza e da inocencia, e o espacio de toda a esfera do emocional. As paisaxes daquel Ourense finisecular, aínda mergullado no rural, e os ríos que rodeaban o lugar, estarán sempre presentes na traxectoria persoal e literaria de Pérez Placer. As referencias ó Barbaña, a alusión ós xogos da nenez, as sensacións gardadas na memoria durante anos, as mencións dos amigos daqueles tempos felices, puntos que tentaremos poñer de manifesto na análise dos contos, constitúen, todos eles, unha recreación persoal cinguida ó mundo da infancia, esa "gran demócrata"[8]. A escrita revela a importancia da lembranza do pasado persoal, de feito que literatura e vida se entrecruzan.

Heraclio Pérez Placer cursou os seus estudios de bacharelato, no "plan" de latín, no Instituto de Segunda Enseñanza de Ourense, onde daquela impartía clases de Gramática Juan Antonio Saco y Arce e Juan Sieiro González, este último director do centro dende 1881 ata 1893. Durante os anos de Instituto, Heraclio Pérez Placer coincidiu co escritor Manuel Lois Vázquez, con quen nestes anos mantivo unha relación de amizade, frustrada logo por certas discrepancias persoais que tiveron eco na prensa do momento[9]. Tamén neste período xuvenil tivo certa relación con Manuel Amor Meilán[10].

---

adiante, e o relato "Amor de fadas", publicado en *Contos da terriña*. Jorge Martínez (*op. cit.*, p. XLVII) refírese á posible existencia dunha paixón amorosa deste autor por Sofía. Isto, segundo el, explicaría a opinión do entronque de ambas familias que circula nalgunhas fontes.

8 "Chinita", en *Contos da terriña* (1895).

9 Vid. Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro (ed.), *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, col. Narrativa Recuperada, 1998, pp. 13-20.

10 Vid. Mª Teresa Araújo García (ed.), *Baixo do alpendre e outros relatos*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Xa neste momento atopamos un misterio na vida do noso escritor que non fomos quen de esclarecer. No ano 1884, marcha a Ávila para cursar estudios no Colexio Politécnico. Un dos seus primeiros relatos publicado en *O Tío Marcos da Portela*, "¡Ourensiño, meu Ourense...!"[11], que é unha evocación saudosa da paisaxe, dende a distancia e do que era o ambiente ourensán, está asinado en Ávila no 1884, cando Heraclio contaba dezaoito anos. Probablemente este cambio de residencia debeuse a algún motivo relacionado cos intereses académicos do xove estudiante pero non temos datos que poidan aclara-las causas reais desta estadía fóra de Ourense, que parece remontarse ó ano 1882. Tampouco podemos confirmar se residiu en Toledo[12] en 1883, aínda que ámbolos dous lugares aparecen vencellados ó seu percorrido vital en varias das fontes consultadas. Pero do que si temos noticia é da súa volta a Ourense para remata-los estudios de Bacharelato e da obtención do correspondente grao de bacharel no instituto da cidade coa cualificación de aprobado, con data do 19 de xuño de 1885. Tras deste trámite, o 24 de outubro dese mesmo ano cónstano-la presentación da solicitude de admisión na Facultade de Medicina de Santiago[13].

O especial significado de Ourense na vida persoal e literaria de Pérez Placer ponse de manifesto entre os anos 1886 e 1894, a

---

[11] Parrafeo 468, 20 de febreiro de 1887, pp. 1-3.

[12] No prólogo asinado polos editores de *Beira do Lar*, *cit.* pp. XVIII, lémo-lo seguinte: "Siendo muy niño, alumno del Colegio Politécnico de Ávila por el 82 dio al público sus primeras poesías y al año siguiente en Toledo comenzó a publicar sus primeros trabajos periodísticos". Non temos constancia da veracidade destes datos nin tampouco das causas que ocasionarían este desprazamento. Tan só podemos sinalar que o relato mencionado aparece asinado en Ávila no 1884. Jorge Martínez, en "Notas para un itinerario", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), "O 70 cabodano de Pérez Placer", 24 de novembro de 1996, p. 40, menciona tamén estes desprazamentos.

[13] Os datos sobre a súa traxectoria académica foron extraídos do expediente persoal de Heraclio Pérez Placer que figura no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, Fondo da Facultade de Medicina, Legajo 1073, nº 13.

etapa na que, xove e cheo de entusiasmo, debeu ser un personaxe coñecido e respectado na vida cultural da cidade. Imaxinámolo deslumbrado polos atractivos da sociedade ourensá, pero tamén mergullado nos ambientes máis populares, que tan ben demostra ter frecuentado. Nos xogos infantís, nos paseos polos ríos que rodean Ourense, na contemplación das paisaxes, na pescuda de lendas e contos, debeu ir tomando contacto coas tradicións do pobo, coa oralidade e sobre todo coa lingua popular, da que mostra un amplo coñecemento. O vínculo emocional e literario con Ourense amósase no espacio elixido para artella-las súas narracións. O relato ó que aludiamos antes, "¡Ourensiño, meu Ourense!...", é unha boa proba dese vínculo que une ó escritor á cidade que o viu nacer. O desprazamento á universidade compostelá e despois a Valladolid, non impide que a súa firma estea presente nas publicacións que daquela existían na cidade das Burgas. Ademais, unha vez rematada a carreira e xa casado, volve a Ourense, onde non só traballa como médico, senón que tamén desenvolve a que crémo-la súa verdadeira vocación, a literaria. Esta etapa ourensá é, no aspecto creativo, o momento de darse a coñecer como escritor e tamén o máis productivo como tal.

Tras ser admitido na Facultade de Medicina, Pérez Placer chegou, pois, a Compostela, outro espacio que co tempo será importante para a súa creación literaria. Na cidade do Apóstolo cursou os anos académicos 1885-1886, 1886-1887 e 1887-1888. Como xa indicamos, a pesar do cambio de residencia, o noso xove escritor mantén os vínculos literarios con Ourense. Xa a partir de 1886, comezou a súa traxectoria nas páxinas da revista *O Tío Marcos da Portela*, baixo o amparo xeneroso de Valentín Lamas Carvajal, quen lle acolleu os primeiros escritos. A súa primeira aportación ó popular semanario ourensán foi o poema "¡Ay...!"[14], publicado o 1 de agosto de 1886 e dedicado ó poeta Roque Pesqueira Crespo. A partir desta data, as colaboracións, ben en prosa, ben en verso,

[14] Parrafeo 139, 1 de agosto de 1886, pp. 3-4.

teñen unha presencia constante e a súa sinatura figura entre as dos colaboradores máis asiduos, a pesar, como xa dixemos, de residir en Santiago. Con 20 anos, Pérez Placer está introducido de cheo no panorama literario galego, gracias a *O Tío Marcos da Portela* e ó apoio de Lamas Carvajal. As súas colaboracións en prosa galega comezaron cos relatos "O puzo da Sila"[15], "O puzo do inferno"[16], "Pepa"[17], "¡Ourensiño, meu Ourense!..."[18], "¡¡¡Milagre!!!"[19], "Os dous bicos"[20], "O pantasma branco"[21], "A tola do mar"[22], "Frol sin rego"[23], "A cruz do piñeiral"[24], e "Corpo sin alma"[25], e cos versos titulados "¡Ay!", "Conto"[26], "Emigrado"[27], "O pé do Barbaña"[28] e "O pé do rolo"[29].

Como outros mozos que daquela comezaban a carreira literaria, Pérez Placer presentou as súas composicións de xuventude a dous certames nos que acadou senllos accésits. O 10 de setembro

---

15 Parrafeo 145, 12 de setembro de 1886, pp. 1-3.

16 Parrafeo 146, 19 de setembro de 1886, pp. 1-3.

17 Parrafeos 148 e 149, 3 e 10 de outubro de 1886, pp. 5-6, 1-3, respectivamente.

18 *op. cit.*

19 Parrafeo 172, 20 de marzo de 1887, p. 5.

20 Parrafeos 185 e 186, 19 e 26 de xuño de 1887, pp. 1-3 e pp. 2-3, respectivamente.

21 Parrafeos 487 e 488, 3 e 10 de xullo de 1887, pp. 1-2 e pp. 1-2, respectivamente.

22 Parrafeo 195, 28 de agosto de 1887, p. 4.

23 Parrafeos 209 e 210, 25 de decembro de 1887 e 1 de xaneiro de 1888, pp. 4-5 e 3-5, respectivamente.

24 Parrafeo 234, 24 de xuño de 1888, pp. 1-3.

25 Parrafeos 240, 241, 242, 244, 5, 12 e 19 de agosto de 1888 e 2 de setembro de 1888, pp. 4-5, 3-5, 4-5, 4-5, respectivamente.

26 Parrafeo 150, 17 de outubro de 1886, pp. 5-6.

27 Parrafeo 156, 28 de novembro de 1886, p. 5.

28 Parrafeo 160, 26 de decembro de 1886, pp. 2-3.

29 Parrafeo 161, 2 de xaneiro de 1887, p. 5.

de 1887 convocouse en Ourense un concurso literario co fin de conmemora-la inauguración da estatua dedicada ó Padre Feixóo. Heraclio Pérez Placer conseguiu un accésit cunha colección de cantares que foi publicada ese mesmo ano no volume titulado *Cantares premeados no Certame de Ourense*[30], do que se chegou a facer unha segunda edición. O xurado estaba composto por Emilia Pardo Bazán, Arturo Vázquez Núñez, Valentín Lamas Carvajal, Jesús Muruais Rodríguez[31], Juan Sieiro González, Marcelo Macías García, Juan Manuel Paz Novoa e J. Artiaga. Ademais de Pérez Placer, tamén mereceron premio nesta ocasión as composicións presentadas por Alfredo Brañas, Enrique Labarta Pose, Filomena Dato Muruais e Xosé Guntín González.

Durante este mesmo ano, 1887, continuou a escribir e publicar prosas e versos para a revista de Lamas Carvajal[32] e presentou unha novela titulada *Prediución* a un certame de Betanzos organizado polo xornal *Las Mariñas*, coa que conseguiu outro accésit. A novela sería publicada no 1889, en oito números sucesivos de *O Tío Marcos da Portela*.

---

30 Santiago: José Gali editor, 1887. Nós manexámo-la segunda edición na que consta esta mesma data.

31 A opinión de Jesús Muruais sobre os versos de Pérez Placer non debía ser moi boa se considerámo-las palabras que recolle Elisardo Sayáns ("Heraclio Pérez Placer" en *Siluetas Literarias. "Entre col y col, lechuga"*, Lugo: Tipografía Regional, 1908, pp. 68-74): "El inolvidable Jesús Muruáis lo dijo un día: un Pérez que siempre escribe con los pies".

32 No prólogo de *Beira do lar.* cit., p. XIX, os editores sinalan que a partir destes premios "no cesó un instante de escribir no solo de literatura y política sino de cuestiones agrícolas en que es muy entendido. Recordamos entre los trabajos de este género uno sobre el libre cultivo del tabaco en Galicia reproducido por toda la prensa y que fue el primero publicado sobre tan importante cuestión". Non atopamos esta colaboración polo que non podemos asegura-la veracidade desta afirmación, así como tampouco conseguimos constata-la súa presencia nas publicacións que citan: *Las cartas Zorrillistas*, de Madrid, *Consecuente*, de Málaga, *El Ideal*, *El Horizonte* e *Arte*.

No 1888, ademais de publicar *O fillo dos tronos* e *Bodas de morte*[33], dúas lendas en verso, colaborou con certa asiduidade noutra publicación ourensá, *El Álbum Literario*, onde se reproduce un fragmento de *Bodas de morte*[34] e se dan a coñecer algunhas poesías en castelán[35]. En xullo de 1888, gracias á dirección desta publicación, tivo a oportunidade de coñecer a Waldo Álvarez Ínsua, que chegara a Ourense acompañado da súa muller o 6 de xullo de 1888 e fora agasallado cun banquete ó que asistiron destacadas personalidades ourensás, entre elas, Filomena Dato, Juan Rodríguez Quesada, Benito Fernández Alonso e Saturno Gómez Stuych. Ó final desta celebración, tivo lugar un brinde no que se recitaron poesías que loaban o labor do Centro Gallego da Habana. No número 24 do *Álbum Literario*, ofrécese cumprida noticia deste acto, ademais de agradecer expresamente a Heraclio Pérez Placer a súa asistencia:

> Nuestro semanario tenía además sitio reservado para uno de sus redactores, y en la imposibilidad de asistir al banquete nuestro director, rogó al joven poeta y colaborador del *Álbum Literario* D. Heraclio Pérez Placer, que asistiese á un acto verdaderamente patriótico y contribuyese con su presencia y la lectura de alguna poesía á la mayor brillantez de tan solemne manifestación. Tanto al señor Rodríguez Quesada, como al señor Pérez Placer enviamos el testimonio de nuestro reconocimiento por haberse dignado cumplir con las respectivas misiones que nuestro director les rogó tuviesen a bien aceptar[36].

En outubro de 1888, publicou nas páxinas do *Álbum Literario* unha longa serie de artigos en castelán titulada "El Escorial de

---

[33] Santiago: Imp. de Jesús L. Alende.

[34] Nº 23, 8 de xullo de 1888, sección "Fragmentos".

[35] Nº 30, 26 de agosto de 1888, "A Galicia"; nº 34, 23 setembro 1888, "A.C."

[36] Nº 24, 15 xullo 1888, p. 7.

Galicia", sobre o Mosteiro de Oseira, que ten continuidade, cando menos, ata decembro dese mesmo ano[37].

No curso académico 1888-1889, aínda en Santiago, pediu o traslado de matrícula con data de outubro á Facultade de Medicina de Valladolid, segundo consta no seu expediente académico. Descoñecemos por qué neste momento Pérez Placer cambia de facultade e se traslada a Valladolid. Son tres as materias para as que solicita o devandito traslado, Obstetricia, Patoloxía Médica e Patoloxía Cirúrxica, as cales cursará durante o curso seguinte (1889-1890) na facultade vallisoletana. No *Álbum Literario* aparece un pequeno escrito na sección de notas sociais, "En serio y en broma", asinada por Zaragata, que constata este dato:

> Han salido para Valladolid y Madrid respectivamente nuestros estimados amigos D. Heraclio Pérez Placer y D. Ramón Parada, con objeto de continuar sus estudios en la Universidad vallisoletana el primero, y en la Escuela Nacional de Bellas Artes el segundo[38].

Parece que durante a súa estancia en Valladolid escribiu a zarzuela en castelán *Morir amando*, segundo aparece na sinatura da obra (Valladolid, 1888), aínda que fose publicada en Santiago en 1890[39]. A súa presencia nas publicacións nas que ata o momento

---

[37] A serie "El Escorial de Galicia" publicouse no *Álbum Literario* nos números 37, 38, 39, 41, 42, 43, 44, 45 e 46, en entregas semanais dende o 14 de outubro de 1888 ata o 16 de decembro de 1888. Na colección que consultamos na Biblioteca da Deputación de Ourense falta o número 40, que probablemente contiña outra entrega destes artigos; tampouco apareceu o número 47, no que seguramente concluía a serie, pois no 48 xa non aparece.

[38] *Álbum Literario*, nº 88, 6 de outubro de 1889, p. 7.

[39] Santiago: Imprenta de Alende, 1890. Na páxina final do libro anúncianse como obras en prensa *Contos, lêndas e tradiciós* e *La tumba de un ruiseñor* (poema a Rosalía de Castro de Murguía). Desta última obra non temos ningún outro dato.

viña colaborando cesa o 22 de setembro de 1889[40], debido sen dúbida ó traslado a tan distante residencia. Pero dende Valladolid enviou algún escrito á revista luguesa que dirixía Amador Montenegro, *A Monteira*. Tamén durante as estancias en Ourense, supoñemos que durante os períodos de vacacións, aproveita para seguir escribindo nos medios xa citados[41].

A permanencia en Valladolid chega tan só ata o final dese curso 1889-1890. O 20 de agosto de 1890, o Rector da Universidade de Valladolid, Manuel López Gómez, remitiu o expediente académico de Heraclio Pérez Placer á Universidade de Santiago. O ano académico 90-91 cursouno, pois, en Santiago, onde obtivo a licenciatura o 23 de xuño de 1891. O expediente indica que non destacou como estudiante, feito que non lle impediu licenciarse con sobresaliente. Nestes últimos anos da carreira comeza a colaborar co xornal santiagués *Gaceta de Galicia*, onde publica no suplemento literario "La quincena literaria" algúns poemas e relatos en castelán asinados ben co seu nome ben co pseudónimo Blanca de Valdomir ou Baldomir que empregará tamén noutras publicacións. Neste mesmo xornal parece ser que dirixiu ó redor de 1899 un novo suplemento co nome de "La semana literaria"[42].

Unha vez rematada a carreira, casou en Santiago con Carmen Pico Ferreiro o 4 de outubro de 1891, na Igrexa de San Martiño,

---

[40] No *Álbum Literario*, nº 86, 22 de setembro de 1889, pp. 2-3, aparece un fragmento de novela en castelán titulado "La novia de Satanás", dedicado "A mi compañero de la infancia Julio Cuevillas". Non temos constancia da publicación desta novela pero o fragmento recollido parécese moito a algunha das páxinas de *Belial* (1900).

[41] *Álbum Literario*, nº 75, 7 de xullo de 1889; nº 83, 1 de setembro de 1889: dous artigos nos que ataca con dureza a obra de Manuel Lois Vázquez; en *O Tío Marcos* publica *Prediución* e o relato "A Virxen do Carmen da Burga".

[42] Vid. *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Galaxia, 1997, p. 202.

pertencente á parroquia de San Juan Apóstol[43]. Foron testemuñas da súa voda o médico Francisco Romero Blanco e Manuel Castillo. Heraclio e Carmen deberon coñecerse en Santiago, nos anos de estudiante do escritor. A partir deste momento entra na súa vida unha muller que co tempo será unha figura importantísima na súa traxectoria persoal. Carmen pertencía a unha coñecida familia compostelá, adiñeirada e cunha excelente posición social. O seu avó materno, Roque Ferreiro de Hermida, escribán de número, era Cabaleiro da Orden de Carlos III. A súa nai, Dolores Ferreiro Varela de Limia estaba xenealoxicamente entroncada co Vizconde de San Alberto, José de Limia y Menéndez. Carmen Pico tiña unha posición económica privilexiada debido á herdanza que recibira tralа temperá morte da súa nai. Seu pai, Francisco Pico Caldeiro, volveu casar e formou unha nova familia en Oviedo coa que Carmen mantivo sempre unhas boas relacións. Sabemos que posuía, ademais dunha casa en Ventosa, importantes extensións de terras en Negreira e mesmo a casa da Praza da Universidade onde hoxe se atopa o Instituto da Lingua Galega, na que nacera Antonio López Ferreiro, con quen estaba emparentada. Jorge Martínez sinala que "os señores de Placer foron os propietarios desa casa ata os primeiros anos do segundo decenio deste século"[44].

Recén casado, Heraclio Pérez Placer, volve a Ourense para instalarse na casa familiar, na que residiu ata finais do ano 1894. Neste novo período ourensán, exerceu a profesión de médico nunha consulta que instalou na rúa Olmo, nº 3 como dá conta un anuncio publicitario que atopamos na prensa:

---

[43] Arquivo do Arcebispado de Santiago, Libro Parroquial de Santiago Apóstol, 1891, apunte nº 14. Neste rexistro matrimonial Carmen figura con 25 anos e Heraclio con 21; polo que parece, seguindo a nosa cronoloxía, as idades están cambiadas, xa que Heraclio tiña en outubro de 1891 25 anos.

[44] Jorge Martínez Jiménez, "O escritor e algúns ilustres eclesiásticos", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), "O 70 cabodano de Heraclio Pérez Placer", 23 de novembro de 1996, p. 40.

PÉREZ PLACER
GABINETE DE CONSULTA MÉDICO-QUIRÚRGICA
OLMO, 3 PRINCIPAL
DE DOCE A DOS Y DE CUATRO A SEIS[1]

Por estes anos levou a cabo unha intensa actividade xornalística e literaria. A fins de 1891 publicou o seu primeiro volume de relatos en galego, *Contos, leendas e tradiciós*[2], no que reuniu escritos xa publicados en *O Tío Marcos da Portela*, xunto a outros novos. O libro mereceu unha grande atención por parte da crítica galega daquel momento[3]. O mesmo Pérez Placer referirase nalgunha ocasión á polémica suscitada pola publicación entre a "xente timorata"[4], como el a define nun dos relatos incluídos en *Contos da terriña*.

No ano 1892 comezou a colaborar no xornal *El Diario de Orense*, que se encargou de dirixir durante un período de dous meses, dende setembro ata outubro, e tamén en *El Derecho*. Un feito moi importante para o noso escritor é o coñecemento de Francisco Álvarez de Nóvoa, que chega a Ourense neste ano e comeza a súa carreira literaria e xornalística, precisamente, en *El Diario de Orense* e *El Derecho*, puntos de encontro de ámbolos dous escritores onde, de seguro, iniciaron unha amizade que duraría anos e mesmo tería un reflexo nas respectivas obras literarias. As colaboracións de Heraclio Pérez Placer en *El Derecho*, esténdense dende o ano 1893 ata, aproximadamente, agosto de 1894 e son case na súa totalidade apuntamentos referidos a literatura e a cuestións sobre Ourense nos que dá boa mostra da súa pluma afiada e do seu gusto pola polémica.

---

[1] *Diario de Orense*, nº 25, Ano I, 30 setembro 1892.

[2] Ourense: Imprenta de El Eco de Orense, 1891.

[3] Isto confírmase polas palabras que aparecen no prólogo de *Beira do lar*, *cit.*, p. VII: "Entre los muchísimos artículos que sobre este libro se han escrito (...)"

[4] Vid. "A pillo, pillo e medio".

Nos anos finais do século XIX eran habituais na vida intelectual e xornalística as discusións e os intercambios de insultos, velados cun aparente ton de cortesía que desaparecía nalgunhas ocasións. Neste ambiente hai que situa-lo reiterado enfrontamento que manteñen os xornais *El Derecho* e *El Diario de Orense*, por unha banda, e *El Eco de Orense*, de Valentín Lamas Carvajal, por outra, que non perdían ocasión para polemizaren entre si. O cruce de cualificativos e acusacións alcanzou un punto de tensión importante, allea a polémicas literarias, en setembro de 1892. Tanto *El Derecho* coma *El Diario de Orense* —que neste momento dirixía Pérez Placer— levaron a cabo nese ano unha campaña contra a política conservadora que provocou o 10 de setembro, unha revolta popular dos vendedores do mercado. Neste motín faleceu o xove médico Arturo de Torre por ferida de bala mentres contemplaba o alboroto dende o balcón da redacción de *El Derecho*. Estes sucesos deron lugar a un consello de guerra no que se encausou a varios amotinados e mesmo se pretendeu implicar no proceso ós directores dos xornais *El Diario de Orense* e *El Derecho* —Heraclio Pérez Placer e Vicente Nomdedeu, respectivamente—, pretensión na que parece que puido influí-la insistencia de V. Lamas Carvajal, mediante a campaña que desenvolveu nas páxinas de *El Eco*[5].

Este axitado ambiente político que se vivía en Ourense deu lugar a un intercambio de acusacións e de debates. Ademais, trala comunicación oficial da supresión da Capitanía Xeral de Galicia da Coruña, creáronse por toda Galicia as chamadas "Juntas de Defensa". En Ourense, gracias á actividade de Alberto García Ferreiro, que fundou un xornal chamado *La Defensa de Galicia* "destinado centralmente ao apoio da causa da Xunta de Defensa"[6], conséguese

---

[5] Vid. Jorge Martínez, *op. cit.*, p. XXXVIII. Tal vez, e é unha hipótese nosa, Pérez Placer abandona Ourense por mor deste sonado proceso no que se ve envolto, que non sería o único na súa vida.

[6] Ramón Máiz, *O rexionalismo galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Gale-

por fin, pese á clara oposición dun sector no que sobranceaba Lamas Carvajal, constituí-la Xunta de Ourense, da que pasan a formar parte, entre outros moitos, Alberto García Ferreiro, Heraclio Pérez Placer, Víctor Álvarez de Nóvoa, Ramón Parada, Luciano Cid Hermida e, de modo sorprendente, o propio Valentín Lamas Carvajal.

En novembro de 1893, tivo lugar outra interesante polémica, que supuxo a ruptura definitiva das relacións entre Lamas Carvajal e Pérez Placer. Este deixa proxecta-lo seu sentir con palabras ferintes dirixidas contra quen, noutrora, fora o seu protector e, en certo sentido, está a devolverlle a súa actuación meses atrás. Pérez Placer pretendía se-lo responsable da edición dun libro, co fin de acadar coa súa venda fondos que se destinarían á recén creada Cruz Vermella de Ourense, da que formaban parte como membros activos el mesmo e García Ferreiro. As características deste proxecto anunciáronse na prensa:

> (...) la idea de publicar un tomo con trabajos de todos los escritores de Galicia ó amigos de ella, autógrafos de músicos é ilustraciones de pinturas, sin distinción de ningún género (...)[7]

O motivo do enfrontamento foi a oposición de Lamas Carvajal a esta idea e a súa insinuación de que o libro se facía polo afán de se lucir uns cantos escritores sen público[8]. Dous artigos de contestación a este comentario publicados en *El Derecho*[9] mostran a violencia no

---

gos, 1984, p. 155. Máiz considera a Pérez Placer como un destacado colaborador de Alberto García Ferreiro na realización dos obxectivos da Xunta de Defensa ourensá. Sinala que foi "un dos rexionalistas máis activos do núcleo ourensán".

[7] *La Voz de Galicia*, "Correo de Galicia", A Coruña, 14 de novembro de 1893 (en Jorge Martínez, *op. cit.*, p. XLIX).

[8] Vid. José Fernández Gallego, *Valentín Lamas Carvajal. Estudio bio-bibliográfico*, A Coruña: Ed. Moret, 1950, p. 78. Cualifica estes escritos de Pérez Placer como "violentísima arremetida" e sinala que "es, indudablemente, lo más cruel y violento que salió de las plumas enemigas de Carvajal".

[9] Heraclio Pérez Placer, "Una carta", *El Derecho*, nº 740, 16 de novembro de 1893 e "Para concluir", *El Derecho*, nº 845, 18 de novembro de 1893.

ataque de Heraclio Pérez Placer, que se sente sorprendido pola crítica de *El Eco de Orense* ante o que considera unha nobre iniciativa sen ningunha pretensión. Nun deles titulado "Unha carta", di:

> Sin sorpresa pero con pena he leído en *El Eco de Orense* en el que se dice que la idea de formar un libro para destinar los fondos a la Cruz Roja es solo el afán de lucirse unos cuantos escritores sin público y por más que no alude personalmente me creo en el deber de contestar porque hasta ahora el único nombre que en esta cuestión ha figurado es el mío.
> Digo sin sorpresa porque a nadie que viva en Orense le pasa desconocido ese afán que muestra D. Valentín Lamas Carvajal por oponerse a todo cuanto no sea iniciativa suya o de sus amigos y compadres y añadí con pena por ver que las cuestiones en las que se obra con la mejor fe del mundo han de ser malisimamente interpretadas.

Retoma o comentario de D. Valentín, cando sinala que en todo momento pensou pedirlle a súa colaboración e defende a limpeza de intencións do proxecto:

> ofensa a todas luces irracional y que se vuelve en ella a sí mismo y a sus amigos porque de unos y otro esperábamos contribuyesen con su trabajo.
> ¿Pero hay en este proyecto sino un afán laudable de contribuir con todos los medios posibles a aumentar los fondos de la benéfica asociación?

Así mesmo, chega a acusalo de apoiar só os proxectos dos seus amigos, fala do seu carácter malévolo e pinta un sarcástico e ofensivo retrato do que fora o seu protector, a pesar de que recoñece o seu valor literario:

> Propusiera tal idea uno de sus paniaguados, fueran pocos todos los clarines de la fama para alabarla (...) Pero hoy como ayer, siempre oponiéndose al parecer de los demás y valiéndose de todas las armas, desde el ridículo al insulto, escudado bajo la invulnerabilidad que le da la naturaleza. Siempre tratando de desvirtuar los hechos, por más que conocido en toda Galicia, lo único que hace es probar un día y otro día su carácter malévolo.
> Sentimos en el alma tener que hablar así de uno de los poetas más genuinamente gallegos y el primero con quien contábamos para que figurase en el proyectado libro porque somos lo demasiado noble para prescindir de las ideas que nos separan y confesar que ocupa uno de los primeros puestos legitimamente ganado en la literatura regional.
> En Orense casi no hay persona a quien no haya ofendido.

Por fin, propón un cruel epitafio para a tumba do director de *O Tío Marcos da Portela*, no que deixa ben claro que ata o argumento da cegueira lle serve a Pérez Placer para o seu ferinte ataque:

> (...) Como poeta, uno de los mejores de Galicia.
> Como hombre... Dios, conociendo su corazón, le puso una venda sobre los ojos, para que no muriese de envidia á cada instante.

No outro artigo, titulado "Para concluir", aínda insiste Pérez Placer no mesmo tema e nas ofensas persoais e proclama o sentir xeral dunha serie de persoas coas que Lamas tivo problemas:

> En cuanto a eso de que ha sido el primero en alentarnos, no necesita apelar a nuestra caballerosidad, pues nunca negamos que desde el primer momento que cogimos la pluma, a nuestra disposición han estado los periódicos que dirigía D. Valentín y más de una vez han ocupado mis humildísi-

> mos trabajos el puesto de preferencia de los citados periódicos.
> ¿Pero eso que prueba? en este mundo todos nos servimos unos de otros y es más, el que conmigo se haya portado bien en ese concepto, no impide que con otros no haya sido así, ni que en el suelto que ha promovido esta discusión me llame escritor sin público, ni deje de verter otros conceptos poco lisonjeros, y mucho más para los que leen entre líneas.
> Por otro lado ¿que envidia me había de tener a mi pobre muchachuelo que comenzaba a garapatear quién como V. ya ocupaba un puesto preferente en la literatura regional?(...)
> No somos nosotros solos, los que nos hemos visto obligados a promover incidentes con V. muchos, algunos por cierto sus amigos y otras personas de valer se han visto en igual caso. Díganlo sino Murguía, Careizaeta, Camilo Placer, Valentín de Nóvoa, Ferreiro y tantos otros.

Este é o ambiente que Pérez Placer viviu en Ourense nos anos 1892 e 1893, lugar no que continúa a residir, pese a todo, boa parte do ano seguinte. Como se pode observar, a polémica e os preitos estiveron presentes na vida do escritor dende os anos de mozo. No 1894, publicou un volume de versos en castelán titulado *Guindillas*[10], así como a peza teatral, tamén en castelán, *Irrepresentable*[11], mentres continuaban a aparece-los seus artigos en *El Derecho*, onde exercía de crítico literario. Neste xornal ademais dun artigo titulado "¿Amor?"[12], dedicado a Álvarez de Nóvoa, comentou a

---

[10] Anunciado no *Boletín Bibliográfico de la Librería Gallega*, nº 1, xaneiro 1895. Ramón Otero Pedrayo dá conta deste poemario, ó que considera "feo y pobre libraco" (Vid. Afonso V. Monxardín e Xoán Carlos Rivas Fernández (eds.), *Ramón Otero Pedrayo. Temas ourensáns. Escolma de traballos de investigación referidos a Ourense e as súas terras*, ed. facsimilar, Ourense: Fundación Otero Pedrayo/Caixa Galicia, 1996, p. 320).

[11] Cfr. Álvarez de Nóvoa, "Irrepresentable", *El Derecho*, nº 845, 29 de marzo de 1894.

[12] *El Derecho*, nº 805, 8 de febreiro de 1894.

obra *Folerpas*, de Eladio Rodríguez González[13], e comezou unha serie de artigos chamados "Ripios gallegos"[14]. Pérez Placer pretendía utilizar este título para elaborar un volume con opinións críticas sobre outros escritores que chegou a anunciarse na prensa, pero finalmente con este epígrafe tan só saíron dous artigos dedicados a critica-la obra de Leopoldo Pedreira *El regionalismo en Galicia* (1894) e a defensa que este fai dos versos de Aureliano J. Pereira e Pérez Ballesteros. Tamén por estas datas, Heraclio Pérez Placer fundou xunto ó seu amigo Francisco Álvarez de Nóvoa a Biblioteca Verde y Rosa, unha iniciativa que dará a luz catro títulos, dos que tan só o primeiro corresponde a Álvarez de Nóvoa: *Recuerdo* (1895), con prólogo de Heraclio. Son os seguintes: *A vendima* (1895), *Verde y rosa, cuentos cortos* (1903) e *Narraciones compostelanas* (1904). Jorge Martínez cre que esta biblioteca demostra, ademais da amizade que se dispensaban, as concomitancias que existían entre os programas literarios de ámbolos dous escritores e sinala que se o *verde* remitía a Pérez Placer, o *rosa* remitía a Álvarez de Nóvoa"[15].

No 1894, Heraclio e maila súa muller, Carmen, trasladáronse a Santiago. Aquí residirían uns vinte anos, aproximadamente, ata que a súa partida se precipita por razóns das que falaremos máis adiante. Na cidade do Apóstolo, residiron na rúa Tránsito dos Gramáticos[16], aínda que tamén pasaban longas tempadas nunha casa, coñecida como "A Granxa de Ventosa", que posuían no concello de Ames, concretamente no lugar de Ventosa. Unha nota curiosa, que quizais revela a actitude de admiración que Carmen sentía polo seu home, é o nome co que bautizaron a finca, facendo honores ó ape-

---

[13] "Bibliografía", *El Derecho*, nº 838, 20 de marzo de 1894 e "Bibliografía", *El Derecho*, nº 839, 21 de marzo de 1894.

[14] *El Derecho*, nº 951, 21 de agosto de 1894 e nº 952, 22 de agosto de 1894.

[15] Jorge Martínez (ed.), *op. cit.*, p. LXV.

[16] Jorge Martínez Jiménez, "Notas para un itinerario", art. cit.

lido de Heraclio, xa que o lugar chamábase e segue a chamarse na actualidade Villa-Placer[17]. A fermosa propiedade pertencera ó Vizconde de San Alberto, segundo indica o escudo nobiliario que aínda se conserva. Do tempo que pasaron nesta casa quedaron recordos nos que foron seus veciños, algúns dos cales aínda poden dar noticias sobre o carácter e os costumes de D. Heraclio. Conservan na memoria a fasquía dun home polémico e inquedo, enredante e provocador. O seu talento, ou pode que a súa inmadureza, chegaba a tal punto que contan que ata as aldraxes dirixidas contra eles as escribía en verso e logo as espetaba con gran coidado nos carballos. Cremos tamén que nos anos de estancia en Santiago estivo completamente concentrado na escrita, pois non temos noticias certas de que exercese de médico. Quizais a súa acomodada posición lle permitía certa folganza económica. Carmen e Heraclio non tiveron fillos, aínda que compartiron a súa vida cunha das sobriñas dela, Natalia, que veu de Oviedo de nena para acompañar á súa tía e pasou longas tempadas na casa de Ventosa, a onde volvería con Carmen anos despois nunhas circunstancias ben distintas.

É no 1895 cando Heraclio Pérez Placer publicou o que consideramo-lo mellor volume da súa producción en prosa galega, *Contos da terriña*[18]. Xa en xullo de 1894, preocupado por conseguilo consentimento dos seus amigos e tralas críticas que recibira con *Contos, leendas e tradiciós*, ofrecera unha lectura en Santiago á que asistiran o eclesiástico Emilio A. Villelga, Filomena Dato, Francis-

---

[17] Un dos contos incluídos en *Beira do lar*, "Inverniza", aparece asinado: "Villa-Placer (Ames) 1902". Esta mención levounos a averiguar se a tal Villa aínda existía co mesmo nome e, efectivamente, atópamola. Os actuais donos, José Villaverde Marcos e a súa muller Castora López de Villaverde —a quen queremos agradecela súa hospitalidade e colaboración—, relatáronnos cómo chegara as súas mans esta propiedade e a súa historia. Villa-Placer e os seus arredores, cunha paisaxe impresionante e con varias construccións no seu interior de gran valor histórico, foron un lugar de estancia habitual de Heraclio Pérez Placer e a muller e serviron con toda probabilidade de inspiración para a súa creación literaria.

[18] A Coruña: Andrés Martínez Salazar editor, Biblioteca Gallega, 1895.

co Álvarez de Nóvoa e outros escritores do momento. Deste extremo temos noticia polo artigo publicado por Álvarez de Nóvoa[19], que daquela aínda participaba como colaborador, en *El Derecho*:

> Entre varios literatos que actualmente residen en esta población, se han leído algunos *contos* de los que han de formar el tomo 37 de la *Biblioteca gallega*.
> D. Emilio A. Villelgas, Doña Filomena Dato, y otros conocidos escritores que escucharon la lectura afirman que los referidos *contos* son dignos del nombre del señor Placer, y que por el nuevo corte que el autor da en dichos cuentos a su hermoso e intransigente naturalismo.
> O señor capitán y As cireixas forman un delicioso *pandant* con ¡Chillo! (sic) y Rillote del mismo autor.

Neste libro atópase citada boa parte do círculo de amizades de Heraclio Pérez Placer, que tivo o detalle de dedicar cada un dos contos a xentes vencelladas ó mundo intelectual daquela época coas que debeu manter unha relación cordial. Hai que ter en conta que a amizade foi para o noso escritor un sentimento ó que concedeu unha grande importancia. Tanta que foi tamén motivo de moitas desilusións[20], segundo se desprende dalgúns dos seus escritos. Así pois, en *Contos da terriña* figuran entre os amigos elixidos Andrés Martínez Salazar, editor do libro, o seu "íntimo amigo" Francisco Á. de Nóvoa, os pintores Segundo G. de la Riva —a quen xa introducira no relato "A cruz do piñeiral", de *Contos, leendas e tradiciós*— e Ramón Parada Justel, "certa ilustre escritora", baixo a que parece agocharse o nome de Emilia Pardo Bazán, o ilustre ourensán Benito Fernández Alonso, os escritores José Alguero

---

19 "Crónica compostelana", *El Derecho*, nº 932, 26 de xullo de 1894.

20 Segundo as súas propias palabras na dedicatoria que encabeza *Beira do lar:* "la amistad es el perfume del corazón". A propósito dese sentimento de decepción apunta "(...) sé lo que vale la palabra eternidad en cuestión de afectos (...)".

Penedo —a quen xa lle dedicara o relato "Ánxel", de *Contos, leendas e tradiciós*—, Salvador Golpe, Eladio Rodríguez González, Manuel Núñez González, Galo Salinas, Alberto García Ferreiro, Filomena Dato Muruais, Evaristo Martelo Pauman, Modesto Fernández y González, Roque Pesqueira Crespo, o militar e destacado matemático coruñés Jacobo Durán Loriga, os redactores do xornal *El Derecho*, e outros dos que descoñecemos calquera dato, como Joaquín M. Álvarez de las Asturias, Castro Pazos ou Basilio Santalla. Pero ademais de todos estes nomes citados, Pérez Placer tivo como amigos persoais, segundo se desprende doutras agarimosas dedicatorias dos seus escritos, a Julio Cuevillas, Andrés González Blanco —a quen lle dedica *Diálogos femininles*— e a outros dos que logo se afastou, como Cesáreo López Pinal, Manuel Amor Meilán ou Manuel Lois Vázquez.

Tamén neste ano 1895 publicou nun só libro os versos en galego *A vendima* e *Costumes vellas*[21] —volume dedicado a Modesto Fernández y González—, escribiu o prólogo para *Recuerdo*, de Álvarez de Nóvoa, e comezou a colaborar na revista *As Burgas*[22], onde, ademais de reproducir contos e poemas, publicou algún artigo. Dende 1895 ata 1908, os seus relatos e poemas reprodúcense en varias publicacións periódicas de Galicia e da emigración. Así, atópanse en *El Eco de Galicia*[23], da Habana, *Galicia*[24], de Martínez

---

21 Ourense: Imprenta de El Derecho, Biblioteca Verde y Rosa, t. II, 1895. Na contaportada deste volume anúnciase como obra en prensa *Entre Dios y la mujer*, da que non temos outra noticia. En *Beira do lar* recolle de novo *A vendima*.

22 Cos relatos "A embocadura" (nº 3, 6 de xaneiro de 1895), "¡Rillote...!" (nº 5, 20 de xaneiro de 1895); o artigo "Líricas Gallegas", por Evaristo Martelo Pauman" (nº 7, 3 de febreiro de 1895).

23 Con poemas en castelán como "Mi Galicia" (nº 208, 20 de xuño de 1886), "Galicia" (nº 326, 2ª época, 26 de setembro de 1888),), "Pensamientos" (nº 686, 17 de agosto de 1895) e "Inri" (nº 832, 4 de xuño de 1898) e en galego con "¡Terra de lobos!" (nº 868, 18 de febreiro de 1899). (Vid. Xosé Neira Vilas, *Índice da revista El Eco de Galicia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1988).

24 Reprodúcese "A pillo, pillo e medio" (nº 2, 1892).

Salazar, *La Tierra Gallega*[25], tamén da Habana, *El Eco de Galicia*[26], de Bos Aires, *El Regional*[27], de Lugo, *La Estrella Galaica*[28], de Santiago, *Revista Gallega*[29], de Galo Salinas, *Nova Galicia*[30], de Bos

---

25 O relato "Chinita" (nº 64, 7 de abril de 1895).

26 Na que aparecen "Cereixas" (nº 312, 1900), "O emigrado" (1895), "¡Suicida!" (nº 367, 1901), "A bo zorro, mellor can" (nº 377, 1902), "Pitirroxos" (nº 423, 1903), "O sapo e o verme de lus" (nº 434, 1903), "Xuicio de faltas" (nº 437, 1903), "Buscando fío" (nº 440, 1904), "Cóxegas" (nº 448, 1904), "Niño desfeito" (nº 449, 1904), "A pior cuña" (nº 455, 1904).

27 Reprodúcense, na sección "Paréntesis", algúns relatos de *Contos da Terriña*: "Rapañota de xazmís" (11 de xaneiro de 1896), "Avelaíñas" (23 de febreiro de 1896), "Follas secas" (13 de marzo de 1896), "O magosto" (19 de abril de 1896), "O violín encantado" (3 de xuño de 1896) e "Frol muscha" (18 de decembro de 1896). O 5 de agosto de 1899 inclúese o poema "Terra de lobos".

28 Aquí asina, ben co seu nome ou ben co pseudónimo Blanca de Baldomir — artigos en castelán—, dirixidos a educar ás mulleres sobre o xeito de comportarse en sociedade: "Amabilidad" (nº 15, 21 de xuño de 1896), "El pudor" (nº 16, 28 de xuño de 1896); e poesías en castelán na sección "Inspiraciones galaicas": "¡Dulce venganza!" (nº 8, 26 de abril de 1896); "En la muerte de un niño" (nº 14, 14 de xuño de 1896); "Hilvanes" (nº 15, 21 de xuño de 1896); "Revancha" (nº 16, 28 de xuño de 1896). Nos números 2 (15 de marzo de 1896) e 9 (3 de maio de 1896), publica dous poemas en galego —"Son, meniña, teus ollos tan escuros" e "Si pra falar das mulleres"— e o relato "¡Fillo...!" (nº 18, 2 de agosto de 1896). A súa destacada participación nesta publicación constitúe unha boa proba da súa inquietude intelectual e das súas relacións coa sociedade santiaguesa do momento. Nas súas colaboracións, sempre orientadas cara á muller, amosa por unha banda a concepción tradicional de educadora e centro do fogar e por outra, unha especial sensibilidade cara ós desenganos amorosos e ós sufrimentos causados polos homes.

29 Os relatos: "O próximo" (nº 230, 1899), "Pitirroxos" (nº 246, 1899), "Cereixas" (nº 254, 1900), "¡¡BRRRR!!" (nº 271, 1900), "¡Suicida!" (nº 279, 1900), "O colexio de Rubido" (nº 283, 1900), "A cocada" (nº 424, 1903), "O emigrado" (nº 435, 1903), "A pior cuña" (nº 537, 1905), "A embocadura" (nº 557, 1905), "Un sermón en Noia" (nº 578, 1905), "O sapo e o verme de lus" (nº 613, 1906) e "Avelaíñas" (nº 628, 1907).

30 "O sapo e o verme de lus", nº 50, 1904.

Aires, *La Voz de Mondoñedo*[31], *Follas Novas*[32] da Habana, *A Nosa Terra*[33], entre outras[34].

Descoñecemos moitos dos datos relativos á familia de Pérez Placer, como a data de defunción do pai e a repercusión e importancia deste na formación do fillo. Pero non ocorre o mesmo coa nai, sen dúbida unha figura importantísima na súa traxectoria emocional. A súa presencia é constante na obra literaria, tanto na representación que das nais e do sentimento da maternidade en xeral fai no seu mundo narrativo (fenómeno que tentaremos de explicar apoiándonos nos textos) coma nas dedicatorias dos seus poemas e volumes de relatos. Por poñer un exemplo significativo, o seu primeiro volume recompilatorio de relatos, *Contos, leendas e tradicións,* vai encabezado por un poema titulado "A miña nai". Sen

---

[31] No número do día 4 de febreiro de 1905 hai unha composición na sección "Tarjetas postales". (Vid. Armando Requeixo e Isabel Gómez, "Presencia de Noriega Varela na prensa mindoniense anterior á guerra civil", *Boletín Galego de Literatura,* "Documentos", nº 8, novembro 1992, p. 120).

[32] "Rapañota de xazmís", nº 415, 1905 e "Inverniza", nº 451, 1906.

[33] "O violín encantado", nº 47, 1908; "Pitirroxos", nº 53, 1908; "Pau de corno", nº 56, 1908; "¡Suicida!", nº 58, 1908 e "Chinita", nº 60, 1908.

[34] As publicacións pontevedresas *O Galiciano*, *O Novo Galiciano*, *Galicia Moderna* e *Extracto de Literatura* acolleron os seus poemas. Existen tamén reproducións dalgunhas narracións en *Galicia*, da Habana (1902-1930), no *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda* (Arxentina), *Galicia. "Revista del Centro Gallego de Buenos Aires"* (1913-1926), *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala* entre os anos 1925-1930 e *Pueblo Gallego. "Periódico quincenal de información"*, de Bos Aires. Outras publicacións que contaron coa súa firma foron as noiesas *La Emancipación* (co poema en galego "Parrafeo", nº 23, 27 de setembro de 1903) e *La Defensa*, onde ó longo de 1906 viron a luz artigos en prosa e poemas; as santiaguesas *El Ciclón*, cunha semblanza do poeta Castor Elices con motivo da súa morte e varios textos en castelán; *El Cínife*, con poemas en castelán; *Santiago* e *Compostela* onde existen relatos en castelán. Outros poemas poden atoparse no xornal *El Noroeste*, da Coruña, no semanario de Ribadeo *Las Riberas del Eo* e na revista viguesa *Vida Gallega*. Vid. Dolores Vilavedra (coord), *Diccionario da Literatura Galega. II Publicacións periódicas,* cit. Lamentablemente nesta publicación non se especifica de qué relatos se trata.

dúbida, a morte de Manuela Placer Rodríguez, o 14 de outubro de 1895, foi un duro golpe para o fillo que sempre se mostrara tan vencellado a ela. O seu sentimento de orfandade amósase no poema "Noitébrega"[35], encabezado cunha dedicatoria para á súa irmá Sofía, no que o tema primordial é o baleiro e a dor pola perda recente da nai.

O 14 de outubro de 1895 morre, xa que logo, no seu domicilio da rúa do Olmo, nº 3, a nai de Heraclio Pérez Placer, debido a unha enfermidade cardíaca. Este suceso non só afectou profundamente ó escritor: o sentimento pola perda chega mesmo a Francisco Álvarez de Nóvoa, detalle que revela a profunda amizade e a íntima relación que mantiña este coa familia de Pérez Placer. Jorge Martínez[36] realizou unha lectura verosímil do relato de Álvarez de Nóvoa, "Unha agunía", recollido en *Pé das Burgas*, sinalando as conexións do pasamento real de Dona Manuela coa versión literaria que aparece no relato. Na narración atopámo-lo retrato físico e emocional dun home ante a presencia da morte, que ben podería ter como modelo a Heraclio Pérez Placer no trance do pasamento da súa nai:

> El, o home indeferente, pero de fondos cariños, tamén rezaba. Pálido, cos verdes ollos, entón negros, abertos, fixos, dilatados por ese pasmo indefinido que se sente na alma ó redor da morte, cando nos leva algunha ilusión, crispaba os labios baixo os negros bigotes con resabios aínda de pasadas rebeldías que fuxiran no supremo instante en que a nai, *seu grande amor*, chamara ás portas dun corazón morto quizais pero que demandaba.[37]

---

[35] *Revista Gallega*, nº 62, 10 de maio de 1896, p. 5.

[36] Jorge Martínez, *op. cit.*, p. XLVI e LI. Del tomámo-la data e os detalles da morte de Manuela Placer.

[37] Francisco Álvarez de Nóvoa, "Unha agunía", *Pé das Burgas*, Vigo: Xerais, col. Clásicos Galegos, 1988, p. 80.

Outras noticias atopadas na prensa daqueles anos infórmannos da vida social de Pérez Placer en Compostela. Así, en xullo de 1896 participou en calidade de presidente da Sociedade Sport de Santiago nunhas carreiras de ciclistas organizadas no Campo de Santa Isabel. Para unha das probas, o primeiro premio, que foi doado por el, consistía nun xogo de escritorio de prata. Así se resume o evento deportivo nas páxinas de *La Estrella Galaica*:

> Todos los socios del Sport trabajaron sin descanso, pero merecen especial mención los Sres D. Heraclio Pérez Placer y D. Santiago Blanca verdaderos entusiastas del ciclismo y á quien tan solo se les debe el festival del Domingo, pues supieron vencer las dificultades que á su paso encontraron. Ayer tarde celebraron un banquete en el crucero de La Coruña varios ciclistas santiagueses con objeto de obsequiar al campeón gallego el simpático joven Waldo Gil (...) Cuando los ciclistas se sentaron a la mesa se hallaban reunidos los señores Don Heraclio Pérez Placer, Don Santiago Blanca, Don Ramón Tojo, Don Ramón Saavedra, Don Sabino Uribe, Don Jesús Porto, Don Ángel Varela, Don Tomás Moar y el que estas líneas escribe (...) Al descorcharse el champagne, levantóse el presidente de la sociedad Don Heraclio P. Placer y pronunció un pequeño brindis que hemos tomado á vuela pluma.
> Dijo el señor Placer:
> "Compañeros:
> No soy orador, pero aunque lo fuese, poco, muy poco, podía decir porque cuanto más siente el corazón menos expresan los lábios... Saludo al campeón de Galicia que solo falta una ocasión para ser de España... Poco vale el obsequio pero sirva como sincero ofrecimiento de amistad y admiración al compañero, y saludo á los demás ciclistas de Vigo con los cuales siempre nos han unido lazos de cariño (...)"
> Frenéticos aplausos se dejaron oir al terminar el señor Placer[38].

[38] *La Estrella Galaica*, nº 18, 2 de agosto de 1896.

Polo que podemos deducir da súa presencia neste acto, Pérez Placer debeu de coñecer boa parte da sociedade compostelá do momento e, ademais da súa dedicación á literatura, aproveitaba tódalas ocasións que se lle presentasen para mostra-la súa versatilidade nas afeccións, entre as que tamén se atopaba o debuxo[39]. Jorge Martínez indica que a súa era unha presencia habitual nas reunións de sociedade da época, sobre todo nos círculos da clase media santiaguesa, "nas salas dos círculos recreativos", "nas Redaccións dos periódicos de tinte liberal ou nas tertulias de café e rebotica, que el moito frecuentaba e coñecía". Infórmanos tamén o mencionado autor do seu labor como crítico teatral e como "cronista de actualidades festivas, públicas e privadas, da vetusta cidade", do seu exercicio ocasional "como letrista de obras musicais para orfeón"; e tamén como autor "por compromiso social, de pecias dramáticas que, cara á tardiña, se representaban nos salóns daquelas casas de familia que aínda recibían e tiñan o costume da tertulia"[40].

Pero, en todo caso, en ningún momento renuncia a súa dedicación á literatura: no 1899, segundo aparece en varias das fontes que consultamos, publicou *Apuntes sobre literatura gallega*[41], e no 1900 a novela en castelán, *Belial*[42]. Ademais parece que no 1901

---

[39] Segundo a súa familia, era moi afeccionado á pintura —como se demostra tamén nas súas narracións— e mesmo debuxaba con frecuencia. A súa sobriña política contounos que lembraba un álbum de poemas e debuxos que foi cedido a Jorge Martínez.

[40] Jorge Martínez Jiménez, "O escritor colle o tren", art. cit.

[41] Lamentablemente non temos atopado esta publicación. Aparece datada en Santiago en 1899 na *Gran Enciclopedia Gallega* (Santiago-Gijón: Silverio Cañada editor, 1974, t. XXIV, p. 193), en Couceiro Freijomil (cit., pp. 89-90), en Francisco Lanza (*Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, p. 225), na revista *La Estafeta Literaria* (nº 322, 17 de xullo de 1965, p. 181) e na contraportada dos libros *Beira do lar* e *Narraciones compostelanas*.

[42] Santiago: Imprenta de José M. Paredes, 1900.

tiña xa rematado o conxunto dos relatos que quería incluír no volume *Beira do lar*, derradeiro libro con textos en lingua galega que constitúe todo un testamento literario xa que escolma parte dos seus relatos e poemas anteriores, ós que engade só dez relatos novos. Semella, a todas luces, unha antoloxía realizada polo propio autor entre a súa variada producción. Parece que este libro, sen embargo, non estivo á venda ata 1903[43]. Namentres, continúan a se reproduci-los seus relatos en publicacións diversas, tanto en Galicia coma na emigración.

A partir de *Beira do Lar*, tódalas publicacións de Pérez Placer están xa, como dixemos, en castelán. No prólogo deste volume anunciase outra novela en galego, co título de *A vinculeira*, pero dubidamos de que se chegase a editar. Do 1903 son os contos en castelán *Verde y rosa, cuentos cortos*[44], publicados na Biblioteca deste mesmo nome, e *Narraciones compostelanas*[45], tomo IV desta mesma colección. No 1904 sae do prelo o volume de versos *Oqueruelas*[46] e no 1907 a peza teatral *Lo inmoral de la moral; Espíritu y carne*[47].

Como home que se sentía parte da intelectualidade do seu tempo, Pérez Placer acode á Coruña en abril de 1908, a recibi-los

---

[43] Vid. Modesto Hermida, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 129.

[44] Biblioteca Verde y Rosa, tomo III, 1903.

[45] Santiago: Tip. de la Propaganda científica, Biblioteca Verde y Rosa, tomo IV, 3ª ed. 1904. No interior aparece como ano de edición 1903. Entre as publicadas, non temos noticia de *Grata lembranza, verso gallego*. Anúncianse en prensa os seguintes títulos, algúns deles totalmente descoñecidos para nós: "*Los Luises*, estudio social, *Avelaíñas*, poesías gallegas, *Oqueruelas*, poesías castellanas, *Carmeliña*, drama en gallego, *Ripios Gallegos*, *El pollo Caramelito*, novela de costumbres compostelanas".

[46] Santiago: Tip. de la Propaganda científica, 1904.

[47] Madrid: Librería de Gregorio Pueyo, 1907.

restos mortais de Curros Enríquez[48], acto ó que acudiron "poetas, artistas e escritores, las más nobles y prestigiosas representaciones populares y de la cultura de la Región"[49].

A derradeira publicación da que nós temos noticia é *Diálogos femeniles*[50], que sae á luz en 1913. Esta é a obra coa que consideramos que se pecha a traxectoria literaria de Pérez Placer. Efectivamente, a partir deste ano o noso autor desaparece da escena literaria por motivos estraños, dos que só nos cabe apuntar suposicións, unidas ós datos que nos proporcionou a súa familia ovetense.

Cremos que sobre 1913 ou 1915 Heraclio e Carmen marcharon de Santiago. A razón desta partida foi a condena de desterro por tres anos, seis meses e vinteún días[51], ademais dunha multa de cincocentas pesetas que recaeu no escritor debido, segundo Jorge Martínez[52], a un delicto de inxurias de gravidade publicadas por Pérez Placer nun xornal madrileño. Lamentablemente, Jorge Martínez non aclara nin cándo nin en qué xornal de Madrid apareceron tales inxurias e tampouco a quen ían dirixidas. O feito é que tralas nosas investigacións persoais descubrimos que tal desterro existiu, aínda que non chegamos a coñece-las súas verdadeiras causas. Tralas conversas coa súa familia e cos seus veciños da aldea de Ventosa, pensamos que, de certo, o desterro foi ocasionado por algún asunto un tanto escuro —probablemente contrario ó canon moral daquel

---

48 Cfr. José Fernández Gallego, *op. cit.*, p. 78.

49 M. Casas Fernández, *Páginas de Galicia. Notas históricas y literarias*, A Coruña: Imprenta e Editorial Moret, 1950, p. 144.

50 Santiago: Tip. El Eco de Santiago, 1913.

51 Jorge Martínez Jiménez, "O escritor e a antigua Granxa de Ventosa", art. cit.

52 Jorge Martínez Jiménez, "Apunte sobre un escritor esquecido", *La Voz de Galicia*, (Edición de Ourense), "O 70 cabodano de Heraclio Pérez Placer", 21 de novembro de 1996, p. 43

tempo[53]—, tanto que obrigou a Heraclio a abandonar Galicia e causou un verdadeiro problema económico na familia. O escritor foi penado por faltas graves que obrigaron á muller a dispoñer de toda a súa fortuna para conmuta-las penas por un desterro. Villa-Placer foi daquela vendida con urxencia[54] probablemente por Carmen Pico co fin de librar ó seu home do castigo penal. A figura fundamental deste período é Carmen, que pon a disposición do home todo o que pertencera á súa familia e queda, perdidas tódalas súas posesións, sen miga da súa herdade.

Carmen e Heraclio, acompañados da súa sobriña Natalia, case unha filla adoptiva, trasládanse a Calatayud e instálanse nun-

---

[53] O descoñecemento das causas deste desterro probablemente sexan xa parte da lenda de silencio que rodea ó escritor. A familia, polo menos a nós, non quixo desvela-las verdadeiras razóns que o provocaron, o que leva a pensar que o asunto debeu ser considerado moi grave. Os veciños recordaban o escándalo, aínda que non podían precisa-los motivos exactos. Durante as pesquisas que fixemos, de novo aparecían ante nós as lendas que rodean a Pérez Placer; para uns fora o xogo o que causara a ruína, para outros a rivalidade cun médico chamado Brines ou Brindes (do que non conseguimos atopar ningún dato). Outros falaban con seguridade desas inxurias das que fala Jorge Martínez e mesmo houbo comentarios sobre unha posible conducta homosexual do noso escritor. En todo caso, cómpre non perder de vista que, como di o citado estudioso, a biografía de Pérez Placer pode prestarse a certo sensacionalismo, se atendemos á gran cantidade de comentarios, aínda que se son certos algúns dos datos que eses veciños nos proporcionaron (lembraban con absoluta exactitude que marchara a Calatayud e o nome de toda a súa familia, e mesmo conservaban pertenzas que Carmen lles regalara), non teñen por qué ser falsos outros. A morte levou a moitas persoas que coñeceron o sucedido máis de cerca, e outras calan por pudor, un recato que deixa claro que se trata dun tema do que non é doado falar. Obviamente, todo isto non aumenta nin desmerece en nada a calidade literaria de Pérez Placer, tan só leva a coñecer mellor a súa vida, ó home que hai detrás das súas páxinas e as páxinas mesmas, toda vez que Pérez Placer adoitaba reflectir nelas, máis ou menos veladamente, as súas experiencias.

[54] De novo temos que basearnos en datos orais: a memoria dos vellos do lugar lembra que foron só 5.000 pesetas o prezo de venda da propiedade

ha casa situada na rúa de Dato[55]. Heraclio retomou entón a profesión para o sustento familiar, exercendo como médico no Balneario de Paracuellos del Jiloca. Non dispoñemos de noticias, sen embargo, que confirmen que Heraclio seguise a escribir durante estes anos. En Calatayud permaneceu ata a súa morte, coa que se atopou o 21 de outubro de 1926[56].

Trala morte de Heraclio é a sobriña o apoio de Carmen. Xa casada —precisamente coñeceu ó seu home, Salvador Marquínez Isasi, durante a estancia cos seus tíos en Calatayud[57]— recolle á súa tía e lévaa a Oviedo, onde residiu algún tempo, ata que conseguiu convencer ós seus sobriños de que recuperasen a propiedade de Villa-Placer. Conseguido este anceio, Carmen pasou algúns anos máis na súa adorada casa, rodeada de gatos, coidando as pertenzas e as lembranzas de Heraclio, coa mesma paixón que sentira por el toda a súa vida. Da personalidade de Carmen, seguindo as testemuñas da sobriña-neta, Victoria Marquínez Pico, cómpre salienta-la súa entrega e devoción, a comprensión que demostrou ante a desmedida paixón do marido pola literatura, pola polémica, ou ante aquel carácter inquedo demais. Ata que lle morreu, apoiou e defendeu os excesos do seu home e mesmo lle disculpou a ruína económica na que se viron e o seu difícil carácter, o que lle ocasionou máis dunha discusión familiar co sobriño Salvador, un aragonés, polo que parece, de ríxidos costumes. Carmen conservou intactos os recordos materiais e espirituais do marido ata a súa morte, en 1956. Nada queda, parece ser, da producción literaria de Pérez Placer entre os membros da

---

55 Jorge Martínez Jiménez, "Notas para un itinerario", art. cit.

56 Temos no noso poder un recordatorio da morte de Heraclio Pérez Placer que así o confirma e que nos facilitou a sobriña-neta de Carmen, Victoria Marquínez Pico.

57 Pola data de matrimonio da sobriña de Carmen, Natalia Pico y Sánchez del Arenal con Salvador Marquínez Isasi, que tivo lugar en xullo de 1919, cremos que a chegada a Calatayud debeu ter lugar entre 1915 e 1917.

familia. Mesmo a mención da súa actividade como escritor lles causa certa sorpresa.

En ningún dos medios xornalísticos consultados atopámo-la noticia do seu pasamento, feito que confirma que o afastamento do mundo literario galego foi tallante. Nisto influirían tanto a súa marcha de Galicia e os motivos da mesma coma o abandono da lingua galega a partir de 1903, data na que saíu á luz *Beira do lar*. Tampouco en castelán, temos noticia de ningunha outra entrega literaria despois da publicación de *Diálogos femeniles*, en 1913. Esta circunstancia levou a dalo por morto nestas datas pola maioría dos estudiosos da literatura galega[58].

Ademais, ninguén a partir de 1926 tomou a iniciativa de reeditar ningunha das súas obras[59], polo que estas permanecen esquecidas e dispersas nas bibliotecas e nas publicacións periódicas da época, moitas delas xa quizais desaparecidas para sempre. A desconexión entre os membros da xeración "Nós" e os narradores anteriores é notoria. Tan só Otero Pedrayo demostra ter lido a obra do seu paisano ourensán, ó que destaca como autor "de algunas finas páginas sobre Santiago de Compostela y tan entregado al gusto y simbólica de las flores que se le ha llamado el "Alfonso Karr gallego"[60].

---

58 En tódalas fontes consultadas as circunstancias da morte de Pérez Placer ben aparecen como datos descoñecidos ben con data e lugar erróneos. Este dato foi, polo tanto, un misterio ata hai ben pouco. Mentres redactabamos estas páxinas Jorge Martínez puxo un pouco de luz no asunto, confirmando as nosas investigacións, en "Apunte sobre un escritor esquecido", art. cit., no que sinala como data e lugar de defunción Calatayud, 1926.

59 Tan só a *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega* (Vigo: Galaxia, 1993, 3ª ed.) realizada por Antón Risco inclúe tres textos de Heraclio Pérez Placer pertencentes a *Contos, leendas e tradicións*: "O pozo da Sila", "O pozo do inferno" e "Niño desfeito".

60 Otero Pedrayo, *Ourense*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, col. Obradoiro, 1973, p. 60. Estase a referir a Alphonse Karr (Paris, 1808-Saint-Raphaël, 1890), escritor francés e director de *Le Figaro* que abandonou a carreira literaria e se retirou a Niza para se dedicar á horticultura (Vid. *Dictionnaire historique, thématique et technique des Littératures*, Paris: Librairie Larousse, 1990, vol. I, p. 825).

Neste panorama, Heraclio Pérez Placer converteuse nun autor que tan só mereceu uns breves apuntamentos nas historias da literatura ou unha nota a pé de páxina. Cremos que o seu nome e a súa obra deben ser recuperados, non só por ese escurantismo que sufriu despois de morto e que contrasta coa fortuna literaria da que gozou durante un bo treito da súa vida, senón tamén pola súa prolífica e non desdeñable obra, na que amosa as súas particulares ideas sobre a literatura galega e a súa vontade de poñelas en práctica, ás veces mesmo cun entusiasmo desmedido[61].

[61] Esta biografía non pretende en absoluto ser exhaustiva, xa que a recuperación dos datos sería unha tarefa que esixiría unha dedicación longa e un estudio amplo.

Aproximación ós textos

Prediución

Esta noveliña foi publicada por entregas no semanario ourensán *O Tío Marcos da Portela*[1], no que Pérez Placer comezou a súa carreira literaria como escritor, gracias ó apoio de Valentín Lamas Carvajal. A publicación ocupa oito entregas sucesivas, dende o 7 de xullo de 1889 ó 25 de agosto do mesmo ano. No encabezamento de tódalas elas indícase que foi premiada, como xa dixemos, nun certame celebrado en Betanzos.

Como sinala Modesto Hermida[2], "é a primeira obra á que se enfronta Heraclio Pérez Placer con clara ambición de narrador". Non podemos esquecer que se trata dunha obra de xuventude, polo que podemos atopar defectos de construcción importantes nas unidades narrativas que a constitúen, pero tamén detalles que mostran o coidado do noso escritor á hora de construí-la súa prosa. Pérez Placer procurou mante-la coherencia interna vixiando que tódolos elementos mencionados ó longo da trama tivesen unha función narrativa. Mostra, así mesmo, un bo coñecemento da fala galega e unha habilidade característica na construcción dos diálogos.

A recuperación desta novela, se ben non supón a descuberta dunha peza narrativa importante para a historia da literatura galega, serve para mostra-la evolución dun autor esquecido que se sumou ós escritores que por aquelas datas creron posible a escrita de prosa de ficción en galego. En efecto, no ton xeral da novela advírten-

---

[1] Parrafeos 283 (7 de xullo de 1889), 284 (14 de xullo de 1889), 285 (21 de xullo de 1889), 286 (28 de xullo de 1889), 287 (4 de agosto de 1889), 288 (11 de agosto de 1889), 289 (18 de agosto de 1889) e 290 (25 agosto de 1889), pp. 1-3, 1-3, 1-2, 1-3, 1-2, 1-3, 1-3, 1-3, respectivamente. Citamos pola edición facsimilar de *O Tío Marcos da Portela*, A Coruña: Ediciones Edman, 1989.

[2] *Op. cit.*, p. 131.

se as mesmas características dos seus primeiros relatos, aínda pouco traballados en canto ás accións e á psicoloxía dos personaxes e lonxe das boas páxinas narrativas que podemos atopar nalgúns dos *Contos da terriña* (1895). Ocupándose desta noveliña, o Padre agostiño José Mouriño Estévez sinalaba a súa escasa calidade literaria:

> En realidad, aquello es una verdadera flota de tonterías, porque Placer quiso volar antes de haber salido del tiesto[3].

Trátase dunha novela escrita integramente en galego. O certame ó que Pérez Placer presentou o seu relato así o requiría, pero de tódolos xeitos *Prediución* supón un dos primeiros pasos dun xénero que en Galicia comezara coa publicación de *Maxina*, de Marcial Valladares en 1880[4]. En palabras de Anxo Tarrío[5], *Maxina* é:

> unha novela diglósica, con vocación, ademais, de fotografar o estado lingüístico da sociedade galega nos seus diferentes ámbitos e estratos sociais, pois isto dá lugar non só á utilización de dúas linguas diferentes, castelán e galego, senón tamén á matización de rexistros en ámbalas dúas linguas, segundo sexa a voz que en cada momento escoitemos. Así, o narrador e o autor implícito utilizan sempre un galego que poderiamos calificar de culto. Os personaxes urbanos ou asimilados a tal condición utilizan o castelán con variados degraos de connotación culta. Os personaxes rurais falan

---

[3] José Mouriño Estévez (Marqués de Sabuz), *De literatura galaica (XLII)*, p. 122. (en Jorge Martínez, *op. cit.*, p. C.

[4] Maxina, de Marcial Valladares publicouse no ano 1880 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, que dirixía Manuel Murguía. Posteriormente, a partir da edición realizada por Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca-Ana Roig Rechou (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991) demostrouse que a novela estaba escrita dende 1870.

[5] "Estudio Literario", en Marcial Valladares, *Maxina*, ed. cit., pp. 42-43.

galego, castrapo ou cairento. Con isto, Valladares fixo de Maxina un campo de experimentación lingüística e sociolingüística de gran valor para os estudiosos de hoxe en día. A poética costumista e realista que xustificaban naquel momento tal xeito de proceder literariamente permitiulle a Valladares, xa que logo, facer da súa novela unha expansión dos seus estudios lexicográficos, penetrando, ademais na realidade da fala viva, por máis que, en ocasións, e debido ás peculiares características da novela-conto, todo nos pareza algo artificial, literario ou caricaturesco.

Nada disto aparece na nosa novela, na que tódolos personaxes falan galego, tanto os pertencentes ó mundo rural, como Lope ou os tipos retratados na festa de Figueiredo, coma os personaxes da nobreza: Ilda, Rodrigo ou o conde. Nisto influirían as bases do certame pero tamén a concepción persoal de Pérez Placer sobre a lingua galega. Doutra banda, quizais cambiaran as circunstancias dende o ano 1880 respecto das posibilidades literarias do galego na prosa de ficción.

No arrinque pode observarse certa débeda de *Prediución* con *Maxina* e tamén nalgunhas páxinas descritivas, sobre todo no que se refire á visión da paisaxe que encabeza ambas narracións. Pero ademais existen outros puntos comúns entre ámbolos dous textos: o desmaio que sofren Otilia e Ilda nun momento destes relatos, que lles fai perde-la noción do espacio e do tempo, e a chegada de incógnito de dous peregrinos procedentes de Terra Santa a unha festa popular —Casabranca no capítulo XIII de *Maxina* e Figueiredo en *Prediución*. Por estas coincidencias cremos que o texto de Valladares non debeu ser ignorado nin esquecido por Pérez Placer, daquela empeñado en dar saída ó seu talento coa prosa en galego.

Prediución está dividida en catro capítulos numerados en romanos e de extensión moi desigual. Os tres primeiros levan como

título "Ilda e Rodrigo", "A Bruxa do Monte Sacro" e "O pelengrino" respectivamente, mentres que o numerado como IV, presenta no seu interior o epígrafe "O achado", sen ningunha indicación numérica que sinale que se trata do comezo dun novo capítulo. Os tres primeiros correspóndense con cadansúa entrega independente[6], debido á curta extensión que teñen. O capítulo cuarto ocupa cinco entregas sucesivas[7] e abrangue ata ó final da novela. É aproximadamente na metade da quinta das entregas[8] onde aparece o epígrafe "O achado". Supoñemos que non se trata do comezo doutro capítulo porque presenta unha unidade temática con respecto ó narrado anteriormente. Lope comeza neste momento o relato da súa vida e continúa durante as tres entregas seguintes (sexta, sétima e oitava), que presentan unha extensión variable e conducen á conclusión tráxica da historia.

Dende o punto de vista editorial, a estructura de *Prediución* que aparece *en O Tío Marcos da Portela* non é a que Heraclio Pérez Placer dispuxera para a súa novela. As limitacións de espacio propias dunha publicación periódica de poucas páxinas obrigaron a axusta-lo capítulo cuarto, que se veu dividido aleatoriamente pola súa enorme extensión, en cinco entregas. Nos tres capítulos iniciais o cambio de unidade correspóndese con cambios nas coordenadas espacio-temporais e na modalización do relato conforme ó establecido polo autor, mentres que nas entregas que seguen as divisións xa non teñen ningunha destas características. Precisamente, un dos defectos que se poden atribuír á novela de Pérez Placer é a evidente falta de equilibrio na exten-

---

[6] O capítulo primeiro corresponde ó Parrafeo 283, 7 de xullo de 1889; o segundo ó Parrafeo 284, 24 de xullo de 1889 e o terceiro ó Parrafeo 285, 21 de xullo de 1889.

[7] Parrafeos 286, 287, 288, 289 e 290 que corresponden ó 28 de xullo, 4 de agosto, 11 de agosto, 18 de agosto e 25 de agosto de 1889, respectivamente.

[8] A que corresponde ó Parrafeo 287, 4 de agosto de 1889.

sión dos capítulos, sobre todo no cuarto, que tivo que se amoldar ás limitacións de espacio dunha revista.

Estrictamente ligado ó deseño editorial está o que Gérard Genette denomina *paratexto*[9]. En *Prediución* os elementos paratextuais que o conforman —título, prólogo e nota aclaratoria— teñen como función primordial rodea-lo texto dun conxunto de informacións de suma importancia á hora de aborda-la súa análise. O título preséntase xa como eixo temático revelador do sentido da historia. Neste sentido, título e texto manteñen unha relación evidente: o título ademais de cumpri-la función de designación do texto, propón unha dependencia semántica entre ambos, en tanto que a prediución é un elemento central do universo diexético que se escolle para titula-la novela[10].

As "Catro palabriñas" iniciais constitúen un prólogo autorial que funciona, en tanto elemento paratextual, como guía de lectura. Neste sentido, infórmanos da orixe da obra e das circunstancias da súa redacción e expresa que se trata dunha obra de xuventude chea de erros e incoherencias. Estamos pois ante unha advertencia preliminar redactada algún tempo despois da escrita da novela, na que Pérez Placer reflexiona con distancia sobre unha obra do pasado, é dicir, tras dun intervalo de tempo que o converte en lector do seu propio texto. Nas súas palabras observáse un ton de xustificación e prevense ós lectores dos posibles defectos e incoherencias de *Prediución*, utilizando o recurso retórico da *captatio benevolentiae*. Segundo as nosas noticias, a novela nunca foi editada en volume independente, quizais debido a esa falta de calidade que intuía o noso escritor.

---

[9] G. Genette, *Palimpsestes*, Paris: Éd. du Seuil, 1981, p. 9.

[10] Charles Grivel, *Production de l'intérêt romanesque*, The Hague/Paris: Mouton, 1973.

Outro dos elementos que forman parte do paratexto é a nota explicativa que aparece a pé de páxina no comezo do capítulo terceiro. A ruptura temporal da ficción que ocasiona, fai lexítima a súa adscrición ó eido do paratexto[11]. O discurso exposto no prólogo e na nota manteñen unha manifesta relación de continuidade. Trátase en ámbolos dous casos dunha redacción posterior á do texto que ten como destinatario o público lector, co fin de xustifica-la presencia dun elemento, a pantasma, que se encadra, segundo se desprende da explicación do autor, no ámbito dos costumes galegos esixido polas bases do certame, que afecta tamén á descrición do costume dos "achados". Deste comentario dedúcese unha actitude de distanciamento do noso autor con respecto ós temas costumistas que debía incluír no tema da novela por esixencias dos requisitos do certame. Esta obriga pon de manifesto a concepción da narrativa imperante naqueles anos, centrada na descrición das festas populares e nos elementos tradicionalmente asociados ó imaxinario popular, que Pérez Placer utiliza nalgunhas ocasións a falta doutras alternativas literarias pero que co tempo intentará superar, ben centrando a súa atención no deseño psicolóxico dos personaxes, ben utilizando un autor implícito distanciado e escéptico, como ocorre nalgúns dos relatos de *Contos da terriña*. Tanto a descrición da festa popular en Figueiredo, na que se produce a mención da pantasma, coma a conversa entre as xentes dese lugar e a explicación do costume dos "achados" poden considerarse totalmente accesorios e prescindibles con respecto á acción principal do relato.

As funcións sobre as que está montado o relato responden ó modelo estudiado por Vladimir Propp[12] para o conto folclórico, aínda que non todas teñen un tratamento detallado. Trala presentación da situación inicial dáse paso ás funcións da acción: o *arredamen-*

[11] G. Genette, *Seuils*, Paris: Éd. du Seuil, 1987, p. 305.

[12] Vladimir Propp, *Morfologija skazky*, 1928 (traducción española, *Morfología del cuento*, Madrid: Ed. Fundamentos, 2ª ed., 1974).

to de Ilda do Castelo no momento da cacería, transgredindo a *prohibición* e ignorando as advertencias. Tralo suceso fantástico que vive coa bruxa, Ilda garda silencio para protexer a Rodrigo do seu destino. Pero o rapaz gaña a súa complicidade e pretende enche-la súa carencia por medio da *interrogación* e a *obtención de información* sobre os pais. Comeza entón a acción contraria. Lope, o heroe-víctima, desprázase do lugar onde se atopa cara ó castelo, onde chega de incógnito baixo unha apariencia distinta. É recoñecido porque só el posúe a chave de acceso á entrada secreta do castelo, elemento que funciona como *obxecto marca* e produce o *recoñecemento* de Ilda. Despois, enfróntase nun *combate* co opoñente (o conde) e este é vencido. O combate continúa con Rodrigo, que causa o fin tráxico.

A modalización dominante en *Prediución* presenta un narrador omnisciente clásico en terceira persoa que cede a súa voz narrativa ós personaxes en dúas ocasións, dando paso a microrrelatos autobiográficos de acontecementos pasados contados en primeira persoa e integrados na acción principal. Isto ocorre no capítulo "A Bruxa do Monte Sacro", na voz de Ilda, e en "O achado" coa voz narrativa de D. Lope. Tras destas interrupcións, a narración volve á voz do narrador en terceira persoa, que conduce o relato ó seu final. No capítulo cuarto agroma a voz do *autor implícito*[13] cumprindo unha *función metanarrativa*, que se entromete no discurso para ofrecer unha aclaración que resolva unha posible incoherencia no relato. O *autor implícito* explica, introducindo a primeira persoa e pasando por riba da voz do narrador omnisciente, un aspecto formal do discurso, dirixíndose deste xeito ó *lector implícito*[14] ou mellor ó

---

[13] Segundo o concepto desenvolvido por Wayne C. Booth en *The Rhetoric of Fiction,* University of Chicago Press, 1961 (traducción española, *La retórica de la ficción*, Chicago: Barcelona: Bosch, 1974).

[14] Concepto aportado pola denominada Estética da Recepción e desenvolvido por Wolfgang Iser en *The Implied Reader: Patterns of Communication in Prose Fiction from Bunyan to Beckett*, Baltimore: The John Hopkins University Press, 1974.

lector empírico: "E algús perguntaranme ¿e as froles cantan? (...) Pro olvidamos o grau pola palla".

O risco que máis chama a atención en canto á temporalización da novela é a falta de precisión, que converte a *Prediución* nun relato marcado pola indeterminación temporal. A historia sitúase nun tempo non matizado do que a penas se fornecen datos que permitan situar cándo transcorren os feitos que se están a relatar. A única noticia a este respecto correspóndese cunha alusión á guerra que mantén o Arcebispo de Santiago cos nobres galegos[15], inserta no relato. A historia artéllase comezando o relato *in medias res*, exactamente no momento en que Rodrigo pregunta a Ilda a identidade dos seus verdadeiros pais e a causa de que non poida coñece-las súa orixe. De seguido intercálanse dous relatos secundarios centrados en feitos ocorridos no pasado, que constitúen dúas analepses de carácter completivo e explicativo que se sitúan nos capítulos segundo e cuarto, empregando un recurso tradicional da narración literaria. Tras destas interrupcións a acción continúa ata o seu desenlace.

O esquema do tempo referencial da novela contén tres momentos temporais claves que configuran o relato primeiro a través dos cales a acción avanza ata chegar á súa conclusión: atardecer / noite / amencer.

Pero este esquema de tempo lineal complícase coa inclusión de dúas alteracións na orde do relato que teñen a función de ralentizalo e de dar sentido ós feitos que van ocorrer, buscando as explicacións no pasado, á vez que introducen as coordenadas temáticas fundamentais dende as cales se explica a trama argumental da historia:

---

[15] Tanto o primeiro Conde de Altamira, D. Lope Sánchez de Moscoso, morto en Santiago en 1504, coma o segundo, D. Rodrigo Osorio de Moscoso, tiveron problemas e enfrontamentos con Lope de Fonseca. Tendo en conta esta información, cremos que a historia se desenvolve entre os séculos XV e XVI. Vid. César Vaamonde Lores, "Gomez Pérez das Mariñas y sus descendientes", *Boletín de la Real Academia Gallega*, Tomo IX, nº 98, 1 de outubro de 1915, pp. 39-46.

- Cap. I e II. (A) atardecer: conversa Ilda-Rodrigo; (A1) presentación do primeiro conflicto do pasado.

- Cap. III e IV. (B) noite: aparición do peregrino; chegada do peregrino ó castelo; conversa Ilda-Lope; (B1) presentación do segundo conflicto do pasado.

- Fin cap. IV. (C) amencer: conclusión.

As dúas analepses (A1) e (B1) están asumidas por un dos protagonistas do relato primeiro -Ilda a primeira e Lope a segunda- e polo tanto temos que consideralas nun nivel narrativo secundario. Poden considerarse homodiexéticas en tanto teñen que ver co relato primeiro ó que completan dende un punto de vista temático e ámbalas dúas xorden no transcurso das escenas dialogadas que manteñen os personaxes recorrendo á utilización de tempos verbais de aspecto perfectivo para acelera-la acción e a técnicas como o *resumo*, a *elipse*, a *pausa descritiva* ou a *pausa digresiva*.

O espacio fundamental de *Prediución* é o Castelo de Altamira, no que se desenvolven os feitos fundamentais dos segmentos temporais sinalados anteriormente. Neste sentido, cómpre sinalar que tanto Ilda coma Rodrigo permanecen sempre no Castelo, sen desprazamentos, mentres que Alonso é o único personaxe que posúe unha mobilidade espacial significativa no relato. O único desprazamento que realiza Ilda ocorreu nun tempo anterior e tivo como consecuencia a predicción da bruxa da Cova da Moura.

A descrición do Castelo preséntase, dende a súa posición privilexiada en canto á situación, como "de pedra fantástico xigante". Non existen máis referencias descritivas, agás as que o narrador ofrece de pasada referidas ós seus interiores a través de pequenas pinceladas sobre os enseres e o luxo que corresponde ós condes. Sen embargo, os exteriores do Castelo ocupan amplos tramos da narración. As primeiras páxinas do relato están dedicadas á descrición da natureza que o rodea e ó espacio dende o que se domina unha ampla vista dos arredores.

Os saltos temporais introducen os cambios no espacio con respecto ó relato primeiro: no primeiro caso, Ilda relata a súa experiencia no Monte Sacro, preto do Castelo; no segundo, Lope despraza a atención ó lugar onde transcorreu a súa infancia, Verdefondo, preto do curso do río Miño e os seus primeiros anos de mozo en Ourense onde teñen lugar os seus amores. Fai referencias á serra de Figueiredo onde morre Margarita tralo parto e ós Santos Lugares ós que marcha de peregrinación trala súa desgracia.

No episodio da Cova da Moura, no Monte Sacro, o narrador recrea un espacio fantástico con todo luxo de detalles. Sitúanos así no medio dunha tempestade con ventos, nubes escuras, lóstregos e tronos, sapos, arañas, bruxas, defuntos, lume, xofre, demos, almas en pena, moi na liña tamén da tradición contística popular galega dos relatos de aparecidos e elementos máxicos.

Prediución presenta un número reducido de personaxes sen entidade abondo para analizalos con detalle. Todos eles poden considerarse personaxes unidimensionais[16] xa que están pouco tratados psicoloxicamente e non evolucionan en absoluto ó longo do relato. Os máis destacados pola súa presencia e significado no desenvolvemento do relato son Ilda, Rodrigo e Lope. Do seu aspecto físico a penas dispoñemos de breves pinceladas e en canto ó seu carácter preséntanse dominados por un estado de melancolía e atormentados polo pasado —Ilda e Lope— ou por unha situación de insatisfacción no presente —Rodrigo. Os demais funcionan como personaxes secundarios que completan determinados aspectos da historia, presentan un desenvolvemento moi esquemático e aparecen nunha soa ocasión: a bruxa —que determina a predicción—, o Conde —que provoca o desenlace—, Margarita —protagonista da historia de amor— e os tipos populares descritos na festa de Figueiredo.

---

16 *Flat character*, en contraposición a *round character*, segundo a terminoloxía de Edward Morgan Forster, *Aspects of the Novel*, London: Penguin Books Harmondswonth, 1970.

Dende a perspectiva de análise de Claude Bremond[17], Rodrigo desempeñaría o rol de *paciente* en canto que é o personaxe afectado, dende a situación inicial, pola *fatalidade dun proceso futuro* do que toma conciencia pola información que recibe de Ilda. Esta desempeña entón o rol de *influenciadora* xa que ten a función de comunicar voluntariamente ó paciente a situación que lle afecta tras da pregunta inicial do interesado. Rodrigo sofre un *proceso de dúbida* ó que lle segue o *proceso de confirmación* do seu estado, que asume manifestando a súa insatisfacción e converténdose así en víctima. A vida de Rodrigo modifícase pola intervención dun *axente involuntario*, Lope, que axuda ó cumprimento da fatalidade. Este asume voluntariamente a tarefa da busca do fillo descoñecendo que a súa acción lle ocasionará, involuntariamente, un prexuízo inexorable. Neste sentido desempeña o rol de *degradador involuntario* do seu fillo e tamén de si mesmo xa que morre cando cumpre a súa tarefa.

No que atinxe ás liñas temáticas cómpre facer notar que Heraclio Pérez Placer crea un relato no que ademais de desenvolver unha historia que constitúe a narración principal dá paso a relatos intercalados que posúen elementos moi diferentes dende o punto de vista temático e que teñen así mesmo diferentes tratamentos e importancia en extensión. Hai nesta noveliña un importante peso da tradición baixo a forma de reelaboración das lendas populares que existían con anterioridade en torno ó Castelo de Altamira e que recrean a súa destrucción. Outro dos elementos temáticos que aparecen en *Prediución* ten que ver cos motivos recorrentes na literatura que desenvolven a orixe descoñecida, a busca do pai e o adversario descoñecido[18]. O tema do orfo de pais descoñecidos aparece tamén en *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares e ten unha longuísima tradición en tódalas mitoloxías con variantes

---

[17] *Logique du récit*, Paris: Éd. du Seuil, 1973.

[18] Vid. Elizabeth Frenzel, *Diccionario de motivos de la literatura universal*, Madrid: Gredos, 1980, pp. 1-7, 42-48, 230-239.

múltiples nos contos de fadas e na literatura fantástica. Na meirande parte das ocasións, no motivo da busca do pai intégrase a loita cun adversario descoñecido. Este elemento temático correspóndese coa situación que se produce cando existe un enfrontamento nun combate entre parentes que non se recoñecen. En *Prediución*, Rodrigo enfróntase nun combate co seu pai, descoñecendo de quén se trata. Non se produce a anagnórise antes do feito, e cando Ilda lle informa da súa identidade é xa demasiado tarde.

Outro dos temas de longa tradición literaria é o destino, *fatum* inexorable que persegue a Rodrigo e desencadea a traxedia. Dúas forzas pesan sobre el —a predicción que Ilda lle relata e a maldición que pesa sobre Lope— e de ningunha das dúas é responsable directo. A partir do momento no que comeza o relato, a súa existencia está determinada por sucesos que escapan ó seu control e que o conducen a un destino tráxico, construído consecuentemente sobre unha predicción e unha maldición. No momento da predicción introdúcese ademais o elemento da bruxería[19], habitualmente asociado ás prácticas máxicas baixo a forma de sortilexios e maleficios. En *Prediución* o ambiente que rodea á bruxa garda relación cos motivos infernais e as forzas do maligno e consegue esperta-lo medo e o espanto en Ilda, desconcertada ante os feitos que está vivindo nunha situación de irrealidade. O narrador, coa voz da protagonista, incide na descrición deste espacio e nas sensacións de Ilda ante a estraña situación que está a contemplar.

En *Prediución* hai tamén un relato de amores desgraciados que contén tódolos elementos da tradición romántica. Insístese no momento do inicio da paixón e da correspondencia amorosa entre dous amantes que pertencen ó mundo rural, e comparten as tarefas propias do campo. Esta vida compartida é a causa dunha felicidade

---

[19] Vid. Pilar González de Mendoza, *Diccionario de Temas de Literatura Española*, Madrid: Istmo, col. Fundamentos, nº 108, 1990, p. 26.

tan só rota polos celos cando Lope pretende proba-los sentimentos de Margarita. Daquela esperta unha dúbida que non fará máis que asegura-los sentimentos de ambos e dar comezo a un idilio apaixonado que supera os límites morais establecidos e chega á entrega carnal. Ó cabo dos meses, e como feito esperado, Margarita anuncia que espera un fillo. Debido ós amores ilícitos, a solución é a fuxida da sociedade, un arredamento que causa a morte tralo parto de Margarita. Lope recibe entón unha maldición que responde á súa debilidade e ó peso da culpa que el mesmo sente.

Pérez Placer emprega outro elemento recorrente nos relatos folletinescos do momento: o adulterio, desenvolvido baixo a forma do equívoco e da ambigüidade da escena, acentuada polo descoñecemento da identidade dun novo personaxe que introduce no relato. Lope entra no cuarto de Ilda e pasa alí toda a noite. A escena da despedida dos supostos amantes está tan ben lograda que non resulta inverosímil que o conde, agochado, sospeite que se trata dunha infidelidade de Ilda. Como consecuencia debe venga-la súa honra, por máis que Ilda lle aclara que se trata de seu irmán. Hai un claro vencellamento desta escena do marido agochado coa comedia de enredo ou co folletín.

Malia ser unha obra de xuventude, con inxenuidades e defectos, cremos que *Prediución* non merecía permanecer esquecida nas páxinas dun semanario, aínda da importancia de *O Tío Marcos da Portela*.

Contos, leendas e tradiciós

O primeiro libro de relatos en galego de Heraclio Pérez Placer, *Contos, leendas e tradiciós*, elaborouse na imprenta do xornal *El Eco de Orense*, situada na rúa de Alba, número 45, no ano 1891. Ábrese cun poema titulado "¡Nai!", que constitúe unha explícita

dedicatoria do autor xa que nel aparece o profundo agarimo e agradacemento que Pérez Placer debeu sentir pola súa nai e que se estende á figura materna en xeral, se atendemos á tenra representación que dela fai e á especial comprensión que amosa a respecto dos seus sentimentos polos fillos cada vez que a utiliza na ficción literaria.

O volume contén dezanove relatos que son, por esta orde: "¡Ourensiño, meu Ourense!...", "Corpo sin alma", "O puzo da Sila", "O puzo do inferno", "O can de San Roque", "Frol muscha", "¡Fillo!", "A cruz do piñeiral", "¡Rillote!", "Cóxegas", "¡Sempre son eles!...", "Frol sin rego", "Farruco", "O pantasma branco", "Niño desfeito", "Consonante forzado", "A Virxen do Carme da Burga", "A..." e "Ánxel". Trátase de prosas de diferente fasquía e corresponden a épocas diversas.

Por unha banda, temos aqueles contos que Pérez Placer xa publicara en *O Tío Marcos da Portela* entre os anos 1886 e 1889 e que reúne agora neste libro: "O puzo da Sila" (1886), "O puzo do inferno" (1886), "¡Ourensiño, meu Ourense!..." (1887), "Frol sin rego" (1887), "O pantasma branco" (1887), "Corpo sin alma" (1888), "A cruz do piñeiral" (1888) e "A Virxen do Carme da Burga" (1889).

Os textos presentan algunhas variantes entre a primeira e a segunda publicación, o cal fai pensar que o autor releu os relatos e realizou as modificacións que considerou oportunas. Obsérvase neles unha revisión lingüística que implica o cambio de certos vocábulos (hermosura / fermosura; premeado nun certamen / premiado nun certame; miserabre / miserable; lino / liño, etc.), casos nos que coincide co concepto de corrección que temos actualmente, mentres que ás veces son cambios máis desafortunados (adolescente / adoescente; espectadores / espeutadores; pozo / puzo; noivos / novios, etc.). Ademais desta persoal corrección lingüística,

percíbese certa vontade de depuración estilística, en canto que altera a orde das palabras, cambia determinados adxectivos e acurta ou alonga algunhas frases. Pero o que máis chama a atención é a supresión nalgún conto de longos anacos do texto publicado en *O Tío Marcos da Portela*, como sucede, por poñer un exemplo, en "Frol sin rego", onde a descrición da protagonista está bastante máis reducida no libro que na revista. Ás veces, ó comparar ámbalas dúas versións, a eliminación dun anaco determinado de texto revela un desexo de atenuar certos comentarios, como sucede por exemplo en "O puzo da Sila". Na versión publicada no semanario ourensán pode lerse: "(...) porque as condanadas das mulleres cando ven un home achoutan máis que cando o gando está abeirado", frase que desaparece na edición en libro. Ademais, hai modificacións dos enclaves espaciais nos que se sitúa a acción —como ocorre en "O puzo da Sila", onde se cambia o Castelo de Penafurada de *O Tío Marcos*, por Castel-Ramiro do libro; ou dos nomes dos personaxes —en "A cruz do piñeiral" os personaxes son Ánxel e Frolinda na versión da revista e Xacinto e Frolinda na versión en libro. De todas estas variacións damos conta nas notas que acompañan ós textos.

Á parte dos relatos que xa apareceran en *O Tío Marcos*, *Contos, leendas e tradiciós* ofrece outros que non se publicaran ata a saída do volume en 1891: "O can de San Roque", "Frol muscha", "¡Fillo!", "¡Rillote!", "Cóxegas", "¡Sempre son eles!...", "Farruco", "Niño desfeito", "Consonante forzado", "A..." e "Ánxel". Se consideramo-las datas de publicación, *Contos, leendas e tradiciós*, inclúe, pois, relatos que corresponden a un período de tempo que vai de 1886 a 1891. Algunhas das narracións do libro están datadas polo propio autor que indica deste xeito o ano no que están escritas: "Corpo sin alma" (1877), "¡Ourensiño, meu Ourense!..." (Ávila, 1884), "O puzo da Sila" (1885), "O puzo do inferno" (1885), "Farruco" (1886), "Frol sin rego" (1887), "O pantasma branco", (1888), "¡Fillo!" (1889), "A Virxen do Carme da Burga" (1889),

"Frol muscha" (1890), e "Ánxel" (outono de 1890). Na nosa opinión estas datas que figuran ó final do textos corresponden, máis que a un simple artificio literario do autor, ó momento da escrita dos textos, non só porque as datas dalgúns deles corresponden coa súa publicación en *O Tío Marcos da Portela*, senón tamén porque conteñen acontecementos que corresponden puntualmente á vida do autor, moi dado a reflectir aspectos da súa propia biografía nas ficcións, a entrecruza-la recreación literaria e a vida. Por exemplo "Ourensiño, meu Ourense..." está asinado en Ávila en 1884, onde Pérez Placer residiu durante un tempo; o mesmo pode suceder co relato "Ánxel", asinado en outubro de 1890 —data que corresponde á volta a Ourense do escritor—, no que xa F. Rodríguez Quintana poñía de manifesto o seu vencellamento coa realidade ourensá:

> Yo no conozco a Orense, pero creo que en este relato todo vive realmente y que Ángel no es un ser imaginario, pero respetemos el secreto del autor[20].

Tan só nun caso dubidamos se a data que figura ó final do relato é a correcta. Trátase de "Corpo sin alma", asinado no 1877 e publicado en varias entregas en *O Tío Marcos da Portela* no ano 1888. Quizais por erro figura 1877 en vez de 1887, porque aínda que se trata dun relato de escrita bastante simple, tanto na estructura coma no desenvolvemento, resulta un pouco dubidoso que Heraclio Pérez Placer escribise un conto de tal extensión con tan só 11 anos. O que si é claramente un erro é a datación de "O pantasma branco" —1888—, dado que xa fora publicado en *O Tío Marcos da Portela* no 1887.

---

[20] F. Rodríguez Quintana, "Contos, leendas e tradiciós", *El Eco de Orense*, nº 1513, 5 de marzo de 1892.

Contos da terriña

Contos da terriña foi publicado no ano 1895 na Coruña, na Biblioteca Gallega que editaba Andrés Martínez Salazar. Imprimiuse na Tipografía de la Casa de Misericordia e ábrese cunha lírica dedicatoria, asinada en Ourense en 1895, dirixida a Carmen Pico Ferreiro, muller do escritor, na que o autor amosa a especial relación que mantiñan.

A seguir inclúense trinta e catro relatos: "Amor de fadas", "O sr. Capitán", "Cereixas", "Solfa", "A bo zorro, mellor can", "¡Velliña, miña velliña!...", "¡Suicida!", "¡Mentirán!...", "¡¡BRRRR!!...", "Flor de liño", "A pillo, pillo e medio", "O espertar", "O magosto", "Pau de corno", "Ensono", "A festa das fadas", "Chinita", "O xeneral", "O colexio de Rubido", "Borrolito", "Pitirroxos", "O violín encantado", "A riada", "O demo con uniforme", "O Cristo da Colada", "¡O próximo!", "A verdá da historia", "A outro can con ese óso", "Follas secas", "Avelaíñas", "Rapañota de xasmís", "Os dous foliós" e "O emigrado", inéditos ata a publicación do libro. Ademais contén "A goleta", traducción do castelán dun conto de Francisco Álvarez de Nóvoa. Por outra parte, cómpre anotar que a meirande parte destes relatos están dedicados a amizades e parentes do autor. Entre os seus amigos constan nas dedicatorias os nomes de Andrés Martínez Salazar, Francisco Álvarez de Nóvoa, Segundo García de la Riva, "certa ilustre escritora", que supoñemos se trata de Emilia Pardo Bazán, Benito Fernández Alonso, José Alguero Penedo, Salvador Golpe, Joaquín M. Álvarez de las Asturias, Eladio Rodríguez González, Manuel Núñez González, Galo Salinas, Alberto García Ferreiro, Filomena Dato Muruais, Ramón Parada Justel, Jacobo Durán Loriga, Evaristo Martelo Pauman, Castro Pazos, Modesto Fernández y González, Roque Pesqueira Crespo, os compañeiros da redacción do xornal *El Derecho* e Basilio Santalla. Entre os parentes aparecen, ademais da súa muller, xa mencionada, a súa irmá Sofía, a nai, a sobriña Carmen (filla de

Sofía), un seu tío político, Ramón Ferreiro Varela e unha prima, Rafaela Placer. O libro péchase cun índice e unha "Fe de erratas".

En conxunto estes contos supoñen un salto cualitativo bastante considerable con respecto ó volume anterior. Sábese que Pérez Placer realizou unha lectura do libro en Santiago, perante dalgúns amigos. Isto indica cánto lle importaba o consentimento daqueles que consideraba dentro do seu círculo, a aprobación do seu facer tralas numerosas críticas que recibiu despois da publicación de *Contos, leendas e tradiciós*.

Nestas narracións agroma o fundamental de Pérez Placer, que xa podía observarse esbozado na entrega anterior, pero a delicadeza, o intimismo e mesmo un coidado moito maior no estilo, fan de *Contos da terriña* o mellor da súa producción narrativa en galego. Obsérvase tamén unha maior coherencia na totalidade dos contos, as liñas temáticas repítense con máis nitidez, aínda sendo unha producción variada. Atoparemos nestas páxinas o pasado idealizado, as lembranzas da infancia, a presencia da nai, as descricións froito da contemplación da paisaxe, pero sobre todo un maior afondamento na psicoloxía dos personaxes que protagonizan os relatos, unha achega moito máis efectiva ós seus sentimentos dende unha ollada íntima e lírica que enche de matices cada unha das narracións. Pérez Placer abandona aqueles personaxes movidos por sentimentos extremos ou sen abandonalos incide neles dun xeito que os enriquece. No que toca ó lirismo, afonda na liña de "¡Fillo!", nesa comprensión pola nai e os seus sentimentos. Abandona as lendas do pasado -tan só atoparemos unha nas páxinas iniciais do libro, "Amor de fadas"- sen deixar de achegarse ó rexistro popular. Así, algún conto como "¡Brrr!..." pertence á tradición oral. Tampouco deixa de lado o humor popular -contra xastres, cregos-, e a parodia de certas situacións ás que consegue darlles coa súa pluma sempre afiada certos matices irónicos. A contención é clara con respecto ó tema da sensualidade e mesmo, como sucede en "A pillo, pillo e

medio", fai gala de saber conterse perante o que ve, aínda que ás veces se permita certas concesións.

Beira do lar (Cuentos gallegos)

Beira do lar (Cuentos gallegos) é o terceiro e derradeiro volume que contén prosa en galego de Heraclio Pérez Placer. A portada, asinada polo pintor Ramón Parada, amigo do escritor, está ilustrada co debuxo dunha lareira. O libro foi editado en Santiago na casa editorial de José Gali Camps e imprimiuse na tipografía de *El Eco de Santiago*. Na data que figura na primeira páxina pode lerse 1901, aínda que a dedicatoria que contén páxinas máis adiante titulada "A un predilecto amigo", aparece asinada na Ermida de Santa Marina entre o 23 de febreiro de 1902 e o 12 de maio de 1902. Polo tanto, o libro non puido estar á venda no ano 1901. Modesto Hermida[21] fala de que non saíu por diversas dificultades ata o ano 1903, o que indica ademais de complicacións para a edición, un "delongado período de xestación do libro".

Trátase dun libro-miscelánea, con certo carácter de antoloxía, que recolle dez relatos inéditos —"A pior cuña", "A embocadura", "Por casualidá", "A lira de Bregoám", "Xuicio de faltas", "Buscando fío", "Un sermón en Noia", "A cocada", "Inverniza" e "O sapo e o verme de lus"—, máis outros trece xa incluídos en *Contos, leendas e tradiciós* e *Contos da terriña*: "¡Rillote!...", "¡Fillo!...", "A outro can con ese óso", "A bo zorro, mellor can", "Avelaíñas", "Rapañota de xasmís", "Cóxegas", "Niño desfeito", "¡Mentirán!", "O emigrado", "Farruco", "Solfa" e "Pitirroxos". Ademais, en *Beira do lar* inclúense catro poemas narrativos, "Leria... leria", "A vendima", "O cruceiro da serra" e "¡Asús!", que non incluímos nesta edición.

---

[21] Modesto Hermida, *op. cit.*, p. 129.

Nas primeiras páxinas do libro aparece un interesante prólogo en castelán dirixido "Al lector" e asinado por "Los Editores", onde se resume brevemente a traxectoria persoal e literaria do autor en ton laudatorio. Sinálase que a publicación do volume pretende facilitar a tódolos lectores interesados neste contista os seus relatos, de difícil difusión por estar esgotados. De seguido, faise un percorrido pola obra literaria de Pérez Placer e recóllense algúns comentarios críticos ós libros publicados anteriormente. Sinálase que a súa primeira obra foi unha novela de xuventude titulada *Prediución*; refírense ós seus comezos en *O Tío Marcos da Portela* e á publicación do seu primeiro volume de relatos, *Contos, leendas e tradiciós*. Son moi interesantes as palabras que se dedican a este libro, pois dan boa conta da súa recepción no momento no que viu a luz. Sinálase a presencia do naturalismo[22], ó que se considera un defecto que se disculpa pola xuventude do seu autor e que mesmo chega a ser un recurso para rompe-lo xeito de narrar habitual dos seus coetáneos. En especial, os editores destacan dous "preciosos cuentos": "Fillo", polo seu sentimentalismo, e "Rillote", pola polémica que suscitou e pola difusión popular que alcanzou. Ademais, reprodúcese unha crítica laudatoria asinada por Eladio Rodríguez González e publicada na revista *Galicia* (ano I, número 2) na que se defende nun ton apaixonado a obra de Pérez Placer e o seu naturalismo tomado da realidade galega.

---

[22] A cuestión do naturalismo foi abondo discutida en toda a Península dende 1876, ano no que aparecen na prensa as primeiras mencións de Zola e as súas novelas. Pero é sobre todo a partir de 1880 cando se publican outras aportacións que afondan no tema e orixinan a eclosión do debate. Así destacan as reflexións de Leopoldo Alas, Manuel de la Revilla ou U. González Serranos. A aportación máis valiosa é a de Emilia Pardo Bazán coa serie de artigos titulados *La cuestión palpitante*, que publicou dende novembro de 1882 ata abril de 1883 no xornal madrileño *La Época*, coa intención de aportar información sobre esta escola francesa. A polémica suscitada pola publicación destes artigos deu lugar a un intercambio de opinións a favor e en contra das ideas expostas por Pardo Bazán. (Vid. José Manuel González Herrán, "Estudio introductorio" en *Emilia Pardo Bazán, La cuestión palpitante*, Santiago de Compostela/Barcelona: Universidade de Santiago/Editorial Anthropos, 1989).

Trala reproducción desta crítica continúan "Los Editores" referíndose á seguinte obra de Pérez Placer, *Contos da terriña*, na que observan o comezo dunha segunda época na escrita do autor, marcada por unha evolución do estilo, agora "más brillante, más limpio, más modernista", e por un naturalismo moi matizado: "los brochazos naturalistas más artísticos, se aparta el autor instintivamente del modo de hacer de Zola y se acerca á Daudet[23]". De novo, comentan o aplauso da crítica que recibiu o volume na "prensa de todos los matices", e en representación destas opinións reprodúcense dous comentarios: un asinado por Valcarce Ocampo e outro atribuído a Francisco Álvarez de Nóvoa[24]. Con respecto á primeira, Valcarce Ocampo saúda ó libro con entusiasmo polo que nel percibe de reflexo da súa propia existencia e do seu vivir. Salienta a presencia de contos nos que domina o sentimento, os "aromas, luces y colores", contos nos que predomina o humor ou "*churrusqueiros*" e contos tráxicos. Salienta que a beleza que contén o libro en con-

---

[23] Refírense a Alphonse Daudet (Nîmes, 1840-Paris, 1897), escritor francés que pretendeu describir "milieux strictement vrais, copiés d'après nature", segundo as súas palabras. Frecuentou a Flaubert e Zola e a inspiración do realismo percíbese nas súas novelas *Fromont jeune et Risler aîné* (1874), *Nabab* (1877), *Rois en exil* (1879), *Numa Roumestan* (1881) ou en *L' Inmortel* (1883), todas elas estudios sobre os pequenos empresarios, os aristócratas e os homes de letras. A pesar da súa amizade con Zola, a obra de Daudet móstrase máis próxima á fantasía có naturalismo pola frescura dos seus relatos, polo seu estilo, que fai pensar na escrita dos Goncourt, pola súa tenrura e sentimentalismo que se transparenta especialmente en *Le Petit Chose* (1868) ou en *Contes du lundi* (1873) mesturado cunha grande ironía e polo erotismo e sensualidade. (Cfr. *Dictionnaire historique, thématique* et *technique des Littératures*, cit., vol. I, p. 417). En efecto, en moitos dos contos de Heraclio Pérez Placer obsérvase certa conexión con Daudet e mesmo cos irmáns Goncourt.

[24] Non temos localizado nin o lugar nin a data de publicación da crítica de Valcarce Ocampo. Polo que respecta ó que os editores atribúen a Francisco Álvarez de Nóvoa, foi publicado en *As Burgas*, ano II, nº 10, 3 de marzo de 1895, pp. 1-2 pero na revista aparece sen asinar. Cítanse ademais outros comentarios que suscitou *Contos da terriña*: un publicado por "el notable crítico" D. Antonio Sánchez Pérez na revista *Nuevo Régimen* e outro aparecido en Revista Contemporánea, que tampouco temos atopado.

xunto supera a calquera defecto que se lle queira atribuír e xustifica a súa opinión declarando que non está a facer unha crítica de amigo pois non coñece persoalmente ó autor. Pola súa parte, Álvarez de Nóvoa salva tamén o naturalismo de Placer centrándose nos aspectos máis artísticos e sentimentais, nas descricións cheas de sutilidade e beleza, nas paisaxes, na análise dos tipos populares deste "poeta das delicadezas". Comenta brevemente algúns dos contos do volume e destaca os comentarios que mereceu na prensa rexional, "unánime en xuzgalo, en non avariciarlle eloxios e non ter pra il a máis pequena censura".

O prólogo de "Los Editores" péchase cunhas aclaracións respecto ós contos escollidos e cuns pequenos apuntamentos biográficos sobre Pérez Placer. Anúncianse varias obras en prensa, entre elas unha novela en galego titulada *A vinculeira*, da que non temos constancia.

Outros relatos

Por último, existen catro relatos que Pérez Placer publicara ó comezo da súa carreira literaria nas páxinas de *O Tío Marcos da Portela*, sen que posteriormente fosen recompilados. Trátase de catro textos publicados ó longo dos anos 1886 e 1887 — "Pepa", "A tola do mar", "Os dous bicos" e "¡Milagre!"—, no medio daqueloutros recollidos en *Contos, leendas e tradiciós*, que nos pareceu de interese exhumar das páxinas do semanario ourensán. "A tola do mar" —unha historia de amor entre Margarida e Xacinto, dous rapaces orfos— está incompleto pois non demos atopado a continuación no facsímile de *O Tío Marcos*. Tanto no seu estilo coma na súa temática son bastante máis simples dende o punto de vista argumental e técnico cós publicados en libro no 1891.

Algunhas claves de interpretación

Nalgúns destes relatos está moi presente a influencia da literatura popular nas súas diversas manifestacións. Nesta liña incluiríanse as lendas e contos populares nos que Pérez Placer mestura varios temas e técnicas, seguindo neste sentido unha liña de imitación frecuente en Galicia no marco da ideoloxía rexionalista ou agrarista que caracteriza respectivamente a boa parte dos escritores das últimas décadas do século XIX e das primeiras do XX. Gracias á revaloración da literatura popular, que comeza en torno a 1860, os escritores pasaron a considerala unha fonte importante de inspiración. Neste sentido pode verse cómo os títulos dos tres libros de relatos de Pérez Placer configuran xa uns parámetros de lectura determinados pois presentan un claro vencellamento coa literatura popular. Os tres asócianse coa tradición contística galega e, en particular, *Beira do lar* alude ó contexto habitual de difusión desta producción xeralmente unida ás reunións en torno á lareira e o mundo agrario. Tamén *Contos, leendas e tradiciós* e *Contos da terriña* poñen de relevo, xa dende o encabezamento, o importante peso da tradición popular e o interese por dotar a estas recompilacións de relatos dun verniz que as asociase á recuperación da literatura tradicional de base oral.

Na producción de Pérez Placer cómpre distinguir en primeiro lugar aqueles contos que proceden directamente da tradición popular, xa que deles existen outras versións semellantes que el adapta ó seu estilo particular, como sucede en "¡Mentirán!", "¡¡BRRRR!!...", "A bo zorro, mellor can" e "Por casualidá". Por outra banda poderiamos agrupa-los contos que parecen ser froito da creación persoal do autor pero que no estilo, na ambientación ou na temática posúen características similares ás que identifican os contos populares. Neste grupo incluiríanse "Frol muscha", "Niño desfeito", "O sapo e o verme de lus" na liña dos contos marabillosos, e tamén aqueles relatos que desenvolven unha breve anécdota

humorística, no marco dun ambiente rural, protagonizada por tipos populares —"A outro can con ese óso", "Xuicio de faltas". Tamén aqueles que desenvolven unha burla de calquera tipo utilizando o que A. Olrik (*The Study of Folklore*, 1965) denominou *lei do contraste*, segundo a cal os personaxes na narrativa tradicional adoitan ofrecer unha clara oposición de caracteres bo/malo, listo/tonto; astuto/inxenuo —"O can de San Roque", "Farruco", "Consonante forzado", "Solfa", "A pillo, pillo e medio", "A pior cuña", "A embocadura". Xunto a estes estarían aqueles máis atrevidos en canto á representación de escenas eróticas ou encontros sexuais entre homes e mulleres, como sucede en "Pau de corno", "¡Rillote!...", "Cóxegas", "¡Sempre son eles!..." ou "Buscando fío".

O humor, a burla, a representación de tipos populares que responden a características predeterminadas —como cregos, xastres, pescas, estudiantes, mulleres atrevidas, homes inocentes—, o erotismo e a procacidade son temas habituais dos contos populares que o noso autor utiliza na súa literatura adaptándoos ó seu particular estilo e construíndo relatos na liña dun costumismo particular non exento de trazos naturalistas, no sentido que el lle dá de representación obxectiva da realidade natural. O mesmo rexistro popular da linguaxe aparece nestes contos co uso de refráns, cantigas e ditos populares que confiren ós textos unha gran riqueza paremiolóxica.

Xunto a estes contos baseados na literatura popular, impregnados de certo costumismo na ambientación e nos personaxes, hai outros moito máis valiosos pola súa compoñente lírico-sentimental, polo afondamento na psicoloxía dos personaxes e polas descricións plásticas que se insiren no medio da narración. Todos eles concéntranse nun só dos libros, *Contos da terriña*, e ademais de seren en número os máis abundantes son os que sitúan a narrativa de Pérez Placer nun lugar de privilexio con respecto a narrativa do seu tempo. Neles mestúranse temas que van configurando unha liñas xerais de interpretación que outorgan certa coherencia ó libro e á vez dan

conta das preferencias ideolóxicas do autor por certos motivos. Así, mediante historias e personaxes diversos moitos destes contos tratan, de maneira case obsesiva, o retorno ó pasado como un exercicio da memoria, tempo no que se sitúa a felicidade ideal e que conleva a frustración ó comparalo coa realidade. É dicir, o tema da procura dun paraíso perdido só existente no recordo idealizado dun tempo que xa non volverá, convértese nun esquema ideolóxico moi presente e de grande importancia.

Na volta ó pasado, a infancia convértese no símbolo da felicidade absoluta, no momento preferido por todos aqueles personaxes que reflexionan sobre a súa vida e recuperan por un momento os espacios e tempos felices dos seus primeiros anos. Tamén o narrador garda como un tesouro as súas lembranzas sentimentais de neno e as emprega naqueles relatos nos que el mesmo retrocede ó seu pasado infantil. A infancia ten deste xeito un acusado valor simbólico en canto representa a felicidade e a inocencia e en canto se concibe como un estado primixenio e puro. A tensión entre o pasado, que os personaxes rememoran con angustia pola perda emocional, e o presente, que se define como degradación dunha forma de vida, artéllase as máis das veces polo sentimento da perda da inocencia.

O afastamento do espacio da infancia, da terra garimosa, do espacio protector e familiar produce sempre algún tipo de desgracia. Neste sentido configúrase o *afastamento* como *función*[25] que pon en marcha o relato baixo unha variedade de motivacións. As causas que motivan esa necesidade de saír da seguridade do cotiá, do natural, teñen que ver coa emigración, as quintas, a enfermidade, a educación ou a vocación relixiosa.

---

[25] Cfr. Vladimir Propp, cit., p. 38. O afastamento é a primeira das trinta e unha funcións que Propp asigna os personaxes dos contos populares marabillosos rusos e ten nos relatos de Pérez Placer que presentan o pasado como tempo e espacio privilexiados, unha importancia moi destacable.

Xunto a este tema de retorno e ligados a el aparecen outros cunha considerable presencia como son a lembranza da figura materna, a tenrura cara a personaxes que sofren carencias afectivas ou estados de soidade, ou que senten próxima a morte nun estado de melancolía. Esta riqueza sentimental leva a un interese manifesto pola vida interior dos protagonistas e a un reflexo dela cargada de delicadeza.

Pérez Placer céntrase habitualmente na transmisión das emocións estéticas que sente fronte a paisaxe que contempla. Por veces esta representación amósase impregnada dun estatismo tan manifesto que parece situarnos ante un cadro[26] que se suxire a través da descrición e que revela por parte do escritor unha concepción pictórica das escenas. Cómpre non olvidar neste sentido que Heraclio Pérez Placer foi un grande afeccionado ó debuxo. Do gusto pola pintura viríalle esa precisión no detalle, o reflexo de diferentes planos contrastados que, en conxunto, ben poderían formar un cadro expresado con palabras. O estatismo, xunto a referencias tan explícitas como a alusión a un fondo, a un horizonte, a un primeiro plano, ás cores, ás luces e sombras, ás pinceladas, etc., axudan a construí-la contemplación dende a ollada dun pintor.

O estado en actitude de contemplación da paisaxe caracteriza a moitos dos personaxes que circulan por estas páxinas. Ante a paisaxe conseguen esquecer unha realidade tinxida de tristura nunha especie de comunión cósmica ou de sentimento telúrico e atanguer algún tipo de revelación que os axuda a calma-lo espírito nun instante temporal moi significativo. Este aspecto tradúcese na estructura narrativa en detalladas descricións cheas de imaxes suxestivas que proporcionan a representación dunha natureza idea-

---

[26] El mesmo emprega este termo en diferentes ocasións ("A Virxen do Carmen da Burga": "Aquel cadro era imponente..."; "Ánxel": "... aquel cadro do natural..."; "Ensono": "Si o espacio fose un lenzo..."; "A verdá da historia": "aquel imprevisto coadro").

lizada e estática que inspira un sentimento de felicidade. Entre tódolos detalles que presenta a descrición, un deles adoita presentar un carácter privilexiado que fai centra-la atención sobre el e que asume un valor simbólico. Isto é o que sucede coas avelaíñas, coas flores do liño ou coas cereixas nos relatos que van titulados con estas mesmas palabras, concedéndolles xa dende o título unha especial relevancia que se apoia despois con notas coloristas. Así ocorre en "Cereixas" coa cor vermella e en "Flor do liño" coa cor azul.

Na visión que dos homes ten Heraclio Pérez Placer obsérvase, por unha banda, unha importancia relevante da beleza unida ó corpo adolescente, unha estética corporal que ben podería proceder do seu gusto pola observación e dos seus coñecementos de anatomía, pero tamén dun pracer que dá conta dun gusto polo morboso e polo provocador. Este aspecto amósase con claridade nos contos de xuventude e nos que aparecen en *Contos, leendas e tradiciós*, para despois ir matizándose ata case desaparecer nos relatos posteriores. A evolución neste sentido é significativa e tivo que ver tanto coas críticas que recibiu polo seu atrevemento coma coa evolución literaria e persoal do escritor. As atrevidas descricións do desexo sexual confírmanse nalgunhas pasaxes deses relatos de xuventude.

A visión erótica dos corpos e a captación do desexo sexual esténdese por igual a homes e mulleres, pero ten matices especiais cando se trata de mozos adolescentes. Son escenas que invitan a unha lectura cómplice e que introducen o tema do erotismo e a representación da sensualidade. Nelas hai unha ollada de fascinación ante os membros do corpo e a súa musculatura, descrita coa particular habilidade que Pérez Placer mostra noutras ocasións. Este gusto en retratar adolescentes debe ser entendido como un xeito de recuperar con nostalxia o tempo da infancia e a súa inocencia.

En ocasións hai tamén un fondo no que se reflicten os problemas sociais de Galicia aínda que non sexa o ton de denuncia un

aspecto que saliente por si mesmo nos relatos. Os temas sociais non son o obxectivo central senón que actúan como un telón de fondo, como forzas que sitúan nunhas penosas circunstancias os personaxes. O interese fundamental está nos protagonistas como seres humanos que sofren as condicións de abuso e miseria. Pero si existe unha certa ollada sobre a sociedade galega e indirectamente hai consideracións que dan conta dunha certa opinión ó respecto. Son frases intercaladas esporadicamente nalgunhas das narracións, ás veces mesmo no contexto do humor ou da ironía, coas que Pérez Placer continúa a tradición de denuncia social empregada por Rosalía, Lamas Carvajal[27] e Curros Enríquez a respecto da mísera situación do labrego galego, sometido ó poder das institucións civís, dos caciques, dos usureiros, da Igrexa e demais representantes do sistema social. En todo caso en Pérez Placer estes problemas aparecen tratados dende un punto de vista tanxencial pois incide neles de xeito anecdótico para pintar dende a óptica do costumismo a situación da Galicia de finais do século XIX.

[27] Vid. *O Catecismo do Labrego* (1889), de Lamas Carvajal, unido á ideoloxía redencionista do rural galego. Nesta obra, baseada na parodia do *Catecismo de la Doctrina Cristiana*, do Padre Gaspar Astete, Lamas pon de manifesto as angurias, cargas, traballos abusos e opresións do labrego galego cunha intención didáctica e expositiva. A obra parodiada sérvelle a Lamas como pre-texto de forte denuncia e debuxo dun cadro de inxustiza social (Vid. X. L. Axeitos, "Catecismo do Labrego: intertextualidade e parodia", *Grial,* nº 79, xaneiro-febreiro-marzo 1983, pp. 65-72).

Análise dos contos

Se ben non podemos establecer un esquema estructural común e sistemático para o conxunto de contos, si é posible sinalar algúns trazos compositivos que se repiten con asiduidade. En xeral, os contos de Heraclio Pérez Placer responden a unha estructura básica composta por unha presentación, unha ànécdota e un final. Pero cada unha destas tres partes fundamentais é susceptible de presentar variantes e desenvolvementos diversos.

Na presentación ou momento inicial dos relatos adoita incluír descricións do espacio e/ou do tempo no que se sitúa a acción; descricións físicas dos personaxes, ás veces acompañadas de referencias ó seu carácter, ás súas principais habilidades, á súa moral, ó seu pasado; e por último digresións do narrador que na meirande parte dos casos teñen unha función explicativa que dá sentido ó conto. Algúns omiten esta parte de presentación e introdúcennos directamente na anécdota, é dicir, iníciansе cun comezo abrupto e conteñen logo da primeira escena as explicacións que o narrador considera necesarias.

Trala presentación, vén a anécdota ou nó central da historia, que adoita ser humorística —as máis das veces—, dramática ou cunha forte compoñente lírica ou sentimental. En ocasións introdúcese por medio dunha fórmula anunciadora do que vai vir de seguido —"o conto foi o siguiente" ("O can de San Roque"); "contarei un sucedido" ("A bo zorro, mellor can"); "Pero, antes de acabar, refirirei un (conto)" ("A pillo, pillo e medio"); "E xa que veñen a man recordos do pasado, e de contos se trata, contaremos o triste socedido dunha daquelas tardes" ("O magosto"); "pero, volvendo ó conto" ("O colexio de Rubido"), etc.

Por último, os contos rematan cun final no que se resolve a trama e que responde a unha tipoloxía variada: *finais anticlimáticos* nos que se introducen feitos inesperados como en "¡Fillo!...", "O Sr. Capitán", "Velliña, miña velliña!" "O xeneral" e "¡¡BRRRR!!";

finais que acentúan o humorismo da anécdota como en "O can de San Roque", "A outro can, con ese óso", "Solfa", "Pau de corno", "O demo con uniforme", "¡Mentirán!", "A pior cuña", "A embocadura", "Por casualidá", "Buscando fío" e "Un sermón en Noia"; *finais abertos á interpretación do lector* como en "¡Rillote!", "Cóxegas", "¡Sempre son eles!", "Consonante forzado" e "A lira de Bregoam"; *finais que constitúen actualizacións da historia relatada*, acontecida no pasado, mediante a introducción dunha fórmula temporal e/ou espacial como sucede en "O puzo da Sila", "O puzo do inferno", "A cruz do piñeiral", "Flor sin rego", "O pantasma branco", "O magosto", "O violín encantado" e "Os dous bicos"; *digresións* ou breves comentarios nos que o narrador verque certa tenrura cara ó personaxe, como sucede en "Corpo sin alma", "Niño desfeito", "Amor de fadas"e "Chinita" e, por último, *finais líricos ou simbólicos*, como en "A...", "Cereixas", "¡Suicida!", "Flor de liño", "Borrolito", "¡O próximo!", "Pitirroxos", "Ensono", "Follas secas", "Rapañota de xazmís", "Os dous foliós", "O emigrado", "A cocada", "Inverniza" e "¡¡¡Milagre!!!".

Polo que respecta á estructura editorial, boa parte dos contos preséntanse divididos en partes numeradas en romanos e de desigual extensión. Estas divisións responden ó propósito de separa-las diferentes partes da historia, ou de introducir saltos temporais dunha a outra, polo que poden considerarse funcionais dende o punto de vista do deseño estructural do relato, aínda que ás veces son divisións bastante desafortunadas e non responden a ningunha destas intencións.

A meirande parte dos contos presentan unha modalización sustentada na terceira persoa gramatical, que corresponde a un *narrador heterodiéxetico*[28]. A súa voz interrómpese en múltiples ocasións para dar paso ó *autor implícito representado*, que dende o

[28] Segundo a terminoloxía de G. Genette (*Figuras III*, Barcelona: Editorial Lumen, col. Palabra Crítica, 1989, p. 299) é o narrador que está ausente da diéxese ou historia que se conta.

interior do discurso, onde participa como suxeito da enunciación, transmite mensaxes para a correcta interpretación da historia, adelanta metanarrativamente determinados feitos, fai comentarios sobre os personaxes, ofrece informacións complementarias e mesmo introduce contidos de tipo ideolóxico. Esta instancia narrativa, ó se situar por riba do narrador, provoca a substitución da terceira persoa pola primeira e fai apelacións a un *lector empírico* ou cando menos a un lector esperado ó que suxire ou mesmo impón unha forma de lectura. A el corresponden as frases admirativas, que enfatizan determinados aspectos da narración ou características dos personaxes e que constitúen á vez estratexias baseadas na participación desta voz nos feitos, as aclaracións, os comentarios e opinións, as conclusións de ton sentencioso, as digresións iniciais que constitúen o resumo da anécdota que vai desenvolver, as imprecisións e a ironía e ambigüidade características dalgún relato.

Unha característica destacable da modalización destes relatos é a utilización de *operadores realistas*[29] entendidos como estratexias narrativas que confiren un especial distanciamento a respecto do narrado. Á vez implican un punto de contacto fundamental coa literatura de tradición popular e os recursos tradicionalmente asociados á oralidade. Os recursos nos que sustentan os *operadores realistas* baséanse nunha ampla gama de mecanismos, tales como as estratexias baseadas na linguaxe baixo a forma de recursos persuasivos destinados a consegui-la credibilidade do narrado. Neste sentido destaca, nalgúns dos contos, a presencia explícita dos narratarios, persoas da vida real ás que vai dirixido o relato, como sucede en "A cruz do Piñeiral", onde o narratario é Segundo G. de la Riva, ou as apelacións do tipo "Ouvinde" ("O pantasma branco"); "Ouvide" ("Frol sin rego"); "contaravos", "xuraravos", "diranvos", "si lles preguntades" ("Amor de fadas"). Temos así mesmo estratexias que se sustentan na demostra-

[29] Segundo a terminoloxía de Roland Barthes, "Introduccion al análisis estructural del relato", en R. Barthes et al., *Análisis estructural del relato*, Buenos Aires: Editorial Tiempo Contemporáneo, Serie Comunicaciones, 1966, pp. 1-27.

ción dun coñecemento preciso sobre o narrado, na aparición de advertencias explícitas de que o que se vai narrar debe ser interpretado como un feito real, aínda que non o pareza. Son un conxunto de estratexias narrativas para asegura-la veracidade do que se conta, ás veces fronte a outras versións que circulan entre as xentes:

> Pero si o contado pode ser fábula, non é asina o que vos vou a contar, senón historia real e positiva ("Amor de fadas").

Tamén se emprega esta estratexia, adiántandose á desconfianza que o conto puidese suscitar no lector e asegurando a certeza do que se relata:

> E anque me chamen grolán ou mintireiro eu xuro polos xurares que é certo o que vou contar (...) ("A embocadura").

Mesmo matizando que non existe ningún elemento que proceda da imaxinación da instancia narrativa:

> (...) esto, al menos, era o que ela decía, que eu, non quito nin poño rei ("O demo con uniforme").

> (...) hoxe voucho contar tal e como a min mo contaron ("A Cruz do Piñeiral").

A énfase posta en asegura-la veracidade da anécdota pode mostrarse así mesmo, baixo a forma de pequenas aclaracións. Así, no interior do relato "¡O próximo!", cando se refire a un detalle concreto, introdúcese unha paréntese que asegura que o contado é absolutamente real:

> E ós seus ouvidos chegaba, como a unha coadrilla lle deron a comer un porco que mordeu un can doente (histórico)...

O desexo de mostrar que o relatado parte da realidade pode manifestarse recorrendo a unha voz que asegure a veracidade. Esta voz pode ter distintas funcións. Pode servir de apoio para completa-los aspectos ós que o narrador non pode acceder por diferentes motivos ou pode coincidir coa opinión do narrador, tal como ocorre en "O Sr. Capitán":

> Soupémolo máis tarde.
> Quen o contou foi un home, e choraba como unha muller.

En todo caso este procedemento serve para asegura-la veracidade do que se conta coa utilización de recursos persuasivos:

> (...) e poño por testigo a un crego mui coñocido en Vigo que así que leia esto ha de vir no meu auxilio ("A embocadura").

O receo deste *autor implícito* distanciado reflíctese en "A bo zorro, mellor can" cunha especie de desconfianza cara á fonte que lle subministrou información, acentuando outra volta a súa superioridade e consolidando a súa autoridade:

> (...) contarei un sucedido que, anque a min paréceme mentira, xúrame persona sérea e respetable que foi verdá, por máis que hai por eses mundos cada home que pasa por séreo, que escalfa grolas como puños ("A bo zorro, mellor can").

Hai casos nos que se introduce a primeira persoa gramatical para dar paso a un *narrador homodiexético* que asume, ben un papel de protagonista ou de coprotagonista, ben un papel de *eu testemuña*[30]. Nestes relatos a presentación da primeira persoa narrati-

[30] Seguindo a tipoloxía de Norman Friedman ("Point of view. The Development of a Critical Concept", *PMLA*, vol. LXX, 1955, pp. 1160-1184) o eu testemuña é aquela forma de modalización narrativa que convirte un personaxe incidental ou periférico da historia en suxeito da enunciación do discurso.

va pode levar a pensar que se trata de episodios autobiográficos pola coincidencia que se establece entre os espacios reais e aqueles nos que se desenvolven as narracións e porque estas parecen estar estreitamente vencelladas a emocións persoais recreadas literariamente. Así, pode percibirse a fusión do autor-narrador-personaxe que expresa a súa subxectividade e se sitúa como un suxeito adulto que recupera os recordos dun momento parcial da súa existencia, momento que queda restrinxido á infancia, á adolescencia ou ós primeiros anos da xuventude. É o caso de "¡Ourensiño, meu Ourense!", "¡Milagre!", "O espertar", "O xeneral", "Pitirroxos" e "A festa das fadas".

A primeira persoa artella ademais outro tipo de contos que presentan a participación, anecdótica ou funcional, do narrador como testemuña. Tamén nestes casos se sospeita a referencia a datos autobiográficos que poderían ter correspondencia coa realidade extraliteraria e que, por suposto, teñen como función asegura-la veracidade do narrado. Trátase de historias, oídas ou presenciadas, reelaboradas por un narrador que bota man da memoria para reconstruír diálogos, confidencias ou contos. Este *eu testemuña* aparece en "O colexio de Rubido", "A verdá da historia", "Chinita", "O magosto", "O Cristo da Colada" e "O violín encantado".

Nos relatos "¡Fillo!...", "Cóxegas" e "Xuicio de faltas (Do natural)" aparece outro tipo de modalización. Trátase do chamado *modo dramático*[31] ou *focalización externa*[32], que supón a desaparición do narrador na busca dunha maior obxectividade narrativa. Ofrécense tan só os diálogos dos personaxes acompañados ou non

---

[31] Seguindo de novo a N. Friedman (art. cit.), o modo dramático é a forma de modalización que pretende alcanzar un alto grao de obxectividade ó prescindir das voces do autor implícito e substituí-la voz do narrador por unhas sinxelas acoutacións, do mesmo estilo cás teatrais, co fin de enmarcar un discurso narrativo dominado totalmente pola voz dos personaxes, ben a través do diálogo ben co monólogo citado.

[32] Na terminoloxía de G. Genette (*Figuras III*, cit., p. 245).

de acoutacións que achegan as narracións ó estilo teatral. En "¡Fillo!...", Pérez Placer emprega un diálogo no que está ausente a voz dun dos interlocutores, adiantando así a técnica que se deu en chamar *telefónica* que posteriormente usará Albert Camus en *La Chute* (1956) e Blanco-Amor en *A esmorga* (1959).

En canto á temporalización o aspecto fundamental é a falta de localización temporal concreta e a manifesta reducción do tempo da historia correspondente a cada relato. Así sucede, por poñer algúns exemplos, en "¡Rillote!..." —unha tarde—, "Consonante forzado" —unha noite—, "O Sr. Capitán" —unha tarde do mes de maio—, "Cereixas" —unha tarde—, "Suicida" —unha tarde—, "A festa das fadas" —unha noite do mes de maio—, "Follas secas" —un día de vendima—, "Os dous foliós" —unhas horas—, "A embocadura" —unhas horas—, "A lira de Bregoam" —unha noite primaveral—, "¡¡¡Milagre!!!" —a hora da sesta dunha tarde de verán—, etc. Todos estes exemplos corresponden a relatos nos que sabemos, por especificacións explícitas —puntualizacións do narrador con respecto ó momento temporal no que se desenvolve a historia—, ou implícitas —referencias á paisaxe, á calor, ó sol, á lúa, etc.— que o tempo no que transcorre a historia se sitúa en torno a un momento concreto.

A temporalización dominante nestes textos presenta un particular ir e vir do presente ó pasado, mediante a alusión a lembranzas e comentarios do narrador ou dos personaxes. Preséntase deste xeito un amplo uso das *anacronías* —analepses e prolepses— e, en particular, das técnicas de evocación do pasado, recuperando feitos anteriores á acción concreta que se narra. Pérez Placer fai vivir os seus personaxes durante un tempo reducido, pero a partir de aí conta deles aqueles episodios que serven para completar datos da historia, para mostra-lo pasado do personaxe ou lembrar un mundo que se foi.

Este recurso aparece en cáseque tódalas narracións, elaborado dende diferentes focalizacións, ben dende os personaxes e os

seus pensamentos ben dende o punto de vista do narrador. Ás veces, todo o que se conta do pasado, provén da evocación que del fai o propio personaxe. Esta técnica, que implica poñer de relevo a memoria do personaxe, fai que Pérez Placer se achegue (por suposto de xeito impreciso) a unha especie de *temporalización íntima*, dende o momento en que o tempo é vivido dende a conciencia do personaxe e dende os feitos que este garda como tesouros da memoria. Son momentos de forte implicación psicolóxica dende o punto de vista afectivo, xa que os feitos pasados marcan o decorrer das súas vidas. Habitualmente, as analepses que fundamentan tales evocacións supoñen un tempo de inconsciencia do personaxe, do tempo do presente detido na lembranza. O que se conta, a miúdo dun xeito detallado, é unha selección de recordos ou episodios significativos, entre os cales deben supoñerse, en ocasións, elipses e resumos.

As anticipacións ou *prolepses* serven para adianta-lo desenlace da historia que coñece o narrador omnisciente. Así ocorre en "Corpo sin alma", onde no momento en que chega Frolinda á casa do futuro crego o narrador adianta: "Probe Ánxelo, non se deprocataba el da infruencia que había de exercer na súa vida". Tamén en "O puzo da Sila" a desgracia que pesa sobre a rapaza anúnciase antes de que suceda: "libertá que máis tarde o probe vello había de chorar" ou en "Frol sin rego": "Pro todo chega cando Dios o manda, e á feiticeira nena chegoulle o momento de sofrir e padecer". A prolepse esténdese en "¡Sempre son eles!" e en "Un sermón en Noia" a todo o comezo do relato, o cal supón un anticipo argumental de todo o que se relata despois. Son tamén prolepses as actualizacións introducidas polo adverbio *hoxe* que se sitúan ó final dalgúns relatos.

Polo que se refire ás relacións de *duración* entre o tempo da historia e o tempo do discurso, hai un claro predominio da *anisocronía*, isto é, a discordancia entre ambos. Existen nestes contos numerosos exemplos de pausas, elipses e resumos, que deteñen ou aceleran o tempo do discurso. O gusto do noso narrador por forne-

cer tódolos datos que proceden da observación da paisaxe como se estivese ante un cadro, do coñecemento de perto das personaxes, tanto do aspecto físico coma do seu interior, favorece a aparición de abondosas *pausas*, que implican maior tempo de discurso ca de historia. Isto vese claramente naqueles contos descritivos detidos na contemplación da paisaxe como "Ourensiño, meu Ourense" ou "¡Milagre!" que se caracterizan por un tempo lento. As pausas descritivas son moi abundantes e adoitan ter unha gran extensión. Nelas incídese tanto no perceptible sensorialmente coma no retrato etopeico.

Pérez Placer aproxímase, tamén dun xeito algo rudimentario, á técnica do *ralentí* conseguindo un efecto de amplificación do tempo do discurso en relación ó da historia. Trátase deses relatos nos que a importancia do instante no que os protagonistas senten unha revelación case mística, amplifica o tempo da acción, xa que en realidade pouco ou nada pasa máis que no seu interior. Estes casos achéganse tamén á temporalización íntima da que falabamos anteriormente. É o caso de "O emigrado", "¡¡¡Milagre!!!", "Flor de liño", "O espertar", "Ensono" ou "Follas secas".

A respecto da espacilización cómpre apunta-lo predominio dos relatos ubicados de xeito explícito nun lugar concreto. Os dous espacios con maior presencia son Ourense e Santiago que corresponden con dous lugares reais cunha importancia transcendental no percorrido vital do escritor, xa que neles pasou boa parte da súa vida. Estes dous espacios, reflectidos literariamente, constitúen o escenario básico no que o narrador desenvolve as anécdotas e sitúa os personaxes. Ademais da presencia de topónimos que se corresponden coa realidade extratextual e que funcionan como recursos que procuran a verosimilitude, as denominacións das rúas, das aldeas e parroquias do rural, e outras referencias como a presencia dos ríos, ermidas, etc. condúcennos inexorablemente cara á recreación literaria de Santiago e Ourense. Así, as compostelás beiras do Sar, a Selva-negra, a rúa das Hortas, a rúa do Espírito Santo, o Sarela,

Santa Isabel, o Castiñeiriño, Santa Susana, San Francisco, o Seminario, o Pombal, a praza do Obradoiro, por poñer tan só algúns exemplos. E, xunto a estas, as denominacións que corresponden a Ourense e a súa provincia, as ribeiras do Barbaña, o Polvorín, Pena-Vixía, o cuartel de San Francisco, a Catedral, a Praza Maior, a Trinidade, Santa Eufemia, Castel-Ramiro, a serra de San Mamede, Cea, Reboredo, Seixalvo, Celanova, as Curuxeiras, a zona do Ribeiro e moitas outras. Trátase de espacios animados coa presencia de lavandeiras, rillotes e outros personaxes de fondo que animan a paisaxe e a humanizan dende unha ollada observadora e mesmo por veces reveladora dunha certa tenrura. En calquera caso, Pérez Placer pon de manifesto o seu gusto pola observación, unha capacidade descritiva importante na plasmación de ambientes que coñecía á perfección e unha particular participación naquilo que vía e intentaba reflectir.

Nas narracións de carácter lendario hai que destaca-la presencia das lendas construídas ó redor de Castel-Ramiro, unha fortaleza medieval situada a pouca distancia da cidade de Ourense sobre a que existen distintas versións de orixe popular que recrean a súa destrucción. Sitúanse neste lugar que forma parte da historia local ourensá, "O puzo da Sila", "O puzo do inferno" e "Amor de fadas".

Pero non tódolos contos presentan unha localización espacial precisa. Hai relatos que se caracterizan por transcorreren en espacios indeterminados, aínda que marcados pola presencia do mundo rural en exclusiva, sen ningunha outra referencia. Este é o caso de "¡¡¡Milagre!!!", "Corpo sin alma", "Frol muscha", "¡Fillo!...", "Cóxegas", "¡Sempre son eles", "Farruco", "Niño desfeito" e "A...", de *Contos, leendas e tradiciós*; "Solfa", "A bo zorro, mellor can", "¡Velliña, miña velliña!", "¡Suicida!", "Pau de corno", "Borrolito", "¡O próximo!", "Avelaíñas", "Rapañota de xazmís", "O emigrado", de *Contos da terriña*; e de "A pior cuña", "A cocada", "Por casualidá", "Xuicio de faltas", "Buscando fío", "Inverniza", "O sapo e o verme de lus", de *Beira do lar*. Pero se ben nestes

contos o escenario elixido se corresponde co medio rural, hai algúns nos que a presencia do río leva a pensar que se trata de novo de Ourense, como en "¡¡¡Milagre!!!", "Borrolito" e "A cocada". Por outro lado, incluímos tamén neste apartado aqueles nos que se podería contempla-la aparición do fantástico ou do marabilloso, que require dunha situación espacial imprecisa, tales como "Frol muscha", "Niño desfeito" e "O sapo e o verme de lus". Cómpre tamén aclarar que en "A..." e en "¡Suicida!", a acción transcorre nalgún lugar preto do mar, segundo se indica nos textos, e que en casos como "Cóxegas", "Farruco", "Solfa", "Pau de corno" ou "Xuicio de faltas", a brevidade do relato non require de máis precisións, xa que neles se procura, antes que nada, o efecto anecdótico, humorístico ou dramático segundo os casos.

Outros espacios, cunha presencia anecdótica, xa que só aparecen unha vez, son A Coruña en "A pillo, pillo e medio", onde se presenta á Bolera como un tipo popular da cidade; Romariz, en "O Cristo da Colada" e "A tola do mar", no que o fragmento do que dispoñemos indica que a acción sucede nalgún lugar das Rías Baixas.

Pero o que si se manifesta claramente é a predilección de Pérez Placer polos espacios exteriores. De aí a prolixa utilización das descricións das paisaxes nas que se mostra un hábil pintor da realidade, aínda que por veces cun ton de idealización.

Ademais desta función referencial do espacio físico, percíbese outra cun manifesto valor simbólico. Os personaxes complácense nunha lembranza obsesiva doutros espacios vencellados a eles por conexións afectivas. Esta concepción simbólica relaciónase moi de perto coa temporalidade —o pasado como tempo feliz e protector e refuxio temporal—, xa que o espacio asociado a ela conforma unha sorte de relación de dependencia para os protagonistas. Estes complácense en evoca-los seus lugares de orixe, que conci-

ben, imaxinan ou idealizan como espacios felices e protexidos. Trátase pois dun espacio como asentamento da emotividade, unha referencia afectiva inexcusable e presente en boa parte dos relatos. Noutra liña estarían aqueles relatos nos que se pon de manifesto unha contraposición de espacios nos que sempre sae favorecido aquel que está máis vencellado ó pasado, isto é, os protagonistas lembran un tempo e un espacio feliz que non é aquel no que se atopan no momento que se nos narra.

Nos contos de Heraclio Pérez Placer, os personaxes irrompen nos relatos individualizados cun nome e caracterizados directamente mediante a descrición do seu aspecto físico, dalgunha habelencia ou dalgún trazo de carácter que os identifica. Esta secuencia presentativa adoita estar situada ó comezo do relato. Noutros contos, o narrador abandona esta secuencia presentativa e deixa falar directamente ós personaxes, ben mesturando os seus parlamentos con acoutacións e informacións que fan avanza-lo relato ben sen ningún tipo de intervención.

En *Contos, leendas e tradiciós* percíbese a reiteración de trazos descritivos coas mesmas fórmulas e os mesmos atributos e que acentúan a conformación de personaxes de certa simplicidade e moi similares entre si. O narrador atende case en exclusiva ás características físicas, deixando a un lado a súa psicoloxía e insistindo ás veces na sensualidade que se desprende dos corpos tanto femininos coma masculinos. Ademais, percíbese un ton de idealización que os transforma en seres dotados dunha beleza singular. Pola contra, en *Contos da terriña* percíbese un maior afondamento na psicoloxía que deixa nun segundo plano o físico, aspecto no que o narrador só se detén para ofrecer breves pinceladas que se centran no vestiario ou no carácter e que conforman descricións dos personaxes máis breves e precisas.

Non se trata pois en xeral de personaxes unidimensionais e carentes de vida interior xa que, algúns mellor ca outros, están psi-

coloxicamente ben tracexados. Isto é moito máis evidente en *Contos da terriña*, onde o narrador pon de manifesto o seu interese pola vida interior, que concibe poboada de sufrimento e melancolía e onde afonda reiteradamente nas relacións conflictivas que se establecen entre a existencia actual e a do pasado, na recreación das primeiras experiencias amorosas, normalmente frustradas por algún condicionamento ou circunstancia familiar, social ou educacional. Neste sentido, e deixando á parte os relatos de fasquía humorística, móvense por sentimentos extremos e fortes paixóns —sobre todo en *Contos, leendas e tradiciós*—, andan a procura de antigos amores ou de vellas amizades e normalmente ó final deste proceso, só atopan desencanto e frustración. Tamén pertencen a este ámbito da melancolía e do desencanto, os personaxes que esperan a chegada da morte, como en "Rapañota de xazmís" e "Follas secas", e aqueles que, en momentos de meditación, dubidan dese Deus que os abandona ante padecementos emocionais e materiais. O narrador verte sobre todos estes personaxes unha ollada cargada de tenrura e de comprensión, que deixa ben lonxe ó escritor polémico, irónico e sarcástico doutros escritos.

En canto á tipoloxía social, polos relatos de Pérez Placer circula un abano de personaxes que pertencen en exclusiva ó medio rural. O autor recolle a fala popular destes personaxes e reproduce dun xeito bastante vivo a súa riqueza lingüística. Neste sentido, chama a atención a abundancia de ditos e expresións populares que caracterizan a fala dalgúns dos protagonistas dos relatos. Ademais, o autor reflicte unha considerable variedade de oficios: xastres, cregos, sancristáns, mestres, soldados, costureiras, tecedeiras, avogados, estudiantes, pescas e outros moitos que en ocasións actúan de fondo como as lavandeiras ou as "modistillas". Este abano de oficios responde á intención de retratar unha galería de personaxes populares, que son satirizados por algún trazo, vencellado á súa consideración colectiva, que os converte en tipos representativos do costumismo. Esta consideración, que xorde da sabedoría popular,

asóciaos tradicionalmente a unha característica que se converte en trazo xeral e identificativo para todos aqueles que exercen esa profesión e que se ilustra recorrendo á anécdota, humorística sempre. Así, os cregos asócianse á súa afección polo sexo, reveladora de certa hipocrisía, os xastres á súa covardía e as pescas ó atrevemento nas falas e nos comportamentos. Tamén teñen unha presencia moi importante os *graxos*, que representan ós mozos dos medios suburbiais ourensáns, caracterizados pola súa picardía, as súas burlas, o seu enxeño e, en particular, polas súas trasnadas —ou *graxadas*— nas que teñen por víctimas sobre todo ás mulleres, pero tamén ós homes de espírito un tanto simple, como sucede en "Consonante forzado". Os *graxos* conseguen converterse en tipo literario nos textos literarios de Heraclio Pérez Placer, que herda e desenvolve esta imaxe de Valentín Lamas Carvajal, utilizando a mesma denominación popular para os rapaces da cidade das Burgas. *Graxos* ourensáns, *rillotes* santiagueses e *garelos* betanceiros, aparecen tratados, nos textos de Pérez Placer, cun aquel de tenrura e simpatía, que se reflicte tamén no emprego do adxectivo *agraxado* ou *agrexado*, referido ó rostro dalgunhas mozas, para significar un carácter un tanto malicioso.

Entre todos estes personaxes cómpre destaca-la figura das nais pola súa reiterada presencia e significación. A nai asume diferentes nomes e situacións pero acaba sendo sempre a muller que sofre e renuncia a todo polos fillos, a víctima de situacións inxustas e mesmo dramáticas. Este personaxe encarna o prototipo da muller-nai, seguindo a tipoloxía establecida por Carmen Blanco[33], "pola súa vida sempre en función dos outros e guiada e moldeada por eles". Heraclio Pérez Placer asómase ós seus sentimentos, afondando neles, dende unha ollada de comprensión na que sorprende o bo perfil psicolóxico que representa. A nai convértese deste xeito

33 Carmen Blanco, *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 45.

nunha protagonista de luxo que recibe a especial homenaxe do autor en cinco contos: "¡Fillo...!" e "Niño desfeito", en *Contos, leendas e tradiciós,* e "O Sr. Capitán", "¡Velliña, miña velliña!", "Pitirroxos" e "A riada", en *Contos da terriña.*

Con respecto ás outras mulleres[34] que aparecen nestas páxinas, o seu tratamento oscila entre a idealización e a interpretación popular que condena a súa conducta polo que ten ben de hipocrisía moral ben de atrevemento nos temas relacionados coa sexualidade. A idealización percíbese nas descricións da práctica totalidade das narracións incluídas en *Contos, leendas e tradiciós*, nas que presenta mulleres inocentes e puras que sofren os abusos dos homes, que as enganan con falsas promesas, como sucede en "A cruz do piñeiral" ou en relatos como "Pepa". A súa beleza é o obxecto de maldade dos seus amantes e de aí xorde a imaxe da nena-violada de "O puzo da Sila" ou da nena-raptada de "O pantasma branco". Polo que respecta ás opinións populares, recollidas sempre con ironía e dobre sentido, presenta a mulleres que comezan as situacións comprometidas coas súas provocacións —"Solfa"—, as que dominan no terreo sexual — "¡Sempre son eles!"— e as que se aproveitan da inocencia do home e lle causan desgracias —"¡Suicida!", "Borrolito".

Xunto a estas imaxes, atópanse en *Contos da terriña*, mulleres de moita maior profundidade psicolóxica, atormentadas por un presente cheo de insatisfacción e un pasado idealizado na memoria. Son mulleres tristes, que sofren as desgracias da vida como se pode comprobar en "Os dous foliós", en "Rapañota de xazmís" e especialmente en "Ensono".

---

[34] Estas poden identificarse co prototipo das damas que identifica Carmen Blanco (*op. cit.*, p. 16), encarnadas nas nenas, mozas, virxes, namoradas e amantes, que se aproximan unhas veces ó prototipo das nais mentres que noutras ocasións se tinguen "da complexa ambigüidade dunha máis desordenada erótica rural galaica" reflectindo a tradición do popular escarnio galego dirixido contra as mulleres.

Heraclio Pérez Placer na prosa narrativa do século XIX. Recepción da súa obra

Antes da publicación de *Contos, leendas e tradiciós* (1891), de H. Pérez Placer, xa existían na literatura galega outras recompilacións de relatos breves publicadas en forma de libro, ademais dunha abondosa cantidade de narracións espalladas por xornais e revistas da época. Do 1887 é o volume *Gallegada. Tradiciós, costumes, tipos e contos d' a Terriña*[1], de Valentín Lamas Carvajal, onde se recollen dezaseis relatos aparecidos anteriormente en diversos medios periodísticos. Ángel Vázquez Taboada reúne en *As noites n-o fogar*[2] (1888), ademais de versos, trece relatos publicados con anterioridade na revista coruñesa *A Fuliada.* Pouco despois de que H. Pérez Placer dea a coñecer *Contos da terriña* (1895), edítanse títulos como *Pé das Burgas*[3] (1896), de Francisco Álvarez de Nóvoa, quen xa publicara nas páxinas do xornal ourensán *El Derecho*, *Beira o Barbaña (Paisaxes)*[4]; *Brétemas. Prosa e verso*[5] e *Raiolas*[6], de Uxío Carré Aldao ou *Primeiras follas. Contos e copras*[7], de Fortunato Cruces nomes que, entre outros moitos, contribuíron con maior ou menor fortuna á historia da prosa galega.

---

[1] Ourense: Imp. El Eco de Orense, 1887.

[2] *As noites n-o fogar. Coleución de lendas e contos morás*, A Coruña: Imprenta de A. Amenedo Ponte, 1888.

[3] A Coruña: Andrés Martínez, editor, Biblioteca Gallega, 1896. En edición moderna de Valentín Arias, con introducción de X. L. Méndez Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1988.

[4] Francisco Álvarez de Nóvoa, *Beira o Barbaña (Paisaxes)*, Ourense: Imprenta de El Derecho, 1894. Esta obra foi publicada como folletón no xornal *El Derecho* entre o 18 de abril e o 23 de maio de 1894 en vinte entregas. Citamos pola edición facsimilar mencionada na nota 1.

[5] A Coruña: Imprenta da librería de Carré, 1896.

[6] A Coruña: Imprenta da librería de Carré, 1898.

[7] Bos Aires: Imprenta El Imparcial, 1898.

A temática da producción destes anos preséntase tinxida de folclorismo e de realismo costumista. Os narradores galegos, preocupados por procura-la verosimilitude, restrinxiron a escenografía das súas creacións ó eido rural e deste xeito a narrativa en lingua galega camiñou polo pintoresquismo, pola recuperación do folclore local e pola descrición de costumes, supersticións e peculiaridades do pobo. Este enxebrismo encherá os relatos de secuencias da vida aldeá, de romarías e de festas gastronómicas, co obxectivo de exalta-las cousas propias da terra; de tópicos sentimentais que presentan o conflicto amor/desamor como recurso funcional; e da denuncia de lacras sociais como a emigración, os foros, o abuso do poder, a penuria económica, etc. Tampouco son alleos a estes relatos o humor popular, a picardía, a fantasía e a recreación de episodios tomados directamente da literatura oral como lendas e anécdotas que lles acontecen a personaxes do ámbito rural.

Neste panorama da prosa galega de finais de século xorde a obra de Heraclio Pérez Placer que, se ben participa dalgunha das características apuntadas, como a ambientación rural e certo costumismo, en boa medida presenta un conxunto de trazos que nada teñen que ver co resto da producción. Moitos críticos souberon ver de pasada a súa calidade como narrador. Así José Fernández Gallego[8] xa en 1950 sinalaba que "este fecundo escritor" merecía "un estudio completo de su vida y su obra". Máis recentemente Xesús González Gómez[9] apuntaba a necesidade de reedita-la súa obra e X. L. Méndez Ferrín[10] sinalábao xunto a Valentín Lamas Carvajal e Francisco Álvarez de Nóvoa como un dos iniciadores da nosa prosa moderna, e propoñía:

---

[8] *Op. cit.*, p. 78.

[9] X. G. G., "Procurando textos perdidos", *A Nosa Terra*, nº 600, "Guieiro Cultural", 16 de decembro de 1993, p. 31.

[10] X. L. Méndez Ferrín, "Novelas en galego", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 8 de novembro de 1993, p. 2.

> correxer a historia canónica da literatura galega naquel ponto no que reza o tópico de a prosa galega moderna nacer en Ourense da mao de Risco e Otero Pedrayo, naturalmente inducida sabiamente por Losada Diéguez. Nacer naceu, abofé en Ourense, pé das Burgas (...), beira o Barbaña (...), pero os seus fundadores, os verdadeiros pontos basilares da prosa galega xornalística, narrativa e mesmo satírico-social, foron, antes de Nós, Lamas Carvajal, Horacio (sic) Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa.

Tamén R. Carballo Calero[11] considera a V. Lamas Carvajal, H. Pérez Placer e F. Álvarez de Nóvoa como o "grupo de escritores orensanos que realiza un esfuerzo memorable para la construcción de una narrativa de carácter cuentístico" e sinala que poden considerarse como os "fundadores del cuento literario gallego moderno".

H. Pérez Placer manifestou a súa discrepancia sobre algúns dos temas que predominaban na literatura do seu tempo, dando probas do seu distanciamento dos códigos estéticos impostos. A súa proposta, alomenos no aspecto teórico, era acadar unha apertura de miras para a literatura galega que a afastase do costumismo. Así o declaraba facendo a crítica do poemario *Folerpas*, de Eladio Rodríguez González:

> (...) o a la literatura gallega se le abren amplios horizontes, o si se la quiere como hasta aquí (en lo que no estoy conforme) limitar solo como representación genuina de como son y piensan los gallegos y lo que a Galicia se refiere, resulta que escribir de este modo es escribir en castellano y traducirlo al gallego, pero no es sentir como debe sentir un galiciano; es más, esas poesías fuertes y rimbombantes, son el escarnio

[11] *Estudios e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1989, p. 34.

> más grande que puede hacerse de nosotros, porque al leerlas acude a nuestra mente lo cuitados e infelices de nuestros paisanos y todo el que los conozca suelta unha carcajada[12].

Tamén manifestaba a súa disconformidade co reiterado tratamento de temas como a emigración. A propósito do poema "Os horfos da emigración" do devandito volume comentaba:

> es buena, prescindiendo del asunto que es otra tecla en que dan los escritores gallegos sin razón de ningún género, pues que en tanto la sociedad esté como está, la emigración es una válbula de seguridad que impide nos comamos unos a otros, esto aparte de que descorteza e ilustra a los labriegos, les da ideas nuevas y los hace aptos para el consorcio y la industria y es preferible que al no tener aquí pan vayan a buscarlo en vez de esas huelgas de Andalucía y Madrid en que prefieren la bazofia dada por las autoridades con tal de no salir fuera, a hacer como los gallegos que no piden lo que todo hombre sano puede buscar[13].

É ben certo que el mesmo utiliza o tema nalgún dos seus contos —"¡O próximo!" e "O emigrado"— pero cun ton bastante diferente. H. Pérez Plácer centra a súa atención nas persoas que sofren o mal, nas consecuencias psicolóxicas e as carencias afectivas que causa no que ten de perda dos seres queridos, de cambio dunha situación ata ese momento agradable. A emigración parece ser para el unha perda do mesmo tipo que calquera outra das que utiliza na súa literatura para reflecti-lo sufrimento dos seus personaxes. Son tamén reveladoras das súas ideas sobre a sociedade galega as opinións que deita en "O colexio de Rubido", onde introduce como tema de fondo o atraso que sofre a agricultura galega para se cen-

---

[12] Heraclio Pérez Placer, "Bibliografía", *El Derecho,* nº 838, 20 marzo 1894.

[13] Heraclio Pérez Placer, "Bibliografía", *El Derecho*, nº 839, 21 de marzo de 1894.

trar na profunda desilusión dun home que intentou cambia-los costumes educativos coa creación dun colexio en Santiago. J. Rodríguez Quintana[14] falaba nas páxinas de *El Derecho* do "espíritu de sátiras" que se percibía en *Contos da terriña*, especialmente en "O colexio de Rubido":

> (...) nadie ha parado mentes en su principal mérito, cual es el espíritu de sátiras que desde la primer página hasta la última, se deslíe suavemente penetrándonos a traición. No es la sátira procaz y ampulosa que emplean algunos escritores a lo Góngora, es fina, sutil, mezcla del carácter gallego y la educación esmerada del autor: algo así como esos alfilerazos que con la sonrisa en los labios se cruzan en los salones de la gente aristocrática. Y es extraño, extrañísimo que este principal mérito haya pasado desapercibido.
> ¿Dónde sátira más sangrienta que el cuento "O colegio de Rubido" en donde fustigan sin piedad a Santiago en particular y al pueblo gallego, en lo que este tiene de rutinario en general?

Pódese afirmar que a obra de H. Pérez Placer responde na súa primeira etapa á temática predominante no resto da producción daqueles anos. Así en *Contos, leendas e tradiciós* atópanse narracións ambientadas no rural que recrean ou reelaboran relatos que proceden da tradición oral ó lado de relatos amorosos e doutros centrados na explicación de lendas e tradicións. Tamén cultiva o relato humorístico non exento de picardía e dun marcado erotismo. Pero neles xa se distancia da descrición de costumes típicos e de festas populares e foxe de centrarse exclusivamente nos problemas sociais coa intención de introduci-lo seu propio estilo, aspectos que fan que a súa escrita sexa considerada fóra dos paradigmas habi-

[14] J. Rodríguez Quintana, "Contos da terriña", *El Derecho*, nº 1194, 19 de xuño de 1895.

tuais da súa época. Estes trazos que o identifican son neste primeiro momento a insistencia na descrición paisaxista e no cariz erótico das situacións que representa. As precisas descricións dos corpos e a recreación nas escenas que mostraban desexo sexual e sensualidade valéronlle en repetidas ocasións os cualificativos de escritor naturalista, procaz e inmoral.

En efecto, a súa escrita non deixou indiferentes ós seus coetáneos, que expresaron a súa opinión con ataques ou defensas da súa obra nas páxinas dos xornais. Os distintos comentarios coinciden en sinala-la influencia da escola naturalista francesa aínda que os críticos, ó teorizar sobre a cuestión e sinalar a H. Pérez Placer como o introductor desa tendencia en Galicia, fixérono sen rigor e cáseque sempre a partir da falta de coñecemento estricto dos presupostos teóricos que defendía tal escola[15]. A polémica sobre a obra de H. Pérez Placer inscríbese nun debate máis amplo de condena ó naturalismo identificándoo cunha literatura pornográfica e inmoral. Un dos textos máis representativos a este respecto é o que asina Noé Vila nas páxinas de *Galicia. Revista Regional*:

> Como el ladrón que vuestro paso acecha,
> oculto en misteriosa encrucijada,
> y en las sombras envuelto de la noche

[15] Esa falta de coñecemento estricto foi habitual na maior parte da crítica española ó tratar do naturalismo. Segundo aclara José Manuel González Herrán ("Estudio Introductorio", en *La cuestión palpitante*, cit., p. 20): "(...) fueron escasos los críticos españoles que, al teorizar y discutir acerca de aquella cuestión, lo hicieron con conocimiento y rigor (Revilla, Alas, González Serrano, Altamira, la propia Doña Emilia...); en el resto la abundantísima literatura crítica y polémica, publicada en revistas o folletos entre 1876 y 1886 predominan la confusión terminológica, la falta de información, la pobreza argumental, los prejuicios ideológicos y estéticos, la mezcla indiscriminada de dictamen estético y prédica moral; todo lo cual da como consecuencia una sarta de tópicos que circulan como moneda corriente e intercambiable, tanto en periodistas de poca monta, como en escritores del prestigio de un Valera o un Menéndez Pelayo".

traidoramente os hiere por la espalda:
como el lobo persigue al corderillo
y en él devorador instinto sacia:
como el tigre feroz que presa elige
y sobre ella, indefensa se abalanza
y apoderado de ella, la destroza
empleando sus dientes y sus garras...
tal á la sociedad destroza y hiere
esa literatura pornográfica
haciendo del periódico y del libro
medio de perniciosa propaganda.
Cuentos escandalosos é inmorales:
historias que vergüenza y rubor causan:
chistes obscenos, repugnantes, sucios:
indecentes e impúdicas estampas,
la obra son de esa literatura,
de esa moderna aborrecible plaga,
(...)
¡Atrás los escritores sin conciencia,
que á la innoble tarea se consagran
de propagar el virus ponzoñoso
por medio de la prensa pornográfica!
¡Atrás los escritores inmorales,
que en el cuerpo social tal daño causan,
olvidando ¡insensatos! que esa lepra,
que de la juventud corroe el alma,
se inocula también en sangre propia:
¿ó no tienen tal vez hijas ni hermanas?
¡Guerra, guerra al periódico y al libro,
que la moralidad hiere y maltrata
y tiende a destruir con mano artera
el sólido cimiento en que descansa
la educación de nuestros tiernos hijos,
que han de formar la sociedad mañana!

> ¡Guerra á la infame y vil pornografía,
> que una víbora es... y hay que aplastarla![16]

Nesta condena da literatura "pornográfica" e dos escritores "inmorais" pode verse cal era a postura dos sectores máis pechados cara á literatura de H. Pérez Placer. Así opinaba tamén Orsino na crítica de *Pé das Burgas*, de Álvarez de Nóvoa, manifestando o seu aberto rexeitamento cara ós excesos do naturalismo e aplaudindo que o autor do libro que comenta non caese neses extremos:

> Os asuntos que escolle para os seus contos, anque teñan bastante de reás, non constitúen a generalidade, porque hai neles moita fantesía que os arredan de espresar ese naturalismo tan en moda ao presente e que, cando non se sabe disfrazalo no pudor, causan noxo e repunanza hastra o punto de renegar dos que tan mal consello mollan súa pena nas pozas onde formentan tódolos fedorentos homores que carauterizan as relaxadas costumes da autual sociedade.
>
> Ben fai Álvarez de Nóvoa en fugir das infestadas e revoltas pozas ja que ten o tauto de saber esculcar onde se atopan as cristaiñas augas que sen medo ao contagio poide ofercer aos amantes das boas leuturas[17].

Trala publicación de *Contos, leendas e tradiciós* o único aspecto que a crítica identificaba como naturalista era a descrición de escenas de contido sensual que se consideraban escandalosas. En particular, o conto "¡Rillote!..." suscitou unha considerable polémica. As críticas que o definían como inmoral lograron en realidade que aumentase o número de lectores e que en diferentes revistas e

---

[16] Noé Vila, "Guerra a la pornografía", *Galicia. Revista Regional*, ano I, 2ª época, nº 10, abril 1893, pp. 625-626.

[17] Orsino, "Pé das Burgas", *Revista Gallega*, nº 84, 11 de outubro de 1896, p. 6.

xornais aparecesen recensións ou breves opinións en favor ou en contra do relato e do seu autor. Así por exemplo en *As Burgas,* aínda catro anos despois da publicación do libro, defendían o conto dos ataques doutros medios considerándoo o paradigma do novo naturalismo e acusando ós seus detractores de hipócritas e *cursis*:

> «El Criterio Gallego» de Pontevedra recomenda á o noso querido colega de aquela ciudá «Café con Tostada» menos naturalismo n-os seus traballos.
> Toda ista moxigatería pol-o conto «¡Rillote..!», que pubricamos hoxe pra darlle n-a testa o colega carcunda.
> Xa pasaron, noso amigo, os tempos das churumicadas cursis, abríndose paso o verdadeiro naturalismo (...)[18]

> Noso querido colega pontevedrés «Café con Tostada», que cada día ten máis aceptación, fai unha brilante defensa do artículo «¡Rillote..!» do noso querido amigo e compañeiro Don Heraclio P. Placer. (...) ¡Adiante, pois! é preciso arrincar as carantoñas da hipocresía[19].

Jorge Martínez[20] apunta que o conto foi abondo lido e comentado e que mesmo algúns anos despois de ter aparecido *Contos, leendas e tradiciós* o escritor vigués Jaime Solá Mestre aínda o consideraba "la síntesis de la literatura de Pérez Placer", e ademais "diga lo contrario quien quiera, es una joya. Una joya, así como suena". Indica tamén que mesmo se chegou a pensar en facer unha edición por separado:

> «Rillote» foi abondo lido e comentado, e é por iso que nada nos estraña que de tal «xoia literaria» se chegase a proxectar

---

[18] *As Burgas*, "Potaxe", nº 5, 20 de xaneiro de 1895, p. 6.

[19] *As Burgas*, "Potaxe", nº 7, 3 de febreiro de 1895, p. 6.

[20] Jorge Martínez Jiménez, "O Rillote, un conto con escándalo", *La Voz de Galicia*, "O 70 cabodano de Pérez Placer", 22 de novembro de 1996, p. 44.

a súa publicación por separado, fora do libro do que formaba parte; libro que, polo demais, tivera unha moi grande difusión, a xulgar pola rapidez con que, unha vez posto á venda, se esgotara a edición. Do conto en cuestión anunciábase unha edición «con verdadero lujo», en elegante folleto e con ilustracións en color, a cargo da casa Thomas, de Barcelona.

Eladio Rodríguez González referíndose ó contido do primeiro libro de relatos de Pérez Placer defende as características do seu naturalismo, entendéndoo como representación da realidade, como aspecto que favorece a verosimilitude do representado e insiste na variedade do libro e na adaptación do estilo ás circunstancias da narración:

> ¡Que es algo naturalista!... dirán, asombradas de la anterior afirmación, algunas almas cándidas ¿Y qué? Pues si no fuese así, dejaría de ser obra gallega, y hay que convenir en que lo es por los cuatro costados.
> El naturalismo de Pérez Placer, no es el naturalismo que degenera en porquería y hace apartar del papel la vista con repugnancia aún a las personas menos timoratas: es el naturalismo de la realidad. En las páginas de *Contos, leendas e tradiciós* todo es real, todo es ingenuo, todo es verídico, y por consiguiente, todo es natural, todo es *gallego*.
> (...) Bajarse a recoger el fango y el lodo del vicio, y, luego, con arte y maña, separar lo que mancha de lo que da brillo, y encumbrar hasta el pináculo de la sublimidad lo que engrandece y eleva, sepultando en los abismos de la degradación lo que envilece y deshonra, dígase lo que se quiera, lejos de constituír un acto censurable, es una obra meritoria.

Sobre o atrevemento do relato "Cóxegas", que desenvolve un diálogo sobre o comportamento sexual dunha muller, sinala tamén que non hai motivo de escándalo porque responde á realidade e demostra a inocencia e a inxenuidade típicas da aldea:

> Tal vez haya quien encuentre algo atrevido el juguete titulado "Cóxegas".
> Será todo lo que se quiera, pero puede asegurarse que el contenido de esas dos docenas de líneas en prosa es real en todo. ¿Qué la moza, al decir lo que dice, demuestra perversión moral? No hay semejante cosa. Lo que demuestra con esa ingenuidad es su inocencia y su candor; candor e inocencia campestres que, si en las aldeas pasa como moneda corriente de buena ley, en las ciudades pudieran ser motivo de escándalo o, cuando menos, causa de asombro. Quitad a la vida campesina su inocencia y habréisla despojado de lo que constituye su mayor atractivo y su mayor encanto[21].

Tamén H. Pérez Placer demostra coas súas palabras unha concepción do naturalismo como o reflexo da realidade dos costumes e dos comportamentos da vida rural galega sen entender por qué a algúns dos seus lectores lles molestaba a utilización na súa literatura de aspectos "naturais", "reais" e "inocentes". Así comentando "No muíño", outra das poesías do volume *Folerpas*, dicía:

> Ya me consta que al bueno de D. Andrés le calentaron las orejas cuando la publicó en la revista *Galicia* por aquello de si era picante, etc. en fin majaderías de esos hipócritas que ven inmoralidades en todas partes y a lo mejor tienen por santo y bueno cobrar el barato a los amantes de sus mujeres. Pero a pesar de esa especie de *padres de familia* vergonzantes, la poesía es bellísima, es más, lo que pasa, es que no comprenden lo que leen o más bien dicho no saben adaptarse al sitio, a la gente o a las costumbres que se describen.
> Claro está que los versos: "Ei arde o eixe" etc. serían inmorales por aquello de ir en un haz rodando por el suelo, si se

[21] Eladio Rodríguez González, "Contos, leendas e tradiciós", *Galicia. Revista Regional*, ano I, 2ª época, nº 2, agosto 1892.

> tratase de cierta clase de personas pero tratándose de aldeanos, donde el andar en *loitas* es tan común e inocente, y donde *as apalpadelas* no significan lo que significaría entre señoritos no tiene el concepto inmoral que quieren darle estos nuevos Josés. Y no vaya a creerse que yo peco de cándido hasta el punto de creer en la inocencia idílica de los campesinos, pero en estos casos en que los *borcallós* traen consecuencias ya se bastardea la verdadera sencillez con que lo hacen y no van a escoger un sitio de reunión pública.
> Intento sobre esto al parecer futil porque vengo notando que muchos toman el rábano por las hojas y hablan de pornografía donde a todo más solo puede haber unas pinceladas de realismo[22].

Unha xustificación similar do seu xeito de reflecti-la realidade é a que aparece no conto "A verdá da historia", onde o narrador discrepa da versión que ofrece unha *miss* sobre unha escena ocorrida nos prados de Ponte Pedriña, cando observou a unhas mulleres espidas. O interese de H. Pérez Placer está nas causas que deron lugar a ese episodio e que o defenden de calquera sospeita de inmoralidade porque é un feito habitual da vida cotiá dos mozos santiagueses.

Nalgunha das críticas que recibiu Heraclio Pérez Placer foi comparado con Zola e con Boccaccio, polo seu atrevemento e a súa procacidade. Parece que estes literarios cualificativos non só non lle desagradaban senón que os tomaba coa súa ironía e mordacidade características. El mesmo interrompe un dos relatos de *Contos da terriña* para se referir á polémica suscitada polo seu primeiro libro e considera os seus contos como "inofensivos":

> E anque eiquí poidese contar contos e máis contos, que de boca en boca corren por tódolos coruñeses, *teño que calar-*

[22] Heraclio Pérez Placer, "Bibliografía", *El Derecho*, nº 838, cit.

me, porque don Andrés, de fixo non mos pubrica, por medo á xente timorata, que non dubidou en chamarme o Bocaccio e o Zola gallego, polos inofensivos contos do meu último libro[23].

Posteriormente en *Contos da terriña* o escritor matizará bastante a súa postura con respecto ós textos máis atrevidos. Moi preocupado por acada-lo consentimento das xentes de letras reunirá en Santiago a un grupo escolleito de intelectuais para lérlle-los seus novos relatos. O seu cambio de actitude con respecto ó naturalismo é aplaudido dende os medios máis afíns á súa estética como *El Derecho*:

> Según nuestros informes, el volumen está formado por preciosos cuentos del país, en los cuales el señor Placer ha tenido el buen gusto de apartarse de la escuela de Zola para adoptar otra en consonancia con el gusto de la tierra[24].

Tamén Benito Fernández Alonso comentando *Contos da terriña* anotaba sobre Pérez Placer que "tal vez mejor aconsejado, tome por el camino de la decencia y se arrepienta, lo que celebraríamos"[25]. Outros comentarios dirixidos a el esixíanlle un ton máis delicado ó tratar de determinados asuntos que ían dende simples suxestións a ataques máis furibundos:

> (...) pues en sus descripciones campa a sus anchas el naturalismo (...) Pérez Placer puede hacer mucho y bueno si los asuntos que trata los reviste de un poco más de delicadeza en el decir, despojándolos de esos tintes verdes con los que le dá

---

[23] "A pillo, pillo e medio", en *Contos da terriña*.

[24] *El Derecho*, nº 1019, 10 de novembro de 1894.

[25] Esta opinión aparece recollida en Jorge Martínez Jiménez, "O Rillote, un conto con escándalo", cit.

> sombra a los cuadros que perfila (...) Como no le queremos mal, nos permitimos decirle con franqueza nuestra opinión[26].

> (...) pero lo que no puede pasar es la obscenidad con que algunos escritores engreídos y soberbios engalanan sus escritos. Confirmación de lo dicho es un artículo o cosa así que con el epígrafe (...) y la firma Heraclio P. Placer (...) El escrito de Placer (...) es ya más que pornográfico (...) Es lo que no tiene nombre (...)[27]

Aínda moitos anos despois, en 1908, a consideración de Pérez Placer como escritor indecente e entusiasta admirador de Zola resoa nas páxinas dalgúns críticos. Boa proba disto son as páxinas que lle dedica Elisardo Sayáns[28] nun capítulo de *Siluetas Literarias* onde ademais de descualificalo como médico e ridiculizalo como poeta, refírese á indecencia como trazo predominante na súa obra, conferíndolle deste xeito unha sona que pasou á posteridade:

> ¿Quién es D. Heraclio?
> D. Heraclio es el Sr. Pérez. (...)
> Un Pérez que hace versos indecentes, crónicas indecentes, cuentos indecentes.
> Un Pérez intelectual.
> Un Pérez... verde.
> O un verde Pérez. (...)
> Usted, entusiasta admirador e imitador de Zola (...)

De tódolos xeitos se ben en *Contos da terriña* deixa atrás os motivos que a crítica consideraba naturalistas no sentido do erotis-

---

26 "Bibliografía", *Revista Gallega,* nº 48, 9 febreiro 1896, p. 6.

27 *Revista Gallega*, "Murmuraciones", nº 7, 28 abril de 1895, p. 6. Citamos pola mencionada edición de Beira o Barbaña, p. LXXIII.

28 Elisardo Sayáns, *op. cit.*, p. 68-74.

mo e da picardía, non os elimina totalmente senón que os mestura con matices máis sensuais e delicados. Proba disto é que a crítica seguía destacando a presencia nalgunhas páxinas do libro dun "sabor marcadamente naturalista"[29]. Por exemplo, o conto "O espertar" demostra claramente que Pérez Placer estaba informado das propostas do naturalismo que difundira Emilia Pardo Bazán, o nome que parece agocharse trala descoñecida interlocutora da conversa que serve de introducción ó conto. As súas palabras constitúen unha interpretación dalgúns dos postulados naturalistas, como a influencia do medio ambiente no desenvolvemento do individuo, o paralelismo entre o novelista e o científico no afán de estudio e investigación sobre o mundo natural, a representación da realidade dun xeito obxectivo, a importancia da observación e da experimentación e a descrición detallada dos aspectos fisiolóxicos. Estes puntos defendidos por esa *ilustre amiga* sérvenlle a Pérez Placer para xustifica-lo relato da súa experiencia persoal do espertar da inocencia nas augas do río. Tamén nun fragmento de "A pillo, pillo e medio" empregando o discurso metaliterario xustifícase a necesidade de axustarse á verosimilitude absoluta en canto á adaptación de personaxes á acción e mostrando o distanciamento da esaxeración romántica.

> E eiquí, *si eu fora deses esquirtores de pastaflora*, que están chorando por cada milindrinada, ¡que ben vendría un pouco de romanticismo, ou unha presa de xeremiadas!
> Eiquí o de finxila namorada dalgún garrido mariñeiro, e describila aló no apardecer, cando o mar se tingue de azul e rosa co sol poñente, de codos no muelle do pescado, ou na praia, recostada contra unha varada buceta, ollando a carón do castelo de San Diego, esperando que volte o seu mariñeiro carenarlle a vía que lle abriu no curazón coa marcha, e creendo ouvir nas ondas vagorosas, que con doce salaiar morren na praia, ou na bris que troulea cos seus roxos cabelos, os salaios do seu noivio.

---

[29] *Revista Gallega,* nº 1, 17 de marzo de 1895, p. 5.

> ¡Pero Dios me libre de tal! non me demande por inxurias, ou me arme un caloteo cando me colla a xeito, por andarlle remexendo no armario dos seus sagredos, sin permiso da súa boa voluntá, e ademais, que eu non sei si é de mar ou de terra o que lle entrou no curazón, nin si lle fai falta ou non a carena.

Nesta mesma liña de defensa dun naturalismo apegado á realidade hai que entende-las manifestacións de F. Álvarez de Nóvoa cando se pronuncia sobre a escrita do seu amigo. Facendo a crítica da peza teatral *Irrepresentable*, de H. Pérez Placer, defende o seu atrevemento e valora outros aspectos da súa escrita como a súa capacidade de descrición e de análise dos caracteres:

> Trátase dun esbozo de drama, de una nota de color, magistral como todas las de nuestro primer colorista, y une a su originalidad, a su estilo propio, todo el vigor y atrevimiento de sus escritos, toda la frescura y delicadeza que salpica de fresquísimos oreos sus más naturalistas trozos más bellos cuanto más naturales (...) en bien impreso tomo aparece a la luz pública bajo el título de *Irrepresentable*, uno de sus más buenos y acabados trabajos y el que vendrá a confirmar que si como humorista su prosa y verso encierran caudales de gracejo, como escritor serio que estudia un asunto, una pasión o una afección, reúne mejores cualidades a mi modo de ver (...) al leerlos, las personas libres de ridículas preocupaciones y amigas de lo bello en cualquiera de sus fases los aplaudirán, de que los tímidos callarán su opinión por no menos ridículos temores, y de que los hipócritas dirán que la obra es atrevida, naturalista, acaso (para ellos) irreligiosa, pero no dirán que es mala, ni la pondrán a la altura de una medianía[30].

---

[30] Francisco Álvarez de Nóvoa, "Irrepresentable", *El Derecho*, nº 845, 29 marzo 1894.

Cando valora *Contos da terriña* faino tamén salientando aqueles contos nos que predomina a delicadeza, a tenrura e o lirismo:

> A sona que Pérez Placer adiquirira como partidario do naturalismo, escola que tantas polémicas lle ten custado, movía máis curiosidá de todos, e cando o libro saíu das máquinas, pódese decir que foi examinado pola crítica apasionada con prexuicios que, por fortuna, non tiveron base; o último libro de Pérez Placer é o máis correcto que saíu da súa pruma; os brochazos naturalistas de que non prescindiu teñen a misma fermosura de sempre, pro soupo darlles tal xeito que non hai nin unha frase que non sexa atildada, de gusto artístico.
> Sempre fumos de opinión de que o autor de *Contos da terriña*, é o poeta delicado por escelencia (...), e seu último ven a confirmar esta opinión de dil tiñamos.
> Contos, millor dito, descripciós de tan formoso coorido e tan grande delicadeza como "Amor de fadas" (...); narraciós tan cheas de tenrura como "O señor capitán", "Velliña... miña velliña" (...); filigranas donde os máis delicados pensamentos engárranse en sinxelas espresións como en "Pitirroxos"; fantasías como "O violín encantado" de poderosa imaxinativa; saudades como as de "O emigrado", e, finalmente tan brilantes descriuciós cheas de vida, de coor de exuberancia de pensamentos e imáxenes como "Os dous folios"; quen asina escribe, repetimos, non pode menos de ser o poeta das delicadezas, soilo pode ser o autor de "¡Fillo!", aqueles catro renglós que gardan un subrime poema.
> (...) pon á beira contos como "Cereixas" cheos de pasionales tonos, amores de rapaces que pinta cos coores tenros de quen inda non esquenceu o primer día de amor de neno; ten "Borrolito", cheo de orixinalidá, de tristísimas queixas (...); ten "Ensono", "A festa das fadas" pra mais tenruras; ten "O magosto", "Chinita" y "O xeneral" cheos de lembranzas de neno, da edá dichosa (...).

> Ali ten pras súas tristezas non durmidas "Follas secas" e "Avelaíñas", pra seus amores ás nais "A riada", ós seus amigos ausentes "O emigrado", pra súa ialma "¡Velliña... miña velliña!"[31].

Considerar a H. Pérez Placer simplemente como un representante de certo tipo de naturalismo de orixe popular ou como escritor atrevido e procaz, opinión que se estendeu abondo[32], é desatender outras aportacións da súa escrita ó conto literario galego, como a súa manifesta vocación de paisaxista, o seu lirismo, os contidos simbólicos dalgúns dos seus contos e a coidada atención á psicoloxía dos seus personaxes. Nestes puntos conecta co seu grande amigo Francisco Álvarez de Nóvoa e pode considerarse como o seu mestre, xa que a obra do granadino arrinca a partir da amizade con Placer.

A escrita destes dous autores revela o rexeitamento de certos temas ou polo menos a vontade de enfocalos dende outra perspectiva que asoma na súa obra de xeito diferente pero complementario. As súas ideas sobre o xénero parten dos mesmos moldes estéticos e literarios e déixanse entrever nas opinións que espallan por diferentes revistas e xornais da época, afirmando a necesidade da literatura galega de se distanciar e supera-la literatura rexionalista finisecular. F. Álvarez de Nóvoa definía así a súa proposta en *El Derecho*:

---

31 Francisco Álvarez de Nóvoa, "Contos da terriña", *As Burgas*, nº 10, 3 de marzo de 1895.

32 Por poñer só un exemplo citarémo-las palabras que lle dedica Carré Aldao (*Op. cit.*, p. 85 e 119 respectivamente): "(...) destaca en todos los géneros, mostrándose ya picaresco, ya melancólico, aun cuando siente más preferencia por lo primero y en cuyo género por dejarse llevar de su fantasía, ardiente y exaltada en extremo, peca algunas veces de atrevido y corre su pluma con cierta viveza y desenvoltura que perjudica su mérito" / "Entre los cuentistas sobresalen: Heraclio Pérez Placer, por lo encantador de la forma y del lenguaje, el colorido y el asunto, si bien peca a veces de demasiado naturalista, como en Rillote una de sus más celebradas relaciones".

> la nueva generación que llevamos por lema el derrumbamiento de los viejos moldes en que se vaciaban todos los ripios regionales, gallegos y castellanos[33].

Probablemente estes presupostos comúns naceron a partir da amizade persoal que mantiveron os dous escritores. O contacto entre eles proporciona as claves necesarias para entende-la semellanza de opinións con respecto á creación literaria e as conexións en moitos aspectos da súa obra. A súa relación manifféstase reiteradamente nas dedicatorias que intercambian nos seus escritos. O artigo "¿Amor?"[34], de H. Pérez Placer publicado en *El Derecho*, vai dedicado a Álvarez de Nóvoa, e este dedícalle á súa vez "¿Ensueño?"[35], nas páxinas dese mesmo xornal. A narración "O espertar", de *Beira o Barbaña*, leva como encabezamento "Dedicatoria o meu entranable amigo Heraclio Pérez Placer". Co mesmo título, Pérez Placer inclúe un relato en *Contos da terriña*, onde tamén se atopa a traducción ó galego do conto "La goleta"[36] de Álvarez de Nóvoa. Neste mesmo libro Pérez Placer emprega unha cita de Álvarez de Nóvoa en "¡Suicida!" e dedícalle o conto "Cereixas". Aínda en 1894, cando Heraclio marcha a Compostela, cultivan a súa amizade, como demostra o feito do inicio dun proxecto editorial conxunto: a Biblioteca Verde y Rosa, colección que pon de manifesto a conexión dos presupostos literarios que ambos asumían e que tiñan como obxectivo fundamental orienta-la literatura galega cara a un novo modelo de creación que superase os criterios do momento.

Francisco Álvarez de Nóvoa chegou a Ourense no 1892, cando Heraclio Pérez Placer xa era dabondo coñecido no ambiente literario ourensán polas súas colaboracións en xornais e revistas e pola

---

[33] *El Derecho,* nº 1080, 26 de xaneiro de 1895.

[34] *El Derecho*, nº 805, 8 de febreiro 1894.

[35] *El Derecho*, nº 815, 20 de febreiro 1894.

[36] Este conto fora publicado en *El Derecho* en xullo de 1894.

publicación de *Contos, leendas e tradiciós* (1891). A amizade destes dous homes manterase a pesar desa diferencia de idade que existe entre eles e da que dá conta o mesmo Álvarez de Nóvoa cando elixe como confidente das súas primeiras inquedanzas amorosas a Pérez Placer aludindo a esa diferente etapa de evolución sentimental na que se atopaban:

> Comenzaba en ti la edad en que esta fiebre se templa, la belleza de los sueños se marchita, las sublimidades desaparecen... La realidad se impone, y el choque es inevitable entre un corazón que comienza a llamear y otro que apenas conserva chispazos... ¿Quién era más feliz?[37]

Ademais a súa relación maniféstase nas súas respectivas obras literarias onde se perciben intertextualidades evidentes. As beiras do río Barbaña adquiren en ámbolos dous escritores unha importancia significativa, como demostra o título elixido por Álvarez de Nóvoa as súas primeiras narracións, *Beira o Barbaña (Paisaxes)*. Este conxunto de descricións ábrese co relato "O espertar" dedicado precisamente a Pérez Placer, que actúa como confidente das penas de amor do xove Nóvoa. Percíbese nas súas palabras un ton de sinceridade e intimismo cara a ese amigo que actúa de presentador das paisaxes que rodean o río así como un sentimento melancólico de perda das primeiras ilusións, da primeira inocencia que se rompe coa chegada dos desenganos. Pérez Placer é ese amigo elixido para lle confia-las tristuras da alma atormentada dun home que esperta á vida:

> Deitado n-a herba, c-os codos n-a terra e á testa n-a palma d'a man, escoitabas tristeiro á historia de sempre, á historia d'os meus amores... Falabach'eu como falaba estonces; deixaba esbarar as palabras ledas, baixiñas, tremantes, mezcradas con

[37] Álvarez de Nóvoa, "¿Ensueño?", *El Derecho*, nº 815, 20 febreiro 1894.

> bagoas de sentemento, n-aquil incesante barbullar de lembranzas, de saudades, de loito... Afogábanseme as palabras ô falarche d'ela, que me fixera espertar á min d'aquil sono de neno tan alegre, d'aquela dôce libertá de ímpuber pra facerme botar as mans ós ollos é topalos cheos de bágoas, d'as primeiras bágoas de home que vertin...[38]

O sentimento de perda do pasado, de ilusións frustradas está tamén nos relatos de Pérez Placer, que, con seguridade, comprendía á perfección os sentimentos que escoitaba. Álvarez de Nóvoa suxire ademais o carácter un tanto malicioso do seu amigo:

> (...) Despois cuase te xogueteaba n-os labeos bulrona malicia ó escoitar os sobresaltos, os estremecementos desconocidos, ó referver d'o sangue en oleadas que me queimaba... ¡á min!... Sempre co-a fresquisima sonrisa d'os nenos, vagando pol-as *mariñas* alleo d'os fruncimentos nerviosos... d'o latexar de sienes (...)[39]

O río Barbaña adquire tamén unha multiplicidade de resonancias simbólicas na obra de Pérez Placer, unha presencia importantísima que debeu transmitir a Álvarez de Nóvoa segundo se desprende do mesmo conto "O espertar":

> (...) é por fin este currunchiño *Beira ó Barbaña* que ti me ofreciche decindome tristeiro.
> - Ven; eiqui se sona e alá se sofre; eiqui á bris é fresca, alá, á sua beira, é ardente, non-afeita pr'os teus pulmos; eiqui podes oubir ó *Barbaña* que che contará tristuras ô bícal-os ameneiros é risoños parrafeos ô esbarar riseiro entre as guixas que, ô rozalo, arrancan d'os seus fios as notas mais ale-

---

[38] "O espertar", en *Beira o Barbaña*, ed. cit., p. 7.

[39] *Ibidem*, p. 7.

> gres y-os queixumes mais tristes...; teras un amigo á quen contar os teus amores, un hirmau que sinta coma ti porque tamen sentiu, un home que deixe esbarar as bágoas ô falar d'un neno que se sinte home... tan home que ó curazón xa non lle cabe n-o peito rebordanno amores non comprendidos, fibras non conocidas, sentementos escondidos n-a lixeira sombra triste que se apoderaron de tí ô teu espertar... Eiqui tes teu presente ó teu pasado; ten presente ahi, esbozandose entre os follatos, ó niño d'ela cenguido de prata pol-o Miño, coroado de esmeralda por Montealegre, arrebuxado n-a túneca rousacea de imparpabre miudisimo porvo qu'espalla ó sol n-as últemas parpexadas... Eiqui teu pasado... ¿Non ves en cada un d'os anacos d'este curruncho algunha lembranza d'outros paisaxes, sospirar d'outras brisas, marmuriar d'outros regatos?...[40]

Álvarez de Nóvoa preséntasenos pois, como un home sensibilizado cara á beleza da paisaxe, que vai recibir de Pérez Placer as claves para atopar nela o consolo espiritual que procura, ademais do consello de poñer por escrito os seus sentimentos:

> Non sei por que se te ocurreu cando oubiches meus paisaxes que collendome unha mau me diseches.
> -¿Por qué no escribes?... Calmarías os teus sofrires. Pra escribir solo é preciso ter alma, é ti tes demaseada, é preciso ter sentementos é ti os tes coma poucos... Colle a pruma, traza as tuas impresiós, os teus queridos *paisaxes* as tuas alegrías, as tuas bágoas, é despois verás coma te sintes millor, coma ô leer as pinturas que fiseches arrincadas d'o natural, sintes algo dôce que non sentiche, algo que tamen eu sentin é que non te podo espricar, algo que debe ser á satisfaución de ver

[40] *Ibidem*, pp. 8-9.

[41] *Ibidem*, p. 11.

> anacos d'a y-alma grabados pra sempre donde non s'esquecen...[41]

O nacemento de Álvarez de Nóvoa como escritor prodúcese, se atendemos a estas palabras, a partir da amizade e da confianza depositada en Pérez Placer, que entende a escrita como un exercicio de liberación das angustias do corazón e como expresión da sensibilidade. Os arredores do río convertéronse con certeza no lugar favorito dos paseos e das conversas de ambos e no Barbaña vanse ver concentrados os significados do seu respectivo percorrido íntimo e emotivo. A especial significación do río Barbaña vencéllase cunha concepción da paisaxe como refuxio ante un presente desolador e un pasado poboado de lembranzas agradables, motivo recorrente nas súas respectivas obras. Neste sentido, hai que entende-las palabras que Pérez Placer dirixe a Álvarez de Nóvoa:

> Tu bien te acuerdas amigo mío, cuando en mis caminatas por el campo, me acompañabas deseoso de ver los sin iguales alrededores de Orense para borrar de tu mente las inhospitalarias arideces de la más inhospitalaria Castilla de la cual venías.
> Siempre que trepábamos por el caminejo antes descrito, nos sentábamos al borde de aquel boquete que la muralla derribada presentaba, y allí, al lado del torrente que de lo alto despeñaba, con los pies medio hundidos en el heno recién cortado, descansábamos un rato de la fatigosa ascensión y repirábamos las primeras brisas de la montaña.
> (...) Pasó el tiempo, y después ¿sería que al pasar me recordaba otros tiempos, sería que me mostraba la falta del amigo ausente? No lo sé, pero sin poderlo remediar prolongaba la parada...[42]

---

[42] Heraclio Pérez Placer, "¿Amor?", art. cit.

Xa no 1886, Pérez Placer, nunha das súas primeiras colaboracións en *O Tío Marcos da Portela*, publicara unha emotiva declaración cara ó río, pois nel descobre a poesía a través do miragre da paisaxe onde se lle aparece unha "virxe de rara beldad". O título elixido por Placer, "O pé do Barbaña", é moi similar ó que Nóvoa escolle para o seu libro: (...) Sentado na beira do manso Barbaña, / enchíame o peito sacreta emoción, / (...) / Quizais os recordos de tempos pasados, / cicais os efeutos dalgunha ilusión, / cicais cando neno na beira do río / forxeime na mente delirios de amor[43].

Neste espacio residen as claves fundamentais de interpretación de boa parte da obra dos dous escritores. A súa importancia é tan significativa que tamén Pérez Placer vive o seu "espertar" persoal nas beiras do río e o utiliza como espacio privilexiado, por veces idealizado, por boa parte dos seus personaxes. Ese "sentido da plástica da paisaxe, a harmónica e sutil fusión e combinación de case imperceptibles estados de ánimo con formas e colores"[44] é o trazo que máis une ós dous escritores, que pretenden iniciar na literatura galega unha escola "colorista" que segundo as súas palabras consiste en converter "la pluma en pincel y las frías imágenes en palpitante colorido que pugna por colorear las páginas con la brillantez de una imaginación rica"[45]. O mestre nesta tendencia é Pérez Placer a quen se lle une axiña Álvarez de Nóvoa recoñecendo ó seu amigo como o creador da escola:

> (...) La tenacísima resistencia que muchos opusieron al colorismo, resistencia que tanto tiene costado vencer a Pérez Placer, iniciador de la escuela, embotó por así decirlo, con

---

[43] Heraclio Pérez Placer, "O pé d'o Barbaña", *O Tío Marcos da Portela*, Parrafeo 160, 26 de decembro de 1886, pp. 2-3.

[44] Jorge Martínez Jiménez, *op. cit.*, p. CXXIII.

[45] Francisco Álvarez de Nóvoa, "Bibliografía", *El Derecho*, nº 1080, 26 de xaneiro de 1895.

> mucha gloria por cierto para el, el primer avance del iniciador, y sólo los llegados de otras regiones hemos tenido valor para seguir sus huellas y declararnos coloristas (...)[46]
>
> Apeas si se atopa en todo o libro unha páxina que non tena unha nota de color maxistralmente tocada, sinxela, brilante, porque Pérez Placer foi sempre o que despois de iniciar a escola, levou enxergada a bandeira donde tantos nos acollimos, donde acoubaron tódolos que queren dar ós seus escritos a palpitante fermosura, as docísimas soavidades que a imaxinación rouba á Natureza pra dempois faguer do seu coorido regueiro de lumiosas imaxes que frotan na descriución como regueiro de recendentes frores e luminicas irisaciós[47].

Desta concepción pictórica da literatura poden constatarse múltiples exemplos nos contos de Pérez Placer onde se percibe a súa ollada de pintor atento á descrición dos espacios como se estivese ante un cadro.

Outras intertextualidades que amosan o profundo vencellamento que manteñen as obras destes dous escritores obsérvanse ó comparar algúns dos seus relatos. Por exemplo, o protagonista de "Ánxel", de *Contos, leendas e tradiciós*, presenta, como xa ten sinalado Jorge Martínez[48], un parecido considerable pola súa "marxinalidade e fatiga da realidade" co "atormentado e hiperestésico personaxe, lector de *Sous les tilleuls*, de Alphonse Karr", que Francisco Álvarez de Nóvoa nos presenta en "Unha frase", de *Pé das Burgas*. Méndez Ferrín[49] ve nel "o perfil sombrizo do "lobo estepa-

---

46 *Ibidem.*

47 Francisco Álvarez de Nóvoa, "Contos da terriña", *As Burgas*, cit.

48 "Introducción" a *Beira o Barbaña*, pp. XLIV-XLV.

49 "Luz de lámpada rosa", cit., p. 22.

rio" ou sexa o poeta maldito de finais de século". Son dous personaxes marcados aínda polo romanticismo e caracterízanse polo pesimismo e a angustia vital. No mesmo "Ánxel", a escena na que se describe detalladamente o baño dos rapaces espidos no río ten un parecido asombroso coa do conto "No Miño", tamén de *Pé das Burgas*. E por fin, "Borrolito", de *Contos da terriña* —dedicado "A un meu amigo" que ben podería ser Álvarez de Nóvoa—, ten moito que ver co conto que abre *Pé das Burgas*, "O louco", xa que en ámbolos dous o gato se converte no motivo en torno ó cal xiran as lembranzas dos seus respectivos personaxes. Ademais, Álvarez de Nóvoa, ó face-la crítica do libro do seu amigo, detense neste conto manifestando certa complicidade:

> (...) ten "Borrolito", cheo de orixinalidá, de tristísimas queixas, como si envolvese algunha historia real aquela escena que fai rebuldar as bágoas: cicais a historia daquel "certo amigo" a quen o adica (...)

Con respecto a Álvarez de Nóvoa, son importantes os "Dous parrafeos" que preceden ós contos de *Pé das Burgas*. Neles, segundo sinala Méndez Ferrín[50], o autor defende a súa posición ante a prosa literaria do momento, "e faino con dureza, con ironía, con absoluta, e polémica, claridade". Nas súas palabras defende unha literatura baseada na experiencia, nas emocións vividas e afástase do costumismo rural e dos temas de denuncia da emigración e da miseria do pobo, así como do celtismo e do separatismo político. Reclama pois unha dimensión de modernidade na liña dun "idealismo finisecular non patriótico, como o da Escola Formalista". Trátase xa que logo dunha literatura "de preponderancia sentimental, de estudio de almas", unha prosa aberta "á natureza, ao Infinito, á Nada, a Deus". As seguintes palabras son absolutamente reveladoras do seu pensamento:

---

[50] *Ibidem*, pp. 15-16.

> Pois que, ¿non se pode describir no idioma galego nada que non sexan esas lacazadas, eses costumes, esas coitas dos emigrantes, eses mal entendidos rexionalismos -e conste que eu son rexionalista no que ó progreso de Galicia se refira?
> ¿Non hai quizais nesta bendita terra para falar deles, unha fermosa campía, un Océano sen límites; non hai nais, mulleres, amores, ciúmes, desesperacións, queixas, infamias, loucuras, dores, agonías, corazóns, nunha palabra; non sofren os ricos coma os pobres, non penan coma eles, non aman, non odian, non teñen lembranzas, relixión, dúbidas, esmaiamentos, triunfos, gloria, inferno; non ten este chan bendito flores, paxaros, ríos, mares, un Infinito ó redor del e unha Nada ó redor dese Infinito; non hai sentimentos, dores, ansias, tristuras, saudades, alma e inspiración que as escriba? Si; hai iso e máis: un Deus riba de todo (...)

Esta mesma importancia concedida ó sentimento é a que inspira a Pérez Placer en moitos ocasións. Así, por exemplo na introducción a *Recuerdo*, de Álvarez de Nóvoa:

> No se me oculta que con algo infinitamente mejor podía comenzar la publicación de sus obras que con "Recuerdo"; pero ¿quien convence a un escritor del mejor o peor mérito de una obra, si ésta va unida a algún sentimiento del corazón?[51]

Todos estes puntos coinciden co posto en práctica na meirande parte das narracións de Pérez Placer. Lamentablemente non existe ningún texto teórico tan contundente como este da súa autoría, e só a lectura dos seus escritos sinala que participaba da mesma concepción da prosa galega. A respecto das súas ideas políticas, non

---

[51] "Prólogo" en *Recuerdo*, Ourense: Imprenta El Derecho, Biblioteca Verde y Rosa, t. I, pp. 6-7.

compartía as ideas do rexionalismo ortodoxo, nin sobre o celtismo que defendían Manuel Murguía e Eduardo Pondal. Isto último queda ben claro con "A lira de Bregoam", unha aguda sátira humorística na que se burla insistentemente dos ideais do "bardo errante" atribuíndoos á loucura e á fantasía imaxinativa. Tampouco cría Pérez Placer no separatismo político e declaraba que "o verdadeiro rexionalismo" residía, máis que en calquera tipo de autonomía política para Galicia, nun sentimento persoal de diferencia dos castelláns e de autoestima e rebeldía ante os agravios dos que eran obxecto os galegos. Así o expresa nun artigo publicado en *A Monteira*[52] no que protesta enerxicamente pola publicación dunhas ofensas dirixidas contra os galegos no xornal *Resumen*, de Madrid —"Para hacer desatinos no hay como los gallegos y los chinos":

> Pro non é estrano nin de sorpresa nos colle ós que por disgrácea vivimos en Castela, o atoparnos con ultraxes polo estilo, cando vemos que os castelaos fan de todo canto a Galicia toca un padrón de inominia, cando vemos que con estúpida inoráncea regálannos os máis inxureosos epítetos e aproveitan tódalas ocasiós para ultraxarnos da maneira máis cobarde e inxustificada, facendo sinónimo de gallego todo o máis baixo e deshonroso.
> (...) hoxe, que tanto se fala de rexionalismo, entendemos que o verdadeiro espírito rexional consiste en defender o honor do país cando estupidamente se ultraxa, porque antes que os intreses materiales está a honra (...)
> O remédeo, outros de máis talento o atoparán, eu non fago máis que apuntar a idea, porque urxe que en vez de chorar románticas disgráceas, volvamos polo nome de Galicia e non permitamos que se ultraxe impunemente.

---

[52] Heraclio Pérez Placer, "O verdadeiro rexionalismo", *A Monteira*, nº 33, 17 de maio 1890. O conto "¡O próximo!" é a versión literaria destas ideas sobre o rexionalismo expresadas en *A Monteira*, xa que o personaxe vive as aldraxes e o maltrato por parte dos castelláns que o levan a se definir como diferente e a se sentir galego.

> A vós me dirixo, pois, esquirtores gallegos, e por máis que eu non teño autoridá pra facelo, falo no nome da pátrea e esta eisixe que tódolos fillos volvan por ela e que fagades entender que o verdadeiro rexionalismo, antes que defender os intreses materiales, é defender o honor.

Esta particular concepción do rexionalismo era especialmente valorada nunha das críticas eloxiosas que recibiu *Contos da terriña*, na que o seu autor, J. Rodríguez Quintana, enxalzaba a defensa de Galicia que facía Pérez Placer coa súa literatura:

> Y "Chinita", y "O Magosto" y tantos otros como "O próximo", donde sin ser el autor regionalista hace en cuatro cuartillas una defensa más acabada de el cariño a Galicia que cuanto han escrito Murguía y compañía. Porque no hay que perder de vista que Placer a pesar del culto idólatra que profesa a Galicia no ocupa sus trabajos con curaciones de males imaginarios y esos fantaseosos célticos y esos pujos separatistas y esas tontadas, en fin que algunos llaman regionalismo sin ver que lo que hacen es poner en caricatura el amor a la patria (...)[53]

Ademais, Pérez Placer distanciábase coas súas ideas do resto de escritores do momento, sobre todo daqueles máis vencellados co rexionalismo ortodoxo, ós que satirizaba frecuentemente. Así o fai por exemplo con Alfredo Brañas:

> A noite de San Xoan está muy bien escrita y viene a quitarnos el mal sabor que dejó con una poesía del mismo título Alfredo Brañas, *ese comadrón del parnaso gallego*[54].

---

[53] J. Rodríguez Quintana, art. cit.

[54] Heraclio Pérez Placer, "Bibliografía", cit., 21 de marzo de 1894.

> Con todo e a pesar das limosnas o can devecía a todo devecer e púñase máis fraco que se puxo Alfredo Brañas con tanto rexionalismo e tanto ripio[55].

Tanto H. Pérez Placer coma F. Álvarez de Nóvoa manifestaban o seu afastamento referíndose á sociedade literaria do momento coa expresión "sociedad regional de bombos mutuos", aludindo ó aplauso que espertaba calquera obra que saíse do círculo rexionalista. Así o facía Pérez Placer cando comentaba a obra *Folerpas*, de Eladio Rodríguez González, onde ademais sinalaba a falta de sinceridade característica da crítica galega á hora de valora-las publicacións:

> Lo digo francamente; me desespera tener que ocuparme de trabajos críticos no solo porque reconozco mi insuficiencia sino por lo difícil, ya que no imposible, que es ser imparcial, y mucho más en Galicia donde somos todos amigos o enemigos y estamos por lo tanto expuestos o bien a ingresar en la sociedad regional de bombos mutuos o a convertirnos en una especie de Zoilo pedantesco al estilo de Pedreira en que la crítica culta se convierte en groseras personalidades (...) (...) que es lo que escasea y hace falta en esta ratonera que llamamos parnaso gallego, siquiera esto me cueste algunas críticas y zarandeos de esos que se le propinan en esta tierra de cachazudas malicias a todos los que no dicen amén [56].

Outro dos cualificativos habituais para se referir ós escritores que rexeitaban era o termo "morcegos". Esta palabra era utilizada nos medios literarios para cualificar cun evidente sentido pexorativo a algúns autores. No ano 1894 aparece no poema que Martelo Pauman dirixe a Pérez Placer, "Resposta a "Lenda tráxica" de meu

---

55 "O can de San Roque", en *Contos, leendas e tradiciós*.

56 Heraclio Pérez Placer, "Bibliografía", cit., 20 de marzo de 1894.

amigo Heraclio P. Placer"[57]: "Adiós, meu amigo, / atópome ledo / da túa poesía / de puro gallego, / sin *froles* que *cheiran*, / nin *probes*, nin *beizos*, / nin tantas *hestorias*, / nin tanto *esperpento*, / con que nos dan croques / poetas morcegos". Heraclio P. Placer utiliza esta palabra en *A Vendima*[58], na dedicatoria que dirixe a Modesto Fernández: "A vosté (...) emprega seu valimento (...) loitando cos morcegos da iñoranza".

Neste mesmo ton de crítica á literatura rexionalista son de sinala-las palabras de Pérez Placer, de ton semellante, nos artigos "Ripios gallegos", nos que ataca a Leopoldo Pereira. Este autor acababa de publica-la obra *El regionalismo en Galicia* (1894) na que os rexionalistas non quedaban moi ben parados, aspecto que agradaba a Pérez Placer: "(...) Y no crea tampoco que se me da porque V. critique a los celtomaniacos y a los regionalistas, etc, al contrario estoy conforme con usted (...)". O que máis lle indigna é a defensa que fai de escritores como Aureliano J. Pereira e Pérez Ballesteros, ós que Pérez Placer consideraba "ripiosos" e "vulgares". En particular, sobre Pérez Ballesteros cría que se "propuxo embalsamar el gallego", e séntese decepcionado perante os inmerecidos eloxios que recibe por parte de Pedreira:

> Cuando oí decir que al fin aparecía un escritor que dejase de pertenecer a la "sociedad regional de bombos mutuos" no pude por menos de alegrarme, porque ya va siendo hora de que se pongan las cosas en su lugar y deje de encumbrarse vulgaridades a fuerza de bombos y reclamos.
> Pero el huevo salió huero (...), esto es, que si bien es cierto que con justicia o sin ella dio palo aquí y allá, también lo es en eso de tocar el bombo no se quedó corto y lo tocó tan bien

---

57 Martelo Pauman, *Líricas gallegas*, A Coruña: Imprenta de Viúda de Ferrer e Hijo, 1894, p. 68.

58 Ourense: Imprenta de El Derecho, 1895.

> que si no pertenece a la asociación regional de bombos mutuos debe de pertenecer a "La amistad" sociedad cooperativa de bombos para amigos y paniaguados.

Da mesma opinión é Álvarez de Nóvoa con respecto a outros poetas "ripiosos":

> Confieso sinceramente que cuando me amenazaron con la entrega de un poema escrito por un poeta regional, (...) me eché a temblar suponiendo ya las mil angustias y trasudores que pasaría al leer lo que prejuzgaba como inmenso piélago de ripios y vulgaridades[59].

Pérez Placer detestaba tamén a poetas como Lois de Maside (Manuel Lois Vázquez) ou Cesáreo López Pinal[60], amigos seus noutro tempo, ós que satiriza en "O can de San Roque".

Tras todo o exposto cómpre pois matiza-las apreciacións

---

59 Francisco Álvarez de Nóvoa, "Munia", de Emilio Fernández Vaamonde", *El Derecho*, nº 972, 15 setembro de 1894.

60 Pode ser que nalgúns casos as razóns desa hostil posición cara á creación destes homes estivesen non tanto nos aspectos estrictamente literarios coma en enfrontamentos persoais. A este respecto son especialmente reveladoras as palabras que intercambian Pérez Placer e Manuel Lois Vázquez nas páxinas dos xornais ás que nos referimos no apartado biobliográfico. Pode que Pérez Placer tivera certos celos de Lois de Maside porque este figuraba como candidato para formar parte da Academia Coruñesa, que xorde da sociedade Folclore Gallego, mentres que o seu nome non estaba entre os elixidos. Opinando sobre certos criterios de elección das palabras en lingua galega, Pérez Placer desacredita implicitamente ós futuros membros da Academia: "Eu, e como eu moitos, podiamos disculparnos con decir que posto que por agora non hai academia gallega, nin leva traza de habela porque inda non naceron os que sirvan pra académicos, non temos onde acudir senón ós que escriben mellor o galego, e ós cales podemos considerar como maestros. Sentado esto, como sin xénero de dúbida os dous mellores son Curros Enríquez e Lamas Carvaxal (...)" (Heraclio Pérez Placer, "Líricas gallegas" por Evaristo Martelo Pauman", *As Burgas*, nº 7, 3 de febreiro de 1895).

sobre a narrativa en galego de Pérez Placer xa que nela conviven varios aspectos que dan conta da súa concepción da prosa galega. Se nun primeiro momento a súa producción non está exenta de certo costumismo, de acordo coa temática dominante na época, xa ben cedo se aprecia a súa vontade de se distanciar dela e o fará unido a Francisco Álvarez de Nóvoa. As súas respectivas obras literarias hai que entendelas dende a intención de experimentar por outros camiños. De feito *Contos da terriña* e *Pé das Burgas* colaboran coa súa calidade á renovación de motivos e formas expresivas da prosa de finais do XIX gracias ó empeño decidido dos seus autores, que superaron con claridade e intelixencia certas limitacións. Cómpre recoñecer que a obra de Álvarez de Nóvoa xorde a partir do estímulo que recibe do seu "mestre" e amigo, e non deixar de lado as conexións que existen entre eles e que son froito non só da amizade senón tamén da súa particular concepción da literatura.

En definitiva, despois de describir e estudia-la obra de Heraclio Pérez Placer, despois de analiza-los comentarios á súa obra dos escritores do seu tempo, podemos afirmar que el e Francisco Álvarez de Nóvoa, xunto a López Ferreiro, son sen dúbida os mellores narradores de finais do XIX. Forman parte da promoción de escritores finiseculares atentos ás novidades literarias europeas e móstranse decididamente "embebidos de naturalismo, simbolismo e modernismo"[61]. Polo tanto, cualificar a Heraclio Pérez Placer simplemente de naturalista, atrevido, provocador ou costumista deixa de lado outros aspectos importantes a valorar na súa obra. A súa escrita pon de manifesto unha visión emotiva da paisaxe e unha destacada importancia do sentimento e da experiencia vital, elementos que o sitúan na liña do impresionismo e do subxectivismo e que fan que se distancie do resto da producción da época.

---

[61] Jorge Martínez Jiménez, "Pulso á miseria moral dominante", *La Voz de Galicia*, "O 70 cabodano de Pérez Placer", 28 de novembro de 1996, p. 48.

A lingua de Heraclio Pérez Placer na súa obra narrativa

A lingua de Heraclio Pérez Placer na súa obra narrativa caracterízase fundamentalmente polos trazos que a seguir describiremos.

Nivel ortográfico

En relación co alfabeto aparecen grafías que son estrañas á lingua galega. Na meirande parte dos casos poden explicarse polo influxo do castelán e constitúen claros exemplos de castelanismos ortográficos: *mayo*, *y* (conxunción), *hirmau*, *hirmán*, *hombreiros*, *horfa*, *salayar*, *enchoyadas*, *cuyas*, *moy*, *albayaca.*

No que respecta á acentuación emprega dous tipos de acento ortográfico: o agudo e o circunflexo. O agudo para aquelas palabras que, segundo o seu criterio, deben levar acento gráfico: *incrédula, campías, tamén, cibdá, andrómenas*; tamén emprega o acento gráfico agudo como diacrítico: *a* (artigo) / *á* (preposición); *é* (terceira persoa do verbo *ser*) / *e* (conxunción).

Segundo as súas normas ortográficas, levan sistematicamente acento gráfico as formas verbais con pronomes enclíticos: *diránvos, dirávos, xurarávos*; os adverbios rematados en *-mente*: *lúgubremente*, *frenéticamente*, *súpitamente*, *únecamente*, *automáticamente*, *espréndidamente*, *rápidamente*; as formas dos pronomes, adxectivos e adverbios cando introducen construccións interrogativas ou exclamativas directas: *¿Qué pasou entón?*, *¿Cómo é eso, on?*, *¿pra qué seguir?*, *¡Cántas cousas me decía!*.

Co acento gráfico circunflexo marca a abertura vocálica: (*côres*, *pês*) e a contracción de artigo e preposición (*ô, ôs, âs, prâ, côs, têr*).

Co guión, á parte dos usos convencionais de tipo editorial (corte de palabra no final de liña, introducción do parlamento dos distintos personaxes nun diálogo, incisos parentéticos, etc.), intenta reproduci-la pronuncia popular da segunda forma do artigo cousa que tamén fará co apóstrofo: *correl-a sangue*, *todo-los, todol-os, todal-as*. Utilízao tamén para marca-las contraccións de preposición máis artigo, preposición e demostrativo e preposición e pronome de terceira persoa: *n-o, n-unha, n-a, co-as, pol-o, n-aquela, n-esta, n-eses, co-aquelas, n-il, n-ela,* aínda que conviven nos textos de Pérez Placer coas formas sen guión *dos, dun, coa, pola, polos, no, de aquel, de aquela, dil* e con apóstrofo. Así mesmo aparece o guión para indica-la contracción da conxunción copulativa *y* cunha palabra que comeza por vocal: *y-as, y-asegura, y-escorrentaba, y-él, y-o*, e tamén nalgún caso tralo adverbio de negación para representa-la realización velar da nasal en posición implosiva (-n) seguida de vocal: *non-o negues*.

Co apóstrofo indica a elisión de vocais finais e a súa contracción na fala coa vocal da palabra seguinte, como ocorre en casos do tipo: *hastr'o, ll'agradar, pr'atenuar, qu'o, qu'agora d'abondo, t'has, non m'a di, que ll'ei, ind'a, ond'a, qu'unha, t'eu, d'ecos*. Aparece tamén nas contraccións de preposición e artigo: *d'un, d'unha, c'unha, d'aqueles, n'outros, d'as, d'o, n'o, c'un, d'eses, c'os, d'il* ó lado de formas sen apóstrofo. Tamén o usa para marca-la abertura da vocal cando esta vai ó comezo dun novo parágrafo: *'O acabar*, *'O millor, 'O chegar*, e para marca-la segunda forma do artigo, alternando nisto co guión como xa vimos: *dal'as sardiñas*, *pechal'a ventá*, etc.

Nivel fonético-fonolóxico

O fenómeno máis notorio é a alteración vocálica, propia dunha lingua carente de norma culta e da recolleita da pronuncia popular que, dende o punto de vista da norma actual, dá lugar á aparición

de numerosos vulgarismos ou popularismos. A meirande parte das confusións prodúcense nas vocais en posición átona:

- *a* por *e*: *catadral*, *catadráticos*, *chaminea*, *dazanove*, *dazaseis*, *malencóneco*, *mamoria*, *maneo*, *nacesarios*, *nagocio*, *númaro*, *pradicar*, *sagredo*, *saminario*.
- *a* por *o*: *soloucante*, *aculta*, *acultar*, *argullo*.
- *a* por *u*: *marmurar*.
- *e* por *a*: *fantesía*, *beilar* (tamén *bailar*), *malencóneco*, *rencor*, *treidoras*.
- *e* por *i*: *históreа* (tamén *historia*), *hábetos*, *páledas*, *séreas*, *estudeou*, *cambeou*, *últemas*, *únecas*, *rédetos*, *gráceas*, *enfancia*, *enfinidá*, *cántega* (tamén *cántiga*).
- *e* por *o*: *hespital*, *hespicio*, *prenunciar*.
- *i* por *e*: *despidir*, *difinir*, *dilirante*, *pindurantes*, *discribir*, *disgracia*, *pricipicios*, *disistir*, *infiliz*, *rilós*, *supitamente*, *médeo* (tamén *medio*).
- *o* por *e*: *somellar*, *ombigo*, *romedio*, *soparar*.
- *o* por *u*: *sospiros*, *igoal*, *légoas*, *desigoaldades*, *estromento*, *acodir*, *círcolo*, *frecoente*, *goapa*, *locir*, *soceder*, *soave*, *sotileza*, *títolo*, *trémolo*, *dormir* (tamén *durmir*)
- *u* por *o*: *agunía*, *curazón*, *aguniantes*, *curtesía*, *custureira*, *harmunías*, *puzo*.

Os grupos consonánticos aparecen de formas moi diversas tanto en palabras cultas e semicultas coma nas populares, dando lugar a formas correctas e incorrectas dende o punto de vista da normativa actual.

- ***bl, cl, fl, gl, pl***, en calquera posición pasan sempre a *br*, *cr*, *fr*, *gr*, *pr*: *aprauso*, *branca*, *cravar*, *crase*, *craridades*, *brasfemar*, *brusas*, *brasfemia*, *escravinas*, *copras*, *horribre*, *bucres*, *craustro*, *craro*, *cremencia*, *frorido*, *frotantes*, *prano*, *prataforma*, *prumas*, *crarexar*, *prácidas*, *grobos*, *subrime*, *africción*, *groriosa*, *sobrimes*.

- ***bs, bt, bx***, en calquera posición presentan dúas solucións: vocalización (*ausolva, ouxeto, ouxeciós, outer*); conservación: *obxeto.*
- ***-ct- e -cc-*** en posición intervocálica dan lugar a tódalas solucións posibles: vocalización (*víutemas, atrautivos, redautores, afeutos, auceso, aspeuto, caráuter, carauterístico, defeutos, defeutuosa, direución, direutor, distraución, perspeutiva, predileuto, prediución, produtivo, reutoral, víutemas, viutoreoso*); simplificación (*respeto, produtivo, obxeto*); conservación (*africción, direcciós*).
- ***[ks]*** **(grafía *-x-*)**: maioritariamente tende á simplificación (*esalar, escitación, escitada, esclamaciós, escramar, escursiós, esplotar, espresión, esperencia, estinguida, éstasis, estremo, estravagante, pretesto, refresos, eusistencia, eusistir, refleusionar*); vocalización (*seusos, refreusiós*); conservación (*sexuais*).
- ***-gn-***: simplificación (*manífico, indinación, persinar, repunancia, repunantes, resinada*); nasalización palatal (*iñoradas, iñorado, iñorante*); conservación (*magnolios*).
- ***-nm-***: predomina a conservación (*inmensidá, inmorales, inmoralidá, conmover, conmovedora, inmensidá, inmundicias*).
- ***-nn-***: en xeral consérvase (*innumerabres, ennegrecidos, ennegrecer*).
- ***ns*** **anteconsonántico**: perda do elemento nasal (*istantes, ispirador, istinto, istituto, istrución, istruír, inscriución, moustros, moustruosas, trasparentes*); conservación (*monstruos, instante, instinto, transparentes, inspiración, transparentado*).
- ***-pt-***: vocalización (*indescriutibres, rauto*); conservación (*perceptibre, imperceptibre, indescriptibles*).

Existen tamén outros fenómenos de adición e supresión de sonidos, tanto vocálicos coma consonánticos, que dan lugar á aparición de vulgarismos:

- Presencia de iode antihiático ou de epéntese de vocais: *ialma, iauga, ialba, maiestro, paseio, paseiar, deseios, adequirindo, adevertencias, eremida, ademirar, adimiración, adimitir, ademostrar, adivertido, ringoleira.*

- Metáteses de diverso tipo: *cadavre*, *pergunta*, *probe*, *bulra*, *pelra*, *frol*, *frolear*, *celebro*, *frebas*, *drento*, *esquirtor*, *alfromba*, *apersurado*, *birlantes*, *bulra*, *bulrón*, *cabirto*, *estirbillo*, *pirmeiro*, *porcesión*, *porfesar*, *precibir*, *prefumada*, *prefumes*, *presoa*, *supresticioso*.
- Síncopas de vocais: *arbres*, *espranza*, *desparecer*, *dreita*, *dreitos*, *esprito*, *broa*, *croas*, *indifrencia*, *indifrente*, *intresar*.
- Presencia de *e* paragóxico: *fácile*, *vengare*, *vire*, *perdere*, *sere*.
- Vacilacións nos prefixos en posición inicial de sílaba: *estreverse/astreverse*, *angurrar*, *desimular*, *alcontrar/encontrar*, *alcender/alcesa*.

Atópanse tamén casos de hipergaleguismos producidos pola desaparición do ditongo 'ie' (en palabras como *impacente*, *impacencias*, *ambente*, *convenente*, *salentes*, *esperencia*, *valente*) e pola transformación do 'o' átono no ditongo 'ou' (en *chouza*, *hourizonte*, *rousadas*).

Sufixos e terminacións

Vocal + te. Esta terminación latina aparece frecuentemente apocopada na súa forma popular: *verdá*, *humanidá*, *cibdá*, *felicidá*, *mocedá*, *casualidá*, *realidá*, *hospitalidá*, *soedá*, *inmensidá*, *virilidá*, *salú*; tamén aparecen solucións nas que se respecta o sufixo (*novidade*) e outras que coinciden plenamente coa forma castelá: *Trinidad*, *filicidad*, *Caridad*, *felicidad*, *edad*, *vecindad*, *ruindad*, *cantidad*.

-Anu. Presenta en Pérez Placer a alternancia entre a solución dialectal *-au/-ao* correspondente ó bloque central: *mau*, *grau*, *irmau/irmaus*, *chau*, *trasmau*, *castelao*; *e* a solución *-án*: *man*, *irmán*, *chan*.

-Bilis. Presenta as seguintes variantes: *-ble*, *-bel* e *-bre*: *aborrecible*, *miserable*, *horrible*, *terrible*, *inespricable*, *apetecible*,

dubidables, *miserable*, *terrible*, *intratable*, *respetable*; *inefabel*, *insensibel*, *insufribeles*, *adorabel*, *agradabel*, *indescriutibel*, *posibel*, *imposibel*; *indefinibre*, *intolerabre*, *indescriutibres*, *incomparabre*, *respetabre*, *inespricabre*.

Nivel morfolóxico e sintáctico

Para a formación do número Pérez Placer recorre ás seguintes solucións.

Nas palabras agudas rematadas en ***-l***, atopámo-lo plural en *-les* coincidente co castelán: *almendrales, animales, árboles, artificiales, caraveles, celestiales, faroles, habituales, infantiles, materiales, primaveirales, ventanales, xornales*. Tamén rexistramos plurais en *-s: mortás*, *iguás*, *papés*; e en *-es*: *nacionaes*, *moraes*, *materiaes*.

No caso das palabras rematadas en ***-n***, a solución maioritaria é a substitución do ***-n*** polo ***-s*** propia do bloque central*: esclamaciós*, *escursiós*, *ilusiós*, *foliós*, *xirós*, *pulmós*, *direcciós*, *además*, *bes*, *desdés*.

Na formación do xénero, só é de resalta-la aparición do feminino en *-ana* en *castellanas* e *cristiana*. Atopamos tamén a alteración do xénero etimolóxico dalgunhas palabras, dando lugar a aparición de castelanismos: *a señal*, *o color*, *o dolor*, *as costumes*, *a sangue*, *os árbores*, *o viaxe*, *o linguaxe*, *o paisaxe*, *o calor*, *a nariz*, *o sudor*, *un couce*.

No que se refire ó artigo, hai que sinala-lo uso maioritario dos alomorfos *o(s), a(s)* tralo infinitivo: *borrar as señas*. Son escasas as aparicións dos alomorfos **-lo(s)**,**-la(s)**, e nestes casos colócase o *l* xunto ó verbo e reflíctese, ben co guión, ben co apóstrofo: *dal'as sardiñas, pechal'ventá, parádol'os beizos, pasábamol'o río, escudriñal'os, sacal'o, rompichel'o, levachel'os, perdel'o, tel'o, erel'o, pubrical'a, tral'a, fagel'a cocada, barrel'a, collel'os, correl-a sangue, todol-os*.

O uso do artigo precedendo ó posesivo amósase vacilante. Así, atopamos bastantes casos nos que se omite (*seu ben amado, seu doce encanto, seus rumores, súa dicha, súa conciencia, seus traballos, súas sienes, seus amigos, súa riqueza, súa honra, seu consolo*) xunto a outros nos que se conserva.

O paradigma dos pronomes persoais non presenta variacións de importancia en relación á lingua actual. Tan só se rexistra a forma castela ***usté*** e ***ustedes***, o emprego da forma apocopada ***vosté*** e o tratamento arcaico *vós* no canto de *vostede*.

O pronome persoal de terceira persoa aparece ocasionalmente baixo as forma ***il*** e a súa contracción *dil*.

Así mesmo o pronome de segunda persoa presenta a solución *ti* aínda que hai algún caso illado da forma ***tu***.

No que respecta á serie átona hai que sinala-la errónea colocación do pronome nalgúns casos, aínda que non é predominante: *cuios brazos móvense, que neles adivíñase, un berro aguniante se escapou.*

Tamén atopamos algúns casos de uso de *lle* por *lles*: *...eu nada lles direi... si lle desagrada a miña presencia adourareinos en silencio...*; *Seu curazón de pais presentían o que lle iba a pasar.*

Outro trazo destacable é a asimilación do pronome enclítico á forma verbal en casos como *descompuñas* (por *descompúñaas*), *faguío* (por *faguíao*), *faguías* (por *faguíaas*), *apreixaba* (por *apreixábaa*), *cenguía* (por *cenguíaa*), *envolvía* (por *envolvíaa*), *espriguizabo* (por *espriguizábao*), *mimabo* (por *mimábao*).

Destaca a representación do almorfo *-lo* do pronome persoal átono obxecto de terceira persoa nun único caso (*Diol-ampare*), un contexto que xorde adoito na fala pero que non se acostuma representar na escrita.

O paradigma dos demostrativos presenta as formas: *este(s)*, *ese(s)*, *aquel*(es) / *esta(s)*, *esa(s)*, *aquela(s)* / *esto*, *eso*, *aquelo* para o masculino, femenino e neutro respectivamente. En moi poucas ocasións, rexístranse as solucións dialectais *iste*, *aquil*, *aquiles* e o castelanismo dos plurais masculinos *estos* e *esos* por *estes* e *eses*.

Nas correlacións comparativas (tanto...como/coma; máis...que/ca) destaca a preferencia absoluta por *que* e *como* como segundo termo da comparación sobre *ca* e *coma*, que aparecen en contadas ocasións.

Por outra banda, destaca o uso do **adverbio** castelán *donde* e do relativo *cuio* na maioría dos casos: *en donde estaba a condesa*, *donde unha fada con cabelos de ouro*, *donde as vides se enlazan*, *cuio pobo recibe o nome de Sartedegos*, *en cuio fondo sombrizaban os ameneiros*.

Obsérvase así mesmo o uso exclusivo da conxunción castelá condicional *si* e da grafía castelá *y* para a conxunción copulativa.

Na categoría verbal atopamos un grande número de castelanismos e solucións dialectais:

- formas verbais castelás: *decir, salir, perdonar sea, eres, vamos, vendrá, tendría, podría.*
- radicais verbais castelanizados: *ib-, soup-, sep-*.
- cambio de conxugación dalgúns verbos: *convertirse*, *batir*.
- tempos compostos co verbo *haber*: *houbese sido*, *non lle houberan levado*, *houberan fixado, houbera sorprendido, se lle había olvidado, non se había enganado*, etc.
- uso da preposición *a* nas perífrases de *ir* + *Infinitivo*: *que vos vou a contar*, *vouno a esperar*, *iba a dar*, *iba a mandalo*, *iba a entrar*.
- expresión da temporalidade co verbo *facer* (en vez de *haber*) que rexistramos sistematicamente: *fai máis de vinte anos*, *facía tres anos*, *fai catro anos, xa fai moito tempo.*

- uso de verbos con valor pronominal cando non lles corresponde que constitúen casos de castelanismos sintácticos: *con que se casou, fan ben os vellos en morrerse, se quedaban parvos, o conde quedouse quieto.*

- alternancia entre o sufixo *-des* e *-ndes* na P5 dos tempos verbais: *querendes, sabendes, seguindes, perdendes, tendes, queirandes, sondes, dicindes, xuzgades, queredes, dicides, levades.*

- sufixo *-ches* na P2 do perfecto de Indicativo: *legaches, cegaches, estiveches, cegaches.* Hai algún caso en *-che* pero a súa presencia non é significativa: *fixeche, debiche, toleache.*

- casos de sufixos hipercaracterizados na P5 dos perfectos. Rexistrámo-las seguintes formas: *acolléstedes, fóstedes, tivéstedes, reparástedes, separástedes*, e nunha ocasión: *deixáchedes.*

- emprego do radical *ouv-* para o verbo *oír.* Tamén aparece esporadicamente o radical *ouz-.*

- alternancia do verbo *faguer* e *facer*, aínda que parece decantarse polo primeiro. Tamén aparecen *traguer* e *traer.*

- radical *poid-* no tema de perfecto do verbo *poder* e en ocasións nos presentes de indicativo e subxuntivo: *poiden, poido, poidera, poidese, poideron, poidan.*

- entre *poñer* e *pór* decántase polo segundo.

- emprego exclusivo do verbo *caír.*

Nivel léxico

A lingua de Pérez Placer presenta outro dos fenómenos máis xeralizados da súa época: a presencia constante de castelanismos, variacións na escolla, formas que non se adaptan ó galego actual, dialectalismos, hipergaleguismos, pero sobre todo popularismos —descritos anteriormente—, que responden a un desexo de reflecti-la lingua falada e a unha busca da identidade do galego, ademais de poñer de manifesto a inexistencia de regras fixadas.

Entre os castelanismos léxicos plenos pódense citar como exemplos: *adiós, avellanos, calle, castaños, desear, deseos, dicha, Dios, donde, gallego, hermosura, mueble, muslo, polvo, reina, rocío, señal, si, sin, sono (soño), testigos, belleza, llanuras, cascadas, desconocidas, antiparras, desfallecido, racimos, sencilla, bruñida, peines, alquitrán, daño, nidos, sellar, olvidar, membrillos, calles, sienes, amistades, vislumbrar, bocanada*, etc.

Outros aparecen baixo formas adaptadas ó galego: *anxel, arregrar, boeno, lexanía, lexos, lexanos, mezcrar, parexa, queixidos, roxo, suxeto, virxen, xudías, xuez, parpadexo, sonrir, naide, deteñer, antoxar, xuicio, albaiaca, sacretos, concexo, bombiñas, limosniña, conocemento, xuguetón, carcaxada, léngoas, dolcísimas, xeneral, entretexer, imaxen, lentexuelas, arpexios, benvenida*, etc.

A vacilación na escolla pódese observar en tódolos contos nos que a forma galega correcta convive coa do castelán: *blanco/branco, creer/crer, lexos/lonxe.*

Á parte dos dialectalismos dos que xa falamos ó tratar do verbo, destaca a aparición en posición final do seseo implosivo en casos como *lus, crus, ves, carís, fornidés, desnudés, parés, merés* e esporadicamente en formas como *disfrasada, sombrisado, mesclándose, surcir.*

Hai algún exemplo anecdótico de arcaísmos (conservación de *-sc-* en *aparescer, amañescer* ou formas como *cibdá*).

Tamén existen casos de hipergaleguismos (*dependenzas, sabidenza, espazo, silenzo, silenzoso, impacente, impacencias, ambente, convenente, salentes, esperencia, valente, chouza, hourizonte, rousadas, brilante*, etc.).

Por analoxía con casos propios da evolución fonética galega (lat. *salire* > gal. *saír*; lat. *sonare* / gal. *soar*), existen tamén desaparicións de nasais e líquidas intervocálicas como en *adoescente, azuadas, abandoado, lumioso, fía* (por *fina*), *a peas, coquetoa.*

Criterios de edición

Nesta edición da obra narrativa de Heraclio Pérez Placer presentámo-la novela *Prediución*, os volumes de relatos *Contos, leendas e tradiciós* (1891), *Contos da terriña* (1895) e *Beira do Lar* (1901), ademais de catro relatos soltos que viron a luz no semanario ourensán *O Tío Marcos da Portela*.

Con respecto ós relatos damos por definitiva a súa edición en libro, aínda que compáramo-las versións publicadas en volume coas reproducidas en diversas revistas e xornais, para reflecti-las variantes que presentan: ás veces erros de imprenta, noutras ocasións correccións ortograficas ou léxicas, eliminacións de anacos longos de texto, etc. Estas variantes dámolas a coñecer en nota a pé de páxina para que o lector dispoña do texto íntegro. Tamén a pé de páxina indicámo-los diferentes lugares e datas de publicación. No caso de *Prediución* tan só dispoñemos da súa publicación en *O Tío Marcos da Portela*, xa que dito texto non foi recollido en ningún dos libros do autor nin en ningunha revista ou xornal máis. O mesmo sucede cos catro relatos que se inclúen ó final desta edición baixo o epígrafe "Outros relatos". Con respecto ó volume *Beira do lar* cómpre advertir que moitos dos contos proceden dos dous libros anteriores polo que demos por definitiva esta recompilación por sela última publicada en vida do autor. Indícase en cada caso o libro ó que pertencen así como as variantes que presentan.

A nosa intervención no orixinal intentou respectar coa máxima fidelidade as particularidades lingüísticas do autor, tanto léxicas coma morfosintácticas para non desvirtuar de ningún xeito a lingua na que foi escrita a obra. Así pois decidimos manter tódolos castelanismos, popularismos, dialectalismos, hipergaleguismos e termos dubidosos en xeral.

Os textos orixinais foron modificados seguindo a normativa actual[1], nos seguintes puntos:

1. Adaptación da acentuación á actual para o cal eliminámolos tiles nas palabras monosílabas (*á* [prep.], *él*, *íl*, *tí*, *qué*, *tés*, *tês*, *tén*, *bón*, *bô*, *dí*, *dís*, *rîr*, páis, *fé*); colocamos tiles diacríticos en palabras como *fora* (adv.), *da* (pres. de *dar*), *bola* ("esfera"), *mais* (adv.), *presa* ("apuro"), *nós* (pron.), *oso* (do corpo), *por* (vbo); marcámo-la existencia de hiatos *(dia, sua, tua, bebia, ruido, muiños, faguia, cair)*; colocamos til sistematicamente nas palabras agudas, graves e esdrúxulas e eliminámolo nos casos en que non era necesario (*sinon*, *xogueton*, *xilgaro*, *sancristan*, *maxin*, *adios*, *páxaros*, *ademáis*, *fuxíu*). Así mesmo acentuamos como esdrúxulas aquelas palabras que o necesitaban debido ás vacilacións vocálicas aínda que hoxe non sexan admitidas (*gráceas*, *médeas*, *anámico*, *pátrea*, *ódeo*). Mantémo-las formas *sí* para o adverbio de afirmación e *si* para a conxunción condicional para conserva-las formas orixinais dos textos.

2. Eliminamos tódolos apóstrofos nos casos de contraccións de preposición (*c'os*, *c'unha*, *d'o*, *d'a*, *d'un*, *pol'as*, *d'aquel*, *d'unha*, *d'esta*, *n'aquela*) e unímolas por estar hoxe xa consolidadas na escrita. Nos casos en que ditas contraccións aparecían como dúas palabras separadas fixemos tamén a contracción dado que os casos eran poucos. A propósito das formas *pr'a* e *pr'o*, hoxe non aceptadas na escrita, decidimos mantelas eliminando o apóstrofo e facendo as contraccións, acentuándoas para distinguir *pra* de *prá* e *pro* de *pró*. Cando o apóstrofo indica unha elisión vocálica por fonética sintáctica, eliminámolo e recuperámo-la vocal elidida (*pr'anotar*, *pr'outro*, *outr'o*, *entr'o*, *per'home*, *for'así*, *qu'a*, *ond'eu*, *todol'os*, *s'iba*, *ll'encobre*, *t'adormen*, *chegas'a tempo*). No caso da

[1] *Normas ortográficas e morfolóxicas do Idioma Galego:* Vigo: Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega, 1995.

partícula condicional *si*, decidimos recuperar o *i* elidido xa que é a forma empregada polo autor noutros casos (*si canta as túas penas, si di que son interesada, si fillo de labradores*). O tratamento da comparativa *com'* foi similar. Decidimos restaurar *como* porque é a forma máis rexistrada e manter *coma* nos casos en que aparece por vontade do autor que son os seguintes: *cantos coma ti, iban coma cabirtos, coma tódolos da aldea, coma ás veces, coma decote, cun señorito coma ti, era unha noite fría coma a morte, coma as señoras da vila, Coma todo canto se fai, sempre coma un moucho metido na casa, brincan coma xuvencos, coma que reconoce o sitio, choutaba coma un xuvenco*. No caso da locución preposicional *xunt'* restaurámo-la forma *xunto* e mantémo-la forma *xunta* do orixinal.

3. Suprimímo-los guións nos casos de contraccións hoxe recoñecidas como tal (*n-o, c-o, pol-o, co-a, n-unha, n-as, n-un, n-aquel*), nos casos que representa a segunda forma do artigo (*todol-os*) e tamén cando separa un iode epentético (*a y-alba*). Empregámo-lo guión para aquelas formas verbais nas que o autor quere representa-la segunda forma do artigo e o fai cun apóstrofo. Ademais corrixímo-la súa posición seguindo a norma actual: *dal'as sardiñas, pechal'a ventá, parádol'os beizos*.

4. Sobre a ortografía procedimos tamén á súa actualización, cambiando *b* por *v* e viceversa nos casos que o precisaban (*oubear* por *ouvear*, *esbarar* por *esvarar*, *esbelto* por *esvelto*), eliminando o *h* cando non era necesario e incluíndoo cando si o era (*hoso* por óso, *hastra* por astra, *armoñosos* por *harmoñosos*, *oxe* por *hoxe*, *ei* por *hei*, *edra* por *hedra*). Eliminamos tamén todas aquelas grafías que son alleas ó galego (*vaya, salayosas, oyes, albayaca, moy, cuyos*). No caso da conxunción copulativa *y* substituímola en tódolos casos por *e* xa que esta é a que aparece en maior número de ocasións. A corrección ortográfica levounos a cambia-lo título *Veira do lar* por *Beira do lar*.

5. Corriximos erros tipográficos cando eran evidentes: *entrenemento* por *entretemento*, *embuxado* por *embruxado*, *xeliño* por *anxeliño*, *seos* por *seus*, *magoamenro* por *magoamento*, *fogota* por *fogata*, *soloucon* por *soloucou*, *su* por *súa*, *pareces* por *paredes*, *sou* por *seu*, *co allo de* por *co gallo de*, *pequeninos* por *pequeniños*, *candelabra* por *candelabro*, *meso* por *mesa*, *no memoria* por *na memoria*, *causonante* por *causante*, *lle caín* por *lle caían*, *no* por *non*, *recompesado* por *recompensado*, *ladrarñe* por *ladrarlle*, *cabizoso* por *cobizoso*, *peo* por *pro*, *traille* por *traíalle*.

6. Regularizámo-la aparición ó principio e ó final dos signos de admiración e interrogación.

Abreviaturas empregadas

ANT *A Nosa Terra*
AB *As Burgas*
BL *Beira do lar*
CLT *Contos, leendas e tradiciós*
CT *Contos da terriña*
EG *El Eco de Galicia*
FN *Follas Novas*
G *Galicia*, de Martínez Salazar
LG *Literatura Gallega*, de Carré Aldao
ER *El Regional*
RG *Revista Gallega*
TG *Tierra Gallega*
TM *O Tío Marcos da Portela*

Bibliografía

Araújo García, Mª Teresa (ed.), *Baixo do alpendre e outros relatos. Manuel P. Amor Meilán*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa recuperada, 1998.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia, 3ª ed., 1981.

Carballo Calero, Ricardo, *Estudios e ensaios sobre Literatura Galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1989.

Carré Aldao, Uxío, *Literatura Gallega*, Barcelona: Maucci, 1911.

Couceiro Freijomil, Antonio, *El Idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*, Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, 1935.

Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. I, II, III, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951-1954.

Fernández Gallego, José, *Valentín Lamas Carvajal. Estudio bio-bibliográfico*, A Coruña: Editorial Moret, 1950.

Fernández del Riego, Francisco, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Editorial Galaxia, 5ª ed., 1951.

Fernández del Riego, Francisco, *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2ª ed. 1992.

Gran Enciclopedia Gallega, Santiago-Gijón: Silverio Cañada editor, 1974.

Hermida, Modesto, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995.

Lanza Álvarez, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

Martínez Jiménez, Jorge (ed.), *Beira o Barbaña. Paisaxes*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Serie Documentos, nº 105, 1993.

Monteagudo Cabaleiro, Teresa (ed.), *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos. Manuel Lois Vázquez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, col. Narrativa Recuperada, 1998.

Otero Pedrayo, Ramón, *Ourense*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, col. Obradoiro, 1973.

Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Tomo I, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1990.

Santos Gayoso, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800-1993)*, Tomo II; Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1995.

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.

Valcárcel, Marcos, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1987.

Varela Jácome, Benito, *Historia da literatura galega*, Santiago de Compostela: Editorial Porto e Cía, 1951.

Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo: Editorial Galaxia, 1995.

Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da literatura galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1997.

Textos

Prediución[1]

Novela premiada no Certame de Betanzos

[1] Publicada en *O Tío Marcos da Portela* en 8 entregas semanais sucesivas: Parrafeos 283, 284, 285, 286, 287, 288, 289 e 290, correspondentes ó 7 de xullo de 1889, 14 de xullo de 1889, 21 de xullo de 1889, 28 de xullo de 1889, 4 de agosto de 1889, 11 de agosto de 1889, 18 de agosto de 1889 e 25 de agosto de 1889, pp. 1-3, 1-3, 1-2, 1-3, 1-2, 1-3, 1-3, 1-3, respectivamente. Citamos pola edición facsimilar: *O Tío Marcos da Portela. Parrafeos c'o Pobo Gallego*, A Coruña, Ediciones Edman, 1989.

Catro palabriñas

Coma todo canto se fai cando inda a esperencia e o estúdeo non o premiten é defeutuosa esta novela.

Feita fai us anos, cando a penas comenzaba a emborrachar algunhas coartillas, sin ter entón conocemento tan xiquer das leis que rixen na composición dunha novela, con tempo tan escaso, que como lle dicía nunha nota ós señores do xurado, non puden revisala e mandeina no mesmo borrador porque chegase a tempo; por outro lado o tasamento que no tema faguía das páxinas que había de ter que como se adiviña limita ou ata o escritor e moito máis a un raparigo que comenza, causas pro meu entender dabondo sinón pra disculpar pra atenuar un pouquichiño os defeutos que ela teña.

Xa máis fácile me sería agora revisala de arriba embaixo, pro non quixen porque eso ademais de faltar á verdade, quitábame a espranza que teño na miña sorte, e é a de que así como tivo a fortúa de lle agradar un pouquiño ós señores do xurado, lle agrade anque sexa tan xiquera outro pouquichiño ós meus lectores.

O autor

I

Ilda e Rodrigo

O sol vai morrendo tras dos lexanos cerros con preguiceiro paso, cal si traballo lle custara desprender as súas frotantes frebas dos lazos que con amor lle fixeran as froles e os espiños.
Os paxaros chirlaban docemente.
Os sombrizos piñeirales, nos que brincaba xuguetón o vento, contábanse mil sacretos, e os regatos adormentaban con melosiñas cantigas as ben cheirosas froles que fantesiosas refrexaban seu carís nas límpidas augas.
Ó lonxe ouvíanse os alalás dos mozos que do traballo viñan, misturados co rousear dos carros, o cantar dos grilos, a melancóneca voz das campás da ermida que ás oraciós tocaban, e con todos eses ruídos confusos e inespricabres que se ouzan nos apardeceres.
As meniñas, arrecadando a facenda tanguíana prá corte, e as vellas con brazadas de foupas e carqueixas dispúñanse a quentar a cea.
O castelo de Altamira, envolto aínda polos últemos raios de sol, destacábase por riba do curuto no cal se asenta como si fose de pedra fantástico xigante.
Nunha das súas almeas había unha muller.
A súa cabeza apoiábase na mau que medio oculta desparecía baixo aquel desbordamento de cabelos que crechos e abundosos caían en desorde cal brilante cascada de abalorios.
Os seus tristes ollos miraban con melanconía e parés que se estasiaban contemprando o paisaxe.
E en verdá non era estrano.
Por unha beira alá lonxe, mui lonxe, columbrábase o Sar esvarando maino mainiño por campos de esmeralda de pelras sementado, que non outra cousa somellaban os verdes lameiros coa chuvia de brancas margaridas que neles rebuldaban.
Polo outro o xoguetón Sarela baixo bambeantes frondas de ameneiros e sanguiños, saltando e barallando de laxa en laxa, bicando

as espadanas e violas e xogando ós escondites cos paxaros; pois tan pronto se acultaba nos rodicios dos muíños, como parescía polo outro lado entre as frolidas xuncas rindo toleirón a máis poder e refrexando vaidoso as súas augas en irisantes barazas, pra logo convertirse en rizados encaixes de nítida brancura, que vai deixando nos remansos do río, cal si fose regalo prás roxas mapoliñas que bordan a súa orela.

E sobresaíndo por riba del, xa medio perdido entre as néboas, o tradicional monte Pedroso coa tenebrosa e medorenta Selva negra na súa faldra, e un pouco máis a dreita a rica e venerada cibdá do Apóstol, coas xigantes torres da artísteca catredal, cos seus grandiosos conventos e as súas brancas chouzas, nas cales comenzaba a verse algunha que outra luz.

Ansina pasou un bo anaco de tempo sin que aquela muller saíse da súa distraución.

Unha garrida moza entrou cun candelabro de buxías, e dempois de pousalo riba dunha mesa retirouse tan caladamente como viñera.

A habitación non podía ser máis rica nin máis espréndida do que era, e non menos lle conrespondía á fermosa Ilda, muller do poderoso conde de Altamira, señor de Moscoso, que tal era a muller que alí había.

Sentado en ancho sillón de carballo forrado de labrado coiro, había un xentil mancebo, tan fondamente pensativo que parescía que durmía.

De súpeto alzou a cabeza e sospirando fortemente púxose de pé.

Parescía un ánxel, inda era cuasementes un neno, pois a penas lixeiro bozo lle sombreaba o beizo superior.

Seus castaños cabelos caían en ondulantes bucres, formándolle airoso marco a súa redonda cara, e seus negros ollos brilaban cal lóstregos.

Neles paresce que se vía a un tempo misturados desesperación e dolor, cousas que viñan a confirmar as grandes e profundas oxeiras que cal coroas de violetas orlaban os seus ollos.

Apartou coas maus os cabelos que lle encobrían a cara, e adiantán-

dose astra o aximez en donde estaba a condesa, dixo con voz respetosa e dolce:

— ¿Señora, non vos fará daño estar así desabrigada tanto tempo ó relente da noite?

— ¡Ah! —dixo ela bruscamente, cal si despertase dun sono— ¿Estás aí? —añadiu con pracenteira sourrisa.

— ¿Donde queredes que esté si non onde vós?... onde a úneca presoa que me quer... onde a...

— Vaia por Dios Rodrigo, que sempre has de estar triste... ti xoven, rico, xeitoso... ¿por que non te has de divertir nas diversiós própeas dos rapaces do teu tempo en vez de estar sempre coma un moucho metido na casa?...

— Calai, señora, calai... non prosigades... eu... eu divertirme, cando levo un inferno na ialma... eu fillo abandoado...

— Ti toleas ou que dis... acaso che parés pouco ser fillo do rico e nobre conde de Altamira...

— Ben sabendes señora —dixo Rodrigo con tristeira sourrisa—, que por estranas circunstancias soupen que non era máis que un probe neno a quen vós acolléstedes e que por causas que iñoro non me queredes dicir quen son meus pais.

— Pero home que te has de fiar de contos solasmente, ¿e anque fora así, cicais en min non atopas cariño dabondo?, cicais...

— Ouh señora, non sigades, vós pra min fóstedes unha nai garimosa e tenra, fóstedes o úneco ben e úneco consolo que tiven neste mundo.

— Pois ben, estonces...

— E vós, vós, que tivéstedes nai, perguntádesme eso... vós que sabedes a felicidá que é poder bicar á naiciña... dormir nos seus bambeantes brazos, arrulado polos seus sospiros, mirando pra aqueles olliños que verten raudales de amor e pra aqueles beizos que acarician con arroubadoras sourrisas e apreixadosos bicos... ¡ah! señora, si é certo que algo me queredes, dicídeme quen son meus pais... dicíndemo, dicíndemo por Dios... —e páledo, choroso, arrastrábase ós pés da condesa.

— Non podo...

— Por piedá...

— Non podo, Rodrigo, non podo...

— ¿Por que?... ¿por que non podedes?, eu calarei si non convén que se sepia... eu nada lles direi... si lle desagrada a miña presencia adourareinos en silencio...

— Non, non...

— Esto é pior que a morte, pois ben, señora, adiós —dixo erguéndose e brilando nos seus ollos suprema resolución.

— ¿Que vas faguer, Rodrigo que vas faguer? — berrou toda asustada collendo por un brazo.

— Morrer...

— ¡Rodrigo!

— Si, morrer, ou me dicides quen son meus pais.

— ¡Ti toleache!

— Si, de angustia e desesperación.

— Dios mío, Dios mío, qué farei pra que desista dos seus propósetos.

— Decirme o nome dos meus pais.

— Pois ben, voucho a dicir... máis pesarache.

— Non importa.

— Sofrirás.

— Máis do que agora sufro é imposibre.

— Xa que o queres, sexa... a túa nai...

— Qué morro... qué morro de impaciencia...

— Chamouna Dios pra xunto a si...

— ¡Ah!

— Tu o quixeches... e o teu pai vive.

— Vive... vive.

— Máis o día que o coñozca... morrerá.

— Dios eterno... eu toleo... eu sono ou deliro... as miñas espranzas mortas... mortas ó nacer... meus ensonos desfeitos... a miña nai, miña pombiña, perdida pra sempre, cando creín poder bicala... Señor, Señor, que crime cometín pra estar deixado da vosa

mau... porque a miña presencia fará morrer ó meu pai... ¡ouh señora! ¡por caridá!, espricádeme este enima que desfai en anacos meu curazón...

— Poi ben xa que o esixes séntate e escoita.

II

A Bruxa do Monte Sacro

Amañescera un deses días de vrau medio nubrados, que tan pronto se convirten en tempestosos de inverno ou prácidos e tranquilos cal os da primadeira.

Faguía pouco aínda que o remexer das cadeas anunciara que o ponte levadizo xa se baixara, e por todas partes no castelo se ouzaba ese barullar confuso percusor de tódalas grandes festas.

O ronquexar dos cornos, os ladridos dos cadelos, o relinche dos cabalos e outras mil cousas polo estilo, logo faguían adiviñar que se trataba dunha cacería, e en verdá que non se enganaba quen tal pensase.

O Conde, meu home, co ouxeto de festexar ó Rei noso señor tratou de organizar unha cacería, invitando pra ela a tódolos nobres comarcanos.

Eu tamén quixen ir na comitiva, e por un deses caprichos própeos das mulleres, quíxente levar a ti na miña dianteira, sin que pór todas ouxeciós foran bastantes a me faguer disistir do meu propóseto, pois eu dicía que non iba pra cazar, que soilo iba dar un paseio e que polo tanto servíasme ti de distraución.

Por fin, ou xa vendo que eu non cedía, ou xa ben que o Conde se cansase de porfiar, acederon ás miñas súpricas, non sin encargar que fose ó meu lado un paxe pra que te collera cando eu me cansase, pois supuñan e con moita razón, pois así houbera sucedido de

fixo, que cando os demais botasen a correr detrás da caza, que eu tamén me entusiasmaría e que ti me servirías de estorbo.
Eu iba nun cabalo máis branco que o leite e entretíñame en xogar cos teus crechos cabelos en tanto que ademirada contempraba o país por onde ibamos.
A cabalgata camiñaba por unha fresca corredoira, á que daban sombra castiñeiros e carballos. Nunca me acorda haber visto unha máis fermosa.
Polos seus cómaros asomaban as nevadas xestas e os dourados toxos prefumando a bris cos seus cheiros.
As madreselvas e as correolas, as hedras e as silvas rubían agatuñando polos árbores formando vistosas grinaldas, enredantes lazos, frotantes frecos, colgantes pontes de cheirosas froles e multitú de caprichosos adornos.
Eu iba diante todos, o meu cabalo coas bridas froxas azoutaba o aire coa solta crin, e eu parés que me emborrachaba con aquela disparatada carreira.

— Coidado, señora, coidado —berraba tras de min o meu paxe, que a penas si me podía seguir, pro eu sin faguer caso suxetábate contra o meu peito e cal si unha forza sacreta nos impulsase a min e ó cabalo seguiamos na vertixinosa carreira.
O paxe e os demais desapareceron da miña vista, quixen parar pero o cabalo desbocado corría e máis corría sin cesar.
Entón foi cando conecín a miña imprudencia, e chea de terror adiviñei as fatales secuencias que podían sobrevir.
Ben sabe Dios que máis tembraba por ti que por min.
Sentía vértigos, zumbábanme os ouvidos e con dificultá podía sosterme.
Estou segura que os sencillos labregos que me viron pasar cal si fose un lampo, tomáronme por un pantasma ou alma en pena.
O cabalo seguía, seguía sin parar avantando valados e saltando zanxas e precipicios, e máis dunha vez pechei os ollos e recei a Dios crendo chegada a miña últema hora.
Hoxe cando me acorda, aínda trembo e me pergunto cómo non morrín no día aquel, porque non sei como o cabalo non se esmio-

lou máis dunha vez contra os árbores ou se partiu as pernas contra un croio.

De súpeto lancei un berro de angustia; diante de min estendíase ó lonxe, cal retorta anguía de bruñido aceiro, o Ulla maxestoso, e o cabalo costeando a faldra do Monte Sacro corría en direución a el.

Xa non había remedio, o río estaba alí, profundo, terribre, cos seus encaixes de espuma e as súas ondas xumiantes, e si un milagre de Dios non detiña o cabalo alí ibamos morrer afogados.

A súa orela, bordada de froles e viñedos, xa se distinguía... recei á Virxen, pechei os ollos e... o cabalo comenzou a trembelear e caíu rebentado...

Dous pasos máis, e fora tarde.

Por unha casualidá o cabalo caíra de tal maneira que eu quedei de costas e ti caíches riba de min.

Dempois de botar ó ceo unha ollada na que iba o máis profundo agradecemento, o meu pirmeiro coidado foi mirar si te mancaras.

En tanto o vento arreciaba amontoando negras nubes que avanzando lentamente cal exército de pantasmas arremoiñábanse en torbelliños, astra que por fin abrindo as súas gárgolas comenzaron de botar auga a xerros.

Formárase unha desas tempestás de vrau e os lóstregos deslumbraban somellando regueiros de sangue entre farrapos negros, e os tronos cos seus esboiros parescía que eran os sangrentos regos ó esvarar de laxa en laxa.

A iauga traspasaba os meus vestidos.

Mirei pra todas partes buscando onde acollerme, e nin unha mala chouza había, todo estaba deserto.

Por fin entre dúas pedras medio aculto entre cheirosos laureiros descubrín como o buraco dunha mina e alá dirixín meus pasos.

Eu sentíame empuxar por unha forza sacreta que é hoxe e aínda non me esprico.

Vin aló no máis profundo unha luz, e en vez de retroceder avantei de cara a ela, cal si me atraguera cal ós paxaros as cobras.

Según soupen despois máis tarde, aquel buraco chámanlle os peisanos a cova da Moura, e anque non é máis que unha das saídas que

teñen as antígoas minas que esisten no interior do Monte-Sacro, os naturales do país din que alí vive unha bruxa, e por canto val o mundo non pasarían por alí despois do toque das oraciós.
Pro sigamos; eu avantei, avantei de cara á luz, pro canto máis avantaba eu, máis fuxía a luz, astra que xa indo cansa quixen retroceder; pro entón quedei parva de espanto.
Pra calquera lado que dese a volta sempre alcontraba diante de min a mesma luz e o mesmo camiño, e por máis que me volvía e revolvía nada, a mesma luz sempre diante.
Chegou a tanto o meu medo que non podéndome soster de pé quíxenme apoiar nas paredes.
Pro estonces pasou unha cousa asombrosa.
Aqueles muros que tan preto estaban us dos outros fóronse abrindo prodixiosamente e ensanchándose pouco a pouco.
As luces multipricáronse de tal maneira que era punto menos que imposibre o contalas, e cal si estivesen bébedas ou fose porcesión de trasgos e catuxas, beilaban, corrían e brincaban en desordenados xiros astra que acercándose a min me rodearon.
Eu xa non podía resistir por máis tempo, e pechando os ollos caín de xinollos.
Cando volvín en min estaba noutro sitio.
Era tal o meu medo que pouco poiden ver, pro inda me acordo de algo.
Estaba nunha gran cova, polas súas desnudas paredes trepaban verdosos lagartos, pintarexadas salamántigas e asquerosas cobras que me miraban con irritados ollos.
Do alto teito pendían moustruosas arañas que coas súas encombadas patas cheas de fogos fatuos faguían de lámparas.
Pro a máis terrible era a reina daquel fantásteco palacio.
Estaba sentada nun sillón feito de ósos humanos e sostido por catro enormes sapos.
Á beira dela estendíanse dúas ringleiras de bruxas alumeando coas costelas dos difuntos.
Ela tiña na mau unha baraxa e unha peneira, e non se vían máis que dous ollos, polos cales saía unha labareda de xofre e lume, pro polas

súas descarnadas maus que lle asomaban por baixo do branco sudario adiviñábase que era un esqueleto.

Eu xa dixen que cando vira fuxir de min as paredes caíra de xinollos, pro o que non me podo espricar, é cómo naquel curto momento que pechei os ollos aparecín na mesma postura en que caíra, pro diante daquel infernal trono.

Ti estabas sumido nunha especie de letargo, do que non saías e do cal non me podo espricar a causa.

Eu trembaba e nin xiquera me estrevía a respirar.

Un negro demo tocou un corno, e ó seu son ouvíronse multitú de ecos que somellaban ruxidos de feras ou aies de condanados, e despois todo quedou en silenzo.

A reina levantou unha mau e con voz ronca, lúgubre, escramou:

— Ilda, condesa de Altamira, maldita seas.

Eu debíate matar pra me vengare, pro quero que vivas porque a túa vida será un martirio prolongado.

Eu son o esprito dunha muller que o teu tío mandou queimar por bruxa nas fogueiras da inquisición, pro como o meu esprito é imortal, vivo nestas galerías do Monte-Sacro, e soilo esperaba unha ocasión pra me vengar da familia que foi a miña perdición.

Escoita, chegará un día en que verás perdidos tódolos seres a quen máis ames, e ese neno que tras contigo matará ó seu pai o día que o coñozca...

A condesa calou e Rodrigo vertía ardentes bágoas.

— ¿E despois? —perguntou con tímida voz.

— Despois todo desapareceu da miña vista, soilo alá ó lonxe sentía que berraban: — Condesa de Altamira, maldita, maldita seas... Despois non sei o que pasou: cando volvín en min estaba no castelo e dixéronme que me atoparan desmaiada ó pé do morto cabalo e ti que estabas a miña beira churumiando...

— ¡Ouh señora! quen sabe si todo eso que dicindes foi causante ó medo que vos produciu a carreira do desbocado cabalo!

— ¡Ah! non, non; foi realidade. Desde entón non se aparta de min aquela escena...

— ¡Dios mío! estonces quer dicir que estou condanado a non coñocer quen é meu pai.

— Quen sabe, Rodrigo, quen sabe co tempo as voltas que o mundo dará, o que debes facer é non pensar máis neso e irte a descansar.

— Falta me fai, señora, pro paresme que non poderei coller o sono...

— Facer por elo...

— Xa farei o posibre...

— Adios, Rodrigo...

— Dios os dea boa noite. —E despois de lle bicar unha mau respetosamente, desapareceu por un estreito corredizo, en tanto que a condesa limpándose unha bágoa marmurou:

— ¡Probe neno!...

III

O pelengrino

Era unha noite de feitizado e branco luar.
En Figueiredo hai trullada.
Unha moza repica as ferreñas que dá xenio e un mozo acompaña coas cónchegas.
As rapazas e os mozos bailan e brincan coma xuvencos.
Os vellos botan unha cana ó aire na taberna do pobo e as vellas sentadas beira do turreiro falan das súas cousas, namentras que miran polas súas fillas.
Naquel momento sostiñan unha acalorada discusión.

— Dígoche que é verdá —berraba a tía Chinta— eu xa non son unha rapaza pra me enganar nesas cousas, onte vin por estes meus ollos, que gracias ó Señor inda están ben conservados, a compaña no cotón da mina.

— E eu andaba hoxe rozando na leira do Castro e vin un pantasma negro cun pau na mau[2] —añadiu outra.

— Bueno, bueno, vós tendes ganas de leria, quen cre neses contos de bruxas nin pantasmas, o que foi que o medo fíxovos ver visións e...

— Oies ti, azoutada, —berrou a Chinta erguéndose furiosa— eu non lle teño medo a ninguén, sábelo, ti que has dicir, dende que estiveches en Santiago non cres en nada, xa se ve, os rapaces da vila encargáronse de che quitar...

— A min non me quitaron nada, e moitísimo coidado co que se fala, porque sinón, malas xuncras me leven si non saco un zapato e che dou con el na cara.

— Darme ti a min, meniña da casta.

— A meniña da casta sería vosté...

— Cálate e non me tires polo xenio, porque con dicir que eres ama de crego basta, e o dito, dito.

— Si son ama de crego millor, tamén teño quen me ausolva dos meus pecados...

— Canté, como que os levaredes a medias...

— Rabecha, rabecha, si tes cobiza bícame eiquí —e ó mesmo tempo levou as maus a un sitio non mui limpo.

Estonces a Chinta botouse a ela e non poño un chavo que aquelo non acabase cunha alargadeira de pelos si estonces non pasara un suceso que as deixou parvas.

No alto do carreiro que conduce ó pobo apareceu un pantasma ou más ben unha cousa que avantaba cara eles.

O refrexo da lúa caíndo riba dela faguíalle tomar unhas proporciós xigantescas.

---

[2] Neste punto insértase unha nota do autor:

"Temos que advirtir que o tema pidía novela de *costumes galegas* e polo tanto teño que describir entre elas as supersticións do pobo, digo esto porque non se estranen de ver certas cousas que discribo, anque contra o meu gusto".

A múseca calou, desfixéronse os corros, esborralláronse as rifas, e astra o tío Liborio que estaba berrando "cando é festa é festa, congrio", quedouse coa xerra na mau e a boca aberta mirando pra aquel trasgo ou o que fose.

— Será o Antecristo —decían uns.

— Será o demo —marmuraban outros polo baixo.

Naide se estrevía a moverse nin cuase a respirar.

Por fin o tan temido pantasma chegou preto do asustado grupo e estonces o medo convirtiuse en respeto e alegría.

Era un probe pelengrino, e naquel tempo xa se sabe o respeto que os sencillos labregos lle tiñan.

En canto á legría esprícase tendo en conta o medo que antes tomara.

Todo o mundo se descobriu e foille bicar as maus ó mesmo tempo que ofrecerlle hospitalidá.

— Gracias, ermaus, pro non podo determe. ¿Sabredes dicirme si falta moito pró Castelo de Altamira, pois perdínme nestes montes? —dixo con voz garimosa e dolce.

— ¡Oh, señor! pretiño está, non hai máis que coller por esa congostra, e ó dar a volta a aquel outeiro xa se divisan os seus pardos torreós, ¿quer vosté que o acompañe algún de nós?

— Gracias, ermaus, gracias, o Señor quede con vós.

— Non hai máis que a carreiriña dun can —berroulle a Chinta.

— O voo dun pitorrei —díxolle outra.

O pelengrino xa non as ouvía nin xa se vía, perdido nas tréboas da noite.

Pouco despois todos dormían e non se ouzaba máis que os ladridos dos cás e a voz do tío Liborio, que disputando coa súa muller sobre non sei qué cousa, berraba: "Cando é festa é festa, congrio..."

IV

Era de noite, a lúa con preguiceiro paso correxaba dun lado pra outro revisando os seus campos de estreliñas.
Os paxaros apoleirados nas silveiras dormían.
As froles abrían as súas corolas pra recibir as líquedas pelras que seus irmaus os anxeliños lle botaban dende o ceo, e algunhas que polo día estiveran coas follas pechas e encrinadas cal si tiveran vergonza, protexidas agora polas tréboas alzábanse orgullosas abrindo as súas corolas e celebrando os seus purísimos amores.
Os seus cantos enchían a ialma de dicha.
E algús perguntaranme ¿e as froles cantan?
Si cantan ¿quen o duda? ¿quen nesas noites tranquías e sereas, no medio deses marmullos incomprensibres que se desprenden dos bosques, das augas e da terra, no medio deses vagos concertos das montañas, deses lexanos e confusos ecos, no medio desa combinación de queixumes e cantos, de sospiros e risas, dese maremaunun de iñoradas voces, non precibe ese concerto prodixioso no que as froles unindo as súas voces forman aéreo coro que perdéndose entre as herbas dos tremborosos lameiros e rubindo pouco a pouco entre o follaxe vai ó espazo onde as invisibres auras se encargan de levalas astra os pés do Criador, cal si ofrenda fose que a Natura lle fai agradecida?...
Pro olvidamos o grau pola palla.
No castelo de Altamira todo estaba en silenzo e reposo, solo de vez en cando na prataforma da torre víase cruzar algunha sombra.
Eran os vixías que fan a garda.
Polo áspero sendeiro que condoce ó castelo rube un home que, asegún o que se arreconchega á sombra dos árbores, medo debe ter que dende el o distingan.
Polo seu traxe parés un pelengrino.
Ó chegar on recodo do camiño parouse dubidoso coma que reconoce o sitio.
O refrexo da lúa dáballe de frente e entón póidose ver que o seu carís, tostado polos bicos do sol, era en estremo fermoso e que o

faguía aínda máis simpáteco unha sombra de tristeza e melanconía que nel se refrexaba.

— Por eiquí debe ser —marmurou, mirando ó seu arredor— ... ¡fai tanto tempo que non viñen!... ¡que tempos!... ¡que tempos tan filices, pra xa nunca máis volver!... ¡ah! o que neste mundo queira ser filiz, non debe ter vergonza nin corazón... ¡que fermosa noite, que vals tan frolidos!, e sin embargo parés que todo respira tristura... ben din alí que todo está según o corazón de quen mira... que pronto pasou o tempo... aier nai, novia, amigos... hoxe nada... minto, inda teño un fillo e unha irmán... quizais nada... meu fillo cicais estará morto... ela non se acordará de min... pro deixemos refreusiós e sigamos o destino — e sospirando meteuse por entre os breñales sin faguer caso dos toxos que ladroeiros lle roubaban anacos do vestido.

Por fin chegou onde un penedo e alí, dempois de botar unha ollada, afincallouse.

De pronto deu un berro de alegría, non se había enganado, as súas maus tropezaron cunha enfurruxada argola e os poucos esforzos comenzou a ceder.

Sin embargo resistiuse, e soilo dempois de arrincar os terrós que o tempo amontoara por riba das xunturas poido faguer xirar a ancha lousa.

Estonces póidose ver ó descuberto unha escaleira que se perdía en escuras galerías, das cales saía un alento húmedo e frío.

Nin tan xiquera a descansar se parou, e sin perder máis tempo comenzou a baixar despois de colocar a pedra no seu sitio.

Estonces foi cando notou que a luz se lle había olvidado, pro coñocía dabondo aqueles sitios e a pesar da profunda escuridá que había confiou en non se perdere.

Escomenzou a andar apersurado como quen ten présa, deixando tras si galerías e máis galerías.

De vez en cando rozáballe a cara un morcego e outras metía os pés nunha lagoa.

Andaba, andaba sin parar, e xa el mesmo comenzábase a aturdir, parescíalle que andaba dando voltas ó redor e xa desconfiaba de que se perdera.

Por fin parouse.
Un alto muro se erguía diante de si.
Un berro de rabecha se escapou do seu peito e coas febriles maus atentaba as paredes buscando o quicio dunha porta ou unha randixela que lle indicase onde se alcontraba.
Nada, a parede, húmeda e cuberta desa pátina ou viscosidá que crían as paredes cando a humedá está decote nelas, escurríaselle baixo os seus dedos cal si quixera fuxir.

— ¡Perdido! —escramou, e desfallecido deixouse caír no chau máis si cal este se negase a darlle ausilio desmoroouse baixo o seu paso producindo estrano rumor de ósos e cadeas.
Todo o comprendeu estonces, estaba nos corredores onde os condes arroxaban as víutemas condanadas a morrer esquecidas naquelas soedades.
No medio do seu terror non poido por menos que alegrarse pois así sabía onde se atopaba.
En vez de coller polos corredores da dreita collera polos da outra banda.
Pro a pesar de ser mui valente, non por eso deixaba de ser mui supresticioso, como lle pasaba a tódolos homes daquela época, e non podía por menos de ir cavilando que o alcontro co aqueles ósos nada bo lle auguraba.
Tras si volveu a deixar tódalas galerías por onde entrara.
Alí orientouse, e desta vez ben fixo comenzou a andar.
Ó cabo dun pouco tempo chegou a unhos peldaños que retorcéndose en espiral rubían polo espesor do muro.
Esalou un sospiro de satisfaución, esta vez non se enganara, e comenzou a rubir con paso forte.
A cada paso que daba esvarábanlle os pés e tíñase que apoiar nas paredes.
A escaleira debía de faguer moito tempo que naide transitaba por ela e por outro lado estaba en tal estado de ruína que ó rubir tiña que ir faguendo milagres de equilibrio.
Por fin chegou ó últemo do seu camiño; un muro erguíase diante dil.

Estonces foi cando comenzou a vacilar.

— ¿Que vou faguer? —marmullou— quen sabe si agora estará nesta cámara, ou estará xente con ela... acaso non me coñozca e berrará ó ver un home entrar pra xunto a ela... ademais perdín tanto tempo que cicais estará deitada... ¡oh! pro deixalo pra outro día é imposibre, porque eu morro, morro nesta incertidume... ánimo, e salga o sol por onde queira —e botando pra atrás a escravina escomenzou coas maus a rebuscar as paredes.

Os seus dedos toparon cun botón, apretou e o muro abriuse deixando diante si unha estreita porta cuberta con tapices.

A sorte comenzaba a favorecelo, pois el non contara cos tapices que lle permitían ver sin ser visto.

Mirou; nunha mesa había un santo e os seus pés unha lamparilla que alumeaba con debre resprandor.

Ó pé da mesa, cuberta por ricas colgaduras, alzábase nun estrado un suntuoso leito.

Nel podíase ver que había solasmentres unha persoa, e pola presa de cabelos que en desorde lle caían polas cabeceiras, adiviñábase que era unha muller.

Na habitación non había máis naide e todo estaba en silenzo.

— ¡Ou! ¡como me tremba o corazón! É ela... ela a que alí estará tan fermosa como sempre... canto a quero... e como non si ela foi a úneca que me quixo ben... inda me acordo dos bicos que me daba... ¡ou! ¡canto, canto eu a quero!... —e avantando pouco chegou á beira do estrado.

Alí estaba a condesa Ilda, fermosa cal os ensonos dun ánxel, os seus desnudos brazos, máis brancos que a neve, tíñaos fóra, un cercando a súa cabeza cal si de azahar coroa fose pois dada a súa brancura todo suporse podía, e o outro colgando fóra da cama.

Por entre as finas brondas da camisa adiviñábase o seu turxente seo e os seus beizos movíanse tembrorosos cal si entre sonos falase con alguén ou lle enviara misteriosos bicos.

O pelengrino miraba entusiasmado astra que non poido máis, e vencido pola emoción caíu de xinollos marmullando: — Ilda, Ilda, eres

un ánxel de fermosura e de bondá —e apreixando a colgante mau enchíalla de bicos amorosos.

A condesa despertou e deu un berro ó ver un home xunta si.

— Non berres. Ilda, son eu, eu que volvo xunto a ti.

— Dios mío... quen está aí, a estas horas no meu coarto... conde... Rodrigo...

— ¡Ah! ¿non me coñoces? ¿tan cambiado estou?

— Pro si non eres o conde nin Rodrigo ¿quen eres que se estreve a entrar a estas horas no meu coarto? dimo pronto si non chamo.

— Nada temas, si non me queres coñocer volvereime por onde viñen, agora mira — e rápedo, correndo pra atrás o sombreiro acercou a luz a súa cara.

A condesa levou a mau pola frente como pra convencerse de que non soñaba, vacilou un anaquiño, e estendendo os brazos cara a il berrou:

— Lope, tu eiquí.

— Ó fin.

— Perdoa, perdoa, non pensaba que ti foses... non me acordaba que ti tan soilo tiñas a chave sacreta do meu dormitorio... creín que xa non vivías... ¡ouh! ¡canto por ti sofrín!... ¡canto por ti chorei!... vén, vén ós meus brazos porque me parés que soño... déixame bicarte pra convencerme que é realidade —e anhelante abrazaba ó pelengrino sin se lle dar polos encantos que deixaba ó descuberto.

Por fin calmouse e os dous seguiron mirándose con amor e sourrindo de felicidá.

Lope estaba intranquilo e moitas veces barbullaba como quen quer perguntar unha cousa e non se estreve.

Ela sourríase ó ver as súas vacilacións, astra que ó fin téndolle lástema díxolle:

— ¿Non me perguntas por naide?

— Oh, di, di que foi del...

— Está feito un xentil e garrido mozo.

— Nin xiquera de min se acordará.

— A tódalas horas.

— ¿Que dis?

— A verdá, morre de pena por saber quen é seu pai.

— Infeliz ¿e donde vive?

— Eiquí.

— Como ¿e o conde?

— Nada sabe, nin tan xiquera o sospecha; o día que o deixaches no meu coarto, fixen que o puxeran nunha gueipa ó pé do castelo e dende un aximez estiven velando por el astra que pasou o que me propuxen. Un garda que pola beira pasou...

— Xa adiviño o demais, colleuno e presentoullo ó conde e vós pidísteslle que posto que Dios non vos quixera conceder ningún fillo, que volo deixase criar.

— Xusto.

— ¡Oh! canto che debo, ¡con que che podrei pagar!

— Queréndome moito.

— ¡Inda o dis!

E outra vez se volveron a bicar tenramente, xuntando seus beizos cal dous caraveles nun ramallo.

Largo tempo así estiveron; por fin a condesa soltouno, soparou coas súas lindas maus os cabelos que lle encubrían a frente e despois mirando pra Lope con tenra sourrisa dixo: — E agora ¿non me contarás a túa historia ou máis ben a dos teus amores? porque eu estou morta de impacencia por sabela e por saber que causa motivou a túa longa ausencia.

— ¡Oh! é mui larga e mui triste.

— Que importa en canto a longa, tempo temos de sobra e a triste fareina eu menos compartindo as miñas bágoas coas túas.

— ¡Que boa eres! ¿Como che demostrarei canto te quero?

— Faguendo o que che pido.

— Pois ben, sexa logo o que ti queres.

O achado

Pra que despois podas coñocer as miñas coitas empezareiche a contar dende os meus pormeiros anos, por máis que ti xa sepias algo deles.

Onde nacín non o sei.

Os pormeiros recordos que conservo na memoria son do val onde me criei.

Chamábanlle Verdefondo e Ceres no máis sedutor ensono non poido imaxinar val máis frorido nin máis fermoso.

Riba de campos de tremantes herbas derbóndase outeiros de cheirosas froles.

As pingotas de orballo pousadas nas follas dos árbores cal chuvia de brilantes, descompuñas o sol en mil coores.

Os altos ameneiros mezcrados coas madreselvas e as silveiras entretexen as súas poulas formando bambeantes frondas, das cales colgan os niños de centos de paxaros e baixo as que esvaran bulidores regos.

Por entre as verdes e enredantes viñas, cal pombas deitadas no niño, asoman as brancas casas cos seus roxos corredores.

E polo medio deste val, neste refrexo dos pensiles celestiás pasa o prateado Miño enchido de fantesía, engarrándose nas orelas cal si nunca de alí saír quixera.

Todo é feitizado e fermoso en demasía.

Cercando este edén en miniatura cal si quixesen formar aculto niño ou retiro misterioso, érguense altas montanas coroadas de sombrizos pineirales e xumiantes carballeiras.

Nos seus petoutos vense antígoas ruínas de castelos e mosteiros cheos de medroñentas lendas.

E todo esto cuberto por un ceo tan bonito que non se pode maxinar. Non é azul como o doutras terras, non, o ceo de Galicia non é así pro é máis fermoso porque na variedá está o gusto.

Tan pronto brancos nimbos formando vaporoso encaixe se enredan nas frebas do sol como sobre un fondo uniforme destácanse miles

de pequenos corpos a quen a posta do sol os tiñe dun coor rousado lánguedo somellando unha presa de pétalos de rosa que os ánxeles tiraron dende o ceo.

Xa se presenta tranquilo e trasparente, interrumpindo unecamente a súa monotonía grandes dox de algodón a quen desfleca o vento ou xa grandísimas masas de negruzcos vapores somellan exército de xigantes moustros ou fantástecas quimeras, que se miran irritadas, ruxen, lanzándose, acométense, retroceden, avanzan e fúndense unhas coas outras.

A nosoutros desas loitas xigantescas só chega a súa encendida mirada baixo a forma de lóstregos e o seu bruar nos tronos.

¡Oh, Ilda! Levado da miña fantesía estoute cansando con cousas que non importa, pro perdoa.

Pois ben, nese val foi onde me eu criei.

Xa dixen que non tivera pais.

Eu era achado; ti acaso non sepias o que é eso e espricareicho.

É unha costume por disgracia bastante xeneral.

Algunhas mulleres sacan do Hespicio nenos a criar mediante unha pequena retribución, e tratan con eles como si fosen coa facenda.

A penas chegan ós dez ou ós once anos, cando lle buscan unha colocación de criado ou xornaleiro en calquera parte.

Avístanse cos amos e eles cobran as soldadas, deixándolle a eles a penas pra se vestir.

Estes infelices coñócense co nome de achados, e como se ve este tráfico é bastante produtivo.

Eu era un deses.

Sin embargo, dende pequeniño todos notaban que a min me distinguían dos demais, mandábanme ás angueiras que tiñan pouco que faguer, si quería traballar faguío, e si non, non tiñan máis mimos comigo que cos demais; en fin, que calquera diría que eu era fillo da casa e astra non faltaba quen marmurase que eu non era do Hespicio, sinón que me trouxeran unha noite, dende a cal comenzara a riqueza e o benestar dos que me criaban.

Polo demais, a miña vida deslizábase tranquila no medio das inocentes costumes de aldea.

Así fun crecendo e xa era un espigadote rapaz cando socederon os dous socesos que máis infruencia exerceron sobre min.
Chegara o mes da vendima; por ese tempo seica non hai mozo nin moza que armados de gueipo e canivete non se xunten en patrullas pra se ir alugar a Ourense ou polo Ribeiro en diante.
Chegou pois ese tempo, e anque a min nunca me mandaban ó traballo fóra da casa, foi do meu gusto e fun.
Un día con noite saímos do lugar, e cantando alalás e botando aturuxos dirixímonos cara á vila de Ourense.
Alí sentados baixo os soportás da praza estivemos dous días esperando pola aluga e aguantando as pullas dos señoritos da vila, que ó mesmo tempo que de nós se rían non por eso deixaban de andar tras o vulto ás nosas rapazas.
Por fin chegou o día que nos alugamos, e alá fumos cheos de alegría.
A vendima; ¡oh! esa palabra só ten feitizo prós que se crían nas ribeiras, ou cerca delas.
A penas amañeceu cando todos ó estróupela estróupela nos dirixímos cara ó eido.
Alí das verdes cepas, colgan os brancos e roxos racimos medios ocultos nas follas, somellando sartas de rubís e pelras a quen fan brilar as pingotiñas de orballo.
Alá van as mozas, coa cesta nunha mau e a navalla na outra.
A cada racimo que botan no gueipo arríncalle cos dentes algús bagos.
Ó millor pasa un mozo que vén de baleirar o culeiro e como quen non quer a cousa dánlle un rempuxón.
O mozo non pode quedarse así, e collendo a unha baixo unha cepa, guíndaa no chan, dálle unhas cantas palpadelas, faille unhas cóxegas e érguese antes de que o amo os vexa.
Por fin chega a noite e os mozos van coa espranza de parrafear un pouco na trullada.
Polo camiño os alalás e os aturuxos déixanse ouvir á porfía, non sin mezcrar no medio de vez en cando algunha copra con máis rabo que un can de palleiro.

Entre as mozas que viñan na patrulla do meu pobo viña unha que lle chamaban Margarita, e en verdad que as margaritas que rebuldan nos frescos lameiros non son máis fermosas que ela era.
Os seus beizos eran caraveles entre os cales un reiseñor fixera niño, e os seus dentes xazmís que lle dan cheiro.
Pro o que chamaba a atención de todo o mundo, o mesmo de señores que de labregos, era o contraste que formaba cos seus ollos negros cal a noite e os seus cabelos roxos cal o día.
A casa de Margarita estaba aconchegada á miña, e dende pequeniños sempre nos tiveramos lei un ó outro, e conforme fumos crecendo tamén o noso cariño foi medrando.
Máis que amigos pareciamos dous irmaus.
Ibamos ás festas xuntos, beilabamos un co outro sempre, e a pesar do que entre nós non había máis que aquela amistad de nenos; sin embargo a ela asomábanlle as bagullas cando me eu divertía con outras e eu sentía dentro do peito un inferno de rabechas cando ela miraba pra algús dos moitos pretendentes que tiña.
Non viviamos ben un sin o outro.
Na escasca do millo sempre nos sentabamos xuntos, na castañeira abríalle os ourizos pra que ela se non mancase, na sega da herba xuntabamos pra un mismo palleiro, e astra se daba o caso de que si ela mercaba un pano había eu de mercar outro igual, e si gastaba na festa un carto outro había eu de gastar.
Chegou por fin o día en que nos alugamos prá vendimia.
Os dous eramos aínda a pormeira vez que ibamos ó traballo fóra da casa.
Ela era unha nena cuasemente e eu pouco máis tiña, pois aínda lixeiro bozo sombreaba os meus beizos.
Eu notaba que faguía unhos días que Margarita andaba triste e que fuxía de min, e por máis e máis que cavilaba non podía atinar nin comprender o que ela tiña.
Así era que eu andaba enrabexado e sin ganas de me divertir nin de nada.
Chegou a hora de xantar, e ela que sempre nos faguía reír coas súas gromas, a penas si palabra dixo nin pasou bocado.

— ¿Non comes Margarita? —díxenlle eu pra entrar en conversa.

— Xa como —contestou secamente.

— ¿Alcóntraste enferma?

— Non.

— Margarita ¿que che fixen, que tes?

— Nada —e torceu a cabeza pra outro lado.

Eu quedeime frío; aquel tono que nunca comigo usara xioume a sangue nas venas e soilo por darlle rabecha púxenme a brincar con outra moza.

De alí a pouco mirei pra Margarita e non poiden por menos que alegrarme.

Había conseguido o meu ouxeto; a infiliz tiña os ollos cheos de bágoas que parés lle loitaban por saír pra fóra.

O home é por istinto malo, cando el sofre quer que todos sufran, e ó ver que fixera padecer a Margarita, por eso dixen que non pudera por menos que alegrarme.

Ó acabar de xantar todos se dispuxeron pra ir a dormir a sesta.

Eu seguía brincando coa moza pro sin deixar co rabo do ollo de atender pró que faguía Margarita.

Ela levantouse cando os demais, e crendo que eu non a vía, botoume unha mirada triste, tristeira, mirou pró ceo e despois de se limpar coa punta do mandilete unha bágoa rebelde, en vez de irse coas outras mozas meteuse por unha veciña carballeira.

Estonces comencei a adiviñar e sin poder determe deixei á moza con quen brincaba, que se quedou medio parva ó verme fuxir daquel modo, e metínme pola carballeira endiante en busca da miña nena.

A carballeira era pecha e aínda tardei algún tempo en dar con ela.

Estaba sentada beira dun rego cos codos apoiados nas rodillas e a cara oculta entre as maus.

A pormeira vista conocíase que xumiaba.

Estiven un anaco de tempo contemprándoa sin que ela me vise astra que sin podelo remediar escapóuseme o seu nome.

Ouvilo, dar un berro, e levantarse, foi cousa dun istante.

— ¿A que ves?... ¿que me queres? —barbullou en tanto que trataba de ocultar as súas bágoas.

— ¡A que veño! Veño a saber porque a miña amiga de neno fuxe de min... veño a perguntarche que fixeches daquel ariño que antes nos unira, e quero saber cales son as túas penas.

— Eu non fuxo de ti, o meu cariño pouco che debe importar... vaite, vaite, eu non teño penas ningunhas.

— Os teus ollos din o contrario.

— Os meus ollos minten... ademais a ti pouco che deben intresar as miñas penas.

— ¡Oh! non brasfemes, dicir que non me intresa o teu sofrir, cando porque os teus ollos non derramen unha bágoa, daría a miña vida, cando...

— Si, ben se conoce, cando fai pouco estabas brincando con Sabela.

— Si brincaba con ela foi por me vengar do modo con que me tratabas.

— Ben, ben.

— Non hai ben que valla, e posto que a ocasión chegou vouche a dicir o que fai tempo me consome.

O teu cariño de irmá non me chega, heme pouco.

Eu sinto no peito un deseo vago, unha cousa que non che podo espricar que me fai pensar que ti queiras a outro, en fin eu non sei por qué ás veces danme ganas de te apreixar nos meus brazos e morrer alí os dous xuntos, xuntiños pra que ti non seas doutro.

— Pois xa que ti fuches franco tamén eu o serei.

Eu tamén me sinto morrer de quereres por ti, pro é un querer distinto do que astra eiquí sintín, é un querer como debe de ser o da pomba pró seu pombiño, e...

— Non sigas, non sigas que por min xuzgo o que pasará por ti, ¿pro si é certo o que dis, estonces a que fuxes de min, a que chorar?

— Porque eu creín que ti non corresponderías ós meus sentimentos e que chegaría un día en que te esquecerías de min.

— ¿Eu, eu esquecerte, virxe dos meus amores... eu olvidarte cando a toda hora te teño no pensamento?

— Mintireiro.

— Non, non son mintireiro, tu eres a miña vida, miña ilusión, miña ialma, eu sin ti é o mesmo cos peixes sin auga, que o barco sin velas, que o ceo sin lúa... o día que ti me esquezas, aquel día morrerei cal morre a frol a quen lle falta o rego.

— Xamais, xamais, te esquecerei... sempre te tenderei nun currunchiño do meu corazón.

Un bico ardente apasionado sellou o principio dos nosos amores.

Dende estonces sufriu a miña vida un cámbeo compreto.

Eu era filiz, parecía que todo sourría pra min, parés que tódalas pasiós que en min dormían despertaron naquel día.

Eu toleaba, abrazaba ós meus amigos, bicaba ós meniños, faláballe ó gando e brincaba e choutaba coma un xuvenco.

Pro aquelo todo había de fuxir cal si fora un sono.

O home é un ser grandemente egoísta, canto máis lle dan máis quere.

Eu despertei a unha vida nova, que cada vez me asoballaba máis e máis coas súas eisixencias.

Aquel amor puro e inocente cal o dunha nai, aquel amor cal o dos ánxeles, cansoume logo.

Eu sentía rebulir drento do meu peito un mundo de deseos que non podía comprender nin difinir, eu sentía un fogo desconocido que me queimaba a sangue e ma faguía correr ás vorcalladas, e eu non me espricaba o que quería nin me daba conta daquela inquietú intensa que me roía o corazón.

Iba ós eidos e os árbores movidos polo vento parés que berraban "amor, amor", iba á beira dos regatos e as augas xumiando entre as guixas berraban "amor, amor"; fuxía tolo de alí e os paxaros cos seus chíos berraban "amor, amor", e a bris, as froles, as volvoretas, todo, todo dicía "amor, amor, amor".

Estonces eu tolo, corría en busca da miña Margarita, e mirábaa, comíaa cos ollos, apretáballe as súas maus, pro unha voz interior decíame "é pouco, é pouco" e estonces crendo calmar as miñas

penas bicábaa nos ollos, na cara, na frente, nos beizos, e en vez de calmar os meus deseos aumentábanos e unha voz interior me berraba "é pouco, é pouco", e eu tolo, dilirante corría, corría sin parar buscando os sitios máis retirados, e cal si fose unha maldición de Dios, astra alí me persiguía ese amor desconecido con que eu soñaba.

Así pasou unha chea de tempo sin me espricar o meu sofrir.

Pro un día vin nunha poula dun carballo cofearse dous paxaros, e estonces espriqueimo.

Aquela noite Margarita e eu viñemos da fiada máis tarde que de costume, e cando nos despidimos ela meteuse na casa chorando mentras eu me iba rindo...

O meu deseo cumpriuse, pasei un mes de dicha, un mes embriagado con aquel amor ardente, con ese amor da natureza ó espertar en que a materia sai trunfante e os sentidos vencen á razón.

Aquel tempo pasou, pasou cal pasa un sono, pro o despertar foi terribre.

Por aquel tempo viñeron ó pobo dúas señoras, resprandecentes de luxo e fermosura.

Unha inda era cuase unha nena, pro era tan fermosa que estonces, como sempre, parecía unha virxen....

— ¡Adulador!

— Ben sabes ti que non... a outra unha santa...

— Non, ¡di unha mártir!

— Sí, tes razón, unha mártir.

Eu miraba pra elas sin estrever a moverme, pro elas abrazáronse a min e ó mesmo tempo que resoaron nos meus oídos dúas palabras dolcísimas de "¡fillo!" "¡irmau!" cubríronme de bicos e de bágoas.

Largo tempo estivemos así falando de mil cousas, entre as cales me dixeron que ela casada cun home que non era meu pai non me podía reconocer astra que quedase viúda, e que nunca me viñera a ver porque non poidera astra agora que o seu home se marchara con motivo da guerra en que andaba metido o Arzobispo de Santiago con algús nobres.

Ó outro día marchei con elas pra Altamira e o demais xa o sabes, alí ensináronme a entrada aculta pra ir á súa cámara sin que naide me vise e déronme unha chave, que foi da que me teño valido pra entrar eiquí.

Pro volvamos á miña historia.

Os meses pasaban cunha rapidez que me causaba medo.

Un día que fun ver á miña Margarita atopeina feita un mar de bágoas.

— ¿Que tes, por que choras?

— ¡Ah! estou perdida... perdida pra sempre.

— ¡Oh! por Dios fala, fala.

Estonces ela acercando o seu carís ó meu, díxome cunha voz baixa, baixiña, que parecía un queixido: — ¡Son nai!

— Nai, e a pesar de esperalo non puden menos que estremecerme.

— Sí, nai... nai... e non sei que vai ser de min... ¡Oh! si non fora polo ser que bule drento de min morría, morría...

— Cala, cala, non fales de morrer ¿non estou eu eiquí pra me casar contigo?

— Non, non nos deixarían, e ademais millor quero a morte que pasar a vergonza de que a xente do pobo se entere do meu estado; si é certo que ti me amas fuxe comigo... ou non; non ti pra que has de vir a sofrir, ti quédate que eu marcharei sola.

— ¡Margarita, Margarita! ¿que che fixen pra que me digas eso? Ben ti sabes que marchando ti tamén eu marcharei.

— Pénsao ben.

— Xa está pensado.

— Mira que pasarás miseria... pra min non ha de faltarme un anaco de broa, pero prós dous quen sabe.

— Cala, cala.

— Ti alcontrarás outra muller dina de ti...

— Non sigas porque é o mesmo, eu non quero máis mulleres que ti.

— ¡Canto te amo! —e un bico sellou os nosos beizos.

— ¿E a onde marchamos? —perguntou ela de alá a un pouco.

— A Santiago, contestei eu acordándome de vós.

— ¿Cando?

— Pasado mañá, e no medio do noso delor casi sourrimos con pracer das aventuras polo desconocido.

¡Ah! ¡aínda eramos unhos nenos e todo o viamos color de rosa!

Así foi; unha noite cando todos estaban dormidos saímos do lugar. Os dous ibamos chorando, alí nos quedaba todo, alí nos quedaba canto o corazón noso amaba.

Describirche a miseria, a fame, os traballos que pasamos, sería punto menos que imposibre.

A mitá dos días pasabamos cun anaco de emborrallada bica e durmindo nas cortes ou nas palleiras cando non durmiamos ó pé dun valado.

Estonces o meu brazo servía de cabeceira á coitada Margarita, que desfallecía de fame, de cansancio e de frío, e os nosos beizos xuntábanse pra darse calor un ó outro, e as nosas maus bicábanse pra convencernos que estabamos un xunto ó outro.

Ás veces Margarita lanzaba un queixido, era que sentía rebulir drento de si o fruto dos nosos amores, e estonces eu deixaba escapar outro porque nosos pesares e nosas legrías atopaban eco as dun no corazón do outro.

Moito tempo tardamos en chegar á cibdá de Santiago.

Pra outro día xa se debían ver as torres do castelo de Altamira, pro a miña Margarita iba nun estado tal de postración que non podía dar un paso.

Estonces eu collina nos brazos e corrín, corrín canto puden en busca dun asilo, pro estaba tan estenuado coa fame e o viaxe que preto parei e caín de xinollos no medio da serra de Figueiredo.

Por unha casualidá ós dous pasos de nós había un cruceiro de pedra ó pé do cal apoiei a Margarita.

¡Que noite, Dios eterno, que noite!

O vento fungaba xordamente e a chuvia caía, caía sin parar tan fría, tan fría, que chegaba astra os ósos.

E nós solos, mortos de fame, sin ter con que nos cubrir. ¡Oh! astra cheguei a dudar de Dios.

Pero si cal este quixera castigarnos máis e máis, a infiliz Margarita empezou a queixarse.

Estonces conocín todo o terribre do noso mal.

Alí, naquela soedá, sin recursos, sin roupa, sin abrigo, sintindo ruxir xordamente riba de nós os tronos e os lobos ouvear polas cercanías.

Alí, digo, sintiu a probe nena os delores de parto.

¡Oh!... estonces non sei... non sei o que pasou... solo me lembro que collín nos brazos un neno ensangrentado... que vin a ela desmaiada ou morta... e que eu... corrín... corrín pra que lle prestasen ausilio ó pequeno e viñesen por ela.

Estonces foi cando viñen e che deixei aquel neno no teu coarto con aquela cruz enriba que me deras ti, pra que conoceses que era cousa miña, e despois volvín a correr pra xunto a ela.

¡Oh!... inda me estremezo ó pensar naquel cadro... dela... do meu amor... da miña Margarita... alí... alí ó pé da cruz... só había... unhos ósos... unhos farrapos... e unhos cabelos de ouro...

— Margarita... Margarita... —berrei medio tolo, e solo me contestou o rechinar dos ósos na boca dos famentos lobos.

E eu tolo de desesperación e rabecha maldixen unha e mil veces a Dios.

Soou un trono horribre, horripilante, seco, e un raio deslumbrador e seco deslumbroume ó mesmo tempo que unha voz que abouxaba me dicía:

— Malditos... malditos sean por sempre e pra sempre os amantes impuros... malditos, malditos os fillos do pecado...

Despois non ouvín máis, cos ollos espantados corrín... voei, sin saber pra onde.

Cando volvín en min atopeime nun hespital sin saber canto tempo pasara alí, pois solo me dixeron que me alcontraran nun camiño e que largo tempo estiven louco e dilirante.

Calou; polas súas meixelas caían a fío doentes bágoas, e a condesa collida ó seu pescozo tamén choraba amargamente.

— E despois... despois porque non viñeches xunto a min — dixo a condesa así que se calmou o delor de Lope.

— Porque desesperado e louco marchei á guerra en busca da morte, e cal si astra esta fose croel comigo, non quixo vir ó meu chamamento.

Estonces marchei de pelegrinación ós Santos Lugares, astra que sin poder estar máis tempo sin saber qué era do meu fillo viñen por velo, pro sempre, sempre ouzo unha voz que me berra: "Malditos os amantes impuros... os fillos de pecado... malditos... malditos".

— Probe Lope ¡canto sufriches!

— ¡Oh! inda ti non o sabes ben, por eso che dicía que a miña historia era mui triste.

— Agora o pasado, pasado.

— Non, non, pra min non hai pasado, eu levo a morte no peito, a tódalas horas vexo a miña amada, xoven... risoña... filiz... sourríndome de amor como cando inocentes e tranquilos viviamos na aldea... e despois... despois contémproa morta... esnaquizada, e vexo un pantasma horribre que estendo as maus hacia ela, e mirándoa con alritados ollos dime: "Mira a túa obra... ti... ti fuches quen a puxo así"; e rise... rise nervosamente.

E eu pecho os ollos horrorizado, e entón entre o rechinamento dos ósos oio unha voz que me berra: "maldito, maldito..." e corro... corro, e sempre a visión detrás de min... sempre as voces acusadoras berrando ós meus oídos.

As follas dos árbores soméllanme léngoas que me maldicen, os paxaros que me acusan e os regos que se rin de min.

Desfallecido caio no chan e outra vez me volvo a levantar, porque o pantasma tende as súas maus pra collerme e volvo... volvo a fuxir, pro en vano porque me vén berrando os ouvidos: "Maldito... maldito seas... ela era unha tenra e sencilla pomba, e ti por cumprir o teu gusto non tiveches medo en sacrificala... a túa sangue caerá sobre ti e sobre os teus descendentes".

E eu entón arrodíllome e levanto as maus ó ceo pero chorreando sangue céganme os ollos.

¡Oh! esto é pior que o inferno.

¿Ilda, choras?... ¡ha... ha!... méteche medo a miña historia... non sabes que son maldito, a miña nai...

— Cala, non nomes á infiliz que foi unha mártir.

— Sí, unha mártir... porque era maldita... era amante impura... e eu seu fillo... maldito... e os meus fillos... malditos... e os fillos dos meus fillos... malditos... malditos. —E nun auceso de loucura corría pola habitación derrumbando canto atopaba por diante.

— Lope, Lope, cálmate —dicía a condesa correndo tras del, pro el sin faguerlle caso seguía correndo.

— Cálmate Lope, que van sentir ruído e van a vir, cálmate pola alma de Margarita.

— Margarita... Margarita... ¿quen a nombra? ¡Ah! —dixo calmándose de pronto— perdón, perdón Ilda que non soupen o que fixen.

—¡Oh! ben comprendo o teu delor.

A condesa acercouse á ventana e escramou toda asustada:

— Xa é día.

— ¡Día!

— Sí, xa amañece.

— Como se pasou o tempo.

— Vaite, vaite, acaso sentirían o ruído que fixeches e virán.

— ¡Sopararme de ti!

— Non hai máis romedio.

— ¿E cando volvo?

— Esta noite.

Neste momento abriuse unha porta silenciosamente, pro anque fixera ruído tan embebidos estaban que non o houberan notado.

Era o conde.

Ó ver un home a quen a condesa, rebuxada nunha sábana, tiña abrazado, levou as maus á cabeza como si quixera convencerse de que non soñaba e rápedas baixaron á empuñadura da daga ó mesmo tempo que reprimindo un berro de furor retrocedeu e ocultouse entre os tapices.

Neste tempo dicía Lope a Ilda: — Adiós meu ben, astra que á noite volva a descansar a túa beira.

— ¡Adiós! ¡Oh! si viras canto che amo.

— ¿E di, esta noite non podrei ver ó meu fillo?

— Di ó noso fillo, porque eu...

— Sí, tes razón, ó noso fillo, porque tu non pudeches facer máis por el.

— Pois ben, esta noite vén e veralo, adiós —e un bico prolongado sonou na estancia.

O conde xa non podía resistir máis e iba saír pro contívose porque inda quería escoitar máis pra convencerse da infidelidá da súa muller.

— E di ¿acaso non notará teu home que pasaches a noite toda a pé?

— ¡Oh! non teñas coidado —dixo ela rindo—, que cando non sospeitou do neno menos se ha de figurar que a súa casta esposa pasase a noite cun home no seu coarto.

Estonces o conde non quixo ouvir máis e saíndo trémulo de furor parés que se ouzou o silbido da serpente cando con acento nervioso, rápido, vibrante berrou:

— ¡Miserabre!

Dous berros de sorpresa se escaparon ó mesmo tempo, e a condesa berrando:

— Perdón, perdón, caíu de rodillas entre Lope e o conde.

— ¡Adúltera!

— Quen... eu... adúltera... a condesa Ilda adúltera... Dios mío, eu toleo —e a infiliz derramando un mar de bágoas retorcíase as maus coa desesperación.

— Señora, basta de finxementos.

— Eiquí non hai finxementos que vallan —dixo Ilda, recobrando de súpeto toda a dinidá que a sorpresa e o delor lle fixeran perder—. Este home que eiquí vendes é meu irmau.

— Calai, calai señora... despois do que vin de vós xa non me pode coller de sorpresa o ouvirvos mintir tan descaradamente.

— ¡Ola! —dixo dando unha palmada.

Presentouse un paxe.

— Prender a este home e levalo imediatamente ó máis horribre calabozo.

— Señor conde de Altamira —dixo Lope, que astra alí había permanecido calado— a un nobre cando o é, ou se pensa que é amante da muller dun que como vós é nobre, non, non se manda asesinar que se bate un con el.

— ¡Vós nobre!

— Sí, anque polo meu nacemento non o fose, o rei ó acabar de ganar unha batalla nombroume conde de Val-umbrío, e posto que non querendes crer o que vós di a vosa esposa ben sabendes cal é o voso deber.

— Pois ben, saíde pronto que eu logo irei, porque estou sedento da vosa sangue —e sinallándolle cun dedo a porta retirouse pra lle deixar paso.

— E vós, señora —dixo dirixíndose á condesa— vós permanecei neste sitio astra que dispoña de vós o que teña por convenente.

— ¡Oh señor! mirade que xuzgades polas aparencias, pro si cego seguindes no voso intento... mataime... mataime a min... pro perdonádelle a el que é meu irmau.

— Infame, infame, aínda tes a pouca vergonza de volver por el... pro perde coidado que non lle han de valer as túas falsas bágoas... reza, reza por el, porque agora mesmo vou a beber a súa sangue —e trémulo de furor e ira marchouse, dándolle tal empuxe á porta que fixo retembrar as paredes.

A condesa levantouse, e toda desolada comenzou a chamar por Rodrigo.

Por fin este debeuna ouvir porque acudiu todo asustado.

— ¿Que se ofrece... que pasa... Dios mío, vós perdendes o sentido... ou que tendes, que tendes?

— Corre, corre —balbuceou a condesa— por alí... pronto... matan teu pai... conde...

— Meu pai, meu pai... oh corazón non tremas... non tremas corazón... non é quen ti pensas... oh... ó escoitar o nome de pai creín que era con quen fai tanto tempo que soño... ¡ah! tolo, tolo, que xa me esquecía que lle chamo pai ó conde... ¡oh! ¿pero que fago, ingrato, que non vou en busca del? ¿acaso non teño o deber de defendelo? —E rápedo como un lóstrego botouse en seguimento do conde despois de lle botar unha mirada de compasión á condesa que quedaba desmaiada.

O conde ó saír atopou a Lope que o esperaba nunha antesala.

— Seguídeme, —dixo secamente, e un detrás do outro sin dicir unha palabra cruzaron unha chea de corredores e salas.

Ó pasar por unha delas o conde descolgou dunha manoplia dúas espadas e presentándollas a Lope dixo: — Escollei, escolle, unha calquera —e outra vez volveron a camiñar silenciosamente.

Por fin chegaron a un pequeno postigo, abriuno o conde e alcontráronse no campo.

O día era triste e chuvioso, os paxaros chiaban ateridos co frío e os arbres sin folla somellaban xigantes esqueletos a quen o vento facía xumiar.

O ceo estaba cuberto de negros crespós, entre os cales brilaba de vez en cando lánguido e triste o sol.

Era deses días de inverno melancónicos e sombrizos.

Nun rincón do parque do castelo había un tupido souto de castiñeiros.

Alí foi onde se dirixiron o conde e máis Lope.

— Señor, —dixo este—, eiquí me tendes, matándeme, pro eu non podo derramar a sangue de quen é marido de Ilda.

— ¿Tendes medo?

— ¡Medo... eu medo!

— Seríavos o mesmo, porque eu faría que criásedes valor.

— Facei o que queirandes, porque eu non me batirei con vós.

— Veremos —e ó mesmo tempo pinchou na cara coa punta da espada de Lope.

Este deu un berro, e os tintes da indinación cobríronlle a cara; pero fixo un esforzo sobre si mesmo, e reprimiuse.

— ¡Ah! ¿inda non bastou? Ben se conoce que fai pouco tempo que sondes nobre, haberá que vos tratar como a villanos — e pondo a espada de prano sacudiulle ás costas tres ou catro cintalazos.

— Señor conde, señor conde, defendeivos que vós mato — dixo Lope sin poderse conter, e alargando ó mesmo tempo a espada hacia el.

— Ben, ben, así me gusta, ó menos que non se diga que me batín cun covarde.

Estonces pasou unha escena horribre; unha escena que é imposibre discribir.

O conde deu un berro, a espada de Lope habíalle atravesado o peito, e caíu pra tras sin dar unha palabra máis.

Ó berro do conde contestoulle outro cal si fose un eco, e Rodrigo páledo, desencaixado, presentouse cunha espada na mau.

Ver ó conde e atravesar dunha estocada a Lope, que triste e abatido estaba alí, foi cousa dun momento.

Naquel istante ouviuse un berro angustioso, aguniante, que parés có ser eshalado lle arranca a alguén as frebas do corazón.

Lanzouno a condesa Ilda, que cos pelos desguedellados, descalza e a medio vestir, apareceu alí.

Ó ver aquel cadro parés que a vida lle quixo fuxir polos ollos.

— ¡Conde... Lope... Rodrigo!... ¡ah!... a prediución... a prediución "perderás as persoas que máis ames... e ese fillo matará ó seu pai"... cumpriuse... cumpriuse — e caíu desmaiada riba do conde.

— Eu soño —escramou Rodrigo— eu soño... que dixo... que dixo esta muller... a prediución... eu matar ó meu pai... sí... eso dixo... pai, pai... e lanzándose sobre Lope pousou nos seus lívidos beizos seus lábeos de rosa cal si lle quixese dar nova vida.

Por un istante creeu que iba a soceder.

Lope no medio da súa agonía incorporouse e batuxando coas maus como si quixera espantar unha horribre visión, gritou: — Maldi-

tos, malditos os fillos do pecado —e caíu morto.
Cando Rodrigo se levantou tiña os cabelos brancos e o seu xuvenil rostro volvérase vello.
De súpeto soltou unha carcaxada seca, nerviosa, e botou a correr marmullando... maldito ... maldito; a prediución cumpriuse.
O infeliz volvérase tolo.

Contos, leendas e tradiciós[1]

(1891)

[1] Como xa adiantabamos nos Criterios de edición, seguímo-la edición en libro: Ourense, Imprenta de El Eco de Orense, 1891.

¡NAI!

Da garimosa nai no doce seo,
pró curazón que cos delores morre,
deixounos Dios a sucursal do Ceo.

El é de amor inespugnabre torre
na cal non ten o esquecemento entrada
nin nada hai que o seu cariño borre.

Ou miña nai, naiciña ben amada,
canto che diga é pouco pra alabarte,
¡teño un corpo e unha alma pra adourarte
mais pra pagar o que che debo... nada!

1890

¡OURENSIÑO, MEU OURENSE!...[2]

Ourense, feitizo dos mortales, niño dos meus amores, ¡canto te eu amo!... Aí estás, meiga da fermosura[3], cibdá bendita, cal pomba durmindo entre cheirosas froles, e arrolada[4] polo Miño que manso corre polos teus pés. Ourense... Ourense, que estranías sinto lonxe de ti, de ti, nai garimosa, berce dos meus ensonos, testigo dos meus xogos infantís[5], garda dos meus máis caros sentimentos, ispiradora das miñas risoñas esperanzas[6], lembradora das miñas tristuras e esconsolos...

Aí[7] neses amañeceres que ti tan solo tes, neses amañeceres en que todo é poesía, sono mil veces.

Aló cando as brétemas da noite van fuxindo e o sol aparece cheo de preguiza dourando a cume[8] dos altos picoutos, e temboroso[9] mirándose nos barulleiros regatos e nas craras fonteliñas[10], en tanto que centos de paxaros saúdan o novo día con cántecos de amor, mezcrando seus harmoñosos[11] gorxeos co balar medoñento das ovellas e enfinidá de marmurios misturados e confusos que enchen a ialma de felicidá e o corazón de dicha.

Neses amañeceres[12] sobrimes e incomparabres que ti solo tes, foi onde comencei a sentir, foi onde conecín que ó meu peito faguía falta un *algo* que non podía definir, ni comprender[13].

---

2 Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeo 468, 20 de febreiro de 1887, pp. 1-3.

3 Ai, esta meiga de hermosura (*TM*).

4 arrombada *(TM).*

5 infantiles *(TM).*

6 ispiradora das máis risoñas espranzas *(TM).*

7 ¡Ai! *(TM).*

8 a cima *(TM).*

9 tremboroso *(TM).*

10 límpidas fontelas *(TM).*

11 harmoniosos *(TM).*

12 Pois ben, neses amañeceres *(TM).*

13 faguía falta un *algo* que encher que non podía definir, nin comprender *(TM).*

Nas túas romaxes e fiadas, ó son da célteca muiñeira, entre o ruído dos foguetes que axordan cos seus estralos ó mesmo tempo que feitizan a vista, entre os ecos dos parrafeos e as copras, ante aquelas endiañadas mulleres que co seu dengue de grana e a súa poliña de albaiaca, pasaban ante min cal bolboretas, xa tecendo e destecendo nas rodas da muiñeira, semellando como cando as galiñas van fuxindo do galo que lle fai a roda, ou xa nos puntos da jota, ou nos brincos da carballesa, mirándome con aqueles ollos nos que se ve mezcrado lumeadas de inocencia e pudor con labaredas de amor, e sourrindo, sempre sourrindo con aqueles beizos húmedos que somellan a corola dunha frol húmeda polas pingas de orballo, con aqueles beizos cuio recordo inda me fai batuxar a sangue a vorcalladas e arrepiar o corpo...[14] alí, alí, foi onde conecín que topara o que me había de encher aquel *algo*, alí foi onde escomencei a amar...

E por fin, pra che demostrar que en ti aprendín todo, cando nos apardeceres contempraba aquel sol que se iba pouco a pouco cal si traballo lle costara[15] o marchar das túas encantadoras ribeiras, cando ouvía o canto do reiseñol que vela o sono da súa noiva en tanto que os outros paxaros pían dende os poleiros, e cando sintía entre o renxer dos carros, o cantar dos grilos e o xumiar do vento que fai desprender das alboredas dolces queixumes, cando sintía ó lonxe os vagos ecos dun alalá... dese canto indescriutibel que xa parece que celebra as dichas como que chora as coitas mezcrándose ca voz dorida das campanas da ermida que tocan as oraciós...[16] estonces a

---

[14] raxas de inocencia e pudor con labaredas de amor, pero dese amor voluptuoso e enervante, dese amor ardente e cheo de molicie que solo saben sentir os corazóns das ourensás, quentes (os corazós) como as augas do seu pobo, e sourrindo, sempre sourindo con aqueles beizos de sangue, con aqueles beizos húmedos que semellan a corola dunha frol húmeda polas pingas do recío, con aqueles beizos cuio recordo inda me fai correr a sangue a vorcalladas e arrepiar o corpo... *(TM).*

[15] custara *(TM).*

[16] cando sinto entre o renxir dos carros o cantar dos grilos e o xumiar do vento que fai desprender das alboredas dolces queixumes, cando sinto ó lonxe os vagos ecos dun alalá... dese canto indescriutibre que xa parece que celebra as dichas como que

miña ialma, elevándose a rexiós desconocidas, comprendeu que había un Ser superior e outra vida distinta e aprendeu a ter forza pra chorar as coitas e os desenganos...

¿Pero pra que recordar tempos que xa non volverán? ¿Pra que recordar aquelas noites de branco luar e aquelas tardes de vran[17] en que a miña chola de neno se enchía de ilusiós e risoñas esperanzas? ¡Probes ilusiós! Pasouvos o que lle pasa ás follas, que dempois de lle dar galanura ó albore, vén ó vento e por premio azoutas polo bulleiro, ¡así a vós, o vento do desengano foivos levando a todas[18]! ¡Inda son cuase un neno e xa pouquiñas quedaron!...

Ourense, meu Ourensiño, ó pensar en ti sinto pracer e door ó mesmo tempo.

¡Que feitizada eres e que linda, cibdá bendita!

Parece que estás gravada na miña mente, pois sempre te recordo. Recrinada en frondosos viñedos, nos que se ven casiñas brancas cal pombas, dormes ou sonas.

Pareces un ramallo de cheirosas froles fantasioso[19] mirándose nas augas das fontelas, ou un brilante caído da coroa da Virxen, que as nereidas do Miño apreixaron[20] en esmeraldas sementadas de pelras e rubís, que tal parecen os teus temborosos[21] e frescos lameiros e as túas recendentes[22] campías bordadas con brancas e roxas froles.

Os catro ríos que te cercan, formando coro cos miles de regatos e fontelas, parece[23] que che dan seranata[24] ou que te adormen.

---

chora as coitas e dempois a voz delorida das campás da ermida que tocan as oraciós... *(TM).*

17 vrau *(TM).*

18 cuase a todas *(TM).*

19 Paresces un ramallo de odorentes froles, coquetón, mirándose... *(TM).*

20 engarzaron *(TM).*

21 tremborosos *(TM).*

22 embalsamadas *(TM).*

23 paresce *(TM).*

24 serenata *(TM).*

Por un lado o xoguetón do Loña formando bulidoras cascadas cubertas con riscadas brondas[25] e espumosos encaixes[26] esvarando de laxa en laxa, e de penedo en penedo, enfiando[27] as augas polas brilantes areas, xumiando xordamente e ocultándose de vez en cando pra logo aparecer máis brilante, descompoñendo a luz en mil coores, hasta[28] que vai morrer ó Miño maxestuoso, que cal anguía de niquel corre silencioso, quizais cheo de fantesía por levar no seu seo o ouro que lle regala o Sil, ou quizais por non te despertar vai caladiño mirando as feitizadas[29] ribeiras, nas cales se prende cal si quixese quedarse, e formando multitú de isliñas hasta que se perde polo Ribeiro, por aquel país celestial que cría mulleres cal anxos[30], daquel país cuia fermosura[31] canta en sentidas trobas o xílgaro de San Clodio, o ispirado vate Eladio Rodríguez[32].

Polo outro lado cínguente[33] os dous ríos do Polvorín, que esvarando[34] entre cheirosas froles, baixo bóvedas de alboredas[35] formadas por altos amieiros que entretexen a porfía as silveiras e os xazmís,

---

25 rizadas blondas *(TM).*

26 encaixes de nítida brancura *(TM).*

27 filtrando *(TM).*

28 astra (en tódolos casos) *(TM).*

29 seductoras *(TM).*

30 anxes *(TM).*

31 hermosura *(TM).*

32 Eladio Rodríguez González (San Clodio-Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1949). Colaborador de xornais e revistas como *Revista Gallega* e *Galicia.* Como poeta acadou varios galardóns en diferentes certames coas composicións "Os orfos da emigración" (Betanzos, 1887), "Desperta" (Tui, 1891), entre outros. Publicou dous volumes de versos: *Folerpas* (1894), e *Oracións campesiñas* (1927). Foi ademais un dos membros fundadores da Academia Gallega, secretario durante sete anos e presidente dende 1926 a 1934, e autor do *Diccionario enciclópedico gallego-castellano* publicado trala súa morte entre 1958 e 1961. (Vid. Dolores Vilavedra (coord.), *op. cit.*, pp. 524-525). Heraclio Pérez Placer dedícalle o relato "Chinita" de *Contos da terriña.*

33 cínguente amorosos *(TM).*

34 deslizándose en *(TM).*

35 baixo bóvedas de perfumadas frondas formadas... *(TM).*

as madreselvas e as cepas, véñense a reunir mesmo beira das túas casas pra formar o marmurador Barbaña...

¡Ou! ríos do Polvorín, ríos queridos, alí onde vos xuntades[36] formando unha especie de peninsuliña, alí naquela humilde chouza e naquela pequena horta, na que parece se deron cita tódalas froles dos xardís e tódolos paxaros do mundo, alí foi onde eu nacín, alí onde me arrulou a nai do curazón[37], alí onde conecín á pormeira muller que amei, alí... pero ¿pra que seguir, si cando me bañaba nas vosas craras augas[38] conteivos tódolos meus sacretos?...

Vós tamén sodes o símbolo dos homes.

Corredes tranquíos polos verdes campos[39], brilando as vosas augas entre as herbas tremborosas e sourrindo con brando rumor hasta chegar ó pé da cibdá, estonces os teus lindos cristaes, esnaquizándose no rodicio[40] dos muíños, retórceste con furor, ximes con angustia, empórcaste nas inmundicias da vila e a túa fermosura desaparece pra sempre...

Así lle pasa ó home, vive tranquío[41] na súa infancia no medio das froles da inocencia, pero a penas adoescente[42] rasga o velario que lle encobre a sociedá, esnaquízanse os cristaes[43] das súas ilusiós, retórcese de impotencia e de door, xime de angustia e desesperación, e pouco a pouco vaise embulleirando nos vicios e pasiós, pra xa nunca máis recobrar o candor e a pureza da infancia...

Pero volvamos atrás, os dous ríos do Polvorín cínguente polo outro lado, un vén de cerca, e o outro vén das llanuras do Limia, cuios

---

36 xuntandes *(TM)*.

37 corazón *(TM)*.

38 límpidas augas *(TM)*.

39 Correndes tranquilos polos verdes campos e as odoríficas froles, brilando... *(TM)*.

40 os teus lindos cristales esnaquízanse no rodacio... *(TM)*.

41 tranquilo *(TM)*.

42 adolescente *(TM)*.

43 cristales *(TM)*.

romaxes e tradiciós nos fai conocer[44] ó xoven e simpático[45] poeta Manuel Núñez[46], e dempois de dar mil voltas e revoltas xúntanse[47] co outro, e formando o Barbaña, veñen morrer ós teus pés.

Ourense, Ourense, pátrea de Feixoo, é tanta a túa galanura, inspiras tanto cos teus encantos, que de ti saen poetas a centos. Si canta as túas penas e esconsolos Carvaxal, aláudate e aléntate Ferreiro, en tanto que a bellísima Filomena chora dende Madril por non estar xunto a ti.

¡Salve, salve cibdá das Burgas, ninfa do Miño! Non soilo son eu a cantarche, outros sin ser teus fillos che cantarán tamén.

Fai dous anos, nunha das túas brancas casas reuníanse cinco rapaces, dos cales o máis vello contaría dazanove[48] anos; alí ensaiábanse os seus probes versos, e sós[49], sin axuda de naide, correxíanse uns[50] ós outros como podían.

Deses, non sendo un, xa son todos conecidos en Galicia, dous xa son redautores de ilustrados periódicos, e un xa foi premiado[51] nun certame[52] literario; pois ben, eses que en ti sintiron a pormeira ispiración, ¿cres ti que non festexarán[53] a túa belleza singular?...

---

44 conecer *(TM)*.

45 simpáteco *(TM)*.

46 Manuel Núñez González (Vilardevós, Ourense, 1865-1917). Publicou moitas das súas poesías en *O Tío Marcos da Portela*, asinadas co seu nome ou co pseudónimo *Ma-Nu-Gon* como "Alborada", "Os amores da terriña" ou "Aurora dun puro amor". Publicou tamén en *El Galiciano* a lenda "A namorada cautiva", recollida xunto a outras producciós do autor no volume *Salaios. Versos gallegos* (1895). En castelán publicou a monografía *La poesía popular gallega* (1894), premiada en Pontevedra en 1892, e o volume de versos *Efusivas* (1908). Foi membro de número da Academia Galega e morreu antes de le-lo seu discurso de ingreso. Cultivou as formas cultas e algúns temas costumistas xunto a outros propios do romanticismo tardío. (Vid. Dolores Vilavedra, *op. cit.*, pp. 412-413).

47 Falta este verbo *(TM)*.

48 19 anos *(TM)*.

49 soilos *(TM)*.

50 unhos *(TM)*.

51 premeado *(TM)*.

52 certamen *(TM)*.

53 celebrarán *(TM)*.

Adiós, adiós, dende[54] eiquí lonxe, envolto nestas brisas[55] que pasan xogando cos meus cabelos e bicando as miñas páledas[56] meixelas, che mando centos de salaios[57] que a túa ausencia me arrinca o curazón[58], pero antes vouche a contar o que me dixo un ánxel ó tempo de en ti pensar: "Fas ben, fillo de Ourense, fas ben en lle cantar, porque é a obra maestra que Dios ten de reserva pra cando os ánxeles e os santos se cheguen a cansar dos pensiles celestiales"...
¡Ourense, meu Ourensiño!...

Ávila, 1884.

---

54 desde *(TM)*.
55 auras *(TM)*.
56 pálidas *(TM)*.
57 sospiros *(TM)*.
58 me arranca do corazón *(TM)*.

CORPO SIN ALMA[1]

atroz sarcasmo
de un Dios infame, que a traición se burla.
O. Wallin[2]

I

¡Que ben tocaba! ¡En sete légoas á redonda non había quen repinicase as campás millor que el!
Parés que como o Quasimodo de Viutor Hugo, tamén el se había namorado delas, asegún o modo que tiña de tocalas.
Faguías mesmamente falar, e en verdá que non era extrano[3], porque criado dende pequeniño na casa do señor abade, a eirexa foi onde pasou o tempo, e as campás os seus xoguetes.
A nai del decía que era parenta do crego, por máis que a xente marmulease unha chea de desvergonzas, e que se botase a rir cando o rapaz lle chamaba señor tío. Faladurías da xente.
Hoxe como a súa nai se entagarañou das pernas, vive con ela nunha chouza, na que van vivindo gracias ós auxilios do crego, e co pouco que el gana de sancristán da parroquia.
Polo demais Ánxelo, este é o nome do dito sancristán, é un bo rapaz en toda a estensión da palabra.
O dito de bon rapaz, enténdese naturalmente que se di referíndose ó seu moral.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeos 240, 241, 242, 244, 5 de agosto de 1888, 12 de agosto de 1888, 19 de agosto de 1888, 2 de setembro de 1888, pp. 4-5, 3-5, 4-5, 4-5, respectivamente. Leva como subtítulo "Novela" que no libro non aparece. Falta tamén a cita inicial.

[2] Johan Olof Wallin (1779-1839), poeta e prelado sueco, nomeado Arcebispo de Uppsala en 1837. Consagrouse á poesía relixiosa e elaborou un *Libro de cánticos* (1839) para a igrexa sueca, no que ademais de recoller cantos antigos compuxo moitos da súa man. A súa poesía profana está recollida no volume *O anxo da morte* (1834). Esta mesma cita aparece, tamén como encabezamento, nun dos capítulos da novela *Belial*. (Vid. *Dictionnaire historique, thématique et technique des Littératures*, *op. cit.*, 1990, vol. II, p. 1771).

[3] estrano *(TM)*.

En canto ó físico non é desgraciado de todo. Si non fora, como din as mociñas da vila, si non fora por ese aire mariqueiro que ten, inda se lle podía chamar goapo. Alto, mui alto, pro tan endebre, que parece[4] unha desas prantas esfianchadas, que medran á sombra entre as paredes dun convento.

Anque algo cargado de ombros, a súa estatura disimula[5], e ten un corpo bastante garrido, que ten por remate unha cabeza pequena e ben cortada.

O seu carís non ten nada de particular, a non ser unha nariz un pouco longa, enriba dunha boca fruncida sempre por un xesto de delor, e unhos ollos pardos, grandes, fermosos, cunha mirada tan melancóneca e tan doce que non tiña un máis remedio que sintir simpatías por el.

Pro a gran virtú que ten Ánxelo é o cariño que lle porfesa á nai, aquelo xa raia en idolatría, cóidaa e arróupaa coa tenrura cunha nai llo faría a un fillo.

Na época que nos ocupa xa é un home feito e pronto acabará a carreira de crego, que o señor tío lle costea.

Non é filiz nin desgraciado.

Cando era pequeno, un día que viña do monte, dixéronlle que o tío o chamaba e foi onda el, anque non de mui boa gana, porque, eso sí, o señor abade tiña un xenio como un can e anque o respetaban, todos lle tiñan un medo que non é pra contalo.

Cando chegou á habitación do tío, paseábase este dun lado pra outro, coas mans[6] botadas pra atrás, e con elas cruzadas enriba da res[7], e tan preocupado andaba que nin xiquera lle contestou ás boas tardes con que o saudou.

Ánxelo quedouse parado na porta e alí se estivo dándolle voltas á gorra entre as maus[8] e contemprando xa á súa nai que nun rincón da

---

4 paresce *(TM)*.
5 disimila *(TM)*.
6 maus *(TM)*.
7 das res *(TM)*.
8 mans *(TM)*.

estancia estaba, coberta co mantelo de picote pola cabeza e que non daba un chío por máis e máis señas que lle faguía[9], ou xa contemprando a sotana do señor crego.

E en verdá que era moita sotana aquela, a penas si había anaco que non tivese seu lamparón.

Si se cocera nun pote de fixo que daba ela sola máis grasa que lle botan ó caldo tódolos feigreses da parroquia nun ano enteiro.

De súpeto o señor abade parouse e, sacudindo a chola, dixo:

— Vamos a ver, Rosa, ¿ti queres co teu fillo sea crego?

—Señor —dixo esta toda trembante— eu... xa ve...

— Caráspeta, acabarás dunha vez, ¿sí, ou non? Os gastos e o demais corro eu con eles.

— Si é así... entón... bueno...; pro haberíalle que perguntar ó rapaz, porque se non lle tira a idea...

— Ánxelo, ¿queres ser crego ou non? —dixo o tío con descompasada voz e dirixíndose cara ó rapaz que escoitaba todo asustado.

Ánxelo calou por un anaco, pro no seu maxín de neno debeu faguer comparanza entre a cómoda casa dos cregos[10] e a chouza miserable[11] dos labregos, e entre a vida dos unhos e dos outros, porque ó fin, contestou que sí.

¡Que sabía o coitado! Non se falou máis, dende aquel momento quedou concertado que sería crego, e así foi que a penas estivo en disposición de comenzar os estudios, dedicouse a eles.

Así foi pasando o tempo sin ter outras diversiós que as funciós de eirexa e as angueiras en que axudaba á nai.

Probe naiciña, solo por ela deseaba ter a carreira concruída pra que descansase a probe, pois o abade anque lles daba algo era tan tacaño que pasaban mil privaciós e mil traballos.

Pro cando vén a desgracia nunca vén sola.

---

[9] facía *(TM)*.

[10] curas *(TM)*.

[11] miserabre *(TM)*.

Un día a nai tomou un refriado e quedou varada das pernas.
O cariño que lle tiña Ánxelo en vez de disminuír aumentou, e o probe fixo verdadeiras heroicidás de amor filial.
Namentres a naiciña estaba sana, el era quen faguía as cousas da casa, pero agora había que se valer das presoas da fóra.
En tocantes á comida e demais angueiras da casa, inda el se fora inxeniando como podía, non sin que de vez en cando unha veciña lle botase unha mau.
Pro había que remendar e surcir a roupiña branca e non houbo máis remedio que chamar unha costureira.
Ben é verdá que se lle poido dar a roupa pra súa casa, pero a tía Rosa quería ter a costureira xunto a ela pra lle dar as direuciós.
A costureira foi, pois, chamada, e unha mañán cedo co dedal no dedo e a tixeira pindurada na cintura alí se presentou.
Era a primeira muller que, non sendo a nai, viñera prá casa.
Probe Ánxelo, non se deprocataba el da infruencia que había de exercer na súa vida.

II

Á costureira chamábanlle Frolinda, e Dios no máis seductor[12] ensono, non poido faguer cousa máis fermosa.
Aquela cara facía derreter a neve coa envexa, e aqueles ollos azúes somellaban dous lirios do regato ou dúas froles do liño[13].
Aqueles beiciños roxos parescían as doas do cabrinfollo, ou ben ramallo de caraveles, entre os cales gorxeaba un reiseñor[14] aculto.

---

12 sedutor *(TM)*.
13 lino *(TM)*.
14 reisiñor *(TM)*.

Pro era dun caráuter tan vergoñoso e tan tímido que se acovardaba por calquera cousa, e calquer milindrinada a facía chorar.
Ánxelo, abofellas que nunca lle mirara pró carís[15] a unha muller, así foi que se quedou parvo cando notou que non todas a tiñan engurrada e negra como a nai.
Aquelo foi un meigallo que lle botaron ou unha mala fada.
Pro o demo, dendes que veu o xuncras da costureira prá casa non dorme nin acouba, anda dun lado pra outro, sin saber o que fai.
Cando axudou ó tío a decir misa, por pouco non lle rompe a cabeza co hisopo por lle botar auga no cáliz e en cámbeo lavarlle[16] as maus con viño.
O gandaineiro, seica botaba as contas que lle bastaba o que bebía polo día endiante. Pro o pior é que sentía unha labareda de fogo que lle rubía polo corpo e que parés que o queimaba.
Non había que lle dar voltas, aquelo era o demo e de nada lle valía o que pasase horas e máis horas de xinollos na eirexa. Ademais non por estar na eirexa atopaba millor aquela soedá.
Aqueles rincós escuros e misteriosos falábanlle de non sei qué, aquel cheiro, mezcra de incenso e de pábilos das velas e sobre todo aquel olor, que astra entonces nunca notara e que agora lle arrecendía por enriba dos outros, aquel olor a muller que as señoritas da vila deixaban tras de si, anque non era máis que dos polvos de arroz e doutros mexurxes polo estilo, a el facíalle espertar deseos e pasiós astra estonces pra el desconecidas.
Dempois, medio tolo, saía da eirexa pro non iba xa como antes cos ollos baixos, sinón que ben miraba pra todas partes.
E entón ó ver aquelas parexiñas de namorados aconchegados contra os rincós viñaselle ás mentes que o rapaz ben podía ser el e a rapaza Frolinda.

---

[15] prá cara *(TM)*.
[16] lávalle *(TM)*.

Non había que lle dar voltas, era o demo que se lle metera no corpo.
Chegaba a casa e andaba, andaba dando voltas ó redor da costureira, cal andan as avelaíñas ó redor da lus, e dempois íbase pró corredor en busca da soedá. Pro alí tamén andaba o meigallo.
Aquel olor que rubía dos bonigas inda quentes, aquel alento húmedo dos animaes e das cortes, e aquel tufo que desprendían os burruallos[17], púñano[18] fóra de si e alritáballe os nervos.
Pro alí no medio do corral, aquel condanado daquil[19] galo botándolle as poutas[20] por riba do lombo ás galiñas, aqueles cacarexos e aquelas cofeaduras facíanlle arripiar o corpo.
Pro o que máis enrabiaba a Ánxelo era que ó acabar, e dempois de sacudir as prumas, púñase a cantar de cara a el botando un cacaracáaa de satisfaución con que parés que lle facía a bulra[21].
Así pasaban os días e cada un deles parés que traguía[22] ocasiós pra aumentar os sufrimentos[23] de Ánxelo.
Xa era o dedal que se lle caía á costureira e que o baixarse os dous a collelo topeñaban coa cabeza, xa tiñan que incorporar a vella, e naquela operación estaban os dous xuntos, xuntiños, e en fin por este estilo outra porción de cousas.
Polas tardes era un verdadeiro martirio. Aquelas tardes ardentes e abrasadoras en que as prantas medio muschas dobraban a cabeza e os paxaros atafegados a penas si chiaban nas alboredas, a Frolinda co pano medio solto e a corcheta da chambra desabrochada[24], deixaba ver un peito branco, sudoroso, trembante, con dúas pelas de manteiga, ás que a respiración facían bambear e que volvían tolo ó

---

17 aquel alento húmedo que desprendían os animaes e as cortes, e aquel tufo que desprendían os barruallos *(TM)*.
18 púñao *(TM)*.
19 aquel *(TM)*.
20 patas *(TM)*.
21 facía a burla del *(TM)*.
22 buscaba *(TM)*.
23 sofrimentos *(TM)*.
24 desbotonada *(TM)*.

sancristán, que paseando cun libro na mau facía que estudiaba cando en realidá non facía máis que mirar prá súa costureira.
Por outra parte a ela non lle debía el de ser indifrente, posto que tamén o miraba de vez en cando.
Por fin chegou o últemo día de costura, que todo neste mundo chega, pro polo mesmo que era o últemo, había que deixar todo revistado, e nunhas cousas e noutras botouse a noite encima.
A costureira vivía nun pobiño algo lonxe[25] da vila, e anque non era moita a distancia, non era custión de deixala ir soila[26] a aquelas horas.
En secuencia, Ánxelo foi na súa compaña.

III

A noite non podía ser máis fermosa. A bris[27], saturada cos arrecendentes cheiros que o val lle rouba, xogaba trouleante entre as follas dos álbores, desprendendo debles e apagados rumores que se mezcraban[28] con eses ruídos confusos e misteriosos, con eses concertos das montanas[29], e esas vagas harmunías que se desprenden das augas, dos bosques e da terra. Do ceo caían refrexos prateados que esvarando polos álbores[30] embaixo dábanlle un aspeuto imponente e maxestoso. En fin era unha desas noites própeas pra sumir en éstasis arroubador a ialma dun poeta ou dun artista.

---

25 distante *(TM)*.
26 sola *(TM)*.
27 brisa *(TM)*.
28 mezcran *(TM)*.
29 montañas *(TM)*.
30 arbres *(TM)*.

Ánxelo e máis Frolinda camiñaban un ó lado doutro sin falar unha palabra.

A el rebulíalle unha idea na chola pro non sabía como se espricar, astra que de súpeto, cal[31] si tomara unha resolución, prantouse no medio do camiño.

Frolinda ó velo parar tamén ela se parou e mirouno con estranía.

— ¿Sabes unha cousa, Frolinda?

— Si non ma dis.

— Pois... pois, que eres mui fermosa, dixo Ánxelo sin saber por onde romper.

— ¡Ave María Purísima!... Seica tes gana de leria... ¿e pra eso páraste?... o conto non che é pra menos, seica me queres levar de ama.

— Si non é de ama pódote levar de muller, dixo Ánxelo xugando o todo polo todo.

Frolinda calou, pro o encanto estaba roto, e tras un día veu outro e pronto entre os dous se estabreceron íntemas relaciós.

Pro Ánxelo non se estrevía a decirlle ó tío que quería prantar a carreira, e un día deixábao pra outro, e sempre así.

Máis chegou o caso de que xa non podía seguir así por máis tempo.

IV

Unha noite estaba Frolinda soila na casa e Ánxelo rubiu xunto ela.

Goapa ela, cheo de deseios el, era o trasgo quen dispuña as cousas[32].

Pro Frolinda resistíase, e el cada vez a apreixaba con máis forza e cos beizos trembantes bicábaa ó tempo que a envolvía cun alento

---

31 como *(TM)*.

32 Goapa ela, cheo de deseios el, própeo o sitio, tentadora a ocasión, era o trasgo quen dispuña as cousas *(TM)*.

cálido e luxurioso. Frolinda xa non podía resistir e medio esvaída caía nos brazos de Ánxelo, cando unha racha[33] de vento axitou o crucifixo que pinduraba beira da cama ó mesmo tempo que un raio de lúa, caíndo riba del, o faguía brilar.

Entón Ánxelo creu que o Señor enrabexado[34] o miraba, e tolo, soltando a rapaza, escapou sin cumprir os seus deseos e botou a correr a través dos campos.

Por fin o aire da noite refrescou a súa chola e entón poido refleusionar[35].

Era perciso evitar ocasiós como aquela.

Ó outro día, a penas foi hora, tímido pero disposto a todo, presentouse na casa do señor tío e sin máis como quen di "eí vai eso" espetoulle ó bo do señor crego todo o que lle saíu de adentro[36].

O tío quedou parvo e póndose as antiparras[37] miraba como aquel astra entonces[38] menguiñas falaba e mais falaba de amoríos.

Sin dar un chío tan xiquera deixouno falar un bon anaco, pro cando máis entusiasmado[39] estaba, sinte riba das costas unhos batelazos que lle fixeron baixar o lombo e o crego coa sotana remangada e un pau na mau lle berraba:

— Anda, galopín, anda; que eu che darei os amoríos; non queres ser crego pois anda a gañar[40] o pan pra ti e pra túa nai, e marmuleando por este estilo deulle coas portas nos fuciños.

Ánxelo bufaba, e sin deixar de andar a présa volvía a cabeza de vez en cando prá reutoral.

---

33 ráfaga *(TM)*.
34 enfurecido *(TM)*.
35 refreusionar *(TM)*.
36 de adrento *(TM)*.
37 gafas *(TM)*.
38 entón *(TM)*.
39 antusiasmado *(TM)*.
40 ganar *(TM)*.

Faguía como os gatos que lamben o fociño cando lle quitan a tallada da boca.

Naquel mengas que astra entonces non fixera outras xudiadas que beber o viño das vinaxeiras e papar as hostias, rebulíalle a sangue de indinación ó ver que o trataban a paus como si fose un chiquillo.

Non, si non fora quen era, habíallas de pagar ben caras.

Que se figuraba o porco do tío, que a el lle había de faltar traballo no país, xa lle ensearía[41] que el era abonado pra ganar canto necesitase; vaia, vaia, promeiro morrería que volver xunto el.

Pro as contas non lle saíron como pensaba.

Aquel corpo endebre e esguiciado[42] non afeito ó traballo, nin resistía os ardores do sol, nin os seus brazos podían manexar a aixada, e tivo que disistir de traballar como xornaleiro.

Oficio non sabía[43] ningún, e por outra parte o tío co gallo de que volvese ós seus estúdeos traballaba por baixo de mau pra que non lle desen traballo en ningures.

Así pasou algún tempo; os míseros aforros que había acabáronse, os veciños cansáronse de dar, e a miseria chamou á porta.

Ánxelo quitaba os anacos da boca, pra llos dar á nai, pro chegou un momento que nin unha códea tiña.

A fame ceibouse no corpo da probe enferma, e a frebe e o delor puxérona[44] ás portas da morte.

No medio do seu delirio berraba por pan e acusaba o seu fillo de llo roubar, dempois calmábase e con voz prañideira berraba a Ánxelo que llo trouxese.

Aquelas noites, sin lume na lareira, sin caldo o pote, sin luz a casa, era un inferno pró probe Ánxelo que coa cabeza apoiada nas maus xumiaba nun rincón ó tempo que as bágoas lle escorrían pola cara embaixo.

---

41 ensinaría *(TM)*.

42 esguniado *(TM)*.

43 sabío *(TM)*.

44 púxoa *(TM)*.

Nunha delas xa non poido resistir máis, e medio tolo saíu da casa e dirixiuse á de Frolinda.

Beira da porta baixo un parral había un asento de pedra, no cal acostumaban a parolar os dous novios[45].

Faguía días que non iba e polo tanto Frolinda non estaba alí esperando, ó menos así o pensaba el.

Mirou e non a viu, as bágoas cubríanlle os ollos, e as pernas trembeleábanlle tanto que caíu de xinollos.

Adiós Frolinda... adiós pra sempre, tu eras a úneca ilusión da miña vida e o destino lévame de xunto a ti.

Vinte e ameite, e cando xuntaba as pallas pra faguer o niño, a miña sorte maldita esborrallando dun sopro meus ensonos, dime: "ou túa nai, ou Frolinda".

E eu que hei de facer, ti[46] non quererás ó fillo que deixa morrer de fame á súa nai... ti non saberás o sacrificio que fago, e culparasme... adiós, adiós pra sempre, pomba adourada.

—Adios, Ánxelo —dixo unha voz triste e aguniante— consuma o sacrificio, que eu... eu... sempre te amarei: e a probe Frolinda que tal era a que alí estaba e que Ánxelo non vira, caíu desvaecida ós seus pés.

Amañecía; os paxaros chirlaban docemente e os veciños da aldea entreabrían os pechos corredores.

Ánxelo botoulle unha ollada a Frolinda, cinguíuna contra o peito, bicouna con frenesí e botou a correr de cara á reutoral.

Ó pasar pola súa casa guichou pola entreaberta porta e ouviu que inda a nai seguía berrando por pan.

Correu, correu sin parar á casa do abade e consentiu en todo con tal de lle levar alimento á súa naiciña.

Aquela noite a tía Rosa, roía pan fresco, o abade frotaba as maus con satisfaución, e en cámbeo dous nenos co corazón desfeito, pasaron a noite pidíndolle a Dios que os levase pra onde a si...

---

[45] noivos *(TM)*.

[46] tu *(TM)*.

V

As campás repinican[47] alegremente, os foguetes cos seus estrondos anuncian que é festa, e a gaita maina, mainiña, deixa ouvir con dozura as máis gratas melodías.

Da casa do crego saía[48] lúcida comitiva e vai de cara á eirexa.

No medio dela, rodeado por alegres compañeiros, vai un home, cuase un neno, que coa cabeza incrinada sobre o peito parés que o levan ó patiblo. De vez en cando obrigado polos amigos, non ten máis remedio que botar unha sourrisa, pro ó mesmo tempo rebúldánlle as bágoas nos ollos.

Calquera que se fixe un pouco reconocerá[49] nel o antiguo sancristán da parroquia[50], ó probe Ánxelo. Non é o mesmo mozo de antes; o seu carís de adoescente[51] vese surcado por prematuras engurras e as súas xuveniles meixelas están muschas cal as dun vello. Vai decir a pormeira misa e de aí por qué son as bombas e os foguetes, pois o señor abade ó ver que conseguiu traer á corte[52] a descarriada ovella, bota a casa pola ventana.

As xentes do pobo saúdano[53] ó pasar, e ó velo sourrir cren que é filiz. ¡Probe Ánxelo, vai prá eirexa como a ovella pró matadeiro!

A comitiva chegou á eirexa, o padriño colleuno pola mau e todos entraron drento.

A múseca calou, calaron as campás e o fogueteiro parou.

A misa empezaba. Ánxelo de volta á xente sentía trembelear o corpo e as bagullas, cegándolle os ollos iban esvarando, esvarando polas páledas meixelas astra caír pola dourada capa.

---

47 repinicaban *(TM)*.
48 sai *(TM)*.
49 reconecerá *(TM)*.
50 parróquea *(TM)*.
51 adolescente *(TM)*.
52 ó aprisco *(TM)*.
53 saúdao *(TM)*.

Chegaron a Santos, a folla do misal deu a volta e ante os ollos de Ánxelo apareceu o Cristo.
Trémolo, palpitante caíu de xinollos, pareceulle que lle botara unha mirada de compasión.
Emocionado, casi sin forzas, seguiu a misa crendo a cada paso que iba a caír[54] desfallecido.
Chegaron a alzar; a voz do órgano, grave e imponente, perdíase polas bóvedas do tempro e resoaba melancóneca[55] cal queixido de agunía.
Ánxelo colleu a branca roda que representa o sacrificio do Señor, e ergueuna cara ó ceo.
De súpeto ouviuse un berro doído, aguniante, e unha muller que nun rincón xumiaba caíu ó chau desvaecida.
A ouzar aquel berro Ánxelo sintiu que o curazón[56] se lle desfaguía e a penas mirou, tivo que apoiarse contra o altar pra non caír ó chau.
Naquela muller, que medio morta sacaban da eirexa, había reconocido[57] a súa Frolinda.

VI

É[58] de noite, todo está en silenzo, a chuvia azouta[59] os cristais das vidrieiras e o vento fai xemir as derrengadas portas.
A tía Rosa morre e non hai remedio que salvala pódia. Ánxelo, de xinollos[60] ó pé da cama, bica unha mau da moribunda nai e esconsolado chora.

---

54 caer *(TM)*.
55 melancónica *(TM)*.
56 corazón *(TM)*.
57 reconecido *(TM)*.
58 Era *(TM)*.
59 azoutaba *(TM)*.
60 de rodillas *(TM)*.

Entre os queixidos do vento, óuzase de vez en cando o canto agoreiro da curuxa e o lúgubre[61] ouvear dos cas.

De súpeto, rompendo o medroñento silenzo da noite, a campá da eirexa anuncia con pausada voz, o fin dunha eusistencia.

Aquel toque de agunía, sin saber por qué, fai estremecer a Ánxelo. Sin podelo remediar asómase á ventana e o promeiro que pasa, pergúntalle por quén tocan.

— É por Frolinda a costureira —contéstalle unha voz.

Non ouviu máis: páledo, cos ollos estraveados, perdeu os sentidos e caíu riba do leito da súa nai.

Si non houbera perdido o sentido conocería[62] ó caír que en vez de nai, tiña un cadavre...

Ó outro día as campás da eirexa dobraban sentidamente.

No camiño do cimeterio topáronse dous enterros. Eran o de Frolinda e o da tía Rosa, que ambas camiñaban xuntas.

Na ventana dunha chouza, hai un home no cal se ve[63] o contraste que forma aquela cara xuvenil con aquelas guedellas brancas.

— Adiós canto eu amei —di ó ver aquelas caixas xuntas— De vós soilo queda neste mundo o corpo, pois xa as almas fuxiron pró ceo. Adiós... adiós... con vós marchouse a miña ialma e soilo son[64], por máis que vivo, un corpo sin alma...

¡Probe Ánxelo, cantos coma ti no mundo eusisten!...

1877.

---

61 lúgrube *(TM).*

62 conecera *(TM).*

63 no que se veu *(TM).*

64 e xa soilo son *(TM).*

O PUZO DA SILA[1]

I

Xa fai moito tempo que foi; a vila de Ourense, inda non era máis que un fato de malas casas, suxeto sempre ás arbitrariedades dos condes de Lemus e Monterrei, e máis dunha vez sirviu de loita intestina entre estos dous sustentadores do despotismo e a tiranía.
Entre os varios castelos daqueles señores que cheos de fárragos e pergamíos exercían sobre do pobo toda caste de abusos, contábase o do conde de "Castel-Ramiro"[2].
Os donos dil[3] tiñan un solo fillo chamado D. Alonso, en quen fiaban toda a súa espranza de que había de seguir honrando o seu nobre linaxe, como lle correspondía a un fillo dun conde, tan conde, como o de Castel-Ramiro.
Pero o fungan do trasgo, que sempre se ha meter onde non o chaman, meteuse na cabeza do rapaz, e o probe do mozo era o terror dos pais e a pesadilla dos maridos, pois non había moza que lle non

---

[1] Relato publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeo 145, 12 de setembro de 1886, pp. 1-4. Leva como título "O pozo da Sila" e debaixo figura (Conto).

[2] En *O Tío Marcos da Portela* cambíase polo conde de Penafurada en tódalas mencións. Ademais na publicación en libro suprimiuse o seguinte parrafo: "Hoxe do seu castelo nin cimentos quedan; solo de vez en cando atópase atuada algunha pedra, pero o pobo sempre fel conservador das súas tradicións, dalle o nome de "Castelo" onde este se erguía antes altivo e argulloso.
Contra soberba, humildá.
Agora onde antes se erguía a guarida da soberba, na faldra daquel monte, facendo contraste, levántase unha ermida humilde a un santiño católico, o San Benito milagroso, onde as rapazas da Burga van tódolos anos esparexer as pernas e darlle un verde ós ollos naquela carballeira, onde garridos mozos se encargan de lle quitar o tangaraño, alí entre os érbedos ás mociñas que o teñan. Pero sigamos a nosa historia.
Como dixen dinantes, no cima do outeiro había un garrido e altivo castelo" *(TM)*.

[3] del *(TM)*.

gustara (estonces xa os rapaces das Burgas eran como os de agora) nin que lle gustara, que non fora tras dela.
Os probes dos labregos rosmaban e máis rosmaban, pero como seu pai era o señor de forca e coitelo, tiñan que meterse a lingua entre os dentes e amocarse, e o que tiña fillas ou mulleres goapas, gardalas.
Un destes gardadores era o tío Liborio, de quen agora vamos falar. Este bon labrego vivía onde agora están os muíños da Sila e era vasallo e tributario dos señores condes. Quedara viúdo ó pouco tempo de se casar e quedáralle unha rapaciña como un sol, chamada Basila[4], que como na aldea tiñan a costume de lle acortar o nome, todos lle chamaban Sila.
Andando o tempo, como dun grau de centeo sai unha espiga, así daquela rapazota saíu a moza máis feiticeira que criaron as ribeiras do Miño. Eran os seus ollos, azules como a frol do liño, e os seus cabelos dourados como espigas, parescía un anaco de ceo cando asoma entre as raiolas do sol.
A súa cara somellaba unha cunca de leite con caraveles enriba, ou xazmís misturados con follas de mapolas. Os seus beizos eran un lariño[5] de grana que tiña no medio en vez de dentes folepiñas[6] de neve, e o seu lindo corpo era tan xeitosiño e dáballe tanto aire ós cadrís cando andaba, que se figuraba un ó vela que eran as espadanas que move o vento e entre as que o regato marmura docemente, e compretaba máis a ilusión o ouvila cantar, pois parescía eran os reiseñores que gorxeaban nas espadanas, en fin pra acabar direi, que máis que unha muller era un feitizo.
Como a súa chouza estaba tan aculta[7] nos ameneiros e ademais o tío Liborio tíñaa sempre en garda por medo non a vise D. Alonso, cuasque non era de naide coñecida[8].

---

4 Basilia *(TM)*. Debe ser un erro porque no resto nos casos aparece Basila.
5 laciño *(TM)*.
6 folepinas *(TM)*.
7 aculá *(TM)*.
8 conecida *(TM)*.

Mais como o tío Liborio foi vendo que nunca D. Alonso baixaba por aquela parte dos seus eidos, foi adiquirindo confianza pouco a pouco hasta que a deixou en libertá compreta, libertá que máis tarde o probe vello había de chorar[9].

II

Era unha mañanciña moi[10] cedo. O sol estarricando os seus beizos de ouro por entre as nubes iba bebendo as pingadas de orballo[11] que as froles gardaron pola noite no seu seo.

As meniñas, aturuxando alegres, tanguían pró monte o gando, e entre as follas dos álbores que o vento movía con brando rumor, brincando de galla e galla chirlaban os paxaros.

O Barbaña marmuraba docemente por baixo os azúes[12] amieiros e trouleador corría por entre ramiños de cheirosas froles, que amantes dobregando o seu ramaxe, facíanlle brandiña e amorosa cama.

Sentada por baixo dun salgueiro estaba Basila peinándose e xogando cos pés na auga pra escorrentar os peixes que viñan a mordela.

A súa dourada crencha pola espalda solta, somellaba[13] unha presa de frebas do sol; o seu panizo medio solto, deixaba adiviñar unhos peitos como a manteiga, e a saia refucida enseñaba unhas pernas como a neve.

De repente deu un berro e poñéndose de pé, tapou o peito cos seus cabelos.

---

[9] En *TM* continúa a frase: "porque as condanadas das mulleres cando ven un home achoutan máis que cando o gando está abeirado".

[10] mui *(TM).*

[11] rocío *(TM).*

[12] azules *(TM).*

[13] parecía *(TM).*

Mesmo a carón dela apareceu fornido mozo.
Era alto; os seus negros ollos relocían como lóstregos; a súa cara tiña ese cor que toma o leite cando lle botan unhas pingadas de café e os seus húmedos lábeos a penas estaban sombreados por lixeiro bozo.

— Non fuxas —dixo D. Alonso, pois iste[14] era o xentil mancebo—, non fuxas, feitizo ou ánxel, que calquera desas cousas pareces, que nin son lobo pra te comer nin diaño pra te espantar.

— Ouh señor —dixo Sila, poñéndose roxa como as cereixas— , non fuxo por vós... pero logo virá meu paiciño... e voulle facer o xantar...

— Non, non te vaias —dicía D. Alonso contemprando aquel prodixio de fermosura[15] e adimirándose[16] de non conecela antes—. Non te vaias e séntate neste penedo pra parrafear un pouco...déixame mirar eses teus ollos que en vez de miniñas teñen[17] dúas virxes...déixame...

— Señor, señor, déixeme marchar —dixo Sila arrecollendo o peine e o pano— ¿Que coidará a xente que nos vexa?...

— Cala, cala meiga de amores; dende que te vin teño un inferno na ialma e un volcán no curazón[18]: quéreme un pouco, dáme unha migalla deste amor que me atafega e fai cinsa[19] o curazón, déixame que beba na túa boca o teu alento, un bico teu e dareiche a vida, un teu abrazo... e vaia a miña alma ó inferno... —e cos lábeos tremborosos e entrabertos, entre os que brilaban os dentes cal nacre, bicaba ardoroso a probe Sila e latexante de luxuria apertábaa máis e máis contra o seu corpo.

---

14 este *(TM)*.
15 hermosura en tódolos casos *(TM)*.
16 ademirándose *(TM)*.
17 que en vez de meniñas ten *(TM)*.
18 corazón en tódolos casos *(TM)*.
19 cinza *(TM)*.

— Señor... señor... deixande esta probe orfa que non ten máis riqueza que a súa honra... pra muller vosa non me querendes... e pra cortega, nin Dios o manda... nin eu o quero... A vós sóbranvos mulleres millores[20] que eu... deixándeme e bicarei o chau[21] que vós pisedes[22]... sirvireivos de rodelas... serei vosa escrava... voso can...
E xumiando, e vertendo torrentes de bagullas, loitaba por se desprender daqueles nerviosos brazos, daqueles lúbricos beizos, daquel frebil corpo que a estreitaba e cenguía cal as cobras ó albore.
¡Probe Sila!... Naide viña na súa axuda, e as súas queixas solo contestaba o Barbaña, que con monótono rumor parece[23] facía bulra dela, e o marmullo do vento na alboreda que somellaba o sofrir da súa naiciña, que dende o outro mundo vía á súa filla e non lle podía valer... naide... naide lle valía[24], astra que cansa de loitar, perdeu o sentido e caíu esmaída[25] nos brazos de D. Alonso.
Pouco despois[26] non se ouvía máis que o triste marmullo do río, interrumpido por frenéticos bicos e entrecortados sospiros.

III

Pasaron oito meses, e o tío Liborio volvíase tolo pra adiviñar por qué a súa filla andaba triste e chorosa, e non comía nin descansaba.
¡Probe Sila! Cando volveu en si e se atopou[27] nos brazos de D. Alonso, pensou volverse tola de angustia e desesperación[28].

---

20 mellores *(TM)*.
21 chan *(TM)*.
22 pisendes *(TM)*.
23 paresce *(TM)*.
24 e non lle podía valer... Naide... lle valía *(TM)*.
25 desmaiada *(TM)*.
26 dompois *(TM)*.
27 alcontrou *(TM)*.
28 de desesperación e angustia *(TM)*.

Dende entón[29] a súa vida foi un martirio continuo[30], unha lenta gunía[31], e pra máis tormento[32], nin o seu delor podía amostrar, pois tiña que acultar as bágoas[33] pra que seu pai non se deprocatase.
¡Cantas veces se ría e nas risas lle iban frebas do curazón!
Pero o tempo e o disimulo[34] íbase acabando, e pronto o tío Liborio iba o coitado[35] a saber a deshonra e desesperación da súa filla.
¡Probe pai, malpocada filla!...

IV

Era unha noite fría e chuviosa, os arbres sin folla parescían xigantes esqueleutos[36] entre os que xemía o vento.
O desbordado río bruaba[37] con estrépeto esvarando nos petoutos e enchendo de pavor enxordecía[38].
Aló ó lonxe ouveaban os lobos e de vez en cando rasgaba as nubes un lóstrego.
Faguía[39] un pouco que nos rilós[40] deran as doce, cando se abriu caladiñamente unha porta da casa do tío Liborio e unha soma[41] apareceu vacilante.

---

29 estonces *(TM)*.
30 un contino tormento *(TM)*.
31 agunía *(TM)*.
32 martirio *(TM)*.
33 bagullas *(TM)*.
34 desimulo *(TM)*.
35 coitadiño *(TM)*.
36 esqueletos *(TM)*.
37 roncaba *(TM)*.
38 e enxordecían enchendo de pavor *(TM)*.
39 Facía *(TM)*.
40 nos rilós da vila *(TM)*.
41 unha sombra negra *(TM)*.

Con paso medroñento arreconchegou a porta, apoiou a cabeza nas paredes, ouvíronse doentes salaios[42], e despois[43] botou a andar, non sin mirar antes pra atrás a cada paso temendo que a seguiran.
As nubes, rasgando os seus mantelos, empezaron a derramar xerros de auga que logo convertiron os camiños en lagorzas e as lagorzas en regatos.
Entre as covas dos difuntos, cal bolboretas de fogo, baixaban, rubían, viñan, marchaban e daban mil xiros caprichosos os fogos fatos, que os iñorantes labregos[44] creían eran as bruxas.
Nun buraco da eirexa cantaba a curuxa tristuras e esconsolos aguniando, e o ferrancho da veleta renxendo co aire parecía[45] histérica carcaxada das calaveras do osario.
O pé dunha cruz medio derrengada riba dunha fosa cuberta polas ortigas está a misteriosa enlutada de xinollos xumiando.
De vez en cando estremécese co frío, e deixa escapar doídos salaios[46] que somella que lle arrincan a ialma[47].

— Nai —xumiaba[48]— naiciña adourada[49] que a penas coñocín[50]... veño a decirche... que me esperes logo...
Eu ben conservei a pureza que me legaches...
Criada soliña sin máis agarimo que o probe[51] do meu pai... sin máis quereres[52] que as vacas e os carneiriños... que a casiña e o regato... que as froles e os paxariños... sin máis cobiza[53] que ir logo xunto a ti... a miña ialma estaba tan pura como as augas da fontenla... pero

---

42 sospiros *(TM).*
43 dempois *(TM).*
44 labercos *(TM).*
45 parescía *(TM).*
46 delorosos sospiros *(TM).*
47 que paresce lle arrincan a ialma *(TM).*
48 dicía *(TM).*
49 naiciña querida *(TM).*
50 conecín *(TM).*
51 coitado *(TM).*
52 amigos *(TM).*
53 cobizo *(TM).*

un día en maldecida hora saín da casa e alí... nai... nai... baixa[54] e dille ó meu paiciño... dille que sempre fun a honrada Sila... a frol sin muschar... a fontenla sin embulleirar...

Dime que sono... dime que foi mentira... e retorcéndose as maus, xumiaba co delor[55].

— Máis ti non baixas, ti non dis nada... probe de min... soila, soiliña, e deshonrada...[56]

E choraba... choraba... e as curuxas rían, as bruxas beilaban, a chuvia caía cada vez máis fría, e aló no ceo estoupaban os tronos e os raios deslumbraban con fulgores de sangue... e naide, naide viña en ausilio da probe orfa, da disgraciada Sila[57], que esta era a enlutada misteriosa.

Por fin brilando nos seus ollos suprema resolución, levantouse e camiñou presurosa cara á súa casa.

— Adiós, casiña, —lle dixo— adiós... en ti pasei feliz as horas da miña inocencia... baixo o teu tellado arruloume a naiciña... adiós... adiós vaca marela... adiós carneiros brancos... adiós froles cheirosas... adiós paxaros tenros... adiós gasalleiro pai... adiós, adiós...[58]

E correndo, correndo cos pelos desguellados de penedo en penedo, de laxa en laxa, chegou donde o río, facendo un remanso era máis fondo, mirou ó ceo, despois á casa donde[59] dormía o paiciño, e mostrando os puños ó castelo, lanzouse na corrente do desbordado río, ó mesmo tempo que un raio desfaguía o ceo e un trono abouxaba o mundo!...

---

54 e alí... alí... nai... nai... baixa... baixa *(TM)*.

55 estralaba de delor *(TM)*.

56 Máis ti non baixas, ti non dis nada... sola... sola, soliña e deshonrada *(TM)*.

57 da desgracia de Sila *(TM)*.

58 ...adiós tenros paxaros... adiós pai gasalleiro... que pró outro mundo vou... adiós, adiós, adiós... *(TM)*.

59 onde *(TM)*.

V

Ó outro día levantouse o tío Liborio e asomouse á ventana que dá sobre o río. Levou as maus ós ollos e riuse... volveu a mirar[60], e volveuse rir. "Seica sono", dixo... Ai! non soñaba, non, o probe vello; o que viu era o corpo da súa Sila, que fluctuaba no río baixo a ventana...

Estonces o vello, louco, rindo a carcaxadas, rubíuse á ventana e rindo, sempre rindo[61], botouse sobre a filla e os dous desapareceron na corriente[62].

Desde entón o pobo deulle o nome do "Puzo da Sila" ó síteo onde esta se afogou e aínda os nosos avós se persiñaban ó pasar por beira dil en mamoria da probe e fermosa nena[63].

Hoxe tan soilo[64] se escoita o rumor do vento nos ameneiros e o susurro da auga entre a espadana...

1885

---

[60] volveu mirar *(TM)*.

[61] e rindo sempre *(TM)*.

[62] no infinito *(TM)*.

[63] Desde estonces o pobo deulle o nome do "Pozo da Sila" e inda os nosos avós se persinaban ó pasar por beira del en memoria da probe Sila *(TM)*.

[64] solo *(TM)*.

O PUZO DO INFERNO[1]

I

Era noite[2], o vento roncaba entre os petoutos, os lóstregos raxaban o ceo en mil anacos, semellando regueiros de sangue entre farrapos negros, e os tronos estrondando parecía[3] que eran os sangrentos regos, que esvaraban de penedo en penedo e de laxa en laxa.

Aló ó lonxe ouzábanse[4] na serra ouvear ós famentos lobos, e do agro saían bolboretas de fogo, ante as cales a xente se persinaba con espanto.

Deron as nove; as campás do convento tocaron lugubremente[5], apagáronse as luces, pecháronse as portas, e pouco dempois na vila de Ourense, non se ouvía máis ruído que o da chuvia, interrumpido de vez en cando polo brando e agarimoso falar dos noivos[6] que se arrulan cal pombiñas.

No castelo de Castel-Ramiro[7] todo era silencio. Faguía pouco que as enfurruxadas cadeas renxeran erguendo o ponte levadizo, e que as altas porternas se pecharon[8] queixosamente.

Tódolos seus habitantes estaban retirados, non sendo os vixías que nas altas torres, apreguidos co frío e trembeleando co medo, estaban enguruñados[9] nun rincón.

Os lóstregos seguían lumeando cos seus lívidos fulgores e os tronos estrondaban máis e máis, misturando o seu bruar[10] co dos desbordados ríos.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeo 146, 19 de setembro de 1886, pp. 1-3. Leva como título "O pozo do inferno" e debaixo figura (Lenda).

[2] Era unha noite *(TM)*.

[3] parescía *(TM)*.

[4] ouvíanse *(TM)*.

[5] tocaron lugubremente, semellando un queixido de aguníá, apagáronse... *(TM)*.

[6] de dous noivos *(TM)*.

[7] No castelo de Penafurada *(TM)*.

[8] se pecharan *(TM)*.

[9] acurrucados *(TM)*.

[10] misturándose o seu acento *(TM)*.

Os cortinaxes do leito de D. Alonso acabáronse de correr, e arregrando[11] as cabeceiras dispúñase a durmir, cando sonou un trono horribre que fixo retembrar o castelo nos seus cimentos, ó mesmo tempo que un raio raxando en mil anacos a ventana, deixaba penetrar raxa de vento que cal touro, entrou apagando a lus[12] e derribando muebres.

Despois todo quedou en silencio. Pola esnaquizada ventana comenzaron a entrar longas anguías de fogo que brincando e retorcéndose corrían polo leito e as paredes, e enxordecendo cos seus berros entrou bandada de corvos e noitébregas curuxas.

Louco de terror, D. Alonso quixo berrar e pegóuselle a língoa á boca; quixo fuxir, e os pés parece llos cravaran ó chau. Tolo, cos pelos de punta e retorcendo as maus de delor e desesperación, levantou os ollos ó ceo pra pedir socorro, pero retrocedeu de espanto. Soou unha carcaxada, unha desas carcaxadas nerviosas, mezcra de delor e angustia, desesperación e loucura, venganza e queixas. No medio da ventana apareceu fantásteca[13] figura.

Era un vello, velliño, que vertendo bágoas[14] de sangue, reía, reía sin parar.

Nos seus brazos, cuberto con branco pano, traguía un vulto, pingallando auga, e tras del longa ringleira de bruxas e de trasgos coas costelas dos difuntos alumeaban[15] tristemente, en tanto que os tronos retumbaban máis e máis.

— ¿Conécesme? —díxolle a D. Alonso con voz en que se adiviñaba un mundo de reproches.

— ¡Tío Liborio!... —marmurou D. Alonso queixosamente.

— Sí... tío Liborio... o tío Liborio que era un probe... El non tiña nada e ti eras rico... el traballaba día e noite pra manter o seu señor e ti... ti, ladrón... viñéchesslle a roubar o úneco que tiña... súa

---

[11] arreglando *(TM)*.
[12] apagando luces *(TM)*.
[13] fantástica *(TM)*.
[14] bagullas *(TM)*.
[15] lumeaban *(TM)*.

riqueza, súa honra, seu consolo... a miña Sila, a miña Siliña... Ela era o espello onde me miraba... a fontela onde bebía a vida... a frol que me daba cheiros... e ti... ti, ladrón de honras... rompíche-lo espello[16], cegaches a fontela e muschaches a cheirosa[17] frol... ¡Maldito, maldito seas!...

E chorando reía, reía apreixando os dentes nerviosamente.

E as curuxas chirraban, as bruxas colléndose polas maus corrían ó redor de D. Alonso berrando: "Maldito, maldito", e os raios lumeaban con roxizos resprandores.

— Miña Sila... meu amor, miña ialma —seguía dicindo—. Ela era o cristal de pureza que me alentaba nos traballos... o limpo ceo que me daba espranzas[18] prós meus dores... E ti... ti, marrau... emporcaches o cristal e nubrache o ceo con loito e sangue.

¡Miña Sila![19] eiquí a teño... —decía correndo o pano branco e estreitando contra o seu peito a probe Sila, que era o vulto que alí levaba—. Eiquí a teño[20]... aquelas mapolas dos seus beizos volvéronse azuceas e os seus ollos xa non lumean... Aquela crencha dourada onde[21] os reisiñores se pousaban crendo eran espigas de rúbeo[22] millo, colga lacia e enmarañada cal fiañas...

Chorade, chorade[23] vaquiñas marelas, carneiriños brancos... que vosa Basila xa máis non virá a darvos de comer[24]... —decía o tío Liborio olvidándose por un momento do seu ouxeto—. Fuxinde[25] peixes do Barbaña, que xa non irá a Sila batuxar na... Adiós Siliña, adiós...

---

16 rompiches o espello *(TM)*.
17 cheirosiña *(TM)*.
18 espranza *(TM)*.
19 ¡Miña Siliña! *(TM)*.
20 Eiquí... eiquí a teño *(TM)*.
21 donde *(TM)*.
22 rubio *(TM)*.
23 Chorande, chorande *(TM)*.
24 non virá darvos de comer *(TM)*.
25 Fuxinde, fuxinde *(TM)*.

E alá lonxe o eco repetía "Adiós... adiós", e as bruxas[26] e os corvos, e os lóstregos e as curuxas todos berraban adiós... adiós.
Despois o tío Liborio adiantou dous pasos[27] e mirando a D. Alonso, díxolle:

— Vas morrer: a túa hora xa é chegada[28].

— Perdón[29] —xumiou D. Alonso.

— ¡Perdón!... ¡cremencia!... ¿e tivéchela ti dos doores deste vello e da inocencia desta nena?... ¡Perdón!... non hai perdón; vas a morrer afogado como morreu ela; pro máis embaixo de donde ela se afogou[30], pra que as augas que pasen por enriba che recorden o teu crime.

II

Soaron os tronos, estrondando de tal maneira que somellaba que o mundo esboiraba en mil anacos, e os lóstregos socedíanse con rapidez asombrosa figurando[31] que se incendiaba o ceo, os adoecidos lobos ouveaban, muxían nas cortes os touros e as cobras subiaban[32].
As voadoras bruxas colleron a D. Alonso e botárono polo aire, seguindo tras dil[33] con abouxadoras voces.
O castelo retumbou nas súas paredes e dando un estalo fundiuse en mil miaxas.

---

26 e as bruxas e as curuxas, os corvos e os lóstregos todos... *(TM).*
27 Despois o tío Liborio adiantou dous pasos, rindo, sempre rindo, e mirando... *(TM).*
28 xa chegou *(TM).*
29 Perdón... perdón *(TM).*
30 vas morrer como ela, afogado máis embaixo de onde ela se afogou... *(TM).*
31 semellando *(TM).*
32 muxían os touros nas cortes e as cobras asubiaban *(TM).*
33 del *(TM).*

D. Alonso caía, caía e nunca chegaba. Ó seu lado iba o tío Liborio e a coitada Sila e pouco a pouco víñanse xuntando chorosas mulleres que[34] aceneándolle a D. Alonso non paraban de berrar: "Maldito, maldito", eran outras víctimas da súa luxuria.

Por fin no medio do río, entre un volcán de fogo[35] e entre indescriutible[36] Babel de brasfemas[37] e maldiciós saíu o demo cheo de alegría a recoller a D. Alonso.

As bruxas berraban de contento, os lóstregos ó son dos tronos beilaban[38] riba das nubes e os enormes monstruos[39] mezcrados coas anguías de fogo brincaban entre os ameneiros que sacudían tamén o seu ramaxe pra demostrar o seu contento[40].

Os verdes carballos e as retortas cepas convirtíronse en xigantescos lagartos e empozoñadas salamántegas, que berraban, xemían, iban e viñan en mil distintas direuciós, e das tumbas saían aguniantes queixas que arripiaban ós asombrados veciños[41].

Xa as maus do demo iban tocar a D. Alonso cando a pobre Sila levantando os ollos[42] cheos de bágoas[43] ó ceo, dixo: "Señor... Señor eu perdónolle, perdonaille vós..."[44]

Estonces rasgándose as nubes saíu un fermoso[45] ánxel que resprandecente de fermosura e luz[46], púxose diante de D. Alonso.

Era o *Arrepentimento*.

---

34 que sin parar berraban "¡maldito!, ¡maldito!", eran outras vítimas da súa luxuria, e el caía, caía sin nunca chegar *(TM)*.

35 entre o volcán de fogo abriuse a porta do inferno *(TM)*.

36 indescritible *(TM)*.

37 blasfemas *(TM)*.

38 bailaban *(TM)*.

39 moustros *(TM)*.

40 sacodían o seu ramaxe pra manifestar o seu contento *(TM)*.

41 Falta en *TM* todo este parágrafo.

42 os seus ollos *(TM)*.

43 bagullas *(TM)*.

44 "Señor... señor, perdonaille que eu lle perdono..." *(TM)*.

45 hermoso *(TM)*.

46 que esprandecente de luz e hermosura... *(TM)*.

Cos seus ollos azúes mirou tenramente a D. Alonso e colleuno pola mau.
D. Alonso baixando a cabeza[47] deixábase ir, cando o demo, rabeoso[48] de ver que lle levaban a súa presa, ruxindo coa cólera botouse ó ánxel pra loitar con el.
Todo quedou en silenzo[49], seguiu a loita e cando o ánxel iba vencendo o demo e os infernos bruaban de impotencia, vén a Soberbia agachada[50] e facéndolle a trampa ó ánxel tirou con el.
Xemeu a terra, abriuse o ceo gomitando raios, batéronse os petoutos[51] us cos outros e entre labaredas de xofre desapareceu D. Alonso e tras dil[52] bruxas, demos e lagartos, en tanto que o probiño ánxel marchou pró ceo, choroso cal ferida pomba[53]...

III

Ó outro día os asustados labregos perguntábanse unhos[54] ós outros o que aquela noite pasara.
Do castelo soilo había un montón de ruínas e do medio do río erguíase unha colunia de negro fume.
O pobo deulle a tal síteo o nome do *Puzo do Inferno*.

---

47 os ollos *(TM)*.
48 rabioso *(TM)*.
49 Todo quedou calado *(TM)*.
50 veu a soberba agaxada *(TM)*.
51 os petoutos chocaron... *(TM)*.
52 del *(TM)*.
53 en tanto que choroso cal ferida pomba, marchou pró ceo o probiño ánxel *(TM)*.
54 us *(TM)*.

Despois puxeron este rústeco cruceiro que indo pró *Polvorín* está aínda entre o puzo da Sila e o do Inferno[55], e cando nas tardiñas de vran, doces e sereas andan os rapaciños que se van a bañar en porranchiño ó pé do cruceiro, non falta vella que diga e asegure que por máis que outra cousa pareza, son anxeliños que manda a Sila pra pedir por D. Alonso.

1885.

[55] Dempois desapareceu todo aquelo e quedou ese rústeco cruceiro de pedra que indo pró *Polvorín* está aínda entre o pozo da Sila e o do Inferno.
O pobo deulle o nome de *Pozo do Inferno*, e cando nas tardiñas... *(TM)*.

O CAN DE SAN ROQUE

I

D. Xan da Coba e Gómez[1], autor de coarenta obras literáreas, o coñocido e moi lembrado esquirtor da cibdá de Ourense ten entre outras moitas habilidás a de ser escultor.

Asina fai un Santo Cristo de barro que unha Purísima de carballo. Como tódolos xéneos ten unha chea de cobizosos, polo cal non debe causar estranía ó ouzar que marmulen de si os seus santos son así ou andando e hasta ver algún máis estrevido que non arrepare en xurar que son máis mal feitos que os versos de Lois de Maside[2] ou

---

[1] Este conto está inspirado nun episodio supostamente protagonizado polo curioso personaxe Xan da Coba e Gómez (Ourense, 1829-1899), recreado en páxinas escritas por diferentes autores galegos, entre eles, Valentín Lamas Carvajal, Enrique Labarta Pose, Roberto Blanco Torres, Victoriano Taibo, Xosé Filgueira Valverde ou José Ángel Valente, textos recollidos no volume *Vida, obra e milagres de Xan da Coba*, de Xesús Alonso Montero e Carlos Casares (Vigo: *Diario 16 de Galicia*, Biblioteca de Autores Galegos, nº 90, 1992). Neste libro, Alonso Montero en "Dous "retratos" literarios de Xan da Coba", alude á súa mención no *Divino Sainete*, de Curros Enríquez e ó conto de Pérez Placer e aporta unhas notas sobre a súa biografía, nas que destaca a súa paixón pola literatura e pola agricultura, ademais das súas facetas de inventor, escultor e mesmo creador dunha lingua chamada o *trampitán*. No eido da literatura, dedicouse fundamentalmente ó teatro e compuxo unha gran cantidade de obras, entre as que Alonso Montero salienta *María Pita*, unha ópera redactada en galego en 1863, e *La galiciana* (zarzuela). Como poeta, publicou en 1877 o libriño *Poesías*, integramente en galego. Carlos Casares en "Evocación de Don Xan da Coba", menciona tamén as palabras que lle dedica Heraclio Pérez Placer neste conto e as burlas das que era obxecto polos esmorgantes de Ourense que, aproveitándose da súa paixón, organizaban veladas literarias co fin de divertirse a súa conta. Relata tamén a sonada anécdota deste conto, da que existen numerosas versións que varían nos detalles. Sen embargo, aclara que o mesmo Xan da Coba desmentiu este sucedido nunha carta enviada a Enrique Labarta e publicada na revista *Galicia Moderna* en 1897 e que se reproduce tamén neste libro. Nela, Xan da Coba aclara que "cuando seguí la escultura, que fue poco tiempo no hice San Roque ninguno".

[2] Manuel Lois Vázquez (Maside, Ourense, 1868-1899), médico e escritor que coincidiu con Heraclio Pérez Placer nos anos do Instituto de Ourense. Colaborou en *El Álbum literario, O Galiciano, O Tío Marcos da Portela e A Monteira*, entre

de Pinal do Carballiño[3], que entre nós sea dito, son piores que on dor de barriga.

Anque no mundo todo é posibel, quen dá creto ó que di a xente.

A D. Xan dáselle unha figa todo canto marmulean, e a proba da súa validencia é que non ten maus pra dar feito os encargos que lle choven decote das aldeas.

Pro de todos eles o que lle deu máis nombradía foi o San Roque que lle encargaron os veciños de Cudeiro.

Inda hoxe cando lle mentan o conto se ri con certa sorna anque xurando, eso si, que a culpa tivérona eles, ¿quen lles mandou lembrarse cando non había tempo pra faguer as cousas como Dios manda? El xa os adivirtira dinantes.

---

outros. Publicou os libros *Brisas Galegas* (1890) e *Horas perdidas* (1899) e varios relatos na prensa. A amizade entre Lois de Maside e Pérez Placer maniféstase nas dedicatorias dos seus respectivos textos. Así, "Lois de Maside" dedícalle o poema "A Tempestá" (*O Galiciano,* paróla 176, 7 agosto 1887). Pero no ano 1889, ámbolos dous manteñen un cruce de improperios nas páxinas do *O Galicicano* (paróla 201, 16 dedecembro de 1888 e 232, 21 de xullo de 1889) e o *Álbum literario* (nos 75 e 83, correspondentes ó 7 de xullo de 1889 e a 1 de setembro de 1889 respectivamente). Neles, Pérez Placer contesta con todo tipo de acusacións a unhas supostas inxurias verquidas por "Lois de Maside" en *O Galiciano*, onde poñía en boca do noso autor que o texto "Defensa das mulleres", co que Filomena Dato acadara un premio no certame que celebrou en Ourense en 1887, fora escrito tendo como modelo outro co mesmo título de Enrique Labarta Pose. Pérez Placer responde en "Catilinarias al Señor Manuel Lois Vázquez" e "Chirigotas al Tío Manuel Maside" cun ataque que chega en ocacións ó insulto e ó descrédito da persoa e da obra literaria de "Lois de Maside". Vid. Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro (ed.), *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998.

[3] Refírese a Cesáreo López Pinal, poeta nacido en Carballiño (Ourense) e colaborador asiduo de *O Tío Marcos da Portela* durante os anos 1887, 1888 e 1889 (Couceiro Freijomil, *op. cit.*, p. 319). Trátase fundamentalmente de versos de ton costumista. Pérez Placer coñecía a López Pinal e mantivo, polo menos ata 1887, algunha relación con el, segundo se desprende do poema de Pinal publicado en *O Tío Marcos da Portela,* (ed. cit., Parrafeo 189, 17 de xullo de 1887, pp. 6-7), titulado "Entremeses d'acabalo (Carta dirixida a Heraclio Pérez Placer)". Nel contesta a unha suposta carta de Pérez Placer na que lle pregunta cómo se desenvolveron os entremeses da festa de Salamonde: "Meu amigo e compañeiro: / onte â noite o tio Anton / entregoume a tua carta, / e pol-a que vin estás bô. / Disme desexas saber, / que m'o pides de favor, / che

II

O conto foi o siguiente: Encargáronlle un San Roque coa obrigación de telo feito nun término fixo.

Era pouco tempo, mais D. Xan puxo maus á obra, e o día siñalado entregou o santo, feito e direito, por máis que inda levaba a pintura fresca.

Carto riba carto, pagáronlle o importe e el quedou contento dos parroquianos e os parroquianos dil.

Saliu o santo na percisión e despois foi posto no altar maior causando a adimiración dos lavercos.

Asina pasaron as cousas cando ós tres ou catro días escomenzaron a notar os veciños que o can de San Roque devecía.

O crego non sabendo darlle xeito ó socedido maxinou que era un milagre co cal noso Señor quería botarlle ós feigreses na cara a pouca limosna que lle dan á eirexa co cal choveron naqueles días limosnas, por tódolos choveres.

En tratando de encher o papo sempre foron os cregos paxaros de conta.

Con todo e a pesar das limosnas o can devecía a todo devecer e púñase máis fraco que se puxo Alfredo Brañas con tanto rexionalismo e tanto ripio.

A xente estaba asustada, e ó mesmo crego, a pesar de que estaba como todos iles curado de espanto, comenzaba a preocupalo o choio e asina andaban as cousas, cando o milagre que por tal se tiña chegou ós oídos do señor Bispo, o cal ordeou que a toda présa lle levasen o santo á súa presencia pra ver polos seus ollos a verdá do caso.

En secuencia meteron o santo nun gueipo e con todo o coidado posibel leváronllo a súa ilustrísima.

---

cont'o qu'en Salamonde / c'os entremeses pasou (...)" e polo que parece ambos mantiñan unha relación cordial. López Pinal despídese del en termos moi afectuosos: "E con esto dito despidese, / o amigo que máis che quere". Estas relacións debéronse romper nalgún momento pois a mención á mala calidade dos versos de Pinal non só aparece neste relato, senón tamén en "Consonante forzado".

Mirouno este por tódalas beiras e non crendo que Dios se entretivese en tales parvadas e moito menos cun santo tan carrancudo, tivo recelía de que alí debía de haber algunha mangancha, e mandou chamar ó seu autor.

Co gabán encheito de grasa e a súa cara de sancristán xubilado presentouse D. Xan disposto a contestar a todo canto lle perguntaran, por supuesto mentras lle conviñese.

Xurar, xuraba que non se procataba por qué o can devecía, pro tanto e tanto o apretou o señor Bispo que ó fin tivo que botar fóra o que tiña dentro e puxo ó descuberto todo o nagocio, faguendo que a súa ilustrísima, o mesmo que os demais que alí estaban, tiveran que apretar coas dúas maus os cadrís pra non irse correndo pró outro mundo a forza de tanto rir.

A cousa non era pra menos. Como lle deran tan pouco tempo pra faguer o santo, fixera o can de nabo e xa se sabe que cando este se seca, devece de todo e engurrúñase...

FROL MUSCHA

Era a frol máis fermosa do xardín; pregábase coquetoa ó bico dos paxariños, bambeábase fantaseosa ó paso da bris e entreabría a branca corola ó primeiro raio do Sol.

Nas noites de luar era a preferida polas raioliñas da Lúa, que tolas de alegría co recendente cheiro da fermosa frol, brincaban troule-antes entre os seus pétalos.

Pro a pesar de sere tan fermosa que sobresaía por riba de tódalas demais froles, sempre estaba triste e melancóneca e máis dunha vez sacudiuna a bris enrabexada e ceosa por ouvir sospirar sin saber por quen.

¡Probe frol! estaba namorada, ela mesma llo contou a unha bolbo-reta amiga súa.

Si, estaba namorada dunha nena que tódalas mañás viña a paseiar polo xardín.

Era a nena Elvira, a nena de cabelos de sol e ollos de ceo.

¡Que olladas lle botaba cando pasaba diante dela!

Entón borreante foncha movía as follas pra lle chamar a atención, espallaba os máis recendentes cheiros pra obsequiala e cuasemente se sentía muschar de pena ó vela marchar.

Por fin un día creu estremecerse de pracer ó ver a fermosa nena pararse diante dela e trembaleou emocionada ó sentir baixo o seu cáliz unhos dedos de nacre que apreixaban cariñosos.

No medio da súa dicha sintiu o dor que lle producía ó ser separada do tallo onde se criara, pro aquel deixo de amargura que sempre se sinte ó abandoar o sitio onde un nace, pronto foi esquecido ó sen-tirse bicar por dous roxos beizos que somellaban os máis fermosos caraveles do xardín.

¡Como se borreaba fantaseosa riba do peito da nena de cabelos roxos!

Alí naquil síteo sentía os latexos do curazón da súa dona e ouvía a súa fala que lle somellaba o gorxear dos rousiñoles que tantas veces ouvira nas noites de luar.

Sí, a nena falaba cun garrido mozo e a probe frol axitábase tremante do que ouvía.

— Ámote —decía il— nena do roxo pelo, teus ollos son o ceo que me dá espranza, teu alento é a bris que me dá vida —e pasándolle un brazo pola cintura trataba de apreixala contra si en tanto que ela casi nin forza tiña pra rechazalo.

— Déixame, déixame —decía con voz debre, moi debre— déixame mozo dos ollos negros que me queimas con eles, eu tamén te amo, pro déixame que vén a noite e teño medo...

Pro il sin faguer caso apreixaba contra si e latexante xuntou seus beizos de fogo cos da fermosa nena e soou un bico, ardente, amoroso, prongado.

A probe frol sintiuse apreixada, apreixada, dobráronselle as follas, rompéuselle o cáliz, pro tivo antes de morrer o consolo de ouzar á nena que tanto quixo, que decía ó ver as brancas follas no chan, con voz entre risoña e doída:

— ¡Croel, desfollaches a máis fermosa frol que tiven!...

1890[1]

[1] Segue a este relato "¡Fillo!..", recollido en *Beira do lar*.

A CRUZ DO PIÑEIRAL[1]

A Segundo García da Riva

I

¿Acórdaste Segundo daquelas tardes arroubadoras de Maio, en que collidos do brazo ibamos polos acultos sendeiros[2] das campías de Santiago, ti a roubarlle ós seus máxicos cores[3] e os seus lindos paisaxes, pra logo co teu pincel de artista trasladar ós teus ispirados lenzos, e eu a escudriña-los currunchos e as ruínas festoadas de xaramago e hedras en busca de lendas e tradiciós?

E como non te has de lembrar si nelas pasaron[4] as horas máis filices[5] da nosa vida.

Soilos, respirando a cheirante bris[6], que lle rouba os prefumes ás froles da veiga[7] e dos vals, xa rubindo polos altos piricoutos, dende[8] cuia cima contemprabamos a Atenas gallega, a monumental Compostela coas súas artísticas torres perdéndose aló no ceo, xa correxando polas sombrizas[9] carballeiras ou contemprando impresionados a salvaxe poesía da medroñenta[10] Selva—negra, ou xa as orelas do barullante Sar, baixo aquelas bóvedas de loureiros, sanguiños e ameneiros[11] que entretexen a porfía madreselvas e

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeo 234, 24 de xuño de 1888, pp. 1-3. Os nomes dos protagonistas son Ánxel e Frolinda.

[2] collidos polo brazo ibamos polas acultas sendas *(TM)*.

[3] colores *(TM)*.

[4] pasamos *(TM)*.

[5] felices *(TM)*.

[6] a ben cheirante brisa *(TM)*.

[7] das veigas *(TM)*.

[8] desde *(TM)*.

[9] sombrisas *(TM)*.

[10] medorenta *(TM)*.

[11] bóvedas de loureiros e de ameneiros *(TM)*.

correolas, descansando no verde céspede, onde en agradabre confusión rebuldan violas e margaridas, namentres que polas bambeantes frondas contemprábanos anaquiños de ceo, dourados por un sol poñente, e viamos centos de alegres paxariños brincar de poula en poula, ó tempo que da súa gorxa saían harmonosos[12] trinos.

¿Como non lembrarnos, como non, daquelas tardes de dichas e feitizos, en que a nosa imaxinación voaba por un ceo de risoñas espranzas e douradas ilusiós?

Pois ben, unha delas en que cansados[13] da larga camiñata sentámonos[14] baixo aquel triste e misterioso piñeiral, onde solo nos viña a interrumpir o vento que zoaba entre os piñeiros, ou os asubíos do tren que enfrente de nós cruzaba pola enfurruxada vía, quedaches impresionado ó contemprar unha derrengada cruz de pau, que medio cuberta polas hedras e as silveiras se alzaba xunto un valado[15].

Ó vela alí sola, naquel apartado curruncho, á beira daquel sacreto piñeiral, a túa imaxinación[16] de artista creu ver nela unha historia de delor.

Non te enganaches.

Entón nada poiden[17] contestar ás túas perguntas, pro hoxe voucho contar tal e como a min mo contaron.

---

12 harmuniosos *(TM)*.

13 cansado *(TM)*.

14 nos sentamos *(TM)*.

15 contra un valado *(TM)*.

16 maxinación *(TM)*.

17 puden *(TM)*.

II

Frolinda era a rapaza máis fermosa que as orelas do Sar viran.
Alta e garrida, cando andaba somellaba o xunco bambeado polas augas da fontela: branca, tan branca que a neve ó vela derretíase[18] coa envexa, e cunhos beizos tan roxos que pouco prá comparanza foran os roxos caraveles.
Pro o que chamaba máis a atención eran aqueles ollos azúes, grandes, fermosos, que tiñan unha espresión tan lánguida e esmaída que era imposibel o vela e non amala.
Xacinto era o tipo máis aposto, moreo, cus beizos de sangue[19], cubertos a peas por lixeiro bozo, cunhos ollos negros nos cales se vían refrexos que faguían adiviñar un mundo de pasiós, pro dotado dunha alma de poeta[20], gustáballe a soedá e o misterio que ofrecen as campías.
Aquel piñeiral era o seu favorito porque nunca atopaba nel a naide e alí iba tódalas tardes, por eso grande foi[21] a súa sorpresa cando nunha delas se atopou alí con Frolinda que andaba apañando un feixe de agullas dos piñeiros e que ó velo ergueuse ruborizada.
¿Que pasou na ialma dos dous? Naide o poidería[22] espricar; non se falaron, e sin embargo ó marcharse na mirada que se dirixiron[23] deixábase adiviñar que ningún deles faltaría ó outro día no mesmo sitio.
Así pasou, e tras unha tarde veu outra, e anque ambos pró seu interior faguían xuramento[24] de non volver, volvían, e pronto entre eles se estabreceron íntemas[25] relaciós.

---

[18] derretíase ó vela *(TM)*.
[19] Pro o que chamaba a atención eran aqueles ollos azúes, tiñan unha espresión tan lánguida e esmaída que era imposibre o vela e non amala.
Ánxel era o tipo oposto, moreno, cunhos beizos de sangue, ardentes, luxuriosos... *(TM)*.
[20] pro dotado dunha alma soñadora, cunha alma de poeta *(TM)*.
[21] por eso foi grande *(TM)*.
[22] podería *(TM)*.
[23] na mirada que se botaron *(TM)*.
[24] xuramentos *(TM)*.
[25] íntimas *(TM)*.

III

Era un apardecer: o sol fuxindo tras das lexanas lomas tinguía os campos dese cor rousado[26] e lánguedo própeo dos crepúsculos vespertinos[27]. Ó lonxe ouvíanse as esquilas das ermidas e o rousear dos carros.

A bris[28] saturada de recendentes cheiros envolvía cunha atmosfera enervante e xuguetona e contáballe ás froles mil sacretos.

No escuro piñeiral, e arrimados contra o valado están Frolinda e Xacinto.

Están tan xuntos que ouzar podría un os latexos do curazón[29] doutro.

De vez en cando Frolinda colle coas dúas maus a cara de Xacinto e bícao, bícao, nos beizos, nos ollos, nas meixelas cal si quixese comelo.

Despois apártase dil cal si fuxir quixera, pro volve como si forza sacreta a retivese alí, e volve apreixalo con freesí e con tanta forza que cuasemente o afoga, e xunta, xunta con loucura aqueles beizos de rosa contra os dil de tal maneira que os seus alentos confúndense e os bicos do un alcontran eco na entreaberta boca doutro[30].

— Ámote, ámote con tolería[31] —decía ela con voz apagada polas bágoas— ámote e aborrézote, porque ti vas a ser[32] a causa da miña perdición.

— Non digas eso, porque ti eres a úneca muller a quen adouro —decía Xacinto ó mesmo tempo que o seu corpo de adoes-

---

26 dese coor rosado *(TM)*.

27 verpertinos *(TM)*.

28 brisa *(TM)*.

29 corazón *(TM)*.

30 Despois apártase del cal si quixese fuxir, pro volve, cal si unha forza sacreta a retivese alí, e volve apreixalo con freesí e con tanta forza que cuasi o afoga, e xunta, xunta con loucura aqueles beizos de rosa contra os de Ánxel, que os seus alentos confúndense e os bicos dun encontran eco na entraberta boca doutro *(TM)*.

31 con loucura *(TM)*.

32 ti vas ser *(TM)*.

cente[33] se estremecía nervioso e frebil, e que a ilusión lle forxaba un mundo de deleites hasta entón[34] pra il desconocidos[35] e polo tanto máis ansiados.

— Pois ben, fuxe de min si é certo que me amas, porque eu non podería resistir por máis tempo e ti non quererás[36] a miña deshonra.

— Fuxir, fuxir de ti querer dos meus quereres, é imposibre, porque lonxe de ti morro de pena[37] —e ardoroso apreixábase a ela e o seu corpo cenguía con forza.

Ela queríase apartar pro non podía; aqueles ollos negros queimábana e Xacinto achegaba a súa morena cara á de Frolinda, e envolvía co seu alento, que se escapaba dos tremantes[38] beizos, nunha atmosfera[39] de molicie ó mesmo tempo que unha mau indiscreta e tentadora facíalle arripiar o corpo...

Non foi milagre, debre e namorada ela; febritante[40], virxen e polo tanto cheo de deseos[41] il[42]; tentador o síteo[43], própea a ocasión, todo foi cómprice, e o que había de pasar, pasou...

---

33 adolescente *(TM).*
34 astra estonces *(TM).*
35 desconecidos *(TM).*
36 ti non debes querer *(TM).*
37 penas *(TM).*
38 trembantes *(TM).*
39 atmosfra *(TM).*
40 frebitante *(TM).*
41 desos *(TM).*
42 el *(TM).*
43 sitio *(TM).*

IV

É unha noite de inverno fría e chuviosa. Por unha congostra rube pouco a pouco cuase arrastrándose, unha muller esfarrapada, sostendo nos brazos un meniño a penas envolto nunhos farrapos.
De vez en cando atoupeña e estonces pódese ouvir que con debre[44] e apagada voz marmulla:

— Señor... Señor, pouco falta... deixádeme chegar —e dempois camiña vacilante, cal si aquil corpo[45], dobregado pola fame e pola miseria non poidese sosteñerse[46].
A chuvia sigue caíndo maina, maina, e parés que lle entra hasta[47] a cana dos ósos e que a fai arripiar toda.
Cada vez se sinte desfallecer[48] máis, pro parés cun deseo[49] oculto[50] a fai andar.
Por fin chegou ó borde do piñeiral, pro non poido dar un paso máis e caíu de xinollos.
Estonces ergueu[51] a vista ó ceo cal si pidise compasión e dúas bágoas silenciosas saíron dos seus ollos, daquiles ollos azúes, grandes, fermosos, que se destacaban naquela cara comida pola miseria e o delor.
Dempois desenvolveu o meniño cal si fose nel a buscar consolo, pro un berro aguniante se lle escapou do peito, ¡o infeliz estaba morto! morrera de fame e consunción, cal morre a luz á que lle falta pavesa.

— Ouh meu Dios, meu Dios, soilo esto me faltaba —marmurou a infeliz[52]— e faguendo un esforzo soberano foise arrastrando arrastrando hasta chegar ó pé do valado.

---

44 deble *(TM)*.
45 cal si aquel corpo *(TM)*.
46 sosterse *(TM)*.
47 astra *(TM)*.
48 esfallecer *(TM)*.
49 desexo *(TM)*.
50 aculto *(TM)*.
51 levantou *(TM)*.
52 infiliz *(TM)*.

— Gracias, Señor, gracias, por fin podo morrer onde quería. Xacinto... meu Xacinto... canto te amei... ti abandoácheme[53] por outra[54], pro eu ámote sempre... eiquí... eiquí foi onde te coñocín[55], onde che entreguei a miña honra... e eiquí veño a morrer, co fruto dos nosos amores...Xacinto... meu Xa... cin... to... —e co neno apreixado contra o peito quedouse morta.

Ó outro día cando os labregos pasaron pró traballo, quedáronse pasmados ó atopar alí aquela muller e aquil[56] meniño mortos.

Non sabían quen eran[57], pro ó mirar pra aquiles[58] ollos azúes que a morte deixara abertos, un recordo asaltou a súa mente.

— Frolinda é a Frolinda, que desaparecera sin saber pra onde fora —e os coitados sentiron asomar as bágoas[59] ó contemprar á que fora súa veciña, a máis fermosa de todas, a que namoraba con aqueles ollos azúes, grandes, fermosos, que agora empañados pola morte parés que os miraban con tristura.

Máis tarde ergueron esa cruz que che chamou a atención, e ó ver esas froles azuadas que en gran número[60] brotan ó seu pé, non falta vello[61] que asegure que son os ollos da infeliz[62] Frolinda.

Aí tes a histórea que tiña a derrengada cruz. ¿Ti non a sabías? Pois non outra cousa nos dicían os piñeiros cos seus queixumes tristes e melancónecos[63] aquela tarde que descansamos baixo as súas sombras[64].

---

53 abandonácheme *(TM).*
54 Omitido *por outra (TM).*
55 conecín *(TM).*
56 aquel *(TM).*
57 era *(TM).*
58 aqueles *(TM).*
59 bagullas *(TM).*
60 númaro *(TM).*
61 vella *(TM).*
62 infiliz *(TM).*
63 malancónecos *(TM).*
64 baixo a súa sombra *(TM).*
A continuación de "A cruz do piñeiral" inclúense os contos "¡Rillote!..." e "Cóxegas", recollidos en *Beira do lar.*

¡SEMPRE SON ELES!

I

— ¡Ora o diaño!... seica ten ganas de lérea —marmuleou Xuana poñéndose vermella como as cereixas.

— Non o negues, có rapaz non se estrevía a nada senón foras ti...

— Ó aire, vosté ten ganas de conversa e eu téñolle máis que faguer que perde-lo tempo —e erguendo o feixe de herba que pousara no valado, deixouno coa palabra na boca.

Eu degorábame coma tódolos da aldea por saber o que pasara entre Xuana e Manoeliño, o fillo do médeco.

A cousa non era pra menos.

Manoeliño era un rapaz vergoñoso que a penas si erguía a vista do chau nin se apartaba das faldras da nai.

En tocante a mulleres, vai boa, nin polo cheiro, soilo viña a casa polos vraus e aposto calquera cousa a que non sabía máis que o que saben tódolos rapaces que están nos colexios, que dito sea en sacreto é pior que sabelo todo.

Pro de súpeto variou por compreto.

Xa non baixaba os ollos e anque pola costume seguíase ribirizando, xa se lle vía nos ollos certa malicia e sourría con sorna cando a coitada da nai lle decía que os rapaces se encargan á feira...

Todo o pobo adivirtiu aquela vareación e a nai decía a quen quería ouvila que o seu fillo lle meteran un meigallo no corpo e pouquichiño faltaba, pra lle bater as que lle decían, que non fose parva, que o meigallo que o tiña dinantes e que agora en troques de llo meter que llo sacaran.

¡No, a xente cando fala, non atura!

Pro nos pobos pequenos sempre andan ás esculcas do que non lles importa e así foi que a xente pronto soupo por un rapás que andaba ós grilos que días atrás se toparan Manoele con Xuana a tecedeira e non sei que xuncras poido contar o rapaz que toda a xente comen-

zou a marmurar que quen tiña culpa de que varease Manoeliño era a Xuana.

E tanto e tanto se falou, e tanto os mozos figueron rabear á tecedeira que esta cantou de prano, e dixo que o que tiver a culpa fora Manoel que a enganou, e que lle botara unhos polvos drento dun figo que lle deu a comer...

O mozo negaba por tódolos negares e non había modo de lle tirar unha palabra do corpo, en cámbeo a nai dil non se cansaba de lembrar que ela, a tecedeira, estivera sirvindo na vila e que era unha papaxílgaros que lle botara de perda o pimpolo do seu fillo. E como pasa en tódalas cousas, dividíranse os pareceres, e us botábanlle as culpas a ela e os máis decían debera de ser il por aquelo de que da auga mansa etc. e ademais que as mulleres son tan coitadas que sempre os homes temos a culpa do que lles pasa.

¡Como ha de ser!

Tiñan razón e dabondo, e senón xuzguen vostedes que eu voullo a contar como a min me contaron.

¡No, por eso os homes, asús!...

II

Deu a hora de xantar, faguía un calor que válgame Dios.

Manoeliño viña dos puzos do muíño de se bañar, por entre un tarreo de millo, e xa iba a saír dil cando ouvíu unha voz que o chamaba polo seu nome.

Revirou a cabeza e topouse con Xuana, que coa saia refucida regaba unhas cebolas.

— Seica vai prá casa —díxolle ela apoiando o cabazo no chan e mirando riseira.

— Seica si.

— Pois si agoarda un pouquichiño vamos xuntos.

— Boeno, logo agardarei.

Xuana escondeu o cabazo entre unhos guisantes, baixou a saia e co pano da cabeza na mau e a chambra medio desabrochada botou a andar na compaña de Manoel.

Asina andiveron un pouco cando ela dixo:

— ¿Non sei si tomaría a mal que o mandase agardar?...

— ¿Por que, muller?...

— ¡Como non son do seu hábeto!...

— Bo, qué lle fai.

Novo silenzo e nova camiñata.

— Seica se ven de bañar —volveu decir— neste tempo convenlle ós homes refrescar...

— ¿Non sei pra que? —marmurou Manoeliño póndose todo roxo e médeo arrempuxou á tecedeira.

— No, non me arrempuxe, que si vamos a unha loita, fágolle berrar "vivan as saias".

— Si, eso veríamolo...

— Xa está visto —e sin máis nin máis, colleu o rapaz e guindouno no chau.

— Porque me colleches descuidado.

— Fora como fora, agora non o solto —xa Xuana riba dil deulle unhas cofeaduras de mau de amigo.

Manoel medio atafegado polo sol e pola rapaza estaba sin rebulir, pro non sei a donde xuncras se lle escapou a ela unha mau que o rapaz deulle un rempuxón e botouna de xunto a si.

A Xuana recolleu o pano e arregrando o pelo botou tras dil marmullando: —¿seica tivo medo?

Manoel calaba, pro nos seus adrentos iba deseando chegar pronto a casa.

¡Ora o diaño da moza! ¡asús! quedara parvo... e ó mesmo tempo non sacaba as maus dos bulsos dos pantalós, xa se ve, co calor andaban as pulgas enrabexadas...

Naquil momento iban por unha corredoira; e Manoel médeo se esborrallou a soma porque era tanto o calor que faguía que non se podía resistir.

Xuana sentouse a carón dil e afroxou as barazas do xustillo pra respirar con máis libertá.

Asina estiveron un anaquiño.

Manoel xa non baixaba tanto os ollos e guixaba así como quen non quere a cousa prá rapariga.

Aquela roxota de ollos azúes tiña unhas meixelas coloradotas como mazás que daban ganas de amordiscalas e unhos beizos, vamos, ¡que beizos! e aquel seo, sudoento, tremante e aquelas pernas... no, abofellas era un milagre.

Ela mirábao maleciosa, hasta que non aturando calada, díxolle con certa sorna:

— ¡Asús! ¿Seica ten un paxaro no bulso? ¡E o que lle rebule!...

Manoel[1] calou pro púxose tan vermello, tan vermello, que parés iba a botar sangue por tódolos poros e medio avergoñado, medio trincón arremangouna pra on lado.

— Vaia, estese quedo...

— ¿E ti non dis que podes conmigo?...

— No, canté... eiquí si vosté quer ser malo, quen me val... xa se ve, como estamos soilos... pode faguer de min o que queira...

— ¡Xa o sei!... ¿pra que berres?

— ¡Ai eso si!... ¿e máis hoxe que estou rouca?...

---

[1] No orixinal di Ánxel por erro.

FROL SIN REGO[1]

Eu la senteime a chorar
ó pé dunha sepultura,
respondérome de adrento:
— O mal de amor non ten cura
Do Fado

I

Ouvide garridas meniñas da montaña, ouvide.

Vosoutras que soñades[2] en amar, que refrexades nos ollos o amor que no voso peito se esconde, ouvide unha histórea[3] de amor e bágoas, a histórea da probe Rosa de amores morta, ouvide, ouvide.

Pro antes vide conmigo, baixade dos empinados curutos onde a bris cargada cos cheiros[4] do sargazo e a manzanilla vai troulear amante coas trenzas dos vosos cabelos.

Baixade ó antigo castro *Cubete* onde hoxe se ergue unha ermida á milagrosa imaxen da Virxen de Covas.

Xa estamos: os nosos pés esténdense frolidas veigas nas cales as brancas chouzas[5] somellan adormentadas pombas, soutos frondosos baixo os cales, xanta o gando[6], e verdes lameiros surcados de líquidos espellos riba os cales as froles coquetexan[7] e os paxaros vaidosos contempran o seu carís.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.) en dúas partes: Parrafeo 209, 25 de decembro de 1887, pp. 4-5 e Parrafeo 210, 1 de xaneiro de 1888, pp. 3-5. Non leva a cita do comezo.

[2] Estas formas aparecen recollidas no semanario *O Tío Marcos da Portela* na súa forma dialectal: soñandes, refrexandes, vinde, baixande, temandes...

[3] historia *(TM* en tódolos casos*)*.

[4] cos recendentes cheiros que ó val lle rouban, vai a troulear amante coas trenzas dos vosos cabelos *(TM)*.

[5] casas *(TM)*.

[6] o gando xanta *(TM)*.

[7] coquetean *(TM)*.

¡Que fermoso[8] paisaxe! Pro non temades que vos siga falando dil, nin a falar os vou[9] das espesas carballeiras en cuias acultas[10] fonteliñas crendes ver nas noites de luar bañarse ás fadas nin do bullangueiro regato que de penedo en penedo, de laxa en laxa, vai trouleador brincando e envolvendo as espadañas en manto de crenchas[11] brondas ou de espumosos encaixes.

Teño que vos contar a histórea da coitada Rosa, que senón[12] falaríavos dos crimes e dos misterios da torre Oxea, ou das tradiciós da antigua Arsacia, na cal o santo Apóstol fabricou coas ruínas do tempro[13] de Marte unha ermida en honor da Virxen María que inda hoxe existe fer gardadora do berce dos mártires groriosos Facundo e Primitivo[14].

Pro vós estades impacentes, e teño que contar o que vos prometín, pois o ofrecido é deuda.

Ouvir, garridas montañesas, ouvir.

II

Lende aí nesa lousa que médeo cuberta polas herbas e as margaridas[15] está na porta da eirexa.

¿Que di?

"Rosa, morreu ós quince anos"

---

[8] hermoso *(TM* en tódolos casos*).*

[9] del, non vos vou falar *(TM).*

[10] ocultas *(TM).*

[11] rizadas *(TM).*

[12] sinón *(TM* en tódolos casos).

[13] templo *(TM).*

[14] que inda hoxe esiste, fel gardadora da cuna dos mártires groriosos Facundo e Primitivo, que por ela morreron *(TM).*

[15] medio cuberta polas herbas e as violetas *(TM).*

— ¡Probe nena! —diredes, e unha bágoa baixará polas vosas meixelas ó recordar á coitada[16] que morreu na risoña edá das ilusiós.

Chorai, chorai, porque era un ánxel.

Os seus azúes ollos, somellaban un anaquiño de ceo envolto no sol das súas pestanas.

Ramallo de cravés eran seus beizos, xazmís seus dentes e entre us e outros barrentaban de cheiros do seu alento.

Tremadora néboa da que frota na cima dos picoutos somellaba o ledo maneo do seu lixeiro corpo, e pura máis que as pombas nunca o delor aniñara no seu peito[17].

Pro todo chega cando Dios o manda, e á feiticeira[18] nena chegoulle o momento de sofrir e padecer[19].

III

Era un día de festa, os foguetes esboiraban en mil estrelas, somellando chuvia de froles ou de estreliñas; a xente bailaba e aturuxaba a non poder máis e a gaita maina, mainiña, deixábase ouvir con dozura.

Rosa dende pequerrecha sempre fora dun carauto melancóneco e

---

16 ó pensar na coitada *(TM).*

17 Os seus ollos azúes somellaban un anaquiño do ceo envolto entre o sol dos seus cabelos. Un ramallo de craveles eran seus beizos no cal un reiseñor fixera o niño, e os seus dentes xazmís a quen a bris do seu alento lle roubaba os cheiros. O seu corpo parés a espadana a quen a fonte move ou o xunco a quen bambea o rego. Cando se movía mesmo somellaba a tremadora néboa que frota vaporosa na cima dos picoutos.

Era pura cal as brancas pombas ou cal dun ánxel o pormeiro ensono, e xamais o delor conecera no seu peito *(TM).*

18 probe *(TM).*

19 Tras desta frase atópase en *TM* o seguinte parágrafo: Sempre dende pequeniña fora dun caráuter melancónico e pensativo debido cecais ás soedades que gardando a facenda pasaba decote no monte.

pensativo, cicais debido ás estranías que decote pasaba no monte. Sentada no pretil do adro miraba como a xente se divertía, pro como sempre sin tomar ela parte na groma[20].

Asina[21] entregada ós seus pensamentos estivo largo tempo; de súpeto baixou os ollos, vermelleoulle a cara[22] como as cereixas e toda turbada púxose a darlle volta cos dedos á punta do mandilete.

Diante dela estaba un señorito da vila, que despois de contemprala por un anaco[23] con cobiza, escramou:

— ¡Fermosa rapaza, por miña vida que non hai outra como ela polos contornos! —e aleixouse non sin volver moitas veces a cara atrás cal si pesaroso fose.

¿Que lle pasou? Nin ela mesma o podería espricar[24].

Sentiu que lle apreixaban o curazón[25] pouquiño a pouco; unha bágoa trembeleou[26] entre as súas pestanas e esvarou, esvarou[27] polas meixelas cal as pingotas[28] de orballo esvaran polas follas das brancas azuceas.

Despois levantouse e marchou pra casa.

Aquela noite non poido acoubar no leito[29] e a mañanciña cedo cando se levantou pra ir ó monte os seus ollos estaban orlados de dous círcolos[30] de azuadas violetas.

Desde entón non se esprica o que lle pasou: parescíalle que os paxaros cando se cofeaban unhos cos outros que a miraban e se rían, as follas dos árbores mecidas pola bris, non sei que sacretos marmuraban e as cheirosas froles non sei que decían na súa vistosa corola.

---

20 pro, como sempre, sin tomar ela parte *(TM)*.
21 Así *(TM)*.
22 púxoselle a cara roxa *(TM)*.
23 contemprala un momento *(TM)*.
24 podría esplicar *(TM)*.
25 corazón *(TM* en tódolos casos).
26 estremeceuse *(TM)*.
27 e tremborosa esvarou *(TM)*.
28 pingotiñas *(TM)*.
29 non pudo acoubar na cama *(TM)*.
30 círculos *(TM)*.

Non se apartaba dela a imaxen daquil señorito[31]; nos seus ensonos parecíalle[32] que a queimaba con aqueles ollos negros e que aqueles beizos de sangue se pousaban nos seus e estonces sentía correr polo corpo adiante un fogo ardente que a consumía e a sangue agolpándolle o curazón, parés que o quería tirar do síteo[33].

As súas noites eran intranquías e turbadas por ensonos que nunca tivera e que agora a peas si a deixaban acoubar[34].

Ela sentíase morrer pouquiño a pouco, notaba no seu peito un vacío, comprendía que algo lle faltaba[35] e non sabía espricarse o que era e neste estado de sufrimento e bágoas pasaron días e máis días e a coitada Rosa foise pondo cada vez máis esmaída[36].

Quería rezar e a súa língoa parés que se lle entorpecía e os santos todos se lle figuraba que tiñan a carís[37] daquel señorito que en mal hora vira na festa.

Chegou a tal estado o seu desfallecemento que a xente comenzou a notalo e a súa nai a entrar en coidado.

Chamouse ó médeco, pro o médeco coas súas drogas e os seus enxagues[38], inda a puxo pior[39] porque a enfermedá que padecía Rosa non era das que se curan con boticas[40].

Entón botáronlle, como sucede[41] sempre, a culpa ós meigallos e non quedaron rescritos, bendiciós, nin nada que se non fixese, pro sin outer resultado de ningunha cras[42].

---

31 Dende estonces non se apartaba dela a imaxe daquel señorito *(TM).*

32 parescíalle *(TM).*

33 e a súa sangue agolpándoselle ó corazón, parés que o quería tirar do sitio *(TM).*

34 As súas noites eran intranquilas e turbadas por ensonos que nunca tivera e que non a deixaban acoubar a penas *(TM).*

35 que lle faltaba algo *(TM).*

36 cada vez se iba pondo máis esmaída *(TM).*

37 todos se lle figuraban que tiñan a cara *(TM).*

38 enxaugues *(TM).*

39 peor *(TM).*

40 das que se cuidan con medicina *(TM).*

41 socede *(TM).*

42 e nin quedaron rescritos, nin bendiciós nin nada que non se fixese, pro tamén sin resultado de ningunha clas *(TM).*

Non lle había que dar voltas, a Rosiña morría, morría sin que remedio houbese pra ela[43].

IV

Chegou o outono, había que pagar[44] os trabucos e os labregos tiñan que ir mirando de onde habían de sacar os cartiños senón querían que lle embargasen os bes.

Con tal motivo a nai de Rosa tratou de vender un pouco de centeo e xa pra que llo axudase a levar como pra que se distraxese das súas coitas levou a filla consigo[45].

Era día de feira[46] e a industreosa[47] vila de Cea estaba chea de animación e tódalas calles estaban acuguladas[48] de arrieiros que ou ben acudían ó mercado con cargas de grau[49] ou ben saían cargados cara outro pobo[50] do afamado pan da dita vila.

Pro notábase outra animación distinta da acostumbrada en tales mercados.

Aquel día era de festa e de troulada, pois casábase o máis rico maiorazgo do pobo coa máis fermosa rapaza que as ribeiras do Anceo habían xamais criado.

En todo o pobo non se falaba doutra cousa e como sempre socede nestes casos, formábanse[51] centos de comentarios.

---

43 Non había que lle dar voltas; a Rosiña morría, morría, e non había remedio pra ela *(TM).*

44 dentro de pouco había que pagar *(TM).*

45 se distraese das súas coitas, levou consigo a súa filla *(TM).*

46 mercado *(TM).*

47 industriosa *(TM).*

48 cheas *(TM).*

49 centeo *(TM).*

50 outros pobos *(TM).*

51 cruzábanse *(TM).*

Soilo Rosa permanecía triste e indifrente entregada ás súas cavilaciós. De súpeto[52] as campás empezaron a repinicar ó mesmo tempo que as bombas cos seus estrondos anunciaban que se acabara a misa.
Xa saen, xa saen —berrou a xente e abandoando[53] todo botou a correr de cara á eirexa pra contemprar os noivios[54] ó saír dela.
Rosa permaneceu queda; pro fose por curiosidá ou porque unha forza sacreta a impulsase, botou a correr hacia onde a xente corría.
Cando abafexando chegou onde a comitiva[55], era tanta a xente que por un anaco non poido[56] descubrirlle a cara ós noivios.
En tanto estos[57] chegaron á casa e ó ir a entrar[58] deron a volta pra saúdar á xente.
Ver a cara do noivio a coitada Rosa, e dar un berro triste, agunian-te, en que parés que se lle escapaba a vida, foi unha mesma cousa.
Naquil, naquil que alí estaba cheo de felicidá dándolle a mau á súa esposa, reconoceu o ánxel dos seus ensonos, o ídolo do seu amor, o señorito da festa[59].
Ó ouvir aquel berro a xente arremuiñouse ó redor da coitada nena, pro esta cun rápedo[60] movemento apartouna de si e botou a correr cal unha tola.
Pouco despois[61] xa naide se acordaba dela; a músecа tocaba alegre[62] e barulleira, a xente ó seu compás beilaba e os foguetes cos seus estralos[63] parés que se rían.

---

52 De repente *(TM)*.
53 abandonando *(TM)*.
54 noivos *(TM)*.
55 onde iba a comitiva *(TM)*.
56 pudo *(TM)*.
57 estes *(TM)*.
58 ó ir entrar *(TM)*.
59 Naquel, naquel que alí estaba cheo de felicidá dándolle a mau á súa prometida, había reconecido o ánxel dos seus ensonos, o ídolo do seu amor *(TM)*.
60 rápido *(TM)*.
61 dempois *(TM)*.
62 alegremente *(TM)*.
63 estoupos *(TM)*.

V

¿Que ten? ¿Que ten a campá da ermida que tan triste zoa[64]?
¿Que ten no seu acento que fai tremar o curazón?
Garridas montañesas, ¿que ten?

— ¡Ouh señor!, a nena dos azúes ollos e as trenzas de ouro morreu[65].

E o vento que sospira nos piñeiros[66] di: "¡morreu, morreu!" e as augas no regato[67], marmullan: "¡morreu, morreu!" e os paxaros, e as fontes, e a bris[68], e as froles todas, todas sospiran[69] pola nena dos cabelos de ouro e dos azúes ollos que xa morreu.

E as montañesas deixan a súa chouza e con gueipos de cheirosas froles corren a casa de Rosa.

Alí, alí está a infeliz morta de amores e os seus pés a coitada nai a penas alenta.

E os máis garridos rapaces da montana, e os máis xentís copreiros das ruadas choran pola que era seu encanto e unhos a outros se repiten a súa morte.

¡Ela, ela que fixera penar cos seus desdés ós máis goapos[70] rapaces, morreu[71] porque non veu o mancebo dos cabelos negros e dos negros ollos, morreu cal morre a frol a quen lle falta o rego!...

Vide, vide fermosas meniñas da montana[72] que xa levan na branca caixa a coitada[73] Rosa.

---

64 soa *(TM)*.
65 Ou señor, morreu, morreu, a nena das trenzas de ouro e dos azúes ollos... morreu *(TM)*.
66 entre os piñeiros *(TM)*.
67 e as augas que brincan no regato *(TM)*.
68 brisa *(TM)*.
69 suspiran *(TM)*.
70 guapos *(TM)*.
71 morrera *(TM)*.
72 famosas meniñas das montañas *(TM)*.
73 probe *(TM)*.

As cintas e as coroas axitadas polo vento parés que lle din adiós á casa[74]

Os paxaros pousados nos álbores pían tristemente e os carballos que sombrean o camiño incrinan os seus ramallos pra lle decir adiós.

E as froles mezcrando os máis arrecendentes cheiros envolven a caixa de prefumada bris.

Todo parés que se queixa e que lle di adiós.

Dempois todo acabou; a terra cubriu a probe Rosa e a xente retirouse tristeira pra súa casa.

Hoxe cando nas noites feitizadas do vrau ouzan o reisiñol[75] gorxear nos salgueiros do agro, din que a ialma[76] da Rosa ¡que chora polos seus amores!...[77]

1887.

---

[74] O vento axita as cintas e as coroas e parece que lle din adiós a súa chouza *(TM)*.

[75] reiseñor *(TM)*.

[76] din que é a ialma *(TM)*.

[77] Despois deste conto inclúese "Farruco", recollido en *Beira do lar*.

O PANTASMA BRANCO[1]

I

Ouvinde; a noite é pecha, a neve cobre os campos con branco sudario, os regos están adormentados, os paxaros fuxiron, muscháronse as froles, os álbores sin folla somellan xigantes esqueletos, cuios brazos móvense co vento, o lobo ouvea coa fame aló ó lonxe, e a curuxa, cal fuxitiva visión, pasa chirlando e destacándose entre as sombras.

Nunha esquina da lareira está sentada Xuana. De vez en cando para de fiar, pra meter debaixo do pote os pitelos que o lume vai consumindo.

Xa fai moito tempo que a cea está arregrada, e o pai contra a súa costume non viña.

O refrexo do lume pódese ver.

Os seus cabelos son rubios cal unha presa de espigas, ou cal as raioliñas do sol que se quedaran presas nas azuceas das súas meixelas. Os seus beizos follas de rosas son que ó axitalas a bris do seu alento amostraban aculto ramallo de brancas margaridas[2]. Pra seus ollos non hai comparanza posibre: o color deles somella o da fror do lirio[3], pro son tan bondosos, que neles adivíñase todo o candor da infancia.

Así pasou algún tempo; ela morría de impacencia, o seu pai nunca tardara tanto e comenzaba a ter medo.

O vento xumiaba xordamente nas ventanas e o tarabelo da porta cuasque non podía resistir o seu empuxe.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.) en dúas partes: Parrafeo 487, 3 de xullo de 1887, pp. 1- 2, e Parrafeo 488, 10 de xullo de 1887, pp. 1-2. Leva como subtítulo "Tradición".

[2] Os seus beizos son roxos caraveles nos que aniñou un reiseñor e os seus dentes son xazmís que lle dan cheiro (TM).

[3] liño *(TM).*

De súpeto[4] abriuse esta e unha racha de vento apagou o candil e deixou todo ás escuras.

— Pai... —dixo crendo que era el, pro non poido continuar, tapáronlle a boca ó mesmo tempo que us brazos vigorosos a collían.

Dempois ouvíronse[5] os pasos dun cabalo que fuxía velozmente.

Ó outro día os veciños do pobo toparon a casa de par en par aberta, e nunca máis volveron saber que fora dos seus donos.

II

A noite era crara e fermosa[6], os anxeliños andaban alcendendo os faroliños do ceo, e a lúa dende seu trono de marfil e nacre souría[7]bondosamente.

No terrado do castelo vese unha branca visión que xumiando mira pro ceo.

Pensaríase ó vela que era un querube castigado que lle pedía á virxen lle perdonase.

Era tan branca, tan branca, que se dubidaba si era unha raioliña da lúa que se refrexaba nun xirón de néboa.

Detrás dela apareceu un home.

Si é certo que hubo un ánxel rebelde, a súa cara debía ser como a dil[8].

Era fermoso, pro desas fermosuras que poñen medo ó mesmo tempo que namoran. Os seus ollos negros parecían lóstregos que brilaban fosforescentes na escuridá da noite; o seu carís era moreno e nel

---

4 De súpito *(TM)*.

5 ouvíanse *(TM)*.

6 hermosa / hermosura / hermosuras *(TM* en tódolos casos*)*.

7 sonrría bondadosamente *(TM)*.

8 del *(TM)*.

destacábanse unhos beizos de sangue sombreados a penas por lixeiro bozo. En fin, pra acabar diremos que era un deses tipos ardentes e libidinosos, un deses tipos nos cales a través da súa fermosura de ánxel adivíñase un curazón croel[9], a pesar do cal as mulleres mórrense por eles e adóurannos[10] con loucura.

Largo tempo estivo mirando pra ela sin que ela o vise; por fin apercibiuno e un berro aguniante se escapou[11] do seu peito ó mesmo tempo que retrocedeu.

— Xuana ¿por que fuxes?

— ¡Croel!

— ¡Oh! chamádesme[12] croel a min...a min, que por non vos ver derramar unha bágoa daría canto teño.

— ¿Estonces pra que me tendes eiquí?

— Porque vós amo, porque vós adouro[13] máis que adourar debe a Dios o que nel cree...

— Pois ben, si me queredes como decides, ¿por que non me deixades ir xunto meu pai, que morrerá de angustia se non[14] volvo?... ¿Por que non me volvedes ó meu pobo onde a herba cubrirá a focha da miña naiciña?...

— ¡Oh! nunca, nunca, porque eso sería perdervos pra sempre.

— Piedá, señor, piedá.

— Téndea vós de min.

— ¿E vós, señor, pra que necesitades a piedá de vosa escrava?

— ¡E preguntádesmo!

— ¡Ouh! ¿que vós importa o meu amor? Eu son probe; deixádeme co úneco que teño: coa miña honra... Acordaivos da vosa nai... —e a infeliz arrastrábase supricante ós seus pés.

---

9 corazón cruel *(TM)*.

10 adóuranos *(TM)*.

11 se esalou *(TM)*.

12 En *TM* aparecen as formas dialectais: chamándesme, tendes, querendes, decindes, deixandes, volvendes, necesitandes, preguntándesmo, deixándeme, adiantandes, podendes.

13 adoro *(TM)*.

14 sinón *(TM)*.

— Xuana, Xuana ¡canto te quero!

— A vós sóbranvos mulleres, a vós...

— Pro ningunha tan fermosa como ti[15] —e alzando a coitada nena nos brazos, pousou seus lábeos luxuriosos naqueles beizos de rosa, e soou un bico amoroso, ardente, lúbrico; que fixo eshalar[16] a Xuana un berro que lle arrincou o pudor e a sorpresa.

Estonces a corza[17] convirtiuse en leona, pro nada lle servía; aqueles brazos nerviosos e febriles apreixábana cunha forza que un mundo de deseos faguía aumentar, aquel corpo cenguíase a ela como as cobras ós álbores, e na súa cara sentía un alento cálido e ardente que a envolvía nunha atmosfera[18] enervante.

Sin embargo ela loitaba e a desesperación dáballe forzas, pro astra a loita iba en contra dela, pois desgarrándose os seus vestidos, deixaron ó descuberto un seo que a misma Venus tendría cobiza del[19]. Por fin escurriuse dos seus brazos e rápida abalanzouse ó parapeto do terrado que se erguía sobre horribres precipicios.

— Si adiantades un paso máis, guíndome de eiquí embaixo —dixo con voz trémula pola indinación e a cólera.

O conde quedouse quieto e ruxiu de rábea.

Ela cada vez estaba máis guapa e máis incitante; daqueles brancos vestidos que lle puxeron[20] ó vir ó castelo, soilo restaban unhos xirós que a medias tapaban o seu corpo, e que soilo servían pra resaltar máis a brancura daquelas carnes...

O conde bruaba de impotencia e deseos.

— Ti o queres, sea; ben sabe Dios canto me pesa o recurrir a este medio, pro ti non queres amarme por ben e tendrás que ser miña por forza.

---

15 coma ti *(TM)*.

16 esalar *(TM)* nos dous casos nos que aparece.

17 gacela *(TM)*.

18 atmosfra *(TM)*.

19 e aquelo faguía aumentar os deseos del, que cada vez redobraba seus esforzos *(TM)*.

20 puxeran *(TM)*.

Deu un berro e un paxe presentouse[21]; o cal dempois de recibir algunhas ordes desapareceu.

Pasou algún tempo e entraron catro homes, no medio dos cales[22] viña un vello, que ó mirar pra diante e ver aquela muller que medio desnuda se erguía diante del, parouse, dubidou, levou as maus[23] á cabeza, e lanzándose pra diante berrou:

— Xuana... Xuana miña —e dúas bágoas saíron polas súas tostadas meixelas, pro non poido chegar onde ela estaba, porque o suxetaron.

— ¡Pai...pai da ialma! —berraba tamén a probe Xuana, pro sin estreverse a soltarse de onde estaba.

Soilo unha carcaxada seca, iróneca, vibrante, lle contestou.

— Agora tes a vida de teu pai nas miñas maus. Decide: ou eres miña ou teu pai morre.

— ¡Infame!... Virxen santa... ¿que farei?... Miña honra... meu pai... ¡Nai querida! ti que me ves desde o ceo... dime... dime, ¿que hei faguer?... ¡Que viva, que viva meu pai!...

— ¡Ouh! ¡eso nunca, nunca!! —dixo este, e rápido soltándose das maus que o tiñan preso, colleu a Xuana pola cintura e dixo: — ¡Conde maldito, antes que a deshonra da miña filla, prefiro mil mortes!... —e lanzouse no espacio coa súa filla.

Un berro de asombro diron os que alí estaban.

Por un momento víronse os dous corpos flotar no aire cal si as súas pregues[24] os sostuvesen compadecidos de tanta fermosura, e dempois desapareceu[25] ó mesmo tempo que unha nube cobría a lúa, cal si non quixese presenciar aquel cadro de maldad[26] e de infortunio...

---

21 se presentou *(TM)*.
22 dos que *(TM)*.
23 mans *(TM)*.
24 plegues *(TM)*.
25 desapareceron *(TM)*.
26 maldade *(TM)*.

III

Ó outro día, os labregos que gardaban o gando, fuxiron espantados. Polas cercanías do castelo rondaba un pantasma branco, cuias formas solo se divisaban confusamente cal si fose un anaco de escuma[27].

Pouco a pouco foise correndo o caso e non había alma nacida que por alí volvese pasar, e as cercanías do castelo foron quedando desertas.

Unha noite estaba o conde paseando soilo polo terrado. De repente sintiu cerca de si un roce como o das aás dun paxaro, e un sopro de vento, frío, tan frío que lle entrou astra a cana dos ósos. Mirou e solo viu unha gran nube branca que erguéndose donde el estaba parés que chegaba ó ceo. Aquela nube pouco a pouco foise iluminando; no centro dela fóronse destacando os contornos dunha muller fermosísima que medio desnuda tendía hacia el os seus desnudos e torneados brazos[28], ó mesmo tempo que lle sourría con amor.

Un berro agudo se eshalou do seu peito: naquela muller había reconecido a Xuana, que viña máis fermosa que nunca e que en vez de fuxir del sourríalle amorosamente.

— Vén, vén —dicía a branca visión— Vén ós meus brazos, vén que te amo —e ó mesmo tempo enroscábase a el e os seus brazos cuase o afogaban.

El quería fuxir e non podía; aquela branca néboa que envolvía á súa Xuana tamén o envolvía a el e levantaba a entrambos polo aire.

Eles rubían, rubían; o castelo xa non se vía, cando soou unha carcaxada, mirou, e en vez da fermosa Xuana soilo viu un esqueleto que o abrazaba e que cos descarnados dentes o bicaba frenetica-

---

[27] espuma *(TM)*.

[28] tendía hacia el os seus desnudos e torneados brazos languidamente *(TM)*.

mente.
Cheo de horror pechou os ollos: cando os abriu sintiuse rodar polo espacio e aló ó lonxe viu unha cousa branca, branquiña, que rubía pró ceo...
Ó outro día cando despertaron os peisanos atoparon o castelo feito ruínas; toda a súa xente había desaparecido.
O conto do pantasma branco correuse e naide volveu pór os pés por alí.
Hoxe inda podedes ver o sitio onde foi.
A calquer veciño de Reboredo ou Seixalvo que lle preguntedes[29], ensinaravos na serra unhas penedas cubertas polo musgo e pola hedra, a quen o pobo lle chama a "Torre vella" e onde cren[30] ver de vez en cando o pantasma branco.

1888[31]

[29] perguntedes *(TM)*.
[30] creen *(TM)*.
[31] Segue a este relato "Niño desfeito", recollido en *Beira do lar*.

CONSONANTE FORZADO

I

En cras de argallantes, xa non hai como os rapaces de Celanova.
¡O que eles non fan, non o fai o demo!
Cicais levado a que teñen no pobo as mellores rapazas da provincia, sempre están de bo xéneo e aproveitando tódalas ocasiós pra divirtirse.
E coidado, que como a un rapaz de Celanova se lle meta algunha cousa no corpo, non a deixa da mau hasta darse xeito de como lle ha de sacar gosto e divertimento anque seia a conta do próximo.
En tratando de se adivirtir, non lle teñen respeto a naide, e senón pra mostranza, o que lle fixeron non fai moito á úneca groria positiva da dita vila, e conta que hai nela cada pai Andrés e cada pai Luís que son capaces de lle abrir os ollos ó rapaz que os teña máis pechos, co cal sacan do máis burro cada groria que é un milagre.
Pro por demais está que o decir a úneca groria, referímonos ó seu manífico Conde, diputado por Calahorra, gobernador de non sei onde, e outra chea de títulos e dinidades, que de ter outras tantas o crego de Tamallancos, il que gasta tanta borra soilo por ter un escudo de pedra na porta da casa, de fixo que toupa como unha castaña.
Máis pra acabar basta con que lembremos, por si non o adiviñaron, que nos referimos ó lembrado D. Paco Roque[1].

---

[1] Paco Roque foi un poeta de fins do século XIX, natural de Celanova pero moi coñecido en Ourense, que forma parte xunto a Xan da Cova das tradicións da cidade ourensá. Sinala Alonso Montero que "era mesmo aplaudido por aqueles que querían mortificar a Xan da Coba". Nunha carta este cualifica a Paco Roque de "poetastro". Inclúe tamén unha coñecida cántiga popular que circulaba por Ourense: "Tres cousas hai en Ourense / coas que nin o Congo conta, e sonvos o Paco Roque, don Basilio e Xan da Coba". Carlos Casares sinala que na carta que Xan da Coba remite a Enrique Labarta protestando polo debuxo publicado en *Galicia Moderna*, "non só se queixou a Labarta da inclusión do San Roque, senón que tamén lle recriminou que noutra parte da mesma viñeta aparecese unha coroa de homenaxe cunha cinta na que figura como remitente Paco Roque, o célebre poeta de Celanova, contemporáneo de don Xan, con que este compartiu o parnaso do

Pro de tódolos seus honores, ningún que lle de tanta sona, nin que il teña en tanta estima, como é o ser poeta, e non asina como se queira, que xa poden vir Lois[2] e Pinales[3] a mangados, que asina se lle dá por eles como pola primeira camisa que se puxo.
Asina é que anda máis foncho cos seus versos que o crego de marras cos seus pergamíos, e a todas horas anda decindo que non hai palabra no mundo a que il non lle atope consonante.
D. Paco é tan bo poeta como namorado, e máis namorado que porco, e eso que en cuanto a porco é máis que a misma porquería.
Asina que ó ver unha meniña fermosa que veu pra Celanova incendióuselle o curazón, que ás veces tamén o esterco arde, e metéuselle na cabeza que había de casar con ela, non sei si co gallo de lle faguer un fillo pola eleutricidá como lle fixo a certa nena de Ourense.
Comenzaron as olladas, delas viñeron os salaios e os disparos poéticos e destes viñeron as rondas e os parrafeos coa dona do seu pensamento, e tantas probas deu do seu amor e tan craramente as fixo que foi imposibre por máis tempo o disimulo.

II

Alborotouse o pobo coa noticia, frotaron de gosto as maus os vellos, tembraron os parentes, cacarexaron de alegría tódalas meniñas, e en canto os mozos non aturaban diante a perspeutiva das aventuras que iban a soceder mediante a voluntá de Dios ou do demo, como quen di de Sagasta ou Cánovas, que o que a un lle falta pra Dios sóbralle ó outro pra demo.

---

disparate". (Vid. X. Alonso Montero e Carlos Casares, *Vida, obra e milagres de Xan da Coba*, *op. cit.*, pp. 14-16 e 29, respectivamente).

[2] Véxase a nota 2 de "O can de San Roque".

[3] Véxase a nota 3 de "O can de San Roque".

Animaron unhos e outros a dona, e tan boa maña se deron que lle fixo crer a D. Paco que seu amor era correspondido, mais que tiña que roubala, pois os da casa non eran gustantes no casamento, pro que ela estaba disposta a deixarse roubar e a fuxir con el.

Con esta romántica aventura alcendéuselle máis o curazón a D. Paco, que xa se vía pasar á historia como roubador de donas, pro como il soilo non podía levar a cabo, tivo que avisar a algús pra que o axudasen.

Os rapaces que andaban á husma do que pasaba, ofrecéronse eles mesmos, máis coa condición que lles había de pagar unha boa enchenta.

D. Paco, que anque é rico é dos de Villapuño, por pouco desiste do seu amor, pro ó fin venceu nel o deseo de conquerir a sona de seductor que aquela aventura botaría enriba dil, e afroxando a bulsa pagou canto pidiron, que por certo non foi pouco.

Chegou a hora do deseado rauto, D. Paco montado nun burro branco, esperaba impacente que polo balcón lle baixaran a noivia, e soilo, tranquío quedou cando tapada con longo pano a viu descender por unha escada nos brazos de dous mozos, que con moitísimo coidado lla puxeron no burro diante de si.

Entre as despedidas dos unhos e os consellos dos outros, botou o faco a andar, e Don Paco comenzou unha chuvia de parrafeos namentras apreixaba a fuxitiva e anamorada dona contra o peito, sin que ela dese máis sinal de vida que un lixeiro marmullar que a el lle parecían salaios, pro que non era outra cousa senón risa, pois a tan apreixada meniña, non era senón un seu irmau que se puxera aquel traxe, e que ó ver o engano e ouzar as disparatadas razós non podía acoubar coa risa.

Nentranto os rapaces da vila e moita máis xente, escomenzaron a disparar tiros e con fachas alcesas somellar que iban en busca dos fuxitivos, que asina o maxinaron prá groma e diversión.

D. Paco que viu todo aquelo creu que era perdido, e chimpando do burro, pro sin soltar á noivia, ollou en redor pra ver onde meterse, e vendo á beira da carretera unha desas covas que fan os camiñeiros, meteuse drento dela.

Pro como el é calvo, seica se lembrou de que a ocasión a pintan calva, ou de que sardiña que leva o gato, etc.; o caso foi que non quixo perder a ocasión que se lle presentaba antes que lle levasen a rapaza.

Esta faguía a forza protesta de querer conservar o seu honor, pro el non quería ouvir nada nin atender a razós, e tenta de eiquí, fuxe de alí, tanto fixo e tanto fixo que meteu a mau onde non debía.

A todo esto chegou a xente a donde estaban, e entre groma e barullo leváronos pró pobo, máis o que alí na cova pasou nunca mo poiden espricar, pois sempre que se pregunta, a xente rise, o rapaz que se vistira de nena dis que por maino que o gato sea, indireita o lombo á forza de pasarlle as maus, e en tocante a D. Paco non deixa de marmurar:

— ¡Asús! ¡tan bo poeta son, que hasta neso hei topar consonante!...

A VIRXEN DO CARMEN DA BURGA[1]

I

Ourense dorme, tocaron a queda e todo está en silenzo. O barrio da xudería correu xa as cadeas, pechouse a sinagoga e todo está adormentado, silenzoso, soilo o Barbaña ó pasar rozando coas súas míseras casas parés se queixa xordamente.

As burgueiras arrecolléranse, os graxos da Burga agazapados nos seus buracos seica medo lle tiñan ó frío, que nin por xuncras botaban o fuciño fóra.

Nunha rúa sucia, lóbrega, estreita como tódalas da xudería, inda debe de haber alguén que vele, pois inda nunha das súas casas hai luz.

Así é. Raquel, a xudía máis rica e máis fermosa de todo o barrio, inda ten luz alcesa no seu coarto.

Si algún curioso poidera ollar o que alí pasaba, de seguro que se houbera quedado parvo de adimiración.

De xinollos, sobre rico coxín, cos codos apoiados en non moi[2] alta mesa, estaba a linda xudía.

Adiviñábase polo traxe en que se alcontra que se dispuña a deitar, pois tan soilo branca camisa medio encobría seu feitizado corpo.

Pro si adimiración causaba ver ó descuberto tan lindos encantos, moita máis un sentía ó ver a rica xudía de xinollos ante a imaxen da Virxe do Carmelo, a quen miraba degorante, cariñosa, e tan pronto bicaba como apreixaba contra o seu desnudo peito.

A un que a contemprase, máis ben que muller figurábaselle unha ilusión. Entre os encaixes da súa branca camisa destacábase o seu busto mórbido, latexante, a través de cuia rosada pel traslucíanse as azuadas veas e víanse os estremecementos dos seus nervos.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.) en dúas partes: Parrafeo 293, 15 de setembro de 1889, pp. 1-2 e Parrafeo 294, 22 de setembro de 1889, pp. 1-2.

[2] mui *(TM)*.

Os seus cabelos, negros, abundosos, ondulantes, caíndolle soltos polas espaldas cal de abalorios cascada, íbanse perder astra as súas redondeadas cadeiras que baixo as pregues da camisa faguíanse adiviñar.

A luz do candil descumpúñase en visos azuados ó ferir ós seus cabelos, pra logo tomar os tintes de carmín e de ouro ó esvarar nas súas carnes, e entre us raios de luz e os outros rodeábana cunha auréola lúcida, fantásteca, que a faguía somellar a un ser sobrenatural.

Tan embobada estaba que non sentiu abrirse unha porta tras de si. No seu lindar apareceu un vello, de aspeuto repulsivo e medorento. Ó vela naquela postura e ó reconocer o ouxeto que nas maus tiña parouse dubidoso, levouse as maus ós ollos pra convencerse de que non soñaba, e trémulo do furor esalou un berro rápedo, nervoso, bruante.

Ó berro del contestou outro de sorpresa, e Raquel ocultando a imaxen no seo ergueuse supitamente e medrorosa volveu os ollos cara el.

Asina[3] mudos, mirando un pro outro pasaron un anaco, astra que el adiantándose colleu a Raquel por un brazo e empuxándoa fortemente escramou:

— ¡Miserabre!

— Pai —dixo ela con voz melosiña, doce, ó mesmo tempo que caía de xinollos.

— ¡Eu pai dunha cristiana! promeiro morrería... vén —e colléndoa por unha muñeca medio a arrastrou fóra da habitación, abriu as portas da casa, e sin atender a sospiros nin bágoas, deulle un garapaldo que a fixo ir ó medio da calle e el meteuse drento pechando as portas e bruando rabechas.

Raquel medio atontada non soupo no promeiro momento darse conta do que lle pasaba, pro pronto o frío da noite a fixo volver en si, e ó verse medio desnuda, arroxada da casa dos seus pais, soila, abandonada, botou unha ollada ó ceo pidindo ausilio e dúas bágoas esvararon polas súas meixelas.

---

[3] Así *(TM)*.

Despois medio abobada, sin darse conta do que faguía, comenzou a andar dun lado pra outro, e pronto ó saír da estreita rúa atopouse no escampado da Burga.

Sentíase morrer co frío, quíxose dirixir hacia o pilo das tripas pra se quentar no tafo, pro non poido dar un paso, fraqueáronlle as pernas e tivo que se sentar no chau.

Asina[4] sentada sobre aquil[5] campo branco pola xiada, coas maus apreixando a imaxen da Virxe ó mesmo tempo que coa camisa trataba de encobrir o desnudo peito, coa cabeza ladeada e mirando ó ceo cunha mirada triste, doída, resinada parescía unha estáuta de neve a quen de cabelos lle servían as tréboas da noite.

Aquel cadro era imponente, manífico, subrime. A lúa brilante, crara, lucida naquel ceo despellado parés engarraba as súas raioliñas na fermosa nena cal pra formarlle manto de prata, esvaraban despois polas meixelas tomando ribetes do carmín nos cornarinos beizos, dourábanse nos hoiuelos do seu peito, branquexábanse no lenzo da camisa, e a penas si algún broche escuro faguía nas pregues e na cama proieutada no chau.

Despois dela fortes pinceladas, escuras, cincentas[6], negros brochazos de sombra que formaban as murallas da cibdá e algunha que outra raxa de craridá nos ángulos salentes do tellado e nas cruces dos campanáreos[7].

A sangue xiábase nas veas e xa se iba sintindo adormecer polo frío, con ese sono terribre que fai despertar na eternidá.

De súpeto ergueu a cabeza, escoitou un anaco, e púxose de pé, trémula, degorante[8].

Pola costa do Concello baixaba cantando un home a media voz e nela creeu reconocer o acento dalgunha presoa amada.

---

[4] Así *(TM)*.

[5] aquel *(TM)*.

[6] cenicentas *(TM)*.

[7] do campanário *(TM)*.

[8] escoitou un anaco e trúmula, degorante púxose de pé *(TM)*.

O home saíu da sombra e ó darlle a luz de prano, Raquel esalou un berro alegre, xubilante.

Non si había enganado, non, era el, o seu Ismael, o seu pombo adourado[9] que ó ouvirse chamar polo nome, a aquela hora e naquel síteo[10], quedou encravado coa sorpresa e co terror.

E aínda el non tivera tempo de se repoñer do susto, cando sintiu ó redor do seu pescozo dous brazos que enredantes o prendían e unhos beizos que o bicaban ó mesmo tempo que entre sospiros lle dicían:

— Ismael, meu amor, mandoute o ceo, cando a morrer me dispuña... xa o meu curazón[11] aterido non latexaba cando te ouvín, e de súpeto coa túa voz volveu á vida...

— Eu sono... ¡Raquel, ti eiquí e neste traxe! ou...

— Que importa si te teño a ti eiquí... ti non me abandonarás... botoume meu pai fóra da casa, pro eu ámote... ámote —dicía a infeliz[12] Raquel medio frebitante e trembeleando co frío.

— ¿Que dis? O teu pai...

— Si, si, botoume... por ser cristiana... pro...

— ¡Cristiana! —berrou Ismael, e rápedo desprendeuse dos brazos amorosos e apartouna de si brutalmente.

— Ismael... tamén ti me rechazas... ti a quen adouro...

— ¡Cristiana...! ¡Oh! xa me esprico certos astra agora incomprensibres autos... Cristiana a quen eu quería faguer miña muller... fixo ben o teu pai de te arroxar, porque non eres dina do amor de naide —e volvéndolle as espaldas deu dous pasos pra se aleixar de alí.

— Ismael, escoita —berrou Raquel caendo de xinollos[13].

Ismael detúvose ó ouvir a voz da súa amada, e compadecido dela alzouna do chau.

---

9 o seu pombo *(TM)*.
10 sitio *(TM)*.
11 corazón *(TM)*.
12 infiliz *(TM)*.
13 rodillas *(TM)*.

— Escoita... e despois xuzga... eu amábate, amábate coa mesma loucura con que hoxe te amo... un día esperei en vano que viñeses á miña reixa como de costume, e tras daquil[14] día veu outro e outro e ti[15] sin vir... por fin soupen a causa... estabas enfermo, ibas morrer e eu non podía ir xunto a ti... decirche cánto chorei é imposibre, pasaba as tardes rezando pra que sanases... pasaba as noites en vela cavilando[16] en ti... e a tódalas horas[17] te traguía no pensamento... un día tiven que subir[18] á cibdá alta, e ó pasar por diante o tempro dos cristianos ouvín tocar as campás e vin fato de xente que nel entraba... eu non sei cómo foi... lembreime daqueles contos de que nos temos rido pro que entón aparecíanme gravados con caracteres de fogo, daquelo do rei Miro a unha filla do cal lle dera o Cristo nova vida[19], e tola pensando en ti metínme drento... Ó verme os cristianos mirábanme alritados... refunfuñaban as vellas... seguíanme os torna-cás... pro eu medroñenta[20] seguía, seguía pensando en ti e buscando aquel Cristo a quen de lexanas terras veñen adourar... por fin nunha capilla escura pro rica e fermosa topeino, grave... triste, impoñente[21]... e caín de xinollos diante del... e chorando... conteille os meus pesares... as miñas coitas... os meus padeceres... il parés que me miraba airado, furruñento... cal se debía mirar a descendentes dos que o mataron... pro eu pedíalle[22] por ti... arrastrábame ós seus pés... e nun momento de deliro ofrecínlle[23] ser cristiana... si te curaba... O órgano soaba doce, melancóneco[24]... a voz atiplada dos rapaces do coro vibraba no espazo, e eu non sei si foi ilusión

---

14 daquel *(TM).*
15 tu *(TM).*
16 pensando *(TM).*
17 todas horas *(TM).*
18 rubir *(TM).*
19 a unha súa filla *(TM).*
20 medorenta *(TM).*
21 imponente *(TM).*
22 pidíalle *(TM).*
23 ofrecín *(TM).*
24 melancónico *(TM).*

pro parés que o Cristo me mirou gasalleiro e sourrente, e que eu chea de felicidá saín do tempro. Cando cheguei a casa soupen que ti estabas sano... e dous días máis tarde xa nos meus brazos te tiña... eí tes por qué son cristiana... di ¿perdóasme? —e cos brazos pindurados no pescozo de Ismael bicábao nos beizos e humedecía-lle[25] a cara coas súas bágoas.

Ismael sintiu renacer no seu peito o amor e apreixándoa contra si perguntoulle: —¿Pro si te fixeches cristiana como é que nunca vas ó tempro deles?

Non fun por medo a que me visen[26], pro poiden[27] faguerme cunha virxen do Carmen, e desde entonces non se aparta de min e a ela lle rezo pra que te coide... velaiquí a teño[28] —e ó dicir esto mostroulle a oculta imaxen, na cal el inda non reparara.

Ismael ó ver a imaxen sintiu renacer no seu peito[29] todo o rencor e o ódeo[30] que ós cristianos lle profesaba; e arrempuxándoa de xunto a si marchouse ó mesmo tempo que dicía: — Pois si tanto a queres cásate co ela[31].

— Ismael, Ismael —xumiou a probe nena; pro xa este se perdera tras dunha esquía sin ver que a fermosa Raquel caíu desmaíada sobre o campo frío e xiado...

II

Ó outro día cando os cortadores á mañán cedo se dirixían cara ó matadeiro, quedáronse asombrados ó ver aquela nena branca, fermosa, medio desnuda, sostendo nas súas maus unha Virxen do Car-

---

25 humedecía *(TM)*.
26 que me visen *(TM)*.
27 puden *(TM)*.
28 vela eiquí a teno *(TM)*.
29 no peito *(TM)*.
30 odio *(TM)*.
31 con ela *(TM)*.

men, que despedindo de si lúcido limbo, rodeaba á morta nena de coroa de célicos resprandores.

A noticia estendeuse pola cibdá, e pronto o pobo enteiro contempraba de rodillas o prodixioso milagre.

De súpeto o ceo escureceuse, rachas de luz cegaron por un istante os ollos dos espeutadores[32], e cando en si volveron, o corpo da fermosa Raquel había desaparecido, e soilo quedaba a imaxen da Virxen, e aló cara ó ceo víase fato de trouleadores anxes que en andas de ouro levaban á infeliz cristiana...

Os cortadores fixéronlle un nicho prá milagrosa imaxen, e alí por moitos anos estivo hasta que sin saber cómo, desapareceu e foi reemplazada polo modesto retabro que hoxe ten...

Todo desapareceu: o bárreo da xudería xa non esiste; pro os cortadores inda conservan as tradiciós dos seus avós, pois inda tódolos anos lle fan a festa á Virxen do Carmen da Burga.

1889

[32] espectadores *(TM)*.

A...

Dos placeres intensos hay en la vida. El uno encontrar tras largos años de separación y ausencia a un amigo de la infancia y sintiendo atropellarse en los labios los recuerdos de aquellos días felices, robarse la palabra a cada momento con un ansioso "¿Te acuerdas?"

José de Roure[1]

Medio estrombado aínda pola non lexana enfermedá pousaba morriñento a cabeza contra a parede do carruaxe.

Il que sempre se degoraba por ollar as campías nos seus frecoentes viaxes, non se ocupaba agora neso, pois non pensaba en máis nin se ocupaba doutra cousa que de chegar pronto.

Si, chegar, así de súpeto, sin ser esperado, o pobo, a casa onde estaba il, o seu amigo, o seu irmán, compañeiro de estudios e grexadas que cicais naquil istante estivese sonando co il ben axeno de telo á porta cobizante de apreixalo en estreito abrazo que volvese a refrescar as amistades de neno, que forte se conservaban a través da distancia e do tempo. Na súa maxinación xa se figuraba a agradabre sorpresa que lle iba a causar... víao erguerse xubilante, dubidoso, apreixalo contra o peito e despois toleirón de alegría, enseñarlle a casa, revolver o seu coarto, presentalo á familia, ós amigos, á noivia, ver o pobo, correr dun lado pra outro, non aturar nin atopar acoubo en ningures co deseo de que o vise todo, e coa borracheira daquela bris de felicidá que despertaba relembranzas doutra edá pasada.

---

[1] José de Roure, escritor español nacido en Vitoria e morto en Madrid en 1909. Colaborador habitual de moitos xornais nacionais como *El Mundo, El Liberal, La Correspondencia de España, Gedeón, Blanco y Negro* e *ABC*. Cultivou tódolos xéneros pero dedicouse especialmente ós contos e ás crónicas. Publicou *Cuentos madrileños*, *Falstaff* e a comedia *El príncipe sin nombre* (Vid. *Enciclopedia Universal Ilustrada Europea-Americana*, Madrid: Espasa-Calpe, vol. 52, 1991, p. 527).

Cos ollos medio pechos abstraíase recordando aqueles días inda pretos en que os dous pasaban xuntos nas aulas compostelanas ou baixo os sombrizos soportás das medrorentas rúas de Santiago.
Trembeleábanlle as bágoas coa emoción ó relembrar aquelas camiñatas ás orelas do Sar, polas corredoiras da Selva-negra, polas faldras do Pedroso ou polas congostras cubertas de ameneiros beira o Sarela, nas que se confiaban mil loucas ilusiós e mil ensonos de groria que ambos forxaban e nos cales cada cal finxía desmaír pra que o outro alentase; as rabexas e as disputas, providas as máis das veces polo gusto de faguer as paces e outra migallada de pequeneces que agora miradas polo prisma da lexanía tomaban unha dozura indescriutibre que lles traguía ás mentes aquela edá, tola de alegría, meiga de ensonos, abundosa de espranzas.
Despois lembrábase das disgracias que lle pasaron, das deslealtades dos unhos, das traiciós dos outros, e soilo quedara il, o amigo predileuto, compartindo coa naiciña o curruncho do seu peito, os quereres do seu curazón, os sentires da súa ialma.
Por eso degorante, esperaba chegar xunto a el, volvelo a ver despois da ausencia e somelláballe interminabre o camiño que os soparaba. Chegou por fin, o cansancio detiño, a enfermedá non ben curada faguío vacilar, pro il sin faguer caso dun nin doutro cruzou máis e máis rúas.
¡Que latexar o peito, que referver de bágoas cada anaco que se acercaba á chouza do seu amigo!
Chegou, soletreou dunha ollada o númaro de enriba o limiar da porta, cruzou dun brinco as escaleiras do portal, e febritante, toleirón, repinicou o chamador de tal modo e tal maneira que os pacíficos moradores debéronse perguntar aturulados si prendía fogo na casa.
E el, namentres, figurábanselle sigros os istantes que pasaban sin abrir, e sourríase dichoso ó pensar na sorpresa que iba a causar, e cando meiga rapariga entreabriu a porta, sin ollar xiquera pra súa fermosura, sin ter en conta as regras da curtesía, inda non ben soupo ou adiviñou o coarto onde durmía, chimpouse pra drento, abriu

as ventanas, e sin acoubo, sin sosego, foi cara ó leito onde durmía seu amigo, colleuno por baixo os ombreiros, e pondo seu carís tan preto do dil que cuasi o atafega, berroulle: — Ei... preguiceiro desperta... que son eu... eu —e nun desbordamento de tenrura, nun afarfallar de agasallos, espriguizabo, faláballe e mimabo cobizoso de que despertase.

Abriu os ollos, mirouno con indifrente sorpresa, e asina entre contrariado e rabechoso por perder o sono, tendeulle a mau, dicindo: — ¡Ouh! ¿eres ti?... benvido seas —e medio espriguizándose volveu deitar a chola no mulido da cabeceira. Nada de alegría barulleira, de perguntas cobizosas, de apertas correspondidas.

E el, o pobre viaxeiro, o crédulo amigo, quedou espantado, os ollos abertos, interrogantes, a palabra gasalleira a medio saír atrancada nos beizos, os brazos tendidos en busca de peito irmau, suspensos no aire...

Sintiu unha afriución moi doída, moi doída, rebuldáronlle as bágoas nos ollos, pareceulle que dunha vez pra sempre perdera o curazón, e que do curruncho da súa ialma fuxían, fuxían non sei pra onde todos aqueles ensonos feiticeiros, todas aquelas rousadas ilusiós que se esborrallaban ó convencerse que perdera pra sempre aquel úneco amigo que tiña apousentado no seu peito entre a frol dos seus quereres e a bris dos seus sentimentos...

Deu media volta pra que non visen as bágoas que ardentes lle esvaraban polas meixelas, apoiouse na ventana e por un anaco contemprou o mar maino, maino, cuias ondas vagorosas viñan morrer á praia con rumor tan doce, tan doce, que somellaba un triste salaiar.

Despois, pra disimulo, colleu o promeiro libro que topou a mau, abriuno por calquera síteo, e ó ollar na páxina non poido deter a emoción, e decindo: — ¡Tamén ti! —caíu de xinollos e coas maus apreixando o magoado peito que tembraba cos salaios, púxose estático, arroubado, a mirar pra aquel mar que se tinguía de azul e rosa co sol nacente, cal si nel atopara consolo...

O libro era o de Garret[2], e os versos aqueles que tan ben cadraban na ocasión presente co seu dolor...

Longe, por esse azul dos vastos mares
Na soidäo melancolica das augas
Ouvi gemer a lamentos i aleyone
E com ella gemen minha saudade...

[2] Refírese a João Baptista da Silva Leitão de Almeida Garrett (Porto, 1799-Lisboa, 1854), escritor que pode considerarse o introductor do Romanticismo en Portugal así como o iniciador da prosa literaria moderna en lingua portuguesa. El mesmo presentábase como un home erudito, diplomático, público e cun lugar sobranceiro na literatura. Entre as súas obras pódense cita-las novelas *Arco de Santana* (1845-1850), *Viagens da minha Terra* (1843), os poemarios *Flores sen fruto* (1845), *Folhas Caídas* (1853) e as pezas teatrais *Un auto de Gil Vicente* (1838) e *Frei Luís de Sousa* (1843). Creou ademais un Conservatorio de Arte Dramática e o Teatro Nacional (1836). (Vid. Jacinto do Prado Coelho (dir.), *Diccionário de Literatura*, Porto, 1987, vol. 1, pp. 363-366).

ÁNXEL*

Que fuera del honor...
si hallara el premio en el comprado fallo
del estúpido vulgo
.....
Dios en la cruz santificó la muerte...
al mundo abrió los amorosos brazos...
de entonces a sus pies cuantos han sido
van a espirar de la tristeza al peso...

O. Wallin[1]

I

Tintas pelradas, rosáceas, con briznas de púrpura, perdéndose, refrexándose nas esquías, ilumeando as brancas guedellas do anceano sacerdote con refrexos prateados, e brilando fuxitivas nas lentexuelas da bordada capa.

Fortes brochazos de sombra nos currunchos, pinceladas de luz iluminando os ángulos salentes, os ornamentos do culto e perdéndose, en varios, innúmeros, indescriutibres toques.

E el: estático, ensimismado, deixaba vagar a súa vista, sintindo unha alucinación estrana, unha opresión ó mesmo tempo que doída risoña e os seus feridos pulmós parés que respiraban con fruición aquela atmosfera cargada de ousíxeno.

---

*Ó meu amigo o moi bo poeta José Alguevo Penedo (Nota do autor).

Refírese a José Alguero Penedo, (Betanzos, 1872-Xixón, 1956). Tras estudia-la carreira de Dereito, exerceu de fiscal municipal e de notario en Betanzos. Colaborou en diferentes publicacións como *Ya somos tres* (1889), *El Brigantino* (1888-89) e *El Progreso* (1900-01), entre outros. É autor de poemas en galego e castelán, publicados na *Revista Gallega*, *Revista Núñez* e no *Anuario Brigantino* de 1949. (Vid. Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, *cit.*, p. 28 e *Gran Enciclopedia Gallega*, *cit.*, t. I, p. 258). En *Contos da terriña* Pérez Placer dedícalle o relato "Pau de corno".

[1] Véxase a nota 2 de "Corpo sin alma".

De súpeto a gaita, leda, doce, tremborosa, preludiou os arpexios dunha alborada, e ánxel trémulo, palpitante, deu un berro e caíu de xinollos tendendo os brazos cal se tratase de reter ilusión fuxitiva.
Aquel cadro do natural que tiña diante era subrime, incomparabre, non soñado.
En primeiro término a eirexa, coa súa espadana, alta, esvelta, rematada por enfurruxada cruz e o seu portón, ancho, redondo, que deixaba vislumbrar sobre ilumiada gradería a imaxen da Virxe.
Enriba do portón e por baixo da espadana o voleado balcón, no cal o sacerdote decía a misa, e que naquel momento de cara á xente erguía ó ceo a sagrada hostia.
Despois ó lonxe alboredas e pinares, estensos, grandes, sombrizos, e o río maino, tranquío, xumiando entre as espadanas, apreixando os ameneiros, barballando nos rodicios, servindo de espello ás pintarexadas froles e misturando seus rumores co piaxar dos paxaros e o agarimoso doce son da gaita.
A luz dáballe ó sacerdote de cheo, ilumiando aquela chola respetabre, arxenteaba aquelas brancas guedellas, esvaraba con fuxitivos refrexos pola dourada capa, prendíase vaporosa nos encaixes da branca túneca, desparecía por un momento na soma escura do portón e despois dividíndose e subdividíndose naquela muchedumbre abigarrada, crente, que de xinollos golpeaba o peito, faguía resaltar por un istante os brancos panos das mozas e fuxía, fuxía tremborosa entre os follatos das alboredas.
Ánxelo sentía rebuldar no seu cerebro non sei qué, vago, descoñocido, estremecíaselle o peito, sentía un nudo na gorxa, rebuldábanlle as bágoas nos ollos, e chorou, chorou pro cunha dozura incomparabre, cun non sei qué, tenro, e de tan tenro doído, chorou como chora a nai ó recobrar ó xa perdido fillo.
Cando ergueu os ollos, xa variara o cadro.
O sol saíndo de entre os pelrados celaxes que debilitaban a súa luz, brilaba, forte, refulxente, roxo.
O sacerdote erguía naquil momento o cáliz que representa o sacrificio do Señor, e a luz refrexándose nos seus dourados tomaba un

cor de sangue, purpúreo, vermello, que faguía crer que se desbordara.
Entonces a ilusión ou a mesma realidá faguía destacar os dengues encarnados das aldeanas, os traxes pardos e negros dos mozos, e aquel cadro tomaba entón un tinte de loito, sangrento, fantásteco, e a múseca, lúgubre, tristoñenta, queixábase doída, xemía melancóneca, vibraba alritante e producía unha africción tan oprimente que deixaba a un esmaído e aguniante.
Acabouse a misa, a xente ergueuse e en confusa algarabía moveuse en mil distintas direccións, meteuse nas casas ou baixo as pechas carballeiras e soilo quedou o estralido dos últemos foguetes, o eco xa borroso da última tocata da gaita e as últemas bocanadas de fume que botaban as cociñas co xantar feito.

II

Aquelas camiñatas asina ó través do campo eran moi frecoentes en Ánxel, que encontraba gran pracer nelas.
Parecíalle que ó perderse polos sombrizos pinares, polas pechas carballeiras, polos desertos curutos, que asina fuxía mil légoas da humanidá, que se alcontraba soilo, sin ter que lle dar conta dos seus feitos e sin ser seus actos por naide comentados.
El tiña no peito regueiros de amor, sentíase capaz de faguer dichoso dabondo a calquera ser que cifrara súa dicha en ser amado, e sin embargo sentía tal ódeo, tal xenreira hacia os seus somellantes que por non poder afogalos a todos fuguía do seu trato.
Non era estrano, despois de longos anos de ausencia viñera pro seu pobo, sedento de caricias, ansioso de quereres, cobizante de agasallos.
El ó ver as primeiras chouzas de Ourense sintiu as bágoas rebuldar nos ollos, referver o peito coa tenrura, que tendendo os brazos quixera estreitar ó pobo enteiro contra o seu peito.

Cada paso que daba, despertáballe na ialma gratos recordos da infancia, que viñan a refrescar con bris de felicidá seu curazón magoado.

E el ó pisar as calles da cibdá amada, parecíalle que todo lle souría, que todo o saudaba, que todos lle daban a benvenida e que hasta o ceo si brilaba tan craro e esprendente era por il.

Pro cando súa emoción foi en aumento, cando non poido deter as bágoas, foi ó pisar as tortas, estreitas, mal coidadas calles do seu barrio, que non por ser o peor da cibdá deixaba de ser o máis querido de Ánxel.

Cada esquía, cada portal era un recordo, cada veciño un coñocido, cada prazuela un testigo dos seus xogos infantiles.

O curazón dáballe latexos, grandes, tan grandes que lle faguía retembrar o peito: cada paso que se acercaba á casa sentíase trembeleante, e tan pronto alargaba o paso cobizoso de chegar, como o acortaba querendo recrearse na dicha daquil día, cal era o descansar no antigo leito do seu lar.

De súpeto espallouse polo espazo o grave vibrar das campás da Trinidá, e Ánxelo non podendo resistir máis caíu de xinollos.

Eran elas, as meigas campaíñas da súa eirexa parroqueal, da súa Trinidá, que tantas, tantas veces el tocara cando neno.

Cada toque atopaba eco no seu curazón, e faguíalle despertar novos recordos.

Nunca, nunca se olvidaría da entrada no seu pobo, no seu Ourensiño, currúncho dos seus amores, berce dos máis doces ensonos, ispirador das máis arroubadoras espranzas.

Despois ¡quen o diría! todo pasou, fuxiron os agasallos, non atopou os ansiados quereres e a prosa da vida veu asoballar tódalas máis rousadas ilusiós.

Il non sabía por qué, pro sentía a calumnia voar ó seu redor, aspiraba esa atmosfera de repulsión que se forma ó lado do ser calumniado, e triste, degorante, interrogaba súa concencia e quedábase caviloso ó ver que esta de nada o acusaba e que tódolos actos da súa vida eran irreprochabres.

Tardouno en comprender, pro ó fin adiviñouno e quedouse parvo ó ver tanta ruindad, tanta baixeza.
O crime dil era o ser máis que os outros, saírse da vulgaridá, ter máis talento.
Mentras foi como todos, mentras non lle fixo soma a naide tivo amigos dabondo e naide dil falaba máis que ben.
Pro chegou un día en que seus traballos de poeta lle conqueriron laudes e fama e en que a coroa de loureiro cinguiu súas sienes, e entón adiós amistades, adiós quereres, a envexa varreunos dunha vez pra sempre, e craro está que da envexa soio poido saír a calumnia.
Ánxel ó princípeo sintiuse triste, abatido, avergoñado, parecíalle que ó pasar il todo o mundo se ría e ó mesmo tempo que doído por perder seus amigos estaba abaixado, cal si a calumnia pesase riba dil, e pasaba por entre os demais cos ollos tristes e a cabeza baixa.
Pro a súa limpa concencia arrepúxose aquela baixeza non xustificada, a fel da indinación afogou seus quereres, e altivo, bruante, ergueu a chola, deloirou as bágoas e lanzou os seus namigos miradas de reto e desprecio.
Pro era un martirio pro seu natural bo esta finxida soberbia, e pra non verse no caso de finxila fuxiu da sociedá e foi cando comenzou as súas correrías polo campo.
Ó princípeo non lle atopaba tanto gusto pro despois foise encontrando tan ben que non pisaba cuasemente a cibdá polo día e somente cando viñan as brétemas da noite se refuxaba nela.

III

Pasaba as horas enteiras rondando polas rúas endiante sin ouxeto fixo. Coas maus metidas nos bulsos dos calzós, vagaba dun lado pra outro, mirando sin ver, con ademán de tolo, que máis dunha vez faguía volver a cabeza á xente. Contestaba ós saúdos sin mirar a quen contestaba, e cruzaba rúas e máis rúas, sin predileución marcada senón collendo pola que se lle presentaba diante.

Pro cal se esprito oculto guiase os seus pés, arregrábase de tal xeito que sempre había de vir a parar á Praza, e nela sempre ó mesmo síteo.
Entón os seus ollos perdían a anterior indifrencia, adiquirían refrexos estranos e fixos, degorantes, non se apartaban da porta úneca de pequeno comercio, cal si nel houbese máxico feitizo que o atrouxese.
E sin embargo a mitá das veces o comercio estaba deserto e soilo un home de mirar melancóneco e simpáteco, de faciós místicas que loitaban por conteñer sourrisa picaresca reveladora de oculto inxenio, arregraba as pezas de pano que recente parroquiano lle fixera emborollar riba do mostrador ou nun rincón do comercio, tras da reixa de medio oculto escritorio folleaba en rancios e empolvados pergamíos.
Ánxel acudía alí cal o sedento beira da fonte.
Non se apuraba el daquela soedá, porque xa estaba seguro que pouco había de durar, e que aquil comercio medio deserto entón non tardaría en convertirse en pequena tertulia literaria a penas a luz do petróleo anuncease o finar do día.
E en tanto que tal non socedía, arrimado contra unha columna dos soportás, aspirando o cheiro de almibarada froita que non lexana regateira amontoaba en anchas banastillas, deixaba vagar a vista dun lado pra outro, fixándose no que tantas veces vira cal si aquela fose a primeira.
Solía ser sempre polo regular ó acabar da tardiña, e entón a praza medio deserta, sin xente que interrumpise chamando a atención, deixaba apreciar tódolos detalles e fixarse en tódolos pormenores, que tódolos días eran os mesmos e a peas si os cámbeos de tempo ou de estación lograban imprimirlle algunha variedá.
Ás portas dos comercios, coas tixeiras no bulso do chaleque, sin parroqueanos que despachar, víanse os dependentes de aspeuto mariqueiro, coas súas caras flacuchas, anémicas, apoiándose médeo durmentes nos couceiros das portas, ou botándolle parrafeos a algunha rapaza, que cicais en busca deles pasaba aquela hora por alí, ou ben sostendo conversación coas quincalleiras que a peas

paran coas maus, tecendo cordós de rechamantes cores, nin coa língoa, tecendo chismes e inventando hestóreas de todos cantos pasan.
Aló embaixo a *Barreira*, en donde as últemas panadeiras recollen as panochas de oscuro centeo ou de marelo millo e os tendeiros de roupa feita descolgan o xénero que fai toldo riba das portas, en donde se mezcran, dando cobiza ós pobres lavercos, a chaqueta de pardomonte negro, con forros de tartán a cadros, a capa longa e pesada con bozos de astracán roxo ou morado e os modestos pantalós de tela e as lixeiras brusas de listas azúes e brancas, adornadas con rechamantes trencillas e bordados, que están chamando a voces a tralla dalgún carromateiro ou a vara dalgún tratante.
Despois eiquí, en pormeiro término, a nova casa Consistorial, de ridículo aspeuto e máis ridículo aspeuto e máis ridículo interior, en donde un salón máis alto que ancho, somella a foxa onde algús advenedizos sepultan os intereses do pobo, e fai resaltar a estreitez e angostura dos demais departamentos, adiantándose e deixando medio oculto o paláceo Arzobispal e a eirexa de Santa María.
Alí no espolón algún que outro oceoso, ríndolle as gracias a certas nenas tan descaradas como malas língoas, ou mirando as bobadas dun tenorio de sombreiro de alas anchas e patillas á ingresa, que na súa ridícula pretensión pensa non hai rapaza que del non se namore, ou ben faguendo que os nenos bican, bótanlle froles ás niñeiras que os gardan.
A tarde acábase, a xente comenza a aglomerarse debaixo dos soportás, e todo se vía baixo esa luz cincenta, borrosa do crepúsculo vespertino que confunde os detalles e esboroa as formas.
Os comercios empezaron a ilumearse unhos tras doutros.
Primeiro a botica lucindo os seus tarros de porcelana branca, con membretes dourados, as botellas de pousada barriga enxeitas de xarabes e mexurxes de distintos cores onde a luz tomaba tintes fantástecos, lúgubres, agoreiros.
Dúas portas máis embaixo, cal si lle quixese faguer competencia á botica, estaba a armería de niquelados revólveres, de brilantes puñales, de incrustadas carabías e no médeo das dúas, faguendo contraste, a librería relixiosa, na cal se destacaban os crucifixos de

metal dourado e os devocionarios de niquelados broches no medio daquela baraúnda de ouxetos de escritorio.

Despois outra vez a fila de comercios, interrumpida de vez en cando xa por un estanco, unha administración de loterías, e aló na cima a zapatería do Ucha, na cal se formaba tódalas noites tertulia de antidiluvianos que sacaban a relocir, sempre co mesmo monótono tono, as valentías e as grexadas das súa mocedá, ou ben escoitaban, movendo a cabeza e erguendo as maus en siñal de aprobación, o seu fillo que lía deletreando os parrafeos de *O Tío Marcos*, e persiñándose asombrados da pervesión dos rapaces de agora que viñan sin consideración algunha baterlle nos cristaes ou botarlle pola porta algunha rata. A praza tomaba nova vida, e chea de xente parés que despertaba do anterior letargo.

Ánxelo seguía no mesmo sitio, mirando sempre pro ansiado comercio que sempre era o últemo en ilumearse.

Por fin chegáballe a súa vez e entón xa non apartaba a vista del. Dadas as aficiós de Ánxelo non era de estranar a ansiedá con que miraba o comercio.

El morríase por se istruir, por adeprender e os seus non mui sobros cartos non lle permitían saír do país nin comprar tódolos libros que lle eran nacesarios.

Alí no comercio xuntábanse os homes de máis sabidenza que había en Ourense, e a dicha maior de Ánxel sería tratalos e falar con eles. Por outro lado sentía esa fascinación que nos produce todo canto nos ademira, e el non podía por menos que sentirse atraguido hacia aqueles homes que xa rubiran a vereda de espiñas que conduce á groria.

Alí víanse en fraternal mistura o escritor riseiro da localidá, de aspeuto melancóneco, seica por contraste, arrimado a unha esquina do mostrador, xugando co dixe do riló e botando de vez en cando algús dos seus chistes, co escritor místeco e orador sagrado, de aspeuto simpáteco, alegre e decidor, que prometía un bo compañeiro de festas e ruadas, si non fora crego, entreténdose en mirar as fotografías que lle ensinaba o recordador de fechas, xoven peque-

neiro de ollos chispeantes, que de vez en cando guiñaba lagarteiro ó ver o entretido que estaba o dono do comercio mirando fárragos vellos e moedas roñosas con un crego de brancas guedellas, faciós seráficas e además cumprimenteiros.
¡Canto el non dera por estar alí!

IV

Así pasaban us días tras outros; Ánxelo cada vez conquería máis groria e fama nos pobos de afora, groria que por misterio incomprensibre viña a recrudecer os odios e as xenreiras do seu pobo, faguéndoo sofrir dunha maneira que non é pra contada, polo mesmo que Ourense era o que el máis amaba.
Pasou por fin o que era de esperar: aquela loita continua, aquel sofrir interior minaron a súa xa non moi forte natureza, e pronto os seus feridos pulmós lle anuncearon que aniñara no seu peito a morte.
Todo o mundo era na súa contra e el en cámbeo no médeo dos seus deixos de amargura sentíase encheito de amor.
Consigo mesmo se enfadaba, pois a pesar das protestas que faguía, o seu curazón decíalle que si tivera ocasión olvidaría tódalas ofensas e tenderíalle os brazos ós seus maiores anemigos.
Ás veces doído, alritado pola envexa dos seus veciños, sentía impulsos de se asomar ó balcón e pra desfogar o seu delor, berrar: "Ourense, pobo estúpido"; pro inda ben polas mentes lle pasaba, arrepúñaselle o grande, incomparabre amor que ó seu pobo tiña, e sin podelo remedear caía de xinollos xumiando: "¡Ourense, meu Ourensiño!".
Os seu namigos ¡quen o había de decir! que habían de ser os que antes foran os seus amigos da ialma, os seus compañeiros de estudios e grexadas, os confidentes das súas penas e das súas espranzas.
¡Entón si que lle refervía o peito de indinación! Sentíase capaz de

perdoarlle a todos menos a aquel que fora seu maior amigo. Non, non lle perdoaría nunca, ós demais non o trataban, non tiñan obrigación de coñocelo, de saber como era; pro el, el que dende pequerrecho andiveran xuntos, que se criaran no mesmo bárreo, non, non era merecente de que lle perdoasen.

Inda non se esquecera daqueles anos que comenzaron xuntos no Istituto coa imaxinación chea de fantesía por deixar a escola.

Vicente, que asina se chamaba, era o máis xoven, de corpo endebre, de faciós de nena, además mariqueiros, cos ollos azúes e un carís branco, anámico, leitoso, que lle valera entre os compañeiros o nome de "Mantequilla", e que faguía que todos a tomasen con el.

Ánxel máis forte, con máis enerxía e máis forza sobre dos compañeiros, servíalle sempre de defensa, e gracias a el non lle bateran moitas veces.

Fixéranse despois máis homes, e xuntos tiveron a primeira noiva, xuntos consultaron a primeira carta e celebraron xuntos os primeiros amores e as primeiras calaveradas, xuntos, sin que no espazo de moitos anos se dismintise aquela amistá de irmau hasta que de súpeto, sin motivo pra elo, convertiuse no máis acérrimo namigo, e finxindo por diante a amistá de sempre, era o forxador de tódalas calunias e o inventor de tódolos aldraxes, dándolle máis forza ós seus ditos, posto que todo o mundo sabía que el era o seu máis íntemo amigo e o depositario de todos seus sacretos.

Así era que tanto como o quixera denantes odiabo agora, posto que o modo de portarse era de todo punto inxustificado.

Nas súas largas camiñatas, cando a súa chola se entregaba ós tristes pensamentos, sempre o que máis o torturaba era o recordo de seu antigo amigo.

Agora xa non podía dar tan largos paseos, as súas pernas cansábanse logo, seus pulmós ameazaban atafegalo, e máis dunha vez, ó limpar seus beizos, quedara no pañuelo sangrenta marca.

Ánxelo comprendeu que a morte rondaba ó redor del e parés que antes de morrer quería despedirse de tódolos sitios máis frecuentados na súa non lexana infancia.

Pro donde pasaba horas enteiras embebido, era ouvindo tocar as campás da Trinidá, que tantas veces tocara de neno e cuios toques lle traguían mil lembranzas, ou mirando pra elas senón tocaban.
Afella daba lástema mirar pra aquel cuase neno, con mirar cansado cal o dun vello e o pelo encheito de canas.
E sin embargo non podía decir máis fermoso do que decía, de cariz moreno, de negros, grandes, rasgados ollos, de mirar melancóneco, de crechos cabelos, con a penas nacente bigote riba os beizos carnosos, vermellos, sexuales, de ben feito corpo, de además nerviosos, tiña un conxunto simpáteco, atrautivo, agasallante, aumentado aínda máis polas tintes que a morte xa cercana refrexaba no seu cariz.
No médeo do seu delor tivo un verdadeiro día de pracer que lle fixo recordar outros moitos polo estilo, pro pra sarcasmo da sorte foi o último das súas correrías.
Aquel día sin saber por qué sentira unha necesidad impereosa de saír da casa, de pasear, de correr moito, soilo, libre polo campo, parecíalle que se afogaba, que non había aire na pobración, e médeo atafegado saíu de Ourense collendo polo primeiro camiño que topou diante de si.
A penas deixou as derradeiras casas, parés que a súa escitación xa se calmou, que os seus boches respiraban máis libremente, e tranquilo camiñaba mirando con compracencia prás beiras da corredoira.
Era esta a que vai a Piñor, e non tiña que envexar a ningunha no tocantes a fresca e fermosa.
Cruzábanse dun lado pra outro os bidueiros entretexidos polas silvas e as correolas e de vez en cando espallaba cheiros a madreselva ou somaba os aretes a vide.
El seguía, seguía camiñando; deixou atrás o curuto onde noutro tempo se erguía Castel-Ramiro, non sin recordar as súas medorentas lendas, persinouse ante a ermida do San Benito que nel esiste, e a penas sí se fixou nas antígoas dependenzas do castelo, convertidas hoxe en quinta de recreo, na cal fan contraste cos seus negros murallós as feiticeiras risas que se ouvían de trouleadoras nenas e a presencia de dúas garridas mozas, cuia fermosura lle fixo volver a cabeza atrás dúas ou

tres veces, e pronto ó deixar tras si as últemas casas do pobo de Cabeza de Vaca, topouse soilo naquel val en miniatura, naquela veiga frolida onde a natureza campaba por si soila.

V

A veiga era pequena, angosta; limitábaa por un lado o ribazo da carretera, que branca destacábase entre os verdes cómaros, enroscábase ó redor dos picoutos, faldeaba as montanas, enchía as pequenas desigoaldades e esponxábase en arcos de ponte pra deixar paso ó barbulleiro rego ou á congostra fundida, baixa, que cobreaba por entre os tarreos de millo e os sedentos prados.

O sol ardente, canicular, queimaba a sangue cos seus bicos alritantes, faguía incrinar as prantas, muschas, fatigosas; resecaba cuase por compreto as fontes e os regatos e faguía esmaír o corpo, que traspirante e sudoroso apegábase á camisa.

De vez en cando unha racha de aire parés que daba refresco de ousíxeno ós pulmós, faguía marmullar ós follatos dos álbores con acento debre, mui debre, ansí como de presoa cansada, e meténdose trouleante entre as brancas escamas do polvo da carretera, levantaba colunas e penachos, entre os cales se destacaban os pequenos, desfeitos, esfaragullados anacos de *prata de mico* que somellaban frotantes esquías de miúdos brilantes.

Ánxel, fatigado, miraba con ollos degorantes aquel paisaxe fermoso como tódolos de Galicia e seguía, seguía ansiando ver novos paisaxes.

Na súa dobre calidá de poeta e de pintor, antusiasmábase a cada istante e a cada istante se lle escapaba un berro de alegría ó descubrir unha nova perspeutiva.

Tan pronto se paraba ante unha orxía da vexetación, na que as froles silvestres, pintarexadas, ben cheirantes, se agrupaban de cen

maneiras, como ante as malencónecas ruínas dalgunha chouza que lle faguía pensar noutros que xa foron e na que á vista da abandonada chaminea inda sin desfaguer, ante a ventana cuberta pola hedra e a porta medio atuada entre as silveiras e os xaramagos, víñalle ás mentes, avultado polo desconocido, as mil escenas da vida doméstica, as festas de familia, os loitos e as vodas, os nacementos e os enterros, as ilusiós e os desenganos que viron nacer e morrer aquelas paredes.

Pro por máis que o erectismo cerebral lle faguía alcontrar forzas pasaxeiras prás súas camiñatas, a natureza reobraba os seus dreitos, e pronto os debres músculos se relaxaron e os feridos pulmós amenazaron atafegalo si non trataba de buscar fresco e sosego.

A carretera naquel sitio iba faldeando as últemas estribaciós dunha montana, e ó toparse cun pequeno picouto que á maneira de verruga ou de escrencencia se erguía, formaba brusco recodo que impedía ver a continuación.

Ánxel, coa respiración anhelante, fatigosa, buscou coa vista unha soma onde descansar.

Por arriba a montana, seca, parda, cuberta de achaparradas uces de mourada frol, erguíase árida, sin soma nin verdor, hasta chegar á carretera, onde se fundía a pico, amostrando por baixo de lixeira capa vexetal as vetas de borrallento sábrego e de cristalino cuarzo, que faguía pechar os ollos ó refrexar os raios do sol, que lle daban de frente.

Por baixo, entre as pedras e a terra do desmonte, por singular contraste debido cicais á vecindá de fresca fontela, brotaba a vexetación, abundosa, luxurante, na que se misturaban os azuados ameneiros coas copas frondosas, erizadas, dos castaños.

Alí, entre matas de érbedos e xestas, arrimado ó tronco dunha caracocha, sentouse Ánxelo, dempois de saca-lo rodopergo e se limpar a testa.

Medio deitado, apoiado o codo na terra e a cabeza na mau, coa chaqueta espida e o chaleque espeitado, parés que sentía nova vida ó aspirar aquel ambente fresco, imprenado do tomillo e a manzanilla

da montana e aqueles barruntos de nébeda e salvia que rubían das veigas.

VI

Movíanse as follas, doces, tremborosas ó ledo paso da bris, esalando debres arpexios.

O sol filtrábase por entre os follatos tomando tintes branquizcos, prateados, ó debilitarse nas múltipres divisiós que tiña que sofrir; faguía brilar as simétricas redes que no aire tendían as arañas e ó escurrirse na escuridá dunha caracocha faguía resaltar fío de luz, no cal rebuldaban puntos pequenos, microscópicos, brilantes.

Naquela asmosfra de pracidez non soñada parés que se estasiaba a ialma e que a mente se rexuvenecía.

Ánxelo, levado polo seu amor paisaxista, deixou vagar a vista, e sourrisa de satisfaución medio pregou seus beizos en tanto que ademirado se estasiaba ante aquel anaco de terra sin comparanza no mundo.

Aló lonxe, mui lonxe, as ben cortadas montanas de Penamoura, Melias e Ribas de Sil, azuadas, borrosas, sin detalles, con pobos máis ben que vistos adiviñados, cercando entre as súas concas o Miño, que angosto e estreito, somellaba anguía de promo, con espumaraxos de prata de vez en cando e que viña acercándose, acercándose; xa se distinguían os seus areales, as súas quebradas vertientes, as súas axordantes aceas.

Acultábase, e entón víanse as verdes viñas, as casas brancas dalgún pobo ou as enverxadas quintas dos señores da vila, hasta que volvía aparecer xa cerca, pro mui cerca de Ourense, onde maino, brando, deixando o aire bravío de arisco montañés, estendíase ancho, tranquío cal un lago, e a penas si leda protesta esalaba ó tropezar coas cepas do altivo, manífico, grandioso ponte romano que o cruza dun lado ó outro.

Aló por outro lado, Montalegre, coa rústeca cruz de granito, cercada de pinos silvestres, erguida, xentil, na cima do fermoso picouto, a cuia falda se destacaban os negros, sombrizos, medorentos alciprestes do camposanto e a torre esmochada do antigo mosteiro de San Francisco, avaro gardador de artístico craustro.
Dempois a cibdá en costa cos tellados roxos, negruzcos, entre os que se destacaban as altas chamineas, os miradores de cristal, que ó ser feridos polo sol lanzaban fulxurantes refrexos, e os campanarios das eirexas, entre as cales, cal preciadas xoias artísticas, atraguían a vista ó antigo e sin rival cimborrio da eirexa catredal e os encaixes de afiligranada pedra da gótica eirexa da Trinidá.
Embobado, non sentía pasar o tempo, hasta que unha risa infantil o fixo saír das súas cavilaciós e mirar ó seu redor.
Entón cuase non poido conter un berro xubilante ó fixarse naquel currunchiño que se estendía ós seus pés.

VII

A carretera, formando brusco recodo, limitaba pequena cunca bordeada de pecha alboreda que medraba pola ladeira do barranco, e de altos, frescos, azúes ameneiros que se erguían ó redor de estenso prado que cuase a ocupaban en toda a súa estensión.
Rompendo a monotonía deste, e cuase no medio del, sobresaía unha laxa, ó redor da cal crecían algunhas silveiras e na que unha moza frescachona, de refaixo amarelo, coa chambra desabrochada e a crencha solta, na cal se espetaba desdentado peine de pau, acusador de non acabado peitear, cosía nun lenzo branco en tanto que atendía a facenda que non mui lonxe pacía.
Arrempuxándose, rindo, choutando e correndo en tanto que adentaban mazás ágroas e verdes, roubadas de fixo na horta dalgún veciño, cruzaban o lameiro catro rapazotes, que foran os que coas súas risas chamaran a atención de Ánxelo.

Nun curruncho do lameiro e ó pé dus penedos cubertos cuasementes de loureiros, cercada con pretil de cachote e terra, brilaba cristaíña, profunda charca, da cal formaba a auga, ó rebordar, fiancho de prata, que esvarando entre as herbas, dáballe frescor a aquela veiga en miniatura.
Cara a ela se dirixiron os rapaces, e Ánxelo, con aquela curiosidá de neno tan propia do seu caráuter, seguiunos coa vista, entreténdose cos seus xogos infantís, que cicais lle relembraban pasados días.
Sentados á beira da charca afroxaron con calma os mallós dos zapatos, cicais dando tempo a se enfriar, e dempois, precipitados, impacentes, cal si o frío da auga os chamase con urxencia, sacaron dun tirón chaqueta e chaleque, suxetaron cun pé os calzós contra o chau, engruñaron a perna pra riba, e nun dicir Xesús, quedaron espidos coa camisa sola, e pronto aquela saíu pola cabeza dun tirón, quedando tal e como ó mundo viñeron.
¡Que apunte pra un pintor do natural! Aquel coor de carne fresca, xuvenil, destacábase sobre o verde esmeralda do lameiro e faguía contraste co fondo negro, sombrizo das alboredas.
Cal anxelotes fuxidos dun retabro, brincaban e corrían dun lado pra outro, pegándose azoutes, baténdose as pernas con variñas delgadas, faguendo cabriolas e rodando ós vorcallós por riba da húmeda, fresca, aromosa herba.
Dempois, xadeantes, sofocados, parábanse por un anaco, xa tendidos contándose contos, ou sentados preto da charca batuxando cos pés na auga.
Un deles, dereito, coas pernas entrenzadas e unha mau na cadeira, contempraba xubiloso os outros máis pequenos, dous dos cales tiñan tumbado no chau a un terceiro, e en tanto que el patexaba, untábanlle a cara, os brazos, a barriga con amoras, faguéndolle as barbas ou ben imitando algo que si eles non tiñan cicais o adiviñaban ou vírano nalgún grandullón.
Enguizábaos de vez en cando e ríase a máis non poder.
Era o máis espigadote de todos, de esvelto corpo, de forte musculatura. Así dereito, de pé, víase destacar o fío do lombo entre masas de rousada carne, sobresaían os omópratos, prenunciábase a comba dos

cadrís, sin violencia, con graduada curvatura marcábanse as cadeiras, redondeábanse as nádegas cal dúas pavías xuntas e contorneábanse os fornidos, brancos, ben feitos muslos.

Cando nun dos seus continuos movementos se puña de cara, podíase ver que era agraciado, simpáteco, fermoso, de crecho e escuro pelo, de pardos, grandes, rasgados ollos, de boca grande pro ben feita, con beizos cal caraveles reventós, que ó sourrirse lucía dentes brancos e pechos; destacábaselle a cabeza debido á cuase imperceutibre línia que soparaba o carís, moreno polos diarios bicos do sol, e a carne branca ben tratada do corpo, brancura a penas interrumpida polas lixeiras manchas parduzcas das tetillas e pola rousada, fundida, do ombigo, baixo do cal se destacaba inda non formado adolescente, causando a ademiración dos máis pequenos e o argullo e fantesía do seu dono.

Outras veces batuxábanse na auga, sacudíanse lapós nas vermellas nádegas, erguían coas maus espumaraxos de auga, que ó ser feridas polo sol irrisábanse e brilaban; metíanse de sulago us tras doutros e volvían a brincar no fresco prado.

A moza volvía a cotío a cabeza, cal si no aire lle foran efruvios de macho, o seu peito de virxe estremecíase co xerme de fecundidá á vista daquelas virilidades descubertas, e ruborosa, tremante, a penas acertaba a mover a agulla nin podía apartar a vista daquel xa máis espigadote, que ás portas da adolescencia, tiña xa máis nas formas de home, e nas miradas que de vez en cando lle botaba, e que ela sorprendía, algo de malicioso e tímido, que faguía conecer que había alí máis que a inocencia dun rapaz.

Ánxelo, sin podelo remediar, sentía unha especie de rexuvenemento; aquela carne desnuda, aquel sol de estío, aquela moza cuia sangue debía estar escitada, faguíalle correr polo corpo non sei qué algueirada que lle irritaba os nervos.

Ó ver aqueles rapazotes cheos de vida, de xuventú, rebentando de sanos, sentía envexa e quixera correr como eles, brincar entre eles, por ver si lle cedían algo daquela saúde que lles sobraba e que a el lle faguía tanta falta.

Ó mesmo tempo vía con gusto que alí á aldea non chegara ese descaro do vicio, ese refinamento da luxuria que se traduce pola inmoralidá máis absurda e os autos máis repunantes.
Aqueles rapazotes, desnudos, xóvenes, xogaban, pro nos seus xogos non se vía nada das cínicas desvergonzadas, das inmorales afeminaciós, das precoces lubricidades, propias e indispensabres sempre que se reúne fato de rapaces da vila, deses nenos de corazón de bulleiro, deses impúberes de alma estragada pola luxuria, que si o corpo conservan virxe é porque aínda non se presta pra cumprir os seus deseos, triste legado dos grandes pobos, en que se dan a mau e se axuntan tódolos vicios e tódalas abominaciós.
Non sabía espricarse o por qué, pro o certo é que nos días que contou de vida nunca olvidou a grata impresión daquela tarde.
Dende entón parés que a vida se lle escapaba por istantes, perdera os coores xuveniles das meixelas, muscháranse os seus beizos, e lánguido, esmaído, vagaba dun lado pra outro somellando máis ben que un home un pantasma.
Por outro lado, as chuvias de outono acurrunchábano na chouza e a penas si saía un día que outro.
¡Probe Ánxelo! ¡Era unha lus que se apagaba!...

VIII

¡Que curisco tan frío faguía! Trembeleaban os paxariños e xiábase a sangue nas veas.
As follas secas desprendidas dos álbores, cobrían o chau de parda, cruxente, roxiza alfromba.
O sol de outono, páledo, triste, esmaído, brilaba por anaquiños.
Xa non había verde nas umbrías, marelo nos toxos, nin branco nas margaridas: todo presentaba un coor pardo, cincento, ocre.
Os álbores, húmedos inda pola non lexana chuvia, brilaban cal ollos chorosos.

Os penedos, espidos de vexetación e cubertos de pátina escura, tiñan un aspeuto lúgubre, malencóneco, e aló lonxe, entre néboas mexonas, distinguíase a Ourense, medio esborroado, botando polas súas chamineas espirales de fume, que ó contauto do aire, estendíanse, arremuiñábanse, prendíanse nos tellados vaporosas guedellas, e pouco a pouco íbanse desfaguendo, desfaguendo: semellaban unha manela de solto liño, dempois unha gasa branca, sutil, dempois... nada, un sospiro que se perde, un eco que se apaga.

Ánxel, trémulo, aguniante, cun brazo collido ó pé de rústeco cruceiro, sentíase morrer, sentía que a vida se lle escapaba pouco a pouco sin que el poidese detela, e ansioso, degorante, miraba pra aquel sol morrente cal si quixese contempralo hasta o derradeiro latexo.

Asomábanlle as bágoas ós ollos, e esvarando, esvarando, corríanlle polas súas páledas meixelas.

Á súa mente viñeron por última vez os recordos da infancia e por última vez recordou os bicos da naiciña, as promesas da noiva, os ensonos de groria, días felices que pasaran cal fuxitivo lampo.

Choraba, choraba o coitado, sentía no peito estrana opresión, así como si lle foran apreixando o corazón pouquiño a pouco.

Inda se sentía con forzas pra amar a alguén, inda lle quedaban no destrozado peito regueiros de amor que naide adiviñara, pro por ben que miraba, non atopaba con quen compartilo, topábase soilo, soilo no medio de tanta xente, que é a peor soedá.

Unecamente por compaña tiña os recordos do pasado, e pasaban, pasaban pola súa mente, faguéndolle cruxir a alma cos delores; pasaron aqueles días de comprimidos padeceres, de iñorados tormentos, de prolongados martirios.

Por última vez pasou a noiva ingrata, os amigos traidores, os compañeiros desleales, e por un anaco sintiu ruxir no corazón racha de fogo, lampo de cólera, chispa de venganza.

O ceo, ilumiado entón de vermellos celaxes, parés que o mandaba vivir pra se vengar, e altivo, bruante, ergueu a cabeza, pro seus ollos toparon coa efixe do Cristo crucificado, e sourrisa de bondá brotou nos seus páledos beizos.

Dobregou a cabeza, fraqueáronlle as pernas, e sin soltar o Cristo, deixouse esvarar pola escalinata embaixo, botou a derradeira ollada á cibdá tan querida cuan ingrata, esalou o últemo sospiro e nos ollos brilou a últema bágoa...

¡O sacreficio estaba consumado!...

Dempois... follas secas arremuiñándose ó redor do seu corpo, frío curisco xemendo nos desfollados álbores, néboas escuras nun promizo ceo... era tan soilo o que quedaba daqueles ensonos de groria, daquelas ilusiós de artista.

O sol fuxiu, as brétemas cobriron todo con pecho manto, e Ánxel faguía ó pé da cruz, morto, esquecido: soilo a súa cabeceira un aterido pitirroxo chiaba co frío, e aló lonxe, ouvíase a voz delorida das campás da Trinidá que tocaban ás oraciós, pro que parés se queixaban pola morte daquel que tantas veces as tocara, e ¡que as quixera tanto, tanto!...

Outono do 1890.

Contos da Terriña[1]

(1895)

[1] Como xa adiantabamos nos Criterios de edición, seguímo-la edición en libro: A Coruña: Andrés Martínez Salazar editor, Biblioteca Gallega, 1895. Incluímo-las correccións que se atopan nunha *Fe de erratas* ó final do libro.

ADICATORIA

A MIÑA ESPOSA CARMEN PICO FERREIRO

Estes contos, mal contados, falan da terra, da meiga terriña onde fixemos o niño.
Sin valor, nin méreto ¿quen, senón ti, os acollería gustoso?
Por eso chos adico, pra que, na primeira páxena, vaian os nosos nomes unidos, como no libro da humanidá van nosas almas unidas polo amor.

Heraclio P. Placer
Ourense, 1895

AMOR DE FADAS

A miña irmán Sofía

I

O curuto é pequeno, redondeado e florido cal un maio que tivese na cima un castelo esborrallado, en vez de crus. A rubida é traballosa; esvaran os pés na faísca dos piñeiros; engárrase a roupa nas silveiras e entrénzanse as pernas entre as carpazas e corregolas.

Por anacos, os soutos de érbedos bambean súas borliñas roxas, e entre as rendixelas dos penedos, medran as madreselvas de páledas flores e arrecendentes cheiros.

No medio da estensa veiga, aíslase por completo, soberbio e borreante, cos tres cintelos que o apreixan.

A incrédula xente destes tempos diravos cicais, que é un dos cintos formado polas viñas que cobren as calcinadas ladeiras con manto de racimos, donde se liquida o sol ardente que baña as campías ourensás: diravos que é, o segundo, formado polos prados que as margaridas sementan de píntegas marelas e as lobelias de motas azuadas, e que é o outro o formado polo río Barbaña, que parola entre as raíces dos ameneiros e entre os seixos das ribeiras.

Pero hai xente soñadora que, cal a sencilla doutros tempos, xuraravos que houbo ocasión en que o tal castelo estaba rodeado por tres barazas ou tres cintos, un, de pedrería fina, outro, de esmeralda con estreliñas de ouro, e o terceiro por cintelo de prata bruñida, espello no cal viñan as fadasiñas nas noites de lúa crara e esprendente.

Tamén do mesmo castelo vos dirán os esculcadores de fárragos, que foi atalaia fundada polo rei Ramiro pra defensa da cibdá, en troques do cal a xente paisana, sinxela e crédula, di e asegura, con probas séreas e non dubidables, que era o castelo palacio encantado donde unha fada con cabelos de ouro se peiteaba con peines do mesmo metal, alá polas mañanciñas cedo, cando o sol se espreguiza entre follas de caraveles e o resío inda se tornasola riba os follatos.

Diravos, entre mil andrómenas, que está o curuto cheo de grutas encantadas, en que os tesouros se amontoan riba de caldeiras de *alquitrán*, e, en fin, contaravos a mesma lenda con que adornan mil sitios de Galicia, e dos cales contan que hai fadas que se peitean ó sol con peines de ouro, e tesouros escondidos e caldeiradas de alquitrán que ameazan a vida dos cobizosos.

II

Pero si o contado pode ser fábula, non é asina o que vos vou a contar, senón historia real e positiva.

Era Xacinto o mozo máis xentil que nas ribeiras do Barbaña namoraba mozas, bailaba nas trouladas e romaxes, espallaba coa moca unha fiada e escorrentaba a paus unha romería.

Si fillo de labradores, tiña moito aire e señorío, xa por serlle natural, xa adequirido cando na vila estudeou no seminario.

Folga decir que aforcara os hábetos, e el, que ademais era o mellor copreiro de cantos había, namoraba sempre cos seus cantares e as súas enchoiadas, e non había regueifa que el non ganase, nin parrafeo do cal non salise viutoreoso.

Cando il se presentaba, somellaba que as penas fuxían avergoñadas, cal si non fora posibre ó seu redor máis que a groma e a legría.

Amorriñábanse as raparigas, ó ver que non faguía caso delas, e máis dunha marchou coas faceiras roxas de vergoña, ó ver que de nada serviran seus melindres e marioladas, pois a todas lles contestaba cunha risa de neno que faguía daño, polo inocentona, como, si el, ¡o grexo! non soupera que as mulleres e os homes son distintos...

Algunhas, máis lerchas, decían que mirándolle a il no fondo dos ollos, se lle veía algo así como si dentro do peito tivese seu namoramento, e que por eso era o non faguer caso e o andar co pensamento varrido.

E así pasaba o tempo: as mozas rabexosas, por ser despreciadas, e el sempre riseiro, pero cos ollos soñadores, como si non atopasen na terra as ilusiós do seu espírito; buscando as beiras dos regatos paroleiros, adormentándose xunto ás fonteliñas sombrizadas, ou escoitando con namoramento o randear dos pinabetes coas brisas do apardecer.

III

Calquer pensara que un meigallo se lle meteu no corpo, ó ver como cambeou de súpeto.

Esboroouse da súa boca a sonrisa pracenteira, fuxiu dos ollos o mirar churruscandeiro, velado agora por humedeces de bágoas, entre as cales brilaban lóstregos de penares, en vez de lumiar de ensonos, e pódese decir que fuxiu da xente, pois pasaban días enteiros sin aparecer entre ela.

Ás veces, nas noites prácidas do vran, percibíase por riba do queixumar dos pinos de Castel-Ramiro, a voz de Xacinto, débel, esmaída, cantando copras, de tan sentidas, casi tristeiras, que somellaban un continuo salaiar de amores non correspondidos.

Saían as raparigas, collidas pola mau, asustadas, como corzas, e parábanse baixo os emparrados que sombrizan o limiar das chouzas, arroubándose co aquel queixumar de cantinelas que espallaba polos aires as vibraciós dun corazón, cuias cordas tremasen axitadas polo amor.

Das veigas sombrías rubían, entre xeiros da menta, sospiros apagadiños, como si nos fianchos prateados, que esvaran entre as xuncas, se celebrasen apertas.

Das carballeiras saían chíos de paxariños e rumores misteriosos, cal si se percibisen as caricias do fondo dos nidos, e das ribeiras, donde as vides se enlazan e se retorcen e agatuñan polos froitales arriba, figuraba que rubía espallar de quereres e estalar de bicos.

E alá enriba, entre os pinos que a lúa cobría con manto de palideces, saía débel, moi débel, a voz de Xacinto, con tan doído acento, que ós seus cantos salaiosos respondeu a voz de tódalas raparigas que sentían estremecerse co aquel desbordamento de amor que as rodeaba...

IV

Xa non foi un misterio, desde entón.

Xacinto, o garrido copreiro, o mozo fermoso que desdeñaba a todas, namorouse da fadasiña de Castel-Ramiro, e penaba de amores, porque ela non podía faguerlle caso a un home.

A penas o apardecer escorrentaba as últemas raiolas do sol, xa as rapazas, medroñentas e tremantes de emoción, escoitaban o doce salaiar do seu copreiro.

Unha noite, a voz foi máis débel, máis doce, máis tremadora.

Dixérase que a voz se apagaba coas bágoas, que o corazón, nun último esforzo, esculcara no fondo da ialma tódolos quereres, tódolos sentires, e lanzábaos ó aire, como si quixese, no último parpadexo, conmover a ingrata fadasiña que o faguía morrer.

E, por último, dixérase que, á voz dil, se unía outra docísima, harmoniosa, cal debe ser a dos espritos anxélicos.

Creérase que era o xumiar desesperado dos querubes, que perdían un compañeiro e hasta somellaba que as arboledas se randeaban con estranos axitamentos, que as brisas arrecadaban a toda présa os cheiros das flores das veigas, e que o curuto se ilumeaba con estranos fulgores, con rousadas craridades, cal si as fadasiñas celebrasen unha romaxe e correran entre os follatos; con feixucos de lucérnulas e anacos fosforescentes de salgueiros, collidos beira o Barbaña...

V

Ó outro día, despois daquela noite de estranos rumores, de cántigas feiticeiras, de salaios docísimos, cal si fosen queixidos, pero queixidos de amor; daquela noite en que os follatos marmuraban máis ledos, e a bris espallaba máis perfumes, e as fontelas parolaban máis riseiras e a lúa brilaba máis esprendente, e as mozas, as mociñas cureosas que no limiar das chouzas baixo o emparrado, calaban tremantes, ansiosas, sentindo no aire non comprendidos estralares cal si fosen bicos, sentindo nas faceiras, calores non espricados, e no peito opresión docísima e en todo o corpo esmaimento estrano, cal si naquela noite de Maio andivese o amor solto, brincando polos aires, bambeándose nos raios da lúa, engarrándose en frecos de estrelas, xogando nas poulas dos arbres ou adormentándose nos labios das raparigas; despois daquela noite foi cando toparon a Xacinto, o mozo garrido, o xentil copreiro, morto na cume de Castel-Ramiro.

Croas de rosas cenguían a súa frente, e nos labios xogaba aínda estrana sonrisa de felicidad.

¿Quen foi o que as grinaldas teceu, pra pór na frente do fermoso copreiro? ¿Por que il, tan triste, tan doído por aquel amor que lle custaba a vida, sonreía dichoso, con felicidá tan grande, que nin a morte podo borrar dos seus labios?

¡Quen o sabe! ¡pero quitarlle da cabeza ás rapazas, que non foi verdá a lenda que vos contan!

Diranvos, si lles preguntades, que a fadasiña, ó fin muller, conmovida por aquel amor tan grande, que custaba unha vida, respondeu co mesmo amor.

Pero xa era tarde, a morte aniñaba no peito do pobre mozo, e soilo tivo tempo de darlle un bico, un bico primeiro e últemo, que sellaba aquel amor tan ansiado, no mesmo momento de morrer.

En cambio, ela perdeu a súa condición de fada, por amar un home, e por eso non se volveu ver máis na cima de Castel-Ramiro a fadasiña de cabelos de ouro, que se peiteaba alá nas mañanciñas cedo,

cando o sol se espreguiza en follas de caraveles e inda o resío se tornasola nos follatos...

Pero nas noites prácidas de Maio, óiense sospiros docísimos, cantares de amores, que troban as brisas entre os piñeiros, e din as mozas que é Xacinto, que vén a salaiarse pola súa fadasiña a quen non pode olvidar.

Esta é a lenda de Castel-Ramiro... Lenda de fadas, pero historia de tódolos copreiros soñadores que se namoran do imposibre, sin ver que, si algunha vez o consiguen, é cando morren...

O SR. CAPITÁN

Ao distinguido esquirtor D. Andrés Martínez Salazar[1]

I

— ¡Asús! señora Ánxela, seica toleou...

— ¿E logo, muller?...

— ¡Ora o diaño! nunca tal vin... vella, churrusqueira como vosté... ¡cando o digo!... inda eu morra, si non estou vendo que se puxo o dengue, e a muradana e o pano bordado, en fin, todo o fondo do baúl... a roupiña con que se casou e que gardaba entre membrillos...e hasta estou por decir, Rosa non mintas, que peiteou o pelo riba da frente, coma as señoras da vila... ¡Asús!...

— Vaia, muller, que te pasmas ben.

— ¿E non me hei de pasmar? Vosté, que sempre anda morriñenta e choriqueira, vosté, que aínda lle custa traballo vestir-

---

[1] Andrés Martínez Salazar (Astorga, 1846-A Coruña, 1923). Tras pasar por varias capitais de provincia, no 1872 instálase na Coruña para desempeña-lo posto de Arquiveiro do Arquivo Xeral do Reino de Galicia, cidade na que vivirá toda a súa vida. Martínez Salazar é unha personalidade fundamental da Galicia do seu tempo, na que desempeñou un importante labor cultural, como arquiveiro e investigador, como editor e como defensor das ideas rexionalistas. Grande amigo de Murguía, ó que substituíu en 1923 como presidente da Real Academia Galega, contertulio da Cova Céltica, fundador da revista *Galicia. Revista Regional* e responsable dunha das empresas editoriais máis significativas da literatura galega de finais do XIX e principios do XX, a Biblioteca Gallega, fundada, no 1885, xunto a Juan Fernández Latorre e que a partir de 1887 e ata 1903 levou el só. Nesta empresa editou 52 volumes dos autores máis representativos para a cultura galega (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega, cit.,* t. XX, pp. 153-155). Coa dedicatoria deste relato, Pérez Placer quizais quería agradecerlle a edición de *Contos da terriña* na Biblioteca Gallega. Ademais, inclúeo en "A pillo, pillo e medio", facendo referencia á necesidade de reprimi-la procacidade do que está a relatar: "E anque eiquí poidese contar contos e máis contos, que de boca en boca corren por tódolos coruñeses, teño que calarme, *porque don Andrés, de fixo non mos pubrica, por medo á xente timorata*, que non dubidou en chamarme o Bocaccio e o Zola gallego, polos inofensivos contos do meu últemo libro". (A cursiva é nosa).

se para ir a misa, ponse hoxe feita unha rapariga, cal si fose á esculcas de noivio...

— ¿E logo non sabes a noticia?

— ¿Qué noticia? ¡si non ma di!...

— Pois que vén hoxe a tropa para Ourense... e vén meu fillo, e...

— ¿Que fillo? ¿O Xan? ¿Aquel que fai máis de vinte anos que non lle escribiu?...

— O mesmo.

— ¡Asús! ¡e nós todos que coidabamos que morrera!

— Pois venche... venche e é capitán... e vouno a esperar e darlle un bellisco... bribonciño ¡non lembrarse da súa nai, que estaba penando por il!... ¡heille leer a cartilla, por facerme estar un día e outro día rezándolle a virxen dos Remedios, para que mo deixase ver antes de morrer... e en cambio il...! ¡gandaineiro!... pero, adiós, xa teño todo arreglado para cando el veña a ver a casiña... xa lle puxen cosco novo ó xergón... merquei este pano de melindres, que tanto lle gustaban de neno, e en fin, tía Rosa, que vou morrer de alegría ó pensar que está para chegar o meu fillo... e sin poder acoubar en ningures, botou a correr estroupeleando cara á casa, namentras a veciña se persinaba, asombrada polo socedido.

II

E en verdá, que a tía Ánxela parecía remozada pola felicidá que lle brincaba no peito.

Co pano branco ó rededor das engurradas faceiras, ás que facían respetables os ollos bondosos e as brancas guedellas.

Co dengue de terciopelo, que deixaba campar no medio cinta de grana cuberta cuasemente polos abalorios, e coa muradana pindurada nos cadrís, envolvendo o corpo con lenzos de pano, máis ben

adeviñado que visto baixo as franxas de terciopelo, e o mandilete de seda negro, parescía que recobraba a edad en que estrenou a tal roupiña, asegún o xentil e lixeira que se mostraba.

Ela e o seu marido ocupaban a mitá da casa solariega, que se esborrallaba cada día, e, naquel pobiño, chamado a Burata, non tiñan máis veciños que a tía Rosa, nin máis horizontes que aquela encañada, en cuio fondo sombrizaban os ameneiros ós lamedales que verdeaban beira o regato, e as estribaciós por donde as cepas agatuñaban, cobizosas cicais de ver o sol, que se prendía nas agullas dos piñeiros que coroaban a cima, brotando entre as rendixelas dos penedos.

Últemos restos dos señores do antiguo pazo, convertíranse en labradores, senón ricos, ben acomodados, ós cales lles daba o microscópico val todo o necesario, e no cal foran felices, si as quintas non lle houberan levado ó úneco fillo que tiñan, aquel Xanciño que, por ser o primeiro, tiña todas as ternuras dun amor aínda non estinguido, e, por ser o úneco, tódolos quereres abundosos dun corazón de nai.

Marchárase este, e con el toda a dicha dos vellos.

Namentras non pasou de cabo, escribía a menudo, anque non fose máis que por pedichar cartos, pero, despois, non houbo máis correspondencia, e as cartas salaiosas da naiciña non habían contesta.

O pai enfurruxouse, e xurou que non se acordaba máis do ingrato, pero a tía Ánxela, por máis que calase, meteu nun currunchiño do peito o amor do seu fillo e alí medrou cada vez máis con tódalas violencias dos pesares ocultos, e nunca máis se a viu sonrir nin nomealo.

No xestal onde o Xan apacentaba o gando, había unha choupana que el fixera por divertición, e a coitada tiña coidado de que non se caíse, e, por todo o tempo que durou a ausencia, renovara as xestas e os fentos do tellado, que o vento ciscaba ou a chuvia podrecía.

Por eso, cando soupo a noticia de que o seu fillo viña, pensou tolear coa dicha; revolveu a casa de arriba abaixo, e en verdá que, senón estaba tola, parecíao.

Sintía no peito labaredas que aborcallaban a sangue e ás veces somellaba que tiña na gorxa un nudo, como si o curazón lle chegase hasta alí.

Non quedou mueble que non limpase, polvo que non sacudise, nin cousa boa que deixase de mercar, para darlle ó fillo pródigo, cando viñese.

¿E por que non decilo? no medio do seu cariño, tamén a fantesía entraba por moito.

¡Un fillo capitán! ¡con que borra o levaría ó lado nas festas e romaxes! como decíndolle a todos: — rabexai, este señor capitán é meu fillo... estes brazos combados pola aixada son os que o bambearan... este corpo que anda decote entre o esterco e os lagorzales, foi quen lle deu vida, e desta vella enganida é de donde saíu este capitán tan guapo, tan xeitoso... porque eso si, guapo non había duda que o era ¿non era seu fillo? ¡pois logo! vaia, vaia...

E, toliña, mirábase nun anaco de espello con conmovedora coquetería.

Quería estar guapa e peiteábase como nos tempos da mocedá.

Quería agradarlle ó fillo, cando viñese, e lavárase as faceiras no regato, para borrar as señás das bágoas, e para telas limpas en espera dos bicos deseados.

E cobizante, inquieta, empuxaba ó petrucio que escondía a cara para que non lle visen as bágoas e apompábao, decindo que lle había de contar ó fillo, ó señor capitán, que el, o pai, se enfurruxara, e xurara non querelo máis...

¡Toleirona! ¡non advertía que o pobre vello tiña os ollos cubertos de bágoas, que as palabras se lle atrancaban na gorxa, como si o curazón lle rubise hasta alí, e que pouquichiño faltaba para esborrallarse soloucando como un neno rabechoso!...

III

Inda me acordo.

Nas casas do Polvorín, diante da porta, tíñame miña nai sentado no colo, cando eles pasaron.

No río batuxaban unha caterva de rapazotes; e na porta do cuerpo de guardia estaban os soldados sentados ó sol que se refrexaba nos charolados do correaxe.

Viñan os dous, riseiros, collidos pola mau, cal dous noivios, mirando para todos lados como si nunca se houberan fixado no paixaxe, ou o sol daquel día brilase máis ou os paxaros lle dixesen algo descoñocido.

A tía Ánxela traía apreixado un gran pano de melindres, que eran os dulces que tanto lle gustaban a Xanciño de pequeno.

Ó pasar por diante dos soldados, parouse un instante mirándoos arroubada; despois, como quen toma unha resolución, botou a correr cara a eles, e sonríndose e chorando a un tempo, díxolles: —tomai á salú do meu fillo o capitán —e, botándolles unha presa de calderilla, fuxiu cara a nós, en tanto os soldados se quedaban parvos co sucedido.

E alí foi ela; atrancábanselle as palabras nos beizos co afán de decilo todo, e chorando ó sonrir, ou sonrindo entre os choros, contounos afarfallante a dicha sin igual que lle pasaba.

Despois, ó fixarse en min, botou dúas ou tres veces a mau ó pano para darme un melindre, pero como si fose un pecado sacar algo do que iba destinado para o filliño, marchouse, escondendo o pano contra o peito, pero xurando que nos había de traguer de visita ó señor capitán. ¡Ai, meigas nais, que toleironas sodes!...

IV

Soupémolo máis tarde.
Quen o contou foi un home, e choraba como unha muller.
Dúas horas antes de chegar a tropa, xa a tía Ánxela estaba nas escaleiras que hai na entrada do cuartel de San Francisco.
Non acoubaba en ningures, faláballe o centinela e quería que todos lle dixesen cómo estaba, cómo era, e qué faguía o capitán fulano.
Ás veces subíase á muralla e esculcaba as calles da cibdá que en costa se estendían hasta morrer no Miño.
Eiquí, en primer termo, a rúa de Quebracús, de rápeda pendiente, coas casas vellas esborralladas, de roxos corredores polos cales agatuxaban as cepas. Despois, un conxunto de tellados grises, entre os que se destacaba o cimborrio da Catedral, a torre do reló e a das campáas, o pórtico de Santa Eufemia e os alciprestes e loureiros das pequenas hortas.
Alá máis lonxe, comenzaban os tellados roxos da cibdá moderna e, inda máis lexos, o Miño, que se perdía entre montañas amarelas.
Pero non estaba ela para fixarse en paisaxes.
Cada ruído estremecíaa.
Por fin, ouvíronse preto as cornetas, apareceron os graxos, formados na vanguardia, e tras deles a tropa cos roses enfundados e en traxe de camiño.
O tío Liborio comenzou a trembelear e tivo que sentarse; en cambio ela, forte, fantaseosa, quería ser a primeira para que a vise.
Pensaba na sorpresa e na aperta que il lle daría alí, diante de todos ¿por que non? ¿non era súa nai? e con ollar fero miraba ó redor, como si alguén llo disputase ou lle negase tal direito, e fixábase en tódolos oficiales, temerosa de que el pasase sin coñocela.
De súpeto, un berro agudo, penetrante, un —¡fillo! en que iba a condensación de tódolos quereres, se lle escapou do peito, e tendeu os brazos.
Coñocérao, era il; baixo a barba destacábanse para a nai as fauciós adouradas, pero, en vez de peito amado, topou co culatazo dun guardia, e o fillo pasou teso, indeferente...

— ¡Non me coñoceu —marmurou— estas malditas angurras fanme vella! e quería entrar no cuartel sin que bastasen adevertencias nin ameazas que a figuesen desistir.

Xemía supricante, pedía angustiosa, e tanto fixo, que, por fin, avisaron o capitán, para que saíse.

E ó saír, ¡non houbo un berro, nin unha fala!... quedouse parva mirando para il, axitando o pano de melindres, tocoulle os galós con veneración, e caíu de xinollos diante dil, sin poder faguer outra cousa que mermurar:—¡fillo, meu fillo! —en tanto que o tío Liborio avantaba trembeleante.

Os guardias estaban mudos, emocionados, os grexos quedáronse enternecidos cos ollos humedecidos polo rocío da ialma, e as mulleres que por alí estaban, soloucaban con sentires maternos que lles refervían no corpo, pero, unhos e outros quedaron atontados, cando ouviron ó señor capitán decir con friaxe: —¿Pero quen é esta tola? eu non teño nai.

A tía Ánxela, fría como un cadavre, ergueuse, recuou con ollares de espanto, e colléndose ó tío Liborio, comenzou andar para tras, fixa, encarada para o fillo que así renegaba dela.

De súpeto avantou, e sin que naide pudese deteñela, colgouse do pescozo do flamante capitán, e nun afarfallar de agasallos, nun desbordamento de tenrezas, nun ferver de sentires, non o soltaba.

— Xan... son eu... dime que sono... que é unha gracia o que dixeches... ¿non te acordas, Xanciño, do que te quería?... mira, eiquí tes os melindres que tanto che gustaban... téñoche a cama feita, e as torradas preparadas, e o viño con mel do noso colmear... cuideiche a casiña do xestal... e o Pichón, ¿non te acordas? inda vive, xa esta cego, pero cuideicho por ser teu can... on, perdóame ben comprendo que son unha paisana, e ti, agora, eres un señorito... non debín de vir eiquí, pero non poiden determe... pero calarei e naide o saberá... vós, creanciñas ¿calaredes?... e vostedes, señores soldados, non dirán que o señor capitán é fillo duns paisanos... ¿verdá?... Xan, meu Xanciño... nós xa somos vellos, e pronto morreremos... ¿pero ti calas?... ¿ti vaste?... ¿ti non me coñoces?... ¡Asús!... ¿dis outra ves que son unha tola?...

— Cala —bruou o tío Liborio— deixa a ese maldito, a ese...

— ¡Fillo! —marmurou, tapándolle a boca, e, muda de dolor, quedouse mirando degorante para a porta por donde desapareceu o ingrato, encontrando no medio de tan gran dolor unha sonrisa ó velo tan fermoso, tan garrido, feito un señor capitán.

Despois, calados, sentindo desmoroarse todo ó redor seu, comenzaron a caminata cara a casa, como dous cadavres que se moven automaticamente.

O sol, nos últemos parpadexos, brilaba con alegres rousadeces; un fato de rapaciños cantaban en roda:

"Me casó mi madre,
me casó mi madre,
chiquita y bonita;
ay, ay, ay..."

Alá no cuartel as cornetas parecían rirse, e por todas partes bulía a vida naquela tarde fermosa de Maio; solo no peito dos dous vellos aniñaba a morte.

E estonces a tía Ánxela, a nai docísima, a esposa amante, a vella cristiana, mirou ó ceo con ollos tan asombrados, tan interrogantes, que parecía que se preguntaba si cicais... ¡Dios durmía!

CEREIXAS[1]

Ó meu íntimo amigo Francisco A. de Nóvoa[2]

I

¡Que linda estaba, destacándose no verde claro do musgo!

De louros cabelos, cos[3] ollos azúes, brilantes e húmedos, cal lirios do regato, coa boca de meigo sourriso e labios vermellos, co peito que xa a pubertad hinchaba baixo a chambra de percal froleado, e co aquela morbidez apetecible de rubiota frescachona, que se deixaba adeviñar baixo da roupa, pouca e sinxela, propia da estación ardente.

E el, coa chaqueta espida e o brazo apoiado no cotovelo, e a cabeza na palma da mau, e o corpo estarricado beira da moza, medio ladeado, mostrando baixo o forro do chaleque a rexa musculatura das anchas espaldas, a graciosa curvatura dos cadrís, a redondez das nádegas e a fornidés dos muslos, xuntanza de robustez e fermosura, Apolo fornido que non dexeneraba nas branduras afeminadas dun Baco; mirando con ollos churruscandeiros, en que a legría da xuntanza se misturaba co asombro do imprevisto, e enfeitizado co aquel parolar da meniña que, ó mesmo tempo que lle recordaba os tempos da infancia, ó namoraba coa meiguice do presente.

Puxéranse alí, baixo os avellanos, beira do regato, cansados de correxar pola horta donde de nenos se criaran.

Recordaban a separación cando, facía tres anos, el marchara para o colexio, e asombrábanse mutuamente de verse tan distintos en tan corto tempo.

Ela, xa unha mullerciña coa saia larga, co pelo peiteado riba da frente, en vez das trenzas cobreando pola espalda, e cos además séreos e os ollares soñadores.

---

[1] Reproducido en *Revista Gallega*, número 254, 21 de xaneiro de 1900, e en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, número 312, 20 de xuño de 1900.

[2] Non figura a dedicatoria nin en *RG* nin en *EG*.

[3] con *(EG)*.

El, cos labios sombreados por pequenísemo bozo, a voz engrosada e os ollos rebentando malicias de cousas adeprendidas e de despertares antes iñorados.

Correxaran a non poder máis; remexeran nos buxos, que aliñaban os paseos, a esculcas de niños; refrescaron os recordos, perdéndose, cal outro tempo, entre os galleiros das xudías, xogando ós escondites, e mirando as follas acorazonadas[4] que, ó fuxir, se lle prendían na roupa; botaron a chumbeira nos remansos, batendo palmas ó bulir dos prateados peixes entre a malla; guindaran ameixas e ciroleiras; esfiancharon con estrano sentimento as cordas podrecidas do bamban que, cando nenos[5], puxeran na pereira, e despois de que non quedou rincón que non rexistrasen, tumbáranse naquel souto de avelanedas donde noutros tempos arreglaban as liñas para as anguías, graxeaban coas niñadas collidas ou larpexaban as golosinas furtadas a trasmau.

II

Queimaba o sol, como acostuma nas veigas do Barbaña, e alí, baixo aquela bóveda tupida, respirábase unha atmosfera que a vecindad do río e a proteución dos follatos entibiaba con placidez de alcoba.

As matas de cecimbre e menta impregnaban de estranos olores, e entre as campanillas moradas das digitales, zumbaban as cantáredas cal condensaciós íricas ou fadasiñas de cores que nas campáas de amatista tocasen mil estranas[6] harmonías, cal o xemir da bris ó randear dos follatos.

---

[4] acorazoundas *(EG)* , acorazonndas *(RG)* tal vez por errata.

[5] cando menos *(EG).*

[6] estronas *(EG).*

Encima deles, as follas dentadas dos avellanos formaban limbos transparentes que se recortaban no azul límpido do ceo, e que, humedecidos polo rocío inda non deloirado naquelas escuridades, presentaban estranos fulgores, como si estivesen ribeteados con barazas recortadas do arco das vellas.

III

No branco delantal acopiara ela boa presa de guindas, e por divertición colgáraas das orellas, e ó mover frecoente da cabeza, esvaraban nas meixelas como doas roxas que andivesen a retesía cos labios que se movían ó brando falar e ó[7] meigo sourrir.

E así estiveron un anaco hasta que parou a conversa, e ó calar dos labios sustituíu o parolar dos ollos.

A casualidá desbotonou o corchete da chambra, e entre o frolear[8] do percal, destacábase o blanco arrasado daquel peito[9] redondeado que se blandeaba ó rítmeco compás do respirar.

E sin conta darse, ela, hasta entón tan inocente, tan tranquía, parecíalle que era mirada de estrana maneira, que os ollares do primo falaban conversa nunca ouvida, e baixou a vista, sintindo que as bágoas lle nubraban os ollos, que o curazón lle daba brincos no peito, e que lle queimaban as faceiras estranos calores, tinguíndolle a cara con oleadas de carmín, cal si as cereixas se destiñiran ó continuo rozar da aterciopelada pel.

E el, suspenso, parádo-los beizos[10] no medio dunha sourrisa que llos deixara entreabertos, cos grandes ollos como asombrados, apretá-

---

7 a *(EG)*.

8 frorear *(EG)*.

9 O autor corrixe *colo* por *peito* na *Fe de erratas*.

10 beixos *(EG)*.

base insensibelmente contra o céspede, e con tola ilusión, antoxábaselle que as cereixas do pano, movidas por máxico conxuro, comenzaron a beilar, e crecían e estendíanse, e cobrían todo de roxos colores, danzando polos aires como enguisando a comelas, e en medio de todas, destacándose dúas, cal si fosen as reinas, dúas das máis fermosas, que se movían, inquietas, provocativas, con tan meigos atrautivos, que, sin darse conta, foi acercando súa boca abrasada a elas, a elas que non fuxían, e que se apartaron, cal por milagre, cando as bicou, mostrándolle branco ramallo de margaridas, que parecían marmullar, con voz tan débil como un sospiro, un —ámote— de doce, inefabel, nunca escoitada meiguice...[11]

[11] Despois de "Cereixas" atópanse en *Contos da terriña* os relatos "Solfa" a "A bo zorro, mellor can", incluídos en *Beira do lar*.

¡VELLIÑA, MIÑA VELLIÑA!...

A miña nai

I

—¡Velliña... miña velliña! —decía o xentil mociño, ó baixarse do cabalo, e, toleirón, afarfallante xuntaba seus louros cabelos coas brancas guedellas, súas tersas faceiras contra o engurrado carís, como si quixera compenetrarse no corpo da naiciña, á que viña a ver polas vacaciós e a que, borracha de felicidá, non acertaba a dar fala, mirando para aquel anaco das entrañas, hasta que a emoción a deixaba soloucar coa cabeza contra o peito do seu fillo, daquel filliño a quen tanto quería, e ó cal a apreixaba riseiro, marmurando con inefabel meiguice: — ¡Velliña... miña velliña!...

II

Era sempre o mesmo.

Durante os oito meses do inverno, soliña naquel curruncho perdido entre os soutos de brabádegos e ameneiros, esquecendo a cibdá onde foi nada, e de cuios salós fora dos principaes elementos; fixera o sacrificio de vivir naquela aldea, lonxe da civilización, sin máis entretemento que a burda palabrería dos mozos de labranza, e esquecendo hasta o modo de falar, metida sempre tras do pote ou no curro entre as galiñas e o gando, soilo co afán de aforrar o necesario pra darlle carreira ó fillo, úneco ser que tiña no mundo e que lle recordaba ó marido a quen tanto seguía amando, a pesar de que lle botara por terra o capital entre as borracheiras e as churrianas.

Pasaba oito meses mortás, soila, aburrida, escismando cavilosa, traballando moito máis que os mesmos criados, comendo a penas bica mal feita e berzas mal cocidas, e cobríndose con roupa tan mala, que nin o frío lle tornaba.

Soilo tiña no medio da saudosa estranía, unha felicidá, e era cando, polos últemos de cada mes, mandaba polo ordinario aquela presa de cartiños para pagar a pousada e para ir ó teatro e ó café e andar feito un señorito, ben mantido e ben vestido, en tanto ela morría de tristuras e de privaciós naquela choupana perdida entre as arboledas.

E eso que fermoso, afellas que era fermoso ó alrededor da tal casiña. Verdeaban os prados co continuo refrescar das fonteliñas, e moteábanse na primaveira coas píntegas azúes e moradas das lobelias e os tréboles, e coas brancas das margaridas.

Recortaban o hourizonte os ameneiros renxidores, e na cima dos curutos lexanos, destacándose nas azúes lexanías, a penas si negrexaban os piñeiros sombrizos e rumorosos.

E preto, tan preto, que as poulas metíanse polas ventáas, arrecadábanse os froitales da horta que rodeaba a casiña, cos seus paseos aliñados con buxos, e seus rincós, nos cales buligaban as rosas e os craveleiros, a herba luísa e as hortensias, e os coadros rebordando as legumes por riba dos freisales.

Despois, aínda máis preto, a veiga do millo, entre o cal andaban as mozas de refaixo marelo a media perna, guiando os regos e erguendo as fabas.

Pero esto era no tempo en que o fillo voltaba, en que xa pasaran os friaxos do inverno, en que a neve cobría os campos e a brétema entoldaba os ceos e o curisco entumecía a xente.

E como si tamén a vella quixera axudar ó paisaxe para darlle alegría, sacaba o fondo do baúl, peiteábase con máis xeito e arreglaba o carís, en tanto que non economizaba nada para que il, o meniño, estivese alegre no tempo en que descansaba dos estudios.

¡E con canta emoción o contempraba!

Ó velo tan señoriteiro, recordáballe a ela os tempos da mocedá, en que campaba polo elegante, e sentíase revivir.

Despois viñan os malos días, as vísperas en que tiña que camiñar outra vez, e a soilas, por non afrixilo, choraba a pobre, en tanto que pasaba as noites en craro, fiando para fóra, para xuntar os cartos que a marcha, as matrículas e demais andrómenas esixían.

Chegaba o día fatal; a potranca que o señor crego lle emprestaba, agardaba a porta coas alforxas ben provistas, e entón, chorosa, soloucante, metíalle na mau un paniño cos aforros feitos, dáballe, si poucos cartos, moitos consellos que, con ser tantos, ¡eran menos que os beixos amorosos con que o despedía! ¡quen sabe hasta cando!... sí, —como ela decía— xa era vella... e o día menos pensado morría sin telo ó lado... a il... ¡ó seu fillo!... que sonrindo ó pensar na próxima chegada á cibdá, barbullaba, apreixando a nai contra o peito e faguendo un poema dunha frase: —¡Velliña... miña velliña!...

III

Sóupoo... e non o quixo creer.

El... o seu fillo... aquel que tantos traballos lle custara... aquel que tiña tan bo curazón... sin decirlle nada... sin darlle xiquera unha aperta... embarcárase para lonxe... para Habana... embruxado polo amor dunha bribona, sin que, cicais avergoñado, tivese unha frase para a naiciña, como si el, o ingrato, non soupera dabondo que bastaba unha palabra dil, pra disculpalo.

Non deu unha queixa; deixou o traballo ¿para que aforrar? e como si aquel hasta entonces forte corpo, non esperase máis que a señal, avellentouse por completo, fixo como eses cadavres de Pompeia, que estiveron anos e anos sin descompoñerse, e os cales lles bastou unha hora para faguerse polvo.

E naquil corpo insensibel, chegou a morte sin sacudimentos, como si fose o máis natural deixar de vivir ó perder canto amaba.

Soilo na agonía se incorporou, como si hasta o últemo latexo esperase que viñera il, e ó ver defraodada a últema espranza, caíu no leito, barbullando unha pregaria, pedíndolle a Dios a felicidá do seu fillo, e como si fose prenda de perdón, marmurou, sonrindo con felicidá estrana, aquelas palabras, que, en tola ilusión, se lle figuraban ditas por il: ¡Velliña... miña velliña!...

¡SUICIDA![1]

Amor.
¿Por qué razón tu existir
necesita en este mundo,
para nacer, un segundo,
y un siglo para morir?...
Francisco A. de Nóvoa.[2]

Lóstregos azúes, chispazos brancos somellaban aqueles trazos que ó mover das ondas faguía na cima espelleante daquel mar tranquío que, con estremecementos de virxen, ondulaciós de cobra, palpitar de seo tremante, respondía ós bicos abrasadores do sol de Estío.
Soilo, aló lexos, tenguíase de verde, sonrosábase nos penedos das lexanías, arbolábase nos barcos, e formaba estelas azuadas, zafireñas, en longas colas, tras das lanchas pescadoras.
E aló enriba, o ceo, esoutro mar frotante, tamén azur, despexado, a penas surcado de fíos de prata, ringleiras de perlas, fianchos de escuma, que se bambeaban presos cicais nas raiolas daquel sol esprendoroso, que envolvía o mundo en abrazo fecundante, tinteneando[3] nas gullas esmeraldinas dos piñeiros, esvarando polas follas charoladas dos castaños cal novos fiaños amarelos, brincando nas conchas da praia, tecéndose en mil cores nas mallas de escuma, lostregando nas escamas das sardiñas e perdéndose sombrizo nas escuridades das arboledas.
Aló baixo, na pequena praia, un vello arreglaba[4] un tramallo, e dous rapazotes andaban de eiquí para alí, dando co pé na area, pra ver donde salía a vinchoca de aire, acusadora dunha ameixa ou dun berberecho.

---

[1] Reproducido na *Revista Gallega*, número 279, 22 de xullo de 1900, en *El Eco de Galicia*, número 367, 1901 e na revista *A Nosa Terra* en 1908.
[2] A cita só aparece recollida na revista *A Nosa Terra*.
[3] tintineando *(RG) (EG)*.
[4] arregraba *(EG)*.

Nun grupo de penedos, beira dunha buceta varada, estaba unha rapazota[5] de catorce a quince anos lavando roupa, e parolando cun mozo da mesma edad, pouco máis ou menos, que, co pantalón refucido a medio muslo e a camisa espida, andaba rastrillando corregolas.

Todo era vida, todo convidaba a vivir naquela atmosfera exuberante de luz, no medio daquela esprosión de cores, ouvindo o xemir saudoso, acariciador, daquel mar de ondas vagorosas a penas ribeteadas de rizares de escuma, que se desfaguían ó beixar da praia[6], e ó runrún das pretas arboledas que se randeaban coa bris, e entre as cales chiaban os paxariños acoplándose nos aires, como si quixesen aleixar a idea da morte, coas manifestaciós da vida.

Soilo, no peito magoado dil, de Manoel, do mozo recién vido da Habana, aniñaba a morte entre profundas irremediables penas.

Sin darse conta, atraguido por ese inespricable atrautivo que ten o mar para tódolos que sufren, viñera a esculcas da soedá, e nun dos penedos máis altos que, metido mar adentro, era combatido sin cesar polas ondas, sentárase casi insensibel, contemprando a inmensidá e absorbéndose no cavilar dos seus dores.

Marchara lonxe, deixara a velliña da súa nai, abandoara o currruncho onde foi nado, deixou os compañeiros da mocedá, soilo por xuntar cartos con que comprarlle regalías á noivia, á moza que amaba dende meniño con amor non[7] igualado.

E aló lexos, en terra ingrata, sendo obxeto de burla, sofrindo miserias, abundoso de traballos, atormentado por un clima insano, soloucante pola morriña, sin amigos, sin quereres, sin máis pensamento que voltar á terra xunta á naiciña e xunta ela a muller amada, cuio solo recordo bastaba para sosteñelo cando vacilaba, e para conservalo virxen de corpo e alma no medio das seduciós dunha sociedá corrompida, pasou os anos mellores da súa vida, sin unha

---

[5] O autor corrixe *un rapazote* por *unha rapazota* na *Fe de erratas*.

[6] plaia *(EG)*.

[7] no *(RG) (EG)*.

diversión, sin un entretenemento máis que os recordos das noites[8] de riola, en que el e a súa Carmela, co brazo pola roda da cintura, cantaban baixo os castaños do curro, aquelo de:

"Ai que crariña está a noite,
ai que crariña che está,
todo tranquilo che dorme,
todo convida a cantar.
Miña xoíña, meu ben amado..."

Sí... seu ben amado... seu doce encanto... amor dos seus amores... que lle xurou ser fiel hasta que voltara... e pensando nela... cansado por un día de rudo traballo... entornando os ollos... vía pasar os recordos da infancia... as casiñas do seu pobo, fundido entre bosques de brabádegos beira do mar... as pescas da sardiña... as festas e as fiadas... e as escascas do millo e as sestas pasadas beira o regato paroleiro, donde a Carmela lavaba os pés, brancos e pequenos cal conchas de berberechos, en tanto que el, co pantalón a medio muslo e a auga hasta os sobacos, rebuscaba as raíces dos ameneiros e os macizos das espadanas pillando troitas que lle botaba a ela na aba, donde brincaban tembradoras, pintigadas de puntiños roxos, tan roxos como os labios de Carmela, que lle decía, sonriseira, con inefabel inocencia: —Asús, Manoel, ti tes o carís moreno, pero te-lo corpo branco, branquiño como a escuma do remanso —¿vela?— e collía entre as maus copos grandes de escuma que frotaba beira as súas pernas, cal estuche de aqueles nácares: e adormentábase sonrindo, enamorado, pensando naquela Carmeliña que debía estar esperando por il, co peito tremante como lle tremaba o dil.

E por fin chegou o día, o día ansioso, en que os aforros feitos lle permitían voltar, e, medio tolo, marchou para a terra, a terra de donde saíra, donde o esperaba a felicidá, o cariño da nai, o amor da que pronto sería súa esposa, e os afeutos amistosos dos compañeiros da infancia.

---

[8] O autor corrixe *de noites* por *das noites* na *Fe de erratas.*

Canto sono polo camiño, canta ilusión ó rubir polo carreiro que vai cara ó pobo, e alí... a nai enterrada, e ela —¿quen? ¿a Carmela? — decían os que preguntaba... —ai, sí— dixo por fin un —fai anos que marchou para a vila, e alí... xa ve, os estudiantes son o demo... e, en fin, foi unha das da vida e ¿quen sabe? ¡quizá morrería no hospital! Amigos, vai boa; a emigración levounos todos... os vellos morreran... os mozos non se acordaban dil, e viuse soilo, descoñocido, co aquel amor no peito, amor, que agora rebentaba con toda a violencia de tantos anos de prisión.

E para máis, non ter un rival en que desfogar, porque... ¡serían tantos!...

Si, todo esto pensaba aquela tarde, en que, sentado no acantilado, parece que gozaba en renovar a chaga do seu curazón, como para convencerse que debía morrer, cando non tiña nada que o alentase a vivir.

O sol íbase debilitando nos últemos parpadexos, o vello do tramallo desaparecera, os rapazotes perdéronse entre os penedos, e quedaron soilos a moza e o rapaz, ela recostada contra a varada buceta, e el, deitado na area, cos brazos baixo a cabeza e unha perna dobrada, contemprábaa con namoramento, mentras cantando[9] os dous cantelas do país.

Sentía os ollos cheos de bágoas, recordábase de cantas veces el estivera así como estaba o rapaz, e sentía ánseas de berrarlle: fuxe... que a muller darache por pago ós teus amores, o perxurio...

Cando, de pronto, chegou ós seus ouvidos, crara, perceptibre, unha das máis fermosas cántigas da terra, que tantas veces cantara con Carmela, e que polo sitio, pola hora, e inda máis polo oportuna, adequiría saudosa melanconía.

Cantaba así:

---

[9] cantaban *(EG)*.

"Cando saín do meu fogar,
meu curazón deixei alí,
cando volvín, non o atopei;
por eso choro, doente, aquí.
Choro un amor desventurado,
que unha muller, cruel, me xurou,
por eso o peito teño queimado
e pouco a pouco morrendo vou
.....
Fuxe, muller, fuxe de aí,
non máis de ti me acordarei,
que hasta teu nome, que eu adouraba,
xa para sempre o esquecerei".

Puxérase de xinollos; e, coa cabeza na mau, soloucaba con dolorosos estremecementos, vendo naquela copla, que tantas veces cantara indeferente[10], toda a historia da súa vida...
Cando levantou os ollos, xa os dous mozos, collidos pola mau, se aleixaban, e, medio perdidos pola distancia, chegaban ós seus ouvidos:

"Fuxide bágoas dos meus ollos,
que xa non quero máis chorar,
que as súas falsas ruindades
do meu maxín quero borrar.
.....
Cando saín do meu fogar,
meu curazón deixei alí
cando volvín, non o atopei".
.....

[10] indiferente *(RG) (EG).*

e, abatido, atraguido por aquel mar que o chamaba con traidora meiguice, deixouse esvarar, esvarar, e as augas abríronlle o seo con brandos movimentos, con doces beizos.
No últemo momento inda poido ouvir á parexa que cantaba:

"Fuxe, muller, fuxe de aí".

E el, facendo un esforzo como para protestar daquel apartamento, berrou con toda a dozura que inda quedaba no curazón magoado: —¡Carmela! —como si quixera que as brisas lle contasen a ela que o últemo nome foi o seu, cando as ondas se xuntaban riba a súa cabeza, dándolle a morte entre as mimosas apertas, que, ó fin, as ondas... ¡tamén son *elas*!...[11]

[11] Segue a "¡Suicida! en *Contos da terriña* o relato "¡Mentirán!", incluído en *Beira do lar.*

¡¡BRRRR!!...[1]

Non, descortesía como ela non a había... ¡ora o diaño!... xastre por eiquí, xastre por alá... como si tódolos oficios non fosen honrados, para bulrarse así dil... e hasta o callambrú do Pexerto, o barbeiro de Barbadás, lle cantou, por aquelo de borrear[2] diante das mozas:

"non houbo xastre no mundo
que non roubase un calzón".

Senón fora porque ás veces o calar é valentía, habíalle de axustar as contas... pero ben din que donde as dan as toman, e o que non queira queimarse, que co fogo non xogue, que quen á xuvia[3] se pon, mollado sale, e quen con fariña anda[4], branco di; que tamén el amocou o barbeiro cantándolle aquelo de:

"Non quero noivios barbeiros
que, de tanto sobar homes,
salen todos mariqueiros".

E en tanto que así pensaba, iba todo encabuxado, Xan, o sastre, xurando non volver máis a unha fiada, para que non se bulrasen dil, como fixeron aquela noite, soilo por ser xastre.
E, sobre todo, o que máis lle doía, era que a Dorotea, que sempre lle puxo boa cara, se burlase dil e non lle fixese caso, como si non soupese que il penaba por ela, e de boa gana sería seu cortexo.
E como si a condarguida da moza quixese confirmar os seus desaires, desde o cima dun cómaro, segura de que o Xan había de ouvila, botoulle, así como para enguizalo, aquela cántiga:

---

[1] Publicado na *Revista Gallega*, número 271, 20 de maio de 1900.
[2] berrear *(RG)*.
[3] chuvia *(RG)*.
[4] sale *(RG)*.

"Polo carreiriño abaixo
vintecinco xastres van,
levan tixeiras e fouces
para matar unha ran".

E como si quixesen ferir inda máis o curazón de Xan —que, anque xastre, tamén o tiña— ouviuse un aturuxo, que ben ás craras se coñocía era do mozo que acompañaba a rapariga entre o milleiral.
E tal foi a cólera que sentiu, e tal a rabexa, que, esquecendo o amor que tiña, quixo tomar a revancha, e, pondo a mau na orella, prantouse no medio do camiño e cantoulle, por máis señas, en castelao:

"Y eres una y eres dos
y eres tres y eres cincoenta,
y eres una catadral
donde todo el mundo entra".

E ben fose por que a copra fixese efeuto, ou porque a moza tivese outra cousa que faguer que non cantar, naide lle contestou, co cal seguiu o camiño, máis foncho e borreante que fidalgo de aldea.
Porque, eso si, agora que se atopaba soilo, sentíase con ánemos de escorrentar a paus unha romaxe, e el mismo se deprocataba de que fixera mal agoantar as pullas con que o atentaron na fiada.
E anque a moitos lles parecerá que, si cantaba, era para escorrentar o medo, porque xa se sabe que cen xastres fan un home, non o pensaba el así, que se sentía con ánemos de andar a paus coa mesma compaña.
A compaña, a compaña; ben se lle importaba a il por eso, desde que sabía que bastaba faguer un círcolo na terra e meterse dentro... bo... bo... e en tanto, iba mirando para os campos veciños, medio clarexados pola ialba que se aveciñaba rouseando lixeiramente as cimas das montanas.
E anque Xan non era copreiro, non deixaba, como bo gallego, de adimirarse da Natureza, e así era que medio se embobaba vendo os

campos, brancos coa xiada, envermellarse coa nacente luz do día. Pero cando máis entretido iba, bulrándose no seu interior das bruxas e das fadas, que, din, andan soltas de noite, envalentonado agora que viña o día, sintiu que o collían pola espalda, e, branco como os campos xiados, quedouse quieto[5], sin atreverse a dar un paso, nin tan xiquera a faguer o círcolo esconxurante.

Non había duda; as bruxas deberon de adeviñar o que el iba cavilando, e collíano para faguelo bailar hasta que non poidese[6] máis, como lle fixeron a un veciño.

E alí o rezar e ofrecer a tódolos santos coñocidos e por coñocer, para que o sacasen daquel mal paso.

Ás veces movíase un pouco, para ver si estaba libre, e ó sentirse collido, empezaban os sudores e hasta lle parecía sentir os agullazos que acostuman a dar as bruxas, co cal lle iban poñer o corpo máis pespunteado que puña el a solapa dunha chaqueta, e con máis puntadas que lle dera no curazón a Dorotea, na fiada.

E nestes tragos, veu a mañán, coas súas algueiradas de luces e cores, e coa retesía de paxariños que cantan a alborada; e animado coas alegreces da mañán risoña, escorrentadora de medos e de ensonos, volveu a cabeza para ver o iñorado namigo que o engarraba... e estonces sintiu que o valor se despertaba, e, cheo de indignación, sacou a tixeira, e con voz forte e señoril díxolle a silva que estaba engarrada na chaqueta, ó mesmo tempo que a cortaba dun tixeiretazo: ¡brrrr! asina como te corto a ti, cortáballe a cabeza a un home que fose; —e, borreante, esquecendo o medo de fai pouco, entrou na vila cantando:

---

[5] O autor corrixe *quédase quieto* por *quedouse quieto* na *Fe de erratas*.

[6] pidese *(RG)*.

"Se houbera algun valentón
que queira vir a rifar,
conte que me ten eiquí
donde o teño de esperar".

¡¡¡Brrrr...!!!

FLOR DE LIÑO

I

¡Con que alegría respiraba a bris pura das campías, que lle daba alivio ó magoado peito!

Sentía ánseas tolas de brincar como unha creanciña en tempo de vacaciós, e rubíalle polo corpo algueirada de risoños despertares.

E, alí, parado, no medio da congostra, naquela mañán inverniza, parda, a penas vermellada coas primeiras raiolas de sol, que, ó escorrentar as néboas, tenguían o espazo de rubores desleidos, esquecía as loitas aniquiladoras do espírito, os penares insufribeles de cando engaiolado no saminario, en medio daqueles seus compañeiros, intratables gañás que se faguían cregos por fuxir da aixada, envolveito en formulismos antipáticos, apreixado en claustros malsanos, privado de correxar polos campos, os campos queridos donde choutou de neno; sentíu despertar o instinto de home que se desprendía das nebulosidades da infancia, crisálida que raxaba o capulo para borbolotear polas campías da vida, e que topaba, ó alzar o voo, en vez de froles, as paredes apreixoantes dun fanal, que, anque lle deixaba percibir o cobizado espazo, cerráballo condenándoa a morrer nas arideces dunha prisión.

E o primeiro latexo das nacentes alas, sintiuse rodeada en sol do espírito, que o somía en ensonos, que lle daba calor de xenio, que o inflamaba coas llamas da inspiración, que sinten os predileutos dos dioses parpadexar entre as celdillas do celebro e as frebas do curazón.

E sentiu a bolboreta ánseas de voar, e, porfiosa, batendo contra as paredes, levantándose cada vez que caía, sentindo na caída máis ánseas de voar, libre, por un espazo en que poidese aletexar sin trabas, aspirar os perfumes da vida e lucir os cores das alas; sentiu que tras da loita viña o magoamento, e que a morte aniñaba no seu peito.

E así era o correxar polo campo, donde se lle figuraba topar os recordos da infancia, entre o randeo dos follatos, o risear[1] das fonteliñas, o piaxar dos paxaros e o runrún desprendido da Natureza.

II

A néboa desfrecábase, axironábase, e mostraba, aquí e alá, o picacho dun outeiro, o capacete peñascoso dunha serra ou as greñas verdoentes dun piñeiral, cal islas xurxidas dun mar de encaixes.

De súpeto, no médeo dun campo, esborranchándose en anacos de néboa que se iba desfaguendo, visión ou fado, realidá ou ensono, xurxiu imaxen feiticeira, feminil, que tendía os brazos, que lle amostraba o peito, que se presentaba, en fin, con desnudés traslucida a penas, acereixada lixeiramente e que flotaba rente o chan, aérea, sutil, vaporosa cal celeste avelaíña, médeo imperceptibre e soilo mostrando con realidá, casi brusca, naquelas formas imparpabres, os ollos azúes de azul dos ceos, ollos húmedos e brilantes que se movían e somellaban, ás veces, nubrarse[2] con humedeces de chorares.

Pareceulle que as ánseas iñoradas, que os padeceres pasados, que as torturas infinitas, eran o espero impacente daquela muller, que se presentaba sin formas materiales, como promesa de purezas para non espantar as timideces e as austeridades daquel escollido do Señor.

E avantou, e ó avantar, estáteco, sonador, tendeu os brazos para atraguer contra si o corpo adorabel e... e encontrouse que os ollos, os ollos meigos de doce mirar, de azul dos ceos e brilantes humedeces, eran flores do liño, que se destacaban entre a néboa rousada polo sol, húmedas polo orballo non deloirado, movidas pola bris trouleadora.

---

[1] O autor corrixe *riscar* por *risear* na *Fe de erratas.*

[2] O autor corrixe *umbrarse* por *nubrarse* na *Fe de erratas.*

E caíu de xinollos, soloucando ó ver perdida a últema ilusión, pretendendo envolverse nas néboas medio desfeitas, como si o últemo desengano quixera rebuxalo cos enganos da ilusión.
E caíu, bicando as azúes flores, cos brazos pregados riba o peito, envolvéndose no liñal, como as bolboretas se envolven nas pintarexadas alas, ó morrer na corola dunha frol.

A PILLO, PILLO E MEDIO[1]

I[2]

Na Cruña, ¿quen non coñoce a Bolera?
Pequeniña[3], de azuados ollos e rubia crencha, saia corta para[4] locir os zapatos, sempre novos; con máis aires nos cadrís, que unha minueta en mar picada, e con[5] ese aire bulrón, maleante, de pillete coruñés, disposta sempre a inventar un chiste, como a soltar unha andanada que pare en seco o máis eslabado matalote; cruzando[6] rúas e máis rúas vendendo peixe, e deixando tras dela olor a marisco, cal racha de bris marina que nos fai recordar daqueles currunchos que tan ben describe o poeta:

Baixo do monte
beira da praia
nun recodiño
que fai o mar.

Para[7] o forasteiro que chega á Cruña e lle gusta[8] observar os tipos populares, é a Bolera[9] unha das que primeiro chaman a atención entre as da súa crase.

---

[1] Publicado na revista *Galicia*, dirixida por Martínez Salazar, número 2, agosto de 1892.
[2] Non está dividido en partes *(G)*. O relato comeza coa frase *¿Quen quer fanecas?*
[3] Pequeneira *(G)*.
[4] pra *(G)*.
[5] co *(G)*.
[6] cruzando, coa banasta na cabeza, rúas... *(G)*.
[7] Pro *(G)*.
[8] que chega a Marineda e gústalle *(G)*.
[9] é Bolera *(G)*.

Goapa, ben portada, sin ser tan porca como a Sartén e comparsa, teñen os seus chistes, inda os máis rubidos de color, certo inxenio, certa gracia especial, que fan rir.

Sempre berrando[10].

— ¿Quen quer fanecas?...[11]

— ¿Quen quer maragotas?...

— ¿Quen quer sardiñas bulindo?...[12]

E non para nin acouba, sempre de bon humor, topando para[13] todo salidas inxeniosas, e[14] ciscando miradas e sonrisas[15], que non falta quen se degore por elas[16].

E eiquí, si eu fora deses esquirtores de pastaflora, que están chorando por cada milindrinada, ¡que ben vendría un pouco de romanticismo, ou unha presa de xeremiadas![17]

Eiquí o de finxila namorada dalgún garrido mariñeiro, e describila aló no apardecer, cando o mar se tingue de azul e rosa co sol poñente, de codos no muelle do pescado, ou na praia, recostada contra unha varada buceta, ollando a carón do castelo de San Diego, esperando que volte o seu mariñeiro carenarlle a vía que lle abriu[18] no curazón coa marcha, e creendo[19] ouvir nas ondas vagorosas, que con doce salaiar morren na praia, ou na bris que troulea cos seus roxos cabelos, os salaios[20] do seu noivio.

---

10 Non aparece esta frase en *G.*

11 Non aparece esta frase en *G.*

12 — ¿Quen quer sardiña bulindo?
— ¿Quen quer maragotas? *(G).*

13 pra *(G).*

14 o *(G).*

15 sourrisas *(G).*

16 quen se degore por eles, cousa que non é de estranar porque, ¿que coruñesa deixará de ser mirada con ollos cobizantes? *(G).*

17 Introdúcese un novo parágrafo: "Eiquí; ¡aquelo de decir que os seus ollos azúes son o mar e que neles navega o Dios Cupido!..." *(G).*

18 abreu *(G).*

19 crendo *(G).*

20 solaios *(G).*

¡Pero[21] Dios me libre de tal! non me demande por inxurias, ou me arme un caloteo cando me colla a xeito, por andarlle remexendo no armario dos seus sagredos[22], sin permiso da súa boa voluntá, e ademais, que eu non sei si é de mar ou de terra o que lle entrou[23] no curazón, nin si lle fai falta ou non a carena.

Ó menos que me podía soceder é que, si algunha vez se me iba a língoa, que a outros máis se lle foi, e lle perguntaba:

— Bolera ¿a como da-las sardiñas? —me contestase con ollos lagarteiros:

— ¿Quer que llas leve a casa?...

E anque eiquí poidese contar contos e máis contos, que de boca en boca corren por tódolos coruñeses, teño que calarme, porque don Andrés, de fixo non mos pubrica, por medo á xente timorata, que non dubidou en chamarme o Bocaccio e o Zola gallego[24], polos inofensivos contos do meu últemo[25] libro.

Pero[26], antes de acabar, refirirei un, que, si non é dos máis graciosos[27], ten a virtud de ser o máis maduro, ou, como quen di, o menos verde.

II

Cunha cesta de langostas[28], topouse certo día, na[29] calle, cun crego, que, polo visto, era amigo da divertición, ou, polo menos, mareador de oficio, e, co gallo de rirse dela, preguntoulle[30]:

---

21 Pro *(G)*.

22 sacretos *(G)*.

23 entran *(G)*.

24 que non dubidou en chamarme Zola gallego *(G)*.

25 último *(G)*.

26 Pro *(G)*.

27 que, si é dos menos graceosos, por máis que sea bastante, ten a virtú de ser... *(G)*.

28 langosta *(G)*.

29 nunha *(G)*.

30 cun crego, que si non era dos que gardan o alzacuello, como o que estes días refiren os pródicos da Cruña, era amigo da divertición... *(G)*.

— ¿A como das as langostas?...

— A tanto...

— Pero[31] mira, muller, téñenche cornos... ¿como é esto?...

Mirouno a Bolera, pousou a banasta no chau[32], e, coas maus nos cadrís, díxolle con zumba:

— Veña para[33] acó, que lle hei de contar[34] un conto.

Unha vez topáronse dous cregos, a cal máis... xa me entende.

Un deles, non sei si porque era tatexo, ou si por faguer bulra do outro, perguntoulle[35]:

— ¿Can... can... cando viñeches?... e contestoulle o outro:

— ás, no... ás, no... ás, nove.

Conque, si quixo, xa me entendeu... adiós; —e, pondo a banasta na cabeza, marchouse pola rúa en diante, berrando:

— ¿Quen quer langostas?...

---

31 Pro *(G)*.

32 chan *(G)*.

33 pra *(G)*.

34 hei contar *(G)*.

35 preguntoulle *(G)*.

O ESPERTAR

A certa ilustre escritora.

I

Díxome usté un día, ilustre amiga, que non había cousa que tanto inquietase seu espírito observador, como o investigar as diferentes causas que infrúen no despertar dunha natureza humana, pois en cada individuo depende non soilo do seu temperamento, sinón de seu modo de vivir, e en fin, do medio ambiente que o rodea.
Acórdome ben, que me dixo unha cousa parecida.
A moitos, pásalles desapercibido ese momento crítico en que se separa a infancia da virilidá como tan débil raia como a que separa a luz da sombra.
Outros, sobre todo os criados en grandes pobos, non poden precisar ese momento, porque no vicio que os rodea, van pouco a pouco deixando en cada anaco de camiño unha flor da inocencia, e deixan de ser nenos coa misma indeferencia que se fan homes.
Eu quixera coller un individuo que non fose un iñorante como un paisano, esto é, que poidese espricar os seus actos, e ó mesmo tempo, cuio despertar fose natural, non provocado, na soedá da Natureza, non no rebulicio da cibdá nin na promiscuidad dun colexio; en fin, que quedase convencido que non foi máis que a natural evolución dunha función orgánica.
E eu, que pasei a miña infancia na soledá saudosa dos campos, destes campos gallegos tan cheos de rumores, tan abundosos de currunchos feitizados, tan rebuldantes de perfumes algueireiros, tan sobrados de berces frolidos e de fonteliñas enmeiguizadas, e de regatos paroleiros, xuguetós cal nenos; conteille a médeas o máxico despertar da miña ialma, e tanto lle gustou, non sei si polo raro do caso, si pola benevolencia do seu caráuter, que me dixo: — Vosté, que vai pubricar un libro de contos ¿por que non o conta?

— ¡Reiranse!

— ¿Por que? é certo que non é alegre, nin tan xiqueira é unha desas lendas de que tanto abusan os escritores cursis desta nosa terra, pero terá, en cambio, o valor da verdá, contado sin hipocresías, e anque veladas polo respeto ó púbrico, con bastante craridá para que os intelixentes poidan adeviñar entre liñas.

Polo menos, entre unha paparrucha, anque vaia disfrasada de lenda, e un documento, como agora se dice, o vulgo cicais escollerá entre a primeira; pero as personas algo lidas[1] prefirirán o últemo, e xa sabe o refrán.

Este é meu parecer.

— Pois alá vai e cargue vosté coa responsabilidá; eu, por de pronto, xa me considero pagado dabondo con poder serlle agradabel en algo, por pouco que esto sea.

II

Naquelas tardes abrasadoras que teñen os vrans nas terras ourensanas, cando todo se adormenta naquela atmosfera de fogo, en que é tanto o calor, que hasta as pedras parecen derreterse, había indulxencia de escola, anque para elo me puxese o bon do pai na alternativa de escoller entre ir á escola ou dormir a siesta.

Boa siesta nos de Dios; inda os petrucios non pegaban no sono, cando eu, en mangas de camisa, sin zapatos nin chapeu, co pantalón collido pola cintura e os tirantes colgando, iba despaciño, despaciño, nos palpexos dos pés, e, inda á porta non chegaba, xa daba un pulo de alegría, e, toleirón, brincando como un cabirto, corría pola horta en diante a buscar a orilla do río, donde poidese nadar horas e máis horas; que non en balde foi o río a pasión que máis me dominou en todos tempos.

---

[1] O autor corrixe *ledas* por *lidas* na *Fe de erratas.*

III

O río que esvaraba baixo as tapias da horta que rodea a casa onde fun nado, é o Barbaña, río cheo de meiguices, sombrisado de toldos rumorosos, perfumado de flores campesinas que medran nas ribeiras, abundoso de remansos cristalinos que deixan ver a fía area do leito, e os larguiruchos peixes e as prateadas bogas e as pintigadas troitas, remansos nos cales espatexan os barqueiros que fuxen asustados cando se fai mover a tranquila superficie; rodeados de espadanas e faguendo cobizar o ardoroso corpo deslizarse nas súas augas, que en brandas ondulaciós somellan brindar con apertas mimosas, acariciadoras, enmeiguizadas.

IV

No escomenzo, era así como unha sensación de frío nos pés, e quedábame deitado na herba fresca, coa auga polos tobelos, os brazos baixo a cabeza e a vista fixa no espacio que os ameneiros recortaban en mil xirós dentados polos follatos.

Buligaban riba de min os *cabalos do demo*; zumbaban as cantáredas, pousándose a veces no crecho cabelo, e os paxariños choutaban de poula en poula, vindo hasta preto, atraguidos, cicais, pola rousadez da carne que, bañada polo sol, destacábase no verde escuro do musgo, como unha nota fresca.

Despois, pouquiño a pouco, deixábame esvarar, e a auga iba rubindo, maina, soave, acariciadora, hasta medio muslo.

Sentía enervamentos estranos, pracideces indefinidas.

As mentas, que me rozaban as faceiras, adormentábanme; e riba de min, nas poulas baixas que se domeaban hasta refrescar os brotes, bambeábanse as madreselvas con súas frores de ouro páledo, que somellaban verter máxicos perfumes.

Ó virar a cabeza, percibía aló ó lonxe, no campo do comunal, fato de rapaciños de ambos seusos, emporrancho, ora sentados nos lavadoiros, xa a catro pés collendo cágados ou rebuldando na area unhos riba doutros, cal follas de rosa que acabala o vento.
E preto deles, bañadas por un sol ardente, cun pano mollado riba da cabeza e a chambra tan desabrochada que parecía un pretesto, estaban as lavandeiras, metidas no río hasta medio muslo e coas enaguas, de tan molladas, transparentando morbideces.
As augas parecían acariciar con mimosos movimentos, coxegar de rasos, rozamentos de brazos amorosos, e bruscamente esvarando, esvarando[2], hasta que os labios refrescaban no frío dos cristaes.
Estonces, a auga máis profunda, máis sombrisada, tiña friaxes de inefabel meiguice naquela atmosfera de fogo.

V

De vez en cando, un martín-peixeiro pasaba rápedo lóstrego de plumas, que varría a vista coas irisaciós das súas alas de metálicas tintas, ou un merlo asubiaba fortemente, e todo volvía a quedar eu silenzo, como si a Natureza se adormentase cos beixos concupiscentes daquel sol ardente.
Por anacos, escoitábanse rumores apagados, chapuces descoñocidos, ou rompía aquela soedá un cantar salaioso, esmaído dalgunha lavandeira.
Outras veces, unha destas, xoven, chea de vida, acabada a faena, viña naquela soedá dos ameneiros, a vestirse, e, imaxinándose soila, ansiosa de fresco, escollía o remanso escondido polos troncos escaracochados e as murallas, e deixaba cair a roupa, presentando o descuberto as espléndideces das súas formas.

---

[2] O autor corrixe *esvarar, esvarar* por *esvarando, esvarando* na *Fe de erratas.*

Dixérase que as augas queimaban, que o sol aumentaba os grados, que o ambiente se inflamaba, e estonces metíame de sulago, buscando as profundidades tenebrosas donde o sol non ilumina, e agoantaba a respiración hasta máis non poder.
Por enriba dos bardales asomaban algús froitales da horta, misturando seus rumores cos sanguiños e ameneiros.
Os avellanos con seus plumeiros verdes, os granados cos beizos de fogo, os membrilleiros somellando cos redondeados froitos, bombas dispostas pra iluminación, e os moraes negros, que tinguen a auga ó caer do fruto, semellando feridas.

VI

Aquela tarde, eu non sei si foi un milagre ou si foi cousa das fadasiñas, das fadasiñas travesas que se quixeron vengar de min, por me bulrar delas e non creer na súa existencia.
Naquela tarde de festa, pra min, que celebraba os doce anos, edad en que os amores se inician na Galicia meridional; pero o caso foi que as mentas cheiraban máis, as cantáredas tiñan máis brilo, as lobélulas tiñan non sei que encantos, cando, ó acoplarse nos aires, xuntaban súas alas, as augas tiñan rozamentos estranos ó esvarar polas desnudeces, e hasta o fondo do río, de area fina, tiña non sei que indecibles soavidades.
Somellaba que do fondo dos niños salían olores estranos, que os follatos, ó randear, decían: — Esperta; que os rapaces que buligaban ó sol despedían refrexos, a somellanza doutras cousas iñoradas, e que cobizaba que aquelas enaguas molladas se apartasen da vista.
Despois, cando viñan as lavandeiras mudar a roupa, en vez de fundirme entre a auga, sentía curiosidá grande; e cos ollos asombrados, os labios entreabertos, apretábame contra o chau, sentindo algo así como desvaimentos, ó esvarar da auga pola espalda.

Quedei quedo, acongoxado, cos ollos cheos de bágoas, o peito estremecido e a mirada fixa no espacio.

E entón, creín, realidá ou sono, que bris de cheiros se espallaba polo ambiente; que as umbrías se estremecían con ternuras indescriptibles; que nas campanillas das digitales tocaban a gloria os silfos; que as cantáredas se entretexían e me coroaban de guirnaldas, e que dos ceos tamizaban espolvoreo de carmín; que as augas e os aires tenguíanse de rousadas claridades, rousadez de carne que me rodeaba, e no medio da cal, muller ou fada, sonriente, co pelo solto, os pés desvanecidos en nebulosidades, o peito mórbido, tendíame os brazos, deitábase ó meu lado, anudábame o pescozo os brazos torneados, xuntaba súa boca coa miña, e marmuraba docemente:

— Acabouse a infancia, o tempo dos amores é chegado, esperta —e sentía que, ó contacto dos seus beixos, fuxían os recordos alegres, os ensonos risoños, as ilusiós primeiras, e que, en troques, o curazón medraba, agrandábase con doores estranos, nunca sentidos, pero máis grande, canto máis marmuraba:

— Esperta... esperta...

O MAGOSTO[1]

A meu amigo D. Benito F. Alonso[2]

I

Hai en Ourense un camiño triste e sombrizo, que vai dende o mosteiro de San Francisco hasta a rúa de Pena-vixía.

Non ten nin unha mala chouza, soilo os postigos das pequenas hortas do pobo rompen a monotonía dos altos muros, por riba dos cales asoman os aretes das vides e as ponlas dos froitales, que se enredan nas silvas e as edreiras.

Eiquí e alá, espalla cheiros a madreselva, ou bambéanse os lelíes, ou prestan soma os loureiros.

Entre as nais, non goza de boa sona o tal carreiro, porque máis dunha vez lle viñeron os fillos coa cabeza escachizada, das malditas pedreas, e entre as malas língoas dise que, pola noite, máis dun soldado do veciño coartel, convertido en novo Adán, anda ás esculcas das Evas descarriadas, e que, por causa de tales Evas, a máis dun codeo se lle esqueceu o *candil*.

---

[1] Reproducido en *El Regional* , na sección "Paréntesis", o 19 de abril de 1896. Falta a dedicatoria.

[2] Benito Fernández Alonso (Santa María a Real de Entrino, Ourense, 1848-Ourense, 1922). Destacada personalidade da vida cultural ourensá. Tras comeza-la carreira eclesiástica, que abandonou, exerceu de mestre na Escola de Sampaio e dedicouse tamén ó comercio. Posuía un comercio de tecidos na praza Maior de Ourense, na que tiña lugar un faladoiro que reunía ós principais intelectuais da fin de século. Desempeñou múltiples cargos: foi cronista de Ourense, membro correspondente da Real Academia da Historia, da Academia de Belas Artes e Ciencias Históricas de Toledo e da Academia das Boas Letras de Barcelona. Foi nomeado menbro numerario da Real Academia Galega, onde foi o encargado de contestar ó discurso de ingreso de Durán Loriga. Colaborou na práctica totalidade das publicacións galegas (*Heraldo Gallego*, *Álbum Literario, La Región*, de Ourense: *Vida Gallega*, de Vigo, El Regional, de Lugo, etc.). Entre as súas obras destacan as de tema histórico. Pódese citar entre outras: *Armas de Orense* (1891), *Guerra hispanolusitana* (1893) ou *Orensanos ilustres* (1916) (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XII, pp. 34-35)

En fin, faladurías.
Pero cando había que ver o tal carreiro, era polas sestas, cando os rapaces que latan á escola iban a cazar lagartos ó lazo, ou xogar á billarda e a "xota, xusticia, ladrón".
E xa que veñen a mau recordos do pasado, e de contos se trata, contaremos o triste socedido dunha daquelas tardes de alegres rebulicios, que quedou gravado entre as rousadeces da infancia, como nube de loito naquel ceo tan risoño.

II

Nunha pedra do muro, pintada con roxo, medio esvaído pola chuvia, hai unha cruz que máis dunha vez ten chamado a atención dos escasos paseantes que por alí van en busca de soedá ás súas melanconías.
A cruz ten a súa historia, historia que algunha nai recordará con bágoas.
Eu non sei si algún daqueles raparigos que o caso presenciaron, leerá esto; pero de fixo que, si o leen, entre os recordos do pasado tendrán presente aquela miniña, linda como un anxo, que entre as llamas tendía os braciños rousados que o fogo consomía, en tanto que marmuraba entre os estremecementos da agonía un continuo — Nai... nai— como letanía de tenruras desbordadas no martirio.
Eu, polo menos, nunca a esquecín da mente, e cando paso por diante a cruz, recordo a escena, e vexo a todos nós acurrunchados, medrorentos, e rezo non por ela, que os anxos non precisan de rezos, sinón por min, ó lembrar aqueles tempos en que o dolor non aniñara no peito, nin o pecado na ialma.

III

Era día de San Martiño, día de festas e magostos, de bailes e trouladas.

Día en que nos curutos, hasta avanzada a noite, brilan os fogos e sonan as pandeiras e óuzense os alalás e os parrafeos.

Día en que se abren as billas e se proba o viño novo, baixo o tronco dos castaños, inda tremantes polos abaneos da rebolada.

Os rapaces do barrio fixemos o escote, e us as castañas e outros o viño e os melindres e os mil agasallos das nais, coas niñeras, marchamos para a cuenca, que así se chama o carreiro, pra faguer o cobizado magosto.

Unhos por eiquí e outros por alí, xuntamos os garabullos, as briznas de palla, os toxos saltos das entoxadas dos muros, e en tanto as criadas se aleixaban, loitando cos soldados, comenzamos algueireiros a diversión.

As castañas estendidas entre a leña, toupaban como foguetes, as llamas rubían retorcéndose e ilumiando as sombrizas paredes, e entre aquelas cabeciñas tolas comenzou a rebulir a idea de saltar por riba da fogata[3].

E alí foi ela; entre alegre rebulicio saltaban unhos tras outros, ríndose cando algún afuciñaba.

Vermelleábanse as cariñas cos brincos, e os brazos tenros e as perniñas desnudas das meniñas rousábanse baixo as brancas enagüillas co refrexo[4] do lume.

De súpeto, aquelo non sei como foi, unha llama treidora prendeu seu encaixe no encaixe do traxe dunha meniña e esta, ó ver arder os vestidos, tola, en vértigo de espanto, comenzou unha carreira desordenada, en tanto tras dela corriamos berrando.

Foi un lampo; o fogo invadiuna os louros cabelos, abafounos o lume, o rousado corpiño carbonizouse, e pronto non quedou daquel

---

[3] O autor corrixe *fogota* por *fogata* na *Fe de erratas.*

[4] reflexo *(ER).*

anxeliño máis que un montón informe de cinza, entre a cal aínda aparecía ouvirse aquel — Nai... nai — acongoxado como protesta ás nais que abandonan os fillos ós coidados mercenarios dunha criada; en tanto nós, como bandada de paxariños, escapabamos asombrados, remexéndonos na chola de que, ás veces, tamén os anxos da guardia, que din as nais nos coidan, deben dormirse ou esquecerse da custodia.

IV

Hoxe inda pode verse, medio borrada, a cruz que recorda o feito. O camiño inda di como estonces, soilo está máis triste, máis abandonado, porque os rapaces de agora prefiren ós xogos da infancia a nauseabunda atmosfera do café e o rebumbio da vila, vellos antes que homes, sinal certa dunha xeneración decrépita, amamantada en tódalas abominacións dun pobo imbécil.

PAU DE CORNO[1]

A meu amigo José Alguero Penedo

¡Pequeno alboroto que se armou no pobo!
Berros por un lado, desmaios polo outro, e tal rapañota de bendiciós e cruces, que nin nas misiós venden tantas os comerciantes de ouxetos místecos.
A xente corría desde a casa do crego á do alcalde, e da deste á eirexa, ante cuia porta se quedaba en ringoleira collidos uns ós outros, como os rapaces no xogo de "arríncate nabo", e de súpeto, sin saber por qué nin por qué non, dominábaos a todos un pánico atroz, e fuxían, arrempuxándose e dando berros, como si algún os belliscase.
Algunhas vellas frotaban con allo as nádegas, ou bicaban figas, ou cenguíanse ó pescozo as barazas de[2] polca tocadas a San Benito de Cova de lobo.
Outras trazaban círcolos no chau, e metíanse dentro, e, en fin, non había amuletos que non colleran, nin exorcismos que non dixeran.
E os corrillos formábanse eiquí e alí, comentando con puntas e ribetes o socedido.
O cal socedido non era outro que ó ir o sancristán encender a lámpara da eirexa —e antes, que se me esquecía, advertirei que o tal sancristán era xastre, con perdón sea dito— topouse cara a cara co mesmo diaño, que, asina o viu, foise cara il, sin dúbida pra lle faguer cos cornos un hilván na barriga, máis ben feito que cantos pespuntes deu el nas cirigolas que lle pasaron polas maus.
Pero el, que asina tiña ganas de que o hilvanasen, como de morrer, e moito menos con fío de corno que, según aseguran os que o probaron, e a pior casta de fío que se coñoce, deulle coa porta nos fociños, e sin folgos nin acoubos, meteuse na reutoral, e sin reparar que

---

[1] Relato reproducido na revista *A Nosa Terra*, número 56, 30 de setembro de 1908.
[2] da *(ANT)*.

o crego lle estaba ensinando o catecismo á muller do alcalde por aquelo de "enseñar ó que non sabe", que din as obras de misericordia, agarrou o bon do crego pola tirilla dos pantalós e queiras non queiras, fíxolle coller o hisopo pra exorcizar o demo, que inda ben non o nombrou, xa xuraba a alcaldesa haberlle visto o rabo.
De aí os berros e as carreiras, porque o caso fíxose púbrico, e non había veciño que non xurase habelo visto en distintas formas e coores, según a imaxinación de cada cual.
Por fin, co hisopo na mau e a caldeira da auga bendita e o crucifixo na outra, o crego, o sancristán, o señor alcalde e cantos veciños había no pobo, chegaron á eirexa, e despois de rezos e latinorios, abriron a porta, esperando, cheos de medo, que aparecese o diaño, cuio diaño, dando brincos e carabiolas, apareceu no limiar, ó mesmo tempo que a xente estoupaba coa risa, marmurando:— ¡O castrón do Alcalde! —e como o dito se repitiu con sorna, e o Alcalde non lle gustaba o equívoco, volveuse ó pobo e díxolle amoscado: — deixarvos de retranqueiras, e conto acabado, que pau de corno nace de abondo na aldea, e o que non ten cornos, ten testa, e a cepa, tarde ou cedo, sempre dá uvas e marchouse remusgando, ó mesmo tempo que o Abade, co ouxeto de comprir o seu menisterio, pondo paz entre o próximo, dixo bondoso, mirando pra alcaldesa: —a culpa é das cabras —o cal todos asintiron[3] menos o sancristán, que a cantos se lle bulraban do medo que tivera, decía con sorna: — Demo, non sería, pero cornos vinnos.

[3] O autor corrixe *amitiron* por *asintiron* na *Fe de erratas.*

ENSONO

A meu amigo D. Salvador Golpe[1].

Si o espacio fose un lenzo, un lenzo xigantesco, donde un Dios se dispuxese a copiar o infinito, diríase que o primeiro que fixo, foi o fondo, un fondo negro, sombrizo, con desfrecamentos de luz, cal si o pincel, falto de pintura e abertas as cerdas, deixase trasparentar a brancura do lenzo mal cuberto.

Esto pensaba *ela*, a orfa, a abandonada, que, en esperas dun amor culpado, debruzábase en pranto, naquel asiento do paseo de Bóveda, rodeado de hortensias en flor, en tanto que olvidaba seu delor, sorprendida polo espectáculo que lle presentaba a sombría Compostela.

O ceo, sin lúa, escuro, encapotado, con poucas estrelas esparexidas cal luces de viviendas celestiales.

O hourizonte, recortado por montanas negras, cubertas con mantelos de néboas, e eiquí no fondo, ilumiada esprendidamente con luz artificial que se perdía tremadora entre tantas negruras, a cibdá que, vista así, naquela hora, tomaba tintes fantástecos, cal os estravagantes ensonos dunha pesadilla.

Aló embaixo, polo cruceiro do Gaio, tembreleaban os faroliños refrexados no Sarela, e trazaban unha larga cobra de luz, marcando a calle das Hortas.

---

[1] Salvador Golpe Varela (San Pedro de Oza, Betanzos, 1850-id., 1909). Tras estudia-la carrera de Dereito en Santiago de Compostela, onde comeza a súa actividade periodística no xornal *Diario de Santiago* en 1875, instálase na Coruña, onde exerce como avogado. Foi ademais un gran defensor dos intereses rexionalistas. Participou na Asociación Rexionalista e na Liga Gallega da Coruña en 1890, na fundación de Folklore Gallego en 1884 e tamén na constitución da Academia Galega en 1906. Fundou os xornais *El Clamor de Galicia* (en colaboración con Ramón Faginas), *La Unión Gallega* (xunto ó seu irmán Juan) e colaborou en *La Ilustración Cantábrica*, *Revista de Galicia*, *Galicia Humorística*, *La Patria Gallega*, etc. É autor dunhas cantas poesías en galego, espalladas nas publicacións do momento, como *Adiós a Galicia* ou *Dous amores* (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, *cit.*, t. XVI, pp. 62-63).

Mais alá, Santa Isabel, cunha fila de ventanales, cal rosario de loces, desgranándose na escuridá e confundíndose con San Francisco e o Saminario, que somellaba xigantesco tableiro de axedrez, formado por cadradiños de luz e soma.

E máis lonxe, perdéndose nas escuridades das umbrías, as calles do Espirítu Santo e da Pastoriza, rodeando, cal cíngulo brilante, os manchós medrorosos daquelas tumbas inmensas chamadas O Carmen e Santa Clara.

E dempois, amontoándose, reempuxándose, mesclándose, en fin, as calles da cibdá, as chouzas e os palacios, as igresias e os hespitales, moteado todo de puntos roxos, fortes, si eran as luces que brilaban nas calles; pálidas, branquecinas, si os vidros ou as cortinas se interpuñan.

Preto dela, o Pombal, e as Esterqueiras, cerquiña, deixaban sorprender os seus detalles. Nalgunhas ventanas coñocíanse as formas. Apoiado no alféizar, un home parecía somirse na contempración da noite, da noite soñadora de vagos rumores.

Por riba dun patio sombreado cos magnolios, destacábase unha casa enteira.

As ventanas, sin cortinas, deixaban adiviñar o interior de tódolos pisos.

No primeiro, un coarto de estudiantes; aló no fundo, deitado na cama, cunha vela na mesilla, víase a un, lendo ou estudiando, en tanto os compañeiros de habitacion, ó redor da mesa, cuberta cunha capa, xogaban ás cartas, de seguro á timba.

No segundo, un xoven avantaba o corpo fóra do balcón, pra chegar coa cabeza á ventana da casa veciña, na cal se contorneaba un busto feminino.

E alí pretiño, entre os carballos de Santa Susana e nos macizos dos xardincillos, cruzaban vultos, xa soilos, xa en parexas, e ouvíase estalar de bicos e arrastrar de chancletas que chapoteaban nos charcos; rumores do vicio, do vicio encanallado, que precisa da noite pra revolcarse nos lamedales.

E por encima da cibdá e das negruras, víase, rodeada de luz que se espallaba das farolas da gran praza, a fachada do Obradoiro, coas torres esveltas perdéndose na escuridá sombriza da noite, cal afiligranadas escaleiras por donde rubisen ó ceo as pregarias dos creentes.

E chorosa, abatida, recordou seu tempo de colexiala, a súa nai pura e honrada, seu amor primeiro, seu primeiro desengaño, tras do que veu a caída fatal que a arrempuxou no vicio.

Sentiu ganas de chorar, de arrepentirse, de tenderse, nova Magdalena, ós pés do Salvador, e parecíalle que era inspiración divina que, na placidez da noite, baixaba do ceo a despertar no peito a virtud escarnecida. Dios, que veía seu dolor, seu arrepentimento, lle daría médeos, inspiraciós, cicais, pra saír do lodazal en que caíra.

Sentía no curazón renacer a calma, brotar a fe, nacer a esperanza; choraba lágrimas docísimas ó pensar na redención, e creu morrer de alegría ó sentir os brazos amorosos que a collían, cicais espíritos anxélicos que viñan dos ceos por mandado do Omnipotente que rixe os nosos destinos, e transfigurada en fervor místeco, disposta á rexeneración, volveu a cabeza e... ¡olvidárase da cita, da cita carnal! e a realidá estaba alí, fatal, inexorable, recordándolle, no medio do ensono, a vida miserable, precisa pra non morrer; e pechou os ollos pra non ver o vello, o vello asqueroso, de labios colgantes, que, en vez dos espíritos anxélicos, estaba alí pedindo o finximento dun amor a cámbeo dun pouco pan, e sentindo que o asco lle revolvía o corpo, que os seus sonos se esborrallaban ó dobregarse coas caricias, pechou os ollos, tan anegados aínda nas visiós místecas, que, no últemo cerro dos párpados, somellábanlle as azuadas hortensias que a rodeaban, anaquiños daquel ceo entrevisto no ensono de redención...

A FESTA DAS FADAS

A meu amigo Joaquín M. Álvarez de las Asturias.

I

— Se non fora... boeno... non, non é por nada, pero... en fin, sinón fago falta... pero por eso...

— Acaba, on...

— Pois, si, señor... senón me necesita... non veño mañá ó traballo —e dándolle voltas ó sombreiro, quedouse calado o bon do cachicán, mozote de vinte e tantos anos, que era o que tal me decía. Chocoume que, para unha cousa tan sinxela, se pouxese tan vermello, e, con algo de estranía, pregunteille a causa.

— Xa usté ve... hoxe, é a festa das fadas, e mañán, a torta de Maio

Din un pulo no asiento; había ouvido moitas veces nomear a tal festa, pero nunca lle din máis creto que a unha de tantas andrómenas, con que os vellos pasan o tempo beira do lar.

— ¿A festa das fadas? —insistín.

— Si señor... e xa ve... como desde entón non se poide falar máis coa noivia hasta o San Xoan...

— ¿Pero ti que dis? ¿que diaños de meiguices me estás engrolando? ¿que é eso de fadas, e de tortas, e de supersticiós?...

— Ou, señor, ¡seica se bulra!... pero si quer vir comigo, pode ver polos seus ollos a verdá do que lle conto.

Escuso decir con canta alegría acollería unha proposición, que me permitía adimirar unha desas supersticiós que xa soilo existen nos rincós máis apartados das nosas montanas.

II

O pobo do tal cachicán chámanlle as Curuxeiras, e está nun repliegue da montana, a legoa e media de Ourens, donde a rexión da vide se acaba e comenza a do centeo.

Unha alta, coadrada, caéndose por anacos, unha docena de chouzas ó seu pé e un regato paroleiro despeñándose de laxa en laxa, forma o tal pobo, que, sin comunicaciós de ningún xénero, desaparece fondido en bosques inmensos de loureiros, cuase o úneco árbol que alí medra.

Unicamente nas estribaciós da montana, estenden seus brazos carballos xigantescos que forman bosques sombrizos e medrorosos, como digno marco deste valle romancesco.

As casas teñen todas corredores roxos, donde os labregos colgan as rastras de millo, e as mozas visten todas ó estilo antigo; esto é, dengue encarnado, que en vez de dar volta a roda da cintura, cae hasta os pés en dúas tiras; pano branco a cabeza, e, de mantelo, unha vara de pardomonte, sin xiquera ribetear.

Nada máis primitivo que este pequeno pobo, que, a pesar de estar cerca de Ourens, permanece aislado, sin casi vir á cibdá por nada ni por naide.

III

Sentámonos ó lar, e eu escismando como estaba, non poiden por menos que preguntarlle:

— Pero, di, home, ¿por que dis que desde mañán xa non poides falar co teu cortexo hasta o mes de San Xoán?

— Ou, señor, porque no mes de Maio non se poide casar naide, nin falar coa noivia, so pena de ser disgraciado, porque é o mes en que andan as fadas sementando as frores.

— Boeno... boeno.

— Non lle é groma, fai anos casouse o Liborio nese mes, e levárono as fadas...

— ¿Que o levaron?...

— Si, señor, morreu de repente...

— ¿E eso que importa?...

— Canté, o que morre de repente, é porque o levan as fadas... mais, señor, calemos... van dar as doce... apaguemos as luces e o lume que si ven que axexamos, veñen por nós, e fannos beilar ó redor dos castros; tome... colla este allo... e ese rosario... e esa rama de oliveira do Domingo de Ramos... persínese... boeno, agora colla este cribo e póñao diante de si... as doce... silencio...

IV

A noite era fermosa, espréndida, noite primaveral de vagos marmurios. A lúa despellada, bañaba con luces perladas que somellaba un risoño amañecer.

Entre os loureiros e os castañares, trazaba a soma brochazos descoñocidos, fastástecos, medrorentos.

Nos remansos do regato, refrexábase a torre coas almenas adornadas de hedras que se mecían pindurantes.

Eiquí e alí, unas hortas, algús almendros en flor, semellaban bandada de avelaíñas esperando a luz do sol pra buligar no espacio.

E por todas partes, nas follas das arboledas, nas oquedades das coles, nas froles da veiga, as pingotas do orballo, irisábanse coas raiolas da lúa, e semellaban pedras preciosas desgranadas do manto da aurora que se aprouximaba.

E unha brisa algo forte renxía nos follatos, e marmuraba esmaída entre as espadanas ou os almendrales que a barruntaban de cheiros.

Noite soñadora, noite que arroubaba os sentidos naquel val románteco, noite que predispuña[1] ó éstasis.

---

[1] O autor corrixe *predispuxa* por *predispuña* na *Fe de erratas.*

De súpeto, o Cándido apretoume o brazo, e sin atreverse a falar, ensinábame aló lonxe.

— Que ¿xa andan as fadas?

— Xa —contestou casi á forza.

— Non as vexo...

— Alí... alí, naquel ribazo.

Mirei, eu soilo vía o curruncho negro dunha horta, medio fundida na escuridá dos buxos e dos loureiros.

Abaixo, un salgueiro grande, escaracochado, incrinábase, faguendo bóveda, sobre un remanso do rego.

Despois, grandes coles, e por riba dunhas paredillas, us almendros en flor.

— Alí... alí... decía, insistindo.

— E eu, miraba, miraba con verdadeira ánsea... vía, sí, loces tan tenues, que desparecían casi ó velas, loces de soavísimo fulgor, loces de azur levísimo, de imperceptibre rousadez, de ambarina craridá, loces que a veces cabrileaban nas augas ou rubían polos salgueiros ou trembeleaban no espacio, ou tecían guirnaldas nas follas da col, pero a min parecíame fosforescencias dos salgueiros ou das augas, ou irisaciós do orballo, ou trembeleos das luciérnagas.

Máis, de pronto, a bris arreciou, e o Cándido, sentado, colleuse a min, marmurando.

— Xa viñeron eles... os noivios das fadas... non se bulre... alí están, con traxes de terciopelo verde e raso branco... ve como bailan, e mire, mire como as fadasiñas encenden máis loces... ou, ou...

— Este é tolo, —dixen pra min, pero, impresionado, miraba con afán e vía... vía as coles axitarse coa bris, e húmedas polo orballo, ilumiadas pola lúa, tiñan soavidades de terciopelo por enriba e brancura de rasos por abaixo.

E vía que ó irse ocultando a lúa, brilaban máis as fosforescencias, e que a bris batía nos salgueiros, desprendendo astillas que frotaban nas augas, cal estrelas dun novo ceo.

De pronto, nun rincón da horta ó ser invadidas pola soma, parecen

incendiarse; luces fortes non dudosas trazaron regueiros, alfombraron o chau, contorneáronse ó redor dos troncos e avantaron hasta a orela do remanso, que se ilumiou con diamantinos colores.

— A festa a festa —berrou o Cándido, e asustado, pechou a ventana.

— Abre, on —dixen enrabiscado de perder un espectáculo tan fermoso.

— Non, señor, Dios me libre, vendría a desgracia sobre esta casa; a festa non se poide ver.

— Pero, non seas tolo, ¡que festa nin que diaño!

— Ou, señor ¿non viu as loces?

— Boeno, ¿e que? e eso é que o chau está cuberto de lucérnulas, e ó darlle a soma...

— Ai, señor, ben se ve que vosté é da cibdá... eiquí non hai esas cousas que vosté di; éranlle as fadas...

— Pois eu nada vin...

— Será porque non é do pobo... ou non está en gracia... ademais... e senón, mire, eí veñen os veciños amasar a torta de centeo sin levedar, que hemos de pór ó amañecer na cima da montana pra as fadasiñas, e pergúntelle si viron, verá o que lle dicen.

E non é groma, vellos e mozas e nenos, con honrada boa fe, xuraron e perxuraron que viron as fadas, unhos dunha maneira, outros doutra, según a vista que desde a casa tiñan, e non houbo medio de desenganalos.

Cando despertei, xa viñan de ofrecer a torta, pois o sono vencérame e eles marcharan sin avisarme, pois creían de mal sino levar a un forasteiro que non creía no que eles herdaban como artículo de fe de pais a fillos.

Si algún quere probar a ver si ten máis soerte que eu, pode ir; polo menos, non perderá o viaxe, pois verá o val máis fermoso que teño visto en Galicia.

CHINITA[1]

A meu amigo Eladio Rodríguez González[2].

I

Non había no barrio rapaz máis querido, nin máis buscado.
— Que vén Chinita, que vén Chinita —berraban algús, e ó instante abandoábanse[3] ós xogos e corriamos a rodealo con cariñoso recibimento, supricándolle a berros —conta un conto, Chinita, conta un conto.
Era escusado pensar outra cousa; cando non se ouvía a rapazallada do barrio alborotando a calle, era seguro que estaba o bon do xorobeta contando algo.
Porque hai que advertir, que o tal Chinita, como se lle chamaba de alcume, era xorobado, xoroba que era a pesadilla do seu dono, e a súa maior desgracia.
As primeiras veces que apareceu entre os rapaces, non había bellizco que non fose dar a ela, nin bulra de que non fose ouxeto.
Cando os golpes eran moitos, ou as bulras moi[4] sanguentas, contentábase con arrimarse contra unha parede, e alí choroso, en vez de alritarse, mirábanos cos seus grandes ollos, ollos de fermosura nunca vista, tan cheos de ternura, tan rebosantes de sufrires, que todos quedaban parados e as burlas cesaban, e os bellizcos convertíanse en abrazos.
Así, á forza de paciencia[5] e de cariño, domeñou[6] a todos, de tal xeito, que se fixo necesario.

---

[1] Reproducido na revista *A Nosa Terra*, número 60, 27 de outubro de 1908. Tamén en *La Tierra Gallega*, da Habana, número 64, 7 de abril de 1895.
[2] Véxase a nota 32 de "¡Ourensiño, meu Ourense!...", de *Contos, leendas e tradiciós*.
[3] abondoábanse *(ANT)* quizais por errata.
[4] mui *(ANT)*.
[5] peciencia *(TG)*.
[6] domellou *(ANT)*.

El inventaba xogos, cando os coñocidos[7] cansaban; el faguía o barrizal pra xogar ó palán, e faguía o bisco, e as billardas que el faguía, eran as que mellor saltaban.

Naide como il pra faguer grileiras que somellaban palacios, e xaulas de corcho; ninguén máis adivertido pra pescar anguías ó tenedor, ou[8] troitas a mau.

Pero, cando remachou a súa infruencia, foi un domingo chuvioso. Era tanta a auga, que soilo podiamos xugar baixo o pendello "á marra", pero o xogo cansáranos, e non sabiamos qué faguer.

De súpeto, vímolo aparecer entre os andamios dunha casa en construcción, faguéndonos señas de que fosemos alá, caladiños, pra que non nos sentisen e nos botasen fóra.

— ¿Queredes que vos conte a historia de Makandita?

— Si, si —berramos entusiasmados, e comenzou a historia de José María, historia que se prolongou por moitos días, e tras da cal viñeron outras, por que as novelas que el sabía, non son pra[9] contadas.

Destonces, o seu poder foi absoluto; non tiña máis que decir: — Sei un conto— e alá estabamos todos ó seu redor, sin máis voluntad nin máis lei que a dil, contos que lle pagabamos con cantas golosinas arramplabamos na casa, pero que el estimaba menos que a superioridá moral que adiquirira[10] sobre aqueles que a tiñan física e social por riba dil.

---

[7] coñecidos *(ANT) (TG).*

[8] en *(ANT).*

[9] non eran para *(ANT).*

[10] adiquiriría *(ANT)* adquirira *(TG).*

II

Pasara moito tempo, a sorte esparexeu aquel enxame de nenos.
Us morreron, outros marcharon, outros separounos as distintas crases da sociedá que a infancia, a gran demócrata, esborralla.
Eu, sempre que pasaba por xunto ó xorobadiño e lle decía adiós, lembrábame daquelas horas sin iguás, e acordábame dos xogos e das graxadas[11] daqueles tempos.
El, seguía como sempre; us pelos ralos pola cara, e máis pronunciada a xoroba, eran as únecas diferencias que o tempo marcara[12] nil.
Analizando un pouco, cicais se houbera sorprendido, en vez daquela dulzura dos seus grandes ollos, algo así como dolorosa resignación, nubrada con raiolas de amargos reproches.
Pouco ou nada sabía da súa vida.
Vivía miserablemente, cuidando con amor sublime a naiciña, nai disgraciada que choraba non soilo a posición desahogada que tivera, senón un amor ausente, que, polo ingrato, era máis querido.
Era a historia de moitas, de moitas desas mártires, chamadas mulleres, a quen nós aldraxamos, despois de faguelas desgraciadas[13].
E ese home, en pago dun amor sin límites, xogoulle canto tiña, e en vez de tratar de ganar pra manter a muller e o fillo, fuxiu pra América, e alá, nos brazos doutra, olvidouse pra sempre de que levaba seu nome e que choraba sin cesar polo seu home amado.
Esto eran as dichas únecas que tiña o tal Chinita, e non era de estranar velo triste a todas horas.

---

[11] grazadas *(TG)*.
[12] marcaba *(ANT)*.
[13] disgraciadas *(TG)*.

III

Unha tarde desas de vran, ardentes a non poder máis, subía chapoteando polo Barbaña, cando nun curruncho dos máis escondidos, sombreado polos ameneiros, topei o pobre xiboso, chorando cal nunca o vira.

Foi[14] un impulso instantáneo; cicais despertaron naquela hora os recordos da infancia; elo foi que lle tendín os brazos, e el, sempre arisco e desconfiado, pousou a cabeza no meu ombreiro, e soloucou, soloucou[15] desesperante.

E como aquel que sinte alivio ó desfogar seus amores, contáramo todo, todo, sin reservas, nun afarfallar de bágoas.

El tamén sintiu amor; pensou que, pra amar, soilo se necesitaba curazón e el tíñao tan grande, tan cheo de amores, tan cobizante de agasallos, que olvidou a súa pobreza e o seu físico.

E ela, a muller amada, tan sin alma como hermosa, alentouno, deixou tomar alas á pasión, deixouse lixonxear coas frases daquel peito enamorado, e cando il creu nela, como o úneco ben que recompensase os moitos padeceres deste mundo, contentouse con darlle a volta, e faguer que se mirase nun espello.

Burla sangrenta, burla infame, que demostrou que a veces as froitas máis fermosas esconden os vermes no seu seo...

E aí estaba todo, perdonáralle que non o quixera, pero que escarnecera así un amor tan grande, tan santo, tan puro, que lle demostrara que co aquela envoltura nunca podría ser amado, por máis que tivera unha alma como poucos, eso non llo perdonaba[16], porque eso era o arrinconamento pra sempre, sin esperanzas no porvir.

¡Como si unha xoia necesitase dun estuche bonito, pra ser boa!

E como amarga resignación, cando lle decía eu que tivera esperanza en Dios, contestoume con sarcasmo terrible polo disfrazado: —

---

14 Fai *(TG)*.

15 soulozou, soulozou *(TG)*.

16 perdoaba *(ANT)*.

¡Dios!... era rico, e fíxome pobre... tiña pai, e levoumo... tiña nai... que en vez de ternuras, soilo me poido dar bágoas, e que a vin morrer nun montón de pallas, comida polo delor e a fame... Dios, que hasta me negou a forma de home... Dios é pra ustedes os felices...— e, dándome un abrazo, un abrazo que inda hoxe non poido esquecer, marchouse subiando unha muiñeira das máis algueireiras e que nos beizos dil parecía dolorosa...

IV

— ¿Sabedes a noticia? que ó Chinita colleuno a riada, e afogouse.

Esto decían no barrio entre os veciños.

Pobre Chinita; decían que o sorprendera a riada botando as nasas, pero eu, eu que sabía a súa historia, sempre pensei que se deixara el coller.

¡É tan triste camiñar cun curazón morto!

Alí, deitado, empapado en auga, inda nos ollos abertos tiña tal espresión, que somellaba miraba ó ceo, cal preguntando[17]... ¡por que Dios nos saca de ser nenos!

---

[17] perguntando *(ANT)*.

O XENERAL

A meu amigo Manuel Núñez González.[1]

I

— ¿Pois non faltaba máis?... ¡os da praza da Leña!... ¡os vencedores en tódalas pedreas!... ¿ter medo?... ¡canté!... eso quixeran eles... os da praza do Ferro e da do Correxidor... boeno... si, é certo que os da Ferrería, a pesar de ser do barrio da Trinidad, nos figueron traición ¿pero, que?... os señoritos, os *lanviteiros*, ¡meterlle medo ós do barrio das burgas, ós lexítimos, *graxos*!... vaia, vaia... alí estaba a proba do noso valor... as bandeiras que lle copamos... a espada do seu xeneral que lle quitou o Barbadás noso teniente... ¡ai rabea!... xa verían eles si aprantillaban...

II

Todo esto e moito máis, falábase nun páteo escuro, donde nos xuntabamos a rapazallada do meu barrio.

A batalla decisiva aproximábase; como que estabamos en sábado, e era o domingo, e unhos faguían espadas con flexes, outros enmangaban gallos de aixada, o de alí craveteaba unha moca, e os máis, con fío de foguetes e cáñamo, tecían fondas.

De vez en cando, erguiamos a vista cara un pesebre, e ó ver alí a nosa bandeira erguerse trunfante entre as conquistadas, súpeta labareda recorría o corpo; o entuseasmo incendiaba aqueles curazonciños de once anos, e dábanos pulos, faguiamos carabiolas, e no

---

[1] Véxase a nota 46 en "¡Ourensiño, meu Ourense!", de *Contos, leendas e tradiciós*.

colmo da alegría, algús rexistraban os bulsos a esculcas de cacahueses ou zonchos, que repartían con non acostumbrada prodigalidá.
De vez en cando, chegaba algún novo combatiente, e o entusiasmo acrecía: algús traguían as orellas roxas aínda das *caricias* maternas polas pasadas pedreas: outros mostraban un sobre enfurruxado ou unha pistola de chispa que gardaba o pai, de aló dos tempos dos nacionaes, e outros sacaban de entre a camisa unha cortina de coco encarnado, arramplada da casa pra faguer con ela unha bandeira.
E os aprestos bélicos seguían, non sin que de vez en cando se armasen disputas e caloteos, e algún que outro, que apandaba unha lapada ou un suco, marchaba berrando pola nai, nubrando así, vergoñosamente, a groria adequerida.

III

Escomenzara o desfile; a tropa, impacente por chegar pronto, non gardaba síteo nin orden, e soilo os máis ben armados se arrecadaban ó redor do abandeirado e tras do xeneral.
A batalla era no curuto do Polvorín, e, polo regular, ganaba sempre a victoria o bando que primeiro ocupaba a cima do tal curuto.
Así foi que, a nosa desesperación foi grande, cando nos atopamos que a garita donde antigoamente faguían a guardia, e toda a cima, estaba ocupada polos *lanviteiros*, que nos faguían señas provocativas e nos apoupaban.
Quedamos suspensos; algús, os mais *valentes*, ó ver as cousas mal, fóronse liscando.
Os fondeiros cruzaban pedras de lonxe, pero non adiantabamos un paso.
Entre unhos e os outros, había unha encañada, e naide quería meterse nela.
O desalento cundía; todos se agrupaban a redor de min, que era o

xeneral, mirando qué decisión tomaba, e hasta, Dios me perdone, senón penso que algús comenzaban a dubidar do valor de seu xefe. Pero aquelo foi un instante; os heroes fanse de súpeto, e eu pasei a heroe nun decir Xesús.
E pra comprender o resultado, hai que espricar un pouco de topografía.

IV

O Polvorín está nun outeiro, a modo de castro.
Enfrente, pasa o río, e entre o río e o outeiro, hai unha casa.
Da outra banda do río, hai un curuto, que era donde tiñamos nosas posicións.
Calquer *exército* que quixera avantar, tiña que descender e meterse na encañada, donde de fixo era derrotado.
O plan foi sinxelo.
En tanto que un grupo quedaba na cima entretendo ó enemigo, os outros baixamos escondidos entre as cepas e os ameneiros.
Aquela era unha marcha digna de que Zola a describise na Debacle.
Cos pantalós no ombreiro, as armas na boca, e coas maus erguendo os faldrillís da camisa, pasábamo-lo río.
Us agatuñaban polos ameneiros, outros, ó esvarar no muro, pinchábanse nas silveiras, algús metían as pernas nas ortigas e fuxían dando brincos como gatos escaldados.
Ó mellor, un tomaba medo; comenzaba a chorar, e había que agarralo ó cabaliño.
Outro, encontraba fría a auga, e íbase empinando, empinando, pra que non lle chegase a certo sitio, e, tanto se empinaba, que afociñaba.
Despois, na horta foi ela. Os froitales, cheos de froito e os parrás, de uvas, tentaban a cobiza dos guerreiros, e non houbo máis remédeo que deixalos lambiscar.

Por fin, (o estógamo cheo) recordóuselles a honra, pola que había que loitar, e aquelo foi o acabouse.

V

O pran ¿habrá que decilo? consistía en entrar pola parte de atrás da casa, cuia chave eu tiña, e parapetarnos nela.
E ó instante, o tellado, as ventanas, as tapias do curro cubríronse de combatentes que buligaban sin faguer caso das tellas que, ó romperse, parecían protestar.
As pedras chovían, os cristaes tinguileaban ó romperse, como si se reísen, e o ieso das paredes esconchábase; acabáronse as pedras e tirábanse as tellas; as lavandeiras berraban, ó ver o estrozo; aló de lexos, sin atreverse a acercarse, brandían os *villeus* os sabres, que viñan a ser como a espada de Bernardo, co cal tanto se nos daba por ela como polo aire.
Os contrarios, repostos da sorpresa, batíanse con furor, e tantas pedras tiraban, que non parecía senón que maxinaban trasladar o monte ó tellado.
Algunhas cabezas rotas manchaban de sangue o piso, e outros, que se fondían entre as latas do tellado, faguían supoñer algús brazos ou pernas rotos.
As galiñas cacarexaban asustadas e o xeneral... o xeneral, entre os delirios da victoria, asustábase do destrozo feito; quería atallalo, pero ¿quen contén á riada ou enfrena ó vento?
De súpeto, a victoria decrarouse decisiva.
Os compañeiros que se quedaran entretendo ó anamigo, fixeron un movimento envolvente e apareceron na cima do Polvorín, que os contráreos deixaran abandonado por poñerse ó nivel da casa.
Entón, ó verse entre dous fogos, o terror invadiunos e a desbandada, deixando armas e trofeos, fuxiron polos carreiros e entre as

viñas, e hasta algún houbo que se meteu de solago polo río, sin faguer caso dos berros dos vencedores; sin contar cunha chea de prisioneros, ós que se lle romperon as fondas e se lles zurrou do lindo.

Os vivas ó xeneral foron entusiastas, e coas bandeiras despregadas entramos na pobración, en tanto que as nais de moitos salían desoladas á busca dos fillos, pois xa a noticia se estendera polo barrio.

Hasta a casa do xeneral veu o grueso do exército, dando vivas entuseasmados.

A groria espallouse polo espacio ó redor do afortunado xeneral, pero ¡ai! mal sabían que ó invicto, ó grorioso, ó victorioso e victoreado, caíranlle os calzós, non polo medo, sinón polo pai, e en porregañas, alí, alí enfrente das bandeiras conquistadas, xuntábase cos víctores ó estralar dos azoutes, dos azoutes vergonzantes, que lle puñan o traspuntín ó xeneral, máis roxo que as bandeiras conquistadas.

¡Ai!, ben din alí: ¡que da roca Tarpeia ó Capitolio, soilo hai un paso!

O COLEXIO DE RUBIDO[1]

A meu amigo D. Galo Salinas[2].

I

Si é imposibre o concebir estudeante sin noivia, inda é máis o supoñer que haxa estudeante que non seipa que as máis fermosas violetas, as únecas que arrecenden, se atopan polos cómaros dos eidos comprendidos entre o Cruceiro Ramirez e Cornes.

Eu, como todos, iba a rebusca delas, e máis dunha tarde me embobaba contemprando aqueles campos, que son os máis lindos alrededores que ten Santiago.

E, como os días son moitos, si eu cheguei a coñocer os habituales concurrentes, eles coñocéronme[3] a min, polo cal, de vez en cando, despois do saúdo, cruzábase algunha conversa.

---

[1] Reproducido na *Revista Gallega*, número 283, 19 de agosto de 1900.

[2] Galo Salinas Rodríguez (A Coruña, 1852-id., 1926). Tras pasar uns anos en Uruguai, regresa a Galicia, no 1876 para se instalar en Pontedeume. Nesta vila abre unha escola de ensino primario (feito polo que probablemente Pérez Placer lle dedica "O colexio de Rubido"). Trasládase logo á Coruña onde comeza un intenso labor xornalístico. Foi un membro destacado do movemento rexionalista, participou no faladoiro da Cova Céltica e fundou, no 1895, a *Revista Gallega. Semanario de Literatura e intereses regionales*. En 1907 marcha a Madrid para desempeñar un cargo no Consulado de Uruguai. Entre a súa obra literaria destacan os seus poemas, espallados en xornais e revistas: *¡Lenda de horrore! A mitra de ferro ardente esquirta en verso no idioma regional* (1894) e *Galicia. Hino popular regional con música do maestro gallego J. Varela Silvari, pra orfeón e banda, xunto e por soparado* (1893). Pero a súa máis importante actividade foi a defensa do teatro galego. Publicou dúas monografías sobre o tema: *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el Regionalismo* (1896) e *La dramática gallega* (publicado nos números 86 e 92 da *Revista Gallega*). Ademais, foi presidente da Escola Rexional de Declamación entre 1903 e 1904, ano da súa desaparición, e creador de pezas teatrais tanto en galego coma en castelán. As máis coñecidas son *A torre de Peito Burdelo* (1891) *¡Filla...! coadro dramático de costumes gallegas nun acto e en verso* (1892), e *Bodas de Ouro* (1921). A estrea de *¡Filla...!*, pola Escola Rexional de Declamación en 1903, constituíu todo un acontecemento para o teatro galego (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., t. XXVII, p. 167).

[3] conocéronme *(RG)*.

Pero, con quen pasaba longos ratos, era co señor Xan, vello de brancas guedellas e ollos chiscarreiros, que sabía máis contos que días ten o ano, e que se moría polo palique.

Que chovese, que non chovese, sempre estaba no eido, pois, como decía, era a úneca groma que tiña, e cando non había traballo que faguer, sentábase no muro, beira ó camiño, enchoiando coas lavandeiras do regato de Cornes, e ríndose coas graxadas e pullerías[4] que se faguían elas e os estudeantes.

Unha tarde que eu pasei por alí, topeino ríndose, como un bendito, das copras intencionadas que botaba unha roxota, e díxome: — séntese e escoite, si quer adivirtirse.

Senteime, pois, e escoitei a rapariga, que, por certo, naquel momento, cantaba un cantar con máis rabo que un can de palleiro.

"Miña nai, miña naiciña,
miña nai, non tiña outra,
unha noite de xiada
mandoume lavar a roupa"

E así outras mil, pero como a noite se botaba encima, tratei de voltar ó pobo, e o tío Xan, por alargar a parola, brindouse a me acompañar.

Eu xa sabía que fora maestro de escola, con título superior; que, a pesar da súa ilustración, canso de pasar fame, vendo que non lle pagaban, pensou ganar a vida doutro xeito, e como seus pais foran labradores, e inda el mismo[5], de rapaz, axudaba ás angueiras, tiroulle a idea por alí e meteuse a labrador.

E tan ben se atopou, que nunca máis pensou deixar o oficio e esqueceuse[6] de títulos e de estudios pra convertirse nun peisano calquera, conservando por eso aquelo que nunca se olvida cando ben se adeprende.

---

[4] pillerías *(RG)*.

[5] mesmo *(RG)*.

[6] O autor corrixe *esquecerse* por *esqueceuse* na *Fe de erratas*.

Ademais, como bon gallego con ribetes de poeta, no modo de sentir, non deixaba de embobarse cos espectáculos da Natureza, xa cando a ialba se anuncia con rousadas craridades e algueireos de paxaros, xa cando a noite se aveciña e as campáas tocan ás oraciós, e os carros renxen ó voltar a casa, e os cantares adiquieren esmaimento no fondo daqueles vales que se aprestan ó sono arrombado polo Sar, e acariciados polos ventos barruntados de cheiros do Pedroso e Montesacro.

Pero, volvendo ó conto, aquel día comenzou por falar do mal que estaba a agricultura, do pouco caso que fai o goberno dos labradores, e de foros, trabucos, etc., e como eu lle dixera que patatín e patatán, e si os labradores gallegos son unhos rutinarios, que non saben procedimentos novos, que fan as labores menos costosas e os rendimentos maiores, moveu a cabeza en sinal de dúbida, e, con tristeza díxome: — ¿Pero, que quere que fagan esos infelices, que non teñen máis que o necesario, non pra comer, sinón pra non morrer coa fame?... E ademais —vendo que eu insistía— ¿que saben eles de inventos nin... modernías? ¡Canté! dime que hai señores que o saben... xo creo... si eiquí os señores foran como noutros sitios, que non se desdeñan de coidar polos eidos... pero non lle é asina... eiquí gústalles pasar na cibdá en paseos e diversiós, e conténtanse con ir a repartir o que os caseiros non roubaron... así é que os bes non producen o que debían... eles, por outro lado, gastan máis que os rendimentos, e aí está como as familias que antes eran poderosas, están hoxe entrampadas e cheas de pufos... pero contentas con levar as fillas cun luxo que non lles pertenece, pois que llo sacan á barriga... vosté inda terquea... boeno, boeno... ¿di que eu, sin ser señor, e con máis ilustración que un peisano, e outros que están no meu caso, podiamos faguer moito? ¡e que vamos a faguer cun cacho de terreo!... ¿non se convence aínda? pois mire, séntese, que lle vou ademostrar cun exempro ben real, que, eiquí en Galicia, os amigos de novedades lévaos o demo.

II

— Mire, vosté, ¿non ve esa casa grande, chea de ventanas rasgadas, adornada de xardís, esposta a tódolos ventos e bañada polo sol desde a mañá hasta a noite?

— Vexo.

— ¿E sabe usté como lle chaman?

— O colexio de Rubido.

— Así e; pois boeno, aí ten o exempro.

— Non comprendo.

— Pois é fácil... mire, o dono, aquel señor respetabre de brancas barbas, que a veces contempra tristeiro a casa feita, tristeza que algús achacan a reveses materiales, e eu sei son causados por non haber sido comprendido, pois ben, persona intelixente e docta era o dono do máis acreditado colexio da cibdá.

E el que gracias a traballos e desvelos, conseguiu faguer un capital, en vez de comelo tranquilamente, quixo faguer o que durante a súa vida fora seu ensono.

El, como ilustrado que era, comprendía os males grandísimos que a falta de hixiene acarrea ós meniños.

E en vez desas casas húmedas e sombrizas de Santiago, en que a humedá molla hasta as roupas da cama, casas sin aire e sin sol, con habitaciós interiores donde a ventilación é imposible, cos depósitos de inmundicias dentro da casa, por falta de cañerías, en calles estreitas, sin luz, axordados sempre por campáas de eirexas e conventos, distraídos no estudio polos ruídos da cibdá, iniciados en amoríos polos exempros da vecindá, casas de huéspedes, moitas, de donde ás veces se oucen palabrotas e groserías, amontoados en habitaciós por falta de espacio, el, que consagrara toda a vida á educación dos nenos, ben sabía que o físico e o moral se destruían rapidamente, e alegre como unha creanciña, esperando ser bendito e alabado polos pais, a penas tivo unha presa de cartos, díxolles: — Tomai aire, luz, sol; tomai salud, e eiquí no campo, podedes cultivar a intelixencia, ó par do corpo, e deulles estancias ventiladas e

estensas que impedían todos esos inconvenientes, algús gravísimos, do amontonamento de rapaces que comenzan a vida cheos de impacencias.

E pra que seguir; polo pretesto de que se mollaban os pés, os pais sacaron os fillos, e en vez do aprauso, topou a ruína.

E eso que a distancia é tan curta, que calquera calle da cibdá é máis larga, a pesar do cal, todos esos pais, que, en vez de peisanos, son catedráticos[7], médicos, títulos, en fin, a crase escollida da sociedá, prefiren a unha molladura de pés, que vivan degradándose en alcobas escuras donde se amontonan, que vivan en casas donde as humedades fan nacer[8] coucelos nas vidreiras, e donde as inmundicias de tanta xente enchen de microbio e fan que as tifoideas seguen tódolos anos unha porción de anxeliños: con que ¿nunha terra donde a xente máis ilustrada da cibdá, que se ten pola máis sabionda da rexión, pásalle esto ós amigos de novedades, que xuncras lle pide que fagan os peisanos?

E en tanto eu quedaba pensativo, mirando con tristura pra aqueles muros, que encerraban un desengaño tan grande como unha ingratitud, el marchouse para ocultar a rabexa que lle causaba o ver as intimidades da terriña, ó fin, como patria que é, amada, en tanto que aló entre os bidueiros de Cornes, azuados polo sol poñente, ouvíase a roxota, que lavaba a últema peza de roupa, botar unha cántiga que viña ó pelo:

"Unha vaca quixo voare
e chimpouse dun outeiro;
partiuse as pernas e os cornos,
e dixo: — ¡novas non queiro!"

---

[7] O autor corrixe *catadráticos* por *catedráticos* na *Fe de erratas.*

[8] facer *(RG).*

BORROLITO

A un meu amigo

I

De ollos fermosos, de pelo soavísimo, de garrido corpo con movimentos cheos de gracia xuvenil, sempre xuguetón, sempre cariñoso, tan lindo, tan xoven, tan fermoso, daba ganas de collelo e comelo a bicos; era, en fin... o gato máis bonito de tódolos gatos habidos e por haber.

Chamábanlle "Borrolito" por un capricho da súa dona, daquela nena fermosa cal un anxo, lixeira cal unha avelaíña, mintireira cal o vento.

Eso al menos, pensaba il, Xacinto, en tanto que cos ollos sonadores se deixaba adormecer cos recordos do pasado, recordos que lle lembraban aquel tempo en que, beira do regato, tendido na herba tremadora, ouvindo o renxer dos arbres e o parolar das augas, estaba ós pés dela, da Rosa, que o miraba compracente, tirándolle riseira o crecho pelo, enredantes *amores*, divirtíndose ó ver os apuros que tiña pra sacalos.

E alí, na media escuridá da alcoba, deixaba esvarar os dedos pola piel, lisa, arrasada do michiño, na cal aínda creía topar as huellas doutros dedos.

Miráballe ós ollos, que tiñan refrexos[1] dourados como os dela, e arrimábao contra o peito cal faguéndose a ilusión de que gardaba o calor do peito amado, entre cuias branduras tantas veces o michiño escondeu a cabeciña.

E como si tales ensonos o adormisen, quedábase soñando, sentindo os ollos nubrarse con bágoas ó pensar o que quedaba daqueles sonos rousados, daquelas ilusiós risoñas, daquelas espranzas perdidas.

---

[1] O autor corrixe *refresos* por *refrexos* na *Fe de erratas.*

— Túa, ou de nadie —dixera ela, e a treidora non foi dil, pero foi de todos.
E el, perdida a fe, morto o curazón, sentía o vacío que o tragaba, e, nun últemo esforzo, quixo vivir, teméndolle á nada, pois ante o non ser, inda era unha filicidad poder sofrir pensando nela, nela que lle levara alma, fe, e creencias.

II

Contáballe os seus sacretos, os seus padeceres, as súas espranzas, que de vez en cando rivivían.
Tiña un delor; a Borrolito llo contaba.
Sabía dela, víraa, figurábaselle que o miraba; bicábao con derroche de mimos, de tenrezas, de cariños.
As noites de frío, escondíao no seo, temperábao co seu alento, abrigábao cos seus brazos.
Os primeiros bocados pra il; pra il seus quereres, pra il seus pensamentos.
Unha noite, unha noite de vran, abriu as ventás que tiña preto a cama, e sumerxiuse na contempración da Naturaleza.
Noite de lúa, caían do ceo refrexos, refrexos prateados, rubían das veigas rumores docísimos, baixaba das montanas bris acariciadora con cheiro de sargazo e manzanilla.
Correxaban a veces estreliñas que bordaban fíos de ouro no terciopelo azul dos ceos, e alá, na cume das montanas, os piñeiros, ilumeados pola lúa, somellaban crestería tendida no espacio por ocultas deidades.
E el, dichoso, pensaba nela, nela a quen vira e que o mirara, e ó sentir xunta o peito a piel sedosa de Borrolito, maxinou que era a lustrosa cabeciña dela, que dormía no seu peito, ensono de amores; que aqueles ollos fermosos eran os dela que o miraban, que aquel

corpo nervioso e soave era o da muller amada, e, louco de amor, quixo bicalo, quixo apreixalo contra seus beizos, e... sentiu o corpo desgarrado; uñas punzantes lle cravaban o peito, e, tolo de terror, sentiuse amordiscado, e acudiu á súa mente a verdá do caso, caso de morte, de morte horribre, pois a rábea non ten cura.

E en tanto o gato fuxía pola ventana aberta, no medio dos seus delores, non poido por menos que escramar: —¡Ó fin, gato é... gato dela! —e quedouse tranquilo, esperando a morte, dichoso por dar o corpo por quen xa dera a alma...

A GOLETA[1]

Traducción dun conto escrito en castelao por Francisco A. de Nóvoa.

I

Nunha mañán, daquelas moitas en que me arroubaba nas costas gallegas, esquecendo, coa súa fermosura, as arideces de Castela, e dándolle ó meu esprito descanso pra as súas loitas e alivio prás súas penas, topeime co vello Mingos, todo enrabexado, a piques de estrozar cos dentes a descomunal pipa, na cal un cuarterón de *zafanillo*, como el chama ó tabaco ingrés en freba, fumegaba o bastante pra curar as castañas dun canizo, ó mesmo tempo que compuña a rede esfuracada o día antes por un endiañado golfín.

E como compañeiro de pesca, entrenzamos, unha desas conversas que a min tanto me agradan, coa xente de mar, amiga de tráxicas relaciós e frases pintorescas, cousas ambas denunciantes da súa natureza libre, e polo tanto chea de coor.

Cruzaba naquel momento polo castelo de San Antón (estabamos no Parrote da Cruña), unha goleta fermosa, noviña, ben arbolada, e, sobre todo, moi garrida, verdadeira gaivota que, ó esvarar, a penas si arañaba os cristaes das augas.

Toleirón polo mar, desfíxenme en frases de adimiración por aquelas táboas que tan maxestuosamente correxaban ó empuxe que un Nordeste fresco imprimía nos velachos e juanetes.

Cravou o Mingos a agulla nas mallas do tramallo, rañou xunta unha orella, separou a pipa da boca, e con carís séreo, cuase triste, díxome:

— A vosté, que tanto lle gostan os contos de mar, vou a contarlle o que presenciou[2] nunha goleta máis fina, máis fermosa,

---

[1] Este relato incluíuse na edición de *Pé das Burgas*, Vigo: Xerais, col. Clásicos Galegos, 1988, realizada por X. L. Méndez Ferrín e Valentín Arias.

[2] O autor corrixe *presencieu* por *presenciou* na *Fe de erratas.*

máis garrida que esa que pasa diante de nós, pra que non se volva entusiasmar por un casco, cuia fermosura pode ocultar historias delorosas. E sacudindo a pipa no tacón dun chanco, pra que caíse a cinza, contou así:

II

Alá polo 71, era eu mariñeiro da goleta "Estrella" goleta recién saída do Ferrol, de bos andares, moi lixeira, cando tendiamos todo o trapo, e moi pesada cando puñamos a proa a estos endemoniados Noroestes, que tantas zurras nos dan nestas costas; en fin, que era o tal barquiño unha monada, que faguía o cabotaxe entre Santander e Vigo, ruta que cruzaba por segunda vez, levando a bordo algún pasaxe.

Compuñan este, amáis de tres viaxantes, unha parexa, que, asegún o modo de arrularse, parecían recién casados, e créame que na vida vin tanto cariño, nin tanto entusiasmo como o daqueles xóvenes.

— Sobre todo, si estaban recén casados —dixen eu.

— Bo, vosté, como xoven, sempre con graxerías... pero, como ibamos decindo, chegábanos a dar envexa, o velos cheos de vida e amor, cobizantes de contemprar esta marabilla.

E xa, digo, causábanos envexa a nós, eternos e apasionados amantes do mar co aquel eterno e apasionado amor que medraba con cada milla de estela...

Unha noite, casi ó amañecer, frente ás Sisargas, comenzou a soprar un Nordeste de tódolos demos, e á salida do sol, aquelo non era vento, era un resoprido intermitente que nos azoutaba, barrendo a cuberta[3], abofeteándonos con pingotas, levantando por ambas bor-

[3] O autor corrixe *cubierta* por *cuberta* na *Fe de erratas*.

das murallas de auga, negra por abaixo e branca, xuguetona, por enriba, enrizada de escuma...

Sempre fai o mesmo; por abaixo a soma[4].... a morte, por arriba, luz... alegría, a espranza, pero moi alta pra que se vislumbre e non se alcance...

Eles estaban enriba contemprando a loita, esquecendo, no entuseasmo, que había morte, porque non veían máis que belleza, que había olas, donde vían montes de subrimes irisaciós; esqueceron todo, todo, ¡hasta que o mar non toleira a dicha, cando el está rabeoso!...

E socedeu o que era de agardar.

Unha violenta racha fixo presa na maior do trinquete, e cortou o pau, cal dun hachazo, e o pau caíu riba *dela*, escachándolle a cabeza horribremente, á tempo que o capitán berraba: —¡larga! ¡larga! —pra que arriasemos o velacho de mesana, que xa cruxía ó empuxe do vento na vela...

III

O pobre rapaz debeu perder a razón naquel momento, porque achegouse a min, decindo: — ¡Larga, larga! cunha voz subrime e aterradora.

Cando arribamos a un pequeno porto, el, que inda non había podido conservar nin o cadáver da muller amada, non sabía máis que decir, que —¡Larga, larga!...

Acaso creía que aquela voz significaba morte, ¿quen sabe? el non lle coñocera outro significado, e mandaba sempre a mesma maniobra, pra morrer tamén...

---

[4] O autor corrixe *asoma* por *a soma* na *Fe de erratas.*

Aí ten a historia dunha goleta máis fermosa, máis lixeira, e máis garrida que a que acaba de cruzar por frente de nós.
Por eso lle decía que non se entusiasmase, porque o mar está amargo de odio á humanidá, e necesita de vez en cando tragarse un amor inmenso, docísimo, que endulce algo as súas amarguras...
E o vello Mingos encendeu de novo a súa pipa, e seguiu zurcindo no tramallo...[5]

[5] Segue ó relato "A goleta", "Pitirroxos" incluído en *Beira do lar.*

O VIOLÍN ENCANTADO[1]

A meu amigo Alberto G. Ferreiro.[2]

I

Un pastor do Invernadeiro, trouxo a noticia de que había abondancia de corzos e xabalís na serra de San Mamede, e entre os devotos de San Huberto organizouse con entusiasmo unha das cacerías de tódolos anos.

Prantáranse as tendas; as folepas de neve deixaran de bolboretear, cal si[3] co xiar da noite se cansaran os anxeliños de botar xasmís a rapañota; o frío era intenso e a noite larga, e cansos de falar de moitas cousas, recaíu a conversa, como era natural, sobre cuestiós de caza.

Pra contar grolas, naide como os militares e cazadores.

Aqueles, espetan casos da[4] guerra que lle pasaron, que, de creelos, todos son unhos Cides, e estos, cada aventura, que arde nun candil.

Así foi[5] que non era estrano soltar a risa, ó ouvir decir, poño por caso, que a un quedáralle a baqueta na escopeta, e ensartara un bando de perdices, ou que matara sete lobos dun tiro, ou unha zorra co taco.

Pero así como, entre os militares fanfarrós, hainos valentes de verdá, así hai cazadores que son dignos de creto.

Así que, cando Pexerto, vello cazador, se dispuxo a contar un dos moitos casos que lle tiñan pasado, todos deixamos as gromas e nos dispuxemos a ouvilo coa atención que era debida.

---

[1] Reproducido en *El Regional*, sección "Paréntesis", 3 de xuño de 1896 e en *A Nosa Terra*, número 47, 22 de xullo de 1908. Carré Aldao recolleuno, xunto a "Pitirroxos", en *Literatura gallega*, cit., pp. 453-456.

[2] Non figura a dedicatoria en *ER*.

[3] se (*ANT*) (*LG*).

[4] de (*ANT*) (*LG*).

[5] O autor corrixe *Así era* por *Así foi* na *Fe de erratas*. En *ER* e *LG* figura *era*.

O cal D. Pexerto, nos contou o que, sobre pouco máis ou menos, vou a contar eu, tal e como me acorde.

II

— Chist... ¿ouvindes?... dixérase que sona múseca cerca...

— Va, seica sonas[6] —dixeron os compañeiros de cacería— ¿donde queres que haxa múseca eiquí nestas soedades?...

— Serán as corzas brancas —dixo un, rindo e referíndose a unha tradición do país— que recobran súa condición humana, e veñen bañarse[7] nas fontelas da montana.

— Si, agora no inverno... de seguro que, fadas e todo como son, non resisten esta temperatura que fai carambos co aliento[8], no bigote...

— Pois a min paréceme...

— Señores, subíuselle o viño á cabeza —e soltando unha carcaxada, atacaron unha riquísima perna de ciervo[9], collido aquela mañán na mesma serra de San Mamede, donde tiñan as tendas establecidas.

Pero, de súpeto quedaron suspensos, e ¿por que non decilo? medrorentos[10] e asombrados.

Craros, distintos[11], chegaban ós seus ouvidos os acordes docísimos dun violín, tocado como por encantamento.

Dixérase que arpas anxélicas tocaban nunca ouvida serenata, no misteiro da noite soñadora; que as fontes da serra, rompendo os

---

6 soñas (*ANT*) (*LG*).

7 bañárense (*ANT*) (*LG*).

8 alento (*ANT*) (*LG*).

9 cervo (*ANT*) (*LG*).

10 medroñentos (*ANT*) (*LG*).

11 O autor corrixe *Crara, distinta* por *Craros, distintos* na *Fe de erratas.* En *ER*, *ANT* e *LG crara, distinta.*

cristaes, trobaban cal na Primaveira ó esvarar baixo os follatos, e, sin embargo, as tocatas eran coñocidas[12] e algunhas, vulgares.

Aquelo non era natural; alí, lexos de pobrado, con dous metros de neve ¿quen era o múseco misterioso que despertaba aqueles acordes meiguiceiros?

¿Quen non coidaba que divinidá ou fadas despertaban, naquelas soedades, ecos de harmonías arroubadoras?...

E sentían todos[13] ese terror instintivo que produce o descoñocido, ó mesmo tempo que se adormían ó escoitar[14] aquela múseca docísima, impregnada de tan doce melanconía, que as bágoas loitaban por saltar[15] dos ollos.

Algús, dominados pola curiosidá, máis grande que o temor, guicharon por entre os lenzos da tenda, e soilo viron noite crarísima, e ceo sin nubes, sementado de estrelas, e a lúa ilumeando con plateados fulgores aquela montana blanca, tan blanca, que cuase o aire dibuxaba somas.

E a múseca seguía tocando, xa muiñeira enxebre, rebuldadoira, xa docísima alborada, xa vals candencioso, como invitando ás folepas a revoar coas brisas.

Por veces, soaban anacos de óperas, que causaban estrana impresión naquela serra donde non chegaban a cotío máis que os cantos dos pastores e as interxeciós dos cazadores, e tan pronto se ouvía Moirama, ou a feitizada e sentida aria das Fillas de Eva.

E naida; a soledá por todos lados; a neve formando irisaciós cos raios da lúa, e o ceo azul escuro, polo cal correxaban estreliñas, cal almas que se buscan na inmensidá do espacio.

De pronto o violín deixou de tocar, e unha voz humana, crara, distinta, pedía auxilio[16].

---

12 coñecidas (*ANT*) (*LG*).
13 todo (*ANT*) (*LG*).
14 escoitaren (*ANT*) (*LG*).
15 saltaren (*ANT*) (*LG*).
16 pidiu ausilio (*ANT*) (*LG*).

Rompeuse o encanto; alguén había na montana, e olvidados do terror pasado, deslizáronse sobre a neve, atraguidos por aquela voz que pedía socorro, entre os prolongados, agoreiros, oubeos dos lobos que ventaban unha presa pra calmar a fame.

De súpeto tiveron que deteñerse[17]. Ós seus pés, un precipicio impedíalles avantar, e aló embaixo, nun recodo do camiño, ilumeados confusamente pola lúa, unha muller deitada agonizaba, e a súa beira un rapaz, de xinollos, soloucaba:

— Ou, nai, naiciña, espera o novo día que veña alguén e nos preste ausilio[18]...

— Morro... coñózcoo e[19] síntoo por tí... ¡ai! quen me diría a min, cando era tan rica, que había de morrer nesta serra e deixarlle por úneca herencia ó meu fillo... unha noite de lúa... e unha manta de neve...

— ¡Ou nai... nai!...

— Toca... toca, pra espantar os lobos e pra faguerme a ilusión de que estou naqueles tempos de dicha.

— Pero...

— Toca... toca —dixo con suplicar angustioso, e o rapaz, medio tolo, tocou o preludio do Anillo de Hierro.

Parecía que en vez daquel apasionado — vén, Rodolfo— que[20] o violín, interpretando os deseos daquela alma, decía — vén ausilio, vén, por Dios— si, vén, que morre miña nai de frío e de miseria — e aquel "vén, vén", soave[21] polo espacio, faguendo daño de tan dorido.

Os cazadores baixaban; corrían[22], sorteando o peligro e arrodeando pra salvar o precipicio, e sin máis voluntá que a daquel violín que tocaba, cal si[23] o mesmo xéneo da múseca manexase o arco.

---

17 deteñérense (*ANT*) (*LG*).

18 auxilio (*ER*).

19 o (*ANT*) (*LG*) por erro.

20 *que* omitido (*ANT*) (*LG*).

21 soaba (*ANT*) (*LG*).

22 O autor corrixe *corrindo* por *corrían* na *Fe de erratas*. En *ER*, *ANT* e *LG corrindo*.

23 se (*ANT*) (*LG*).

Pouco, pouquiño faltaba pra chegar[24], cando o violín se parou de súpeto, e ouviron un últemo berro, berro doente cal o dun curazón[25] que se rompese...
Cando chegaron, a muller estaba morta, e el, o fillo, o múseco inspirado, cobríaa co seu corpo, e con ollos de estravío, miraba pra aqueles lobos que se achegaban ó cheiro da carne, e batía no aire co violín pra escorrentalos...

III

Hoxe, no manicomio, pódese ver un rapaciño de intelixentes ollos, que lle dá a manía por tocar o violín, con tal inspiración, que a xente chámalle o violín encantado e di o infeliz, si lle[26] preguntan por qué toca, que a nai o escoita dende o ceo...

---

[24] chegaren (*ANT*) (*LG*).
[25] corazón (*ER*).
[26] se llo (*ANT*) (*LG*).

A RIADA

Á miña amiga Filomena Dato Muruais[1].

I

Polo campo do Codesal esvara o Barbaña, marmurando entre as guixas, resecado por aquel sol ardente, que, non topando arbres, se refrexa nas augas, tomando coloraciós distintas.

Polo campo endiante, as pezas de roupa estendida branquexan o chau; soilo os grandes panos do peito[2], de color roxo, somellan charcas de sangue vertidas riba o musgo.

As lavandeiras, metidas no río a media perna, cun pano mollado pola cabeza, cantan ó son do batir da roupa...

Polos bardales, as baias roxas da madreselva, as amoras, inda verdes, os froitos dos escaramuxos e das silvardas e as grinaldas de cabrinfollo, danlle unha coloración vermella forte, que non parece senón que aquel fogo abrasador, que despide chispazos diamantinos[3] nos arenaes, cobreu as paredes póndoas ó roxo.

Pero, alá embaixo, donde o Barbaña se xunta co Manzanares, pola encañada deste, vese meigo túnel de verdura que forman os ameneiros e os froitales das hortas.

O río, de cor azur límpido, refresca os troncos rugosos; os remansos onde as espadanas abren seu cáliz de ouro, os rincós cheos de somas prácidas de refrexos soñadores, de círcolos corretos.

---

[1] (Ourense, 1856-Moruxo, Sada-A Coruña, 1926). Foi colaboradora de *El Heraldo Gallego* e pertencente ó círculo de Valentín Lamas Carvajal. Na súa época foi considerarada unha gran poeta. Acadou premios en diferentes certames e tamén nos xogos florais de Tui en 1891. Publicou cinco volumes de poemas, catro en castelán –*Penumbras* (1880),), *Romances y cantares* (1885), *La Letanía Lauretana* (1895) e Fe (1911)– e un en galego, *Follatos* (1891), Morreu, cega, 0 27 de febreiro de 1926 (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., t. VIII, p. 230 e Vilavedra, D. (coord.), *op. cit.*, p. 171).

[2] O autor corrixe *colo* por *peito* na *Fe de erratas.*

[3] O autor corrixe *diamantiños* por *diamantinos* na *Fe de erratas.*

Raios de sol logran esvarar por entre as follas, e van ilumear as campanillas mouradas, os recortados fentos ou os currunchos escuros donde buligan as troitas, e as cantáredas buligan riba os xuncos e as digitales.

Na arboreda troulean os paxarixos e rompen a monotonía do verdear das follas, as píntegas craras das froitas, inda húmedas polas chuvias do día antes.

Eiquí embaixo, donde os dous ríos se xuntan en estreita duna de area, dous rapaciños en porrencho agrandaban unha focha, feita coas maus, e na cal rebulían os peixes collidos coa cocada.

— Non traigas fentos pra encambalos, que rompen todos — dixo un.

— ¿E logo, que hei traer?

— Unha xunca.

— Esvaran.

— Fáiselle un nudo.

— Toma —e alargando as xuncas, puxéronse os dous a encambar os peixes, sin faguer caso do sol que se douraba ó esvarar polas desnudeces, acarminándose nos beizos e trazando brochazos de soma ó redor deles.

II

Doutro lado do río, no comunal, unha rapaciña, de louros cabelos e ollos azúes como esas nécoras dos ricos, e, como elas, regordeta, cansa de esperar, e vendo que non lle faguían caso, espiuse, e como un anxeliño escapado dun retabro, aproximouse ó río, coa intención, de fixo, de pasar xunta eles.

Pero ¡ai! inda ben non sentiu o friaxe da auga, enguruñou as perniñas e chimpouse fóra.

Ademais, aqueles cágados que brincaban e as ras que asomaban entre os

limos, e todos aqueles bichocos que cornexaban pola auga, dábanlle medo. Por fin, cansouse, e berrou:

— Xanito, mira, mira....

— ¡Ai, a Rosiña espida!... si te ve a nanai, pégache...

— Pasaime xunta vós...

— Pois vén, anda...

— Cóbreme...

— Non te cobre, non.

— Hai cobras...

— Non muller, non hai...

— Ai... ai... xa me chega á barriga.

— Vaia, trae a mau... — e así, collida, non sin mil sustos e amarguras, ó ver chegarlle a auga polos sobacos, topouse a Rosiña cos dous rapaces, e alí xuntos ó redor da fochanca, cos seus corpos desnudos e rousados, parecían follas dunha misma rosa.

— Mira, ves —decía o Xanciño, botándoa de persoa maior; estos peixes largos, largos, que teñen un raia negra a cada lado do lombo, son peixes do Miño...

— ¿E estes gordiños que non teñen raia?....

— Eses, son do Barbaña... ¿e ves estes tan bonitiños, que brilan como *prata de mico*? estes son bogas...

— Vámosllos enseñar á naiciña... trai, que eu os levo — dixo a Rosiña, collendo fachendosa o cambo.

— Vamos, si —e os tres, collidos polos braciños, pasaron o río e correron cara á nai, que no ribazo estendía a roupa pra deloirar.

— Nanai... nanai... berraron, pero afogouse a voz; un ruído espantoso, seguido de berros e carreiras, fíxolles voltar a cabeza. A duna donde estaban, desapareceu, as lavandeiras fuxían asustadas, os arbres estremecíanse violentamente, os bardales derrumbábanse, e polo medio daquela vexetación que cruxía, augas fangosas, revoltas, precipitadas, retorcíanse, empuxábanse e medraban, cada vez máis, levantando montós de escuma, pero de escuma emporcada, sucia, sanguinolenta co barro roxo, escuma de regato así como a de can doente.

Os cañaverales desaparecían, cobríanse as ribeiras, abatíanse os arbres, e as lavandeiras choraban desesperadas, ó ver a roupiña arrastrada polo río, sin acordarse que tamén estiveron espostas a ser levadas elas.

A tía Rosa, a nai dos rapaciños, quedouse parva, era a ruína; toda a roupa de xente rica, que tendría que pagar, e aloucada, acudiulle á chola unha brasfemia; levantou os ollos cara ó ceo... e ó atoparse cos tres meniños, que a miraban cos ollos fermosos cheos de espanto, e que parecían tres anxeliños serenando a tempestad, lembrouse de Dios, de Dios cremente, que llos salvou, e caíu de xinollos, cheo o seu peito de tan profundo reconocemento, que, como nai que era,

O DEMO CON UNIFORME

A meu amigo Ramón Parada Justel[1].

I

Naquela casiña de pranta baixa, vivían as Tramposas, tres irmás, bonitas como un Sol, e das cales as malas língoas decían de si por eiquí, e si por alá, e que si entraba Xan e saía Pedro, e en fin, cada un vive como pode, e Dios con todos.

Elas vivían alegres como unhas castañolas, bebían ben e comían mellor, e anque non se lles coñocía máis rentas que o que seu corpo ganaba, vamos ó decir, co que traballaban, non debían nada a naide e pasaban a vida felices e contentas.

Pero como non hai dicha compreta, e todos teñen unha hora de mal camiño, elas estaban apenadas e desgastadas coa vecindá, e, sobre todo, cos veciños dunha casa que na calle de San Cosme lle chaman a das Cuatro Naciós, e cuias ventás traseiras daban riba o tellado das Tramposas.

---

[1] Ramón Parada Justel (Esgos, Ourense, 1871-Ourense, 1902). Destacado pintor pertencente á denominada Xeración "Doliente". Cursou os estudios de bacharelato na capital das burgas onde xa comezou a demostrar, á idade de 17 años, a súa vocación artística. Trasládase daquela a Madrid, onde ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando, obtendo o número un no examen de acceso. Nesta cidade permaneceu durante seis anos, tempo no que acadou un número considerable de premios e recoñecementos. Gracias ós seus méritos, a Deputación Provincial de Ourense outorgoulle unha pensión para estudiar en Roma, onde chega no verán de 1894. En 1895 participa na Exposición Nacional de Madrid e nesta cidade instala o seu estudio a partir de 1897. En maio de 1899 acode á Exposición Nacional de Belas Artes e neste mesmo ano preséntase á opsición para pensionados en Roma, conseguindo o cuarto posto. en 1901 volve a triunfar na Exposición Nacional do Circuíto de Belas Artes e cando debía asistir de novo ás oposicións para Roma, caeu gravemente enfermo. Morreu meses despois en Ourense, os 31 anos. A súa obra vai dende a temática histórica ata o retrato, e en tódolos seus cadros amosa un gran dominio da cor. Unha parte da súa producción consérvase no museo Provincial de Ourense e entre as obras máis representativas da súa cidade destacan a decoración do Teatro Principal, os fondos dun dos retabros da catedral, a fornela da Virxe na igrexa de Santa Eufemia e os bocetos para o paraninfo do Instituto (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIV, pp. 5-6).

A cal casa veulle o nome mellor que forca en pescozo de curial, porque en ela viven paxaros de conta de tódolos países, senón do mundo, de pouco menos.

Baste con decir que a casa consta de douscentos ou máis cuartuchos, donde se amontoan tódalas mal casadas, celestinas e pombas de baixo voo, amén de canto falso tullido, cego de mentiras e largos de uñas, que campan polo seu respecto nesta cibdá das burgas, donde se dan os graxos como froita do país e donde as autoridades veñen a ser así como a carabina de Ambrosio ou a espada de Bernaldo, enmangada nun pau e atada con fío de foguetes, como decía un catedrático que eu tuven.

En fin, que a tal casa, era (e é) unha especie de corte dos milagros en forma de casa de vecindá, polo cal non é estrano que as Tramposas se queixasen, por moitos motivos que é mellor calalos.

E como non vamos agora a describir os casos e cousas que pasan na tal casa, diremos soilo que aló no segundo piso, nun coarto que ten unha ventá riba o tellado das Tramposas, vivía unha xamona verde, casada cun home moi bruto, o cal non impedía que ela falase con quen lle daba a gana, e recibise visitas de caballeros; por supuesto, que non era por naida malo, senón por ter un rato de conversa, que pra eso deu Dios a língoa, soilo que como o marido era tan bruto, había que valerse dil, esto, al menos, era o que ela decía, que eu, non quito nin poño rei.

E deuse o caso que unha noite, estaba, supoñemos que en conversa, co abanderado do reximento home feo e negro como un chamizo, e que ademais, era tan cerrado no falar, que cando se incomodaba non se lle entendía outra cousa que: Fu... fu... fu...

E resultou que estando na conversa, ou no que fose, chegou o bruto do marido, borracho como unha cuba, e berrando como un condenado ó ver que lle non abrían a porta.

O abandeirado, que como militar español, era valente, mandou abrir a porta, pero ante os choros da muller, acordouse que, tamén como español, estaba obrigado a ser galante, e por máis que il non faguía cousa que outros non teñan feita, lembrouse que nunha mala hora cai a casa, e que a honra dunha muller é como un espello, e anque

o espello que tiña diante xa perdera o azougue, non quixo que por causa dil andivese na boca da xente, e consentiu no que ela pedía. O cal non era outra cousa que se descolgara pola ventana, e como a noite era pecha e sin lúa, xuroulle a ela que non había máis que unha vara de alto pro tellado, e que de alí saltaba a un patio, por máis que a treidora ben sabía que había máis dun piso de altura. E en tanto o bon do abandeirado parecía unha bandeira pindurada no aire esperando a ver si o home se acostaba coa borracheira e podía vir pola porta, vamos nós á casa das Tramposas, a ver en que pasan o tempo naquela noite escura e sin lúa.

II

Non perdían o tempo, non; beira do lume estaban as tres cunha gran sartén e escoitando[2] medio riseiras ó Pedriño o sacristán, que, con voz de ra constipada e además mariqueiros, andaba de eiquí pra alí feito un fervellasverzas e falando máis que un sacamoas.

— Xúrovolo —decía— que os designios de noso Señor — sacaba o sombreiro— non os pode coñocer alma ningunha deste mundo; e évos tan certo o que vos conto, como que temos que morrer... ai, amiguiños del Señor, naide sabe donde ten a súa, e así Dios nos colla confesados —volta a sacar o sombreiro— pois, sí, tódalas noites se sinten aquelas voces agoniantes que non deixan dormir ós veciños daquela parte.

— Va, va, eu ouvín[3] que nin hai demos nin pantasmas — dixo unha das Tramposas— e que o que é, o criado da marquesa, que pra escorrentar os rapaces que lle iban ás uvas, fixo unha zambomba cunha ola...

---

[2] O autor corrixe *escoitan* por *escoitando* na *Fe de erratas.*

[3] O autor corrixe *vin* por *ouvín* na *Fe de erratas.*

— Non faga caso de ditos... a xente perdeu a relixión e di o que lle parés....

— ¿E logo, ti que pensas que son esas voces que se ouven?

— ¿Que han ser, filliños? ¿que han ser senón o demo que anda solto por causa de nosos pecados?...

— E quen o viu...

— Ver, ver, ¿acaso esas cousas fai falta velas?... pero, así e todo, preguntarllo á Sra. Paula, xa sabedes, aquela velliña que vive na choupana que ten unha nogueira moi grande á porta... pois ben, esa, así que ouviu as voces... ergueuse da cama, e, sin vestirse, saíu cun rosario na mau polos carreiros aqueles, e cando iba decindo —alma del otro mundo, dime lo que quieres— ouviu unhas risas e pegáronlle unhos azoutes rabechosos.

— Boeno, boeno —dixeron as Tramposas, algo asustadas, esas son caroucas...

— Non digades eso, que Dios vos pode castigar, e exempros temos nos libros sagrados, como aquel que se lle aparecía o demo ás monxas de Mula, baixo a forma dun caballero moi goapo, e... pero non tivo tempo de acabar.

Soou no tellado un golpe grandísimo; caíron as tellas riba a sartén, e en tanto as Tramposas borraban cheas de medo, e o sancristán se chimpaba de cabeza dentro da maseira, no medio do lume, entre fume e polvo, emporcado no hollín da chimenea, caía una cousa en forma de home, xurando como un condenado...

— O demo, o demo, berraban as Tramposas; o demo, marmuraba o bon do sacristán, tembrando porque lle quedaba medio corpo fóra e acordándose de cantas sisas fixo no cepillo das Ánimas, e cantos cabuchos sisou, en tanto que o tal demo se erguía e fuxía pola porta, sin que se ouvise máis que[4] —fu—fu—fu— como si tivese o rabo de xofre.

E cando hoxe se lle pregunta ás Tramposas o caso daquela noite, din que o que máis lles pasmou, foi ver o demo de uniforme, que, se non fora porque coas cousas do Señor non se xoga, houberan xurado que era o mesmo abandeirado do reximento, que lles chovía do ceo.

---

[4] O autor corrixe *ouvise que* por *ouvise máis que* na *Fe de erratas.*

O CRISTO DA COLADA

A meu amigo D. Jacobo Durán Loriga[1].

I

Alá atrás quedaron os montes do Incio; as estreitas encañadas, no fondo das cales esvara o río en leito pizarroso, rodeado de pricipicios donde as hedras adiquiren proporciós xigantescas e os castaños medran entre as rendixelas, mecéndose no abismo.

Quedaban as ladeiras, moradas polas uces, donde de vez en cando se vía pasar un cazador e alá do fondo, do pobiño de Ferrería, inda se ouvía rumor confuso dunha muchedumbre que se amontoa en reducido espacio.

Ouvíanse as discordantes notas do violín e o bombo, os canutos das patrullas, e alá polos ribazos crarexaban os traxes das señoritas que faguían escursiós pola montana á busca dunha perspectiva, dun paisaxe, e cando non, por pasear e esquecer a triste impresión que causa o ver que eiquí, en Galicia, desatenden os intereses, e conténtanse con esplotar ó próximo.

E o coche seguía pola carretera, tan chea de voltas, que parecen unha cobra enroscada ó redor da serra, e atrás quedou o Hospital con súas artísticas ruínas, e atrás quedaron lameiros verdoentos, currunchos de soma, robredas misteriosas, e pobiños perdidos nos repriegues, ou ocultos nas arboledas.

---

[1] Juan Jacobo Durán Loriga (A Coruña, 1854-id., 1911). Militar e destacado matemático coruñés que acadou un gran prestixio en España e no estranxeiro, debido ós seus numerosos traballos reproducidos en publicacións especializadas. Foi nomeado correspondente da Real Academia de Ciencias, membro da Academia "Antonio Abrate", de México, profesor honorario do Real Instituto de Lisboa e da Universidade Libre do Templo en Italia, así como vocal da Comisión Internacional para o Ensino da Matemática. Foi elixido membro numerario da Real Academia Galega no 1911 pouco antes de morrer (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., t. IX, pp. 199-200).

Chegamos á Cruz, e alí deixamos o coche pra coller os cabalos que nos habían de conducir a Romariz, término do noso viaxe.

II

A víspera, Martelo Pauman e eu, recibimos unha carta na que, pouco máis ou menos, se nos decía: — "Espéroos a ustedes, non soilo pra ter o gusto de que veñan us días a esta súa casa, senón pra que vexan o célebre "Cristo da Colada", que meu sogro posee na capilla desta casa, etc., etc.", — e firmaba a carta o simpático capitán Durán Loriga.

Escusado é decir con canto gusto acolleríamos unha proposición que nos proporcionaba, amén de ver o célebre Cristo, e contemprar o interior da provincia de Lugo, pasar ó lado da familia que ten sona de ser a máis hospitalaria e de agradabre trato que se pode atopar.

E inda as once non serían, cando, acompañados dunha graciosa fada que por filla ten Martelo, e da miña media naranxa, baixamos as empinadas lomas que rodean a casa señorial de Romariz.

O camiño, sombreado por rumorosos carballos, interrumpido a veces por craras fonteliñas que formaban ó rebasar tremantes prados donde as mentas e as xuncas bulixaban perfumando a campesina bris, naida nos detiña, ansiosos de chegar a casa que, alá no val[2], rodeada de estensas praderías e destacándose no fondo escuro dun piñeral, nos mostraba o término do camiño.

De súpeto, ó despellar dun outeiro, víronos desde a casa, e un fato de panos brancos se axitaban no balcón, como bandeiras de paz que dan a benvida ó huésped.

As campáas da capilla tocaron a misa, pois xa estaban alí os esperados, e atraguidos por aqueles saúdos cariñosos e aquela voz

[2] O autor corrixe *no fondo* por *no val* na *Fe de erratas*.

melancónica da campaíña, salvamos a escape a distancia, pasamos por baixo xigantescos froitales que se incrinan riba o camiño, e caimos nos brazos cariñosos da cariñosa familia, en tanto nos cercaban un fato de anxeliños con grandes ollos negros, nenos fermosos nos cales non sabe un que adimirar máis, si a fermosura ou a intelixencia.

III

Despois da rexia comida con que nos obsequiaran, cansos de correr de eiquí pra alí, de contemplar, os magníficos paisaxes, de adimirar as valiosas antigüedades que adornan a casa, saliu[3] a conversa sobre o Cristo da Colada, que, dentro dunha vitrina, na capilla e adorado constantemente por unha multitud que vén de todas partes.

Eu tiña ouvido e hasta leído a tradición que supón que en Monforte, un día que pasaban os frades pola calle, ouviron unhos berros aguniantes, tristísimos, e tratando de enterarse, toparon a unha vella faguendo a colada, dentro da cal metera un cristo, que era quen daba as queixas, e que por máis e máis que o calcaban, frotaba sempre riba da roupa.

Ouvira contar tamén, coa añadición de que pola calle embaixo saía un regueiro de sangue, e hasta sabía o modo como o tal cristo veu a parar ás maus do señor Membiela, modo que anque non ten nada de milagroso, proba unha vez máis a honradez deste señor. O cal non foi, senón que, estando de Xuez en Monforte, presentóuselle un home cunha demanda contra o pai. E o señor Membiela, que antes que Xuez, era cristiano, e caballero, e amante tenrísimo da familia, con toda a elocuencia que topou, fíxoo desistir da tal demanda, pois é criminal todo canto non sea respetar os pais.

---

[3] O autor corrixe *salín* por *saliu* na *Fe de erratas.*

E pra acabar dunha vez, este home, agradecido, cando comprendeu o mal paso que iba a dar, regaloulle o Cristo que el tiña, por circunstancias que non son do caso.

Pois ben; falando, falando, chegou a vez de contar os moitos milagros que tiña feitos, e, como no carís dalgunhos se refrexaxen certas sonrisas de dúbida, ergueuse o señor Membiela, e, con verdadeira fe, que adiquiría encanto estrano, por ser nunha persona de reconocido talento, dixo: — Non queren creelo, pois ben, entre outros moitos, vou contar un, pasado este mesmo ano, e que poden atestiguar tódolos veciños da aldea.

IV

— Estaban os froitos pra ser collidos; os pobres xa vían os traballos de todo o ano a punto de ser recompensados, cando unha noite desencadenouse unha desas terribres tempestades que se forman nestas montanas.

Bruaba o vento, incendiábase o ceo cos lóstregos, abouxaban os tronos, e unha nube de granizo, groso como pedras, batía nas vidreiras e ameñazaba rompelo todo.

De súpeto, baixo o balcón, sentín berros, aies, esclamaciós, e ó enterarme do que era, soupen que eran os pobres veciños, que supricaban lles deixase rezar ó Cristo da Colada pra que non os arruinase.

Foi unha inspiración do momento; mandeinos rubir a todos, puxéronse de rodillas, collín o Cristo, abrín a ventá e presenteino á tempestá.

Eran tales os lóstregos, que nos cegaban, e tan imponente a noite, que eu estaba impresionado; pois ben, como si os elementos respetasen o milagroso Cristo, fuxiron as negras nubes, parou o vento, cesou o granizo, apagáronse os lóstregos, e crara, esprendente,

luminosa quedou a noite, e pásmese, nin unha espiga rota, nin unha folla caída, nin unha herba tronzada apareceu ó outro día...
Calara; estrana impresión nos dominaba a todos, e eu, na imaxinación, presentábame aquel coadro: unha muchedumbre de xinollos, e en frente da tempestá un pobre vello opóndolle unha fe, máis grande que ela.
E ó ver a sinceridá con que o decía, e as miradas de respetuosa gratitud que lle botaba ó Cristo, non poiden por menos que marmurar emocionado: - ¡Dichosos os que creen!...

V

Aló, ó irnos, antes de desaparecer da nosa vista a casa señorial de Romariz, voltamos a vista.
Medio perdidos nos refrexos rousados dun sol poñente, víanse os meniños batuxando os panos en señal de despedida, e unha pena grandísima nos dominou ó pensar que, cicais si algunha vez volvemos, eles xa non serán nenos e nós seremos vellos.
Despois, ó pensar nos donos, non poidemos por menos que marmurar: eiquí na tranquilidá destas meigas montanas, rodeado de netos tan fermosos e encheito o peito cunha fe tan grande ¿quen lle ten medo á vellez?
E dando o últemo adiós, pedimos con fervor que nos depare outra[4] igual ó milagroso "Cristo da Colada".

[4] O autor corrixe *outro* por *outra* na *Fe de erratas.*

¡O PRÓXIMO![1]

A meu amigo Evaristo Martelo Pauman[2].

Non tivo[3] máis remedio; aqueles poucos cartos que o pai sacara, fíxoos o prestamista medrar de tal xeito, que unido esto ás malas cosechas, ós moitos trabucos, ás rendas e foros, e mil demos que consomen o labrador gallego, houbo que vender os bes e quedar por portas.

O pai morreu coa pena, el tivo que abandonar os estudios que comenzara aquel ano, e tratar de arrenxarse dalgún modo pra manter a velliña da nai e os irmanciños.

E como na aldea non había, e a época da seitura en Castilla era[4] chegada, alugouse cunha cuadrilla que marchaba, e alá foi el, co allo de[5] faguer us cantos pesos, pra lle pagar ó cura o enterro do pai, polo cal sempre o estaba avergonzando.

Por[6] outro lado, deseaba saír da aldea; non parecía senón que o ser pobre é unha deshonra, pois a eles, á familia, antes tan respetada e querida, tratábana agora con non desimulado desprecio.

---

[1] Reproducido na *Revista Gallega*, número 230, 1899.

[2] Evaristo Martelo Pauman del Nero (A Coruña, 1853-id., 1928). Pertencente a unha familia nobre, entroncada con Paio Gómez Chariño, estudiou primeiro a carrera de mariño en Ferrol, estudios que abandou para se licenciar en Dereito en Santiago de Compostela. Estableceuse logo na Coruña, onde exerceu de concellal. Participou no faladoiro da Cova Céltica e colaborou na *Revista Gallega*, de Galo Salinas. Destacou así mesmo como poeta. A súa obra aparece recollida no volume *Líricas gallegas* (1894), onde inclúe outras publicacións anteriores como *Os afillados do demo* (1885) e *A noite de San Silvestre* (1890). Carballo Calero sinala o seu achegamento á ideoloxía desenvolvida por Pondal, a pesar das diferencias que os separan, a súa preocupación pola lingua galega e o carácter patriótico dalgunhas das súas composicións, como *Andeiro* (1922) (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., t. XX, p. 134). Pérez Placer ademais de lle dedicar este relato, inclúeo como personaxe en "O Cristo da Colada".

[3] tive *(RG)*.

[4] ere *(RG)* por errata.

[5] O agardado sería *co gallo de*.

[6] Pro *(RG)*.

E en tanto arregraba o fardico pro viaxe, soñaba il co aquela Castilla de que tanto ouvira falar, aquela Castilla que presume de hidalga e generosa, acordábase do que lle ouvira contar tantas veces ó pai, de que alá no 68, cando us anos de fame fixeron emigrar pobos enteiros das terras castellanas, naide lles prestou auxilio en España, nin Gobernos, nin particulares, e en manadas, famentos, esfarrapados, casi agoniantes, chegaron a Galicia, que os acolleu[7] como nai garimosa, que lles deu pan pra matar a fame, que lles cobriu as desnudeces coa misma roupa dos seus fillos, en fin, que lle abriu os brazos con tan amorosa fraternidá, que houbo que faguelos voltar á forza a pobrar seus pobos abandonados.

E el recordaba esto con secreta alegría no seu curazón de rapaz sinxelo, creía que os castelaos gardaban no peito o agradecimento, e que tratarían os gallegos como irmaus.

Ademais ¿por que non? eles non iban pedir naida, iban traballar, traballo duro e mal recompensado ¿por que, pois, non os habían de tratar ben?

E pensando esto, trataba de desimular a penosa impresión que lle causaba o ver que no tren os separaban da demais xente, cal si fosen animales dañinos, que os amontoaban cal mercancías, que os empregados das estaciós os empuxaban e os golpeaban cal a cas, que a veces, nin os querían deixar baixar dos vagós a faguer as necesidades, como ós demais, e asombrado, preguntábase si cicais os gallegos non son homes como os outros.

Dubidaba si cicais sería polos fardicos que levaban, e víanse entrar nos outros coches todos aqueles labradores de terra de Campos, con grandes sacos, con longas capas, e que en vez de ser finos e considerados como o labrador gallego, son groseros, impertinentes, orgullosos, mal falados, a pesar do cal, nin os separan nin os aldraxan.

Sentía incomprensibre estraneza ó ver como un viaxe que dura unhas cantas horas, llas fan a eles durar días e días, detidos en calquer estación polo capricho de calquer xefecillo.

---

[7] acollen *(RG)*.

E despois a estranía subía de punto; en vez da xenerosa hospitalidá, o desprecio máis ultraxante; unha comida que inda ós porcos, unha pouca palla pra dormir, un traballo mortal, e, por pago, homes e mulleres, rapaces e vellos, a todas horas, en todos sitios, en todas ocasiós seguíndoos, mortificándoos con burlas, con insultos, con porcalladas propias dun pobo da Mourería[8].

E ós seus ouvidos chegaba, como a unha coadrilla lle deron a comer un porco que mordeu un can doente (histórico), como a outra non se lle pagou o axustado, e ó irse queixar ó Alcalde mandounos prender por desacato, e ademais de non cobrar, tiveron que dar cartos pra que os soltasen; como no pobo tal, asesinaron unhos cantos gallegos, e a xusticia non poido faguer naida, porque tódolos veciños se convirtiron en testigos falsos; e a cada paso que avantaba na terra castellana era un espiña que se lle cravaba no curazón.

E alá pola noite, mentras seus compañeiros dormían ó campo raso, fatigados polo traballo daquel día ardente, que faguía caer os paxaros mortos e desprenderse a pel das costas, soñaba coa súa patria, vía diante de si a casiña sombrizada polas cerdeiras[9], os prados frescachós, os regatos paroleiros, recordaba[10] as festas do lugar, os cantos dos fiadeiros[11], as escascas do millo e os folións das romaxes[12].

Recordaba aqueles tempos de neno, das idas á escola, das cocadas no río, da caza dos grilos, de tódolos xogos, en fin, da risoña enfancia.

E acordábase da nai, daquela naiciña que estaría de fixo pensando nil, daquela nai honrada que lle decía a todas horas: —Ama a Dios e ó teu próximo— e ó recordar o dito e ver o trato indigno que lle daban, os insultos que recibía, os aldraxes[13] de que era ouxeto, os martirios moraes e materiaes, que lle faguían sofrir, da alá do fon-

---

[8] Morería *(RG)*.

[9] cerceiras *(RG)*.

[10] O autor corrixe *recordaban* por *recordaba* na *Fe de erratas*.

[11] fiadoiros *(RG)*.

[12] romanxes *(RG)*.

[13] O autor corrixe *aldraxos* por *aldraxes* na *Fe de erratas*.

do da alma surxiu a dúbida dolorosa, e con toda a sencillez do seu curazón honrado, preguntouse[14] si cicais os castelaos eran seu próximo; e como si a Natureza, cansa de sufrir, se repuxese, ergueuse violento, e con cólera nunca sentida, marmurou:

— ¿Ser próximo do castelao?... non, non... antes do demo.

[14] O autor corrixe *preguntoume* por *preguntouse* na *Fe de erratas.*

A VERDÁ DA HISTORIA

A meu amigo Casto Pazos[1]

I

Viñamos no tren de Villagarcía a Santiago.

Beira da ventanilla arroubábame contemprando os fermosos paisaxes que se vían desde o tren, que naquel momento cruzaba frente ás ruínas das torres do Este, que se refrexaban no puro azul da ría, cando unha carcaxada espontánea, a boca chea, de meus compañeiros de viaxe, me fixo voltar a cabeza pro interior, e ó enterarme do caso, tiven que faguer coro como os demais.

O caso non era pra menos; unha *miss*, alta, tesa, como si tragase un morenillo, e cun corpo tan alisado que dubidábase ó vela si traía a cabeza do revés, decía, toda indignada e temblándolle a nariz co pudor, que — en Galisia ser molto inmorales por andar las mujeeres desnudas por los prados, dando mochos saltitos, mochos...— E como lle manifestasemos nosa estrañeza, porque nunca ouviramos nin viramos tal cousa, asegurounos que o vira ela, e así o remitira ós periódicos de que era corresponsal, e como proba do seu dito, citou o sitio, que era, según ela, nos prados de Ponte Pedriña.

E inda ben non nombrou o sitio, cando eu, que estaba enterado da verdá do caso, casi sin poder acoubar a risa, pregunteille: — ¿Pero, señora, V. non tratou de enterarse das causas que poideron motivar aquelo?...

— ¡Oh!...¡eh!... yo ser una señora e no mirar esa indesencia... como las corridas de toros... — E en tanto nos deixaba parvos co inesperado da resposta, colleu unha Bibria e púxose a leer como protesta das nosas risas.

E como eu manifestara saber o caso, empeñáronse en que o contase, mentras a pudorosa *miss* se entregaba a lectura, engurrando de

---

[1] O autor corrixe *Castro* por *Casto* na *Fe de erratas.*

vez en cando a frente, non sei si polas nosas risas, si por atopar algo na lectura un pouco máis peliagudo que a vista daquelas mulleres que daban, según ela, "mochos saltitos... mochos..."

II

Adourabres modistillas, mal sabedes que por causa vosa andan os periódicos da púdica Albión, dando, como artículo de fe, que as mulleres gallegas andan polos prados como os saltamontes.
Pero, deixémonos de lamentacións, e vamos ó caso.
Cuio caso non foi outro, que nunha daquelas tardes de Agosto, época en que Santiago parece un aldeón, as veciñas forman tertulia ó aire libre e a herba nace nas calles, us cantos estudiantes internos do Hospital, que son os únecos que non marchan, iban polos agros de Ponte-seca, cando, aló embaixo, por entre os ameneiros que sombrean o Sar, descubriron un fato das máis fermosas modistas que en Santiago fan as delicias de certa cras de estudiantes.
E cobizosos de saber o que a tales horas e en tal sitio iban faguer, os tales rapaces agacháronse pra non ser vistos e puxéronse a espera.
Elas, en tanto, triscadoras, por ter un día de groma, cansas de correxar de eiquí pra alí, de coller frores, de pitiscar amoras, de bambearse das ramas baixas dos arbres, ollaron ó redor, e pouco coñocedoras dos peligros do campo, creéronse soilas, e dispuxéronse ó que non sei si era ouxeto do paseo ou[2] inspiración do momento, en presencia das augas craras e rumorosas que ensinaban un leito de area, e prometían agradabel fresco baixo a protección das arboledas.

---

[2] O autor corrixe *o* por *ou* na *Fe de erratas.*

Elo foi que, xuguetonas cal rapaciños ó saír da escola, deixaron ó descuberto seus encantos, e cal outras Venus, saídas, senón das escumas do mar, doutras escumas, metéronse confiadas e tranquilas no barullante Sar.

Quedáronse embobados os estudiantes co aquel imprevisto cuadro, que non rezaba o programa, e cando se cansaron de vistas, maxinaron unha groma que servise de aviso pra que outras costureiras non pensasen que todo o campo é ourego.

E, meu dito, meu feito; dando un rodeo e arrastrándose entre os arbres e as espadanas, chegaron preto delas, que, ó velos, quedaron parvas co susto, e metéronse baixo a auga pra non ser vistas.

Pero como baixo da auga non podían respirar, tiveron que sacar a cabeza fóra, e alí era de ver as miradas rabechosas que botaban, en tanto eles, con toda calma, as apoupan e as faguían reloucar de tal xeito que, a pesar de estar no río, de seguro que fervían.

Por fin, compadecidos do moito tempo que levaban dentro, trataron de marcharse, pero, como última groma, colléronlles a roupa e puxéronlla no medio do prado, a respetabre distancia.

E como tiveron que ir por ela e os rastroxos da herba segada lles cravaba os pés, aí está por qué a ingresa que acertou a pasar por alí, mandou decir que en Galicia andan as mulleres desnudas...

— De todas maneramientas[3] —interrumpiu a *miss*— ser molto inmoral, molto...

— E eso é moral —interrumpín eu, que a vin estar leendo o pasaxe en que as fillas de Lot emborrachan o pai.

— Esto... esto —dixo sorprendida— en fin, españoles ser inmorales... gustar corridas de toros, y mujeres dar mochos saltos... mochos... e púdica, ruborosa, volveuse somir na interesante lectura que lle espricaba o modo de como tiveron descendencia as fillas de Lot.

---

[3] O autor corrixe *maneiras, miente* por *maneramientas* na *Fe de erratas.*

FOLLAS SECAS[1]

A meu amigo D. Modesto Fernández y González[2].

I

Sentíase morrer o pobre vello; sentía sede, sede ardente que lle abrasaba as gorxas, e non tiña quen lle dese auga.
O lar sin lume, as paredes negras co fume, as ventás pechas, e ilumeando todo tristemente a pouca luz que entraba polas rendixelas. Do teito colgaban rastras de millo marelo, e por un burato da porta entraba fenxuco[3] de raios solares, que iban a esborranchar no chau trazos[4] de luz, e marcaba o camiño de puntos beiladores.
¡Morría o vello e non tiña naide á súa beira!

---

[1] Reproduciuse en *El Regional*, sección "Paréntesis", 13 de marzo de 1896. Falta a dedicatoria. Antes deste conto atópase no volume "A outro can con ese óso", recollido en *Beira do lar*.

[2] Modesto Fernández González (Ourense, 1838-Madrid, 1897). Estudiou a carreira de Dereito en Santiago e Madrid e traballou dende 1864 no Ministerio de Fomento. No 1884, foi nomeado Delegado de Facenda en Madrid. Dedicouse tamén ó xornalismo e á escrita. Colaborou en xornais madrileños como *El Contemporáneo*, *El Español*, *La Gaceta Popular*, *La Ilustración Gallega y Americana*, *Ilustración Gallega y Asturiana*, etc. e en publicacións ourensás como *El Derecho*, *El Heraldo Gallego* ou *El Eco de Orense*. Ademais de escritos relacionados coa súa profesión, publicou *Retratos y semblanzas* (1872) sobre figuras do xornalismo, e *Portugal contemporáneo. De Madrid a Oporto pasando por Lisboa* (1874). Adoitaba asinar cos pseudónimos *Camilo Cela*, *Fernán González* e *Julio de Osera*. Foi o patrocinador do certame celebrado en Ourense en 1877, onde Curros Enríquez conseguiu o premio, converténdose dende entón no seu protector. Colaborou así mesmo con V. Lamas Carvajal en varias ocasións e prologou o seu libro *Espiñas, follas e flores*. (Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, *cit.*, t. XII, p. 61 e José Filgueira Valverde, "Introducción" a *O Tío Marcos da Portela*, ed. cit.). Heraclio Pérez Placer dedicoulle tamén o libro *A vendima* (1895), cunhas palabras que deixan ben clara a amizade que existía entre eles: "(...) a quén dedico estes catro ringlós sin outro méreto nin valor que ser copiados do natural, escritos baixo unha cepa, veira ó Barbaña, aquel meigo rio que esbara bicando as hortas donde vosté, y-eu máis tarde, brincamos de rapaces, aló n-o *Pozo do Inferno* y-o *Codesal*".

[3] feixuco *(ER)*.

[4] trozos *(ER)*.

Una racha de vento abriu a mal pechada porta, e entón esprosión de luz, de coores, de ruídos veu[5] a alegrar a lobreguez da choupana.
O vello sentía que a morte se detiña, e, topando forzas pra apoiarse en riba dos cotobelos, contempraba o paisaxe recortado pola porta.
Era a vendima, a meiga faena do Ribeiro.
A vendima, nai da groma[6], prometedora da abundancia, festa da alegría, abundosa de inefabeles meiguices.
O outono, a estación das brétemas e das chuvias noutras terras, é a estación enfeitizada nas campías ourensanas, nas que aínda non se sinten os friaxes do inverno, e xa non abrasan os calores do vran.
E el, o vello, miraba embebido aquel anaco de venturanza que veía dende a cama.

II

Enfrente, as montanas, cubertas de pobiños ocultos entre soutos de castiñeiros, rodeados de pinares, campando enriba dos penedos.
Despois, en costa, as ladeiras donde agatuñaban as cepas, xa rubindo polos árboles enriba, xa prendéndose nos roxos corredores, ou sombrizando os sobrados, xa bambeándose nos parrales que cobren os carreiros ou o limiar das portas, e máis abaixo, no val, donde os regos montañeses descansan nas claras fonteliñas, as veigas do millo, os terreos[7] do liño, os bosques de froitales e os tremadores lameiros rodeados de espadanas, refrescado por regatos[8], cinguidos de ameneiros e abundosos de espallar de cheiros roubados ás mentas e ós cencibres, ás nabadáns e ás lobelias.

---

[5] vén *(ER)*.
[6] O autor corrixe *nai da alegría* por *nai da groma* na *Fe de erratas*. En *ER* aparece *nai da alegría*.
[7] torreos *(ER)*.
[8] O autor corrixe *refrescado de lameiros* por *refrescado por regatos* na *Fe de erratas*. En *ER* aparece *refrescados de lameiros*.

E sentíase morrer o pobre vello, e miraba o sol, forte e brilante, que xa non queima, pero que baña todo con amorosa caricia, e veía as follas das vides que o Outono volvera roxas e amarelas, e os racimos azuados e ambarinos, que somellaban bágoas do sol, prendidas no ramaxe, naquela despedida que o inverno obrigaba: e veía os bulidores regos fulxurar, e sentía sede, sede ardente que lle abrasaba as gorxas, e non tiña quen lle dese auga.

Sentía alá fóra, cantos alegres dos mozos das lagaradas, aturuxos das vendimadoras, ronseo dos carros que carrexan os pilos de uvas, berros das pellizquelas, e veía polos carreiros os homes con culeiros, os rapaces rubidos as paredes[9], armados con ladroas de cerdas, os mozos ós vorcallós entre as cepas... e, lembrándose do tempo da mocedá, dos tempos da infancia, veíase vello, cangado, inútil pra todo, e antoxábaselle que tamén il era unha folliña seca como aquelas que os fríos outonizos faguían rodar polo chau, e que estaba de máis no medio de tanta vida, de tanta xuventú, de tanta alegría.

Cando voltaron os fillos do traballo, toparon o vello morto... pero as uvas esperaban no lagar, e seguiu[10] a faena, e seguiron os cantos e os aturuxos, en tanto o vello, soilo, esquecido, acurrunchadiño, mirrado[11] como unha folla seca, parecía probar aquel dito brutalmente egoísta, pero certo: de que en Galicia, cando non se pode traballar, fan ben os vellos en morrerse[12].

---

[9] O autor corrixe *pareces* por *paredes* na *Fe de erratas*. En *ER, pareces*.

[10] seguía *(ER)*.

[11] O autor corrixe *mirado* por *mirrado* na *Fe de erratas*. En *ER, mirado*.

[12] Despois deste relato inclúense "Avelaíñas" e "Rapañota de xazmís", recollidos en *Beira do lar*.

OS DOUS FOLIÓS

A meus queridos compañeiros os redautores de El Derecho.

I

Trocárase o Norte sucio en Nordeste, e detívose a chuvia que en todo o día ameñazara aguar o folión.

Deron as nove, e ó soar a primeira badalada do reló da Catedral, surxiu no espazo, cal longa cobra de fogo, o rastrexo lumioso da primeira bomba, que, ó estoupar, serviu así como de pregón anunciador do escomenzar da festa.

E a gran praza, a praza sin rival, formada polo Gran Hospital, o Colexio de Raxoi e o de Fonseca e a Catedral, ou sea pola Caridad, a Xusticia, a Ciencia e a Relixión, ilumiouse co lostregar dos foguetes.

Pola rúa de Fonseca e a do Franco, empuxábase, estroupeleando, oleada de xente que cuase non podía moverse na angosta entrada.

Polo arco do Arzobispo, parecía que se desbordaba ó baixar a empinada costa, refluíndo, cal fan os ríos nas confluencias, ó toparse coa que desemboca pola rúa de San Francisco.

E polas Hortas e o Inferniño, das grandes barriadas rubían enxames de campesinos, soando os pandeiros, estralando as castañolas, entoando alalás e aturuxando como tolos.

Eiquí e alí, farolas con ramaxe de bombiñas de porcelana branca, ilumeaban escasamente algús anacos da gran praza, faguendo resaltar máis as lobregueces dos rincós escuros, e das lexanías, donde a soma se condensaba en xirós negros, medrorentos, esborroados.

Os salós do Concexo, cos ventanales abertos, deixaban ver os divás de terciopelo roxo, as arañas de vidro que se irisaban ó refrexo das velas, e riba cuia alfombra buligaban as señoras da cibdá, vestidas de craro.

Algunhas, preparadas pro baile daquela noite, locían o escote atuado de froles, e por todas partes, nas balconadas, nos divás, víase un

enxame de rousadez de carne, de fulgurar de xoias, de vermellear de froles prendidas nos seos, oscilando nos chapeos, encravados nos cabelos e faguendo broche na roda da cintura.

Abaixo, ós pés das farolas, donde a luz era máis crara, percibíanse grupos de pelengrinos, con escravinas de hule, cheas de conchas de vieiras.

Algús, con hábetos de Nazareno, traían pindurando unha cruz de Caravaca, que as mulleres bicaban con veneración.

Noutros grupos, soaba unha zanfona, ou un cego cantaba copras de crimes inverosímiles, ou os mozos dunha mesma parroquia batían o pandeiro e bailaban, ou soaban os violís destemprados dalgún cego, ou arremuinábanse un fato de señoritas da aldea, ou unha presa de mozas collidas pola mau, temerosas de perderse.

Distinguíanse os paisanos do Ulla, locindo, as mozas, os cortos refaixos, os bergantiñáns coas cirigolas brancas e o chaleque marelo, os da Barcala cos calzós pardos, e as rumbosas mulleres da Mahía, coas muradanas cheas de abalorios, e os ricos pañolós de Manila, e os mantelos de terciopelo que encadraban os carís, de cuias orellas pinduraban longos aretes.

Alá, por baixo a balconada dos calóndrigos, brilaban os faroíños das rosquilleiras, e estendíanse as filas de mesas cheas de risolio e auga con azucarillo.

As bombas estoupaban, os fogos de bengalas parescían borboretas de colores, as músecas sucedíanse unhas a outras, e as músecas segarían as gaitas, e coas gaitas mezcrábanse as zanfonas, e os violís, os pianos de manubrio, e os berros de —Auga e limón— e os cantares dos cegos, e o dálle-dálle do pandeiro, e o riscar das panderetas, e o tintilintín dos ferros, e o confuso runrún daquela multitud medio perdida na suma, difulminada a penas coas páledas craridades, e por riba da cal zumbaban molestonas, axordantes como ecos dunha pesadilla, as campás da Catedral que chamaban a xente entre o estoupar das bombas e o lostregar dos foguetes.

II

Na sala de Santa Rosa, a mau direita, preto da balconada que corre pola fachada do gran Hospital, está na cama, enferma, moribunda, a Sabela.

Deitada costa arriba, cos ollos fixos no teito, a respiración fatigosa, sentía que a morte chegaba, que o frío da focha íballe xiando os pés e rubindo pouco a pouco.

Quería rezar, pero o delor non a deixaba, as angustias dos fillos orfos, varríanlle o pensamento, e, ó recordalos, nubrábanselle os ollos con bágoas, e a realidá do presente estremecíaa de terror.

Víase soila, lexos das persoas amadas, da terra onde foi nada, e sabía que ó morrer, non tendría naide á súa beira pra chorar por ela.

Recordaba a súa casiña aló nas terras ourensás, no pobo de Santa Mariña, e dibuxábaa na mente como si a estivese vendo.

A porta, sombrizada pola parra, formada por unha cepa soila prantada por seus avós, e tan grosa como un home, baixo da cal se adormentaban nas noites de vran, e a cuia soma choutaban as creanciñas, mentras ela na couceira, pelaba as mariñas pro xantar.

Despois, en frente, as casas do pobo, todas cimentadas riba os penedos, pra aproveitar o terreo pra os froitos, e entre as rendixelas con terra carreada, agatuñaban as cepas, verdexaban as berzas, ou movíase ondulante o centeo, únecos froitos daquel país, tan pobre, que todos vivían dos xornales.

Pero, pola noite, ó tornar os homes, soaban polas congostras os cantares; as mozas das alugas tocaban os pandeiros, e, dun punto a outro, alegrábase o pobo, deserto polo día, pois solo quedaban os vellos cangados ou as mulleres con moitos fillos.

E ela, ela, que fora a moza máis fermosa, a que tivo máis parrafeos á porta, lembrábase do seu mozo, do mozo máis fantaseoso que campaba nas romaxes, e co cal se casara e co cal vivira feliz durante us anos.

Xa tiñan cinco fillos, cinco carrabouxos que cabían baixo un cesto, e os dous, home e muller, traballando como negros, aforrando has-

ta o último ichavo, desempeñaron os bes alcanzados pra lle pagar ó crego e ó médico durante a enfermedá do pai, e comenzaban a faguer algús aforros.

Despois, o martirio lento, croel, cuio desenlace se aprouximaba.

Sin saber de qué, enfermou: o médico do pobo recetoulle boticas caras, e os aforros acabáronse, e pediuse prestado, e os rédetos e o capital botáronse enriba e vendéronse os bes.

E a enfermedá seguía, e non houbo máis remedio que acudir ó hospital.

Pero alí non podían operala, e había que ir a Santiago.

E comenzou a vida horribre daquel que sinte escapárselle a vida, e en vez de ausilio, atopouse con indiferencias e criminaes formulismos.

Pra ir a Santiago, tiña que dispoñelo a Diputación, pero os Diputados, que están prestos cando se trata de axenciar votos, pra prometer montes e moreas, recúan pra cumprir cos seus deberes.

E había que buscar amigos, que infruísen, pero os tales amigos costaban os cartos, e os días pasábanse nos claustros da Diputación, perdendo de ganar, e o médico non quería informar, por mor de que os médicos de Santiago non se risen, e en tanto, a enfermedá progresaba e a miseria era máis grande.

Por fin, despois dus meses, poido marchar, soila, porque non había cartos pra que o marido a acompañase, e dispediuse dos fillos e de todo canto hasta entonces constituíra a súa vida.

E por úneco consolo, topouse con que, despois dunha operación, lle dixeron que era tarde, que debía vir moito antes, esto é, cando ela o pretendera.

E ó pensar que deixaba abandonados ós filliños, cavilaba si Dios non faría responsable da súa morte a aquel médico e aqueles Diputados que tiveron a culpa.

E en vez daquel ceo alto, daquel sol ardente, daquel buligar de frores, da súa terra, néboas promizas, aire empapado de chuvia, vexetación sin brilo e sin color, como os alciprestes dun cimiterio.

Despois, aquela caridá que costa a perda do pudor, aquela cama do

hospital, pola cal hai que deixar profanar ante unha turba de mozotes, os sacretos máis queridos dun corpo de muller, e verse desnuda, servindo de modelo, deixando apalpar por todos aqueles descoñocidos que gargulan risotadas, sin respetos ó delor e á miseria.
E máis tarde, aquel corpo, ir ó anfiteatro, ser posto en pedazos, servir pra que us cantos nenos ceiben a curiosidá en ver o que o nacente vicio lle fai desear, e ir as partículas do seu corpo e da súa sangue a xuntarse na cañería das inmundicias.
Todo esto que se contaban us enfermos a outros, víñalle á recordancia na hora suprema, e trataba de ocultar a rábea, soloucando baixo as almohadas e sentindo con terror que nacía algo dentro da alma que lle faguía dudar dese Dios, a quen chaman xusto e misericordioso.

III

As mismas irmás da Caridá parecían contaxiadas; corrían dun lado pra o outro, deixaban as portas abertas, e hasta as vidreiras da balconada estaban de par en par, sin que naide se coidase do aire, que podía faguer daño ós enfermos.
Entraban grupos de señoritas, parrafeando cos noivios, sin xiquera dirixir unha ollada pros leitos, nalgunhos dos cales soaban estertores de agonía medio apagados polo rebulicio.
Os enfermos que inda tiñan forza, asomáranse tamén, e a sala, cuasemente soila, causaba medo.
Da praza, rubían oleadas de barullo, confuso, indefinibre; oíanse as gaitas, axordaban as músecas, e atopaban eco ó estoupar das bombas.
Ó escomenzo, alritárase; parecía unha bulra que baixo os balcós donde tantos agonizaban, viñeran a divertirse, como si na cibdá non houbera sitio dabondo.

Parecíalle unha bulra dos felices, aquel insulto en que non se respetaba o delor dos pobres, e ó sentir o estrondar das bombas que lle abrían a cabeza, queixábase doída, cal si quixera protestar daquel abuso intolerabre.
Despois, foise calmando, e a curiosidá venceuna.
Vía a gran praza ilumiada, os corros dos bailadores, os faroliños das ilumiaciós, escoitaba as gaitas que lle recordaban as romaxes do seu país, ouvía os cantares das patrullas que lembraban as cántigas das lagaradas, e os grobos que rubían, figurábanselle estreliñas que baixaban a buscala pro ceo.

IV

Ó brilar dos foguetes, ilumiábase a gran praza, e sobre un fondo de terciopelo violeta craveteado de ouro, destacábanse as altas torres da basílica.
Ó estoupar dos foguetes, estrelas verdes, azúes, roxas, esvarando polas filigranas, rebotando nos capiteles cal chispear da gran cruz que na cima, preto do pararraios, estende seus brazos sobre a cibdá.
E rubían, rubían os fogos, xa brilando con ramallo de chispiñas, xa cobreando cal lampos, xa perdéndose cal estrelas errantes, ou caíndo en grandes bágoas, bágoas de fósforo que ilumeaban como si fose de día.
Entón distinguía a enferma os grupos de beiladores, as parexas dos noivios, os postos das fruteiras, e as ringoleiras de cadeiras, e por enriba daquel enxame de xente, as balconadas da Catedral donde vermelleaban os ropós dos nenos de coro, e as do Consistorio, donde buligaban os chispazos de diamantes e a rousadez da carne, e o crarexar dos traxes, como notas frescas, primaveirales, naquelas somas que loitaban coas luces artificiales, e aquelas espigas de cariñas rosadas, riseiras, que se amontoaban como sarta de perlas.

Notas primaveirales que lle recordaban con fixeza aqueles prados húmedos da súa terra, e os regatos espumosos, e o monte, o monte sin arbres, cuberto de uces en frol, e de amarelos toxos.
E íbase acabando, acabando, cal unha luz que lle falta mecha.
Perdían seus ollos o brilo, seu curazón detíñase, o corpo enfriábase, e os beizos cuase non podían balbucear un Padrenuestro.
De súpeto, feixes de luces esprendentes, deslumbradoras, luces de todos os cores, esprosión de chispas rebuldadoras, entre axordante ruído, a fixo estremecer.
Dixérase que o ceo se incendiaba, que a gran basílica ardía, e que do Pórtico da Gloria saían feixucos de brilantes destellos.
Era a gran portada, que puña remate ó folión; roda xigantesca, cal sol con regueiros de estrelas por raiolas, ilumeaba todo como en pleno día, e ela, a enferma, na hora suprema, naquela en que lle pedía a Dios perdón dos seus pecados, pensou que Dios, como recompensa ós seus martirios, á súa vida honrada, ó seu dolor por sentirse morrer lonxe dos seus, pobre, esquecida, lle ofrecía en recompensa a vida eterna, e llo anunciaba co aqueles resprandores, como folión da gran festa que fan os anxeliños cando entra un alma no ceo, e morreu sonriente, bañada a cara de resprandores divinos, e pedindo perdón prós causantes da súa morte.[1]

[1] Pecha o volume o conto titulado "O emigrado", recollido anos máis tarde en *Beira do lar*.

Beira do Lar[1]

(Cuentos gallegos)

(1901)

[1] Seguimo-la edición de 1901: *Veira do lar (Cuentos galegos)*, Santiago: Casa Editorial José Gali Camps, 1901. Incluímos aqueles relatos pertencentes a *Contos, leendas e tradicións* e *Contos da terriña* que foron recollidos neste volume. Ademais reproducímo-lo prólogo en castelán, asinado polos editores, e a dedicatoria do autor "A un predilecto amigo", asinada na Ermida de Sta. Marina en 1902. Sábese, ademais, que o libro non estivo á venda ata o ano 1903. Como sinala Modesto Hermida (*op. cit.*, p. 129), estas circunstancias indican tanto dificultades para a súa publicación, coma un amplo período de xestación do libro. Nel atópanse, ademais dos contos, catro poemas narrativos, que tamén corresponden a unha escrita anterior no tempo, que non reproducimos nesta edición: "Leria... leria", "A vendima", "O cruceiro da Serra" e "¡Asús!".

AL LECTOR

Al publicar los cuentos en gallego del notable escritor Sr. Pérez Placer, creemos hacer un favor a los amantes de Galicia y llenar los deseos de los que ansiando leer los populares cuentos de este autor, no pueden hacerlo por haberse agotado las ediciones anteriores.

Muy joven aún el Sr. Placer, su nombre ya es, popularísimo en Galicia y ventajosamente conocido, fuera de ella.

Pero concretándonos a la prosa gallega y en especial a los cuentos o narraciones cortas, puede decirse que por hoy ocupa el primer lugar, lugar que la prensa de todos los matices y aún sus más encarnizados enemigos no han podido regatearle.

Su novela *Predicción* de costumbres, en prosa gallega, premiada en el cértamen organizado en Betanzos y publicada en el *Marcos da Portela*, es una de las primeras o la primera quizás de alguna importancia publicada en Gallego.

No es esta obra una gran cosa, pues adolece, de los defectos propios de la poca edad que tenía cuando fue escrita, pero ya se adivina en ella la narración brillante, exacta, hermosísima, que distinguen las obras de este autor.

En el mismo *Marcos da Portela*, comenzó con el "Pozo da Sila", la primera serie de cuentos que más tarde el inspirado poeta D. Valentín Lamas Carvajal publicó coleccionados con el título de *Contos, lendas e tradiciós*.

No acostumbrados en Galicia al género naturalista, respecto al fondo, ni al modo de hacer modernista, en cuanto a la forma, no pudo por menos que causar extrañeza las crudezas de que adolecen algunos de los cuentos de esta primera época, defecto disculpable

si se tiene en cuenta la poca edad que entonces tenía el escritor y el auge en que entonces estaba el género importado de la nación vecina donde Flaubert y Zola estaban en su apogeo.

De todos modos, gracias a él, rompiose el antiguo molde, sosaino y necio, donde no se daba de mano el repugnante asunto de *enchentas y lacoadas*, cuando no la eterna lamentación sobre imaginarias inquinas y desgracias que creen algunos vates melenudos pesar sobre Galicia o la emigración a la *celtomanía*, y la prosa gallega siguió los caminos que en todos los pueblos cultos sigue el idioma nacional.

De este libro son los dos preciosos cuentos "Fillo" modelo de ternura maternal, fotografía exacta de un corazón de madre, que solo podía escribirlo un corazón de sentimiento delicadísimo y "Rillote" el cuento más popular que hoy por hoy hay en Galicia, publicado por casi todos los periódicos, promovedor de polémicas y discusiones, y que puede decirse constituye el más hermoso modelo de prosa gallega.

Entre los muchísimos artículos que sobre este libro se han escrito, únicamente copiaremos lo que de él decía la revista *Galicia*[2], no solo por su poca extensión sino porque entonces esta revista era el periódico literario más importante de la región y el autor del juicio el notable escritor y periodista gallego D. Eladio Rodríguez González, redactor de *El Noroeste*.

> "Si hubiese necesidad de juzgar en pocas frases *Contos, leendas e tradiciós*, bastaría con decir que es una obra excelente, acreedora a los mayores elogios y digna de toda clase de alabanzas.

[2] Año I, núm. 2. (Nota dos editores)

¡Que es algo naturalista!... dirán, asombradas de la anterior afirmacion, algunas almas cándidas. ¿Y qué? Pues si no fuese así, dejaría de ser obra gallega, y hay que convenir en que lo es por los cuatro costados.

El naturalismo dé Pérez Placer, no es el naturalismo que degenera en porquería y hace apartar del papel la vista con repugnancia aún a las personas menos timoratas: es el naturalismo de la realidad. En las páginas de *Contos, leendas e tradiciós* todo es real, todo es ingenuo, todo es positivo, todo es verídico, y por consiguiente, todo es natural, *todo es gallego.*

¿Hacen falta pruebas? Pues fijaos en ese *Ánxelo* de "Corpo sin alma", y decidme, en conciencia, si no tiene razón sobradísima el autor, para decir al final de esa primorosa historia, llena de verdad y de vida, que existen como *Ánxelo* muchos hombres en el mundo.

De corte original, como no se ha visto aún ninguno en gallego, es el juguetito titulado "¡Fillo!..." Ligero, bien escrito y mejor pensado, puede llamarse una verdadera preciosidad. Oid a esa pobre madre, que pasa la noche en vela, mientras el hijo, a quien espera, llena de sobresaltos, anda de *riola* hasta el alba:

No... ya no puedo aguantar más: quiero esperarlo para llamarle cuantas hay... *gandaineiro*, saber que su madre no descansa mientras no le ve en casa, y él, a lo mejor, metido... ¡Dios sabe donde! Nada, nada, así que venga, hay que leerle la *cartilla*..... no, pues.... ¡vaya que no faltaba más!... ha de saber quién es su madre... se hace preciso cantarle las del barquero... ¡Pensar que a tales horas estará en la taberna!... No, esto no lleva traza... ¡Si aún es poco, cuando venga, retorcerle el pescuezo como a una gallina!... Ya sube... ya llega... dejadlo entrar...

Y la tía Marica, al ver a su hijo tambaleándose con la borrachera, con la ropa toda sucia, y llena de lodo de las *congostras*, quiere llamarle mil y una, y con el entrecejo fruncido,

discurriendo el insulto más grande, la ofensa más atroz, el mayor escarnio, la injuria peor, el *alcume* más bajo, echa a su hijo los brazos al cuello y ahogada por las lágrimas exclama: *¡Fillo... meu fillo!...*

Esta tiernísima conclusión inesperada, en la cual va envuelto todo un mundo de cariños y toda una serie de reconvenciones, encanta por su naturalidad y sencillez.

Tal vez haya quien encuentre algo atrevido el juguete titulado "Cóxegas".

Será todo lo que se quiera, pero puede asegurarse que el contenido de esas dos docenas de líneas en prosa es real en todo. ¿Qué la moza, al decir lo que dice, demuestra perversión moral? No hay semejante cosa. Lo que demuestra con esa ingenuidad es su inocencia y su candor; candor e inocencia campestres que, si en las aldeas pasa como moneda corriente de buena ley, en las ciudades pudieran ser motivo de escándalo o, cuando menos, causa de asombro. Quitad a la vida campesina su inocencia y habréisla despojado de lo que constituye su mayor atractivo y su mayor encanto.

En el libro de Pérez Placer todo es gallego: el lenguaje, los asuntos, el corte, la factura, todo.

"Farruco" es un cuentecito muy ingenioso y muy bien hecho, aun con lo que tiene de inverosímil y todo; "¡Ourensiño, meu Ourense!", un canto que el autor dedica al nido de sus amores, a la ciudad bendita que arrulla el Miño y riega el Barbaña, y "¡Rillote!" tiene mucho más que lo necesario para ser considerado como una narración fresca, hermosa, notable por todos conceptos. Aquel encuentro de Bastiana con el *rapazote* que, descalzos los pies y la cabeza descubierta, baja por la *rúa* de las Huertas, de Compostela, cantando entretenido y sin fijarse en la *rapariga* que le acecha; aquella naturalísima escena entre el pillabán del muchacho y las lavanderas del río de los Sapos; aquellas peripecias que les suceden a los dos granujas cuando, ya en el pinar del monte,

comienzan la caza de los grillos; aquel disputar de uno y otra por cosas insignificantes, todo está tan magistralmente escrito y tan realmente expresado que "¡Rillote!" puede tomarse como modelo de narraciones gallegas.

Y no cito más trabajos porque, si quisiese citar los que son buenos, veríame obligado a citar todos los que el libro contiene.

En cuanto al conjunto de *Contos, leendas e tradiciós* hay que decir sin rebozos que es notable. Y lo que es aún más extraño, obsérvase que el estilo está tan adaptado a las circunstancias de la narración, que ya no puede pedirse más.

La nota alegre mézclase con la apasionada; el humorismo confúndese con la ternura: la socarronería únese a la humildad; la astucia y la malicia enlázanse con la simpleza y con la mansedumbre; al lado de lo tosco lo ideal; junto a la picardía la inocencia, y a lo que dignifica y enaltece sigue lo que rebaja y desprestigia.

¿Habrase visto nunca más armoniosa variedad?

Bajarse a recoger el fango y el lodo del vicio, y, luego con arte y con maña, separar lo que mancha de lo que da brillo, y encumbrar hasta el pináculo de la sublimidad lo que engrandece y eleva, sepultando en los abismos de la degradación lo que envilece y deshonra, dígase lo que se quiera, lejos de constituir un acto censurable, es una obra meritoria.

Por eso merece plácemes entusiastas el Sr. Pérez Placer, de quien, por lo mismo que vale, hay que esperar mucho.

Hasta ahora podíamos decir que contábamos con buenos poetas: hoy hay motivo para afirmar que tenemos también excelentes prosistas.

Que no se duerma el señor Pérez Placer sobre sus laureles, es lo que debemos pedir los que presumimos de amantes de Galicia".

II

La segunda época de los cuentos la inicia con la publicación de *Contos da Terriña* editada por D. Andrés Martínez Salazar.

El estilo es más brillante, más limpio, más modernista, los brochazos naturalistas más artísticos, se aparta el autor instintivamente del modo de hacer de Zola y se acerca a Daudet.

La prensa de todos los matices acogió esta obra con aplausos y el notable crítico D. Antonio Sánchez Pérez en el *Nuevo Régimen*, lo mismo que la *Revista Contemporánea*, se ocuparon con grandes elogios del libro en cuestión, elogios que no le escatimaron en ningún periódico.

Como muestra reproducimos un artículo del distinguido escritor Sr. Valcarce Ocampo y otro gallego del novelista y cuentista gallego Sr. Álvarez Novo[3], únicos que en este momento tenemos a mano.

> "Mi simpático amigo, el distinguido escritor, y editor de la *Biblioteca gallega*, D. Andrés Martínez Salazar, con su cortés galantería que le distingue, me ha honrado con un ejemplar del último volumen de dicha *Biblioteca*, que en nada desdice de los 37 volúmenes anteriores, y que supera a muchos de ellos, titulado *Contos da terriña* y debido a la hermosa pluma del joven escritor orensano Heraclio Pérez Placer, muy ventajosamente conocido en la literatura gallega en la que ocupa honroso puesto entre la juventud literaria de mi tierra

[3] Refírense a Francisco Álvarez Nóvoa

Contos da terriña, como ya el título indica, es una preciosa colección de cuentos escritos muy galanamente en nuestro hermosísimo idioma regional: cuentos, muchos de ellos escritos con gracejo, sal y donaire, otros con cierta *filosofía parda*, y otros con la nota trágica y conmovedora del drama, y todos ellos con ese lenguaje encantado, con esa música suavísima de que está impregnado el dulcisímo idioma que se habla en nuestras poéticas montañas.

Yo, que he pasado mis mejores años en la aldea, yo que sentí, como Heraclio Pérez, *o espertar* de los sueños infantiles al borde del límpido arroyuelo, festoneado de *ameneiros* y entre el aroma embriagador de la madreselva y la *arrecendente* violeta; yo, que escuché millares y millares de veces *o bambear dos piñeirales*, con ese rumor cadencioso, arrobador, inimitable para toda otra clase de música; yo, que he visto mil y mil veces *rielar* la luna en las solitarias playas de mi aldea; yo, que, en fin, casi ya hombre, tuve que abandonar las hermosísimas campiñas que rodeaban mi pobre hogar, para buscar en el mar turbulento de una azarosa vida, lo que la fortuna me negó en la patria amada, dejando con la más honrada amargura, y ¡ay! para siempre, aquel cielo bajo el cual se erguía esbelto el poético campanario de mi adorada aldea yo, repito, he sentido allá en lo más hondo, en lo más sensible de mi alma, goces inefables que traían a mi abatida mente dulces recuerdos de una felicidad perdida, leyendo las lindísimas descripciones que contienen los *Contos da terriña*.

Porque, Heraclio Pérez Placer ha escrito sus cuentos mágicos, poéticos, arrobadores, mojando la pluma en oleadas de sentimiento, y dejando, al trazar las letras, brillante *estela* de luz de alborada y fragancias embriagadoras.

"Amor de fadas", "Flor de liño", "O espertar", "Ensono", "A festa das fadas", "Follas secas", "Avelaíñas", y "Rapañota de xasmís", son cuentos sentidísimos, cuyas páginas rebosan poesía: son torrentes desbordados de aromas, luz y colores,

que embriagan, son manojo de fragrantes flores cuya frescura y lozanía incitan.

Y como cuentos alegres, vivos, de un gracejo inimitable, *churrusqueiros*, como se diría en el lenguaje en que están escritos, nada mejor que los titulados: "Solfa", "A bo zorro, mellor can", "¡Mintirán!", "O xeneral", "O demo con uniforme", "Pau de corno" y "A outro can con ese óso".

Otros pertenecen al género trágico, tales como "Chinita", "A riada", "O violín encantado", "¡Suicida!" y "Os dous foliós", en los que la sublimidad de la amarga desgracia se pinta con soberbios colores.

Quizás no falte quien crea, al leer estas líneas trazadas rápidamente, que los justos elogios en ellas escritos, son lisonjas de amigo, y nada tan inexacto.

¿Es que no contiene defectos el libro del Sr. Placer? Sí, los tiene; pero ante las bellezas que encierra, hablar de sus defectos fuera puerilidad ridícula, y respecto a lo de lisonjas de amigo, bastará decir que no conozco personalmente al autor de *Contos da terriña*.

Pero, esto no impide el que, si tengo alguna vez el honor de tratarle, estreche su mano con verdadero entusiasmo, saludándole con la más franca y cordial enhorabuena"

* * * *

"Tempo faguía xa que a *Biblioteca gallega* non nos daba un libro no idioma rexional, é menos inda en prosa, como seu último tomo, debido á pruma do noso querido amigo Heraclio P. Placer.

Parescía que dalgún tempo pra acá propuxéranse os escritores non faguer nada que á prosa gallega cheirase, cando escomenzaron os pródicos a pubrica-la noticia de que o señor Salazar, que tanto ten feito por Galicia, pedira un libro de contos, en prosa gallega, a un dos escritores rexionales que

máis xustamente teñen asentado súa fama e escrarecido seu nome.

A sona que Pérez Placer adiquirira como partidario do naturalismo, escola que tantas polémicas lle ten custado, movía máis curiosidá de todos, e cando o libro saíu das máquinas, pódese decir que foi examinado pola crítica apasionada con prexuicios que, por fortuna, non tiveron base; o último libro de Pérez Placer é o máis correcto que saíu da súa pruma; os brochazos naturalistas de que non prescindiu teñen a misma fermosura de sempre, pro soupo darlles tal xeito que non hai nin unha frase que non sexa atildada, de gusto artístico.

Sempre fumos de opinión de que o autor de *Contos da terriña*, é o poeta delicado por escelencia, o que escribiu "¡Fillo...!", e "Ánxelo", "Romanticismo", e "Ó pé do Barbaña", e seu último (sic) ven a confirmar esta opinión de dil tiñamos.

Contos, millor dito, descripciós de tan formoso coorido e tan grande delicadeza como "Amor de fadas", que adica á súa irmá Sofía; narraciós tan cheas de tenrura como "O señor capitán", "Velliña... miña velliña" que adica á súa nai, seu inorvidabre amor; filigranas donde os máis delicados pensamentos engárranse en sinxelas espresións como en "Pitirroxos"; fantasías como "O violín encantado" de poderosa imaxinativa; saudades como as de "O emigrado", e, finalmente tan brilantes descriuciós cheas de vida, de coor, de exuberancia de pensamentos e imáxenes como "Os dous folios"; quen asina escribe, repetimos, non pode menos de ser o poeta das delicadezas, soilo pode ser o autor de "¡Fillo!", aqueles catro renglós que gardan un subrime poema.

Apeas si se atopa en todo libro unha páxina que non teña unha nota de color maxistralmente tocada, sinxela, brilante, porque Pérez Placer foi sempre o que despois de iniciar a escola, levou enxergada a bandeira donde tantos nos acolli-

mos, donde acoubaron tódolos que queren dar ós seus escritos a palpitante fermosura, as docísimas soavidades que a imaxinación rouba á Natureza pra dempois faguer do seu coorido regueiro de lumiosas imaxes que frotan na descriución como regueiro de recendentes frores e lumínicas irisaciós.

Non é todo literatura en *Contos da terriña*: ten a máis, relaciós cheas de marrulleira graxería, verdadeiros estudios dos nosos labregos, do seu modo de ser, das súas retranqueiras; re1aciós cheas de sencillés e gracia, como feitas por quen gusta de estudiar súas costumes e seu idioma antes de collelos tipos e paisaxes que han de compor seu escrito.

Vede si non "¡Mintirán!", "A pillo, pillo e medio", "A bo zorro millor can", —o máis acabado modelo de contos populares— "Pau de corno" e outros con que non parescen se non contados beira do pote nas noites de invernía na estrombada chouza de calquera aldea.

Como faguendo contraste con estas descripciós de sinxelas costumes, pon á beira contos como "Cereixas" cheos de pasionales tonos, amores de rapaces que pinta cos coores tenros de quen inda non esquenceu o primer día de amor de neno; ten "Borrolito", cheo de orixinalidá, de tristísimas queixas, como si envolvese algunha historia real aquela escena que fai rebuldar as bágoas: cicais a historia daquel "certo amigo" a quen o adica; ten "Ensono", "A festa das fadas" pra mais tenruras; ten "O magosto", "Chinita" y "O xeneral" cheos de lembranzas de neno, da edá dichosa, cando inda non se escribe porque non se sinte, pero se grava pra relembrar despois, súas dozuras, cando a ialma xa non ten bágoas e pra verter unha é preciso volver ó pasado, ó tempo en que se din podía chorar, ós tempos en que inda non se amara nin á ialma estaba máis fría e máis negra que o anxeliño aquel morto abrasado en "O magosto".

Alí ten pras súas tristezas non durmidas "Follas secas" e "Avelaíñas", pra seus amores ás nais "A riada", ós seus amigos ausentes "O emigrado", pra súa ialma "¡Velliña... miña velliña!".

Adica o libro enteiro á súa esposa, e nel puxo todos seus quereres e todos seus sentimentos; nel pulsa tódalas cordas do seu curazón que vibran melancónecas ou legres como tañidas por santos amores.

Non somos nosoutros quenes podemos decir si o libro é bo: pro aí está a prensa rexional unánime en xuzgalo, en non avariciarlle eloxios e non ter pra il a máis pequena censura e esa unanimidá estrana no estado actual do prodismo gallego, algo quer decir.

A opinion está feita, e nosoutros, os máis modestos prodistas, pro tamén os máis amantes da boa literatura, mandamos ó noso amigo unha cariñosa aperta polo triunfo conseguido e un aprauso máis que o desperte dos seus característicos abandonos e as súas soñadoras vaguedades na terra do Apóstol".

III

Poco más tenemos que añadir.

Con motivo de la publicación de la última obra del Sr. Placer, *Belial*, decía una importante revista madrileña[4] que se adivinaba en el autor el creador de una escuela honda y trascendental.

Y aunque no son estos cuentos obra de empeño y pertenecen en su mayoría a la edad estudiantil del autor, en ellos se adivina lo mucho que promete en obras más serias, sin que por ahora, en su género, tenga rival.

---

[4] *Instautáneas* (Nota dos editores).

De los libros publicados hemos escogido los cuentos que nos parecieron mejores y entre ellos intercalamos algunos inéditos.

Merecen entre estos especial mención "A Lira de Bregoán", sátira acerba de sutilísima ironía, contra la monomanía céltica que padecen algunos autores gallegos.

"Xuicio de faltas" es una copia fidelísima de las disputas de nuestras Maruxas de los barrios bajos y "Buscando fío", aunque algo atrevido, es un modelo de gracia y ocurrentísimo.

"A pior cuña" y "A cocada" son dos cuentos que cada uno en su estilo constituyen un modelo inimitable.

Para terminar diremos cuatro palabras sobre el autor, para conocimiento de los lectores de fuera de Galicia.

Heraclio Pérez Placer nació en Orense el 69; hijo de una familia de las más distinguidas y acomodadas de dicho pueblo no tuvo ninguna de esas privaciones que suelen ser patrimonio de los que escriben.

Siendo muy niño, alumno del Colegio politécnico de Ávila por el 82 dio al público sus primeras poesías y al año siguiente en Toledo comenzó a publicar sus primeros trabajos periodísticos.

Al terminar el Bachillerato en Orense, comenzó a colaborar con asiduidad en el *Marcos da Portela* con los primeros cuentos en gallego.

En el certamen celebrado el 87 con motivo del centenario celebrado en honor del P. Feijóo llevó un premio por una colección de cantares y desde entonces en libros y periódicos puede decirse

que no cesó un instante de escribir no solo de literatura y política sino sobre cuestiones agrícolas en que es muy entendido.

Recordamos entre los trabajos de este género uno sobre el libre cultivo del tabaco en Galicia reproducido por toda la prensa y que fue el primero publicado sobre tan importante cuestión.

Colaboró en la mayoría de los periódicos gallegos y en muchos de afuera.

Fue redactor de *Las cartas Zorrillistas*, de Madrid, *El. Derecho*, de Orense, *Gaceta de Galicia*, *Ciclón*, *Consecuente*, de Málaga, *Estrella Galaica*, *El Ideal, El Horizonte*, *Arte*, etc.

Fundó y dirigió el *Diario de Orense*, *Biblioteca Verde y Rosa, La Avispa, El Domingo*, *Las Burgas* y otros.

Publicó *Contos, leendas e tradiciós*, *Morir amando*, *Cantares premiados*, *Apuntes*, *Grata Lembranza*, *A vendimia*, *Predicción*, *Narraciones Compostelanas*, *O Fillo dos Tronos*, *Bodas de Morte*, *Guindillas*, *Contos da terriña*, *Belial* y tiene en la actualidad varias obras en prensa, entre ellas *A vinculeira*, novela en prosa gallega.

Tal es a la ligera el autor de los cuentos que hoy publicamos creyendo prestar un servicio a los amantes de Galicia.

Y conque hayamos acertado, nos consideramos completamente pagados y satisfechos.

LOS EDITORES[5].

[5] Ó rematar este prólogo inclúese unha folla que contén un retrato de Heraclio Pérez Placer.

DEDICATORIA

A un predilecto amigo
porque a través del tiempo y del espacio
el recuerdo es el beso de las almas.

ALGUERO PENEDO.

Forjando ensueños y quimeras que nuestras almas juveniles y de poetas se complacían en forjar en aquella puesta de sol expléndida.

Sentados orilla la poética ermita de Santa Marina, contemplando a nuestros pies el melancólico paisaje por donde el Sar resbala quejumbroso, lamiendo las barriadas de la monástica ciudad.

Sintiendo encima de nosotros las hojas de los robles centenarios que rodean la ermita y que al ser mecidos, por la brisa murmuraban dulcemente, empapados, por así decirlo, de las nostálgicas saudades, *que del campo, del cielo, de la fuentecilla cercana, de la naturaleza entera, se desprendía, y sumidos en vaguedades de felicidad perfecta con que nuestra pura, sincera, profunda amistad, nos envolvía, que no en balde es la amistad el perfume del corazón, nos quedamos embebidos anegando nuestra alma en aquella belleza ilimitada de nuestra madre Galicia y en aquella poesía que por todas partes nos rodeaba como grato homenaje a nuestros corazones.*

Allí te prometí dedicarte un libro y no encuentro ninguno más apropósito que este, que habla de nuestra tierra de Galicia, de nuestros paisajes floridos, de nuestras costumbres campesinas y de todo cuanto vibra, alienta, y constituye el alma gallega de tal cual tú y yo formamos parte.

Todo pasa en el mundo, no hay manantial que no se agote, fuego que no se extinga, cariño que no se entibie.

Nuestra amistad seguirá la ley eterna, por eso quiero dedicarte este libro para que cuando lejos el uno del otro, lejos de cuerpo y de alma, al hojear estas páginas renazcan los recuerdos de esta edad dichosa en que en plena Naturaleza, al pie de la Virgen que simboliza lo eterno, nos jurábamos amistad eterna.

Tú te asombrabas de verme sonreír con escepticismo, y yo sonreía, porque más experimentado que tú, sé lo que vale la palabra eternidad en cuestión de afectos...

Pero, no pensemos en el porvenir... el campo que nos rodea es bello, el sol acaba de ponerse, la fuente, murmura lánguidamente, y en medio de esta soledad augusta, nuestras almas juveniles sueñan, dejémoslas soñar... cuando la realidad nos despierte siempre quedará el recuerdo.

¡Y el recuerdo es lo único ciertamente eterno!

23 de Febrero de 1902.
12 de Mayo de 1902.

Ermita de Sta. Marina

¡RILLOTE!...[1]

I

Cos pés descalzos, sin chapeu na cabeza, e sin máis roupa que unha camisa merdenta e sin botós e os pantalós con tanta porta que cuase quedaba o fecho ó aire e sin cuase médea perna dun lado e outro tanto da outra; baixaba pola rúa das Hortas un rapazote de catorce a quince anos berrando a non poder máis aquela tan coñocida cantiga de

Leváche-los azoutes
leváchelos no... etc.

e tan entretido iba que non arreparou nunha meniña asina sobre pouco máis ou menos da súa edá e do seu hábeto, que saíndo dun portal foi nos palpexos dos pés tras dil e tapándolle por tras dos ollos berroulle desfigurando a voz — ¿quen son, quen son?...

— Ei... Bastiana...

— A mesma —dixo esta rindo e alargando[2] as maus— estaba agardando a ver si viñas; ¿a donde vas?

— Ós grilos.

---

[1] Este relato pertencente a *Contos, leendas e tradiciós* foi reproducido na revista *As Burgas*, nº 5, 20 de xaneiro de 1895. Ten un precedente noutro conto de Manuel Amor Meilán, publicado en *O Tío Marcos da Portela* (Parrafeo 230, 27 de maio de 1888, pp. 1-2), titulado "Collendo grilos" e dedicado "Ô muy ispirado poeta gallego H. Pérez Placer". Amor Meilán preséntanos a dous rapaces, Chinto e Perucho, coidando o gando. Deciden ir buscar grilos e a escena que ten lugar cando discuten por se é rei ou príncipe é similar á que atopamos en "¡Rillote!..." e moi ben puido servir de inspiración a Heraclio Pérez Placer:

"- A vêlo, ti!
- Mírao
- É un *príncipe.*
- Non tal, oh, qu' é un *rey*. ¡Ti seica non tés ollos, condanado!
- Tes razón, gárdao se non tuxa".

[2] largando *(CLT).*

— Vamos lá —e os dous collidos pola mau baixaron ó estróupela, estróupela pola congostra que vai dar ás casas do Espiño.

Iban coma cabirtos brincando dun lado pra outro, xa collendo madreselva dos valados, remexendo nas silveiras a esculcas de niños, emporcándose a cara co verdín dos coucelos, ou acantazándose un ó outro.

Ó chegar ó río dos Sapos, Bastiana pasou endiante o pontigo pero il quedouse prantificado no medio e medio mirando prás lavandeiras e berrándolle co estirbillo con que os graxos de Santiago fan reloucar ás mulleres cando está xunto un fato delas[3]: — Todas son... todas son... —e ó mesmo tempo tiráballe croios preto[4] delas.

— Mirai[5] o graceoso, como se adivirte —dixo unha.

— Todas son... todas son...

— Divírtete, meu neno, divírtete, que che hei de mercar unha nécora...

— A nécora téñoa eu pra vós...

— Ei... malpocado, ¿e ti que has ter?... Vaite criar primeiro... ¡formiga!...

— Olla, canté... —e pondo a mau na orella botoulles unha copra:

Dis nena que non me queres
porque son home pequeno,
chámame os bois por endiante
e verás se entran ó rego.

— ¿Ti vaste de aí, fame negra? —berraron enrabexadas.

— Todas son... todas son... —e botou a correr pola congostra enriba, na cume da cal estaba Bastiana axexando por detrás dun carballo e que ó velo a il, puxo unha mau na boca pra que non figuese ruído.

---

[3] fan reloucar cando está xunto un fato delas (sic *AB*).

[4] prete *(AB)*.

[5] Mirae *(AB)*.

— ¿Que miras? — perguntou chegando a gustiño[6].

— Olla, un estudiante e unha custureira...

— ¡Que condanidos! como andan ós vorcallós... ei... señorito... que se luxa...

— Fuxe que nos viron.

E corre que te corre metéronse entre os pinabetes.

II

O sol queimaba que era un milagre, deitábanse as margaridas medio muschas, e solo[7] os amarelos toxos parés que se emborrachaban naquela bris de fogo que cuase non deixaba respirar.

Bastiana e o raparigo corrían de eiquí pra alí, xa pitiscando póutegas ou collendo ramallos de manzanilla, xa furgando nos buracos dos grilos, ríndose si lles saía grila ou fuxindo si era dos brancos, carniceiros, e todo esto cun gargular arxentino[8] barulleiro que non lles deixaba acoubar a língoa, cal si foran dous paxaros que tiveran retesía a quen facelo millor e cantar máis.

— Xa topei... xa topei o buraco do que canta —dixo el e afincallando de xinollos escomenzou a furgar coa palla.

Bastiana parada diante dil miraba cureosa.

Primeiro foron saíndo unhos corniños negros, despois a cabeza do grilo e cando xa este iba botar fóra de todo, Bastiana non se poido deter e berrou:

— Príncepe...[9]

---

[6] a modiño *(AB)*.

[7] soilo *(CLT)*.

[8] arxentiño *(AB)*.

[9] ¡Príncepe...! *(AB)*.

— Corno —dixo el ó ver que o grilo se lle metera outra vez drento[10]— demo de alarbio que sempre has de estar diante.

— Boeno, non te anoxes —e medio enrabexada[11] meteuse nun grupo de bidueiros.

O rapaz siguiu furgando coa palla sin faguer caso do sol que lle requentaba as costas, pro o condanido do grilo nin pra xuncras salía[12] e a il metéraselle na cabeza que o había de coller, non faltaba máis, un grilo que cantaba tan ben... e ademais que lle había de dar nos fuciños a Bastiana por dicir que era príncepe... o que era un rei como unha casa... vaia, vaia, si sabería il o que eran grilos... fóra bruxas...

Por fin o grilo volveu asomar polo buraco; pro inda de saír tempo non tivera cando fóra dos bidueiros chimpou Bastiana berrando — arrepara on... ¡asús que bonita estou!...

— ¡Calarás!... soliouta, xa volveu fuxir o grilo... malos lobos te non coman...

A probe Bastiana quedouse como si lle botaran un xarro de auga e medio muscha sentouse preto dil.

III

Topara entre os bidos unhas grinaldas de cabrinfollos e puxérase unha pola cabeza e outra no seo, que o roto xustillo lle deixaba ó descuberto.

¡E en verdá que estaba fermosa!

Con aquelas doas roxas cal anacos de lume riba aquel peito amorenado polos bicos do sol, apreixando aquil carís cuberto por longos cabelos negros, tiña un aspeuto axitanado, raro, atrautivo que

---

[10] dentro *(AB)*.

[11] enrabeada *(AB)*.

[12] saía *(AB)*.

aumentaba máis ó fixarse naquiles ollos escuros e naquiles beizos vermellos que parés loitaban coas doas do cabrinfollo.
Asina estiveron un anaco, ela calada e el furga que te furga.
Desta vez saíu o grilo.

— ¿Ti ves como é rei? —e abrindo a mau ademostroullo.

— É príncepe —e enrabiscada pegoulle unha labazada e aprastoulle o grilo.

— Halo de comer...

Bastiana fuxiu, pro il colleuna pola saia, botoulle a mau á cintura e guindouna no chan.

— Que me esmagas as doas —berraba ela en tanto que tapaba a cara pra que non lla untase co grilo.

— ¿Has volver?

— Non, tira co grilo.

— Xa o tirei, destapa a cara.

Bastiana foi destapando pouquiño a pouco con recelía, e descobriu o rostro máis agrexado que se poide imaxinar.
Il da canchapernas nela tíñaa xuxeta polos ombros contra o chan.
O ramallo de manzanilla e madreselva arrecendía que daba xéneo, o xustillo coa loita desabrochárase de todo e deixaba ver dúas pombas bastante criadiñas que se cofeaban no mesmo niño... o sol quentaba a rabear e o trasgo que sempre se ha de meter onde non o chaman, tróuxolles á chola o recordo da costureira e do estudiante... O pantalón esfarrangallado deixaba ó descuberto o que tampouco ela tiña moi tapado... e... ocasión alcaiota, carne moza en xuntanza, sol que atafega, cheiros que encitan... vaia, vaia, fora un santo pra canto máis...

IV

— Bastiana —dixo el ó sopararse — ¿volves mañán ós grilos conmigo?

— Vai de aí[13], xa non quero máis grilos contigo... ¡rillote!...

[13] de eí *(CLT)*.

¡FILLO!...[1]

I

No, hoxe non pasa asina... eu lle direi cantas son dúas e tres... non faltaba máis senón que namentres ese preguiceiro anda de riola esté súa nai agardando por il... vaia, vaia... no[2], pois eu polas malas, acórdome ben... Mire, esté caladiña tía Rosa, e non volva por quen non o merés... ¿il ten xeito o que socede? non o ten, non señora estar feita unha escrava, decote día e noite pra traguelo a il de señorito e darlle unha carreira e dicir[3] que nin por esas... pois xa sabrá hoxe quen é súa nai...
¿Que me deite? ¿que xa vendrá?... canté, eso é o que il quixera pra vir ás tantas da noite... heino de esperar pra chamarlle cantas hai... e ademais pensa vosté que eu podría dormir sin pechar ollo... quen sabe o que lle pode pasar... gandaineiro, saber que non acoubo mentras non está na casa e el por aí[4] metido ó mellor[5] nunha casa de papaxílgaros... no[6], cada vez que o penso reférveme a sangre[7]... si señora, si, canto máis queremos os fillos é pior... pero hoxe vai saber quen son eu... déixeo vir que lle hei leer[8] a cartilla... esta vida non ten xeito... ou se arripinte, ou que se vaia... si señora, que se vaia... eu pra nada o perciso[9]... xa verá despois si todas esas churrianas que lle chupan os cartos, lle dan o que ten na casa.
¿Arretírase, tía Rosa?... vaiase, si, que xa é hora... moitas gráceas pola compañía... ¿que teña pacencia? xa tendrei, xa que, como dixo o outro, a mal ano boa cara, vaia, boas noites, descansar...

---

[1] Este relato foi publicado inicialmente no volume *Contos, leendas e tradiciós* e reproducido en *La Estrella Galaica*, nº 18, 2 de agosto de 1896.
[2] non *(EG)*.
[3] decir *(CLT)*.
[4] eí *(CLT)*.
[5] millor *(EG)*.
[6] non *(EG)*.
[7] sangue *(CLT)*.
[8] ler *(CLT)*.
[9] preciso *(EG)*.

II

Dios mío, xa pasaron dúas horas e el sin vire... van tocar a ialba... si tería algo... pro que había de ter, o que é que non se lembra da súa nai pra nada... estou morta de sono... voume deitar... pro non, non quero, que agora pétame estar a pé pra lle decir catro verdades... vaia, seica está aí... andan no tarabelo da porta... xa ruben[10] as escaleiras... paráronse...; entran no coarto do lado... non é il... é o marido da Pepa, outro que ben baila...

Xa amañece, sinto pasos na calle, vou ver quen é... ¿quen ha de ser?[11] o callambrú do sobriño do crego... ¡Ei...Xan! ¿viches por aí ó meu fillo?... ¿que dis?... ¿que estaba saíndo da taberna da Vitoriana?... bueno... gráceas[12]... adiós...

Non o dicía... é sabido... cada vez que o penso danme ganas de lle retorcer o pescozo o mesmo que on[13] pito...

Volven andar na porta... agora non me engano é il, xa rube[14]... déixao entrar... vóulle chamar cantas hai... E a tía Marica érguese[15], e direita, co entrecexo engurrado e fixo[16] mirando prá porta, esperando que entrase púxose a discurrir a nomeada pior, o aldraxe máis atroz, o alcume máis baixo. Por fin entrou... borracho, bambeándose prós lados, coa roupa toda emporcada, e aínda tempo non tivera cuasi de entrar[17] cando xa a tía Marica lle botara as maus ó pescozo... e acultando a cabeza no peito dil marmurou, medio afogada polas bágoas: "¡Fillo... meu fillo!..."[18]

---

[10] suben *(EG)*.
[11] ¿quen ha ser? *(CLT) (EG)*.
[12] gracias *(CLT)*.
[13] un *(EG)*.
[14] sube *(EG)*.
[15] ergueuse *(CLT)*.
[16] fixa *(EG)*.
[17] tempo non tivera de entrar *(EG)*.
cuase *(CLT)*.
[18] En *Contos, leendas e tradiciós* consta a data da escrita do conto, 1899.

A PIOR CUÑA...[1]

I

— Xan, Xan, que Pedro chámome eu... o que non te entenda que te merque que na casa do xaboneiro o que non cai resbala..., ¡seica pensan que estou tola pra ir a demandar o mellor avogado do pobo!... ¡ora o demo!... e os meus anos, despois de levar trinta[2] e tantos vendendo louza iba a estar calada vendo como o can daquel futricas me rompe as olas e me bota de perda a vida... si se encomoda que se encomode... fol mollado masa leva... si di que son interesada que o diga, que honra e proveito non caben nun xeito... vaia, vaia, e dempois inda din que son unha mala língoa... que si ando ou deixo de andar en caloteos... e hasta a condarguida da Currasa me canta con sorna aquelo de:

"Cacharreiriña do demo
por causa da túa língoa
tes unha silla no inferno".

ben se me dá a min... cando un non quere dous non rifan... e por tras chámanlle o Rei cornudo... e non hai pior xordo que o que non quere ouvir... que ás veces, a palabras necias ouvidos xordos... e o que se queima ten o rabo de palla...
Pero que non coidasen que ela era unha xoíña pra lle cantar aquelo de:

"Teño unha albardiña feita
feita do meu parecer
pra lle pór a esa burriña
que non sabe responder".

---

[1] Reproducido en *El Eco de* Galicia, de Bos Aires, número 455, 1904 e en *Revista Gallega*, número 537, 1905.
[2] trinia *(RG)*.

Porque cada un sabe donde lle proi, e donde lle apreta o zapato, e si entón se contentou con lle botar de remposta a cantiga aquela de:

"Teño unha albardiña feita
feita de mil perendengues
pra lle pór a esa burra
que non regaña moito os dentes".

non sempre está o forno pra cocer bolos, que o moito soprar alcende o lume.
E en tocante o señor avogado o dono do can, anque a el non se lle poida cantar o que os códeos de:

"Estudeante que estudias
de[3] carquenas tras do lar
cando te hei ver, lareiro,
dar as voltas no altar".

podíanselle en troques cantar as do barqueiro, que nunca chove como trona, nin nunca choveu que non escampase... e xa ela lle buscaría as voltas que pra algo lle había[4] de valer os anos e o ser de donde era, que xa il vería como así que tivera os cartos na man, lle había de decir como os rapaces do seu pobo —Ai, señor; a min, plin que son de Lalín...

---

[3] que *(EG)*.
[4] habían *(EG)*.

II

E en tanto así falaba, a Roñosa, cacharreira, das[5] máis regatonas, cruzou a distancia que había dende a súa casa á do avogado e dempois dun bo anaco de espera, póidose ver diante dil.

— Pois señor —díxolle—, eu véñome a consultar xunto a vosté pois o que a min me pasa non lle pasa a nadie...

— ¿E logo?

— E logo que un meu veciño ten un can, o cal can, non me deixa cacharro[6] sano, e como eu son amiga de falar con razón, e eu sei que vosté é persona de conocemento e honrado e que non me ha de decir unha cousa por outra, veño pra que me aconselle, pois non me atrevo a ir xunto dono[7] do can a que me pague os daños, sin saber si teño direito a pedilo...

— ¿Inda o dudas? vai tranquila que il non ten máis remedio que pagarche...

— ¿E vosté xúrao?

— ¿Eu non hei de xurar? conto rodado.

— Pois señor... moitas gracias... e entón posto que vosté o di, darame catro pesos que importa o daño feito...

— Seica te zangueas[8]... que chos de seu dono...

— Canté... o can que me rompeu a louza é o de vosté...

Rañou o avogado baixo a barba e anque lle daban ganas de rir ó ver a retranca, proíalle o que unha cacharreira se bulrase asina dil, que si ela era gallega en Galicia il nacera e con sorna díxolle:

— Está ben o dito dito e a cada un o seu, a miña palabra non volve atrás; aí tes os catro pesos.

— Moitas gracias, e Dios llo pague...

---

5 dais *(EG)*.

6 un cacharro *(RG)*.

7 xunto ó dono *(RG)*.

8 zanqueas *(EG)*.

— Amén... pero mira, non te vaias sin pagar a consulta... xa ves a cada un o seu como ti dis... dáme pois oito pesos e despois vaite...

— ¡Asús! brandou a[9] Roñosa...

— ¿E logo? ¿ti que pensabas?, hasta que acabes non te gabes, que sempre socede irse o comido polo servido, e mentras o pau vai e vén descansa o lombo, e naide vai ó rio que non se molle, devólveme os catro pesos e quedamos en paz e pra outra vez garda as retrancas pros castellanos que xa sabes que non hai pior cuña que a do mismo pau.

E en tanto a Roñosa saliu bufando, quedou frotando as maus o avogado e decindo: — Vaia, polo visto, pensou que por ser avogado deixei de ser gallego... ¡ora o demo!

---

[9] *é (EG).*

A EMBOCADURA[1]

Anque sabidencia soilo a pode ter quen lle puxo rabo ás cereixas e por moi lido que un home sea nunca poide ver entre o ollo máis que narís, hai unhos que pasan por talentosos namentres outros son unhos pasmós xa por ser así nados ou por que sexan dos que din que prefiren lle chamen burros antes que tolos.

E anque me chamen grolán ou mintireiro eu xuro polos xurares que é certo o que vou contar, e poño por testigo a un crego mui coñocido en Vigo que así que leia esto ha de vir no meu auxilio[2].

Pro deixando andrómenas a un lado, vamos ó conto. O cal conto non é outro, senón que fai anos vivía en Santiago, e pra máis señas na rúa Travesa un códeo, roxo como un becerro[3], e fervellasverzas como unhas castañolas. Non había cousa que el non soupese, oficio que non lle dese a mau, estudio que non lle tirase a idea, e estromento que el non soupese tocar dende o violón á zambomba.

El era pé pra todo, o mesmo pra ir comer os callos ás Crechas que pra cantar un responso de *recorderis* ou axudar a dar unha serenata á noivia dun amigo, unha somanta ó rival ou unha silva ós cagatintas da Quintán.

Pro[4] como donde hai branco hai negro, e si non houbera día non habría noite, e un pesar fai unha alegría, asina tamén, en troques dese estudiante había outro badallocas que si sabía donde tiña a mau direita é porque lle servía pra o que non lle servía a izquierda e eso que non sempre as empregaba en servir a Dios antes máis ben ó demo e máis anamigos da ialma.

Pro asina coma ás veces a un burro se lle antoxa ser cabalo asina a il por aquelo de que o que un home fai outro o pode faguer, metéuselle na cachola que había de tocar a guitarra e meu dito meu feito: inda ben non se lle ocurriu cando se puxo a pensar no maiestro, por-

---

[1] Publicado en *As Burgas*, número 3, 1895 e en *Revista Gallega*, número 557, 1905.

[2] ausilio *(AB)*.

[3] roxo como o ouro *(AB)*.

[4] Pero *(AB)*.

que é ben certo que unha idea saca outra como pasa coas cereixas. E inda ben non se puxo a pensar e rudo se lembrou do seu amigo o sabiondo e púxose nun *laus Deo* na súa casa.

Estaba este suando[5] co Cacopardo e ó ver entrar pola porta ó máis estoa que xamais conocera púxose a escismar con que parvería vendría, pro nunca, nin en sonos pensou xamais que poidese haber un home que lle viñese perguntar o que estaba ouvindo.

Así foi, que entre pasmado e riseiro volveuse a el e díxolle:

— ¿Con que ti vés pra que eu vexa si tes boa embocadura pra guitarra...?

— Veño...

— Vaia, on vaia; pois séntate —e en canto o outro se sentaba, púxose a pensar na graxada que lle faría non solo[6] por adivertirse[7] senón que pra un tonto non hai mellor remédeo que faguelo aprender a contra súa.

— Pois ben —díxolle de alí a un anaco dándolle un embudo—, sopra por eiquí hastra que non poidas máis e según a resistencia que teñas así xusgarei.

Colleu o rapaz o embudo e con máis alento que un xuvenco púxose a soprar.

Infraba os mofretes como un fuelle de fragua, suaba a non poder máis e o outro calado apretando a boca pra non toupar coa risa.

Volvía o aspirante a embocadura a cara de vez en cando como pedindo misiricordia pro pasaban as horas e non podendo máis caíu medio afogado rosmando como un rencho.

— ¿Non podes máis?

— Non.

— Pois fillo faltábache un cuarto de hora e eu non teño que faguerche —e en tanto se meteu noutra habitación pra poder rir a

---

[5] cuando *(AB)*.

[6] soilo *(AB)*.

[7] adivirtirse *(AB)*.

seu gusto saliu ó tocador medio escadrillado convencido de que o que nace pra ichavo nunca chega a carto.
E aí está porque dende entón houbo un home desgraciado por non ter embocadura pra guitarra.
Que ben din alí que o que non ten penas invéntaas.

A COCADA[1]

— Boeno... xa asubía o Chuco... e o pai seica non durme... a ver... ¡demo de porta como renxe!... roncar, ronca... vamos lá... se desperta, rómpeme unha perna... e ese condenado que non acaba de subiar... vamos nos palpechos... ai, como renxe o piso... parece que o pai se moveu... gracias a Dios... xa cheguei... —e dando un pulo brincou as escaleiras e topouse baixo o emparrado que sombrisa a porta.

Iba descalzo, sin chapeu na cabeza, cos tirantes colgando, a camisa desbotonada e o pantalón suxeto coa man dereita.

Entre os ameneiros do regato xa estaba o Chuco, espido de todo, mollando os sobacos despois de persinarse.

— Creín que non viñas, ¿tra-la coca?

— Traigo.

— Pois aquí teño miolo de pan centeo e a augardente neste bote.

— ¿E andan peixes?

— Recorcio si andan... mira ¿ves? alí donde tirei farangullas...

— Vamos pronto, a fague-la cocada.

— Trai un coio... boeno...

E os dous, espidos, sentados nunha lousa baixo as ramas dos ameneiros, rodeados de fentos e digitales[2], esbagullaron os graus, pisáronos miudiños, remolláronos en augardentes, e incorporándolle meolo de pan centeo fixeron un bolo que amasaban entre as mans. Despois comenzaron a tirar farangullas estroupeleando de xúbilo ó ver os peixes lambiscar nelas.

Caía a farangulla, a penas se borraban os círculos da sobrehaz víanse os peixes correr e amontonarse para alcanzar o pan.

Xa era nos claros donde o Sol iba a ilumear o fondo areoso do río,

---

[1] Publicado en *Revista Gallega*, número 424, 1903.

[2] dixitales *(RG)*.

e entón brilaban os peixes cal fosforescencias rápidas que corexasen, entre o verde dos limos.

Xa era nos remansos oscuros, donde a auga tomaba tintes sombríos e entón víase a boliña crarexar[3] mentras se iba fondindo; de súpeto variaba de dirección fortemente axitada: sombras máis negras parece se vían relumbrar e a bóla desparecía quedando a dúbida de si a tragara un peixe ou se perdera na negrura.

E o calor era sofocante, as rulas, os pardaus, os xílgaros, baixaban de poula en poula buscando fresco, os martís peixeiros pasaban rozando as augas, os cabalos do demo ruxían ó acoplarse, as cantáredas brilaban nos fresnos, os tabaus adentaban as desnudeces e alá de lonxe do campo comunal, mezclados cos rumores da cibdá ouvíanse os cantos das lavandeiras e o cri-cri dos grilos[4] e os berros da rapasallada que no remanso nadaba batuxando tolamente entre os raios dun sol abrasador.

De súpeto pola cima empezaban a correxar os peixes, borrachos completamente. Outras veces daban brincos e desaparecían entre as raíces dos arbres ou nas rendixelas das paredillas.

Comenzaba a pesca, collíanse coa man, outros de panza arriba brilaban na area.

Outros brincaban fóra do río, algús había que collelos nos tocos ou meténdose de sulago.

Primeiro a auga iba subindo pouco a pouco, despois empinábanse nos palpechos, despois chegaba... xa me entenden, e entón os berros eran máis agudos.

— Perde o medo.

— Estate quieto non batuxes, ai, ai... e por fin fondíanse, nadaban e un eiquí e outro alí, que se iban depositando nunha focha feita na area, colleuse unha presa de peixes.

Despois encambalos nun fieito ou nun vimbo si eran dos grandes.

---

[3] crasexar *(RG)*.

[4] grillos *(RG)*.

Que alegría, que rebrincar na area, que correxar batuxándose un a outro.

De súpeto quedáronse quedos, un contro o outro[5], escondendo medrosos os peixes e mirando espantados pra un vello de brancas guedellas e longas barbas, farrapento, desastrado, que arrimado contra un arbre os miraba embebecido.

Venceron o medo e tolos, tolos de espanto fuxiron, en tanto o vello caía soloucando, ó recordar naqueles rapazotes o tempo da súa infancia, en que nas sestas botaba a coca e víase como eles rousado e xoven baixo a sombra dos ameneiros entre os fentos e as digitales[6]; coa auga polos tobelos mentras as rulas, e os pardáns, e os xílgaros brincaban nas ponlas baixas, e os cabalos do demo chirriaban, e as cantáredas brilaban nos fresnos, e as lavandeiras cantaban salaiosas entre o batir da roupa...

---

[5] un contra o outro *(RG)*.

[6] dixitales *(RG)*.

POR CASUALIDÁ

I

Non me cabe dúbida que debeu ser aló no tempo en que falaban os animales, por máis que hoxe, si non falan, tódolos burros, sono moitos dos que falan.

Pero o conto foi o siguente:

Entre as comunidades de dous conventos veciños, andaban a retesía de cales eran os frades máis listos, e xa porque fosen de poucas palabras ou por aquelo de que "a millor palabra é a que está por decir" e "en boca cerrada non entran moscas" e "nin besta de moita herba nin home de moita verba", o caso foi que trataron en como a disputa había de ser por mímica e non se había de falar nada.

Os contrarios, anque sorprendidos pola novidade, aceptaron anque non fose máis que polo ben parecer, e por aquelo de que "o que fai un home outro o pode facer", pero emporeso andaban cavilosos e escismantes, cando chegou a pedir hospitalidá un soldado escarriado.

Tratárono a corpo de rei, e como visen que era falador e chiscarreiro, lembráronse que "un soldado sabe máis que sete letrados" e por aquelo de que "ven máis catro ollos que dous" contáronlle a retesía en que andaban e o apuro en que se atopaban.

Botouse a rir o militar e díxolle que non valía nada a cousa, que el polo menos, si se vira nese caso, estaba seguro de ganar, e "unha cereixa saca a outra" e "tras dunha palabra outra vén", e así foi que tanto falaron e tan ben se entenderon, que decidiuse que o soldado se vestiría de frade e sería o encargado do desafío.

E anque a el non lle faguía moita gracia por poñer aqueles hábetos, por aquelo de que "crego feito muller é" e "de crego a frade solo hai votos" aceptou, pois solo era por tempo pouco, e sin compromisos, e ademais que "nunca chove como trona" nin "nunca choveu que non escampase".

II

Chegou o día da aposta e alá marchou unha comisión do convento, co soldado tan ben vestido, que si non fora por aquelo de que "o hábeto non fai o monxe" dixérase que era un crego de verdá.
Metéronos nunha sala donde había unha chea de ouxetos e posto enfrente do representante da outra banda, comenzou a mímica:
Ensinoulle o frade un dedo.
O soldado ensinoulle dous.
O frade ensinoulle tres.
O soldado púxolle o puño.
Agarrou o frade unha naranxa.
E o soldado ameazouno cun molete
Co cal os frades déronse por vencidos e entre o xúbilo voltaron os outros pro convento escismando de que modo agasallar o talentoso do militar que tan ben contestara e ganara a aposta.
Chegaron ó convento e en tanto o soldado foi á cociña a botar un neto, quedaron contando o caso e tratando de como sería unha ventaxa grande o conseguir que se quedase pra sempre na comunidá un home de tal validencia.

— Pero vamos a ver —preguntou o superior, ós que presenciaran a aposta— como foi eso.

— Pois foi así: o frade, noso contrario, púxolle un dedo, dicindo "hai un Dios" e o soldado díxolle:

— Pai e fillo.

Entonces o frade dixo: — son tres, pai, fillo e esprito santo.
E entón o soldado mostroulle o puño como quen di: todos tres son un Dios solo.
O frade mostroulle unha naranxa como significando Dios ten o mundo na mau.
E o soldado mostroulle un panecillo significando que nos deu seu corpo.
Con que xa Vde. ve si contestou ben e demostrou sabidencia.

Ficou calado o superior, pero pareceulle moi estrano, e sobrenatural o que un home rústeco poidese interpretar así aqueles signos, que o mismo podían significar unha cousa que outra, vendo o soldado que entraba, díxolle:

— Señor soldado, e ¿como ganou a aposta e cales foron as preguntas e respostas?

— Toma, toma; a cousa está crara: díxome que metese un dedo... e eu contesteille que metese el os dous.

— Volveume a decir que metese os tres e eu díxenlle que metese o puño.

Ameazoume con tirarme unha naranxa e eu díxenlle que lle batía co molete nos dentes: con que xa Vde. ve.

Quedouse corrida a comunidá en tanto o soldado salía fachendoso e vendo o superior que quedaran batidos, murmurou riseiro e bondadoso:

— Non vos colla de novo, así pasa nas cousas deste mundo; a metá dos homes pasan por sabios, sendo unhos ignorantes e a outra metá cala porque aínda son máis, solo que ás veces, a frauta sona por casualidá...

A OUTRO CAN CON ESE ÓSO[1]

I

Pasiño a paso, ou como quen di, pé tras pé, iba don Hermógenes camiño do ceo que, como din os teólogos, é estreito e deficultoso[2], e moito máis pra quen neste mundo terrenal foi maestro de escola, non soilo[3] polo débil e estrancallado que está, senón polas moitas veces que se enrabechan e botan pola boca sapos e culebras.

E en tanto camiñaba cun saco ó lombo, no cal levaba os pecados e obras boas que fixera, úneco capital que sempre tivo, iba pensando nas tribulaciós que pasou eiquí embaixo, que non foron poucas, por obra e gracia do cacique e demais enemigos dos probes.

Non sei si levaba camisa, porque é moito luxo pra un maestro, e, a maior abundamento, que morrera nun hespital, nos cales hai tanta caridá, que enterran ós que non teñen cartos emporrancho; pero, si a levaba, de seguro non lle chegaba ó corpo, ó lembrarse da vida que pasou neste val de lágremas.

Acordábase das imposiciós dos caciques[4], da sinvergoña dos gobernos que non lle pagaban, do desprecio das xentes que ollan os maestros como cas doentes[5], e, riba todo, dos condanidos dos rapaces cos que tivo que pelexar trinta anos, suando por desbravalos, e en fin, tan amolado deles, que soilo ó pensalo, alegrábase de haber morto.

E ben fora porque estaba canso, ou por non perder a costume da espera, que adeprendera esperando as pagas, sentouse na couceira da porta do ceo, e alí se quedou un anaco, vendo de acordarse do

---

1 Pertencente a *Contos da terriña* onde leva como dedicatoria "A meu tío D. Ramón Ferreiro Varela".

2 dificultoso *(CT)*.

3 solo *(CT)*.

4 das imposiciós *(CT)*.

5 como a cas doentes *(CT)*.

úneco discurso que fixo na vida pra lle adicar ó direutor de Instrución[6] pública, e que pensaba espetarllo a San Pedro.
Alí estivo un bon anaco, rindo a gargoladas ó ver como o santo porteiro lle batía a moitos coa porta nos fociños.
Alí, o alcalde, que non tiña entrada, polas moitas alcaldadas que fixo.
Alí, o crego, que cobraba de rédetos o cen por cen, e tiña sobriños sin ter irmaus.
Alí, as mulleres que, por mintir e mintir, astra finxen coa roupa o que non teñen.
Astra que, canso de estar sentado, chamou con moito modiño e presentouse San Pedro, entreabrindo a porta con recelía, por medo non se colase de ocultis algunha muller, que son as que, con premiso ou sin el, se meten en todas partes.
Mirou San Pedro o saco dos pecados, e como había bastantes, iba a mandalo ó Purgatorio, cando se fixou no título de maestro, polo cal caíu na conta de que o Purgatorio xa o pasara neste mundo, e mandouno entrar.

II

Caíu o probe maestro de xinollos, tolo coa alegría; soaron as arpas celestes, espallouse barrunto de cheiros celestiás, e entre os resprandores devinos, abríronse de par en par as portas do ceo pra recibir ó bienaventurado.
Pero cando San Pedro pensou que o maestro iba a entrar, quedou parvo ó velo escapar a toda présa, tapando os ouvidos e batuxando co saco pra espantar os anxeliños que o rodeaban, rebuldando toleirós polos aires entre fianchos de luz e brétemas de coores.

---

[6] Istrucción *(CT)*.

Correu San Pedro detrás dil, colleuno polos faldrillís do rendigote, virouno dun suco e enrabexado, díxolle: — ¿como se entende; ábrenselle as portas do ceo, e fuxe?

— Perdón, señor, eu non son digno de entrar no ceo... e quédome á porta.

— Pois quédese, enhoramala...

E enfurruñado[7], meteuse pra dentro batendo as portas, en tanto que o maestro quedaba remusgando:

— Ó aire... a outro can con ese óso... ¡Ceo con nenos!... que llo conten a quen non fose maestro...

[7] enfurruxado *(CT)*.

A LIRA DE BREGOÁM

I

Sendo estudiante ¿quen non coñoce o Castiñeiriño?: naide.
Síteo das merendolas e das gromas. Punto de cita coas noivias, da cras de pespunte, e lugar de reunión de todos cantos lles gusta o bo viño, e a xogueta, e as boas mozas.
Pois alí, preto, detrás do Paxonal, beira da corredoira que vai ós muíños do Sar hai un piñeiral sombrío e rumoroso, alfombrado de uces e cos cómaros cheos de violetas e margaridas.
Dende alí vese o tren pasar por riba a ponte de ferro, descúbrese a veiga frondosa que rodea a Conxo, o mosteiro cuia fundación é unha das máis poéticas tradiciós gallegas, e a pouco que un volte a cabeza percíbese, cal si fose un cadro ó carbón, un anaco da vella Compostela coas fachadas de chapapote, os muros ennegrecidos, a esborrallada torre de San Agustín e as afiligranadas da Catedral.
E alí, pretiño, marmuran os pinos producindo saudosa melanconía e despiden chuvia de faísca de ouro e adormentan as violetas cos seus cheiros arrecendentes.

II

E agora que coñocemos o escenario, vamos á esculca dos personaxes desta verídica historia.
Era un, Don Simplicio home enxuto "e esquivo", según decía a xente, de entrecano bigote e longa perilla, parco no falar e abundoso no acear, e que decote andaba por camiños e corredoiras con gran pasmo da xente que, por máis que el lle decía que era un "bardo errante", non se deprocataba por que lle falaba ás flores e bicaba as herbas, e arengaba o regato e apreixaba con amorosa

predilección os troncos rugosos dos pinares, que afellas, aiquí entre nós, parecía que lle tomaban lei pois mesmo engarraban na roupa dil que era un milagre, por máis que as malas linguas dixeran que eso era a causa da resina.

Que Don Simplicio estaba tocado marmuraba a xente, e aiquí en segredo, diremos que era certo, anque a súa manía era das máis inofensivas e orixinales que teñen visto os nados.

Metéraselle nos meolos, que as froles e as prantas, sentían como a xente, e que como ela tiñan alegrías e padeceres, e de alí o falarlles e o derramar con elas toda a bondad do seu peito e de alí tamén o por qué de estar solteiro, pois non lle quedaba tempo pra pensar en buscar muller porque todo o namoramento o cifraba na Natureza.

Pero todo esto era «pecata minutta» en comparanza coa chifradura respeuto ás ideas que tiña ademais de ser "bardo".

As cales ideas políticas e relixiosas reducíanse a considerarse descendente dos Celtas, raza estinguida ou máis ben dito, según el, fundida nos pinares, porque pra el non había duda de que os piñeiros eran outros tantos celtas. Pra il, dous piñeiros que xuntan as poulas, eran dous amantes que se dan a mau; un pino solitario, un amante que chora melanconías; unha hedra que se enrosca por un tronco, unha amada que apreixa o noivo con barazas de amor e hasta a Luna en cuarto, lle somellaba a fouce con que as druídas collían o muérdago nas sobreiras; e por comparación casi estou por decir que lle parecían o mesmo os cornos dun castrón.

Así foi que se quedou tolo de contento cando un día topou no piñeiral antes descrito cun piñeiro de dúas gallas, que tiña a forma dunha lira e que moi ben podía decirse eran as cordas as hedras que formando guirnaldas iban dunha pola a outra.

Non adimitía duda.

Aquela era a lira do gran Bregoám, e estaba segurísimo que nas noites de luar baixarían as divinidades célticas a faguela soar desprendendo as célticas harmonías.

E, dende entón, non houbo noite que non se esmorecese cheo de amor, preto do piñeiro, abrazando o tronco, hasta que a mañá cos

algueireos de luz e de colores, e de paxaros cantadeiros, o facía marchar estremecido co frío do orballo e o frío do desengano.

III

E agora que conocemos o sitio, e a Don Simplicio, tócalle o turno á inocente causante do desengano maior que viron homes: a Sabela, moza de catorce anos, alta e galleira, co pelo cortado ó rape por non sei que enfermedá, e cun carís agraxado, que senón fora por aqueles farrapos que traguía en forma de refaixo podíase xurar que era un rapazote.
E aumentaba máis a tal creencia ó vela agatuñar polos piñeiros arriba, en busca de piñas pra vender na praza, co cal ganaba a súa vida, roubando pola noite cantas tiñan os pinares das cercanías.

IV

E aconteceu que unha noite de lúa medio velada por neboíñas, noite de vagos rumores, e de bris rebuldadora, e de espallar de cheiros, e de queixumar de fontes, e de cantigas esmaídas dos parrafeos, en que iba don Simplicio como si dentro do peito lle aniñaran tódalas pracideces daquela noite primaveiral, ou despertaran tódolos seus amores célticos, creu volverse tolo de alegría e co peito latexando fortemente, os ollos asombrados, os brazos tendidos quedouse parvo non podendo coa emoción.
E en tanto don Simplicio quedaba embobado ó ver a Lúa, a mesma Lúa coa cara redonda e as faucións borrosas campando lumiosa entre

as hedras da lira de Bregoám cicais disposta a faguela zoar cos seus dedos de nácar, a Sabela queixábase doída.

E o conto non era pra menos.

Rubira ó piñeiro, que así entendía ela de liras e de celtas como de decir misa, rubira a coller piñas, guindou unha poula e quedou presa polo zagalexo co... non sei como o diga, ó aire e como Quevedo no tocantes a subir e baixar.

Pero así como a don Quijote, se lle antoxaran os moíños xigantes así a don Simplicio se lle antoxaba aquelo redondo que clarexaba, a cara de Lúa namorada do seu Bregoám, e acercouse, tremante, cheo de fervor ante a Diosa dos seus antepasados os celtas e estampou un beixo na luminosa faz...

¿Que pasou entón? Non podemos decilo, soilo sabemos que desde entón cando se lle fala da lira de Bregoám, di que está destemprada e que por moi céltico que un sea, ¡é moi malo bicar sin mirar onde!...

A BO ZORRO, MELLOR CAN[1]

I

Decía unha vella, miña amiga, con sona de bruxa e en realidá botadora de cartas, que no inferno non había recordo de que xamais entrase un, que no mundo houbese sido peisano[2] gallego, non tanto porque Dios xa considera que bastante inferno pasan neste mundo con foros, pauliñas, trabucos e demais andrómenas con que os abrasan os caciques, cregos e gobernos... sinón porque o demo, a penas vía un, escorrentábao, polo medo que tiña de que o volvesen tolo armándolle preito, ó mellor, poño por caso, por si a un veciño lle puña máis lume que a el[3], porque, eso sí, con tal de armar preitos, non arreparan en arrodeos[4].

E en verdá que si a vella non tiña razón, parecío[5], pois nin tódolos avogados do mundo revolven o que un peisano[6] solo.

E como mostra, contarei un sucedido que, anque a min paréceme unha mentira[7], xúrame[8] persona sérea e respetable que foi verdá, por máis que hai por esos[9] mundos cada home que pasa por séreo, que escalfa grolas[10] como puños.

---

[1] Relato publicado inicialmente en *Contos da terriña* onde levaba como dedicatoria "Ó meu amigo Segundo G. de la Riva". Reproduciuse tamén en *El Eco de Galicia*, número 377, 10 de abril de 1902. Tanto en *Beira do lar* coma en *El Eco de Galicia* falta a dedicatoria.

[2] paisano *(CT)*.

[3] que il *(CT)*.

[4] rodeos *(CT)*.

[5] parecíao *(CT)*.

[6] paisano *(CT)*.

[7] a min paréceme mentira *(CT)*; a min parece unha mentira *(EG)*.

[8] xúramo *(EG)*.

[9] eses *(CT)*.

[10] groas *(EG)*.

II

Chegou unha noite un caballero a unha chabola que tiña o tío Farruco na encrucillada de dous camiños, e como a chuvia era moita e a vila estaba lexos, pidiu hospitalidá.

Déronlle por cena dous ovos que toparon por moita riqueza, e no escano da cociña pasou a noite.

Como para o moito sono non hai xergón duro, cando o noso viaxante despertou, xa había un bo anaco de sol, e, por máis que chamou, non apareceron os donos da casa, que, non querendo perder tempo, marcharon[11] para o eido a cumplir as angueiras daquel día.

Como non era cousa de esperar, seguiu o seu camiño, botando a conta de que cando pasase por alí outra vez, xa pagaría os gastos feitos, porque, o diñeiro, en todo tempo vén a xeito.

Do que pensou o tío Farruco cando volveu e se encontrou sin o pasaxeiro, é cousa que non conta a historia[12], por máis que non debeu ser cousa boa, asegún o séneca que era.

E así quedou a cousa, cando de alí a catro ou cinco anos, que o mismo dá un máis que menos, cando xa o vello non se acordaba nin do pasaxeiro, nin dos ovos por el comidos, cátate aí que chegou un señor, e, encarándose co el[13], díxolle[14] riseiro, como aquel que espera causar novidad[15]:

— Ei, tío Farruco ¿e logo, non me coñoce?

— Eu, non.

— ¿E logo, non se acorda dun home que dormiu[16] fai catro anos eiquí, e cenou dous ovos e marchouse sin pagar?

---

11 marcharan *(CT)*.
12 histórea *(CT)*.
13 co il *(CT)*.
14 díxole *(EG)*.
15 novidade *(CT)*.
16 durmiu *(CT)*.

— ¡Olla! vaia si me acordo...

— Pois son eu.

— ¡Asús!... vaia, vaia... e entón ¿vendrame pagar agora...?

— Claro está.

— No... caso como el... ei Xan... Liborio... vinde acá... ¿que para que vos chamo?... para que vexades un caso raro...

— ¿E logo?

— Que este caballero fai catro anos que lle din dous ovos, e como se foi sin pagar, vennos[17] pagar agora... ¿non é así señor?...

— É —contestou este, non sin parecerlle estrano que, para cousa tan sinxela, chamase por dous veciños que o atestiguasen.

— Pois Dios llo pague.

— É de consencia —murmuraron[18] os outros.

— Vaia, pois diga o que é, que teño présa.

— Pois mire... xa Vde. ve... amiguiños[19] sí, pero a vaca polo que vale...

— Boeno, home, boeno, pois pida, que eu pago o que sea.

— O señor fala ben —dixeron os veciños.

—Pois haberá que botar as contas —dixo o Farruco, rañando tras dunha orella e medio chiscando un ollo; —fai catro anos, e... xa Vde. ve de[20] dous ovos nacerían dúas galiñas.

— Seica se zanguea.

— Non, conta feita é media paga... as dúas galiñas podíanselle botar unha docena de ovos a cada unha, e...

— Vde. está tolo... vaia, adiós, xa vexo que está de groma e voume.

— Alá Vde., pero eu teño dous testigos e voulle poñer a demanda[21]... a cada un o seu...

---

17 venmos *(CT)*.

18 marmuraron *(CT)*.

19 amigos *(CT)*.

20 dos *(CT)*.

21 pór demanda *(CT)*.

III

E así foi, a demanda foi posta na forma dita, o cal faguía subir[22] a conta a unha cantidad fabulosa.

Bruaba o bon do pagador, non soilo polas molestias e a cantidad que impropiamente se lle reclamaba, senón por ter que aguantar que se bulrase dil un xan peisano calquera[23].

Así era que andaba escismante e morriñento, cando se atopou co tío Chinto, por mal nome o Pardau, que, sentado baixo un castaño, picaba un xaruto cun canivete de sete clavos, e miraba pra il con aire arraposado, cheo de cachazudas malicias.

Cando[24] pasou por diante[25], o tío Chinto, así como quen se deixa caer, díxolle con sorna:

— Vaia, señor, seica lle doen os meolos, pensando na demanda.

— ¿E logo? ¿parécelle a Vde. que esto ten xeito?... eso é un roubo...

— Pouco a pouco... a cada un o seu, e Dios con todos... eu non aprobo o que fai Farruco[26], porque Vde. veu[27] pagar de boa fe... pero tanto como roubo non o é... non señor... vosté cuando[28] presta un peso, é polos seus rédetos e ben sabe[29] agregalos ó capital senón llos pagan[30]... non é a primeira vez que un paisano queda por portas...

— Pero un peso non é un ovo...

— Canté... prenda de[31] gallego, diñeiro vale... e sobre un ovo pon unha galiña... e moitos poucos fan un moito... e non hai

---

22 rubir *(CT)*.
23 paisano calquer *(CT)*.
24 cuando *(EG)*.
25 Cando pasou por diante, despois de darse os bos días o tío Chinto... *(CT)*.
26 o que fai o Farruco *(CT)*.
27 ven *(EG)*.
28 cando *(CT)*.
29 saben *(CT)*.
30 senón llos pagan... e ben sabe que co ese modo... *(CT)*.
31 do *(EG)*.

cousa pequena que seu valor non teña... e neste caso non reza o que de taberneiro a ladrón hai soilo un escalón... senón que en comprar e vender non hai amigos..., casualmente... a razón está de parte dil, que un peso, aunque[32] se teña na casa, non pare outro, e máis cobran os rédetos... e dun ovo sal unha galiña[33] como dunha vaca sal un becerro...

— De modo que, según vosté[34], ¿debo de pagar e aguantarme?... ¡é boa terra!

— Non, a terra non é mala, que cada probe enterra seu pai como pode, e en cada país hai seu uso e en cada roca seu fuso[35]... e donde non chove, barriza; vosté si lle pagara[36] entón aqueles cartos, seu producto traguerían[37]... pero xa sabe que non hai preito que non se arregle, nin corno que non se endereite... e non se sabe[38] o que pesa a carne, mentras non o di a romana... e o preito de pobre na proba morre, e pois que el foi quen[39] se meteu neste choio, que as pague, que ben din que[40] o que con pólvora se adivirte, no corpo a sinte, e a pillo, pillo e medio...

— ¿Entón vosté velle arreglo?...

— Eu... ás veces fálase por ter língoa... pero o dito, dito; si me nombra home bo... xa veremos[41].

— Eu nomo, pero qué fará...[42]

---

32 anque *(CT)*.

33 galliña *(EG)* quizais por errata.

34 osté *(CT)*.

35 En *CT* non completa o refrán: e en cada país hai un uso... e donde non chove, barriza.

36 vosté lle pagara *(CT)*.

37 traguería *(CT)*.

38 e non sabe *(CT)*.

39 que *(CT)*.

40 que ben disque *(CT)*.

41 Falta a frase "xa veremos" *(EG)*.

42 Falta esta frase en *EG* e no seu lugar "Eu... ás veces fálase por ter língoa... pero o dito, dito; si me nombra home bo... e agora calemos que o bo preiteante, quedo da boca, e listo do pé".

— Quen moito fala, pouco asubía... cando te capen, chilla[43] nómbreme estonces como home bo... e agora calemos que o bo preiteante, quedo da boca, e listo do pé...

IV

Chegou o día do xuicio de conciliación, e o Chinto[44] sin ir[45] nin aparecer.

Patexaba o Xuez, ríase o tío Farruco que parés non lle gostaba[46] moito seica por aquelo de que non hai cuña pior que a do mesmo pau, e o pobre do demandado deprocatábase que se bulraban[47] dil, e que tendría que pagar, porque, o que entre lobos se mete, comido sale... cando apareceu na porta o tío Chinto, así como cansado, sudoento...

— Vaia, on —berroulle o Xuez— ¿onde mil xuncras estiveches para non vir a súa hora?...

— Desimule, pero como andamos na sementeira das patatas[48], estivémolas[49] fritindo pra que nascan fritas[50]...

— Seica te bulras... pois atende que falas delante[51] dunha autoridad que representa la gusticia...

— Non me bulro[52], que digo a verdá... e escusade de reíros vosoutros, que falo en serio.

---

43 Falta esta frase en *CT*.
44 e o tío Chinto *(CT)*.
45 vir *(CT)*.
46 gustaba *(CT)*.
47 bulraran *(CT)*.
48 patacas *(EG)*.
49 estívenas *(CT)*.
50 para que me nazcan fritas *(CT)*.
51 diante *(EG)*.
52 burlo *(CT)*.

— Recuso este home bueno —brandou[53] o Farruco— por tolo.

— Ten razón, dixo o Xuez.

— A min non me chamen tolo, porque senón, como me chamo Chinto que fago unha...

— E logo ¿é dun home de meolos ó decir en séreo que nacen as patatas fritidas?[54]...

— Vaia, Farruquiño ¿e a ti paréceche que é unha tolería?...

— E máis boa.

— ¿E xuraríalo[55]?

— Xuro.

— Testigos son vostedes de[56] que este home dice... señor Güez, o preito ganado por meu representado.

— ¿Como é eso, on? —dixo o Xuez, que non adiviñaba[57], en tanto que o Farruco patexaba e os demais rían.

— Pois é que sosteño o que digo... Farruco xura que é un tolo quen afirma[58] que as patacas[59] fritas poden nacer... ¿non foi así?... boeno... ¿pois como quere, non sendo tolo, que os ovos fritos den galiñas?...

— Tes razón, home —dixo o Xuez, rindo— non hai lugar á demanda —e en tanto que o Farruco fuxía[60] bruando, corrido de vergoña, o demandado apreixaba alegre o tío Chinto que lle decía, envolvendo nunha folla de millo o tabaco picado:

— Bo, siñor[61], bo, esto non val nada... que aunque[62] din que o que queira saber, vaia a Salimanca, val máis un paisano gallego, que tódolos avogados da terra, e... a bo zorro, mellor can...[63]

---

53 brandeu *(EG)*.
54 patatas fritas *(CT)*, patacas fritidas *(EG)*.
55 xuraríala *(CT)*.
56 do *(CT)*.
57 adeviñaba *(CT)*.
58 o que afirme *(CT)*.
59 patatas *(CT)*.
60 fuxiu *(CT)*.
61 señor *(CT)*.
62 anque *(CT)*.
63 Despois de "A bo zorro, mellor can" atópase o poema "Leria... leria".

AVELAÍÑAS[1]

I

Enriba, os carballos e os gruñeiros misturaban seu ramaxe faguendo toldo rumoroso á corredoira.

Eiquí e alí, fianchos das silveiras con doas roxas, e ramallos das corregolas pinduraban tremantes, e máis embaixo, entre as crebaduras do sábrego, fentos e coucelos, lobelias e margaridas tapizaban as paredes hasta chegar á fonteliña, medio atuada entre escambrós e silvardas.

A ola no pousadoiro[2], un brazo ó redor dela e o outro dándolle voltas ó mandilete, estaba a Eufemia escoitando ó crego, con sonrisa tan fresca, e carís tan agraxado[3], que de non ter os ollos encheitos de bágoas, creérase que estaba co pensamento decindo[4] a coñocida cántega[5] de:

O crego chamoume rosa,
e eu pronto lle respondín,
destas rosas, señor crego,
non llas hai no seu xardín.

---

[1] Relato publicado inicialmente en *Contos da terriña* onde consta a seguinte dedicatoria: "A meu amigo Roque Pesqueira Crespo". Foi reproducido tamén en *El Regional*, sección "Paréntesis", 23 de febreiro de 1896 e na *Revista Gallega,* número 628, 31 de marzo de 1907. Nin en *Beira do lar*, nin nas reproduccións na prensa leva a dedicatoria. Ademais este conto incluíuse no volume *Prosa Galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*, Vigo: Galaxia, 1976, pp. 178-180.

[2] pousadeiro *(CT)*.

[3] agrexado *(CT)*.

[4] dicindo *(RG)*.

[5] cántiga *(CT)*.

II

Topáranse por casualidá, despois de doce anos que el estivera[6] estudiando a carreira, e ó acharse alí, na fonte do lugar, donde tantas veces batuxaran de nenos, sentiron ferver[7] a chola cos recordos do pasado, e quedáronse embobados falando de cousas antigas, que, ó vir á recordancia, adiquirían inefabel meiguice.

Veciños, pared[8] por medio, gardaban xuntos o gando, e daquelas[9] soedades da serra, daquelas[10] saudosas melanconías das tardes invernizas en que xuntos se abrigaban da chuvia[11] baixo o mesmo mantelo, quedara no peito, algo así como cariño de irmaus[12], que máis tarde cicais se trocaría.

Xuntos iban ós grilos, e ás fiadas, e á torre da eirexa[13] nos días de[14] festa. El guindaba as cereixas da punta das poulas, pra que ela comese as máis maduras, e regaláballe as canivelas dos foguetes e os grobos que caían no folión das romaxes; e ela, riscáralle[15] unha camisa que daba xéneo[16], e cos aforros da primeira[17] aluga, mercáralle un canivete; e cando entre os rapaces do pobo se andaba ás loitas, si el caía debaixo, ela axudábao a dá-la volta.

Cicais soilo faltaba unha ocasión pra coñocer que o amor xerminaba naqueles curazonciños de rapaces, cando o tío dil, por sacalo de peisano, levouno pra estudiar a carreira de crego.

---

6 estivera fóra *(CT)*.
7 ferverlle *(CT)*.
8 parede *(RG)*.
9 naquelas *(CT)*.
10 naquelas *(CT)*.
11 xuvia *(CT)*.
12 irmau *(CT)*.
13 eigrexa *(RG)*.
14 da *(CT)*.
15 arriscáralle *(CT)*.
16 xenio *(RG)*.
17 primero *(RG)* por errata.

Dempois de separados, foi cando coñoceron que un pra outro era todo, pero[18] il, entre as arideces da carreira que seguía, porque era o úneco médeo de saír de probe, e ela, entre os traballos e as miséreas[19], separados un do outro, si non esquecerse, botaron ó fondo da alma[20] como se botan os recordos dunha persona[21] querida que xa morreu.

Pero, entón, ó toparse alí soilos, naquela corredoira que as froles[22] enchían de perfumes, os paxaros de harmonías, as borboretas, de coores, e o sol poñente de rousados esmaimentos, sentiron brincar o curazón, e os beizos[23] soilo sabían marmuxar[24] un ansioso ¿acórdaste?

III

Quedaron calados; ela tremante como aquela herba que randeaba a bris, e el séreo, nubrado como aquel traxe que lle envolvía o corpo, cal interpóndose entre el e o mundo.

Unha parexa de paxariños entrou barulleira e rolou[25] riba os tréboles dos cómaros, e entón, ó erguer a vista e toparse as miradas, comprenderon que a vida de un estaba no outro.

Era preciso separarse[26], e un adiós, tímido, doroso, saliu dos beizos contraídos polo delor[27].

---

18 Omítese *pero* en *ER*.
19 miserias *(CT)*.
20 ialma *(CT)*.
21 persoa *(CT)*.
22 frores *(CT)*.
23 beixos *(CT)*.
24 murmuxar *(ER)*.
25 volou *(CT)*.
26 separarse *(CT)*.
27 dolor *(CT)*.

Unha moza que segaba no lamedal veciño, cantaba con meiguice aquelo de:

Eiquí tes meu curazón,
si me queres matar, podes,
máis como te teño dentro,
si me matas, tamén morres...

e crendo ser debles[28], apartáronse bruscamente, sentindo[29] que levaban a morte no peito...

Alá enriba, el voltou a cabeza e quedou mirando por última vez aquela muller, que houbera feito a dicha da súa vida.

Aló na cima[30] da corredoira, destacábase riba[31] un ceo que o sol poñente tinguía de rousadez, cal un caravel xigante.

O vento axitaba o pano roxo do corpo e as saias amarelas, somellando alas, e a ola na cabeza roxeando cos raios do sol a maneira de antenas de ouro, dábanlle á moza a forma indecisa dunha xigantesca avelaíña que rubía[32] pro ceo.

E sentindo que tamén na alma[33] revoaban as avelaíñas negras[34] da dúbida, caíu de xinollos marmurando, en tanto veía fuxir a avelaíña dos seus amores, un desesperado —Santus... Santus... Santus...

---

28 débiles *(CT)*.

29 sintindo *(RG)*.

30 no fondo *(CT)*.

31 sobre *(CT)*.

32 subía *(RG)*.

33 ialma *(CT)*.

34 dábanlle á moza a forma indecisa dunha xigantesca avelaíñas negras da dúbida, caíu de xinollos... *(ER)*.

XUICIO DE FALTAS[1]

(Do natural)

I

— Logo, adiós...

— Adiós díselle ós mortos...

— ¡Dios diante!

— Diante traes ti o Alberte, que parés non miras por outros ollos...

— Mira, Roxa, non me atentes... e moitismo coidado coa língoa, por que si non... ó dito, dito...

— ¡Asús!... ¡Dios nos valga!... non se anoxe... señorita...

— Senón son señorita, paso por xunto delas...

— Pasar tamén pasan os cas...

— Eres das de catro letras.

— Pois túa irmá non son, pra levar o apellido da túa nai...

— Cala, cala, vai falar cos vintesete da Porta Santa...

— Cala ti, compostela.

— A compostela serala ti, ¿sabes? que eu non vou nin veño ¿oies?... ¡rexubeirona!

— ¡Canté!..., díxolle o cazolo ó pote: — tírate alá que me luxas... ¡demo de candelorio!... fala, fala... pradica ben... douche tanto creto, como si cantara un carro..., a cabra cega, monte largo..., ¿entendiche?...

— O creto voucho eu dar a ti..., lavada... lavadiña.... o que ti dis éche o aire... corda delgada non fai nudo groso...

— Anque canto, canto[2] rábeas,
quen mas oi ben mas entende,
deume Dios habilidade
de comprar a quen me vende...

---

[1] Relato publicado en *El Eco de Galicia*, número 437, 1903.

[2] canlo *(EG)*.

— Canta, bubela, canta que o fas moi ben, seica deprendiches, cando estiveches de ama do crego...

— A miña conta, si fun ama do crego nada che debo... pra eso ti, que eres como a catadral[3] donde entra quen quer...

— A modo... ¡porcallona!

— Porcallona, serala ti, que eu límpome a cara coa faldra da camisa... ¿ves? ¿Ti ves?...

— ¡Ala, ala!... tapa a cara e enseña o...

— É pra ver... ¿sabes que máis? ¿rabechas coa envecha porque Alberte vén xunto a min e non che fai caso?... non foras burra... pan adentado non se pon na mesa... muller que non torna, é porta sin tarabelo... sonche igual... ¿comprendes lerchona?... rabea... rabea.

— Non fales moito... senón vouche enseñar a cartilla da boa crianza a mocadas...

— ¡Ai malas xuncras!... ¿ti? ¿pegarlle á filla da miña nai?

— Eu...

— Pois anda, pega...

— Pega ti antes...

— Pega ti que o dis...

— Eu pego... ¡Ai... veciños!... acodir eiquí que me mata esta grandísima ladra... atestigüen... ai... ai.

— Toma nos dentes, pra que non berres... heiche meter un puño na boca pra que afogues... toma... socorro... ai... ai que me arrancou un dedo dun mordisco... esta gran loba... atestigüen...

(Por fin separánas, unha sangrando e a outra espeluxada, namentras un fato de rapazallada as apoupa e as comadres do barrio comentan o caso).

---

[3] catedral *(EG)*.

II

(Un xusgado de paz como hai moitos en Galicia. De xuez un cadista borreante escollido polo cacique entre os máis brutos pra ser mellor servido, un sacretario, que o mesmo sirve pra un varrido que pra un fregado, cachorro da curia e lobo da xente).

O xuez. —Vaia, mulleres, era mellor que vos arregledes[4] e non vaia a demanda diante... xa sabemos que as mulleres cando riñen non rezan...

— Non quero Sr. Güez..., primeiro sacoume o Alberte, e despois deixomo sin punta...

— ¿A quen?, ¿ó Alberte?

— Ó dedo.

— A ver... ¡bah!... pelexo.

— No, a min non me chame pelexo...

— Digo que foi solo o pelexo... e que non val nada...

— Xa se sabe... en calquera síteo que a mordese sempre era pelexo...

— ¿Inda me insultas gandaina?

— ¡Silencio!... respeto a la gusticia o fago una...

— Pois que non me insulte...

— ¿E en que te insulto?... mixiriqueira... ¿ou é que tes sin pelexo algún síteo?

— Estouche en carne viva por dentro...

— Silencio.... volvo a repetir, si vos queredes arrreglar bueno, senon ála vós... ¿que tes ti que contestar á demanda, Roxa?

— Diga Vde. Sr. Güez: ¿Quen manda no corpo de Vde.?

— ¡Caráneo!... mando eu.

— Pois, no meu mando eu...

— E máis Alberte...

— A ti non che importa...

— Silencio, digo... sigue...

---

[4] arreglades *(EG)*.

— Pois eso, e naide ten direito a metermo o dedo na boca nin en ningures... porque, vamos a ver... Sr. Güez ¿si a Vde. lle meten o dedo que fai?

— Toma, mordo.

— Pois eso fixen... ¿ou son tonta pra deixarme meter o dedo?... ¿ou son algunha galiña?...

— A Roxa ten razón... ti non tiñas direito pra lle meter o dedo...

— Foi que lle vin a língoa e como a ten de víbora funlla arrincar...

— Porque a ti gústache meterte en todo...

— Xa se ve... en troques a ti gústache ó rivés...

— Pois mira, a[5] que che gusta meterte en todo méteme as narices no...

— Silencio... digo por últema vez... caráneo... nin tedes respeuto al Güez, ni a la Gusticia... nin as caras honradas... e conto acabado... e marchar pras vosas casas... e de eiquí endiante as mulleres que estén bago el poder de miña autoridad, coidarán moitismo de meter o dedo en ningures... e ti, Roxa, ten conta que non todo o que se mete é pra morder, que si asina como foi soilo o pelexo lle arrincas a cabeza ibas á cadea...

Xa marcharon... hasta outra... ¿ti que dis sacretario?... paréceme que sin ser avogado arreglo ben estas cousas... o que sempre digo, en cuestión de mulleres moito xéneo, e a vara da xusticia sempre tesa, senón... montan nun...

---

[5] xa *(EG)*.

RAPAÑOTA DE XAZMÍS[1]

I

Andivera todo o día de porta en porta, pidindo unha limosniña.
Cansárase[2] de ouvir por toda contesta un —Diol-ampare— e a forza de ouvilo, sentiu así como sacreta[3] esperanza de que aquel Dios, con que todos se escudaban pra ocultar a falta de caridá, viñera en seu ausilio.
Co saquiño ó lombo, no cal chocoleaban[4] algús anacos de pan, duro e adentado, única recolleita daquel día, camiñaba pola carretera de cara ó seu pobo, donde, en troques da antígoa medianía, lle daban permiso pra dormir nun cortello, no curruncho que as vacas lle deixaban.
Solitaria a carretera, sin máis horizonte[5] que us montes pelados, onde as uces estendían seu mantelo mourado[6], sin máis cómaros que tarreos pizarrentos, donde non medraba un arbre nin se erguía unha chouza, pringosos os pizarrales da chuvia pasada, embulleirado o chan[7], frío o curisco, e cincento o ceo.
Aveciñábase a noite, e a casa inda lonxe, as forzas poucas, a fame moita, e moita a friaxe.
Algunha que outra pega, cruzaba, revoando rastreira, e as primeiras folepas da neve bolboroteábanlle nas faceiras.
¡E como recordaba aqueles tempos do pasado, cando se casara co Estebo, rapaz garrido, e unhas maus que daban xéneo en tocante a

---

[1] Relato pertencente a *Contos da terriña* onde vai dedicado a Rafaela Placer, curmá do escritor. Reproduciuse ademais en *El Regional,* sección "Paréntesis", 11 de xaneiro de 1896 e en *Follas Novas*, número 415, 14 de maio de 1905. Tanto en *Beira do lar* coma nas reproduccións en prensa omítese a dedicatoria.
[2] Cansárame *(FN).*
[3] secreta *(FN).*
[4] chocoleaba *(ER).*
[5] hourizonte *(CT).*
[6] morado *(ER).*
[7] chau *(CT).*

labradío, e o mozo que traguía máis cartos das seituras de[8] Castela! Despois, aqueles anos de enfermedá, outros máis sin cosechas, e os primeiros cartos pedidos, que, sin saber cómo, medraron nas maus do prestamista hasta acabarlle cos bes.

E, por fin, aqueles homes sin[9] entranas que lle meteron na cabeza ó seu homiño que emigrase ás Amérecas[10], de donde non volveu, e, por remate, vella cangada, sin outros[11] auxilios[12] que o que lle dese aquel Dios con que a despedían das casas onde pedía esmola, cun continuo —Diol-ampare...

II

Cerrou a noite, e a casa lonxe.

A neve caía, caía en brancas follas, que borraban o camiño, as pernas negábanse a andar, e a serra, pelada[13], non ofrecía auxilio[14].

Axinollouse; comprendía que aquela parada era a morte, e desesperada, voltaba os ollos cara ó ceo, como preguntando si era aquel o auxilio[15] que Dios dá ós probes.

Non, o Dios, o Dios misericordioso non podía permitilo, porque entón nin tería misericordia, nin sería xusto; pero a neve caía, caía, envolvéndoa co manto que lle aterecía o corpo, como si en vida presenciase a posta do sudario.

---

[8] da *(FN)*.
[9] si *(FN)* por errata.
[10] Américas *(FN)*.
[11] otros *(FN)*.
[12] ausilios *(CT)*.
[13] a serra pelada, pelada *(FN)*.
[14] ausilio *(CT)*.
[15] ausilio *(CT)*.

Enguizada polo dor, sentiu impulsos de protestar, e aos seus beizos acudiu unha brasfemia, detida soilo polo afán de atopar a máis forte, a máis aldraxante pra aquel Dios que a abandoaba, pero seu curazón honrado, súa fe de creente, súa condición de cristiana despertaron no fundo da ialma[16] tódalas resignaciós, e en vez da morte, forxoulle o delirio da agonía, que Dios a chamaba pra[17] xunto a si, que, compadecido da súa vida, levábaa[18] pro ceo, que aquela[19] luz esmaída da lúa, que parpadexaba entre o nimbo que as brétemas irisaban, era a porta da gloria[20], e morreu risoña, creendo que desde alí os anxeliños alfombraban o camiño do ceo, botando xasmís a rapañota...

---

16 despertou no fundo da ialma tódalas creencias, tódalas fes, tódalas resignaciós... *(CT).*

17 pro *(FN).*

18 levaba *(ER).*

19 aquella *(FN).*

20 do ceo *(CT).*

BUSCANDO FÍO[1]

I

— Seica, seica... ¡ora o diaño!

— Non fuxas, Marica...

— ¡Asús!... no, pra vello...

— Anque son vello, teño vasoira pra che varre-la casa.

— Leria, leria... agora, pan trigo porse ó sol...

— O bo gaiteiro morre tocando a gaita.

— Ó aire, cando o gaiteiro vai vello gracias si ten forza pra pasar a mau polo fol, conque así como así, déixese de retranqueiras e cóntenos un conto... pero que non sea porco como, de costume...

— Alá vai.

— ¿Como se chama?

— Buscando fío.

— Veña logo, e non bote a língoa a pacer.

II[2]

— Pois, señor, andaba Dios tan escismante buscando como faguer os donos daquel mundo que fixera, como andades vós decote buscando un mozo que vos faga cóxegas...

— ¿Xa escomenza?...

— Calade, rapazas, que asina como o conto se chama "buscando fío" así eu o ando buscando, por aquelo de que polo fío sácase... xa me entendedes...

Pois como ibamos decindo, andaba, Dios, caviloso e a forza de darlle voltas veulle, (que a forza de tempo todo vén), veulle á chola o modo de faguer os primeiros donos que había de ter o mundo.

---

[1] Reproducido en *El Eco de Galicia*, número 440, 1904.

[2] Non existe esta segunda división en *EG*.

E meu dito, meu feito, colleu unha presa do que tiña máis a mau que us din que foi barro e eu penso foi esterco a xusgar polo que saíu e púxose a encher os moldes que fixera, e que vós xa sabredes como serían por ser igoales ós que teñen os alfareiros.

Pero cando iba a xuntar as dúas mitades, ouviu unha algueirada que facía un fato de anxelotes trouleadores e co gallo de pór paces alá se foi deixando o choio a medio faguer sin parar contas nun anxeliño pequeneiro e argallante que estivera outeando o[3] texemanexe en que andivera o Señor, e que no mesmo istante en que este virou o corpo prantouse diante os moldes e púxose a acabar a obra.

Pro como non tiña forza e andaba de présa coa recelía de que o visen e lle arrincasen unha orella, resultou que non apegou ben as mitades dos moldes. Chegou Dios e ó ver o resultado botouse a rir e dixo: — Pois a que así vos fixeron así quedades.

— Pero, Señor, berraron eles, ¿vamos a quedar así coa barriga aberta?...

— Deixádeme en paz que non teño gana de leria, e collendo un fío que viu nunha silveira, partiuno ó medeo e dándolle a cada un a metá, díxolles:

— Tomade, cosende esa abertura, e conforme cosades así quedades.

Pois Señor, colleron os fíos e puxéronse a coser.

O home como sempre é máis aforrón e xuicioso, coseu con método e non soilo lle chegou, sinón que lle sobrou fío e fío, tanto que non querendo cortalo fíxolle dous nobelos pra que non arrastrase e inda lle quedou colgando.

Pero a muller sendo como todas derrochadora e tola, coseu sin orden nin xuício de modo que se lle acabou o fío inda lle quedou un gran anaco sin coser...

— ¡Asús que condanido... ¿quer calar?... ¡ora diaño de vello!...

— E por eso dende entón sempre andades as mulleres detrás dos homes...

— Ai, eso, si... ¿non sei pra que?...

— Pra que, pra que... ¡buscando fío!...

---

[3] e *(EG)*.

CÓXEGAS[1]

— ¿Como te baldreas, Gumersinda?

— ¿Seica se divirte?

— No, a diversión é que andas ás palpadelas[2] cos mozos e vaiche pasar outra como a de marras.

— Fágame máis favor, que eu non son desas...

— Eso alá ti, a primeira paseicha e collinte na casa... pro si che volve a soceder non será asina...

— Boeno, boeno ¿e que me ha de suceder[3]?...

— ¿Que che ha de suceder[4]? Ter outro fillo como o que tiveches.

- ...[5]

— Xa, xa, a que non quere...

— Pois foi, si señora, foi á forza[6], colleume e eu non podía berrar porque ouvía a xente e era unha vergonza, pro eu loitaba, soilo que craro... ¡fíxome cóxegas e deume a risa!... e eu ¿que lle había de facer[7]?...

---

[1] Publicado inicialmente en *Contos, leendas e tradiciós* e reproducido en *El Eco de Galicia,* nº 448, 30 de marzo de 1904. Ademais este conto incluíuse no volume *Prosa Galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*, cit., pp. 180.

[2] ás apalpadelas (*CLT*).

[3] soceder *(CLT).*

[4] soceder *(CLT).*

[5] En *CLT* despois desta intervención inclúese unha frase en boca da muller que non se inclúe en ningunha das versións posteriores: "Si o tiven foi á forza, que eu non quería..."

[6] Pois foi, pois foi á forza *(CLT).*

[7] había faguer *(CLT).*

Despois deste relato inclúese o poema "A vendima".

NIÑO DESFEITO[1]

I

Espallouse treboada de harmonías[2], era a primeira niñada que faguían e celebraban seus amores.

Entre bico e bico foran carrexando as briznas de palla, os anacos de papel, os trozos de musgo.

Arrancaran a pluma[3] do seu peito pra facer[4] máis morosiña a cama, e en tanto que el[5] cantaba en preto ramallo, ela, soila, deitada no niño coa caentura[6] da maternidad acochaba os oviños que gardaban o productivo xermen dos seus quereres.

Nunca como entón poido ela saber o que val ser amada; traíalle el con tenra solicitud a comida, pousábase na beira do niño cofeando a súa roxa cabeza contra a dela, e rebuscaba no seu repertorio o máis doce trinar, as máis melosas cantigas.

Crac, crac, fixo a casca dos oviños e asomou unha cabeciña parda cincenta, cun pescozo moi largo e tras del un corpiño debre, enguruñado, cuberto de pelusa como a dos ratos.

¡Que derroche de arpexios! ¡que tolería de cantos!

Pousados na beira do niño mirábanos entrambos con ollos degorantes.

¡Que escala de gorxeos, que espallar de harmunías, que de amorosos himnos! Calábanse os demais paxaros avergoñados, sospendía a bris o randear dos folletos[7] pra mellor ouvir, e hasta os regos se

---

[1] Relato pertencente a *Contos, leendas e tradiciós* que se reproduciu tamén en *El Eco de Galicia*, nº 449, 10 de abril de 1904.

[2] harmunías *(CLT)*.

[3] Arrancaron a pruma *(CLT)*.

[4] faguer *(CLT)*.

[5] il *(CLT)*.

[6] calentura *(CLT)*.

[7] follatos *(CLT)*.

queixaban por non se poder parar baixo o arbre donde os dous paxaros trobando cantelas[8] festexaban o primeiro fruto dos seus amores. ¡Que traballos[9] non pasaron! Nin bechos a terra nin froitas os arbres tiñan que eles non trouxesen[10].

Traguía aquil a mosca de irisados cores e estoutro[11] picaba as maduras[12] cereixas ou pindurante do peteiro traía longa[13] e rousada miñoca, e en tanto que un voaba en esculcas de alimento prós seus fillos quedaba o outro beira do niño por non os deixar soilos.

E eles ¡como alargaban a un tempo os pescozos, como abrían o peteiriño[14] e que xeito máis doce de piar non tiñan!

Asina pasaba o tempo; xa ós paxariños lle caíra a tiña[15] e xa capa de branda pruma lle cobría o corpo.

Na cabeciña despuntaba o vermello cor carauterístico da súa clas[16] de xílgaros e pronto os xa impacentes pais iban a cruzar o espazo lucindo fachendosos seus pequechos.

Pro non hai[17] mal que non acabe, nin ben que dure.

Unha tarde chegaron us rapazotes preto do arbre.

Paráronse ó pé e un deles comenzou a gatuñar por el enriba.

Os probes pais sintiron que o curazón se lle apreixaba, e trémulos, degorantes, brincando de ponla en ponla[18], chiaban tristeiros, interrogantes, con medo.

Seu curazón de pais[19] presentían[20] o que lle iba a pasar.

---

8 Cantinelas *(CLT)*.
9 traballo *(CLT)*.
10 había que eles non trouxeran *(CLT)*.
11 este *(CLT)*.
12 picaba as máis maduras *(CLT)*.
13 ou pindurante traguía larga... *(CLT)*.
14 a boca *(CLT)*.
15 lle caíra o pelo *(CLT)*.
16 cras *(CLT)*.
17 ha *(CLT)*.
18 de poula en poula *(CLT)*.
19 pai *(CLT)*.
20 presentía *(CLT)*.

O rapazote chegou donde o niño, botou a mau e... ¡zas! os paxariños fuxiron e tan soilo un máis debre ou cicais sin tempo deixose[21] coller. Pro os fuxitivos, sin forza, sin costume, caíron ó chau e alí fuxindo, metéronse baixo de herba, e escapa de eiquí, fuxe de alí, perdéronse de tal maneira, enredaron nas fiañas súas debles perniñas, que sabe Dios que foi deles.

II

Preto do arbre había unha chouza.
Na chouza había un rapaz.
Aquel fora o que pillara o paxaro, ben o sabían os coitados pais que o foran seguindo e non o perderan un instante de vista[22].
O rapaz meteuse dentro[23] da chouza levando o paxariño preso polas pernas.
Dalí a un pouco apareceu na ventana cunha xaula, dentro[24] da que viña o paxaro.
Colgouna nun cravo e marchou[25].
A carón[26] había unha cerdeira que chegaba coas poulas hasta cerca da ventana.
Alí, de poula en poula foron saltando e acercándose á xaula.
O paxariño, ó sentilos, comenzou a piar e a bater os aramios[27] co pico.
Os pais, degorantes, voaban dun lado pra outro sin se estrever a ir xunto dil[28].

---

21 deixouse *(CLT)*.
22 non o perderan nin un istante de vista *(CLT)*.
23 drento *(CLT)*.
24 drento *(CLT)*.
25 marchouse *(CLT)*.
26 Frente *(CLT)*.
27 En *CLT alambres* en tódalas aparicións.
28 xunto el *(CLT)*.

Por fin o amor foi máis grande có medo, e, ¡zas!, dun vo pousáronse[29] na xaula. Como viron que nada lles pasou, foron adquirindo[30] confianza e xa non se apartaban dalí e traguíanlle de comer e arrolábanno[31] como cando estaba no niño.

Pro o diaño do rapaz metéuselle na cabeza coller os pais, e vindo calado, moi caladiño, ¡zas!, cando estaban máis descoidados botoulle o pucho enriba.

Ouviuse un chíido[32], e un dos paxaros quedou baixo o chapeu mentras que outro fuxía escorrentado.

O rapaz lanzou un berro de alegría; pro cando con moito coidado foi levantar o pucho encontrou aprastado o paxaro[33].

O coitado fora o pai, de cabeciña roxa e de gorxa de anxe.

Desde entón a nai xa máis non se estreveu a se acercar ó seu fillo, e desde as poulas do arbre salaiábase mirando tenramente[34].

Pro ben veñas mal, cando ves soio.

Un día que como de costume miraba desde lonxe pró seu fillo, quedouse trembeleando de medo e de angustia[35].

Mesmo beira da xaula un gatazo[36], grande, pardo, estarricaba[37] as poutas e abría a boca despreguizándose[38].

Despois, ó fixarse na xaula, encandiláronselle os ollos e, cataprún, dun brinco púxose enriba dela[39].

O paxariño acurrunchouse nunha esquía, e medrorento[40], fasciñado, nin forza pra chiar tiña, nin cuasemente se daba xeito pra se

---

29 puxéronse *(CLT)*.
30 adiquirindo *(CLT)*.
31 arrolábano *(CLT)*.
32 chido *(CLT)*.
33 encontrouse con que matara o paxaro *(CLT)*.
34 e mirabo con tenreza *(CLT)*.
35 e angustia *(CLT)*.
36 gataso *(EG)*.
37 estiraba *(CLT)*.
38 desesperezándose *(CLT)*.
39 deu un brinco e púxose enriba dela *(CLT)*.
40 medroñento *(CLT)*.

librar daquela pouta que por entre os aramios andaba mangueando pra collelo.

En troques a nai voaba dun lado pra outro, queixábase doída, chiaba tristeira, supricante, espallaba tenrezas, improvisaba enerxías, e ás veces tola polo dor lanzábase hacia o gato cal si quixera arrancarlle os ollos.

Despois esmaída pousábase na poula, e cal si quixera conmover o verdugo do seu fillo, queixábase con tan doces salaios, que os paxaros das alboredas calábanse medrocientos[41] e adoídos.

Ouvíuse un chío do paxariño e a coitada nai viu como a pouta do gato sacaba por outro os aramios da xaula ó seu filliño, sintiu o cruxir dos ósos[42], e tola, doente, fuxiu por entre as alboredas, queixándose tan triste, tan triste, cal debe ser a elexía da nai que ve morrer o fillo e da noivia que ve desfeito o niño dos seus amores.

---

41 medroñentos *(CLT)*.

42 de ósos *(CLT)*.

¡MENTIRÁN![1]

I

Nin garelo de Betanzos, nin rillote de Santiago, e casi casi nin graxo de Ourense, chegaban[2], no tocante a trasnadas, xunto[3] aquel laverco de Crispín.

Mallaba nos pequenos, enguizaba os grandes, bulrábase dos vellos, facíalle[4] palpadelas ás mozas, e sacaba a língoa fóra, cando o pai corría tras dil para lle espantar as moscas.

Non había niño, do cal el non soupera, froitas que non furtase, nin galiñeiro seguro.

Cando non andaba ós paxaros no monte, ou collendo poútegas[5], ou faguendo entre dúas pedras papallós coas amoras das silveiras, andaba no río pescando troitas a man[6] nas raíces dos amieiros[7], anguías ó tenedor entre os seixos, ou faguendo rabear[8] ós muiñeiros, parándolle[9] o rodicio, e as mociñas lavandeiras ensinándolle[10] o que elas non tiñan.

Non se podía facer[11] bon dil, e ó mesmo tempo, queríano como ó pan trigo, porque as graxadas facías[12] con inxenio[13], que é ben certo aquelo de que, graxo e tonto, non pode ser, e ademais tiña un carís tan fermoso, que namoraba os cinco sentidos, pois non había

---

1 Relato pertencente ó volume *Contos da terriña.*
2 chegaba *(CT).*
3 xunta *(CT).*
4 faguíalle *(CT).*
5 póntegas *(CT).*
6 mau *(CT).*
7 ameneiros *(CT).*
8 ou xa facendo rabexar... *(CT).*
9 parándolles *(CT).*
10 enseñándolles *(CT).*
11 faguer *(CT).*
12 faguíaas *(CT).*
13 inxéneo *(CT).*

raparigo con ollos tan churrusqueiros, beizos tan roxos, sempre con sonrisa bulrona, e corpo tan garrido, a pesar[14] de andar co aqueles farrapos que, polas moitas portas que tiñan, deixaban ver máis do conveniente.

E queríano todas, porque era calado como unha pedra, e el, que sempre andaba riolando de eiquí para alí, vira máis dunha vez as mozas da aldea en certos tratos, e xamais se soupo nada, señal de que il non o dixera, pois contentábase, cando no pobo topaba cunha das máis beatas e moscas mortas, con lle chiscar[15] un ollo, faguendo polas máis vermellas que as doas das silvardas.

Non se pode negar que de vez en cando pedíalle a algunha moza... albaiaca e melindres, dos que lle daba a outros, que o que ten fame e non come, é porque non pode, e tal, e sí señor; ademais que, co aquel carís enfeitizado e aqueles andares meigos, andaban tódalas mozas namoradas dil e anque non fose porque calase, déranlle elas de comer canto quixera.

Eso sí, así como non hai libro que, por malo que sea, non teña algo bo, así tiña el unha virtú moi grande; e era o cariño que lle profesaba á nai.

Queríaa tanto, que as mellores froitas, as máis criadas niñadas e as troitas máis sabrosas eran pra[16] ela; e así foi que, ó pedirlle, churumeira, que se confesase, pois era unha vergonza que, ós dasaseis[17] anos, estivese asina, por darlle gusto, consintiu en ir á eirexa.

---

[14] a pesare *(CT)*.
[15] chuscar *(CT)*.
[16] para *(CT)*.
[17] dazaseis *(CT)*.

II

Miráronse o cura e el, como can e gato, porque o crego sabía o peixe que tiña diante, e o rapaz sabía os pasos que daba mal o crego; pero os dous calaron o que pensaban, e comenzou a confesión polos mandamentos.

— E ti ¿amas a Dios?...

— E ¿vosté ámao?...

— ¡Eu, sí!

— Pois eu tamén.

— E ti ¿xuras en vano?

— E ¿vosté?

— ¡Eu, non!

— Pois... eu, tampoco[18].

Pasaron outros tres mandamentos, e o rapaz sempre co mesmo estribillo, co cal o crego bufaba xa, de requeimado que estaba coa sorna do rapaz.

Pero, ó pasar do quinto, o abade sonriuse, crendo que o tiña seguro, e decindo para si — eiquí te quero, escopeta —díxolle:

— E ¿a ti góstanche as mozas?...

— E ¿a vosté góstanlle?....

— ¡Asús! —brandou o crego, enrabechado— ti non ves que eu non podo pensar nesas cousas...

— ¡Mentirán!...

— ¡Ti que dis, galopín! ...

— ¡Mentirán!....¿e logo, que vai faguer xunto a Marica do Trelo tódolos días?...

— ¡Ti eres o demo[19] que me ves a tentar!...

— Canté, que os vin eu na robleda do feiral... ¡mentirán!... ¡mentirán!... —e antes que o enfuruxado crego lle poidese botar a

---

[18] tampouco *(CT)*.

[19] ére-lo demo *(CT)*.

mau, xa el, rindo a todo rir, se chimpara fóra da eirexa, en tanto o abade muxía como un xato.

E din as malas língoas que, ó mellor, cando vai por unha corredoira, sole asomar por entre as madreselvas e as silveiras dos cómaros unha cara fermosa e agrexada que lle berra: — ¡mentirán... mentirán... mentirán!...

INVERNIZA[1]

A carón, a devesa solitaria sin arbres nin chousas, o chan cuberto de carrouchas cativas e nas corgas donde a fonte deitaba, algús xuncos e cerboas tremantes por invernizo curisco. Monte arriba as ovellas[2] e as cabuxas pitiscando silveiras e salgueiriñas que medraban entre os penedos[3] e aló embaixo, no fondo, donde o pequeno val deixaba ver os verdores das cortiñas e os nabales en flor, entre os carballos espidos de folla as casas acurrunchadas da pequena aldea, beira da cal o rego parolaba enchendo de escuma os remansos e trazando ó seu paso longa ringoleira de ameneiros que ó esborronearse nas néboas daquil apardecer de inverno, somellaban porcesión de pantasmas saíndo do adro, máis adiviñado que visto no revolver dun outeiro.

Carmela, sentía que aquela tristeza[4] da gándara solitaria; do día neboento, do paisaxe agreste, do ceo promizo e da terra miserable, faguía boa xuntanza coas tristuras da súa alma coas soedades do seu curazón, coas miserias da súa vida toda.

Ó mirar pra aldea, tan calada, tan morta, lembrábase doutros tempos cando a mocedá da parroquia se xuntaba no turreiro baixo a rolda de castaños e o son da gaita, entre os parrafeos e as enchoiadas dos noivios, nas noites dos folións ou nas tardes das romaxes, brincaban con tódalas alegrías da xuventú e tódolos ardores dos primeiros amores.

Lembrábase da aldea rebuldante de vida, os campos enchentos de froito, os hórreos e as cabanas, toupando de cheos e as eiras con medas como castelos: e agora os campos sin traballar, ermos, as casas arruinadas, e soilo mulleres e vellos cangados cos ollos roxos de chorar polos ausentes que a emigración lle levara, e os corpos sin

---

[1] Reproducido en *Follas Novas*, número 451, 1906.

[2] avellas *(FN)*.

[3] entre penados *(FN)*.

[4] Falta a palabra *tristeza* en *FN*.

forza pra resistir a fame, ganando a penas con que pagarlle ó crego que os esplota, ó cacique que os rouba, á curia que os asesina e hasta o ceo parecía se volvera contra eles facendo secar os soutos de castiñeiros e matando o gando a eito.

E ó pensar nos ausentes, pensaba no seu Rosendo, aquel mociño de ollos de ceo e falar mimoso que nas noites do serán baixo da parra que sombrea a eira, apreixándoa contra un ombreiro lle decía con meiga sonrisa:

— Carmeliña, eres doce como a mel das abellarizas, garrida como a xunca do regato e branca, branquiña, como un oviño de rula ou a flor da laranxeira... e eu ámote... non me chames mintireiro, que asina ande como as cobras a rastro ou morra nun camiño, si o que che digo é mentira...

E ela tremante como os follatos que randea a bris avesiña amorosa, cobizante de facer niño no peito do seu cortexo; esmorecía con tenros quereres, parecéndolle aquela voz meiga, música de anxos que lle falaban dun ceo descoñocido[5], e deixábase bicar por aqueles beizos tremantes en tanto o xentil mociño a cenguía contra si con estremecementos de espertares amorosos.

Despois viñeron os malos tempos, as cosechas estropeadas, os cartos pedidos e os rédetos acabando con todo e a emigración forzosa, emigración aborrecible porque non é por gusto, senón por necesidá. E aló marchou Rosende. Hasta o cruceiro da encrucillada foi con el e alí se deron o últemo[6] bico e a últema aperta, entre as bágoas desesperadas dos dous nenos que o mal sino separaba. Despois tras tempos, veu a carta malfadada, de que morrera, e desde entón soilo o recordo enduzaba as horas tristes, saudosas daquel curazón morto pra[7] sempre.

---

[5] desconecido *(FN).*

[6] último *(FN).*

[7] para *(FN).*

As ovellas arrecadadas[8] voltaban pra casa sorteando os barrizás dos tremos, a néboa mexona, cincenta, baixa, arrastraba seus farrapos de méndego polo chan pizarroso, e estrana melanconía, apreixaba o peito con infinitas saudades.
Aló embaixo, das chouzas[9] do val, salía o fume negro, cheirante, dos codesos e os fieitos queimados inda verdes.
Carmela, arrimada a unha sebe de terrós, medio estrombada, parés que por última vez naquel día quería coma decote contemplar o camiño por onde o Rosende marchara pra non volver.
De súpeto as campás da eirexa, tocaron o *Anxelus* e as súas vibraciós melancónecas zoaron no estreito val como unha lamentación dorosa[10] que nos invitaba a esquecer[11] as cativeces do mundo miserable pra pensar no ceo.
Carmela axinollouse[12] e quixo rezar, pero o peito magoado rebentou en soloucos[13] desesperados de pena inmensa, de infinitas amarguras, de tristezas e saudades nunca vistas.
Recordou súa vida miserable, súa miseria espantosa, ollou súas carnes desnudas, sentiu seu estómago doído das fames diarias, lembrouse da chouza cuberta de colmo que non[14] tornaba a chuvia, e a palla dura, podrecida, onde non podía conseguir o sono, e por riba de tódalas fames e de tódolos desamparos[15], a fame de cariños e o desamparo horrible en que a deixou a morte do Rosendo, de seu mociño de ollos de ceo e falar mimoso: e na súa alma iñorante de campesina, brotou con forza a dúbida na xusticia daquel Dios que quere lle chamemos pai, e pareceulle que era unha bulra ese nome pra quen nunca lle dera máis que penas e esconsolos e dores e agunías como si ela fose unha filla de maldición.

---

[8] arrancadas *(FN)*.
[9] chousas *(FN)*.
[10] dolorosa *(FN)*.
[11] esquencer *(FN)*.
[12] axinolouse *(FN)*.
[13] soulocos *(FN)*.
[14] nen *(FN)*.
[15] desemparos *(FN)*.

E erguida, arrogante con mirar cheo de feles e a boca de desdés ollaba con fixeza o ceo cal si buscase a Dios pra preguntarlle por qué preiteaba co ela ou por qué a fixera pra matalos decote.
Pero o ceo, invernizo, pardo, cincento, mais escuro pola noite veciña non deixaba ver máis que negruras, e soilo na corredoira un carro chiaba con salaiar prolongado, infinito, como lamentación eterna de eternos dolores prás almas ateridas co frío do inverno perpetuo que deixa a morte do amor primeiro no alborexar da vida.

Villa-Placer (Ames, 1902)

O EMIGRADO[1]

Maruxa, si ó Camposanto
vas rezar pola naiciña,
pídelle a Dios que eu aixiña[2]
poda facer outro tanto.
E mándame, cando escribas,
das que nascan riba dela,
unha florciña[3] marela
desas que din Semprevivas.

(*Cartas de un emigrado)*
O autor

¡Quen sabe! aquelas ondas vagorosas que morrían na costa americana, cicais serían as mesmas que bicaron o chan[4] de Galicia, da patria ausente, da terra amada. Cicais serían as mesmas que baloucaron nos acantilados de Malpica e Finisterre, que xogaron nas praias de Riazor ou[5] se adormentaron nas plácidas[6] rías de Arosa, ou no mar azul de Vigo.

Aquelas augas que lle mollaban os pés, cicais serían as mesmas dos regatos paroleiros, das claras[7] fonteliñas da súa terra, cicais traguían no seu seo os cantos das fiadas, as músecas das romaxes, os aturuxos das lagaradas.

---

[1] Publicado inicialmente en *Contos da terriña* onde levaba como dedicatoria "Ó meu amigo Basilio Santalla". Reproduciuse ademais en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires en 1895 e en *Revista Gallega*, número 435, 1903.

[2] axiña *(CT)*.

[3] frorciña *(CT)*.

[4] chau *(CT)*.

[5] e *(CT)*.

[6] prácidas *(CT)*.

[7] craras *(CT)*.

Cicais ouviron xumiar a naiciña, ou a muller, ou a noivia[8] polo ser querido que gana o pan en[9] terra estrana.
Cicais nas noites de lúa esprendente, viron no xardín chorar a nena, que pensa no infeliz emigrante que vai estirado[10] como o gando.
Cicais ouviron[11] o reiseñor ou o malvís que canta de noite nas ruínas dos mosteiros e castelos, como chorando a ruína da pátrea antes gloriosa[12], cicais traen no seo[13] pingotas de orballo, perfumadas polas flores[14] do chan[15] gallego.
Cicais... ¿pero[16], pra[17] que seguir? pensaba o que pensa todo o que suspira[18] pola terra onde pon cariños, amores, creencias e recordos.
E ó verse soilo, en terra estrana, sentía brotar as bágoas, bágoas máis amargas que aquil[19] mar que lle mollaba os pés.
E de súpeto, pensou que Dios, compadecido, lle deixaba entrever un anaquiño da terra; maxinou si cicais a súa nai baixara do ceo e bolboroteaba[20] en torno seu, espallando, pra consolalo, harmonías que adormeceran [21] no berce en que ela o bambeaba[22], senón si cicais aquelas raiolas da[23] lúa que envolvían[24], traguían enredantes, cheiros da

---

8 noiva *(RG)*.
9 na *(CT)*.
10 estivado *(CT)*.
11 ouvieron *(EG)*.
12 groriosa *(CT)*.
13 no seu seo *(CT)*.
14 frores *(CT)*.
15 chau *(CT)*.
16 pro *(CT)*.
17 para *(CT)*.
18 sospira *(CT)*.
19 aquel *(CT)*.
20 borborereaba *(CT)*.
21 que o adormeceran *(CT)*.
22 que ela bambeaba *(CT)*.
23 de *(CT)*.
24 que o envolvían *(CT)*.

terra, ecos da patria, renxer dos seus bosques, xemer dos seus pinares, marmuxar dos seus regatos, e sospirar[25] das súas fontes...
Preto, moi preto dil, ouvía a meiga alborada gallega[26], e creu[27] ver as mañás da terriña[28] cos seus derroches de soaves rousadeces, cos seus algueireos de paxaros, en tanto se despechan os roxos corredores, e os veciños aparecen mal despertos, e as raparigas lle botan os noivios[29] poulas de albaiaca ou craveles rebentós, non tan roxos nin perfumados como seus beizos.
E hipnotizado, avantou, avantou en busca do máxico encanto que facía[30] cos acordes da súa terra rebrincar o curazón, e ó atoparse co múseco descoñocido, un emigrado como el, sin fixarse que era un méndego, que era un pobre, un desgraciado, un méndego[31], estampou na súa frente un bico, un bico apasionado[32], no que condensaba tódolos quereres, tódolos amores de nai, noivia, amigos, que en xuntanza recordáballe o santo nome da patria... en tanto, o pobre múseco quedaba parvo, ó sentirse abrazado daquel xeito.
¡Ou terra amada, terra fermosa, nunca sabemos o que te[33] amamos, hasta que nos vemos lonxe de ti, e sofrimos escismando que cicais o sino non nos permite ter a sepultura donde tivemos o berce que:

¡Pobre do pobre gallego
a quen o ceo hasta nega
do chan[34] da patria unha tega
pra dar o seu corpo achego!...

---

25 sospiros *(CT)*.
26 a meiga, a meiga alborada gallega... *(CT)*.
27 creeu *(CT)*.
28 patria *(CT)*.
29 noivos *(RG)*.
30 faguía *(CT)*.
31 que era un pobre, que era un desgraciado *(CT)*.
32 ardente *(CT)*.
33 che *(CT)*.
34 chau *(CT)*.

O SAPO E O VERME DE LUS[1]

As herbas medio muschas, do sol atafegante de polo día, comenzaban a erguerse coa frescura da noite.

As froles randeábanse os bicos da bris, esparexían doces cheiros e nas súas corolas brilaban as pingotiñas de orballo ó ser feridas polas raioliñas da Lúa.

Todo estaba en silencio.

Ó pé dun valado entre unhas herbas brilaba fosforescente un verme de lus.

Estaba quieto, inmobre[2], sin incomodar a naide, máis ben sendo útile e agradabre.

De súpeto sintiu, un[3] pouta que se pousaba enriba dil e ó volver a cabeza tópase cun sapo que o miraba con alritados ollos.

— ¿Que che fixen pra me tratar así? —preguntou o probe verme.

— Nada[4] me figueches pro eu aborrézote.

— En nada vos poiden faltar posto que nunca vos coñocín.

— Ti brilas e eu non, ti con ser menos que eu atraes as miradas de todos e en min naide se fixa, a ti si te ve a xente cóllete con xúbelo[5] e vas adornar o peito ou os cabelos de fermosa meniña e a min si me ven volven a cara por non trousarse, ódiote a morte e si queres conservar a vida ha de ser coa condición de non brilar.

— Eso anque eu queira non pode[6] ser.

— Pois eu farei que seia.

— ¿Con que direito[7]?

---

[1] Publicado en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, número 434, 1903. Tamén apareceu en *Nova Galicia*, de Bos Aires, número 50, 1904 e en *Revista Gallega*, número 613, 1906.

[2] innobre *(NG)*.

[3] unha *(RG)*.

[4] Na *(RG)*.

[5] súbelo *(NG)*.

[6] poide *(NG)*.

[7] dereito *(NG)*.

— Co do máis forte —e sin oste nin moste aprastouno contra do chan.

O verme morreu sin exalar nin tan xiquer unha queixa, pro a pesar de morto seguía brilando cada vez máis.

O sapo, enrabexado, iracundo pisoteaba e removía e o diaño do verme cal si as súas propiedades fosforescentes se escitasen inda máis polo frote brilaba e máis brilaba e o sapo ó verse impotente pra anular o que máis o irritaba do seu namigo, porque cuasemente era o que il non tiña e envexaba, fuxiu bruando e meteu os ollos nas gallas dun escambroeiro pra evitar o tormento que lle producía o ver aquela luz[8] acusadora da súa impotencia, e do seu pouco valer.

Ou sapos da humanidad[9], si vos alritan os destellos do xenio cegade si queredes, mais non intentedes porlle trabas que cantas máis teña máis brilará e os vosos esforzos soilo servirán pra anotar o contraste entre o seu valer e a vosa porcallada.

8 lus *(EG)*.

9 humanidá *(EG)*.

FARRUCO[1]

A pé cun saquiño ó lombo facía[2] us anos que chegara ós Madriles. Alí empregouse en tódolos oficios que a súa sorte[3] lle deparou, mozo de corda, aguador, varrendeiro, qué sei eu, o demo e a nai.
Comendo hoxe pra aiunar mañá, non ceando o día que xantaba, foi carto tras carto xuntando un peto que ó verse co el[4] cheo fíxolle sentir a necesidá de ir gastalo á terriña.
Meu dito, meu feito, dispidiuse dos compañeiros, arreglou os negocios[5] que traía entre maus e dispúxose a partir.
Pro alí era ela.
Tren non o había entón, a dilixencia costaba moito e pra ir a pé non estaban seguros os camiños prós que levasen algo que perder[6].
Farruco púxose o traxe máis esfarrapado que tiña, escondeu os cartiños nun síteo senón moi limpo, moi sacreto, do seu corpo[7], e dempois de facer[8] anacos a cédula personal botouse con aquela facha polo camiño adiante[9].
Tal como botou as contas así lle saíron.
A primeira[10] parexa de civiles que o atopou detivo e ó ver[11] que non levaba papés levouno preso.
Alí dixo de donde era e en secuencia ordenouse que fose conducido de parexa en parexa hasta o seu pobo[12] e que se lle administrasen os socorros necesarios[13].

---

1 Relato pertencente a *Contos, leendas e tradiciós*. A seguir inclúese o poema "O cruceiro da serra", subtitulado "Lenda".
2 faguía *(CLT)*.
3 que a sorte *(CLT)*.
4 que o il *(CLT)*.
5 nagocios *(CLT)*.
6 En *CLT* hai dúas frases máis:
Farruco púxose a cavilar e no tardou en atopar o médeo de que non o roubasen polo camiño.
Pro algo lle había de servir a sotileza dos da terra.
7 non moi limpo do seu corpo *(CLT)*.
8 faguer *(CLT)*.
9 endiante *(CLT)*.
10 pormeira *(CLT)*.
11 que atopou detúvoo e ó ver... *(CLT)*.
12 hasta seu pobo *(CLT)*.
13 nacesarios *(CLT)*.

Farruco faguía que xumiaba, pro polo zorro non lle cabía a risa no corpo. Por fin un día tras outro, pro sempre moi gardadiño no médeo dos civiles, chegou a casa, e alí que xa recibiran carta polo correo agardábano en son de festa.

Os civiles ó mirar aquelo cuasque se pasmaron, pro seu pasmo rubiu inda máis cando mandándoos pasar topáronse cunha boa fonte de lacós e unha bota toupando de bo viño do Ribeiro.

Entón Farruco namentres[14] lle cortaba longas rabandas[15] de pan albeiro, entre malicioso[16] e grave, dixo:

— Pedirlle seguridad á xusticia e protección ó goberno, eiquí en España é o mesmo que ladrarlle á lúa.

Dempois de tantos anos de traballos eu non podía conformarme con chegar a casa en porregañas.

Asina foi que me valía do modo[17] que vedes.

Mediante il viñen sempre no médeo[18] da guardia civil gardado como si fose un rei e que non soio impidiu[19] me roubasen os aforros senón que en vez de gastar no viaxe inda me sobrou dos socorros que me deron.

Con que comede e bebede canto queirades, como si fose[20] na vosa casa e que se non vos esqueza que pra un paisano[21] dos de Galicia.

nunca hai mal preito
que buscando retranca non lle de xeito[22]

---

14 namentras *(CLT).*
15 rabanadas *(CLT).*
16 maliceoso *(CLT).*
17 ardid *(CLT).*
18 medio *(CLT).*
19 impediu *(CLT).*
20 fora *(CLT).*
21 peisano *(CLT).*
22 nunca hai mal preito
que con maña e malicia non lle de il xeito *(CLT).*
En *Contos, leendas e tradiciós* o relato aparece datado en 1866.

UN SERMÓN EN NOIA[1]

— Cada un vive como pode e Dios con todos... e o traballo non é deshonra... e o que máis fala menos fai, e lingua marmuradora nunca falta, pero ás veces o que vai por la sai trasquilado e o que moito se zanguea paus leva, que non sempre está o forno pra cocer bolos... e fol mollado masa leva, e tal e si señor.

— Porque, boeno, que unha groma a tempo non debe causar noxo, si señor, pro que sempre lle esten furga que te furga, ¡ora o demo! nin besta de arrieiro que non pregunta quen a monta nin carga que leva.

Todo esto, pensaba Xan de Chouchiños ó salir da eirexa na cal se armara unha rebumbiada que nin nas elecciós.

E a cousa non era pra menos, boeno si, xa se ve que os de Noia son todos Viturros, digo, zapateiros pero dito unha ves xa está dito, e non hai porque zanguearse deso, que cada un é pai dos seus fillos[2].

O caso despois de todo foi sinxelo. Os de Noia quixeron faguerlle a festa á nosa señora da Consolación e pagáronlle a un predicador coa obrigación de que non lles había de dar gato por lebre, esto é, que non lles había de botar un deses sermós que adeprenden en libriños feitos pro caso, senón apropeado á festa do día.

E o crego tan ben quixo axustarse ó prometido e demostrar que o sermón era propio da tal Virxen, que non atopou medio mellor que nomeala desde o principio ó fin.

E meu dito meu feito.

Rubiu[3] ó púlpeto, toseu, cuspiu, sonouse, limpou a frente, carraspeu tres ou catro veces, persinouse, marmullou polo baixo dous ou tres latinorios, ollou pra tódolos lados como quen busca algo, volveu carraspear e escomenzou.

---

[1] Reproducido en *Revista Gallega*, número 578, 1905.

[2] O conto baséase na tradicional sona dos zapateiros de Noia.

[3] Subiu *(RG)*

Todo foi pasando, namentras falou de todas esas cousas de que falan os cregos que de tantas veces ouvilas naide as escoita.
Pero chegou o punto culminante, e cos ollos en branco, as maus estendidas e debruzado no púlpeto como cando os rillotes se botan ó río de sulago comenzou a increpar á Virxen.

— Oh Virgen mía, *consuela* a los pobres... *consuela* a los afligidos... *consuela* a los huérfanos... *consuela* a los necesitados... *consuela* a los que sufren... *consuela* a los desvalidos... *consuela* a los desamparados.
Aí tienes a todos, con *su vela* al niño, con *su vela*... al hombre con *su vela*, a las mujeres con *su vela*, al rico con *su vela*, al pobre con *su vela*, al huérfano con *su vela*, a la viúda con *su vela*... *consuela*, *consuela* Virgen mía, *consuela*, *consuela* a todos, que todos traen *su vela*, *su vela*, *su vela*...
Non poido acabar, os de Noia que xa estaban amolados de ouvir nomear tanta suela e tanta subela, seica por aquelo de que non debe nombrarse a forca na casa do axusticiado, non poideron aguantar máis e berráronlle... — Baixe de aí, recorcio... que somos zapateiros xo sabemos... pero que nolo veñan botar na cara non llo aguantamos a naide, e foron tántolos golpes e subelazos[4] con que botaron o crego da eirexa que non parece senón que lle querían facer do coiro mallós pros zapatos.
Por eso desde entón cando lle falan ós cregos de ir botar un sermón en Noia, botan as mas ás nádegas pois xa sinten nelas os subelazos daquel enxame de zapateiros.
Que din alí que o gato escaldado da auga fría foxe...[5]

---

[4] O equívoco fundaméntase na confusión do castelán *con su vela* coa palabra galega *subela* que é o instrumento empregado polos zapateiros para furar e coser.
[5] Despois deste conto vai o poema titulado "¡Asús!".

SOLFA[1]

Todo o que tiña de goapo e garrido, tíñao[2] de tímido e aparvado cando de mulleres se trataba, Manoeliño, o fillo do latoeiro.

Andaba decote polas feiras vendendo faroles, e cifraba toda a fantesía naquela voz, que non había pregoeiro que a tivese igoal, berrando a non poder máis:

Faroles vendo, faroles... que, de tanto oílo, era xa a muletilla das rapazas da vila que se zanguaban co il cando o collían a mau.

Pero ningunha como a Petenera, pesca das máis coñocidas, non solo entre os rillotes, senón hasta entre os estudiantes[3] que polas mañás van á praza a esculcas de mozas bonitas.

A penas o Manoel e ela se atopaban, xa a tiñan armada, ela co gallo de reirse[4] del, polos aires mariqueiros que gastaba, e el porque ás légoas se lle conocía que lle gustaba máis do regular, e que non paraba mentes en que "a mel non é para a boca do asno", non sei si por aquelo de que "quen pretende, cre valer", ou porque botaba as contas de[5] "xerra por onde un bebe, outro pode beber", e que "a besta non pregunta quen a monta", o caso foi que o medo foise perdendo e, así como quen non quere a cousa, entre palabra e palabra, foille pidindo un bico.

Quedouse a Petenera como quen vai por lana e sai trasquilada, e anque estuvo pra decirlle "anque son saco, teño barazo[6]", fíxolle tanta gracia ver o moina perder os estribos, que se botou a rir, e claro está que rir e enfadarse non pode ser, pois ben dicen que "froita que regaña, madura está".

---

[1] Relato publicado inicialmente en *Contos da terriña*.

[2] tiña *(CT)*.

[3] estudeantes *(CT)*.

[4] rirse *(CT)*.

[5] de que *(CT)*.

[6] baraza *(CT)*.

— Vaia, on, vaia, ¿con que antoxábachese un bico?...

— Antoxaba...

— Vanche doer os fuciños...

— Non doen, non...

— Boeno... eu... por min pero mira, o que algo quer, algo lle custa... e si mo queres dar, has faguer o que che eu mande...

— Fágoo...

— Mírao ben...

— Xa está mirado...

— Pois déixoche dar cantos queiras, pero coa condición que, namentras mos des, has de estar berrando:

Faroles vendo, faroles...

— Seica te zangueas...

— A fe non —e póndose moi cerca[7], estaba casi sin poder aturar a risa.

— Boeno, pois está.

— Está... —e, con agrexado mirar, adiantou a cara para Manoeliño.

Avantou este, pero inda non ben pousou os labios naquelas faceiras de rosa, cando, ou ben que despertase a timidez enxemia dil, ou por causa descoñocida, trabóuselle a língoa, e en vez do chorro de voz forte e sereo, empezou a berrar:

— Fa... fa... fa... —sin poder acabar a frase, a tempo que a Petenera, non podendo acoubar a risa por máis tempo, deulle un garrapaldo, decindo: vaite de aí, badallocas, ¡seica pensas que a miña cara é un papel de música para aprender a solfa!...

---

[7] moi cerca *(CT)*. Na *Fe de erratas* que acompaña á edición de *Contos da terriña*, corrixese por *moi sérea* pero en *Beira do lar* retómase a expresión orixinal *moi cerca*.

PITIRROXOS[1]

I

Quedara aberta unha das ventanas que dan riba da horta, daquela meiga horta entre o[2] Manzanares e o Barbaña, onde pasei a miña infancia.

E era unha desas noites de xiada en que amañece todo branco, colgados de carambo os[3] arbres, brancura soilo interrumpida pola rousadez que o sol nacente espalla ó fundir[4] as pingotiñas xiadas, e dentro[5] da[6] habitación topei fato de paxariños apoleirados, friorentos.

Sentín a alegría que sinte todo rapaz ó ver paxaros, e, cobizoso de collelos, fun pecha-la ventá, pero xa eles, máis lixeiros, cantaban nos buxos da horta, non sei si[7] bulrándose de min, si cantando[8] a alborada do novo día, que se mostraba abundosa de alegres craridades.

Soilo un, máis tardo ou máis enfermo, se deixou coller, e en tanto piaba, corrín xunto a naiciña mostrarlle fantaseoso a miña presa.

— É un pitirroxo —díxome, ó verlle o peito avermellado[9].

— ¿E por que se meten[10] dentro do sobrado?[11]

---

[1] Relato pertencente a *Contos da terriña* onde levaba a seguinte dedicatoria do autor: "A miña sobriña Carmen". Reproduciuse tamén en *Revista Gallega*, número 246, 1899 e en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, número 432, 1903. Ademais Carré Aldao inclúeo en *Literatura Gallega* (cit., pp. 463-464).

[2] Sen artigo en *CT* e *LG*.

[3] as (*ANT*) (*LG*).

[4] fondir (*CT*) (*LG*).

[5] drento *(RG)*.

[6] de *(RG)*.

[7] se (*ANT*) (*LG*).

[8] cantaban *(RG)*.

[9] acarminado (*CT*) (*LG*).

[10] meteu (*ANT*) (*LG*).

[11] ¿E por que se meten dentro da habitación? (*CT*) / ¿E por que se meteu dentro da habitación? (*LG*).

— Porque teñen frío, e Dios depáralle ese abrigo.

— E senón deixaramos aberta a ventá ¿como Dios llo deparaba? —preguntei, co esa lóxica irrefutable dos rapaces.

— Daríalle outro: Dios nunca abandona os paxariños dos campos.

II

Pasou tempo, e naquel mesmo inverno, unha mañán que fumos ó monte, miña nai e eu, beira un valado, cuberta pola xiada que bordaba de alxófares seu cabelo de ouro, topamos unha rapaciña, quizá unha mendiga, morta de frío, abandonada naquel carreiro, baixo as silveiras donde os pitirroxos cantaban á vida, sin comprender que tiñan a morte[12] embaixo.

Por casualidá, cobría o seu peito pano vermello, e así, cos pés descalzos, somellaba[13] outro pitirroxo que, ó morrer, se desprendera do bando que trouleaba nas silveiras.

E en tanto a miña nai derramaba unha bágoa e rezaba un "Padre nuestro", eu, coa citada lóxica de neno, preguntaba, todo asombrado:

— Dios, que coida dos paxariños e lles depara ventás abertas pra que non se xíen ¿como deixa morrer os nenos?...

Quedou a nai suspensa, mais topou contesta no seu bondoso corazón[14].

— Dios —dixo—, ós nenos que son bos, cérralles as portas da terra para abrirlles as do ceo, —e deume un bico, un bico cheo de amor maternal, do cal me acordo sempre que nas mañás da[15] xiada ouzo cantar a alborada ós madrugadores pitirroxos[16]...

---

12 morta (*ANT*) (*LG*).

13 semellaba (*LG*).

14 curazón (*CT*) (*LG*).

15 de (*RG*).

16 ós pitirrroxos (*CT*) (*LG*).

Outros relatos[1]

[1] Estes relatos pertencen á primeira etapa de Heraclio Pérez Placer. Foron publicados en *O Tío Marcos da Portela* e posteriormente non foron incluídos nin en *Contos, leendas e tradiciós*, nin en *Contos da terriña*, nin en *Beira do lar*. Tampouco atoparon eco noutras publicacións periódicas das consultadas.

PEPA

(Un conto con moita historia)[1]

Por riba de Cudeiro, entre Vilarmar e Gustei, amontoánse ó redor da eremida de San Benito das Tres un fato de malas e derrengadas chouzas, cuio pobo recibe o nome de Sartedegos.

Nada máis triste e melánconico.

Baixo un ceo de promizas nubes, tan rentes que parecen tocarse coas maus, cercado por todas partes de altos petoutos e escarpadas serras, entre as cales se ven anacos de arregueado millo, ofrece un cadro que impón.

Nun rincón deste pobo e na máis mala casa, si algunha boa se lle pode chamar, cuberta con palla de centeo e chea de rendixelas, polas que o vento e a chuvia entra como pola súa casa, vivía fai anos unha rapaza chamada Pepa.

Era orfa, de pequerrecha quedara sin pais, e gracias á caridá dos veciños, fora vivindo.

Unha pouca palla pra se deitar baixo aquelas catro paredes que ameazaban despromarse, unha cunca de caldo ou un anaco de broa pra comer e unhos farrapos pra se cobrir, compoñían toda a súa riqueza.

Os veciños do pobo empreábana en gardar o gando e outras angueiras somellantes.

Sin embargo, Pepa, no medio da súa probeza sin ser hermosa non deixaba de ser bonita.

A súa cara, por un deses contrastes tan comús nas aldeas, a pesar de estar continuamente azoutada polo vento, conservaba bastante brancura, así como ese cor que ten o lenzo crudo.

Os seus ollos, pardos como os montes nos que vivía, tiñan tanta dolzura na mirada, tanto agasallo que atraguía, víase neles tanta

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela* (ed. cit.), Parrafeos 148 e 149, 3 e 10 de outubro de 1886, pp. 5-6 e 1-3, respectivamente.

tristeza e tanta bondade a un tempo, que faguía querela; pero o que tiña sorprendente e que chamaba a atención, eran os seus negros cabelos, que ela obedecendo a esa instintiva coquetería que tódalas mulleres teñen, coidaba con todo o esmero que lle podía permitir o desdentado peine de madeira. Eran tan negros que parescía que arrancara as penas e o loito que cobrían seu corazón e que as puxera de coroa, ou que as tréboas da noite crendo que era a lúa se lle puxeran na cabeza.

A súa zabena e esfarangallada saia ensinaba unhas pernas cuase astra a rodela, que a pesar de estar curtidas polo traballo e a xiada, daba ganas de apreixalas, e polas rendixelas do roto xustillo e do refaixo, víanse ás veces raxas de branca carne que faguían brincar o corazón e corre-la sangue ás vorcalladas.

Era unha tarde; o sol poñéndose tralas montanas, paresce que loitaba por desprender a súa dourada crencha dos lazos que as froles e os espiños lle habían formado con amor; os paxaros apoleirados nas silveiras dispúñanse a dormir, e alá lonxe, cal pombiña deitada en froles, víase a Ourense, da que se desprendía maino e confuso murmullo misturado co acento das campás da ermida, que ás oraciós tocaban.

Sentada entre as carqueixas, coa cabeza apoiada nas maus, estaba a probe Pepa cavilosa.

De vez en cando estremecíase e botaba ó ceo unha mirada en que había algo de desesperación e súprica, de rábea e angustia. Dempois volvía ocultar o rostro nas maus, a través de cuios dedos víanse infiltrar ardentes bágoas e escapar doentes suspiros.

— Orfa... orfa —marmuraba a malpocada—. Nada... nada me importara ser probe si tivera a quen querer... Virxen... Virxen querida, nai dos que sofren... dérasme probe, pero dérasme unha nai a que coidar... un irmau... un amigo... ¡Ai! Virxen, Virxen amante... moito sufro, moito, moito, cando nas noites de inverno tremo co frío e non teño con qué me cobrir... moito, cando morro coa fame e non teño nada... nada que lle dar ó estómago endurecido xa de tanta fame... Pero esto... esto de ter un corazón de amor, un alma chea

de tenrura... e non ter a quen amar... esto de non ter un peito amigo donde pousar a cabeza e a quen confiar os doores... esto é a morte, que vai levando freba do corazón... que o espreme e deixa seco, matando creencias, fe, todo... é un inferno que desfai a ialma en mil anacos... ¡Ai! si tivera unha nai... ¡unha nai!... ¡unha nai... ci... ña! —e a probe Pepa seguía xumiando sin atender que o gando xa cuáseque non se vía e que a noite avanzaba con axigantado paso.

Por fin botou unha ollada e levantouse apresurada. Xa era noite; as estrelas brilaban no ceo cal luces pinduradas, e aló lonxe ouvíanse os alalalalás dos mozos que viñan prá casa, do traballo.

A Pepa corría, corría sin faguer caso dos toxos que lle esgarduñaban os pés, nin das silvas que lle roubaban os farangallos que a cobrían, medio tola en busca do gando, aleixándose cada vez máis do pobo e internándose na deserta serra.

Parouse por fin medio afogada de cansancio, chorando chea de espanto de non atopar a facenda por máis que miraba.

De súpeto abriu os ollos cal tola e as maus crispáronselle, en tanto que os pelos se lle puñan de punta e trembeleaba o corpo.

Mesmo diante dela, entre as xestas, brilaban fosforescentes os ollos dun lobo que famento a miraba con cobiza.

Quixo berrar, e non poido; quixo fuxir e tivo medo dar a volta, e a cada paso que avanzaba o lobo, arrecuaba ela outro; de pronto lanzou un berro que o eco repetiu cal un queixido de agunía. Baixo os seus pés sintiu faltar a terra, e louca de espanto solo tempo tivo de se agarrar a un carpazo, quedando colgada riba de hórrido abismo pronto a tragala que a escuridá da noite faguía máis espantoso.

Estonces pasou unha cousa horribre.

O lobo avanzaba cada vez máis, e o carpazo estralaba, próusimo a desprenderse.

A últema hora de Pepa había chegado.

Dun lado a morte horrorosa, de esmiolarse de penedo en penedo astra faguerse anacos; polo outro o famento lobo cos dentes rinxados e a boca entreaberta, que cada vez avanzaba máis.

O carpazo renxía, o lobo xa humedecía co seu alento as maus de

Pepa, que crendo chegada súa última hora, encomendouse a Dios, pechou os ollos, e... soou un tiro e o lobo caíu morto, ó mesmo tempo que a Pepa caía desmaiada nus brazos que agarimosos a colleron, pois o abismo que coas tréboas da noite tan fondo parecera, non era máis que un pequeno salto desos tan comús nas nosas montanas...

Dempois á craridá da lúa, viuse un home que seguido dun can levaba nos brazos á desmaiada Pepa, que pousou na casa do primeiro veciño que atopou, non sin lle botar antes unha cobizosa mirada a aqueles desnudos peitos, que semellaban pelas de manteiga...

Pasou o tempo. Dende aquela noite, D. Eladio cada vez que saía dirixía sin podelo remediar os pasos cara á serra de Madrosende, e pronto el e a Pepa non tardaron en estreitar aquela especie de amistá, que andando o tempo non tardou en convertirse en amor, e aínda menos tardaron seus ardorosos lábeos en buscarse ás furtadelas. Era unha tardiña; sentados riba dun penedo Pepa e D. Eladio, miraban como o gando depinicaba os gromos das azaias e trincaba queiroas e cardos. D. Eladio xogaba coa negra crencha da Pepa, que rindo mordiscaba póutegas.

— Pepa —dicíalle D. Eladio pasándolle as maus pola cintura— xa é tempo de que me des unha proba do teu amor... eu por ti non vivo nin asosego, nin...

— Cala, cala graxo —contestoulle a Pepa rindo—. Eu son unha tola en che faguer caso... Eu comprendo —dixo poñéndose de repente triste—, eu comprendo que nunca nada bo sacarei destes amores... pero... facíalle tanta falta ó meu peito amar... estaba tan orfa... tan soliña... que a miña ialma inocente abriuse confiada ó promeiro que a buscou... Eu comprendo que é imposibre, pero fago por non me acordar e engañarme a min mesma, porque este engano é a miña dicha, miña ilusión, miña vida; dempois cando chegue a realidade... quedarame o consolo de morrer acordándome destes anaquiños de venturanza en que te pareces ó meu Dios.

— Mira Pepa... Dios mande que deiquí non saia, que as pernas se me tollan, que un can da rábea me morda si xamais te deixo nin deixo de amarte como agora.

— Mira, Eladio, non xures, que por máis que xures non me fas crer que te casarás comigo... Eu... a probe máis probe do lugar... casarme cun señorito coma ti; ¿seica pensas que estou tola, ou quéreste bulrar?... ¡Ai!... non creas que si me apoño ó teu deseo é polo que a xente dirá... non... ¿Que me importa a min ese mundo que non coñezco? ¿Que me importa a honra... si ti eres meu ceo, meu Dios, meu todo?... ¡Ah!... si atopara un tesouro que che dar e que me levases, que me levases contigo de escrava ou de can ó fin do mundo... donde naide nos vise... donde soilo estiveses ti... pra te amar... pra te adourar de rodillas... pra bicar o chan que pisaras... pero tan probe, tan probe, astra vergonza che daría que te visen tirarme un anaco de pan... —e chorando a coitadiña Pepa apoiou a cabeza no peito de D. Eladio.

Pouco dempois secáronse as bágoas, as súas miradas atopáronse, buscáronse con afán os tremborosos lábeos, e os seus febriles corpos cinguíronse de amor, latexantes, ó mesmo tempo que o vento envolvía cos soltos cabelos de Pepa os dous venturosos amantes.

Dempois solo se vían dous paxaros que chirlando na pola dun carballo se cofeaban docemente...

Pasou o tempo, e aqueles meses de ardente amor, de voluptuosa embriaguez fuxiron cal un sono, aqueles firmes xuramentos levounos o aire, e pronto socedeu, como socede sempre que os homes comprenden que son amados ou que as mulleres consinten no cumprimento dos seus deseos, que aquel amor que parece eterno convírtese en fastidio e aburrimento.

A D. Eladio comenzoulle a pasar esto e a probe Pepa, que non era negada, logo o comprendeu. Os paseos pola serra foron escaseando cada vez máis, astra que faltaron de todo e non volveu aparecer.

Dicir o que a Pepa sofriu, tratalo de describir sería imposibre.

Pálida, cos ollos fundidos, cos cabelos desguedellados, parecía unha louca.

— Adiós, marmullaba a infeliz, adiós pra sempre risoñas espranzas, ensonos seductores, xa nunca máis volverendes...

¡Dios!... dicen que hai Dios... ¡Ai! xa casi o dudo... Eu era probe...

orfa... despreciada... e por fin... por fin alcontrei todo, todo nun home... Nel reunín tódolos afeutos... tódolos amares... As demais teñen nai, teñen parentes, teñen amigos... e eu tódolos cariños eran pra el... pra el solo... Inda me acordo... inda me acordo cal si hoxe fose —decía sourrindo a través das bágoas— que goapo... que feitiño me era. Cando me bicaba bailábame o corazón e parece que dos seus lábeos roxos corría labareda de fogo polo meu corpo... cando abrasándome rechegaba o seu carís a min... estremecíame toda, crispábanseme os nervios, e parece cos seus ollos me queimaban pouco a pouco e que a través deles vía o ceo... todo, todo fuxiu, tan solo a lembranza queda... ¡Ah!... ¡por que... por que non morrería aquela noite, por que!... ¡Coitada, coitadiña de min!... Eladio, Eladio... por que habías de enganar a esta probe orfa... Eu nada che pedía... nada quería, nada... sinón unha mirada túa... un couce anque fose.... ¿Pra que... pra que fuxir de min, de min que te adoro?... ¿Que che custaba de vez en cando vir a ver esta escrava túa?... Si che daban rabia os meus ollos, pecharíaos; si che cansaba ouvirme, calaría; e mentras tu acariciabas o cadelo eu bicaríache os pés... Si che daban noxo os meus farrapos esconderíame tras un toxo e dende alí veríate cal se ve un santo... cal se ve un Dios... ¡Ai!... razón, razón tiña a tía Farruca que decía que unha probe nunca debe fixar os ollos nun rico... Si eu... si eu fora rica... rica... —decía a probe Pepa retorcéndose as maus.

E as pegas, e os gaios nos piñeirales paresce que faguían bulra e que decían, "rica... rica..." e a Pepa, medio tola, cos pelos desguedellados, corría, corría, berrando "rica... rica..." e as fontes e os ríos, os arbres e os ventos, todos, todos berraban, "rica... rica... rica"...

Era unha noite fría coma a morte.

As folepas da neve mainas caíndo, parescía que eran os anxeliños que se entretiñan en botar por un anaco do ceo xazmís a rapañota.

A curuxa chirlaba aguniante e o Miño bramaba imponente.

Todo estaba deserto, solo ó pé do cruceiro da Ponte estaba unha muller que xumiaba, e alá baixo os arcos cantaba de vez en cando un borracho.

— Señor... Señor —decía aquela muller de xinollos apreixando a cruz—. Eiquí estou ós teus pés sentindo que a morte vén por min... sencilla cal as pombas... máis iñorante que unha ovelliña... Viñen tola, toliña a Ourense en busca de pretendida riqueza, e tras meu amor... ¡Ai!... que vergonza... que vergonza, Señor... pero eu non tiven culpa... non... aquela noite, noite maldita que saín da casa... eu corría... corría cal toura que o lobo escorrente... astra que sin saber cómo cheguei a Ourense... ¡ah!... que frío faguía... nevaba... nevaba como hoxe, e estaba cuase espida... matábame a febre... morría coa fame... os meus lábeos marmullaban solasmente "¡rica... rica...!" trembeleando co frío... dempois non me recordo... ¡ah! si... Veu unha vella de branda fala... si, moi branda... moi branda... "Nena —díxome— ¿que fas?... ¿non tes frío?..." —e eu calaba... "¡Pobriña!... —dixo tapándome co seu mantón—. Vente comigo que che darei cea quente e leito pra descansar..." E eu... eu quería falar e os meus labios solo decían: ¡rica... rica...! "Si... si, coitadiña, tamén te farei rica —decía a condanada vella, que me ouvira— dareiche vestidos novos e poñereite moi bonita... moi bonitiña e moi rica, e tódolos señoritos se namorarán de ti... ¡Como che brilan os ollos e como trembas!... Vén, queridiña, que xa verás... xa verás que ben!" —e levantándose, faguíame andar mainiña, mainiñamente...

¡Ah! ¡maldita, maldita noite aquela!... Cando sanei da febre e me alcontrei naquela casa, naquela casa do pecado... pro ¿pra que seguir? Dempois toda, toda a escala do deshonor corrín... ¡toda... toda!... ¡Que vida!... ¡Que vida aquela de desprecios e ultraxes!... de vergonza e bágoas... e por fin un hespital... e dempois... dempois, a que non morre, pedir limosna...

Eu agora non sei donde iba... pero a morte compasiva colleume eiquí... eiquí ós teus pés... e eiquí... eiquí estou cal outra Madalena a decirche que me perdones... que me perdones ti... ti, Señor que me deixaches sin pais, orfa e pobre... ti que me deches un corazón amante... ti que me fixeches débil e consintiches que me enganasen, ti... ti que todo o vías e o consentiche... ¡perdón!... ¡perdón!... —

seguiu a Pepa xa aguniante—. Pero si pra perdonarme a min lle ten que soceder algo ó meu Eladio... estonces... estonces condéneme eu e sálvese el... ¡Ah... si por últema vez o vira... si o ouvira tan xiquera!... creería que me perdoabas... pero eu morro... morro, e el nin xiquera de min se acordará... perdón... perdón... adiós... adiós...

Estonces soaron as campaíñas dun coche e ouvíronse alegres voces que berraban a todo berrar.

Era o coche de Santiago que viña retrasado e traguía os estudeantes ás vacaciós de Navidad. De repente a Pepa no últemo estertor incorporouse e gritou:

— ¡Eladio... Eladio!... ¡ámote sempre!... —E caendo despromada, chocando coa cabeza nas escaleiras do cruceiro quedouse morta.

A probe había conecido na voz ó seu Eladio, que iba no coche.

Dempois todo quedou en silenzo.

A curuxa chirlaba, a neve caía, o Miño rebramaba, e aló, baixo os arcos da Ponte, cantaba enronquecido o borracho:

"Díxenche un día, rapaza,
que nunca te olvidaría...
Nas palabriñas dos homes,
rapaza ¡quen se che fía!..."

¡¡¡MILAGRE!!![1]

Era unha tarde de vrau; os paxaros gorxeaban nas abelairas, deixando ouvir melifluosos trinos; os negros grilos barullaban na porta do buraco cal falangueiras vellas á porta da casa; o vento pasaba maino mainiño, xa bicando as odorantes froles, xa trouleador brincando nas tremborosas herbas dos verdes lameiros, ou xumiando nos azúes ameneiros, ou xa rizando toleirón as augas das límpidas fontelas. Os estralidos dos sombrizos piñeirales, misturábanse cos chasquidos dos toxos e das xestas, e aló ó lonxe ouvíase a estridente carcaxada dun despeñado regato, que ó saltar salpicaba de pingadas cristalinas as marelas froles da espadana, semellando en aurífero manto unha chuvia de brilantes.

Centos de bolboretas de variados coores voaban en caprichosos xiros, refrexando as súas tornasoladas aás nas raiolas do sol cal si nel estivesen prendidas.

Os cabalos do demo pasaban rozando lixeiramente as augas do río, nas que bulían centos de peixes e en donde as troitas locían con fantesía as pintadas costelas, faguendo fuxir de vez en cando, medoñentos, bandadas de barqueiriños que xuguetós andaban nos remansos.

De todas partes se ouvían eses marmullos misteriosos e incomprensibres que se desprenden do seo da natureza, eses confusos e inespricabres ruídos en que se ouzan as namoradas trobas do reiseñol, misturadas cos salaios da sencilla rola que chora, cal eu choro, un amor sentido e non atopado; deses ruídos mainos e ledos en que as froles se contan seus amores e os invisibres silfos cantan seus idilios, ocultos nos pétalos das rosas; deses vagos acentos comprendidos e non espricados que se sinten cando está a natureza en calma, como socede nas tardes de estío e nas noites de branco e feitizado luar.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela*, (ed. cit.), Parrafeo 172, 20 de marzo de 1887, p. 5.

E mezcrados con todos esos vagos concertos, aló perdidos pola distancia, chegaban ledos mui ledos os acordes melancónecos dun *alaláa*, dese canto que fai pasar diante dun, cando se ouza, os recordos da toleirona infancia; que nos fai recordar a naiciña, aquela amorosiña pomba que nos bambeaba nos seus brazos tenros, dese canto que nos lembra as noites de ruada que co fungueiro ó lombo ibamos por montes e por serras a ver a nosa noiva, e en fin, que nos trai á memoria outra edá xa pasada, outra edá que xa máis non volverá.
Pois ben; naquela hora da siesta, o sol abafaba e todos fuxían del buscando agarimo na sombra; astra os paxariños corretexaban de póla e póla beira dos regatos.
Nos lameiros ouvíase o metáleco chirrido da cigarra e os saltós non aturaban en ningures brincando dun lado pra outro.
Sentado á beira dun salgueiro, vía correr ós meus pés un marmullante rego, e por riba de min cruzábanse as gallas dos árbores cos do outro lado, formando espeso pendello de bambeantes frondas.
Beira miña, medio ocultas, bulían margaritas e violas, que xuntando seu cheiro co dos veciños retamales e as enredantes madreselvas, faguían respirar un aire embriagador e enervante. Os paxaros chirlaban docemente cal nai que adormenta o fillo, e astra o rego paresce que iba máis calado que de costume.
De repente os meus ollos empezáronse a nubrar, o sol foi palidecendo pormeiro e dempois ennegrecéndose pouco a pouco astra que desapareceu; os cantos e os ruídos fóronse perdendo lentamente cal si escapasen, e xa non se sentían as perfumadas brisas, soilo así de vez en cando se ouvía medio confuso o ruído dunha cousa que cai na auga ou o lexano cantar dalgunha lavandeira... Dempois todo desapareceu...
¡Ouh! ¡Milagre! ¡¡Quedárame dormido!!...

OS DOUS BICOS[1]

O paisaxe é como tódolos de Galicia, variado e hermoso por demasía: por un lado estensos lameiros de verde trébol, no cal apacentan os brancos carneiros; polo outro, soutos de castiñeiros e espesas alboredas mezcradas con medrosos piñeirales e frondosas viñas, e aló ó lonxe o prateado Miño misturando seus rumores cos do Barbaña, Loña e outra infinidá de regueiros que desatándose en innumerabres barazas, xa correndo mansamente en campos de cheirosas froles, ou xa lanzándose de laxa en laxa formando bulideiras cascadas que botan por doquer copos de espuma somellando brancas bolboretas, ou coas trasparentes gotas de auga salpicando as marelas froles da espadana, coroa de brilantes.

E por cima deste cadro máxico e sorprendente, álzase o pequeno pobo de Santa Mariña do Monte, antigua vila convertida hoxe nun fato de casas derrangadas, nas que se acollen unhos cantos míseros labregos.

Mesmo no medio do pobo, frente ó cruceiro que indica as dúas carreiras que van dar, unha á fonte do Chan e outra á Veiga, rodeada por anchas paredes derruídas, nas que inda se ven molduras e entallados, hai unha chouza ameazando ruína.

Nada ofrece de notabre; solo a súa porta en forma de ferradura e unha inscriución árabe riba da ventana, indican que foi feita nos tempos dos mouros.

En efeuto; pertenece ó antiguo palacio dun rico xudío chamado Ismael.

Xa facía moito tempo que os mouros foran botados destas feitizadas montañas, dempois de deixar a Ourense e ós pobos comarcanos todos arrasados, cando socedeu a triste historia que vamos a relatar sin lle quitar nin lle poñer nada de tal e como socedeu.

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela*, Parrafeos 185 e 186, correspondentes ó 19 de xuño de 1887 e ó 26 de xuño de 1887, pp. 1-3 e 2-3 respectivamente.

Moitos dos xudíos e os mouros, suxentándose á lei dos cristianos, quedábanse a vivir entre eles ou xa por non perder a súa riqueza ou xa por non deixar a súa terriña.

Un destes que se quedaran fora o xudío Ismael.

A pesar de estar casado non tiña fillo ningún.

Lía había sido unha escrava que libertada por Ismael fixera dela súa esposa, non sin gran repunancia da rapaza. Máis que muller parescía unha virxen, pro unha virxen cun inferno na alma.

Os seus ollos, máis negros que o corazón dun mal fillo, brilaban fosforescentes queimando a sangue e lúbricos encendendo os máis lúbricos deseos. Os seus beizos purpurinos faguían trembar o corazón, e daba cobiza de bicalos con ardoroso afán, apreixando unhos labios contra outros, astra que un morrera delirante e louco, faguendo resoar naquela boca os ecos de luxurioso amor. Os seus cabelos negros cal crencha de árabe cabalo, caían soltos pola espalda medio ensortixados e ásperos faguendo visos azuados cando os raios do sol lle tocaban.

En fin, aquelo non era muller, como dixen dinantes, era unha virxen, un feitizo de hermosura cunha alma de fogo que asomaba polos ollos pra queimar a cantos arrodeaba.

Cando miraba pra un, faguía arrepiar o corpo e tremar o corazón ó mesmo tempo que louquear de amores ardentes e embriagadores, deses amores que secan a alma e fan cinsa o corazón; deses amores de lúbricos deseos, de bicos ardorosos, de frenética e delirante luxuria en que a materia sale trunfante e os sentidos vencen a razón. Así era que cantos homes a vían, sentían rebulir drento do peito un inferno de deseos que os atormenta continuamente.

Lía os primeiros días do seu casamento creeu morrer de tristeza e desesperación, aquel vello a quen lle debía canto tiña, pois de mísera esclava fixéraa súa muller e enchéraa de riquezas; solo lle ispiraba desprecio.

— Serei vosa filla —díxolle cando se casou— pro nada máis; —e cumpría cunha firmeza estraordinaria a súa promesa.

Nada a comovía e o probe do vello arrastrábase supricante ós seus

pés, choraba e morría de amor e desesperación, sin que ela lle dese unha soa mirada, nin unha sola palabra de amor.

— Lía —marmuraba o coitado— ánxel ou demo, inferno ou gloria, pois todo eres pra min, ámame, minte sinón, porque eu morro, morro por ti... morro por este amor que me fixeche sentir, por este amor que me atafega e me mata lentamente... ¡Ah! ¿ti sabes o que é un amor imposibre, un amor sin esperanza? ¿Ti comprendes o que é ter ó seu lado o ser amado e nin xiquera poder tocarlle?... ¡Lía, Lía... ou quererme ou matarme!

— ¡Ha, ha...! —interrumpiu Lía—, ¡amaros a vós, a vós, vello miserabre que pra conseguir o voso deseo en nada reparástedes!... Eu era escrava, pro tiña comigo unha nai a quen adouraba loucamente e vós separástedesme dela... vós deixáchedes por non gastar unha presa de cartos que a miña naiciña seguira de escrava... que xa vella morrera de fame e de traballo... ¡Nai da alma, nai querida, canto debiche sofrir!... E aínda, aínda queres que te ame, avaro miserabre.

— Perdón, perdón, Lía; bastante o pago, non sabes o martirio que me das. Verte ó meu lado, sentir o roce dos teus cabelos, ver brilar os teus ollos, e sourrir os teus beizos... e nada... nada pra min. ¡Ah! hai veces que todo, todo o vexo cuberto con manto de sangue... Eu célome de todo: o vento que move o teu vestido, paresme que é un amante que te abraza; a fontela que marmura entre as froles, os paxaros que cantan cando te asomas á ventana, e astra eses rumores misteriosos que se desprenden da terra, dos álbores e das augas, eses marmullos indefinibres, esos ruídos confusos de mil cousas misturadas que pola noite se sinten, paresme que son ocultas voces de namorados mozos que che cantan, que che falan, que te adormecen con cántigas de amor; e eu... eu en tanto morro de celos e rabia, de impotencia e desesperación, pra que non seas doutro.

E o probe Ismael, cos ollos birlando cal lampos, retorcíase de angustia en tanto que Lía, a sedutora Lía, ríase con estrepitosas carcaxadas e decíalle:

— Sufre, sufre, en canto eu río..., ja, ja... Ti ámasme e eu aborrézote, despréciote, astra te odio. Dices que son hermosa e outros mo dicen tamén, pro non é pra ti esta hermosura. Escoita... ti eres vello e eu xoven... ti morrerás logo, e dempois... dempois nos brazos doutro reireime de ti... ha, ha...

— Cala, cala infame —berrou tolo de furor—; cala que te mato.

— ¡Matarme! Ti non farás eso porque ti ámasme... ti non o farás porque me perderías pra sempre, e ti sin min non podes vivir...

— Lía, ¿que che dixen pra que me trates desa maneira, pra que non contenta con non quererme me desprecies e me aldraxes?

— E ti, ti asesino e avaro, pregúntasme o que me fixeches... miserabre, e astréveste a perguntalo, pois vén e escoita: "Cuasi inda era nena, toda a miña vida fora de sufrimentos e penas, de tristeza e bágoas; solo tiña unha dicha, solo un consolo, solo unha espranza: eu amaba... amaba como solo se ama no promeiro amor... ¡Ifraín!... El era meu único ben; nel cifraba tódalas miñas espranzas... e ti desfixeches todos aqueles ensonos de amor e aquelas ilusiós... ¡Ai! inda me acordo como si fora hoxe. Era unha noite dulce e serea; a lúa refrexaba o seu carís nas límpidas fontelas, e a brisa mecía as copas dos frondosos castiñeiros con débil marmurio. Nun banco da horta, baixo o emparrado, estaba sentada, e ós meus pés... ós meus pés estaba el... el... o meu Ifraín... Quen era... como nos coneceramos... non o sei; eu amábao... e o demais ¿que me importaba?... Era a promeira noite que nos falabamos a solas... e os dous eramos inda us nenos... ¡Cantas cousas me decía! ¡Cantas cousas me xuraba ó mesmo tempo que tremaban os seus beizos sonrosados e coas súas febriles maus apreixaba as miñas!... E eu en tanto máis roxa que as amapolas, cos ollos baixos, sentíame adormecer docemente cal si pro ceo marchase... Un reiseñol cantaba nas poulas dun prexigueiro cal si celebrase os nosos amores... e nós en tanto siguiamonos mirando, e cada vez a distancia que nos separaba foi sendo menor, astra que por fin, loucos, palpitantes, xuntáronse os nosos beizos e soaron co promeiro bico... cun bico casto e purísimo cal o

dunha nai... ¡Oh! destonces pasou unha cousa horribre que me presigue a todas horas... e que me pide venganza... Ifraín, o pombo querido, deu un berro... un berro que me fendeu a alma en mil anacos: pola súa espalda caía un chorro de fumeante sangue, e detrás... detrás del estabas ti cunha daga ensangrentada e sourrindo con ferocidá...

Lía choraba e o seu corpo estremecíase convulsivamente en tanto que Ismael miraba con ollos estraviados.

— Dempois eu non sei o que pasou cando volvín en min do desmaio que me acometera. Xa non estaba alí e xamais volvín saber do probe Ifraín... ¡E aínda queres que te ame, eu, eu!...

— Si fixen eso, foi porque te amaba, porque...

— ¡Cala, cala, asesino! Eu non era máis que túa escrava; ¿por que non me deixaches cos meus amores? Todo o que me fixeches sufrir has de pagalo ben pago; ti mataches o meu amante pro non me separaches del; sempre está ó meu lado, sempre me acompaña... Tiñas razón, ese rumor do vento entre o follaxe é el que dice que me quere; o regato que marmura, os paxaros que chirlan, son el que me dice que me quere; a lúa que entra polos vidros da miña ventana, é el que me mira dende o ceo... e eu bico os álbores, bebo as augas do regato, collo as froles, escoito os paxaros e miro a lúa, porque todo, todo me fala del, do meu Ifraín, do meu úneco amor... Vén... vén separarme del... ha, ha... —e alexándose reía nerviosamente, en tanto que Ismael arrancábase as guedellas, e bruaba de impotencia.

E así pasaban os días, ela pensando no seu Ifraín, e el pensando na súa Lía, ela pensando no pormeiro bico que dera e el en conseguir darlle o promeiro, aquela que era súa esposa e da que non era máis que escravo.

Era unha noite de vrau, os rousiñoles cantaban nas alboredas e os grilos nos lameiros; todo estaba en silenzo, solo se ouzaban esas vagas harmonías, esos acentos medio apagados, en que se sinten confundidos mil cousas distintas, esas voces mainiñas, mainas, en que se funden os ecos da gaita da ruada cos ladridos dos cas, o berro

da garduña co melosiño alalá, o ruído do vento co marmurio das augas.

Cos ollos cheos de bágoas e os pelos desguedellados, estaba Lía sentada na eirexa. A súa vista parece non se apartaba do ceo como si nel buscase a alguén. De vez en cando retorcía as maus e xumiaba caladamente.

— Hoxe... hoxe fai anos que foi tamén aquela noite... Faguía luar como nesta... ¡Ifraín!... Ifraín, quero morrer pra te ir buscar... —e chorando, chorando non cesaba de berrar: "Vén... vén... meu Ifraín..."

De repente levantouse toda asustada; parecéralle ouvir o seu nome e sintir os pasos dunha presoa.

— Seica sono... corazón meu porque tremas... era el que me chamaba... eu toleo... virxen santa... mais non... non... foi ilusión miña...

— Non, non é túa ilusión...., son eu que te amo sempre — dixo un garrido doncel que apareceu de pronto.

— Ifraín... Ifraín —gritou Lía cun berro no que se mezcraba a legría co espanto, a dicha coa desesperación. E louca, abalanzouse a el e apalpouno pra convencerse que non soñaba.

— Ei... eres ti... eu morro... fala... dime que non sono... dime que non morriches... fala... fala, fala, e non me teñas nesta dúbida...

— Son... son eu que te veño buscar agora porque non poiden antes... Pergúntasme si estou vivo; estou, pois nunca morrín... O ladrón do teu home, crendo que estaba morto, abandonoume na serra, donde us pastores me recolleron e me levaron ó castelo dos meus pais...

— ¡O castelo! —interrumpiu Lía asombrada.

— Si ó castelo... porque eu non son xudío; eu son o fillo dos condes das Curuxeiras e do castelo dese nome que está en Zaín... Un día namoreime de ti e como sabía que non me habías querer, finxinme xudío... Pro hoxe, hoxe que te veño buscar, quero que sepias o que sabrías antes si as circunstancias non o impedisen.

— ¡Ah!... vés tarde, mui tarde; ti non debes de saber que estou casada...

— Cala, cala, que todo o sei e estou sofrindo un inferno de doores... Si, tes razón, tes razón que viñen tarde pro non poiden vir antes, porque cando sanei da frida levoume meu pai á Corte do noso rei e non poiden volver astra agora que morreu meu pai, e viñen latexante de amor e de espranza en busca de ti... de ti que eres a muller doutro...

— ¡Ouh! eu non tiven a culpa.

— Xa o sei... tívoa a nosa a desgracia... pro ¿que importa si tu me amas?... Teu marido xa é vello e logo morrerá, e eu xúroche polo máis sagrado que estarás nun convento astra que feita cristiana e viúda te pódeas casar comigo... Di... di, ¿vés comigo?... Alí nos espera o cabalo —e ó mesmo tempo arrastraba cuasemente á vacilante Lía.

De repente soou un berro de furor e rábea ó que lle contestou outro de sorpresa e de delor.

Un era do xudío Ismael que asomándose a unha ventana viu o que alí pasaba, e outro era da coitada Lía que ó ver o seu home caíu sin conocemento nos brazos de Ifraín, que montou rapidamente no cabalo e póndoa diante de si botou a correr polos escarpados cerros ó mesmo tempo que Ismael chegaba ansioso de venganza e esterminio adonde estaban eles.

O cabalo de Ifraín voaba máis ben que corría, en tanto que Ismael, montado noutro, os persiguía encarnizadamente, e así os dous xinetes, un tras doutro avantaban valados, brincaban zanxas e a cada istante paresce se iban estrellar contra os petoutos.

De súpeto Ifraín deu un berro.

As bridas do cabalo saltaron en anacos e ó verse libre e sin suxeución torceu de rumbo e desbocado lanzouse a través de hórridos precipicios que as tréboas da noite lle impidían ver.

Ifraín, sin poder respirar non se daba conta de si e a cada momento esperaba que chegara a súa últema hora.

Lía xa volvera en si e tremaba co medo; de pronto o cabalo deu un brinco e quedouse quieto.

A lúa estaba oculta tras unha pequena nube, e polo istante non se poido dar conta do sitio onde estaba, e non poido por menos que esalar un sospiro de satisfaución, crendo que o cabalo se parara por non poder máis.

Pro a penas os negros tules se escorrentaron de diante da lúa, cando un berro de agonía se escapou do seu peito.

Estonces foi cando comprendeu o peligro horroroso e inevitabre, e cheo de desesperación pideu socorro. Achábase no Barrocás.

Hoxe onde solo se ven cenagosos lameiros atravesados por un pequeno regato, había noutros tempos unha lagorza de barro tan brando, que calquera cabeza de gando que atraído pola fresca herba, se metese alí, fundíase e quedaba atuado.

Dempois, ou fose porque aquel rego topase salida ou por outra causa calquera, o terreo foise endurecendo e poñéndose como está hoxe.

Pois ben, alí foi onde o cabalo de Ifraín se meteu, quedando atuado astra as cinchas. El faguía poderosos esforzos pra ver de se salvar ó mesmo tempo que consolaba á feitizadora Lía, pro o úneco que fixo foi atuarse máis, e pronto o negruzco barro lles daba pola cintura.

— ¡Dios mío, Dios mío, que morra eu, pro que se salve Lía!...

— ¡Ouh! ¡nunca! ¡nunca!! —escramou ela botándolle as maus polo pescozo— ¿Pra que quero a vida sin ti? Este é un castigo do ceo... Eu contigo non me podía casar sin faltar ós máis sagrados deberes, e así a morte únenos pra sempre... ¡Ifraín, Ifraín, canto te amo!!

O galopar do cabalo xa se ouvía máis cerca e a namorada parexa xa cuase estaba fondida.

Soou unha carcaxada e apareceu Ismael cunha facha alcesa na mau. Neste tempo decíalle Lía a Ifraín:

— ¿Acórdaste do promeiro bico?... Estonces soparáronnos... Pois ben, agora que naide nos pode separar, unámonos noutro —e xuntando os beizos, cinguíronse con amor.

Estonces foi cando apareceu Ismael, que ó ver á que máis amaba

nos brazos doutro, cheo de celos e ansioso de venganzas, olvidando o peligro que corría, lanzouse ó pantano pra separar ós dous amantes, pro desapareceu no movedizo chan ó mesmo tempo que este cobría a Ifraín e Lía.

Hoxe cando os labregos oien soar o vento nas Caracochas, din que é Ismael que brúa coa rábea, e no marmurio dos regos e no parolar dos álbores creen ouvir os bicos e as palabras dos dous amantes.

A TOLA DO MAR

(Lenda)[1]

No medio dun negro piñeiral había unha chouza tamén negra, nela vivía Margarida e a súa avoa.

¿Non conocendes a Margarida? era a rapaza máis xeitosa que se vira polas Rías Baixas.

A súa cara era branca como a espuma daquel mar que bicaba a súa casa; os seus ollos negros como unha noite de tempestá e os seus beizos unha frol que tiña entre os seus pétalos trozos de nacre.

Era probe, tan probe que non tiña máis que aquela chouza derrengada e o que ganaba na praia da veciña vila.

Pro como si Dios quixese recompensala da súa probeza fixéraa tan fermosa que causaba adimiración, a pesar ela non faguía caso nin miraba pra naide ¡e como había de mirar si a endina tiña o seu cortexo!

Xacinto lle chamaban, e en verdad que si ela era bonita tampouco el lle iba en zaga nin había mariñeiro máis traballador que el.

Tiña a súa vivenda nun grupo de rocas rodeadas cuasemente polo mar e preto da casa de Margarida.

Dende pequeniños xa se conecían e os seus pais foran amigos e compañeiros.

Os dous se amaban como dous pombos e pronto iba a chegar o día en que os casase o crego.

Non podían ser máis felices do que eran.

Nas noites aquelas de branco e feitizado luar, cando Margarida acababa as súas angueiras na vila e esperaba Xacinto na súa barca pra levala astra a casa, ¡eles non se decían nada!

---

[1] Publicado en *O Tío Marcos da Portela*, Parrafeo 195, 28 de agosto de 1887, p. 4. Non atopámo-la continuación en ningún dos números posteriores da edición facsimilar.

Alí solo naquela barca que se bambeaba sobre olas de rizadas blondas, baixo aquel ceo sementado de birlantes candeliñas, e entre aquelas brisas cargadas de recendentes cheiros das veciñas frondas, sentían palpitar o corazón con forza, e deixando os remos collíanse por istinto as maus, queríanse falar e os seus beizos solo decían: — ¡Margarida! — ¡Xacinto! — canto te quero — canto te amo— e dempois quedábanse calados mirando as estreliñas que correxaban polo ceo e escoitando os vagos rumores, os ecos perdidos e melancónicos, os misteriosos concertos e os incomprensibres marmullos que se desprenden da costa co brando renxer das olas.

E así se lles pasaba o camiño non sin que antes Xacinto a coroase de froles e de algas como tiña de costume.

Cantas veces ela se ría ó verse encher de froles, sempre el lle decía:

— Dempois de ti son as únecas cousas que quero neste mundo e si chego a morrer elas de min te lembrarán.

Por fin pousaba na terra e como a chouza del estaba nun grupo de rocas que avantaba cara ó mar volvíase outra vez na barca.

Esto repitíase tódolos días e faguían novos xuramentos.

Escusado é decir que nas relaciós dos dous orfos non había mancha de ningún xénero e que as súas caricias eran tan puras cal os bicos da naiciña, pois o verdadeiro amor purifica en vez de manchar.

Índice

Introducción 9

Apuntamentos para unha biobibliografía 11
Aproximación ós textos 45
Prediución 45
Contos, leendas e tradiciós 57
Contos da terriña 61
Beira do lar (Cuentos gallegos) 63
Outros relatos 66
Algunhas claves de interpretación 67
Análise dos contos 73
Heraclio Pérez Placer na prosa narrativa do século XIX. Recepción da súa obra 89
A lingua de Heraclio Pérez Placer 123
Criterios de edición 133
Bibliografía 137

Textos

Prediución 141

Contos, leendas e tradiciós 179
¡Nai! 180
¡Ourensiño, meu Ourense! 181
Corpo sin alma 189
O puzo da Sila 203
O puzo do inferno 213
O can de San Roque 221
Frol muscha 225
A cruz do piñeiral 227
¡Sempre son eles! 235
Frol sin rego 239
O pantasma branco 249
Consonante forzado 257
A Virxen do Carme da Burga 261
A 269
Ánxel 273

Contos da terriña 293
Adicatoria 294
Amor de fadas 295
O Sr. Capitán 301
Cereixas 309
¡Velliña, miña velliña! 313
¡Suicida! 317
¡¡Brrr!! 323
Flor de liño 327
A pillo, pillo e medio 331
O espertar 335
O magosto 341
Pau de corno 345
Ensono 347
A festa das fadas 351
Chinita 357
O xeneral 363
O colexio de Rubido 369
Borrolito 375
A goleta 379
O violín encantado 383
A riada 389
O demo con uniforme 393
O Cristo da Colada 397
¡O próximo! 403
A verdá da historia 407
Follas secas 411
Os dous foliós 415
Beira do lar 423
Al lector 425
Dedicatoria 439
¡Rillote! 441
¡Fillo! 447
A pior cuña 449

A embocadura 453
A cocada 457
Por casualidá 461
A outro can con ese óso 465
A lira de Bregoam 469
A bo zorro, mellor can 473
Avelaíñas 481
Xuicio de faltas 485
Rapañota de xazmís 489
Buscando fío 493
Cóxegas 495
Niño desfeito 497
¡Mentirán! 503
Inverniza 507
O emigrado 511
O sapo e o verme de lus 515
Farruco 517
Un sermón en Noia 519
Solfa 521
Pitirroxos 523

Outros relatos 525

Pepa 527
¡¡¡Milagre!!! 535
Os dous bicos 537
A tola do mar (fragmento) 547

ISBN 84-453-2236-2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA